CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA
9

2007

ISSN 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

Edita Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretaria Xeral de Política Lingüística
MARÍA SOL LÓPEZ MARTÍNEZ
Coordinador científico do CIRP
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ
Director Técnico de Lingüística
GUILLERMO ROJO SÁNCHEZ
Estrada Santiago-Noia, Km.3. A Barcia. 15896 Santiago de Compostela.
Tfno. +34 981 542 684 Fax. +34 981 542 553
Enderezo electrónico paremias@cirp.es
http://www.cirp.es

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2007

Autor Varios
Título *Cadernos de Fraseoloxía Galega 9, 2007*
Periodicidade Anual.
ISSN: **1698-7861**
ISSN: **1698-787X** (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

D.L.: VG 1302-2004

Imprime: Grafinova, S.A.

Cadernos de Fraseoloxía Galega aparece nos seguintes repertorios bibliográficos: DICE, DIALNET, LATINDEX, REBIUN, e SUDOC-ABES, e pode lerse en tódalas bibliotecas das Facultades de Letras, Humanísticas e de Tradución de España e Portugal. Aparece, ademais, no elenco bibliográfico da revista *Proverbium* (The University of Vermont).

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA
9

2007

ISSN: 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Director: Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Secretaria: María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)

CONSELLO CIENTÍFICO

María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca)
Maria Conca i Martínez (Universitat de València)
Xermán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela)
Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga)
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo)
Luís González García (Universidade da Coruña)
MªIsabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela)
Ángel Iglesias Ovejero (Université d'Orléans)
Joan Martí i Castell (Institut d'Estudis Catalans)
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela)
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet)
António Nogueira Santos (Portugal)
Fernando Varela Iglesias (Universität Wien)
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen)

CONSELLO DE REDACCIÓN

Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Isabel Giráldez Arias (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Carme López Taboada (I.E.S. Eusebio da Guardia da Coruña)
Ramón Anxo Martíns Seixo (Escola Oficial de Idiomas de Vigo)
Emma Mª Salgueiro Veiga (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
María do Rosario Soto Arias (I.E.S. Eusebio da Guardia da Coruña)
Cristina Veiga Novoa (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Alba Vidal Fernández (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Beatriz Vizcaíno Pena (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista de investigación fraseolóxica, está redactada en lingua galega porque, en primeiro lugar, pretende estimula-la recolla e investigación da fraseoloxía galega e da fraseoloxía universal en Galicia; pero tamén porque forma parte dun proxecto social de normalización da lingua propia de Galicia. Importantes fraseológos de Europa e de América colaboran xenerosamente neste proxecto de ecoloxía lingüística publicando en galego traballos inéditos nesta revista, que chega xa gratuitamente a cincuenta dos máis importantes fraseólogos do mundo e, en intercambio, a tódalas bibliotecas universitarias de España e Portugal. Chegará tamén a tódalas outras bibliotecas universitarias que o soliciten en intercambio. Os números anteriores, xa esgotados, poden baixarse integramente en formato PDF da Rede en http://www.cirp.es/pub2/index.html.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista de investigación fraseológica, está redactada en lengua gallega porque, en primer lugar, pretende estimular la recogida e investigación de la fraseología gallega y universal en Galicia; pero también porque forma parte de un proyecto social de normalización de la lengua propia de Galicia. Importantes fraseólogos de Europa y de América colaboran generosamente en este proyecto de ecología lingüística publicando en gallego trabajos inéditos en esta revista, que ya llega gratuitamente a cincuenta de los más importantes fraseólogos del mundo y, en intercambio, a todas las bibliotecas universitarias de España y Portugal. Llegará también a las demás bibliotecas universitarias que lo soliciten en intercambio. Los números anteriores, ya agotados, pueden descargarse íntegramente en formato PDF de Internet en http://www.cirp.es/pub2/index.html.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, annual review of phraseological research, is edited in Galician language, firstly because it aims at promoting the collection and research of both Galician and universal phraseology in Galicia, but also because it is part of a social project of normalization of the autochthonous language of Galicia. Important European and American phraseologists generously contribute to this project of linguistic ecology by publishing unpublished works in Galician in this review, which is already received at no cost by fifty of the most important phraseologists in the world and, as an exchange, by all Spanish and Portuguese university libraries. It will also be received by those university libraries which apply for it in exchange. The previous numbers, already sold out, can be entirely downloaded on PDF format from the Internet at http://www.cirp.es/pub2/index.html.

Presentación

O noveno volume de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* conta con doce estudos taxonómicos ou fraseográficos entre os que se inclúen: *Deseño dun banco de datos de equivalencias para unidades fraseolóxicas do portugués do Brasil (LO) ó galego (LM)*, de Elisabete Ares Licer; *Garda o teu saio para maio. Consellos de abrigo no calendario romance de refráns*, de José Enrique Gargallo Gil; *La langue dans la langue: O tratamento metalexicográfico das unidades fraseolóxicas seleccionadas nos dicionarios académicos do século XVIII en Francia, Italia e España*, de Axel Heinemann; *¿Como enfadarse en lituano? Comparacións fixas para expresar enfado, carraxe e ruindade na fraseoloxía lituana*, de Virginija Masiulionyte e Diana Šileikaite; *Locucións espalladas por Europa e máis alá*, de Elisabeth Piirainen; *Factores modelo xeométricos descritibles e non descritibles para a constitución semántica de expresións idiomáticas e perspectivas de elaboración dun dicionario idiomático monolingüe e bilingüe galego*, de Hans Schemann; e *Do verbo antigo en Johan Garcia de Guilhade*, de María Rosario Soto Arias e Luis González García.

A comparación bilingüe está presente cos traballos de Lucília Chacoto (*A sintaxe dos proverbios. As estruturas quem / quien en portugués e español*); Carlos Alberto Crida Álvarez (*Comparación das paremias relacionadas coa meteoroloxía e os labores dependentes do clima en español e grego moderno*); Ana Mansilla (*A fraseoloxía da música na vida cotiá. Un estudo contrastivo alemán - español*); e Antonio Nogueira Santos (*Fraseoloxía comparada — hendíade en inglés e portugués*). Xesús Ferro Ruibal fai unha análise da fraseoloxía internacional empregada para referirse a un fenómeno meteorolóxico no seu artigo *Cando chove e dá o sol... ¿Un fraseoloxismo internacional poliédrico?*

Na sección de recadádivas Ramón Anxo Martíns Seixo recolle e explica 108 fórmulas que se empregan na actualidade en moi variados puntos do país galego, e inclúe exemplos de uso. Segue a edición de Mª Carmen Paz Roca dun manuscrito menor de Francisco Vázquez Saco (*Aínda novos manuscritos paremiolóxicos de Vázquez Saco*), que vén completa-lo publicado en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5 (2003) e 6 (2004).

Na sección de recensións Cristina Veiga Novoa analiza *Diccionarios y Fraseología*, de Margarita Alonso Ramos, unha escolma dos relatorios e comunicacións do *I Congreso Internacional de Lexicografía Hispánica* e Carmen Mellado Blanco reseña *Portugiesische Redewendungen*, de

Stefan Ettinger e Manuela Nunes. Xesús Ferro Ruibal dá conta da obra de Ottavio Lurati *Per modo di dire. Storia della lingua e antropologia nelle locuzioni italiane ed europee* e Mª Isabel González Rey da obra de Antonio Pamies Bertrán e Francisca Rodríguez Simón, *El lenguaje de los enfermos (Metáfora y fraseología en el habla espontánea de los pacientes*). Por último, Isabel Giráldez reseña tres dicionarios de Hans Schemann: o *Dicionario Idiomático Português-Alemão;* o *Idiomatik Deutsch – Portugiesisch;* e o *Dicionario Idiomático Português–Alemão.*

Esta última sección complétase coa de NOVAS na que se dá noticia de libros e artigos chegados á Redacción.

Neste número están representadas as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo; a Universitat de Barcelona; a Universidade de Murcia; a Universidade do Algarve e e a Universidade do Minho (Portugal); a Universidade de Atenas; a Universiteto Vilnius (Lituania), a Universität Salzburg (Austria). Tamén o IES Eusebio da Guarda da Coruña e a Escola Oficial de Idiomas de Vigo. Ademais, conta coa colaboración de dous fraseólogos internacionalmente coñecidos: Antonio Nogueira Santos (San Pedro de Moel) e Elisabeth Piirainen (Steintfurt, Alemaña); coa da fraseóloga e tradutora Cristina Veiga Novoa, e naturalmente, coa dos investigadores do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Santiago de Compostela).

Cadernos de Fraseoloxía Galega agradece as colaboracións recibidas e mailas que xa se anuncian e agradece tamén a atención con que a reciben diferentes investigadores e Universidades de Europa e América. E, como algúns dos números anteriores xa están esgotados, informa que se poden baixar íntegros en formato PDF da nosa páxina na Rede http://www.cirp.es/pub2/index.html.

As colaboracións para o vindeiro número deberán estar na Redacción antes do 30 de marzo do 2008, e a data de aceptación é o 15 de xuño de 2008. Como a conversión de formatos entre diferentes procesadores de texto non sempre é doada, CFG solicítalles ós futuros colaboradores que se ateñan estritamente ás normas de estilo, que se inclúen ó final deste número, e que modifican algúns aspectos das vixentes ata o presente número 9.

O Consello de Redacción

Índice

ESTUDOS **11**

ARES LICER, Elisabete. *Deseño dun banco de datos de equivalencias entre unidades fraseolóxicas do portugués do Brasil (LO) e o galego (LM)*..... 13

CHACOTO, Lucilia. *A sintaxe dos proverbios. As estruturas quem / quien en portugués*..... 31

CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto. *Comparación das paremias relacionadas coa meteoroloxía e os labores dependentes do clima en español e grego moderno*..... 55

FERRO RUIBAL, Xesús. *Cando chove e dá o sol... ¿Un fraseoloxismo internacional poliédrico?*..... 67

GARGALLO GIL, José Enrique. *Garda o teu saio para maio. Consellos de abrigo no calendario romance de refráns*..... 95

HEINEMANN, Axel. *La langue dans la langue: O tratamento metalexicográfico das unidades fraseolóxicas seleccionadas nos dicionarios académicos do século XVIII en Francia, Italia e España*..... 113

MANSILLA, Ana. *A fraseoloxía da música na vida cotiá. Un estudo contrastivo (alemán - español)*..... 137

MASIULIONYTĖ, Virginija e ŠILEIKAITĖ, Diana. *¿Como enfadarse en lituano? Comparacións fixas para expresar enfado, carraxe e ruindade na fraseoloxía lituana*..... 145

NOGUEIRA SANTOS, António. *Fraseoloxía comparada — hendíade en inglés e portugués*..... 167

PIIRAINEN, Elisabeth. *Locucións espalladas por Europa e máis alá*..... 173

SCHEMANN, Hans. *Factores modelo xeométricos descritibles e non descritibles para a constitución semántica de expresións idiomáticas e perspectivas de elaboración dun dicionario idiomático monolingüe e bilingüe galego*..... 195

SOTO ARIAS, María Rosario e GONZÁLEZ GARCÍA, Luis. *Do verbo antigo en Johan Garcia de Guilhade*..... 223

RECADÁDIVAS **233**

MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo. *108 fórmulas galegas*..... 235

PAZ ROCA, Mª Carmen. *Aínda novos manuscritos paremiolóxicos de Vázquez Saco*..... 247

RECENSIÓNS..... **295**

ALONSO RAMOS, Margarita (ed.). *Diccionarios y Fraseología*. Por Cristina Veiga Novoa..... 297

ETTINGER, Stefan e NUNES, Manuela. *Portugiesische Redewendungen*. Por Carmen Mellado Blanco..... 301

LURATI, Ottavio. *Per modo di dire. Storia della lingua e antropologia nelle locuzioni italiane ed europee*. Por Xesús Ferro Ruibal..... 305

PAMIES BERTRÁN, Antonio e RODRÍGUEZ SIMÓN, Francisca. *El lenguaje de los enfermos (Metáfora y fraseología en el habla espontánea de los pacientes)*. Por Mª Isabel González Rey..... 311

SCHEMANN, H., e SCHEMANN-DIAS, L. *Dicionario Idiomático Português-Alemão;* SCHEMANN H.. *Idiomatik Deutsch – Portugiesisch*; SCHEMANN, H., DIAS, I. *Dicionario Idiomático Português–Alemão*. Por Isabel Giráldez Arias..... 314

NOVAS **323**

Libros, revistas ou artigos recibidos..... 325

Notas para a presentación de colaboracións..... 333

Publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades 1994-2007..... 337

Estudos

Deseño dun banco de datos de equivalencias entre unidades fraseolóxicas do portugués do Brasil (LO) e o galego (LM)

Elisabete Ares Licer [1]

Universidade de Vigo (España)

A equivalencia é un concepto tradutolóxico que fai referencia a un proceso de tradución entre textos (Rakotojoelimaria 2004: 153). A tradución fraseolóxica pódese situar no nivel do léxico ou do discurso. Se buscamos equivalencias, non nos situaremos no nivel contrastivo entre sistemas lingüísticos, senón no nivel do texto. Con esta orientación preténdese dar dunha forma máis precisa unha información considerada primordial para o tradutor que traballa con unidades fraseolóxicas: o valor pragmático. Por esa razón, as unidades fraseolóxicas están contextualizadas con textos reais.

A dificultade reside en incluír toda a información presente, ademais de única e exclusiva de cada texto, nunha obra de consulta que debe presentar os datos de forma esquemática e xeneralizadora para facilitar o seu uso. Trátase de darlle ao tradutor da lingua meta un abano de posibilidades para que poida cubrir as variacións intencionais do discurso da lingua de orixe.

Palabras clave: equivalencia, unidades fraseolóxicas, rexistro, valor pragmático.

Equivalence is a traductological concept that makes reference to a translation process among texts (Rakotojoelimaria 2004: 153). Phraseological translation can take place both in the lexicon or speech levels. If we look for equivalences, we will not focus on the contrastive level among linguistic systems, but on that of the text. This orientation gives a more accurate information, which is considered essential for a translator who works with phraseological units: the pragmatic value. For that reason, those units are contextualized with real texts.

The difficulty lies in including all the available information, which belongs exclusively to each text, in a consultation work which must show the data in a schematic and general way in order to facilitate its use.The aim is giving the translator of the target language a fan of possibilities so that he can cover the international variations of the source language speech.

Key words: equivalence, phraseological units, register, pragmatic value.

[1] Tradución de Alba Vidal Fernández.

1. Tipos de unidades fraseolóxicas

O obxecto das equivalencias aquí tratadas son as unidades pluriverbais de significado non deducible a partir da suma dos significados dos seus compoñentes e de uso recorrente entre os falantes dunha comunidade lingüística. Dentro desta clasificación temos outra que nos dará dous tipos de unidades fraseolóxicas. O primeiro tipo refírese ás unidades con funcións sintácticas, e non gramaticais, dentro da oración (locucións substantivas, locucións adxectivas, locucións adverbiais e locucións verbais), que teñen significado semántico e poden presentar equivalentes monoverbais dentro da mesma lingua. O segundo tipo fórmano as unidades pluriverbais con funcións pragmáticas, sen funcións gramaticais e, na maioría dos casos, sen valor semántico ou descritivo: as fórmulas.

2. Corpus e criterio de selección

O corpus do portugués ten como base o *Dicionário de Provérbios Idiomatismos e Palavrões Francês-Português/Português-Francês* —en diante PIP— das autoras brasileiras Cláudia Xatara e Wanda Leonardo de Oliveira, editado no ano 2002. Fíxose unha selección previa de 500 unidades das 6.900 da obra. Posteriormente, este grupo quedou reducido a 110 locucións e 40 fórmulas, e para exemplificar nesta comunicación utilizaremos 25 locucións e dez fórmulas.

Para esta escolla tivéronse en conta tres criterios: a variedade de nivel de uso, a idiomaticidade e a presenza de europeísmos, procurando que houbese unha proporción numérica entre os tres. O primeiro deles, a variedade de nivel de uso, veu condicionado pola propia selección das autoras do corpus base para as unidades brasileiras, que afirman (2002: 59): "*que as EIs se encontram, em sua grande maioria, no nível coloquial*". Esta afirmación, coas súas correspondentes estatísticas, é un aspecto que debería ser tomado en consideración**.** Por exemplo, moitas locucións adverbiais, algunhas non incluídas no PIP, como *a esmo*, poden ser consideradas de uso non coloquial. No mesmo parágrafo, as autoras afirman anteriormente que "*No que concerne às marcas sociais ou diastráticas, não há critério realmente preciso para se distinguirem os diversos níveis de língua ou marcas estilísticas*". Antes de adxudicar dunha maneira xeral as unidades fraseolóxicas a un nivel de uso, sería necesario definir con antelación o que se entende por unidade fraseolóxica e os criterios utilizados para establecer os niveis de uso ou rexistros.

Outra observación que se pode facer ao ler esta cita é a imprecisión e mestura dos conceptos de **rexistro**, **nivel de lingua** e **nivel de uso**, algo que ocorre con frecuencia nas obras lexicográficas. O **rexistro** e o **nivel de uso** son dúas denominacións diferentes para un mesmo concepto baseadas en teorías lingüísticas diferentes: o primeiro pertence á lingüística funcional e o segundo, á análise do discurso. Así e todo, imos aproveitar esta dupla denominación e utilizarémola ao noso favor. Con nivel de uso faremos referencia á ocorrencia das lexías no grupo de rexistros, mentres que estes constituirán clasificacións de textos reais condicionados por factores situacionais e non clasificacións de unidades lingüísticas de sistema, que veremos con máis detalle no ítem do *nivel de uso*. En efecto, é o que acertadamente se dá nalgunhas obras

lexicográficas bilingües e fraseográficas como as aquí consultadas: *Espasa español-português/português-español*, Penadés Martínez no seu *Diccionario de locuciones adverbiales para la enseñanza del español* e o *Houaiss eletrônico*.

O **nivel de lingua** está relacionado co sistema e, neste caso, cabería falar da estrutura da linguaxe. Os niveis lingüísticos serían: fonética, fonoloxía, morfoloxía, sintaxe, semántica e pragmática.

O corpus utilizado para o galego ten como base o dicionario fraseográfico de Carme López Taboada e María do Rosario Soto Arias, en diante LT. Nos casos en que non se encontraron equivalentes ou se considerou que as definicións eran imprecisas, recorreuse, entre outros, ao *Dicionario de dicionarios*, coa busca por refráns e onde a obra que destacaba nesta materia era a de Eladio Rodríguez, e ao *Dicionario Cumio da lingua galega*, cunha importante presenza de unidades fraseolóxicas nas acepcións. Esporadicamente tamén foron consultados outros dicionarios galegos, tanto monolingües como bilingües; no entanto, ningunha desas obras presentaba referencias ao rexistro ou nivel de uso.

3. Elementos de información

Son os seguintes: tipo de unidade; denotación (para as locucións) ou valor situacional (para as fórmulas); imaxe (base metafórica); frecuencia de uso; nivel de uso; e valor pragmático (intención comunicativa e forza ilocutiva).

3.1. Tipo de unidade

Para as locucións utilizo a proposta de clasificación de Álvarez de la Granja (2003) con algunhas modificacións: as locucións ponderativas considéroas locucións verbais e non entran no corpus as locucións con funcións gramaticais.

No tocante ás fórmulas, usarei como clasificación base a do manual de Corpas (1996) con algunhas precisións tiradas da tese de licenciatura de Eloi Gestido de la Torre.

3.2. Denotación

Os significados das locucións tanto en portugués como en galego están recollidos de obras fraseográficas ou, cando iso non foi posible, das obras lexicográficas monolingües e bilingües presentes na bibliografía.

As fórmulas requiren un tratamento á parte a este respecto por causa de careceren de valor descritivo na maioría dos casos. Optei por describir o valor situacional, baseándome nos referidos traballos de Corpas e de Gestido.

Para facer a contextualización usouse a Rede e, deste modo, para o portugués seleccionouse o arquivo da *Folha de São Paulo* que abrangue todas as publicacións desde o ano 1994 ata o 2005 (máis completo que o arquivo *CetenFolha* da *Linguateca*, que só recolle os números publicados no ano 1996, sen outro tipo de textos en portugués brasileiro). A contextualización do galego foi feita co *Corpus do Galego Actual* do Centro de Investigacións Ramón Piñeiro, o CORGA, que contén textos escritos e orais de varios medios, xéneros e temas.

3.3. Frecuencia

Considerando a diferenza numérica entre as dúas linguas, pódese facer unha demarcación do uso. Primeiro, contabilizáronse tódalas contextualizacións das UFs de cada idioma. As que teñen maior frecuencia son as que serven de parámetro. Por exemplo, *ao pé da letra*, a locución que presenta maior frecuencia entre as recollidas neste traballo para o portugués, aparece en 588 exemplos e en galego, co maior número de contextualizacións, coincide a mesma locución "ao pé da letra" con 35 exemplos. Así, para establecer dez niveis de frecuencia, divídese o total de aparicións entre dez e a cada nivel súmaselle o resultado da división:

Portugués: 588 "ao pé da letra"	Galego: 35 "ao pé da letra"
0-58: 0	0-3: 0
58-116: 1	3-6: 1
116-174: 2	6-9: 2
174-232: 3	9-12: 3
232-290: 4	12-15: 4
290-348: 5	15-18: 5
348-406: 6	18-21: 6
406-464: 7	21-24: 7
464-522: 8	24-27: 8
522-580: 9	27-30: 9
580- +: 10	30 - +: 10

3.4. Nivel de uso

Normalmente, as obras lexicográficas no apartado de abreviaturas conteñen as indicacións do nivel de uso sen ningunha teorización previa. Penadés Martínez, no dicionario mencionado anteriormente, presenta un nivel *informal* e outro *vulgar*. As unidades non marcadas suponse que son de uso neutro ou estándar. No dicionario bilingüe de Espasa, na esquematización da información do lema, aparece o nivel de uso, non obstante, só no corpo da obra podemos ver cales son esas designacións xa que, aínda que estean presentes nas abreviaturas, non existe unha división con outros conceptos. Neste caso, o nivel de uso parece compartir terreo co tema ou ámbito (botánico, xurídico, etc.). O *Houaiss eletrônico* é o único que especifica o seu criterio de definición de nivel de uso: "*a faixa lingüística de expressão em que a palavra ou a acepção é empregada*". Para unha maior precisión, cumpriría saber cales son os criterios para identificarmos a "*faixa de expressão*".

Baixo os conceptos de *informal* e *formal* os falantes de calquera lingua podemos intuír que se indica o marco socio-espacial e o tipo de participantes do discurso que esixe diferentes comportamentos lingüísticos dos individuos dunha comunidade lingüística. En primeiro lugar, convén non asignar a un rexistro as unidades dun sistema lingüístico, neste caso as lexías. Aínda que o rexistro se constrúa con elementos lingüísticos e estes presenten unha maior ou menor ocorrencia segundo os factores

situacionais do discurso, este fenómeno é consecuencia do uso que lle dá o falante e que reproduce toda a comunidade lingüística e non do feito de que unha unidade sistemática pertenza a un rexistro. Así, considero preferible utilizar o termo *nivel de uso*, pois dirixe o foco de atención da clasificación cara á forma de empregar unha unidade léxica e non cara ao feito de pertencer a un rexistro.

Non obstante, é necesaria unha definición de rexistro para atribuírlle posteriormente o nivel de uso. As autoras Calsamiglia e Tusón (2002:328-330) consideran como factores situacionais do rexistro o **campo** (esfera da actividade), o **teor** (participantes e función da mensaxe) e o **modo** (canal e xénero). Acertadamente, non teñen en conta as variedades diatópicas e diastráticas para a clasificación do rexistro por non dependeren do uso da lingua senón do tipo de usuario. Ao meu ver, sería interesante realizar un estudo dun amplo corpus de textos pertencentes a tódalas esferas da actividade social dunha comunidade lingüística e poder contrastalas con outras co fin de obter unha esquematización dos posibles tipos de rexistros e, así, poder verificar as ocorrencias das unidades léxicas. Iso aquí non é posible, pero podemos deseñar un punto de partida.

Farase unha redución do que consideramos pertinente en Calsamiglia e Tusón para os tres factores situacionais. En primeiro lugar temos o **campo**. Considérase a esfera da actividade social humana e é o factor que máis condiciona o tipo de discurso que utiliza o usuario da lingua. O tema non se considera un elemento definidor do campo. Un tema tratado no ensino na etapa infantil e na etapa de secundaria é o mesmo, no entanto utilízase un léxico diferente por causa do receptor. É certo que gaña en complexidade e consecuentemente, en conceptos e termos, cousa que tamén acontece, se o receptor é máis experto en oposición a un neófito, pero continúa a ser o mesmo tema cun discurso condicionado pola esfera da actividade e polo usuario da lingua. En conclusión, dentro do campo só se considera a esfera da actividade social.

En segundo lugar, o **teor** ten en conta o tipo de usuario (próximo/distante, xerárquico/solidario) e a función do texto (funcións da linguaxe de Jakobson). As intencións comunicativas dos actos de fala estarían dentro das funcións da linguaxe. Por exemplo, unha ilocución directiva encontraríase dentro da función expresiva ou da apelativa.

En terceiro e último lugar, temos o **modo**, onde estarían incluídos o canal e o xénero. Para as nosas contextualizacións, este factor non é pertinente dado que no caso do portugués proceden de textos da prensa escrita e este medio xa é un condicionante no **campo**. No caso do galego, proceden de textos escritos de xéneros máis variados, porén cunha presenza moi pequena. Moitas das unidades non están contextualizadas e as que están pertencen, na súa maioría, a textos literarios. O texto literario non crea rexistros. O/a autor/a dunha obra constrúe situacións, entre outros recursos existentes, cos rexistros. Sería necesario ampliar a variedade de corpus das unidades fraseolóxicas.

Despois de definidos os criterios para establecer os rexistros, estes serán estruturados conforme ás esferas das actividades sociais dunha comunidade occidental que se toma como referencia:

1. Administrativo
2. Prensa
3. Ensino (académico)
4. Laboral
5. Social (familia, lecer, amizade)
6. Esfera da ilegalidade social.

Nas dúas primeiras temos unha esfera de actividade social entre o poder dun estado e os cidadáns, unha de forma directa e lexislativa e a outra como formadora de opinións mediatizada por factores económicos, sociais e ideolóxicos. A esfera tres, apoiada polo poder, establece os modelos académicos de coñecemento, a forma de transmitilos e de expresarse nunha comunidade lingüística. A esfera representada no cuarto punto pode estar aínda dentro dos modelos académicos, pero con terminoloxía especializada, ou afastarse, dependendo do teor persoal. A quinta e a sexta son as que máis se distancian da esfera tres, en función da preponderancia de determinadas funcións da linguaxe (expresivas, emotivas), do posicionamento do discurso a un nivel lingüístico máis externo ao sistema (pragmático) ou da presenza de factores externos á propia linguaxe (xestos, expresións etc.).

Se establecemos estes campos e o teor como marcos para establecer os tipos de rexistro, faltaría asociármos as características lingüísticas inherentes a cada campo e teor. Penso que o tipo de cohesión (Casalmiglia e Tusón 2202: 230-239) textual, intimamente relacionada coa morfosintaxe máis ou menos académica se atendemos á cohesión gramatical, e relacionada co tema e co marco social se atendemos á cohesión léxica, é unha das características lingüísticas que se deben ter en conta, trátese dun texto oral ou un texto escrito. A falta de cohesión gramatical, por exemplo, indica que estamos ante un diálogo oral de teor persoal próximo que presenta moitos marcadores discursivos como as fórmulas.

Os tipos de rexistros, segundo estes criterios, poden ser:

1. **Administrativo**: teor persoal xerárquico, función apelativa ou informativa (depende de que lado estea o usuario), modo escrito ou oral, xénero burocrático. Cohesión textual gramatical con marcadores e conectores, deíxe textual.

2. **Prensa**: o teor persoal depende do xénero. Unha editorial sempre ten un emisor distante, unha noticia pode alternar distante/próximo e unha crónica ten un emisor próximo e/ou solidario. Modo oral ou escrito (as nosas contextualizacións son todas escritas). A función predominante é a referencial, compartida coa expresiva, a apelativa e a poética. Cohesión gramatical con marcadores e conectadores ou con elementos deícticos situacionais discursivos (depende do xénero); cohesión léxica repleta de metáforas, metonimias e valoracións cualificativas.

3. **Académico**: teor persoal xerárquico ou distante, función referencial, modo oral e escrito, xénero ensaio, etc. Dependendo do nivel, a cohesión vaise intensificando. A niveis máis básicos atopamos unha mínima cohesión gramatical (conectadores e marcadores) e predomina a cohesión léxica e a deíxe situacional. Conforme se avanza no nivel, a cohesión gramatical con conectores e marcadores enriquécese, a deíxe situacional dá paso á referencial e a cohesión léxica tamén se enriquece en variación.
4. **Laboral**: teor persoal distante ou xerárquico, función referencial, fática e apelativa. Modo oral e escrito, o predominio dun ou doutro depende do ámbito laboral de que se trate. Consecuentemente, non se pode definir o xénero. Cohesión textual léxica específica de cada profesión.
5. **Social**: teor persoal próximo ou solidario, funcións expresiva, apelativa, fática e referencial (predominan as anteriores), preponderancia do modo oral aínda que tamén se dá o escrito (todo tipo de mensaxes electrónicas, cartas, etc.). Cohesión gramatical con conectadores e marcadores pouco presente, predomina a discursiva con elementos de valor pragmático, cohesión deíctica situacional e cohesión léxica con pro-formas (*coisa*, *gente*, *negócio*, cousa, xente, asunto, historia...).
6. **Esfera da ilegalidade social**: teor xerárquico ou próximo, función referencial ou apelativa (principais), xénero dialogal, presenza de códigos que orixinan palabras con significados novos. Cohesión discursiva con marcadores pragmáticos, a maioría con palabras tabú, cohesión deíctica situacional, cohesión léxica en código.

Podemos concluír que para esta clasificación o rexistro está directamente definido polo que se considera o campo e atopámonos con seis posibilidades de textos ou discursos condicionados polo marco de estrutura social. Á súa vez, existen subdivisións segundo o teor persoal e funcional, a cohesión textual, os xéneros e o ámbito máis específico de cada un dos ítems.

Así, falta establecer os niveis de uso. Se as contextualizacións proveñen de fontes limitadas como as que manexamos aquí, non é fácil aplicar o esquema anterior. O que pode ser orientativo é o tipo de cohesión textual utilizada, o teor e a indicación de rexistro ou o nivel de uso indicado na obra lexicográfica consultada unido ao xénero do texto. Os tres dicionarios mencionados utilizan as nomenclaturas tradicionais de *informal/formal*, *vulgar* con algunha especificación de materia (botánica), social (droga, criminal) ou de tropo retórico (ironía, hipérbole), algún con especificacións máis amplas que outros, como o *Houaiss.* Un termo debe ser neutro e preciso, e *informal/vulgar* implican unha adxectivación inadecuada desde o punto de vista científico. Asociarase nivel de uso *informal* ao rexistro **social** ou pertencente a outros rexistros con teor persoal próximo (algúns xéneros da prensa no noso caso ou situacións en obras literarias), o *formal* enténdese como unidades que non se empregan cando o teor persoal é próximo e pode equivaler a **académico** e o *vulgar* non aparece en ningún exemplo.

A prensa ten unha característica propia pois dentro dun texto con cohesión textual próxima a unha cohesión máis normativa (abundancia de marcadores e conectadores gramaticais, deíxe textual), dáse paralelamente unha cohesión léxica moi expresiva e valorativa, utilizada para captar e manter a atención do lector. E de aí a gran profusión de unidades fraseolóxicas que engaden un significado pragmático máis rico ao significado literal.

5. Graos de equivalencias fraseolóxicas

Unha vez definidas e seleccionadas as unidades lingüísticas, establecidos os criterios para crear as equivalencias, chegamos á cerna deste traballo. As equivalencias aparecen nas fichas con tres graos (Corpas: 2000):

1. Equivalencia total (**ET)**
2. Equivalencia parcial (**EP)** por diferenza no tu (tipo de unidade: LV locución verbal, LAdv loc. adverbial, LAdx loc.adxectiva, LSubs loc. substantiva), i (imaxe), nu (nivel de uso), fr (frecuencia).
3. Equivalencia nula (**EØ)**

Para a equivalencia nula, aínda que haxa un elemento léxico equivalente e coa mesma denotación, ao darlle prioridade ao valor pragmático das unidades fraseolóxicas non se considera equivalente tradutolóxico.

Predominan as equivalencias parciais. É indispensable que a denotación coincida para establecer unha equivalencia. Aínda que pareza obvia esta afirmación, existen casos de falsos amigos que poden levar a confusións, ningún presente neste corpus.

Apéndice

Ficha Locucións

1. LO

Procurar (achar) agulha em palheiro LV

Académico

LM

Buscar (procurar/recadar) unha agulla nun palleiro. **EP** fr.

2. LO

Amigo da onça LS

Social, teor persoal próximo

LM

Amigo da cunca de viño **EP** i.

De dentes para fóra **EP** tu (LA)

Ser da unlla longa **EP** tu (LV)

3. LO

Andar [estar] de marcação com LV

Social

LM

Apurar como un can a un **EP** i., fr.

4. LO

Ao pé da letra LAdv

Académico

LM

Ao pé da letra **ET**

Á letra **EP** fr.

Aterse a letra **EP** tu (LV), fr.

5. LO

Aos quatro ventos LAdv

Académico e social

LM

A quen queira oír **EP** tu (LV), i., fr., vp.

Ós catro ventos **ET**

6. LO

Bater um papo LV

Social

LM

Andar afiando o peteiro **EP** i., fr., vp.

Dar á pibela **EP** i., fr.

Estar de palique **EP** i., fr.

Falar barato **EP** i., fr.

7. LO

Cair a ficha LV

Social.

LM

Caer da burra **EP** i., fr., nu (subs)

Caer na conta **EP** i., nu (est)

LO

8. *Comer frango e arrotar peru* LV

Social, clases sociais desfavorecidas que non dispoñen doutros rexistros.

LM

Comer sardiña e arrotar pescada/ polo e arrotar galiña **ET**

¡Moitas olas ao lume e un garavanzo a cocer! **EP** tu (F), i.

9. LO

Com quantos paus se faz uma canoa (LS)

Académico e social

LM

Acusarlle [cantar] as corenta a un **EP** tu (LV), i.

Cantar as do barqueiro a un **EP** tu (LV), i.

Dicir catro frescas **EP** tu (LV), i.

LO

10. *Entregar os pontos* LV

Académico e social

LM

Botalo ao carneiro **EP** i., fr.

Tirar a toalla **EP** i.

11. LO

(Estar) como um peixe n'água LV. No HE aparece como LAdv.

Académico

LM

Estar como (coma) o peixe na auga **ET**

12. LO

Estar (metido) em camisa de onze varas LV

Académico

LM

Armar ao pancho/_ao merlo **EP** i.

Meterse en camisas de once varas **EP** fr

Meterse en debuxos/_en fregados **EP** i.

Meterse en trollos **EP** i.

Meterse nunha esgarabanzada **EP** i.

13. LO

Fazer onda LV

Académico

LM

Armar un baturrillo **EP** i.

Armar un lío **EP** i.

14. LO

Gente fina LS

Social xuvenil

LM

Xente de ben **EP**, nu.

15. LO

Ir de vento em popa LV. No HE aparece como LPr.

Académico e social

LM

Botar pelo **EP** i., fr., nu?

Ir na fura de diante **EP** i., fr. nu?

Marchar vento en popa **ET**

Vento en popa **ET**

16. LO

Jogar (plantar) verde para colher maduro LV

Académico e social

LM

EØ "sondar habilmente a alguén, dicindo algo que provoque unha confesión ou unha información que non conseguiría cunha indagación directa"

17. LO

Marinheiro de primeira viagem LS

Académico e social

LM

EØ "novato, principiante."

18. LO

Não ser sua praia LV

Social

LM

EØ "Non é o seu ambiente"

19. LO

Nem oito nem oitenta LAdv.

Académico

LM

Nin moito acó nin moito aló **EP** i.

20. LO

Puxar a brasa para a sua sardinha LV

Social

LM

Arrimar a ascua á súa sardiña/ tirar pola brasa para a súa sardiña/ achegar a brasa á _ **ET**

21. LO

Ser boi de piranha LV

Social

LM

EØ “persoa que se somete, ou é sometida, a um sacrifício por algunha cousa ou por outra persoa”

22. LO

Ter a faca e o queijo na mão LV

Académico e social

LM

Cortar o bacallau **EP** i., fr. (> en galego)

Ter a vara e a besta **EP** i.

23. LO

Tocar o barco para frente LV

Académico e social

LM

Ir indo **EP** i., fr. (>en galego)

Ir tirando **EP** i., fr. (> en galego)

24. LO

Varinha de condão LS

Académico

LM

Variña máxica **ET**

25. LO

Vender o peixe LV

Social

LM

Darlles por alí e valerlles **EP** i., fr.

Meter na cabeza **EP** i.

Ficha fórmulas

1. LO

A conversa não chegou na cozinha Interaccional directiva de exhortación

Social, teor xerárquico.

LM

Estás botando as mantas no hospital **EP** tu (LV), i.

Vas/fuches (méteste/metícheste) onde non te chaman **EP** tu (LV), i.

(Non) metas a culler **EP** tu (LV), i.

Non metas os fuciños onde non te chaman **EP** tu (LV), i.

Non metas os narices no enterro **EP** tu (LV), i.

2. LO

Agora [*aí*] *é que são elas !* Asertiva informativa

Social, teor próximo

LM

¡Agora si que a foi! **ET**

Estalarlle unha castaña a alguén **EP** tu (LV), i.

Non sabe o raposo das galiñas que dormen fóra **EP** tu (LV), i.

Verlle as orellas ao lobo **EP** tu (LV), i.

Vírselle encima un chaparrón **EP** tu (LV), i.

3. LO

As paredes têm ouvidos! Directiva

Social, teor distante ou próximo

LM

As paredes falan/oen **EP** fr

As paredes teñen orellas **EP** fr

As silveiras teñen orelleiras **EP** i, fr.

4. LO

A porta da rua é serventia da casa Directiva de exhortación

Social, teor distante.

LM

EØ "Quen non estea contento/ben/satisfeito aquí pode coller a porta!"

5. LO

Até que enfim! Asertiva emocional

Social, teor próximo

LM

Non é/era sen tempo **ET** (diferenza no tipo de construción sintáctica)

6. LO

Bem feito Expresiva de insolidariedade

Social, teor próximo.

LM

Estívolle/che ben **ET (**diferenza no tipo de construción)

7. LO

Cá entre nós Fórmula organizadora do discurso de fecho

Social, teor próximo

LM

Acá pra entre nós **ET**

8. LO

Conversa vai, conversa vem Fórmula organizadora do discurso de desenvolvemento

Social, teor próximo

LM

E patatín e patatán **ET**

E tal e que sei eu **ET**

E tumba e dálle e tal que sei eu **EP** fr

E tumba e dálle **EP** fr

9. LO

Dá um tempo! Fórmula interacional diretiva de exortação

Social xuvenil, teor próximo.

LM

EØ "Espera un pouco; pára un pouco; non me aburras"

10. LO

Deixar pra lá Fórmula directiva de exortación

Social, teor próximo.

LM

Non ser morte de home **EP** i., fr.

Non se acabar o mundo **EP** i., fr.

Conclusións

Comparto con Dobrovol'skij (2000:367) que nas análises contrastivas de unidades fraseolóxicas a estrutura léxica e a base metafórica non deben ser prioritarias. Aínda que o autor parte dun punto de vista contrastivo entre sistemas léxicos, penso que se pode aplicar esta idea a unha análise intertextual. Efectivamente, a maioría das equivalencias parciais que se dan neste traballo establécense con diferenza na imaxe, porén a denotación e o valor pragmático sempre coinciden. Poderíase engadir que o nivel de uso tamén coincide, pero sería necesario un maior número de unidades e contextos para poder constatalo con maior precisión.

Nas locucións é onde máis se dan os elementos culturais propios por medio das metáforas, como por exemplo a fauna local e as crenzas presentes en *amigo da onça* en portugués co equivalente galego de *amigo da cunca de viño*. O que resulta interesante con respecto á utilización do criterio da base metafórica para delimitar o grao de equivalencia é o feito de observar que as fórmulas non se serven do uso deste tropo retórico, senón máis ben da deíxe, con elementos gramaticais indicadores de lugar para aludir a conceptos abstractos e valorativos: *Agora (aí) é que são elas!, Cá entre nós!, É isso aí!*

Nas fórmulas, como xa foi dito, é importante a presenza de elementos deícticos que se refiren ponderativamente a procesos ou calidades. A lingüística cognitiva é a que explica esta gradación metafórica. É un proceso de habilitación de unidades gramaticais, presente no sistema da linguaxe humana, para cubrir novas necesidades dos falantes que, co uso, poden acabar sistematizándose na lingua. Algúns elementos deícticos da lingua, principalmente que indican espazo e tempo, teñen unha presenza importante nestas unidades con valores abstractos de proceso ou calidade como, por

exemplo, no portugués *agora (aí) é que são elas!* (indica a complicación dunha situación) e un dos equivalentes galegos *agora si que a foi!*

Con relación ao valor pragmático asignado ás unidades fraseolóxicas, cabe comentar que para as locucións case sempre se utilizou o verbo "resaltar" como denotador da forza ilocutiva.

Seguindo esta clasificación de rexistros, para poder establecer o nivel de uso dunha unidade léxica, neste caso dunha unidade fraseolóxica, sería necesario consultar textos dos seis rexistros e avaliar a amplitude do seu rango. Aínda que tal obxectivo non é posible neste pequeno e introdutorio traballo, a lingüística de corpus aporta posibilidades para un pequeno ensaio con esta clasificación. Hai unidades que presentan un rango amplo, é dicir, que poden aparecer en máis dun rexistro.

Bibliografía

ÁLVAREZ de la GRANJA, M. (2003): "Proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 2003,01-25.

BUJÁN OTERO, P. (2005): *A fraseoloxía contrastiva alemán-galego e as súas implicacións para a traducción. Estudos das comparacións fixas.* Tese de licenciatura dirixida por A. Á. Lugrís e S. M. Küpper. Departamento de Traducción e Lingüística, Facultade de Filoloxía e Tradución, Universidade de Vigo.

CALSAMIGLIA BLANCAFORT, H. e TUSÓN VALLS, A. (2002): *Las cosas del decir*. Ariel, Barcelona.

CORPAS PASTOR, G. (1996): *Manual de fraseología español*. Gredos, Madrid.

(2003): "Diseño de una base de datos fraseológica para la traducción asistida por ordenador (TAO)" en *Diez años de investigación en fraseología: análisis sintáctico-semánticos, contrastivos y tradutológicos.* Iberoamerica, Madrid – Vervuert, Frankfurt, 193-204.

(2003): "Acerca de la (*in*)*traducibilidad* de la fraseología" en *Diez años de investigación en fraseología: análisis sintáctico-semánticos, contrastivos y tradutológicos*. Iberoamerica, Madrid - Vervuert, Frankfurt, 276-310.

FEIXÓ, X. ; PENA, X.A. ; LÓPEZ, C. ; ARIAS, V. e FERREIRO, M.I. (2000): *Dicionario Cumio da lingua galega en cd-rom.* Edicións do Cumio, Vigo.

GESTIDO de la TORRE, Eloi (2005): *Perspectiva etnográfica para a análise do galego coloquial. Revisión teórica e aplicación do modelo SPEAKING aos eventos comunicativos de sobremesa; consideracións sobre as fórmulas*. Tese de licenciatura dirixida polo Dr. Xohán Paulo Rodríguez Yáñez, Facultade de Filoloxía e Tradución, Universidade de Vigo.

HOUAISS, A. (2001): *Dicionário Eletrônico Houaiss da Língua Portuguesa.* Editora Objetiva Ltda, Rio de Janeiro.

LÓPEZ TABOADA, C. e SOTO ARIAS, Mª do R. (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*. Galinova, A Coruña.

OSTOJSKA ASENSIO, M. (ed.) (2001): *Gran diccionario Espasa español-portugués/portugués-español*. Editorial Espasa Calpe S.A., Madrid.

PENADÉS MARTÍNEZ, I. (2005): *Diccionario de locuciones adverbiales para la enseñanza del español*. Arco/Libros S.L., Madrid.

RAKOTOJOELIMARIA, Agathe (2004): *Esbozo de un diccionario de locuciones verbales español-malgache*. Tese de doutoramento dirixida pola Dra. Inmaculada Penadés Martínez, Departamento de Filología, Facultad de Filosofía y Letras, Universidad de Alcalá de Henares.

SANTAMARINA, Antón (coord.) (2004): *Dicionario de dicionarios*. Instituto da Lingua Galega e Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

XATARA, C. e LEONARDO de OLIVEIRA, W. (2002): *Dicionário de provérbios idiomatismos e palavrões francês-português/port.-fr*. Cultura, São Paulo.

A sintaxe dos proverbios. As estruturas *quem* / *quien* en portugués e español

Lucília Chacoto[1]

Universidade do Algarve e Onset-CEL

O obxectivo deste estudo é analizar proverbios portugueses e españois que comecen cunha oración relativa sen antecedente expreso e compara-las estruturas sintácticas presentes en ámbalas dúas linguas. Para tal fin, estableceuse un corpus de 1000 proverbios (500 portugueses e 500 españois). O marco teórico-metodolóxico adoptado é o Léxico-Gramática, elaborado por Maurice Gross (1975, 1981) e desenvolvido polo LADL.

Palabras clave: paremioloxía, sintaxe, estudo comparativo.

The aim of this study is to analyse Portuguese and Spanish proverbs that begin with a relative clause without antecedant and to compare syntactic structures in both languages. Therefore we have established a corpus of 1000 proverbs (500 Portuguese and 500 Spanish). The framework of our lexical and syntactical description is the Lexicon-Grammar, defined by Maurice Gross (mainly 1975, 1981) and developped by LADL.

Keywords: paremiology, syntax, comparative study.

0. Introdución

Moitos esforzos teñen feito os paremiólogos para identificar formalmente os proverbios, diferenciándoos de adaxio, aforismo, apotegma, refrán, dito, máxima, paremia, sentenza, entre outras designacións.

Efectivamente, unha das dificultades inherentes ó estudo destes enunciados con carácter proverbial consiste en definir (e, consecuentemente, delimitar) proverbio[2].

---

[1] Tradución de Alba Vidal Fernández.

[2] Abstraerémonos da multiplicidade léxica que designa os enunciados con carácter proverbial e falaremos de frase proverbial ou, simplemente, de proverbio.

O proverbio é recoñecido intuitivamente, como afirma Maurice Gross (1982: 161-162), aínda que se ignore o seu significado e, consecuentemente, non se saiba utilizalo no discurso.

O significado dos proverbios que son semanticamente opacos (idiomáticos) débese memorizar. É de salientar que o grao de idiomaticidade é variable e que non tódolos proverbios son frases idiomáticas.

Por frases idiomáticas enténdese frases semanticamente non-composicionais, é dicir, aquelas cuxo sentido global non se obtén a partir dos sentidos individuais dos elementos que as constitúen:

Quem semeia ventos, colhe tempestades. [Port][3]

Quien siembra vientos, recoge tempestades. [Esp]

[Quen sementa ventos, recolle tempestades] [Gal]

Ou tamén:

Quem bem quer a Beltrão, bem quer a seu cão. [Port]

Quien bien quiere a Beltrán, bien quiere a su can. [Esp]

[Quen quere a Xan (Beltrán), quere ó seu can] [Gal]

Con todo, como referimos anteriormente, non tódolos proverbios son idiomáticos:

Quem bem está deixa-se estar. [Port]

Quien bien está, no se mueva. [Esp]

[Quen ben está, non se mude] [Gal]

A propiedade xeral dos proverbios é, efectivamente, a fixación. A fixación pode impedir transformacións sintácticas como a pasiva, a permuta, a alteración de tempos verbais, entre outras[4]. Así, en:

Quem cala, consente. [Port]

[Quen cala, consente] [Gal]

se cambiámo-lo tempo do verbo:

= *?Quem calou, consentiu.*

---

[3] As indicacións [Port] e [Esp] sinalan, respectivamente, os proverbios portugueses e españois. Sempre que sexa posible, poremos tamén, entre corchetes, o proverbio galego correspondente.

[4] Cf. a este respecto, Rodríguez Somolinos (1993: 56): "en su calidad de enunciado cerrado, el proverbio se presta a un estudio interno de su estructura. [...] Queda claro, en todo caso, que es la forma la que caracteriza a los proverbios, la que señala a un proverbio como tal. Ello explica su fijación y la práctica imposibilidad de su variación sintáctica".

obtemos unha frase que, ó deixar de ser xenérica e de expresar unha verdade intemporal, perde o carácter proverbial.

Da mesma maneira, en castelán, o proverbio correspondente:

Quien calla, otorga. [Esp]

tampouco permite conxuga-los verbos nun tempo pretérito:

= *?Quién calló, otorgó.*

Tal operación tamén tería como consecuencia a perda do valor proverbial do enunciado.

Malia que tódolos proverbios son frases fixas poden, non obstante, presentar variacións. En efecto, algunhas variantes son resultado da evolución da lingua, dunha adaptación á realidade máis próxima daqueles que as utilizan no discurso ou mesmo dunha mala percepción dos proverbios ó seren transmitidos oralmente.

Considéranse variantes as frases proverbiais que presentan diferenzas léxicas e sintácticas que non ameacen o sentido global do proverbio, senón que permitan establecer unha relación de equivalencia entre as frases:

*Quem muito **abarca** pouco **abraça**.* [Port]

= *Quem muito **abarca** pouco **aperta**.*

= *Quem muito **abraça** pouco **aperta**.*

= *Quem muito **aperta**, pouco **arrocha**.*

= *Quem tudo **abarca**, pouco **ata**.*

[Quen moito abarca (agarra), pouco aperta] [Gal]

Este proverbio presenta variación léxica ó nivel do verbo da oración relativa con función de suxeito (V =: *abarca*, *abraça*, *aperta*) e do verbo principal (V =: *abraça*, *aperta*, *arrocha*, *ata*). Neste contexto concreto, os verbos que cambian son sinónimos.

Tamén en:

*Quien bien **ama**, tarde olvida.* [Esp]

= *Quien bien **quiere**, tarde olvida.*

[Quen ben ama (quere), tarde esquece] [Gal]

os verbos *amar* e *querer* (*bien*) son semanticamente equivalentes. A variación léxica de verbos semanticamente próximos non afecta o sentido do proverbio.

Ou do mesmo modo:

*Quien hurta al ladrón **gana** cien **años** de perdón.* [Esp]

= *Quien* ***hurta al ladrón ha*** *cien* ***años*** *de perdón.*

= *Quien* ***burla el burlador****, cien* ***días*** *gana de perdón.*

[Quen rouba a un ladrón, gaña cen anos de perdón] [Gal]

A conmutación entre *hurtar* e *burlar*, entre *ganar* e *haber*, entre *años* e *días* ou entre *ladrón* e *burlador* non introduce ningunha alteración do significado global do proverbio, posto que se trata dunha frase idiomática. Só neste contexto, repetimos, os termos que cambian son sinónimos.

A variación consiste, ás veces, en introducir nos proverbios marcas locais ou rexionais (léxico utilizado e toponimia).

Julia Sevilla *et alii* (1999: 483) poñen como exemplo de adaptación dun proverbio:

Quien fue a Sevilla perdió la / su silla.

que en Galicia se di:

Quen foi a Padrón, perdeu o sillón.

O cambio de lugar, segundo os referidos autores, obriga a facer unha alteración do tipo de asento para obte-la rima. Efectivamente, o proverbio portugués correspondente é:

Quem vai ao mar perde o lugar. Quem vai ao vento perde o assento. [Port]

A rima interna facilita a memorización dos proverbios e evidencia a existencia dunha estrutura bimembre.

Do mesmo modo, o proverbio portugués:

De Espanha nem bom vento nem bom casamento. [Port]

presenta variación ó nivel do topónimo:

De Esgueira nem bom vento nem bom casamento.

Esgueira é unha localidade situada preto de Aveiro e só se utiliza esta variante do proverbio nesa rexión[5]. Trátase, pois, dunha adaptación local.

Con respecto á variación nos proverbios, Rafael Lapesa (1975) afirma que: "Los refranes poseen infinita capacidad de admitir variantes; conservan extraordinarios arcaísmos léxicos, sin que por eso dejen de renovarse continuamente. Aluden muchas veces a realidades de otros tiempos, desconocidas para la inmensa mayoría de los hablantes que los emplean; y a pesar de ello, no pierden su capacidad significativa, aunque en ocasiones se llenen de contenidos que no son los originarios".

En resumo, os proverbios son frases fixas, atemporais, con valor xenérico, autónomas gramatical e referencialmente, principalmente de escasa dimensión, cunha estrutura

[5] No marco dunha tese de mestrado, describimos e analizamos a variación dos proverbios portugueses. Para un estudo sistemático e exhaustivo desta cuestión, *vide* Chacoto 1994.

bimembre en xeral, que poden ser idiomáticas e que, con frecuencia, presentan rima interna.

O presente estudo ten como obxectivo proceder á realización dunha análise contrastiva portugués-español dos proverbios que comezan por *Quem* (en portugués) e por *Quien* (en español), é dicir, as frases proverbiais que teñen como suxeito unha oración relativa sen antecedente expreso, tamén denominada *relativa livre* ou *relativa com antecedente nulo*[6]:

Quem não se aventura não passa o mar. [Port]

Quien no se aventura no pasa la mar. [Esp]

[O que non arrisca, non pasa o mar] [Gal]

Mirella Conenna (1988) levou a cabo un estudo contrastivo de 1000 proverbios franceses e 2000 proverbios italianos que comezan cunha oración relativa sen antecedente expreso, isto é, os que presentan a estrutura sintáctica: $((Qui + Chi)\ V\ W)_0\ V\ W$.

A autora xustifica a significativa diferenza numérica dos proverbios en francés e italiano como unha consecuencia da menor produtividade desta estrutura na lingua francesa[7].

Blanco *et alii* (1995) realizaron un estudo semellante para o francés e o español, analizando cerca dun cento de proverbios franceses e españois (50 proverbios franceses e 50 casteláns). Restrinxiron, no entanto, o seu estudo ás seguintes estruturas:

a) $(Qui\ /\ Quien\ V)_0\ V$
b) $(Qui\ /\ Quien\ V)_0\ V\ N_1$
c) $(Qui\ /\ Quien\ V\ N_1)_0\ V$
d) $(Qui\ /\ Quien\ V\ N_1)_0\ V\ N_1$

Dito doutro modo, limitaron o seu estudo ós proverbios que comezan por unha oración relativa sen antecedente expreso cuxa oración principal pode levar un verbo sen complemento ou cun só complemento (preposicional ou non) e que cumpren a mesma condición no que respecta á estrutura interna da oración relativa, é dicir, exclúen tódolos proverbios que presenten dous complementos. Cabe mencionar tamén que os autores anteriormente citados afirman que simplificaron "ó máximo" a formalización dos datos, o que condiciona de maneira obvia a identificación e posterior descrición das subestruturas dos proverbios (aspecto que discutiremos máis adiante).

Pola nosa parte, pretendemos levar a cabo unha análise dos proverbios portugueses e españois coa seguinte estrutura xeral:

---

[6] Este estudo foi iniciado em 2005 e os primeiros resultados obtidos foron presentados, baixo a denominación "*Étude Contrastive Portugais-Espagnol des Phrases Proverbiales*", no *1º Encontro Luso-Español sobre Gramática Contrastiva*, realizado na Universidade do Algarve (28 e 29 de Novembro de 2005).

[7] Cf. Conenna (1988: 101): "en italien, il s'agit d'une construction habituelle de la langue, tandis qu'en français l'absence de l'antécédent en fait une forme plutôt archaïque."

$((Quem + Quien)\ V\ W)_0\ V\ W$

Para tal fin, seguiremos unha metodoloxía semellante à utilizada por Conenna (1988) e Blanco *et alii* (1995), o que sen dúbida facilitará a confrontación cos resultados obtidos na análise das outras linguas.

O marco teórico é o Léxico-Gramática (utilizado tamén polos autores antes citados) e os proverbios preséntanse en táboas (ou matrices binarias), coa explicación das súas propiedades léxicas e sintácticas.

O Léxico-Gramática foi desenvolvido por Maurice Gross (1975 e 1981) e polo equipo do LADL (*Laboratoire d'Automatique Documentaire et Linguistique*) e baséase na gramática transformacional de Z. S. Harris (1965, 1968 e 1976).

O postulado fundamental da aproximación grossiana consiste en defender que as entradas do vocabulario non son palabras illadas senón frases.

Este marco teórico resulta particularmente adecuado para o estudo léxico-sintáctico dos proverbios, dado que os enunciados proverbiais son sempre frases fixas, que funcionan como unha única unidade de sentido.

A seguir, procederemos á descrición e análise do corpus obxecto deste estudo, isto é, dos proverbios introducidos por *Quem* (en portugués) e por *Quien* (en español).

1. O corpus

Reunido a partir de dez recollas paremiográficas, incluíndo dicionarios de proverbios, o corpus contén cerca de 1000 proverbios (500 proverbios portugueses e 500 proverbios españois).

Despois da elaboración da lista dos proverbios, procedeuse á clasificación sistemática da estrutura sintáctica dos proverbios portugueses e españois listados e foron inseridos en táboas.

1.1. As táboas

A representación en táboas (ou matrices binarias) está plenamente xustificada pola natureza, tipo e cantidade de información que nos permite analizar e describir.

Para a elaboración das táboas tívose en consideración a estrutura interna dos proverbios listados, é dicir, o número e tipo de compoñentes de cada proverbio. Así, cada táboa correspóndese cunha construción sintáctica distinta.

Os aspectos que hai que ter en conta na lectura das táboas son principalmente os seguintes:

As propiedades léxico-sintácticas aparecen dispostas en columnas.

Na columna do verbo incluíronse os adverbios de negación (*não, no*)[8].

Na columna dos determinantes encontramos tódolos elementos que serven para determina-lo nome, principalmente os artigos definidos e indefinidos, os numerais e os adxectivos.

Na columna do nome figuran tódolos elementos que son complementos do predicado (verbal, nominal, etc). N_1 corresponde ó primeiro complemento e N_2 ó segundo complemento.

Ó termos adoptado a noción de adverbio de Maurice Gross (1986), incluímos na columna *Adv* non só os adverbios senón tamén os complementos circunstanciais e as proposicións subordinadas circunstanciais.

A columna Permuta permite comprobar se houbo algunha alteración da orde dos elementos léxicos con relación á estrutura da táboa.[9]

Ademais, tamén consideramos relevante a inclusión dunha columna que permite saber se o proverbio conta con algún membro ou extensión máis.

As observacións relativas a cada táboa faranse dúas a dúas (portugués e español) para poder visualizar mellor as semellanzas e as diferenzas entre as dúas linguas.

Por razóns de espazo, só podemos presentar aquí fragmentos das táboas. Polo mesmo motivo, optamos por describir e comentar unicamente as construcións (ou subestruturas) máis frecuentes.

2. Análise

A análise contrastiva dos proverbios farase, en primeiro lugar, a partir da descrición das táboas. Posteriormente, faremos algúns comentarios acerca de aspectos sintácticos relevantes para o estudo das construcións que se pretende analizar.

2.1. (*Quem/ Quien* V)$_0$ V

As dúas primeiras táboas, das que ofrecemos extractos abaixo, corresponden á clase de proverbios cuxa estrutura sintáctica non ten complemento, constituídos unicamente polo pronome relativo *Quem* / *Quien* e por dous verbos que aquí presentan un uso intransitivo:

Quem espera desespera. [Port]

[Quen espera desespera] [Gal]

---

[8] Neste caso concreto, adoptamos o mesmo procedemento que Mirella Conenna (1988) e Xavier Blanco *et alii* (1995).

[9] A presentación en táboas débese completar coa representación en transdutores de estado finito (FST), de modo que a orde dos elementos do proverbio sexa perceptible, así como o agrupamento das variantes léxicas e sintácticas de cada proverbio.

(*Quem* V)$_0$ V

Quem	V	V	2.ª parte
Quem	*aceita*	*não escolhe*	-
Quem	*acha*	*encaixa*	-
Quem	*aconselha*	*não obriga*	-
Quem	*ama*	*castiga*	-
Quem	*ama*	*cuida*	-
Quem	*baralha*	*não parte*	*quem parte não dá*
Quem	*cala*	*colhe*	-
Quem	*cala*	*consente*	*mas não sempre*

Tal como comentamos anteriormente, o adverbio de negación figura na columna do verbo.

A negación dáse con máis frecuencia na segunda parte do proverbio:

Quem aceita não escolhe. [Port]

O adverbio de negación pode, así e todo, aparecer en ámbalas dúas oracións:

Quem não chora não mama. [Port]

[O que non chora non mama] [Gal]

É moi pouco frecuente que a negación se dea só na oración relativa:

Quem não aparece esquece. [Port]

[O que non parece logo se esquece] [Gal]

O tempo verbal utilizado é, en xeral, o presente do indicativo, ben se trate do verbo interno da oración relativa con función de suxeito, ben do verbo da oración principal:

Quem ama castiga. [Port]

O presente ten un valor atemporal e transmite o carácter xenérico propio destes enunciados, que non permiten lecturas ancoradas no tempo ou no espazo e teñen un estatuto de validade permanente.

Nos casos en que o proverbio ten outro membro, consideramos relevante indicalo nunha columna, xa que a presenza destoutro membro do proverbio:

Quem baralha não parte, (*E* [10] + *quem parte não dá*). [Port]

ou unha extensión do mesmo:

Quem cala consente (E + mas não sempre). [Port]

[Quen cala consente] [Gal]

ás veces, fai máis preciso o sentido do proverbio ou introduce rima interna.

A seguinte táboa corresponde ós proverbios españois que presentan unha construción sintáctica sen ningún complemento:

Quien busca, halla. [Esp]

[Busca ben e atoparás] [Gal]

(*Quien* V)$_0$ V

Quien	V	V	2.ª parte
Quien	*amonesta*	*ayuda*	*no denuesta*
Quien	*bina*	*envina*	-
Quien	*busca*	*halla*	-
Quien	*calla*	*otorga*	-
Quien	*calló*	*venció*	*y lo que quiso vió*
Quien	*destaja*	*no baraja*	-
Quien	*espera*	*desespera*	*y quien viene, nunca llega*
Quien	*guarda*	*halla*	-
Quien	*habla*	*siembra*	*quien oye, recoge*

En español, o tempo verbal tamén é, en xeral, o presente do indicativo, ben na oración relativa ben na oración principal. Son pouco frecuentes os proverbios con verbos no pretérito perfecto:

Quien calló, venció (*E + y lo que quiso, vió*). [Esp]
Quien quiso hizo. [Esp]
Quien sufrió calló. [Esp]

Se o verbo da oración relativa está conxugado en Pretérito Perfecto, entón, nese caso, o verbo da oración principal tamén o estará (o igual có verbo da segunda parte do proverbio, se o hai).

[10] O símbolo *E* corresponde a un elemento **lexicamente non realizado** (realización cero), secuencia **baleira**.

No caso de que a negación se dea na relativa sen antecedente, o adverbio de negación tamén está case sempre presente na segunda parte:

Quien no arrisca no aprisca. [Esp]

[O que non se arrisca non colle nin pisca] [Gal]

Só atopamos dúas excepcións:

Quien no parece, perece. [Esp]

[O que non parece, logo se esquece] [Gal]

e

Quien no pueda andar que corra. [Esp]

[Quen non poida andar, que corra] [Gal]

2.2. (*Quem*/*Quien* V)$_0$ V N$_1$

As dúas táboas seguintes conteñen os proverbios cunha oración relativa suxeito constituída unicamente polo pronome *Quem*/*Quien* seguido de verbo e cuxo predicado está formado por un verbo e un complemento directo:

Quem porfia mata caça. [Port]

[Quen porfia mata a caza] [Gal]

(*Quem* V)$_0$ V N$_1$

Quem	V	V	Det	N1	Perm
Quem	*aconselha*	*não paga*	-	*custas*	-
Quem	*cala*	*apanha*	-	*pedras*	-
Quem	*canta*	*espanta*	*seu*	*mal*	+
Quem	*casa*	*quer*	-	*casa*	-
Quem	*chora*	*piora*	*seus*	*males*	+
Quem	*desdenha*	*quer*	-	*comprar*	-
Quem	*porfia*	*mata*	-	*caça*	-

Os proverbios desta matriz binaria son principalmente frases declarativas asertivas:

Quem casa quer casa. [Port]

[O que casa quere casa] [Gal]

Constitúen unha excepción os proverbios:

Quem não pratica não é mestre. [Port]

e

Quem não se aventura não passa o mar. [Port]

[Quen non se aventura, non pasa o mar] [Gal]

ámbolos dous frases declarativas negativas. Cómpre salientar que, en ámbolos proverbios, os adverbios de negación aparecen xa na oración relativa, xa na oración principal.

A permuta coloca o verbo principal en posición final, creando así un paralelismo ou unha simetría co verbo da oración relativa (que tamén está en final de oración) e pode xerar rima interna:

Quem canta seu mal espanta. [Port]

[O que canta, os seus males espanta] [Gal]

ou tamén:

Quem chora seus males piora. [Port]

Formalmente idénticos ós proverbios portugueses son os proverbios españois que figuran na seguinte táboa.

(*Quien* V)$_0$ V N$_1$

Quien	V	V	Det	N1	Perm
Quien	*calla*	*apaña*	-	*piedras*	+
Quien	*canta*	*espanta*	*su*	*mal*	+
Quien	*escucha*	*oye*	*su*	*mal*	+
Quien	*no duda*	*no sabe*	-	*cosa alguna*	-
Quien	*no olvida*	*atormenta*	*su*	*vida*	-
Quien	*suspira*	*alivia*	*su*	*pesar*	+
Quien	*vive*	*loa*	*el*	*Señor*	-

A permuta produce unha certa asonancia:

Quien calla piedras apaña. [Esp]

Quien suspira su pesar alivia. [Esp]

ou provoca a aparición da rima interna:

Quien canta su mal espanta. [Esp]

[O que canta, os seus males espanta] [Gal]

permitindo, desa maneira, obter un equilibrio estrutural interno, ó coloca-lo verbo en posición final ben na oración relativa sen antecedente expreso, ben na oración principal.

2.3. (*Quem*/*Quien* V $N_1)_0$ V N_1

Unha das estruturas máis produtivas no corpus obxecto de análise é a que corresponde a (*Quem* V $N_1)_0$ V N_1, ou sexa, os proverbios con complemento directo ben na oración relativa ben na oración principal:

Quem azeite mede as mãos unta. [Port]

[Quen aceite mestura, as mans unta] [Gal]

(*Quem* V $N_1)_0$ V N_1

Quem	V	Det	N1	Perm	V	Det	N1	Perm
Quem	*abre*	*a*	*boca*	-	*quer*	-	*sopa*	-
Quem	*acha*	-	*besta*	-	*não compra*	-	*cavalo*	-
Quem	*acha*	-	*pau*	-	*faz*	-	*colher*	-
Quem	*afaga*	-	*mula*	-	*receberá*	-	*coices*	-
Quem	*ama*	*a*	*cabra*	-	*ama*	*o*	*cabrito*	-
Quem	*beija*	*meus*	*filhos*	+	*adoça*	*minha*	*boca*	+

Cando na primeira parte do proverbio temos un determinante, frecuentemente aparece na segunda parte o mesmo tipo de determinante:

Quem faz um cesto faz um cento. [Port]

[Quen fai un cesto, fai un cento] [Gal]

ou tamén:

Quem seu carro unta seus bois ajuda. [Port]

[Quen o seu carro unta, ós seus bois axuda] [Gal]

A pesar disto, tamén hai excepcións:

Quem abre a boca quer sopa. [Port]

O determinante cero (*Det* = *E*) confírelle un carácter xenérico ó *N* = *sopa*.

A táboa seguinte corresponde ós proverbios españois cun complemento directo xa na oración relativa, xa na oración principal:

Quien comió la carne que roa el hueso. [Esp]

[O que coma a carne, que roa o óso] [Gal]

(*Quien* V N_1)$_0$ V N_1

Quien	V	Det	N1	Perm	V	Det	N1	Perm
Quien	*anda*	*malos*	*caminos*	+	*halla*	*malos*	*abrojos*	+
Quien	*ata*	*su*	*dedo sano*	+	*desata*	-	*sano lo*	+
Quien	*aventura*	-	*todo lo*	+	*pierde*	-	*caballo y mula*	-
Quien	*comió*	*la*	*carne*	-	*que roa*	*el*	*hueso*	-
Quien	*comió*	*las*	*maduras*	-	*que coma*	*las*	*duras*	-
Quien	*da*	*el*	*consejo*	-	*da*	*el*	*tostón*	-

A repetición do verbo nas dúas partes crea unha simetría ou paralelismo sintáctico:

Quien comió las maduras que coma las duras. [Esp]

Ou tamén:

Quien tiene din tiene don. [Esp]

[Quen ten din ten don] [Gal]

Nesta táboa aparecen algúns proverbios que teñen o verbo principal conxugado no futuro do indicativo:

Quien no cree en buena madre creerá en buena madrasta. [Esp]

[Quen non cre en boa nai crerá en mala madrasta] [Gal]

Segundo Blanco *et alii* (1995: 150), as construcións sintácticas máis produtivas nos proverbios franceses e españois estudados (cerca dunha centena) son as caracterizadas por un maior equilibrio estrutural.

Segundo os autores (*ibidem*), en ámbalas linguas, a estrutura formal máis frecuente é indubidablemente a que ten complemento ben no interior da oración relativa ben na oración principal:

(*Qui / Quien V N1*)*0 V N1*

Qui vole un oeuf vole un boeuf

Quien va a Sevilla pierde su silla.[11]

Tamén no noso corpus o número de proverbios que presentan a mesma estrutura en ámbalas oracións é significativamente superior, sendo escasos os proverbios con estruturas diferentes na oración relativa e na oración principal.

[11] Exemplos extraídos de Blanco *et alii* 1995.

2.4. (*Quem*/*Quien* V Adv)$_0$ V Adv

A táboa seguinte reúne os proverbios que teñen un adverbio no interior da oración relativa e outro na oración principal:

Quem tudo quer tudo perde. [Port]

[Quen todo o quere, todo o perde] [Gal]

(*Quem* V Adv)$_0$ V Adv

Quem	V	Adv	Perm	V	Adv	Perm
Quem	*abarca*	*muito*	+	*aperta*	*pouco*	+
Quem	*ama*	*bem*	+	*castiga*	*bem*	+
Quem	*ama*	*bem*	+	*esquece*	*tarde*	+
Quem	*anda*	*mal*	+	*acaba*	*mal*	+
Quem	*ata*	*bem*	+	*desata*	*bem*	+

A repetición do adverbio nas dúas partes do proverbio:

Quem com ferro mata com ferro morre. [Port]

[O que a ferro mata a ferro morre] [Gal]

produce unha simetría estrutural, facilitando a súa memorización.

Efectivamente, son escasos os proverbios con dous adverbios antónimos:

Quem muito abarca pouco aperta. [Port]

[Quen moito abarca, pouco aperta] [Gal]

Cabe mencionar que, no caso de que se encontre repetido nos dous membros do proverbio o mesmo adverbio, a oposición pódese dar como consecuencia da ocorrencia de verbos de sentido contrario:

Quem bem ata, bem desata. [Port]

[Quen ben ata, ben desata] [Gal]

Nos proverbios que contan cunha estrutura interna idéntica nas dúas oracións, se a permuta se produce só nunha das partes, a alteración da orde básica dos compoñentes pode ter como obxectivo a obtención de rima interna:

Quem a mesa alheia come janta e ceia com fome. [Port]

[Quen espera a man allea, mal xanta e peor cea] [Gal]

A táboa seguinte contén os proverbios españois que presentan unha estrutura semellante á dos proverbios portugueses, é dicir, os que teñen dous adverbios:

Quien más tiene más quiere. [Esp]

[Quen máis ten, máis quere] [Gal]

(Quien V Adv)$_0$ V Adv

Quien	V	Adv	Perm	V	Adv	Perm
Quien	*abarca*	*mucho*	+	*aprieta*	*poco*	+
Quien	*ama*	*bien*	+	*desama*	*bien*	+
Quien	*ama*	*bien*	+	*olvida*	*tarde*	+
Quien	*anda*	*mal*	+	*acaba*	*mal*	+
Quien	*ata*	*bien*	+	*desata*	*bien*	+
Quien	*atiende*	*bien*	+	*aprende*	*bien*	+
Quien	*baila*	*en julio*	-	*llora*	*en diciembre*	-
Quien	*bebe*	*poco*	-	*bebe*	*más*	-
Quien	*casa*	*mal*	+	*enviuda*	*tarde*	+

Os adverbios que aparecen nos proverbios poden ser modificadores do verbo:

Quien mal anda mal acaba. [Esp]

[Quen mal anda, mal acaba] [Gal]

ou modificadores de frase:

Quien baila en julio llora en diciembre. [Esp]

Estamos ante dous adverbios de tempo nos dous membros do proverbio. Efectivamente, cando temos dous adverbios, estes son, en xeral, do mesmo tipo:

Quien adelante no cata a atrás cae. [Esp]

[Quen adiante non mira, para atrás se volve] [Gal]

Neste caso, trátase de dous adverbios de lugar.

Con todo, pódese observar que existen algunhas excepcións:

Quien mal casa tarde enviuda. [Esp]

Tal como observamos no caso dos proverbios portugueses, tamén en español a oposición entre dous membros do proverbio xorde da presenza de dous adverbios antónimos:

Quien mucho abarca poco aprieta. [Esp]

[Quen moito abarca, pouco aperta] [Gal]

ou de verbos con sentido contrario:

Quien bien ama bien desama. [Esp]

Inmediatamente a seguir á construción con complemento directo en ámbalas oracións, a estrutura con dous adverbios é a máis produtiva.

Repárese en que a presenza de adverbio non foi considerada relevante por Blanco *et alii* (1995) para o establecemento das subestruturas. Así, os referidos autores consideran (1995: 153) que proverbios como *Quien mucho abarca poco aprieta* e *Quien primero viene, primero muele* presentan a estrutura $(Quien\ V)_0\ V$. De aí que non identifiquen a estrutura $(Quien\ V\ Adv)_0\ /\ V\ Adv$ como moi frecuente.

Cabe mencionar, porén, que os mesmos autores (*ibidem*) consideran que proverbios como *Quien poco sabe, presto lo reza* e *Quien poco tiene, poco puede* pertencen á clase $(Quien\ V\ N_1)_0\ V\ N_1$, o que non nos parece coherente cos criterios de clasificación anteriores.

Vexamos, a seguir, algúns aspectos sintácticos presentes no corpus obxecto de análise e que consideramos relevantes para unha mellor comprensión destas estruturas:

2.5. Arcaísmos sintácticos

A conservación de arcaísmos léxicos e sintácticos é unha consecuencia da fixación propia deste tipo de enunciados, memorizados como unha única unidade léxica. Así, no corpus estudado, obsérvanse algúns complementos directos con preposición:

*Quem **a** Deus procura **a** Deus acha*. [Port]

ou tamén:

*Quem **a** um castiga **a** cem fustiga.* [Port]

*Quien **a** uno castiga, **a** ciento hostiga*. [Esp]

Do mesmo modo, o predicativo *medo*, construído na actualidade co verbo soporte ter, mantén nalgúns proverbios a construción arcaizante co verbo soporte *haver*/haber::

*Quem ameaça e não dá, **medo há***. [Port]

*Quien amaga y no da, **miedo ha***. [Esp]

[Quen ameaza e non dá, medo há] [Gal]

2.6. Construcións enfáticas con *é que*

As construcións denominadas enfáticas con *é que* son expresións de realce que lle confiren ó suxeito un papel máis evidente, colocándoo de relevo:

*Quem tem unhas **é que** toca guitarra*. [Port]

A secuencia con *é que* pódese eliminar sen que, por iso, a estrutura sintáctica resulte agramatical:

Quem tem unhas toca guitarra. [Port]

Porén, como referiu Casteleiro (1979: 103), a redución a cero ten que ser feita en conxunto, ou sexa, só se pode elimina-la totalidade da secuencia. En caso de que a redución a cero sexa parcial, a frase resulta agramatical:

**Quem tem unhas é toca guitarra*

ou:

**Quem tem unhas que toca guitarra*

A propósito, repárese en que a construción enfática con *é que* introduce unha énfase contrastiva[12]:

*Quem está no convento **é que** sabe o que lá vai dentro.* [Port]

Compárese con:

Quem está no convento sabe o que lá vai dentro.

Esta énfase contrastiva é idéntica á que resulta da presenza dun adverbio de exclusión como *somente* ou *apenas*:

Apenas ou *somente quem está no convento sabe o que lá vai dentro.*

Estas construcións enfáticas non se deben confundir con outras estruturas como:

*Quem anda depressa **é quem** mais tropeça.* [Port]

[Quen leva présa, no bo camiño tropeza] [Gal]

debido a que, a diferenza das construcións enfáticas con *é que*, as construcións con *é quem* permiten a permuta dos compoñentes:

Quem mais tropeça é quem anda depressa.

Trátase dunha permuta-espello.

2.7.Variantes dos proverbios cunha oración relativa sen antecedente e con antecedente

No corpus obxecto de análise, algúns proverbios posúen unha variante con relativa sen antecedente expreso e outra con antecedente expreso:

Quem parte e reparte fica com a melhor parte. [Port]

= O que parte e reparte, se no partir tem arte, fica com a melhor parte.

[O que parte e bem reparte, se no repartir tem arte, quédase coa mellor parte] [Gal]

O pronome *Quem*/*Quien* ten un valor abstracto e xeneralizador que resulta da indeterminación do suxeito e de tal xeito que se verifica a intención do enunciado proverbial de ser referencialmente autónomo[13].

---

[12] Cf. Casteleiro 1979: 100 e 104.

A Real Academia Española, en *Esbozo de una Nueva Gramática* (1995: 526), afirma, a propósito destas oracións relativas, "A menudo empleamos, sobre todo tratándose de personas, el relativo *que* precedido del artículo, o *quien*, para indicar en general a cualquier persona. Numerosos gramáticos llaman a este empleo **relativo de generalización**", dando como exemplo, "*Quien siembra vientos recoge tempestades*; *El que a hierro mata a hierro muere*; *Quien bien te quiere te hará llorar*". Ademais, engade (1995: 531): "Este pronombre [*Quien*] equivale a *el que*, *la que*, *los que*, *las que*; se refiere únicamente a personas o cosas personificadas."

Podemos, en efecto, considerar, tal como afirman Mateus *et aliae* (2003: 678), que existe un "paralelismo entre as relativas livres e as relativas com antecedente":

Quem a dois senhores há-de servir a algum há-de mentir. [Port]

= O que a dois senhores servir, a alguém há-de mentir.

[Quen a moitos amos serve, poida dar que algún lle sobre] [Gal]

Quem não quer quando pode não pode quando quer. [Port]

= O que não quer, quando pode, quando quer não poderá.

[O que pode e non quere, cando queira, non poderá] [Gal]

Compárese, non obstante, cos proverbios seguintes:

Quem mal começa mal acaba. [Port]

= ?O que mal começa mal acaba.

[Quen mal empeza, mal acaba] [Gal]

e

Quem torto nasce tarde ou nunca se endireita. [Port]

= ?O que nasce torto tarde ou nunca se endireita.

[O que torto nace, tarde ou nunca se endereita] [Gal]

Nestes dous casos, a diferenza da variante con *quem*, que corresponde exclusivamente a un suxeito [+ humano], pódese considerar que a variante con *o que* ten un carácter máis

[13] Cf. Alcina & Blecua (2001: 692): "Hay que considerar el relativo llamado de **generalización** como el que identifica el antecedente con un concepto genérico lexicalizable suscitado por la base de significado que el pronombre aporta: *Quien pregunta, a Roma va*."

Tamén Mateus *et aliae* (2003: 680), a propósito do proverbio "*Quem vai ao mar perde o lugar*", afirman: "*quem* corresponde a uma variável universalmente quantificada e a frase pode ser aproximada de uma estrutura de implicación ("se alguém vai ao mar, então perde o lugar" ou "todo aquele que vai ao mar perde o lugar")."

amplo. Dito doutro modo, nestes dous proverbios, máis concretamente na variante introducida por *o que*, o suxeito pode ser [+ humano] ou [- humano].

No proverbio seguinte:

Ri melhor quem ri por último. [Port]

= O que ri por último ri melhor.

[Quen ri o último, ri máis a gusto] [Gal]

na primeira variante, o suxeito, dado que é un compoñente máis longo que o predicado verbal, aparece posposto a este. É dicir, obsérvase unha permuta de lonxitude (*vide* Harris 1976).

Algúns proverbios españois presentan a mesma variación, isto é, o proverbio comeza por unha oración relativa con ou sen antecedente expreso:

Quien busca el peligro, en él perece. [Esp]

= Él que busca el peligro, en él perece.

[Quen busca o perigo, nel topa a morte] [Gal]

Ou tamén:

Quien lejos va a casar, o va engañado o va a engañar. [Esp]

= Él que fuera va a casar, o va engañado, o va a engañar.

[O que fóra vai casar, ou vai enganado ou vai enganar] [Gal]

2.8. A estrutura formal e a función sintáctica da oración relativa

Os proverbios que comezan por *Quem / Quien* son frases complexas cunha estrutura de subordinación na que a oración relativa corresponde a un argumento da oración principal. Ese argumento é, na maioría dos casos, o suxeito.[14] Verifícase, porén, que a pesar de seren formalmente idénticos, algúns proverbios presentan en posición inicial unha oración relativa con función de complemento directo:

Quem em um ano quer ser rico aos seis meses o enforcam. [Port]

[Quen nun ano quere ser rico, ó mediodía, afórcano] [Gal]

Ou tamén:

Quem de mel se faz moscas o comem. [Port]

[Quen todo é mel, cómeno as abellas] [Gal]

[14] Barrado Belmar (2006: 164) destaca que: "En las frases no marcadas, el sujeto, agente y tema tienden con frecuencia a coincidir sobre el mismo constituyente de la frase, es decir en primera posición."

Cando o complemento directo aparece en posición inicial de frase deixa un pronome persoal oblicuo átono, na forma acusativa (copia pronominal) no lugar correspondente.[15]

Tamén en:

Quem não pede não o ouve Deus. [Port]

[Deus non oe a quen non pide. A quen non fala, Deus non o oe] [Gal]

De igual modo, en español:

Quien de ajeno se viste, en la calle lo desnudan. [Esp]

[O que de alleo se viste, na rúa o ispen] [Gal]

Repárese en que a alteración da orde básica, secuencia lineal ou neutra, ten un valor expresivo, enfático, colocando o compoñente desprazado en relevo.

A oración relativa pode tamén te-la función de complemento indirecto:

Quem faz casa na praça, uns dizem que é alta, outros que é baixa. [Port]

Quien casa labra en la plaza, unos dicen que es alta y otros que es baja. [Esp]

Nestes casos, o verbo da oración principal pide a preposición e pode ser omitida.

Tamén en:

Quem o asno gaba, tal filho lhe nasça. [Port]

Quien el asno alaba, tal hijo le nazca. [Esp]

A anteposición do complemento indirecto implica a presenza dun pronome pronome persoal complemento átono, na forma dativa, no lugar correspondente.

A copia pronominal é necesaria para que a función do compoñente se entenda correctamente.

O complemento indirecto sen preposición expresa está formalmente próximo ó suxeito e o mesmo acontece co complemento directo.

Nestas construcións con complemento anteposto, o tema non corresponde ó suxeito senón ó complemento que ocupa a posición inicial de frase.

---

[15] Rodríguez Somolinos (1993: 58): "Habitualmente en francés moderno las subordinadas de relativo modifican un sustantivo, el antecedente. El grado cero de este antecedente produce una sustantivación de la subordinada de relativo, que pasa a funcionar como un SN con relación al verbo de la oración principal. Muy generalmente la relativa funciona como sujeto, esta construcción está documentada también actualmente en francés escrito literario. Más rara vez puede cumplir la función de un complemento de objeto 1 o de objeto 2, en este caso la construcción es específica de los proverbios: *Qui se fait bête, le loup le mange*, [...], *Qui crache en l'air, il lui en retombe sur le nez*, [...]."

En suma, tal como afirma Barrado Belmar (2006: 168), "el procedimiento de la anteposición o anticipación o «*dislocazione a sinistra*» tanto en los fraseologismos como en las paremias, constituye una estrategia formal usual y frecuente cuya finalidad principal es destacar y «marcar» no solo el elemento o elementos que se desplazan sino el conjunto de la expresión a la que pertenecen" .

3. Conclusións

Malia que, ata ó momento, non se fixo a descrición exhaustiva das estruturas sintácticas dos proverbios, e tampouco se conseguiu establecer criterios formais que permitan identificar rigorosamente este tipo de enunciados, non hai dúbidas canto á enorme frecuencia de proverbios que comezan cunha oración relativa sen antecedente expreso. Trátase dun modelo sintáctico moi produtivo, cuxa constitución interna é, non obstante, moi variada.

Tentamos contribuír a un coñecemento máis profundo dos aspectos formais dos proverbios e comprobar de forma rigorosa e tan exahustivamente como fose posible se, entre dúas linguas tan próximas como o portugués e o español, as estruturas sintácticas dos proverbios son similares e presentan a mesma frecuencia. Dito con outras palabras, pretendíase saber se as subestruturas destes proverbios ocorren coa mesma frecuencia en ámbalas linguas.

Dado o parentesco lingüístico que une ó portugués e ó español (e sobre todo ó galego), era plausible supor que as estruturas sintácticas presentadas polos proverbios que comezan que son introducidos por cunha oración relativa sen antecedente expreso fosen moi similares.

Este estudo permitiu verificar que, en portugués e español, as subestruturas máis frecuentes son as que presentan simetría interna, resultante da identidade de número e tipo de compoñentes na oración relativa e na oración principal (isocólon).

O paralelismo sintáctico facilita non só a identificación do proverbio senón tamén a súa memorización.

Os proverbios que teñen como suxeito unha oración relativa sen antecedente expreso son formalmente idénticos ós que comezan cun complemento directo ou cun complemento indirecto (sen preposición). A anteposición do complemento directo ou do complemento indirecto en posición inicial de frase é un proceso con valor expresivo. Nestes casos, os complementos antepostos (topicalizados) corresponden ó tema.

A lista de tódalas variantes dos proverbios é un aspecto que non se debe descoidar (dada a necesidade de, por exemplo, ó traducir, atopa-lo proverbio correspondente semántica e sintacticamente).

Presentamos aquí algúns dos resultados obtidos. Este estudo está, porén aínda lonxe do seu remate, dada a necesidade da sistematicidade e exhaustividade indispensables tanto para o paremiólogo como para o tradutor.

Nun futuro próximo, pretendemos aumenta-lo número de proverbios tratados, refina-la análise e ampliala a outras linguas ou a proverbios que presenten outras estruturas sintácticas.

4. Bibliografía

ALARCOS LLORACH, Emilio (2005): *Gramática de La Lengua Española*. Real Academia Española, Col. Nebrija y Bello, 14ª reimp., 1ª ed.: 1999, Espasa, Madrid.

ALCINA, Juan e BLECUA, José Manuel (2001): *Gramática Española*. 11ª ed., 1ª ed.: 1975, Ariel, Barcelona.

BARRADO BELMAR, Mari Carmen (2006): "Estrategias formales en las paremias italianas: La dislocazione a sinistra" en *Paremia 15*, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 163-168.

BLANCO, Xavier; MORENO, Loli e WUATTIER, Sylvie (1995): "Lexique-grammaire et proverbe dans le cadre du FLE" en *Enseignement / Apprentissage du FLE – Répéres et Applications*. ICE- Université Autonome de Barcelone, 149-164.

CASTELEIRO, João Malaca (1979): "Sintaxe e Semântica das Construções Enfáticas com *é que*" en *Boletim de Filologia*, Tomo XXV (1976/79), Fasc. 1-4, INIC-CLUL, Lisboa, 97-166.

CHACOTO, Lucília (1994): *Estudo e Formalização das Propriedades Léxico-Sintácticas das Expressões Fixas Proverbiais*. Tese de Mestrado, Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa.

(1996): "Um Apontamento sobre o Proverbio na Literatura Portuguesa: a *Carta de Guia de Casados* de D. Francisco Manuel de Mello" en *Estudos de Literatura Oral* (*ELO*) *2*, Centro de Estudos Ataíde de Oliveira: Universidade do Algarve, 93- 104.

(1997): "Quem conta um conto acrescenta um ponto. Figement et variation dans les proverbes portugais" en *Paremia 6*, 1997, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 183-188.

(no prelo): "*«Mais vale um gosto na vida que três vinténs na algibeira»* - Las estructuras comparativas en los proverbios portugueses" en *Actas do Congreso Internacional de Fraseoloxía e Paremioloxía*, Santiago de Compostela-Lugo, 19-22 de setembro de 2006.

CONDE TARRÍO, Germán (2001): *Diccionario de Refráns*. Editorial Galaxia, Vigo.

CONENNA, Mirella (1988): "Sur un lexique-grammaire comparé de proverbes" en *Langages 90*, 1988, Larousse, Paris, 99-116.

CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de Fraseología Española*. Gredos, Madrid.

GROSS, Maurice (1982): "Une Classification des Phrases Figées du Français" en *Revue Québécoise de Linguistique*, vol. 11, nº 2, 1982, 151-185.

(1986): *Grammaire transformationnelle du français. Syntaxe de l'adverbe*. Asstril, Paris.

LAPESA, Rafael (1975): en *Prólogo* de *Diccionario de Refranes*. Campos, Juana G. e Ana Barella (2002), 1ª ed.: 1993, 3ª ed., Espasa, Madrid.

MATEUS, Maria Helena Mira *et alii* (2003): *Gramática da Língua Portuguesa*, 5ª edición revista e aumentada, Caminho, Lisboa.

RAE (1995): *Esbozo de una Nueva Gramática de la Lengua Española*. 14ª reimpresión, 1ª ed. 1973, Espasa Calpe, Madrid.

RODRÍGUEZ SOMOLINOS, Amalia (1993): "Arcaísmos sintácticos en los proverbios franceses" en *Paremia 1*, 1993, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 55-63.

SCHAPIRA, Charlotte (1999): *Les stéréotypes en français: proverbes et autres formules*. Col. Essentiel, Ophrys, Paris .

SEVILLA MUÑOZ, Julia *et alii* (1999): "La búsqueda de correspondencias paremiológicas en castellano, catalán, gallego, vasco, francés e inglés" en *Paremia 8*, 1999, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 481-486.

Comparación das paremias relacionadas coa meteoroloxía e os labores dependentes do clima en español e grego moderno

Carlos Alberto Crida Álvarez[1]

Universidade de Atenas

Partindo das características establecidas por Pilar Río Corbacho para as paremias relacionadas coa meteoroloxía e os labores dependentes do campo en galego e español realízase un estudo comparativo co mesmo grupo de paremias en grego moderno de tal maneira que se puideron determinar un importante número de igualdades pero tamén de diferenzas.

Palabras clave: fraseoloxía, paremia, meteoroloxía, español, grego.

Based on the characteristics of the proverbs related to the weather and country life works established by Pilar Río Corbacho in Galician and Spanish we have carried out this comparative research about the same group of proverbs in modern Greek. A great number of resemblances – but also of differences– have been found.

Key words: phraseology, proverb, meteorology, Spanish, Greek.

Propuxémonos realizar un estudo que compare as paremias relacionadas coa meteoroloxía e os labores dependentes do clima en español e grego moderno, tendo como base os traballos dos queridos colegas e amigos Julia Sevilla Muñoz, Jesús Cantera Ortiz de Urbina, Wolfgang Mieder, José Enrique Gargallo Gil, Pilar Río Corbacho e Germán Conde Tarrío (véxase bibliografía). A lingua de partida para a comparación é o español, dado que é a nosa lingua materna; porén, malia o título, a comparación farase extensiva ás linguas utilizadas polos colegas mencionados, é dicir: o catalán, o galego, o francés, o portugués, o italiano, o inglés, así como outras.

Cremos conveniente comezar por defini-la terminoloxía empregada e sinalando os límites do presente estudo. Así, non consideraremos aquí cuestións como a denominación do grupo de paremias que nos ocupa, chamadas *refráns meteorolóxicos* en gran parte da bibliografía (Cantera 2002: 196; Sevilla e Cantera 2001: 12; Conde

[1] Tradución de Alba Vidal Fernández.

1998: 61), se cadra seguindo a denominación inglesa de *weather proverbs* (Mieder), ou *paremias xeocosmolóxicas*, designación proposta por Pilar Río (2005). Tampouco examinaremos se forman un grupo autónomo, é dicir, unha familia paremiolóxica (Río 2005), ou se constitúen un subxénero dentro da sabedoría proverbial (Mieder). Preferimos facer uso aquí de perífrases descritivas, menos polémicas e máis consensuais, para falarmos do tipo de paremias que J. Cantera cataloga como "*refranes en relación con la vida del campo y la meteorología*" (2002:195) e "*refranes en relación con el tiempo*" (2002:196), abranguendo "non só as formas que falan das condicións atmosféricas senón tamén aquelas que nos indican as diferentes actividades que exercen os seres vivos e as que describen a influencia dos astros sobre os cultivos ou sobre as persoas e animais", como engloba P. Río (2005:257).

Ó falarmos dun **estudo que compare** grupos paremiolóxicos de linguas diferentes, procuramos non comete-lo erro de usar como sinónimos os termos comparado/comparativo e contrastivo, dado que estamos de acordo con María Teresa Zurdo en que "*se refieren a supuestos metodológicos que, si bien pueden funcionar como complementarios, no coinciden —o no deberían coincidir— ni en el modo operativo ni en los objetivos*" (1999:353).

Como metodoloxía de traballo usarémo-la comparación das características que P. Río determinou para "o chamado refrán meteorolóxico" (2005:254) galego e castelán, tratando de sinalar igualdades e diferenzas coas características que presentan as paremias do mesmo tipo en grego moderno. É de salientar que a comparación que imos realizar será diacrónica, dado que a maioría dos exemplos serán tomados de refraneiros que inclúen paremias que poden ou non ser de uso na actualidade.

A priori poderíase dicir que existe unha gran similitude entre ámbolos refraneiros pois, como xa expresamos noutro traballo (Crida 2004:192), por unha parte, trátase do "*mismo espacio geográfico, es decir, la cuenca mediterránea*", polo que existen moitos aspectos climáticos comúns e, por outra, de "*lenguas de origen indoeuropeo, por lo que poseen ciertos rasgos lingüísticos comunes*", que facilitan a existencia de estruturas semellantes, así como doutras características.

Agora ben, para P. Río (2005) "o chamado refrán meteorolóxico" é antigo, bimembre, breve, contén elementos mnemotécnicos, baséase na experiencia, non é de carácter xocoso nin metafórico, é popular e sentencioso, non é universal e pode ou non ser verdadeiro, resumido nun cadro, con validez tanto para o galego como para o español e que incluímos a seguir:

	Refrán meteorolóxico
Antigo	+
Bimembre	+
Breve	+
Elementos mnemotécnicos	+
Experiencia	+
Xocoso	–
Metafórico	–
Popular	+
Sentencioso	+
Universal	–
Verdadeiro	±

Tamén en grego encontramos paremias relacionadas con cambios atmosféricos, que son dunha grande **antigüidade**. Un exemplo moi elocuente, pola súa antigüidade e por ser de uso moi estendido entre as linguas europeas, é o refrán *Μία χελιδών έαρ ου ποιεί*[2] (Venizelos E195; Tosi 1589) ["Unha andoriña non fai primavera"], que xa aparece na *Ética Nicomacheia* de Aristóteles coa a forma *Το γαρ έαρ ούτε μία χελιδών ποιεί ούτε μία ημέρα* (Venizelos E195) ["A primavera certamente non a fai nin unha andoriña nin un día"], cuxa versión actual é *Ένα χελιδόνι δεν κάνει άνοιξη* (Venizelos E195) ["Unha andoriña non fai primavera"], complementada así mesmo na forma *Ένα χελιδόνι δεν κάνει άνοιξη, ούτ' ένα χελιδόνι καλοκαίρι κάνει, ούτε μια μέλισσα μέλι* (Kapsalis E201) ["Unha andoriña non fai primavera, nin unha andoriña fai verán, nin unha abella mel"]. Aínda que a versión actual, máis usada en toda Grecia, desta paremia é *Ένας κούκος δεν φέρνει την άνοιξη* (Kapsalis E191) ["Un cuco non trae a primavera"]. Así mesmo, Venizelos rexistra a forma *Ένας κούκος δεν κάνει Μάη* (E195) ["Un cuco non fai maio"]. Segundo R. Tosi, este refrán non se difundiu en latín nos ámbitos clásicos pero aparece no latín medieval a forma *Una hirundo non efficit ver* (1589) e, segundo Iribarren, *Una hirundo non facit ver* (318). Ou sexa, o máis lóxico é pensar que a súa transmisión ás linguas europeas modernas foi de carácter popular e, polo tanto, en forma oral. En español xa aparece rexistrada no século XV nos *Refranes que dizen las viejas tras el fuego*, de Íñigo López de Mendoza: *Una golondrina no haze verano* (Esteban 46), que aínda hoxe usamos. No ámbito peninsular, encontramos en J. Sevilla e Cantera (2000: 861) o mesmo refrán en catalán: *Una orenella no fa estiu ni dues primavera*, mentres que Iribarren rexistra *Una oreneta no fa estiu* (318); en galego: *Unha andoriña soa non fai verán*, coa súa variante ampliada *Nin un dedo fai a man nin unha andoriña fai verán*; en vasco: *Enara batek ez du udaberria egiten*; e en portugués rexístraa Carrusca: *Uma andorinha só não faz Verão*, coa súa variante *Uma andorinha só não faz Verão, nem un dedo só, mão* (II, 298)[3], así como *Uma andorinha não trás a Primavera*[4]. Así mesmo, en J. Sevilla e Cantera (2001: 983) recóllese a

[2] Endemal, non podemos usa-lo sistema politónico propio do grego clásico, polo que máis dun se lamentará. Para eles, as nosas humildes desculpas. Así mesmo, aclaramos que as paremias en grego moderno aparecen coa súa ortografía actual e a acentuación monotónica en uso.

[3] Agradécese a información proporcionada pola Prof. Lucília Chacoto.

[4] Versión proporcionada pola Prof. Ana Maria Soares.

correspondencia exacta en francés: *Une hirondelle ne fait pas le printemps*; en italiano: *Una rondine non fa primavera*; en alemán: *Eine Schawalbe macht noch keinen Sommer*; e noutras linguas; mentres que en inglés encontrámola en Mieder: *One swallow does not make a summer*. É interesante constatar como se pasou da primavera, en grego clásico, ó verán, en español, catalán (nunha das súas variantes), galego, portugués, inglés e alemán. Para o español, o galego e o portugués a explicación sería simple: a palabra *verano/verán/Verão* vén do latín vulgar *veranum tempus* (DRAE), é dicir: tempo primaveral (*ver*, *veris* = primavera). Segundo o *Tentative Dictionary of Medieval Spanish*, en *Milagros de Nuestra Señora* de Gonzalo de Berceo (s. XIII), así como noutras obras medievais, a palabra *verano* mantén a súa acepción de *primavera* pero no *Libro de Apolonio*, obra tamén do mester de clerecía e, polo tanto, da mesma época de Berceo, xa se lle dá o sentido de estío, que se imporía definitivamente a partir do século XIV (Kasten e Cody 725).

Non resulta menos interesante observar que no grego moderno se preferiu cambia-lo suxeito indicador do cambio de tempo por outra ave estival, habitual na primavera e no verán: o cuco, ave que se atopa tamén presente nos refráns gregos *Κούκος σαν φέτος άκαιρος, του χρόνου ας μη λαλήσει* (Kapsalis K459) [“Cuco a destempo como este ano, o ano que vén que non cante”] e *Το χελιδόνι χλιβερό κι’ ο κούκος φυραδιάρης, όταν τ’ ακούσεις νηστικός ρουμπώνεσαι* (Kapsalis T745) [“A andoriña triste e o cuco miúdo, cando os oes en xaxún poste en marcha”], así como noutros refráns, que non están vinculados ós cambios atmosféricos *Η ασπροκώλα δούλευε κι’ ο κούκος τρώει και πίνει* (Kapsalis H50) [“A asprocola[5] traballaba e o cuco come e bebe”], *Εγώ κρατώ τον κούκο μου κι’ ο κούκος την ουρά του* (Kapsalis E27) [“Eu sosteño o meu cuco e o cuco o seu rabo”]. O cuco aparece mesmo en unidades fraseolóxicas do grego moderno como: *μου στοιχίζει/κοστίζει/έρχεται ο κούκκος αηδόνι* (Babiniotis: κούκκος) [“O cuco custa/vale/sae reiseñor”], que se di cando algo custa moito máis do que vale[6]; *τρεις κι ο κούκκος* (Babiniotis: κούκκος) [“tres e o cuco”], cando hai moi poucas persoas[7]; *σαν τον κούκκο* (Babiniotis: κούκκος) [“coma o cuco”], cando alguén está completamente só e abandonado; e *Τον έχουμε στου κούκου το σημάδι* (Kapsalis T493) [“Témolo na marca do cuco”], que se di cando se ten a alguén na mira. Esta ave está moi presente en refráns romances. G. Conde Tarrío inclúe no seu *Diccionario de refráns* os seguintes que fan mención ó cuco, así en castelán temos: *Entre marzo y abril sale el cuco del cubil, pues con la nieve no quiere venir*; *A tres de abril, el cuco ha de venir, y si a los ocho no es cierto, o está preso o muerto*; *En tiempo del cuco, a la mañana mojado y a la noche enjuto*; en galego: *Entre marzo e abril sae o cuco do cubil, pois coa neve non quere vir*; *Ós comenzos de abril o cuco ten que vir; e, se non volveu, ou prendérono ou morreu*; *No tempo du cuco á mañá me mollo e á tarde me enxugo*; e en francés: *Entre mars et avril, on sait si le coucou est mort ou en vie*; *Pour Saint-Benoît, le coucou chante aux bons endroits*; *Si pour Notre-Dame il n’a pas chanté, il est tué ou bâillonné*; *Un jour est mouillé, l’autre sec quand le coucou ouvre son bec*; *Avril entrant, coucou chantant, sonnailles tintant*; *Quand chante le coucou, le matin mouillé, le soir séché*.

[5] Literalmente “rabo branco”, ave do xénero Saxicola (Politis 4: δουλεύω 17).
[6] No mesmo sentido en español dise *costar un ojo de la cara*.
[7] Igual a *tres gatos locos* en español.

Pola súa parte, J. Cantera (2002: 206-207) recolle as seguintes paremias que relacionan o cuco e a chegada da primavera: *El cuco, San Benito abad lo trae* (festexado o 21 de marzo, antes da reforma do calendario romano en 1969-1970), *Al cuco, San José le hace gritar; y San Pedro le hace callar* (San Xosé: 19 de marzo; San Pedro ermitán: 30 de agosto), *San José le da al cuco la gracia de cantar y se la quita San Juan* (martirio de San Xoán Bautista: 29 de agosto), *À la Saint-Benoît, le coucou chante dans les bons endroits, s'il n'est pas mort de froid*. Cabe engadir que o cambio de obxecto anunciante da primavera, que se produciu no antigo refrán grego no seu longo camiño cara o grego moderno, tamén se deu en occitano (ou provenzal) *Uno flour fai pas lou printèms* (Sevilla e Cantera 2001: 983).

Baseada na mesma **experiencia**, isto é, en que a aparición das andoriñas é anuncio da chegada da estación que trae a calor e, polo tanto, do bo tempo despois do inverno, encontramos en grego moderno a paremia *Χελιδόνι λάλησε, καλοκαίρι μύρισε* (Kapsali X28) ["Andoriña cantou, verán uliu"], coa que concorda o refrán en español *Llegadas las golondrinas, el verano encima* (Cantera 2002: 205). Unha boa cantidade de paremias referentes ás andoriñas recólleas J. Cantera (2002: 204-205): *El día de la Candelaria, la cigüeña en las campanas; y si no hace frío, la golondrina buscará su nido*. *San Raimundo trae la golondrina del otro mundo* (San Raimundo de Fitero: 15 de marzo). *De marzo a la mitad la golondrina viene y el tordo se va*. *A quince de marzo da el sol en la umbría y canta la golondrina*. *Por San Benito abad, la golondrina con nosotros está*. *Si quieres saber cuándo es abril, la golondrina te lo vendrá a decir*. *Golondrinas anticipadas, primavera templada*. *Golondrinas tempranas, el verano se adelanta*. *Cuando las golondrinas llegan tardías es porque el invierno ha alargado sus días*. *Golondrina que alto vuela, no temas que llueva*. *Golondrinas altas, buen tiempo anuncian; golondrinas bajas, próxima lluvia*; e *Golondrina que con las alas roza la tierra, lluvia recela*. Así mesmo, J. E. Gargallo (2003: 48-49) reuniu un número importante de refráns romances en relación co tempo que mencionan a andoriña, o cuco, así como a laverca e o tordo, deste xeito en castelán temos: *En primeros de marzo, da el sol en la sombra y canta la golondra*. *A quince de marzo, da el sol en la umbría y canta la totovía*. *A quince de marzo, da el sol en la sombra y canta la alondra/golondrina*. *A quince de marzo, da el sol en la sombría y canta la golondrina*. *Para marzo en mitad, la golondrina viene y el tordo se va*. *Si marzo se va y el cuco no viene, o se ha muerto el cuco o la fin viene*. *Si marzo se va y el cuco no viene, o se ha muerto el cuco o del fin del mundo viene*. *Entre marzo y abril, sale el cuco de su cubil. con la nieve no quiere venir*. En catalán: *A mitjans de març el sol ja fa ombra i ja canta l'alosa*. *Quan l'oreneta no ve pel març, l'hivern és llarg*. *Tords a la darreria de març, l'hivern és llarg*. *Pel març i l'abril canta el cucut si és viu, però si hi ha neu, no el veureu*. En galego: *Entre Marzo e Abril sal o cuco do cubil que coa neve non quer vir*. En asturiano: *Si del quince al vente de Marzo non llega la golondrina, vas ver el campu blancu como si fuera farina*. *Entre Marzo y Abril sal el cuco del cubil*. *Cuquiellu marciellu, trai la ñeve tres del capiellu*. En francés: *À la mi-mars, le coucou est dans l'épinard*. *Entre mars et avril, on sait si le coucou est mort ou en vie.*

Poderíase argumentar que o refrán ["Unha andoriña non fai primavera"], documentado desde o século V a. C. e que pasou a un gran número de linguas modernas, mantendo a

forma e o sentido e mesmo variando de forma e sentido, non é, na actualidade, un refrán propiamente meteorolóxico, dado que non cumpre a característica establecida por P. Río de que, para selo, **non debe ter un sentido metafórico**. Está claro que o refrán foi creado a partir dunha comprobación empírica que xeracións de seres humanos foron constatando e transmitindo a través desta forma sentenciosa. Iribarren explica o seu significado alegando "*que la aparición de una sola de estas avecillas en nuestro país, al que vienen de África por la primavera, no constituye costumbre ni forma regla para poder deducir la llegada del buen tiempo*" (2005:318). Da comprobación empírica dun feito real pasouse á abstracción figurada, estendendo o significado a que "*Un hecho aislado no sirve de base para hacer una afirmación de carácter general*", como explican Sevilla e Cantera (2001:983). Polo tanto, segundo o noso entender é cuestionable que "os chamados refráns meteorolóxicos" **non poidan ter un significado metafórico**, ademais do significado completamente plano que os caracteriza. Exprésao claramente Mieder: "*Aunque los refranes meteorológicos contienen imágenes o metáforas llenas de colorido,* ***por lo general*** *no adoptan un sentido idiomático como suele ocurrir con otros refranes*" (1996:60)[8]. Isto quere dicir que nada impide que algúns "*dichos-predicciones*" (Mieder 1996), ademais do seu estrito sentido literal, puidesen adquirir un sentido figurativo, cousa que sinala Calzacorta cando trata de "*la idiomaticidad en los refranes atmosféricos*" (1999:100), para quen existe "*un grupo de refranes atmosféricos utilizados sólo en un plano connotativo*" e, precisamente, entre os exemplos inclúe o refrán en inglés *One swallow does not make a summer*.

Canto ás características formais de **brevidade** e estrutura **bimembre**, pódese constatar que tamén as paremias gregas relacionadas co tempo climático as cumpren. A modo de exemplo mencionámo-la seguinte paremia: *Το Μάρτη ξύλα φύλαγε, μην κάψεις τα παλούκια* (Baraklís 1988:1590, Kapsalis 1998:431) ["En marzo garda leña, non queimes (= vaias queimar) as estacas"], coa súa variante *Φύλαξε ξύλα για το Μάρτη, να μην κάψεις τα παλούκια* (Kapsalis 1998:Φ65) ["Garda leña para marzo, non queimes as estacas"] e a menos coñecida e pouco usada *Το Μάρτη ξύλα φύλαγε, μην κάψεις τα παντζούρια* (Kapsalis 1998:431) ["En marzo garda leña, non queimes os poxigos"]. No exemplo mencionado tamén se observa o que determinaron Correas e Gargallo respecto á estrutura de certos refráns; isto é, que na primeira parte do refrán aparece un referente temporal (neste caso o mes de marzo) "*Especie de continente vacío que nos sitúa en el tiempo y se llena del contenido que aporta el resto del refrán*" (2002:22). Ademais do referente temporal na primeira parte ou prótase, aquí aparece unha exhortación en imperativo e, na segunda parte ou apódose, expresa a consecuencia, en caso de non se segui-lo consello. Por este motivo, o devandito refrán grego non só é breve e bimembre, senón que presenta a estrutura mais frecuente nos enunciados sentenciosos relativos á atmosfera: ***"Si/Cuando A, entonces B"*** (Mieder 1996:59; Calzacorta 1999:96).

[8] O remarcado é noso.

Malia os moitos refráns referentes ó mes de marzo que reuniu e clasificou J. E. Gargallo (2003), non encontramos unha correspondencia exacta deste refrán nas linguas romances.

Parecería que os **elementos mnemotécnicos**, como a rima, non serían unha característica imprescindible na paremioloxía grega, pois a meirande parte das paremias meteorolóxicas consultadas non os presentan. Porén, atopamos exemplos nos que non só se dá a rima senón tamén a aliteración, a anáfora e o paralelismo sintáctico. A modo de exemplo citámo-los seguintes: *Οκτώβρης βροχερός,/ Οκτώβρης καρπερός* (Baraklís 1988:1616) ["Outubro chuviñoso,/ outubro frutífero"], con anáfora, paralelismo sintáctico e rima consoante; *Του Γενάρη το φεγγάρι, πάρα λίγο νά 'ναι μέρα* (Baraklís 1988:1584) ["A lúa de xaneiro, por pouco é día"], con aliteración e rima consoante interna na prótase, do mesmo modo que na súa variante *Του Γενάρη το φεγγάρι, ήλιος της ημέρας μοιάζει* (Baraklís 1584) ["A lúa de xaneiro, sol do día parece"]. Dimitrios Lukatos, o paremiólogo grego por excelencia, deixou claro que o refrán podía estar formulado en prosa, ben en forma de monólogo ou ben en forma de diálogo, ou en verso, en tódolos tipos de versificación (Dulaveras 1994:103), polo que pode ou non conter elementos mnemotécnicos.

Obviamente, as características que non poden faltar nunha paremia, sexa do tipo que for, son: que debe estar baseada na **experiencia**, ten que ter unha forma **sentenciosa** e debe ser **popular**; entendéndose por popular o feito de ser de uso corrente de todos, mais alá de que de que a súa orixe fose culta ou popular. Calquera dos exemplos mencionados é válido para demostrar estas características. E para maior fundamento, recordamos que para D. Lukatos "*Refrán es la frase breve, en verso o prosa, que formula expresivamente y con frecuencia alegóricamente una opinión sabia, una comprobación, un consejo y que es repetida en el habla cotidiana, como argumento o ejemplo*" (Dulaveras 1994:102). Polo tanto, as paremias gregas que fan mención á meteoroloxía e ós labores dependentes dela, cumpren as características mencionadas. Así mesmo, este tipo de refráns, polo xeral, tampouco presenta en grego **elementos xocosos** nin pode ser de carácter **universal**, mais alá de certos contextos xeográficos. Non obstante, encontramos casos como o da unidade fraseolóxica *Πρίτσι Μάρτη σ' έβγαλα* (Kapsalis 1998:Π310, Venizelos Π251) ["Toma marzo saqueite (adiante)"], que inclúe unha interxección que expresa burla e menosprezo e que require o acompañamento dunha xesticulación acorde; ou da tamén unidade fraseolóxica *Λείπει ο Μάρτης απ' τη Σαρακοστή;* (Babiniotis 1998: Μάρτης) ["Falta marzo da Coresma?"], que formula unha pregunta retórica de maneira irónica. Non temos dúbida de que, ó seren estes exemplos locucións clausais, moitos opinarán daquela que non se deben ter en conta como paremias meteorolóxicas, aínda que aparezan incluídas en refraneiros.

Calzacorta advirte de que "*hemos de tener en cuenta que los refranes meteorológicos no afirman tajantemente nada, no asientan ninguna certeza y, por ello, existen refranes contrarios*" (1999:96), o que concorda coa característica establecida por P. Río que "o chamado refrán meteorolóxico" **pode ou non ser verdadeiro**. O refrán *Από Αύγουστο χειμώνα κι' από Μάρτη καλοκαίρι* (Kapsalis 1998:A452) ["Desde agosto inverno e desde marzo verán"] baséase na observación dunha realidade climática comprobable na maior parte do espazo xeográfico grego; non obstante, ten o seu contrario en *Μηδ' ο*

Μάρτης καλοκαίρι, μηδ' ο Αύγουστος χειμώνας (Kapsalis M171) ["Nin marzo verán, nin agosto inverno"], xa que non sempre chega a calor a partir de marzo, nin o inverno así que remata agosto. Cos cambios climáticos que vén sufrindo o planeta Terra nas últimas décadas, intensificados desde que comezou o século XXI, principalmente a causa do chamado "efecto invernadoiro", pedirlle **veracidade** ás paremias que falan do tempo meteorolóxico, sería case como *pedirlle landras ó castiñeiro*. Ben apañados deben ir en Galicia se aínda hoxe en día "*Los refranes meteorológicos constituyen el catecismo de la gente trabajadora del campo y del mar*", como sostén Conde Tarrío (1998: 63), quen clasifica os refráns que nos ocupan segundo o grao de veracidade en: a) os que non son verdadeiros (1998:64), b) os que están desprazados do seu entorno de actuación (1998:65) e c) os refráns verdadeiros. Dentro do primeiro grupo, deben ser incluídas as paremias gregas supersticiosas que mencionan o tempo, os días da semana, os meses e certas actividades, como por exemplo: *Η Πέφτη κόβει το νερό κι' η Παρασκευή το χιόνι/ και το Σαββατοκύριακο το ξανακαινουργιώνει,/ κι' αν δεν το κόψει η Κυριακή, Δευτέρα ως το γιόμα,/ την Τρίτη το ξημέρωμα, δέξου βαρύ χειμώνα* (Kapsalis 1998:H320) ["Xoves corta a auga e venres a neve,/e a fin de semana vólveo facer,/e se non o corta o domingo, ata o mediodía do luns,/ ó amencer do martes, recibe inverno pesado"]. Non existe ningunha comprobación científica que asegure que se para de chover un xoves e de nevar un venres, e volve chover e nevar durante a fin de semana, ata o mediodía do luns, vaiamos ter un inverno duro. Pola contra, continúa habendo paremias que expresan unha verdade irrefutable, como *Όμορφος χειμώνας, καλοκαίρι χωρίς νερό* (Baraklís 1988:1637) ["Fermoso inverno, verán sen auga"], predición tan temida na actualidade, na bacía mediterránea, por verdadeira.

Canto ás paremias desprazadas do seu entorno de acción, inclúense neste grupo, entre outras, as que se viron afectadas pola reforma gregoriana do calendario. Como ben explica Cantera Ortiz de Urbina (2001: 14), quedaron eliminados os días do 5 ó 14 de outubro de 1582, o cal afectou o refraneiro baseado no calendario xuliano. Conde Tarrío (1998: 63-64) dá o exemplo dos refráns que fan referencia ó solsticio de inverno, que se produce arredor do 21 de decembro, momento en que o sol está no punto sur mais afastado do ecuador celeste e cambia moi pouco a súa declinación dun día a outro (*Encarta*: solsticio), e a partir do que comeza a medra-lo día e a mingua-la noite. Santa Lucía celébrase o 13 de decembro, segundo o calendario gregoriano vixente, festividade que está desfasada en relación ó que afirma unha serie de refráns romances, que encontramos en Conde Tarrío (1998: 63-64) e en Cantera (2001: 15-16): en castelán: *Por Santa Lucía mengua la noche y crece el día. Por Santa Lucía achica la noche y agranda el día, un paso de gallina. Por Santa Lucía, alarga el día un paso de gallina. Santa Lucía, el más corto de los días. Santa Lucía, la más larga noche y el más corto día. Por Santa Lucía, alarga el día un paso de gallina, por San Antón, un paso de ratón. Por Santa Lucía achica la noche y agranda el día un paso de gallina. / por Navidad ya lo echa de ver el arriero en el andar y la vejezuela en el hilar. / por Reyes, bobo, ¿nolo vedes?. San Juan, al contrario de Santa Lucía, alarga la noche y acorta el día*. En galego: *Pola Santa Lucía, mingua a noite e crece o día. Dende Santa Lucía, o serán medra unha cuarta cada día. Despois de Santa Lucía, baixa a noite e medra o día. Pola Santa Lucía medra o dia a pisada dunha galiña. Por Santa Lucía comenza a crecer o día. Santa Lucía, saca na noite e mete no día. Pola Santa Lucía crece o día un*

palmo de pita;/ por San Xulián, un pulo de ran;/ por San Antón, un paso de boi;/ e por San Sebastián, xa ten unha hora máis. En catalán: *Per Santa Llúcia, un pas de puça*. En francés: *À la Sainte-Luce le jour croît du saut d' une puce. À la Sainte-Luce les jours croissant du saut d' une puce. Les jours croissent pour Sainte-Luce d' un pied de puce, et pour Nadal, d'un pied de gal. À la Sainte-Luce, les jours croissant du saut d' une puce;/ à la Saint-Thomas, du pas d' un chat (/d' un lézard);/ à la Noël, du saut d' un baudet;/ à la Saint-Sylvestre, d`un pied de maître;/ à l`an neuf, du pas d`un boeuf;/ aux Rois, du pas d' une oie;/ à la Saint Hilaire, du pas d' une bergère;/ à Saint-Antoine, comme la barbe d' un moine;/ à la Saint-Sébastien, du saut d' un chien;/ à la Chandeleur, d' un petit bonheur*. En italiano: *Da Santa Lucia a Natale, il dia allonga un passo di cane*.

En Grecia, o calendario gregoriano aínda foi adoptado pola Igrexa Ortodoxa o 10 de marzo de 1924, día que foi rexistrado como 23 de marzo (*Wikipedia*: Γρηγοριανό ημερολόγιο), o que tamén afectou o calendario relixioso ortodoxo. Este cambio non foi aceptado por todos, quedando por un lado os que seguiron o antigo calendario relixioso xuliano, co nome de παλαιοημερολογίτες [paleoimerologuites], e aqueles que aceptaron o calendario relixioso gregoriano, νεοημερολογίτες [neoimerologuites], coa excepción da Pascua de Resurrección, que seguiu caendo segundo o calendario xuliano. A festividade de San Espiridión, que a Igrexa Ortodoxa celebraba o 25 de decembro, pasou a celebrarse o 12 de decembro (14 de decembro para a Igrexa Católica), é dicir, 13 días antes; polo que a paremia *Από του Αγίου Σπυρίδωνα, η μέρα μεγαλώνει ένα σπυρί*[9] ["Desde San Espiridión, o día medra un gran"] perdeu parte da súa validez, xa que é aínda mais cedo para o solsticio de inverno. Na illa de Corfú, da cal Espiridión é santo patrón desde 1453, ano en que os seus restos foron trasladados desde Constantinopla para non caeren en mans dos otománs (Lukatos 1992: 131-132 y 1985: 46), dise, máis acorde coa realidade, posto que non sufriu ningunha alteración temporal: *Από του Χρηστού, η μέρα μεγαλώνει όσο μια δρασκελιά της κότας*[10] ["Desde Cristo, o día medra tanto como unha zancada/alancada de galiña"], que quere dicir desde o Nadal, isto é, desde o 25 de decembro.

A modo de resumo e conclusión, poderíamos dicir que comparando as características que gardan as paremias relacionadas coa meteoroloxía e os labores dependentes do clima, segundo determinou P. Río para o español e o galego, con aquelas que presentan as do grego moderno, obsérvase que:

Tamén en grego moderno "o chamado refrán meteorolóxico" é antigo, podendo, en determinados casos, establecerse a súa existencia xa na Antigüidade Clásica.

Baséase na experiencia, igual que todo tipo de paremia.

"O chamado refrán meteorolóxico" grego, ó estar baseado na experiencia, parte sempre dun plano denotativo pero, nalgúns casos, pode chegar ó plano connotativo adquirindo un sentido figurativo, polo que pode ou non ser de carácter metafórico.

[9] Usada en Mitilene (Lesbos), segundo a información oral proporcionada polo Prof. Panaguiotis Antoniadis.
[10] Segundo a información oral proporcionada pola Prof. Efthimía Pantí-Pavlaki.

Da mesma maneira que as súas iguais españolas, as paremias gregas, son, na súa maioría, breves e bimembres. As excepcións danse tanto en grego como en linguas romances, nas que presentan agregados estensivos, ben se a paremia foi formulada en prosa, ben se foi formulada en verso.

As paremias gregas poden ou non presentar elementos mnemotécnicos, que son necesarios cando a paremia está en verso, en particular, o uso da rima.

"O chamado refrán meteorolóxico" grego ten unha forma sentenciosa, como convén a toda paremia.

O uso deste tipo de paremias na lingua cotiá asegura a súa popularidade.

En caso de que fosen incluídas dentro do grupo de paremias que nos ocupa as unidades fraseolóxicas que mencionan fenómenos meteorolóxicos en forma sentenciosa, aínda que o seu significado sexa metafórico, en particular, as locucións clausais, poderíase dicir que o elemento xocoso pode ou non estar presente en grego.

A universalidade no chamado "refrán meteorolóxico" é sumamente difícil que se dea, mais alá de ámbitos xeográficos restrinxidos. Hai casos de paremias cuxa concordancia exacta —formal e semántica— se encontra na maioría das linguas europeas debido a que son precisamente moi antigas e a que foron creadas por linguas de prestixio, como o grego clásico ou o latín, segundo observacións comprobables en todo o subcontinente europeo ou, polo menos, na súa maior parte.

A veracidade pode darse ou non darse nas paremias gregas, do mesmo xeito que nas españolas. Así mesmo, a veracidade de certas paremias, tanto en linguas romances como no grego moderno, viuse afectada polo cambio de calendario temporal e relixioso (do xuliano ó gregoriano), cuxa aceptación e adopción varía segundo os países.

Por todo o anteriormente expresado, a gráfica de P. Río aplicada ás paremias gregas relacionadas coa meteoroloxía e os labores dependentes do clima, presentaríase da forma seguinte:

	Refrán meteorolóxico grego
Antigo	+
Bimembre	+ / ±
Breve	+ / ±
Elementos mnemotécnicos	±
Experiencia	+
Xocoso	– / ±
Metafórico	– / ±
Popular	+
Sentencioso	+
Universal	–
Verdadeiro	±

Cabe engadir que consideramos absolutamente necesario un estudo exhaustivo, no ámbito grego, das paremias en uso na actualidade, relacionadas coa meteoroloxía e os labores dependentes do clima, que as catalogue estatisticamente por rexións e as clasifique tematicamente. É dicir, un estudo sincrónico do "chamado refrán meteorolóxico" grego. Sería necesario face-lo mesmo no ámbito hispanofalante, para

despois realizar estudos comparativos e contrastivos que nos leven a tirar conclusións sobre a realidade actual en diferentes ámbitos: lingüístico, social, cultural e outros.

Bibliografía

BABIONITIS: ΜΠΑΜΠΙΝΙΏΤΗ, Γεωργίου Δ. (1998): *Λεξικό της νέας ελληνικής γλώσσας*. Κέντρο Λεξικολογίας, Αθήνα. [BABIONITIS, Georgos (1998): *Diccionario de la lengua griega moderna*. Kentro Lexikologías, Atenas.]

BARAKLÍS: ΜΠΑΡΑΚΛΆΗ, Χαραλάμπου (1988. 1η έκδοση 1977): *γνωμικά και παροιμίες*. 8η έκδοση. Βιβλιοπωλείον της «Εστιας», Αθήνα. [BARAKLÍS, Charálampos (1988, 1ª ed. 1977): *Máximas y refranes*. 8ª edición. Estias , Atenas.]

CALZACORTA ELORZA, Javier (1999): "Estructura de los refranes meteorológicos castellanos, franceses y vascos" en *Paremia* 8, 1999, Madrid, 95-102.

CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2001): "Calendario y refranero. Consideraciones acerca de algunas fechas del calendario en relación con el refranero español y francés" en *Paremia* 10, 2001, Madrid, 13-22.

(2002) "Refranes en relación con la vida del campo y la meteorología" en SEVILLA MUÑOZ, Julia e CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús: *Pocas palabras bastan. Vida e interculturalidad del refrán*. Centro de Cultura Tradicional-Diputación de Salamanca, Salamanca, 195-214.

CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús; CANTERA MONTENEGRO, Jesús e SEVILLA, Julia (2002): *Calendario religioso. Sus festividades*. Guillermo Blázquez, Madrid.

CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús e SEVILLA, Julia (2001): *El calendario en el refranero español*. Guillermo Blázquez, Madrid.

(2001): *El calendario en el refranero francés*. Guillermo Blázquez, Madrid.

CARRUSCA, Maria de Sousa (1974-1977): *Vozes da Sabedoria*. 2 vol, Tipografia de União Gráfica, Lisboa.

CONDE TARRÍO, Germán (2001): "La verdad en el refranero: los refranes meteorológicos gallegos" en *Paremia* 7, 2001, Madrid, 61-68.

(2001): *Diccionario de refráns*. Galaxia, Vigo.

CORREAS MARTÍNEZ, Miguel e GARGALLO GIL, José Enrique (2002): "Ya entra el sol por las umbrías. Altura y proyección del sol en el calendario romance de refranes" en *Paremia* 11, 2002, Madrid, 21-30.

CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2004): "Paremiología y paremiografía contrastivas español-griego moderno" en LERNER, Isaías et al (eds.): *Actas del XIV Congreso de la Asociación Internacional de Hispanistas*. Juan de la Cuesta, Newark, Delaware, 191-197.

DRAE (2001): *Diccionario de la lengua española*. 22ª ed. Espasa, Madrid. *Enciclopedia Microsoft® Encarta®* 99. Microsoft Corporation, 1993-1998.

DULAVERAS: ΔΟΥΛΑΒΈΡΑΣ, Αριστείδης Ν (1994): *Η παροιμιολογική και παροιμιογραφική εργογραφία του Δημήτριου Σ. Λουκάτου*. Πορεία, Αθήνα. [DULAVERAS, Aristidis N (1994): *Ergografía paremiológica y paremiográfica de Dimitrios S. Lukatos*. Poría, Atenas.]

GARGALLO GIL, José Enrique (2003): "*Més ençà o més enllà, la Quaresma en març caurà*. Refranes romances del mes de marzo" en *Paremia* 12, 2003, Madrid, 41-54.

(2004): "Dos de febrero. Refranes romances de la Candelaria y meteorología popular" en *Paremia* 13, 2004, Madrid, 109-124.

IRIBARREN, José María (2005): *El porqué de los dichos*. 13ª ed. Gobierno de Navarra – Institución Príncipe de Viana, Navarra.

KAPSALIS: Καψάλης, Γεώργιος Δ. (1998) *Οι παροιμίες του Θεσπρωτού λογίου Κώστα Αθ. Μιχαηλίδη*. Gutenberg, Αθήνα. [KAPSALIS, Georgios D. (1998): *Los refranes del intelectual de Thesprotía Kostas Ath. Michailidis*. Gutenberg, Atenas.]

KASTEN, Lloyd A. e CODY, Florian J., (comps.) (2001): *Tentative Dictionary of Medieval Spanish*. 2a. ed. The Hispanic Seminary of Medieval Studies, New York.

LÓPEZ DE MENDOZA, Íñigo (1987): *Refranes de las viejas tras el fuego*. Col. Clásicos El Árbol, José Esteban Editor, Madrid.

LUKATOS: ΛΟΥΚΆΤΟΣ, Δημ. Σ. (1992): *Τα καλοκαιρινά*. 2η εκ. Φιλιππότη, Αθήνα. [LUKATOS, Dimitrios S. (1992): *Lo del verano*. 2ª ed. Filippoti, Atenas.]

(1985): *Συμπληρωματικά του Χειμώνα και της Άνοιξης*. Φιλιππότη, Αθήνα. [(1985): *Complementos del invierno y de la primavera*. Filippoti, Atenas.]

MIEDER, Wolfgang (1996): "Los refranes meteorológicos" en *Paremia* 5, 1996, Madrid, 59-65.

PÁPIROS-LAROUSSE: ΠΆΠΥΡΟΣ- LAROUSSE (2003): *Το παπυράκι. Εγκυκλοπαιδικό λεξικό*. Πάρυπος, Αθήνα. [PÁPIROS-LAROUSSE (2003): *To papiraki. Diccionario enciclopédico*. Pápiros, Atenas.]

POILITIS: ΠΟΛΊΤΟΥ, Νικολάου (1965): *Μελέται περί του βίου και της γλώσσης του ελληνικού λαού. Παροιμίαι*. 4 τόμοι. Εργάνη, Αθήνα. Φωτοτυπική ανατύπωση της εκδόσεως Εν Αθήναις, 1899, Τύποις Π.Δ. Σακελλαρίου. [POILITIS, Nikolás (1965): *Estudios sobre la vida y la lengua del pueblo griego. Refranes*. 4 vol. Ergani, Atenas. Reimpresión facsímil de la edición realizada en Atenas, 1899, Imprenta P.S. Sakellarios.]

RÍO CORBACHO, María Pilar (2005); "O *refrán meteorolóxico*: estudo, comparación con outras lenguas (catalán e francés) e proposta de nova denominación" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 7, 2005, Santiago de Compostela, 239-260.

(2003): "Santos gallegos en el refranero" en *Paremia* 12, 2003, Madrid, 55-66.

SEVILLA MUÑOZ, Julia *et al*. (eds.) (2001): eds. 1001 refranes españoles con su correspondencia en alemán, árabe, francés, inglés, italiano, polaco, provenzal y ruso. Ediciones Internacionales Universitarias, Madrid.

(2000): 877 refranes españoles con su correspondencia catalana, gallega, vasca, francesa e inglesa. 2ª ed. Ediciones Internacionales Universitarias, Madrid.

VENIZELOS: ΒΕΝΙΖΕΛΟΥ, Ι (χωρίς ημερομηνία). *Παροιμίαι δημώδεις*. Επικαιρότητα, Αθήνα. Φωτοτυπική ανατύπωση της πρώτης εκδόσεως (1867), Πατρίδος, Εν Ερμούπολει. [VENIZELOS, I. (sen data): *Refranes en demótico*. Epikerótita, Atenas. Facsímil de la primera edición (1867), Patridos, Ermúpolis.]

Wikipedia. *Βικιπαίδεια*. www.el.wikipedia.org/wiki/Γρηγοριανό_ημερολόγιο

ZURDO RUIZ-AYÚCAR, María Teresa (1999): "Sobre la adecuación del método contrastivo para el análisis interlingüístico de fraseologismos" en EGGELTE HEINZ, Brigitte; GONZÁLEZ MARTÍN, Vicente e MARTÍ PEÑA, Ofelia (eds.): *La lengua alemana y sus literaturas en el contexto europeo. Siglo XIX y XX. Estudios dedicados a Feliciano Pérez Varas*. Ediciones Universidad de Salamanca, Salamanca, 353-366.

Cando chove e dá o sol... ¿Un fraseoloxismo internacional poliédrico?

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Análise da fraseoloxía galega relacionada coa simultaneidade de dous fenómenos antitéticos (a choiva e o brillo do sol), contextualización na fraseoloxía internacional e intento de interpretación. Reclámase a cooperación da fraseoloxía e a antropoloxía para poder descubrí-los mecanimos ocultos dos que nacen estes fraseoloxismos vivos en moitas culturas do mundo.

Palabras clave: fraseoloxía, sol, choiva.

Analysis of Galician phraseology connected with the simultaneity of two antithetical phenomena (rain and sunshine), contextualization within international phraseology and interpretation attempt. Cooperation between phraseology and anthropology is required in order to unveil the hidden mechanisms from which those phraseological units –which are alive in many cultures around the world– arise.

Key words: phraseology, sunshower

Cando a onda de luz pasa a través das seccións centrais dunha pinga de auga, experimenta unha reflexión e unha refracción que a divide nas súas cores elementais (vermello, alaranxado, amarelo, verde, azul, anil e violeta). E, cando isto acontece con millóns de pingas de auga actuando como prismas, aparece o arco da vella ou arco iris. Pero para que nós poidamos velo, o sol ten que estar, como moito, a 42º de altura e isto significa que o arco da vella só se pode ver ata media mañá ou dende media tarde; é dicir, que, *cando chove e dá o sol*, non sempre aparece o arco da vella.

Con ou sen o espectáculo do arco da vella, a simultaneidade da choiva e do sol resulta sorprendente, porque fai simultáneos dous fenómenos atmosféricos antitéticos. E esa sorpresa explica que en moitas culturas do mundo o ser humano reparase nesa contradición. Polo que se verá, parece que todos lemos esta efémera coincidencia atmosférica en clave máis mítica que meteorolóxica e boa parte diso exprésase con recursos fraseolóxicos.

O fenómeno que imos observar, polo tanto, é a simultaneidade da choiva co brillo do sol (sen ou con arco da vella) e tratarei de analizar comparativamente a fraseoloxía desta realidade atmosférica.

1. Os datos

En galego a primeira parte deste fraseoloxismo alterna varias colocacións: *Cando chove e dá o sol ~ quenta o sol ~ vai sol ~ fai sol.* Só a última é simétrica co castelán, cousa que parece indicar que as outras son máis enxebres.

Pero o obxecto desta reflexión é a segunda parte do fraseoloxismo: ¿que acontece cando se simultanean choiva e sol? É nas variantes desa segunda parte onde encontramos toda a riqueza fraseolóxica e cultural, onde se fan evidentes as peculiaridades das diferentes culturas do planeta pero tamén as ocultas conexións entre todas elas.

As miñas fontes son, en primeiro lugar, as fontes do Tesouro Fraseolóxico Galego do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e mailas informacións que me remitiron, e que moito agradezo, diferentes investigadores europeos e algún americano: Maria Conca, Fernando de Castro, Carlos Crida, Francisco Fernández Rei, Ángel Iglesias Ovejero, Guilhermina Jorge, Henrike Knörr, Mª do Carmo Leite de Oliveira, Jean René Klein, Valerii Mokienko e Károly Morvay.

Debo dicir que este meu traballo xa estaba artellado, cando descubrín que o mesmo tema xa interesara en 1998 ó profesor Bert Vaux, da Harvard University, que o anunciara en novembro dese ano en *Linguistic list* [1] e que un mes máis tarde no mesmo lugar[2] ofrecía as respostas recibidas. Estas coincidencias acontecen de cando en vez. Pero, como as miñas fontes son diferentes e o meu obxectivo era situa-lo material galego nun contexto internacional e organizalo non por linguas senón por contidos, decidín seguir adiante incorporando o que me pareceu máis significativo do material de Bert Vaux e, nese caso, coa grafía con que alí el reproduce as diferentes linguas [3]. É xusto e de razón que eu dedique estas reflexións ó pioneiro profesor Bert Vaux que co seu material enriqueceu a miña percepción do tema.

1.1. Observacións estritamente meteorolóxicas

A primeira, a máis esperable e a máis prosaica observación é que, nesas circunstancias, ningún dos dous fenómenos é intenso: *Cando chove e mais fai sol, nin fai sol nin chove.* Pódese dicir doutro xeito, tal como recolle Fernandez Rei (2003:195) en Oleiros (Salvaterra do Miño) e en Cambados: *Chuvia con sol, lágrima de puta, cai no chan, queda enxuta.* Quizais a iso aluda o que Carlos Crida recolleu no español de Cuba: *Agua con sol no vale un frijol* e *Si llueve y hace sol, es un llover traidor*.

Unha segunda observación expresa a crenza de que ó outro día non choverá. Así o expresa unha *filastrocca* (canción infantil) italiana: *Piove e fa sole / la Madonna và per*

[1] http://linguistlist.org/issues/9/9-1565.html. [27/09/2007]

[2] http://linguistlist.org/issues/9/9-1795.html#1 [27/09/2007]

[3] Por certo, no catálogo do prof. de Harvard xa hai algunha información da fraseoloxía galega, remitida por Xosé Luís Regueira e Maite Taboada.

viole, / va per viole con Gesù / e doman non piove più. Piove e c'é il sole / la Madonna ha colto un fiore, / l'ha colto per Gesù / e domani non piove piu[4]. Posiblemente ese sexa o significado do que di o refrán romanés: *Plouă cu soare, mâine-i sărbătoare* ("Chove e dá o sol, mañá é día santo") (Bert Vaux). É curioso, porque en Wikipedia se di que é exactamente o contrario:

> *Anecdotally, it's said that a sunshower is a sign that rain will occur again soon, specifically that it will rain the next day* [5]*;*

e isto mesmo expresa un refrán portugués Quando chove e faz sol é sinal de outra maior[6].

Unha terceira observación tamén física é a de que aparece o arco da vella pero xa pon o pé no mundo mítico se o expresa como o recolleu Xoán Babarro (2003:532) no galego de Asturias: *Cando chove y fai sol sale el arco del Señor*. Neses casos un refrán composto castelán engádelle un matiz de intención política: *Cuando llueve y hace sol, sale el arco del Señor. Cuando llueve y hace frío sale el arco del judío* [7].

Unha cuarta observación sitúa na lúa de xullo a maior frecuencia deste fenómeno, polo menos no ámbito da lingua catalá: *Plou i fa sol, la lluna de juliol* (Maria Conca). Veremos que non é única pero é pouco frecuente esta localización temporal.

1.2. Unha choiva característica: vermella, pálida, cega, quente, fumegante, poallenta, mineral, de cogomelos, de lebres, do raposo, do lobo, do tigre, de sol, de xitanos, india, espida

Debo á amabilidade de Valerii Mokienko numerosas informacións referidas ás linguas eslavas, que vou resumir e que nos ofrecen para a choiva con sol denominacións moi peculiares. Así en ruso é *красный дождь* ("choiva vermella") ou *слепой дождь* ("choiva cega / pálida"); en ucraíno, *сліпий дощ* ("choiva cega") e Mokienko di que popularmente se cría que un pano mollado pola *choiva cega* era malo de branquear e mesmo ofrece unha rima que se lle di á choiva nestes casos: *Иди туда, куда тебя просят, а он пошёл туда, где сено косят ~ Иди туда, где тебя ждут, а он пошёл туда, где жнут* ("Vai, choiva, vai aló onde te chaman, e aló foi ela, onde seituran o feo" ou "Vai, choiva, vai aló onde te agardan, e alá foi ela onde segan"). Outras denominacións ucraínas son *теплий дощ* ("choiva quente"); *курячий дощ* ("choiva fumegante"); *рудавина дощ* ("choiva mineral) e aclara que a expresión "choiva mineral" se explica pola crenza de que "come o mineral"; tamén se lle chama "choiva poallenta": *Дождик, дождик! Я! сварю тебе борщика в новом горшочке, поставлю его на дубочке, дубочек пошатнулся, а дождик полился – ведром,*

---

[4] http://www.filastrocche.it/nostalgici/filastro/piove.htm. [27/07/2007]. Máis en diante (1.13) veremos outras rimas italianas.

[5] http://en.wikipedia.org/wiki/Sunshower#Meteorology [30/05/2007].

[6] http://homepage.vianw.pt/~nx3jrc/antropologia.html [27/07/2007]. Recollido en Souto de Carpalhosa, preto de Leiria.

[7] Ignoro cal é o tal *arco del judío* e aventuro que sexa o circo da lúa, un anel de luz branca que rodea a lúa, e que anuncia precisamente tempo seco e moi frío, tal como ensina un refrán galego di *Circo da lúa a lagoa enxuga.*

кадкой, леечкой над нашей пшеничкой. Ой, дождичек–накрапничек, накрапывай! ("Choiviña, choiviña! Heiche de facer un *borxch* [8] nunha tarteira noviña e poñerte enriba dun carballiño! Pero o carballiño cambaleou e a choiviña derramouse toda – dun caldeiro, dunha tina e dunha regadeira, e alá nos foi caer no trigo. ¡Ai, choiviña poallenta, ven e poalla!"). Estas palabras e expresións designan a choiva que cae cando o ceo non está cuberto de nubes, que pode comezar sen tronos nin lóstregos, o cal adoita acontecer en medio do verán.

Mokienko aínda recolle máis denominacións ucraínas: *заячий дощ* ("choiva de lebres"); *грибний дощ* ("choiva de cogomelos"), denominación viva tamén en ruso (*грибной дождь*), e explica que este tipo de choiva fai nacer cogomelos. Volverei a isto na epígrafe 2.2.

Finalmente ofrece en ruso e en ucraíno unha denominación que chama a atención: *цыганский дождь* ("choiva xitana") en ruso e *циганьский дощ* ("choiva de xitanos") en ucraíno. Isto último confírmao a lista de Bert Vaux na que aparece como serbia a locución *padaju ciganyiki* ("choven xitaniños"). Quizais teña que ver coa idea, que veremos en 1.7.4., de que cando chove e dá o sol, casan os xitanos. E, se cadra, axuda a entender que nalgún lugar do mundo anglófono lle chamen "choiva india" (Bert Vaux).

Na lista de Bert Vaux aparece en indonesio a "choiva quente ~ de sol" (*hujan panas*) esta última tamén viva en armenio (*arevmagh*). Nótese que esta locución cadra coa palabra composta inglesa *sunshower*, a sueca *solregn* e a alemana *Sonnenregen*, todas elas paralelas ó francés *bain de soleil* ("baño de sol").

Nago varsad ("choiva espida") chámanlle en guxarati (Bert Vaux).

Outras linguas identifican esta choiva con algún animal. Así en zaza chámaselle *shilia lûya* ("choiva do raposo"); e en armenio, *külashagh* ("choiva do lobo") e na China "choiva do tigre" (Bert Vaux). Isto veremos que ten moitas conexións internacionais.

1.3. Metáforas astronómicas

En lugares tan distantes como Galicia e Xeorxia está vixente unha mesma metáfora, a de que se produce un aseo astronómico: *o sol lava a cara*; isto é o que di Emilia González Valdés, do Carballiño, e tamén o que en Xeorxia recolle Bert Vaux.

Bert Vaux informa de que en fiji se di que esta choiva é *cazadora do sol* ou *suavizadora do sol* ou *humidificadora do po*, e que no inglés de Hawai se di que é *luz líquida do sol.*

O propio Bert Vaux transmite que a esta choiva se lle chama en grego *sol con dentes* (*ήλιος με δόντια*) pero Carlos Crida asegúrame que o *ήλιος μπαμπινιώτης* ("sol con dentes") dise do día que combina sol e frío, non exactamente sol e choiva.

1.4. Indicios tristes

A choiva con sol é un indicio triste en varias linguas. Valerii Mokienko infórmanos de que en ucraíno se interpreta que esta choiva está formada por bágoas dos santos, de

[8] Sopa de verduras de orixe ucraína.

santa María, da tsarina, dos orfos; pero tamén do sol, converténdose así nun verdadeiro pranto astral.

Se preguntamos por quen choran estes seres, os ucraínos responden que por un afogado, porque din que *Если дождь идёт через солнце, душа утопленника сушится* ("Cando chove e dá o sol, a alma do afogado está a secar"). Tamén os rusos din que esta choiva é o pranto ante o cadáver dun afogado ou dun home virtuoso: *дождь пополам с солнышком – по утопленнике, либо праведник помер*. Se cadra, isto explica dúas cousas: por unha banda, que os rusos digan *утопленники пересыхают* ("os afogados resécanse") e os ucraínos "a alma do afogado está a secar"; e, por outra, que esta choiva sexan *слёзы сирот* ("bágoas de orfo") para ucraínos pero tamén para lituanos: *naslaiciu asaros*.

Véxase tamén o que direi na epígrafe 1.12.2. comentando o catalán *les bruixes portan dol*.

1.5. Indicios alegres

A choiva con sol, en cambio, parece ser un indicio alegre noutras linguas. En grego dise *Ήλιος και βροχή του θεού ευχή* ("Sol e choiva, bendición de Deus") (Carlos Crida).

Vexo, logo, catro linguas que anotan que este fenómeno alegra o pastor: galego (*Cando chove e fai sol alegre está o pastor*), portugués (*Quando chove e faz sol, alegre está o pastor*), español (*Cuando llueve y hace sol baila el perro y el pastor*), piemontés (*A pioff e a fa soua, l'alegria dal pastua*) e italiano (*Piove e fa sole, l'allegria del pastore* [9]). Aínda que Carlos Crida me asegura que o dito grego pode incluí-la simultaneidade dos dous fenómenos, eu sospeito, pola rareza deste indicio positivo, que estes refráns non se refiren á simultaneidade da choiva e do brillar do sol senón á sucesión dunha e doutro, porque esa sucesión é a que máis fai medra-la herba e iso explicaría a alegría do pastor. Obsérvese que xa en 1627 ofrecía estes refráns Gonzalo Correas con interpretacións inequívocas:

> *Cuando llueve y hace sol, alegre está el pastor* (Porque habrá hierba, y porque esquilma por abril y mayo). *Cuando llueve y hace sol, deja el perro a su pastor, o cuando llueve o hace sol* (Por irse a la quesería a lamer los sueros, que es el tiempo de esquilmo por abril y mayo, y por guardarse del agua, y por irse a la sombra).

Ángel Iglesias Ovejero tamén me anota isto: *Lloviendo y haciendo sol se le cuecen las migas al pastor* e comenta que o refrán fala "de ese tiempo que es una bendición en la Iberia seca". O único que me fai dubidar de que este refrán fale de dous fenómenos simultáneos é o refrán castelán: *Cuando llueve y hace Sol, sonríe Nuestro Señor*. Repárese tamén nese baile do pastor, porque, bailar, tamén bailan as meigas no mesmo caso noutras linguas.

Bert Vaux di que, se chove con sol no día do casamento, este fenómeno constitúe para os noruegueses un agoiro moi favorable para a noiva, mentres que no portugués de Cabo Verde indica que o noivo comeu comida fría.

[9] http://digilander.iol.it/meridianeinpiemonte/info_motti_elenco.htm [27/07/2007].

A pesar de que o baile do pastor parece ser froito da súa alegría, non inclúo nesta epígrafe o baile das meigas que se rexistra en véneto (*balano le strie*), porque tratándose delas pode ser un baile ritual de significación diferente e porque en catalán as meigas, cando chove, *portan dol* (é dicir, visten de negro e están tristes) (Maria Conca).

Vexo no CORDE da Real Academia Española unha cita de *Memoria de los orígenes en la descalcez trinitaria* de San Juan Bautista de la Concepción (c. 1617) que compara esta simultaneidade de choiva e sol co fenómeno de rir e chorar ó mesmo tempo *junto con llorar me reí, como cuando hace sol y llueve.*

1.6. Alguén se asea

Xa vimos en 1.3. que en galego e en xeorxiano se aseaba o sol. En ucraíno dise que, cando chove e brilla o sol, *báñanse as ninfas mariñas* (*русалки купаются*) (V. Mokienko).

Con algo da limpeza, pero máis prosaico e sorprendente, ten que ver o que di o húngaro *Esik az eső / Süt a nap / Paprika Jancsi mosogat. / Hát az öreg, mit csinál? / Hasra fekszik, / Úgy pipál* ("Chove e brilla o sol / Paprika Jancsi está a fregar os pratos / ¿E que fai o vello? / Está tumbado panza abaixo / e fuma a pipa"). Este Paprika Jancsi, literalmente "Xan Pemento", é un personaxe burlesco do teatro infantil, vestido de cores rechamantes cun sombreiro en forma de pemento, que fai pallasadas utilizando como arma unha tixola e que sempre castiga un demo, símbolo de tódolos malos. (Károly Morvay).

1.7. Alguén está casando ou vai casar

Unha das metáforas máis estendidas e ricas é a do casamento, aínda que varía quen casa, con quen casa e cando casa.

1.7.1. Casan certos animais: raposo, lobo, caracol, mono, oso, paxaros, ratas, tigre, elefante, león, chacal

A interpretación máis común parece se-la de que está casando ou vai casar un animal. E dentro dos animais o máis común é o raposo: *-Mira o que chove e inda así fai sol. -É que che casa a raposa* (Martín Seixo e M. Dolores Barbeito nas Neves); *cásase o raposo* (en San Cristovo de Regodeigón, Ribadavia), *casa o zorro* (Carme Lamela en Antas de Ulla e Fernández Rei en Taboada); e en Cenlle din *Cando chove e dá o sol cásanse o zorro e a zorra* (Isabel Giráldez). En portugués *Chuva com sol, casamento da raposa* (Guilhermina Jorge), que tamén se di no nordeste do Brasil (Bert Vaux). En vasco dise *Azari ezkontza* ("casamento de raposos") e *azeriaren ezteiak* ("a(s) voda(s) do raposo") (Henrike Knörr).

Bert Vaux tamén recolle *fox's wedding* ("casamento do raposo") no S.O. de Inglaterra (na Cornualla céltica), na Calabria italiana (*quando piove col sole, si sposano le volpi*), e no aramaico, un dialecto do Kurdistán iranio, *de:we go:ri:lu* ("os raposos están casando"). A metáfora chega, segundo Bert Vaux, á lingua dos zaza turcos *wywe lûya* ("casamento dos raposos") e ó finés: *Aurinko paistaa, vettä sataa, kettu viettää häita*; e

en búlgaro fálase do casamento como algo inminente ("a raposa vai casar") e en xaponés *kitsune-no yome-iri* que uns traducen literalmente como que "o raposo vai á casa dos noivos" e outros como que "vai á procesión nupcial" [10].

Como se ve, as variacións son só de xénero (*raposo ~ raposa*) , de número (*raposo ~ raposos*) ou de tempo (*están casando ~ van casar*).

En vasco, segundo me informa Henrike Knörr, tamén casan os raposos: *Iduzki ta auria axarien bodak* ("Sol e choiva, vodas do raposo") e *Iduzkia ta euria axarien ezteiak* ("Sol e choiva, vodas dos raposos") pero a lingua vasca tamén casa outro animal: *Euria ta iguzkia, karakolentako ezteia* ("Choiva e sol, voda para o caracol"). Henrike Knörr engade que é paremia do Roncal pero que lle parece que a mellor tradución é en plural "voda para os caracois") e ofréceme outra variante tamén de Navarra: *Uria ta iduzkia, karakolen besta* ("Choiva e sol, festa dos caracois").

Quizais o máis sorprendente sexa que en Galicia, na Mezquita, casen dous animais heteroxéneos (*estanse casando o lobo coa raposa* (M. Taboada Cid en Verín) e *casa o lobo coa raposa* (Alba Vidal na Arnoia); tamén no afrikaans de Sudáfrica casa o chacal coa loba.

Noutras culturas son outros os animais que están de casamento. Bert Vaux informa de que en lingua armenia casa o lobo (*gilu harsanik'*), como xa vimos que acontecía en Galicia, na Mezquita, aínda que na cultura armenia probablemente o lobo casa cunha loba. Na cultura xermánica (holandés e inglés) casa o mono (*monkey's wedding*) pero ese concepto non debe de ser autóctono, non só pola ausencia de monos na fauna natural da Europa nordatlántica, senón porque tamén se di en Sudáfrica e en Zimbabwe, onde se considera que é unha tradución aproximada do zulú *umshado wezinkawu* ("voda para monos") (Michel Quinion [11]): é dicir, que é posible que os colonizadores ingleses e holandeses aprendesen alá o dito e o incorporasen á súa fala europea. Unha historia semellante pode se-la do inglés *donkey's wedding* ("casamento do burro") (Bert Vaux), porque tamén se di na India. Pero Carlos Crida infórmame de que en Grecia se di que casan os burros, non cando cando dá o sol e chove senón cando dá sol e hai lúa: *Ήλιος και φεγγάρι, παντρεύοντ' οι γαδάροι / γαϊδάροι*.

En búlgaro casa o oso: *sl'nce gree, dyzhd vali, mechkata se zheni* (Wikipedia), *sl'nce gree mechka se zheni* (Bert Vaux). No armenio do nordeste de Turquía casan os paxaros (*djindjuxvon harsnike*) (Bert Vaux). Linguas tan distantes coma o árabe, o bengalí e mailo finés cadran en dicir que quen casan son as ratas (Wikipedia, Bert Vaux). Finalmente a Wikipedia informa de que en coreano se di que casa o tigre (*horangi-ka changga-ga-n-ta 'a*).

En swahili (Tanzania e Kenia) dise que está casando o elefante ou o león (*mvua iki-nyesha wakati jua limetoka tembo/simba anaoa*) (Bert Vaux).

---

[10] Por certo, nunha película de 1990 (*Os soños de Akira Kurosawa*) este director conta oito historias e a primeira delas é a dun rapaz que non fai caso da nai que lle di que non saia da casa cando chove e dá o sol e ve pasa-la procesión nupcial do raposo e isto tráelle malas consecuencias.

[11] http://www.worldwidewords.org/qa/qa-mon2.htm [27/07/2007]

En hindi dise que casa o chacal; no amhárico que casa a hiena (*warabisi hindala*) e no afrikaans de Sudáfrica á choiva con sol chámaselle *jakkalstrou* porque *As jakkals trou met wolf se vrou* ("casa o chacal coa loba") (Bert Vaux).

1.7.2. ¿Casa un ou dá un parente en matrimonio?

Un caso diferente é o do rutoro de Uganda, onde o leopardo leva a filla a casar. Noutras linguas de África tamén intervén o leopardo pero é el quen casa (Wikipedia). Tamén en francés e en ucraíno o demo dá a man da filla ou das fillas para casar: en ucraíno, dá a man da súa filla para casar (Valerii Mokienko); e en francés *Le diable marie ses filles* [12] ("o demo casa as fillas"); no francés de Bélxica o demo casa a filla pero bátelle á muller: *C'est le diable qui bat sa femme et marie sa fille* (Jean René Klein).

1.7.3. Casa o demo

Que o demo vai casar é a explicación que se dá en italiano (*il diavolo si sposa*), en serbio (*djavoli se zhene*), en búlgaro, en turco (de Tracia) (*sheytanlar dü ghün yapIyor*) e tamén en bislama, crioulo de Melanesia (Bert Vaux). Só en italiano parece especificarse con quen casa: coas meigas (*il diavolo sposa le streghe*). En bislama, serbio [13] e turco especifícase o plural (*os demos van casar*): pero a información non permite saber se se refire a unha parella ou a un casamento colectivo.

Quizais con isto teña que ve-lo feito de que en finés digan que no Hades se bebe para celebrar un casamento (*Aurinko paistaa, vettä sataa, Manalassa häitä juodaan*) (Bert Vaux).

1.7.4. Outros noivos: vella, vello, viúva, pobre, pastor, filla do emperador, español

No español de América quen casa nestas circunstancias é unha vella: *Sol con lluvia, una vieja se casa* (Uruguai, Carlos Crida). *Llueve con sol, se casa una vieja* (Arxentina, Bert Vaux). Tamén en grego: *Όξω ήλιος κ' έβρεχε κάποια γριά παντρεύεται* ("Fóra sol e chovía, algunha vella casa") (Carlos Crida).

En portugués casa unha viúva, feito do que sabemos que leva aparelladas festas ridiculizadoras (cornetadas), aínda que é posible que influíse a rima: *Sol e chuva, casamento de viuva. Chuva com sol, casamento de espanhol* (Guilhermina Jorge). No Brasil (Rio de Janeiro) repítese invertido: *Chuva e sol casamento de espanhol. Sol e chuva casamento de viuva*, segundo me informa Mª do Carmo Leite de Oliveira, pero no nordés Bert Vaux recolle só a primeira parte (*Sol e chuva, casamento de viuva*).

En Puerto Rico, segundo Bert Vaux, están casando *una bruja* ou ben *una bruja se está casando*.

No galego de Moscoso (Pazos de Borbén) *Cando chove e mais fai sol, cásase a filla do emperador* (Ventín 2007:576). E isto lembra que, pola contra, en grego nestas circunstancias casan os pobres (*Ήλιος και βροχή 'που παντρεύοντ' οι φτωχοί:* "Sol, sol e choiva, (que) casan os pobres"), porque os gregos din que a xente rica casa cando fai

[12] www.mermet.info/expressions.html [27/07/2007].

[13] Parece ser que en serbio esta expresión se usa referida a cando chove de cifra (tormentas de neve) (Bert Vaux).

sol e neva (*Ἥλιος και χιόνι παντρεύοντ' οι αρχόντοι* "Sol e neve, casan os señores /os principais /os soberanos").

En serbio e en croata van casa-los xitanos (*Cigani se xene ~ cigani se zhene* respectivamente). Lémbrese a *choiva xitana* (1.2.).

Os croatas de Dalmacia teñen outra metáfora: din que casan os frades (*sunce i kisha, fratri se zhenu,* Bert Vaux).

En español de Uruguay casa o pastor: *Cuando llueve y hace sol, son las bodas del pastor* (Carlos Crida) e xa vimos en 1.5. que este fenómeno lle producía alegría.

1.7.5. ¿Casamento ou apareamento?

Os galegos dicimos que *pola Candeloria casan os paxariños* e eu lembro que nos anos cincuenta do pasado século presenciei varios anos seguidos que na misa dese día na capela do Rosario en Bonaval (Santiago de Compostela) se bendicía no altar o matrimonio de dúas pombas e á saída da misa ceibábanse; non sei se ese rito continúa vivo pero daquela todos eramos conscientes, mesmo os rapaces, de que aquel rito laico e ancestral incrustado na liturxia católica aludía eufemisticamente ó apareamento que por esa época inician as aves. Ben, pois Bert Vaux transmite que o seu informante de Tanzania afirma que tamén alí, cando se di que *casa o elefante*, todo o mundo sobreentende que o que se quere dicir é que se aparean os elefantes.

1.7.6. Sexo animal, diabólico, ancián

Nesta mesma dirección de entende-lo casamento como metáfora atenuativa ou eufemística de apareamento sexual, van os testemuños máis explícitos que imos ver agora. En Córsega (Bert Vaux) e en Italia dise que o demo fai o amor (*Quando piove col sole il diavolo fa l'amore. Piove e c'è il sole e il diavolo fa l'amore*) [14]; mesmo se di que *xoga.* ¿Con quen o fai? ¿Con quen xoga? Coas meigas (*Piove e c'è il sole, il diavolo fa l'amore con le streghe*) ou coa súa muller pero, neste caso, engadindo o detalle de que ela o agarra a el polos cornos: *Piove e c'è il sole / e il diavolo fa all'amor con la sua donna: / lei lo piglia per le corna* [15]. En inglés dise que o demo está bicando a súa muller (*the devil's kissing his wife*).

Tamén se di en Italia que cando chove e fai sol as vellas fan o amor (*Quando piove col sole le vecchie fanno l'amore*[16]) ou, máis veladamente, *Quando piove col sole, qualche vecchia va in amore*[17]. Hai aquí algo que nos lembra a peza teatral de Castelao *Os vellos non deben de namorarse,* que, contra o que unha primeira lectura parece indicar (amor ancián = amor repulsivo[18]), reflexiona sobre o difícil que é para a xente máis

[14] www.0web.it/aforismi/proverbi.htm?pag=49 [27/07/2007].
e tamén www.montagnedoc.it/template_scheda.php?ID=666&tipo=scheda&cat=29 [27/07/2007].

[15] http://www.filastrocche.it/nostalgici/filastro/piove.htm [27/07/2007].

[16] www.0web.it/aforismi/proverbi.htm?pag=49 e www.e-sco.ch/Giornalone/Proposte/acqua/acqua.html [27/07/2007].

[17] www.monteneronline.it/arte/detti2.htm [27/07/2007].

[18] A opinión común é que amor de vello a unha moza é amor inconveniente, porque é perigoso tanto para a saúde del, coma para a opinión allea (andan na boca da xente, porque unha moza minte finxindo que ama

nova entende-lo amor dos vellos e o indefensos que eles están ó teren que utilizar as mañas do agasallo económico para compensaren a imposibilidade de ofreceren o agasallo do atractivo físico.

1.8. Parir, nacer e morrer

1.8.1. Pare un animal: lobo, raposa, leopardo, veado, coella, cerva, hiena

A choiva con sol é tamén indicio de que algúns animais están a parir. Bert Vaux recolleu varios testemuños. Así en armenio dise que o lobo está tendo unha cría, que o lobo está parindo no monte ou que está parindo un fillo. En tigrinya, lingua de Eritrea e Etiopía, pare o raposo. No español de Costa Rica dise que *la venada esta dando crío ~ esta teniendo un bebé ~ está pariendo* e no de México dise que *las conejas están pariendo.* En varias linguas de Nixeria e África quen pare é o leopardo; en azerí, o chacal; en armenio pare a cerviña no monte; pare a hiena en dúas linguas de Etiopía, o amhárico e o oromo (*warabisi hindala*) (Bert Vaux).

Só en tres casos se trata de animais comestibles para o home (a veada, a coella e maila cerva): os dous primeiros están no ámbito hispanoamericano (Costa Rica e México respectivamente) e a cerviña en armenio. O resto son animais ós que só se lles aproveita a pel.

Se, como supoño, Bert Vaux transmite en inglés correctamente informacións tan dispersas, só en español (e nun caso en armenio) especifícase que quen pare é a femia; no resto dos casos úsase o masculino xenérico. Pero non me parece relevante, porque a relación cos humanos establécese coa especie non cos individuos.

1.8.2. Nace un animal: lobo e mono

A choiva con sol é tamén indicio de que están a nacer algúns animais pero de tódolos vistos na epígrafe anterior, só sabemos de dous que recolleu Bert Vaux: o lobo (*geltsnknuk*), en armenio; e o mono en fiji e en inglés (unha das citas no sur da China).

1.8.3. Morre algún animal

En wolof, no Senegal, dise que está a morrer a cría da hiena (*bu de tau dinach legi domi buki de*).

1.9. Un tempo especial

Nalgún caso cando chove e vai sol, non acontece nada puntual pero ese feito sinala que se está nun tempo no que triúnfa un animal. Para os siberianos da rexión Arkhángelskaia cando chove e vai sol, é o "tempo do raposo" (*лисья погода*) (Valerii Mokienko).

1.10. Viaxan algúns animais: ra, sapo, caracol, galo

Unha longa rima de Calabria di que cando chove e dá o sol, a ra salta no horto e o sapo aparece morto trala porta: *La piov e la fai souleh / e la rane i zoump ad 'ort / e lou*

un vello se realmente ama o diñeiro del) e tamén para a pobre moza que se ve vendida polos pais. Coido que Castelao vía todo isto con outra perspectiva.

babbe se trove mort / darrei la porte nostre, que, en italiano, sería así: *Piove e fa sole, / e la rana salta nell'orto, / e il rospo si trova morto, / dietro la porta nostra*. Repárese no feito de que acontece algo trala porta, porque é aí onde, para os norteamericanos, o demo bate na muller, como veremos en 1.13.1.

En España, quen se despraza é o caracol: *Cuando llueve y hace sol, coge el caracol* (Correas 1924:139). *Cuando llueve y hace sol sale a paseo el caracol ~ canta el gallo del Señor*. *Si llueve y hace sol, se pasea el caracol*. Os que o recollen din que se refire a marzo.

En catalán dise que a galiña pon o ovo. *Plou i fa sol, la gallina fa l'ou* (Maria Conca). Se isto se refire a marzo, alude a que as galiñas producen máis ovos nesa época próxima á pascua.

1.11. O bautizo do raposo

Pecha as interpretacións zoolóxicas a lingua vasca cun fraseoloxismo único que me facilita Henrike Knörr: *Euria eta eguzkia, azerien bataioa* ("Choiva e sol, o bautizo dos raposos"). Henrike Knörr explícame que nese *azeri-bataio*, a palabra *bataio* é irmá do dialectal castelán *bateo* ("bautismo"); en galego a palabra *bateo* usábaa Fr. Martín Sarmiento en 1746 nas súas coplas[19]; é xa un localismo pero aínda está viva en Montederramo. Mentres moitas linguas utilizan a imaxe do matrimonio, que tamén se pode ver como sacramento, a antiga e senlleira lingua vasca ofrece aquí unha metáfora interesante e tamén moi motivada: o sacramento do bautismo que precisamente ten a auga como materia próxima, xa sexa en forma de inmersión, de infusión ou de aspersión.

1.12. As meigas

Ata aquí a maior parte dos seres que interviñan eran animais, coa excepción do que dixen do casamento do demo. Veremos agora outros seres máis ou menos míticos. Empezarei polas meigas.

1.12.1. As meigas traballan o leite

A primeira actividade das meigas, cando chove e dá o sol, ten que ver co leite. En ucraíno dise que *a meiga colle o leite*. Traballa-lo leite é unha actividade mítica dalgunhas culturas eslavas e ibéricas. A fraseoloxía especifica que se trata de bate-lo leite para face-lo requeixón. Así, en galego temos estas dúas variantes, recolleitas en Castro de Rei (EQUIPO 2000: 20, 34), *Cando chove e vai sol é tempo de requeixón* e *Cando chove e quenta o sol é tempo de requeixón*; e, en castelán, dise *Cuando llueve y hace sol hace la vieja el requesón*[20]. O requeixón probablemente está aí por rima asonante con *sol*, do mesmo xeito que tamén se bate a manteiga, que non rima con *sol*

[19] *¿Non vistes na vila, a vez que hai bateo dun rico meniño, e mais s'é primeiro; botar á apañota no alpendre do tempro, puñadas de cartos aos cañóns e nenos?*

[20] Pero véxanse outros: *Cuando llueve y hace frío, hace la vieja su vestido.Cuando llueve y graniza, hace la vieja longaniza. Cuando llueve y hace viento, quédate adentro*.

pero rima con *meiga* (*a meiga está a bater na manteiga*)[21]; tamén en polaco se di que a meiga está a bate-la manteiga: *Slonce swieci, deszczyk pada, Baba Jaga maslo sklada; Deszczyk pada, slonce swieci, Baba Jaga maslo kleci* ("Cando vai sol e chove, a meiga está a face-la manteiga"). Bert Vaux anota aquí dous detalles importantes que lle transmite Hanna Jakubowicz Batoreo: está é unha rima infantil cantada e que no conto de *Hazel e seu irmán* (versión de Grimm) a meiga chámase *Baba Jaga.*

Nótese tamén que en dúas versións galegas non se usa a colocación simétrica co castelán (*fai sol*) senón as colocacións *vai sol ~ quenta o sol,* asimétricas e probablemente orixinais galegas.

1.12.2. As meigas peitéanse

En 1.6. vimos que unha das interpretacións do fenómeno da choiva con sol é que alguén se asea ou lava os pratos. Quizais con isto teña que ver outra interpretación, unha actividade das meigas ben presente no mundo románico: a de se peitearen. Así en galego *Chove e vai sol, estanse a peitear as bruxas* (O Porriño), *están as bruxas a *peinarse* (Oleiros, Salvaterra do Miño) (Fernández 2003: 195). O mesmo se di en portugués de Portalegre *Estão as bruxas a pentear-se* (Carvalho 1983:164); en italiano *Quando piove col sole è perché si pettinano le streghe*[22]; e tamén en catalán, lingua da que Maria Conca me achega unha rima con dúas accións: *Plou i fa sol, les bruixes es pentinen. Plou i fa sol, les bruixes porten dol.*

Sorprende a versión italiana, neste caso, porque é a única vez que algún fraseoloxismo di expresamente que o que vimos considerando metáfora é a causa real do fenómeno meteorolóxico: *piove ... perché.* Probablemente sexa a expresión máis mítica de todas, xa que en tódolos outros casos a fraseoloxía limítase a xustapoñer dous feitos sen especificar que entre eles haxa algunha relación de causalidade.

Tamén é digno de atención que o peitearse das bruxas se vincule en catalán co feito de *portar dol.* ¿Que significa exactamente que *portan dol*? Significa que van vestidas de negro pola morte de alguén que estimaban moito e que están tristes. Aquí *dol* non está simplemente por rima con *sol*; aquí, coma en ucraíno e en ruso, este fenómeno meteorolóxico vincúlase con acontecementos tristes (1.4.): alguén morreu.

1.12.3. As meigas comen pan mol

Unha actividade de signo moi distinto é a portuguesa: *A chover e a fazer sol estão as bruxas a comer pão mol* (Guilhermina Jorge). Bert Vaux recolle esta mesma versión no nordés do Brasil como vencellada ó casamento do lobo ou de viúva. Aínda que *mol* estivese por razón da rima con *sol,* a actividade de facer pan é positiva; pero o pan mol é pan recente ou, máis ben, pantrigo, é dicir, antigamente pan de ricos, porque os pobres comían acotío a dura boroa.

---

[21] Curiosamente en Galicia hai unha mala relación das bruxas co leite que se reserva para face-la manteiga. En 1929 recollíase en Vilar de Ortelle (Pantón) a crenza de que o 31 de decembro, pola noite, as bruxas víñanse lavar no leite que as mulleres tiñan gardado nas olas para faceren a manteiga e, para o impediren, as mulleres ataban a tapa ás asas cunha toalla e poñíanlle enriba un rosario, estampas e outros obxectos que considerasen antídoto contra as bruxas (CASTRO 1929:116).

[22] http://crifosso.splinder.com/archive/2006-02 [20/09/2007]

1.12.4. As meigas bailan

En véneto Bert Vaux recolleu outra actividade das meigas: bailar (*balano le strie*). Lembremos que, como vimos en 1.5. esta era tamén a actividade do pastor e do seu can en castelán (*Cuando llueve y hace sol baila el perro y el pastor*).

1.12.5. As meigas están envurulladas

Hai tamén no portugués de Portugal unha versión máis completa: *A chover e a fazer sol estão as bruxas no farol, embrulhadas num lençol a comer pão mol* (Guilhermina Jorge). Aquí a rima *farol ~ lençol ~ mol* non nos debe impedir ver que as *bruxas* están *embrulhadas*, porque habemos ver (1.13.4.) que nalgún caso tamén o demo aparece embrullado.

1.12.6. As meigas viaxan

Por último, as meigas viaxan: *Cando chove e vai sol van as meigas para Ferrol* (Cangas; Manuel Otero González). *Cando chove e sale o sol andan as bruxas en Ferrol* (Taboada; Fernández. Rei, 195). Imos ver que esta actividade tamén a practica o demo (1.13.4.) e alí falaremos do lugar de Ferrol.

1.13. O demo

Xa vimos en 1.7.3. que, cando chove e dá o sol, o demo casa. Imos ver agora novos detalles desa metáfora pero tamén metáforas novas nas que intervén o demo.

1.13.1. O demo bate na muller

Esta é unhas das metáforas máis repetidas. En bretón dise *an diaoul o pilad e wreg* ("O demo bate na muller") (Gros 1989:101); o mesmo se di en catalán, *Plou i fa sol, lo diable tupa sa dona* (Maria Conca); en francés de Bélxica, *C'est le diable qui bat sa femme et marie sa fille* (Jean René Klein, de Louvain); en húngaro, *Ördög veri a feleségét* (K. Morvay); en ucraíno, *чёрт жену бьёт* (Valerii Mokienko); en inglés de Estados Unidos ofrécense máis detalles *the devil's beating his wife (behind the back door),* en holandés aínda se engade outro detalle, porque se di que o fai cunha panela trala porta da cociña (Wikipedia), en inglés de Yorkshire dise que o fai cun bacallau (*When it rains when it shines, the devil's beating his wife with a codfish*) (Bert Vaux). En Trinidad e Tobago tamén se di que discute acaloradamente coa muller, *the devil is fighting with his wife* (Fernando de Castro).

1.13.2. Hai feira no inferno

É esta unha expresión típica do holandés e do flamengo. *Het is kermis in de hel* ("Hai unha *kermesse* no inferno" (Jean René Klein, de Louvain). A *kermis* é unha festa campestre anual dos Países Baixos e P. Brueghel pintou algunha. Pero esta *kermis* ten o sentido irónico de batifondo, liorta (que tamén ten o galego *feira*), mesmo de que o demo lle bate á súa muller ou á súa nai, porque Bert Vaux recolle esta versión holandesa e flamenga: *kermis in de hel: de duivel slaat zijn wijf / moer*.

En alemán, no dialecto de Colonia, hai unha versión parecida: *Wann et raent un De Sonn schingk, haet der Duewel Kirmes* ("Cando chove e dá o sol o demo ten unha festa parroquial") (Bert Vaux).

1.13.3. O demo viaxa perseguindo as mulleres (e nalgún caso homes): a específica galega

Mentres en moitas linguas, cando chove e dá o sol, o demo bate na muller, é dicir, na súa propia muller, en galego o demo é menos selectivo e persegue as mulleres en xeral. Esta metáfora parece exclusiva do galego [23]. *Cando chove e fai sol, anda o demo por Ferrol* (Cambados). *Cando chove e quenta o sol, anda o demo por Ferrol ~ vai o demo pra Ferrol* (Santiago de Compostela). *Cando chove e vai sol, van os demos para Ferrol* (Castro de Rei). *Cando chove e fai sol, anda o demo por Ferrol. Cando chove e fai sol, anda o diaño por Ferrol ~ anda o trasno por Ferrol* (Carré Aldao). *Cando chove e mais fai sol, anda o trasno por Ferrol* (Álvarez Giménez, Risco).

Cando chove e fai sol, vai o demo pra Ferrol (no Bierzo; V. Llópiz). *Chove e fai sol, anda o demo en ~ no Ferrol* (Maite Taboada en Bert Vaux).

En todos estes casos, a única variación é de sinonimia (*demo ~ diaño ~ trasno*) ou de número (*demo ~demos*).

Pero hai variantes que engaden algo máis específico. *Cando chove e fai sol, anda o demo por Ferrol, con un saco de alfileres pinchándolle o cu ás mulleres* (en Santiago de Compostela). *Cando chove e quenta o sol, vén o demo por Ferrol, cun saquiño de alfileres pra lle picar no cu ás mulleres* (A Serra de Outes; Fernández 2003:195). *Chove e quenta o sol, vai o demo para Ferrol* (e por veces continúa así: *E vai zoupando nas mulleres con coitelos e culleres*) (Xose L. Regueira citado por Bert Vaux). *Cando chove e quenta o sol, corre pra Ferrol ~ Friol, cargado de culleres zoutando nas mulleres* (Guitiriz). *Cando chove e quenta o sol, anda o demo cun bastón, cunha caixa de alfileres pinchándolle o cu ás mulleres* (Ribadavia. Fernández 2003:195). Repárese ben na variante do bastón (*anda o demo cun bastón*).

En tres casos o demo persegue homes. Un recollémolo en Cospeito: *Cando chove e mais vai sol, van os demos para Ferrol, cargados de tenedores, azoutando nos señores*. Outro en Guitiriz: *Cando chove e quenta o sol, corre pra Ferrol ~ Friol, cargado de ferregachos azoutando nos muchachos*. O terceiro recólleno Álvarez Giménez (Álvarez 1904:38) e Ventín Durán en Moscoso (Ventín 2007:1478): *Cando chove e fai sol, vai o diaño pró Ferrol cargado de tenedores pra espichar (~ espinchar) os homes.* Por último estoutra máis ampla: *Cando chove e quenta o sol / vai o demo pro Ferrol / cun carro de culleres / en busca de mulleres, / i outro de tenedores / en busca dos señores.* (Rielo 1980: 1195).

¿Por qué tanta insistencia en facer i-lo demo a *Ferrol*? Eu coido que *Ferrol* é unha referencia puramente casual, orixinada pola rima coa palabra *sol* e fúndome en que, a pesar da extensión xeográfica das variantes que inclúen Ferrol, en Pol (Terra Chá)

[23] E pasou, polo que se ve, ó castelán falado en Galicia: *Llueve y hace sol, anda el diablo en Ferrol* (Maite Taboada en Bert Vaux).

tamén se fala de Friol: *Cando chove e fai sol, corre o demo pra Friol* (Rielo 1980: 1369); como se ve, mantense a rima sen necesidade de mante-lo topónimo. E, como imos ver en 1.13, tamén en catalán a rima condiciona a aparición dun topónimo, que alí é *Borriol*.

Eu sospeito que a forma primitiva se agacha na variante do bastón (*Cando chove e quenta o sol, anda o demo cun bastón*), que, por ter rima asonante sería a *lectio difficilior* e que provocaría a posterior aparición das variantes con *Ferrol ~ Friol* que melloran a rima. Para a miña idea, a variante do *bastón* é a que mellor emparella coas doutras linguas que vimos en 1.13.1 e 1.13.2. e as de *Ferrol* e *Friol* serían elaboracións galegas posteriores.

Unha razón complementaria é que as variantes con *Ferrol* inclúen *alfileres* e *tenedores* (palabras hoxe consideradas castelanismos, recentes), ó que hai que suma-lo feito de que o **tenedor* denomina un instrumento de cociña que é relativamente moderno na súa forma actual de catro pinchos [24]. Isto faime sospeitar que estas variantes non son antigas e quizais iso explique o feito de que aparentemente só existan en galego.

Álvarez Giménez (1904:38) dálle unha explicación climática a eses **alfileres:* "Es decir, que pica mucho el sol en ese caso": isto implica que el sitúa a maior frecuencia da choiva con sol no verán, feito que nos lembra o refrán catalán *Plou i fa sol, la lluna de juliol*. Eu ignoro se iso se pode aplicar ó clima galego.

Permítaseme unha breve nota marxinal. No ano 2005 fíxose proverbial entre os moitos seareiros galegos do automobilismo esta recreación: *Cando chove e fai sol, pasa o rally por Ferrol.* Ferrol é terra de choivas frecuentes e o eslógan naceu para expresar que, aínda que varíen as datas de celebración, é frecuente que chova en Ferrol durante a celebración desa competición pero que non por iso se suprime a competición. Esta recreación implica tres cousas: a perda da crenza na presenza do demo nos casos de simultaneidade do sol e a choiva; segundo, o fortalecemento da parella *sol ~ Ferrol* para outro contexto; terceiro, a non simultaneidade dos dous fenómenos, porque neste caso a primeira parte enténdese "chova ou faga sol". Esta deconstrución é, polo tanto, unha banalización do contido tradicional.

1.13.4. O demo metido no fol ou na hucha: ¿preso, enmascarado ou latente?

Fronte ós fraseoloxismos anteriores, nos que se fala dun demo viaxeiro, en galego aínda podemos encontrar unha variante que parece dici-lo contrario: *Cando chove e quenta o sol, está o demo metido no fol.* (A Serra de Outes) (Fernández 2003:195). *Cando chove e fai sol, anda o demo no fol* (Cambados) (Castrelo 1996:37). É unha versión das Rías Baixas, que non parece circular polo resto de Galicia, e que nos lembra que en portugués, nas mesmas circunstancias, están as *bruxas embrulhadas* (1.12.5.). O que queda por saber é se o *fol* é algo que envolve o demo e lle impide

[24] Aínda que hai que dicir que xa en 1881 Saco y Arce recollía o refrán *Auga con tenedor, papas con fuso* ó que lle engadía esta explicación "Ridiculiza a los que para alguna operación usan u ofrecen instrumentos no adecuados al objeto" (SACO 1881:337) e o CORDE da Real Academia Española detecta a primeira ocorrencia en 1615 na segunda parte do Quixote (*comía con tenedor las uvas, y aun los granos de la granada*).

moverse (*está o demo metido no fol*) ou se o *fol* é simplemente unha máscara que el pon para desprazarse e que non o recoñezan (*anda o demo no fol*) ou se é o *fol* da fariña. A resposta quizais sexa esta terceira polo que se vai ver agora.

Na Terra Cha corre unha versión enigmática: *Cando chove e quenta o sol / vai o demo para Ferrol, / metediño nunha hucha / preguntando pola pudia*. (Rielo 1989:079). Se antes o demo aparecía metido no *fol*, agora aparece metido na *hucha*. Lembremos que a *hucha* é unha arca que se usa para gardar roupa pero tamén o pan, o sal, a fariña etc.; isto quere dicir que o *fol* e maila *hucha* teñen algo en común. Ben, aquí o demo está claramente encerrado e simultaneamente viaxa e pregunta pola pudia. ¿Que é a tal *pudia*? Consulto o *Diccionario de dicionarios* de Antón Santamarina e vexo que os lexicógrafos dan dúas acepcións: 1. "Clase de retama muy pequeña (Sonán, Lu.). Será la llamada en algunas partes *xestela* de bella flor azul. (FrampasII)" e 2. "Clase de retama de hoja menudita y flor amarilla, que comen los conejos. Xesta es la blanca. De Palas de Rei a Orbazai junto a Lugo, por Guntín, Taboada, Paradela, etc. (FrampasIII)"; unha delas debe de se-lo *Cytisus ingramii Blakelock* e, outra, a *Genista florida L*. Pero ¿para que pode o demo ir pedindo unha xesta? [25] É sabido que a xesta, ademais de para varrer e para estra-las cortes, tamén se utilizaba sen a a folla (a vara de xesta) como tralla ou látigo (*Contra pereza longa, unha vara de xesta abonda*): é dicir, que o demo pode ir preguntando onde está o seu instrumento de castigo. A pudia sería aquí unha xostra e, coma os alfinetes ou o bastón, un instrumento de agresión.

Así que, tanto se o demo anda no fol coma se vai na hucha, parece que o demo anda preto de nós, cismando en como nos vai atacar: iso significaría que a presenza simultánea de sol e choiva é unha situación de perigo. ¿Que tipo de perigo? Pois, tendo en conta que tanto o fol coma a hucha teñen que ver coa fariña, indispensable para face-lo pan, as papas ou as empanadas, o perigo debe de ser para a alimentación do día de mañá.

1.13.5. O demo anda polo medio da herba

Outra actividade diabólica é a de moverse polo medio da herba: *Cando chove / e o sol regaña / anda o demo / pola ferraña*. (Rielo 1989:170). Pero a ferraña non é unha herba calquera. Lembremos que Sarmiento definía a *ferraña* como "centeno que se siega temprano para dar verde a las caballerías, y entre el cual se cogen los mejores nabos" ou como "centeno que se siembra en agosto para dar al ganado en invierno" Eladio Rodríguez matiza "Herrén, forraje, hierba de avena, trigo, cebada o centeno en verde, que se da como FORRAXE al ganado vacuno y al caballar".

Polo tanto, esa ferraña é centeo, avea, cebada ou trigo; seméntase en agosto e debe ser grande no outono; no medio dela cóllense os mellores nabos. Nalgún destes elementos, quizais o fálico dos nabos, debe de esta-la razón da presenza do demo.

---

[25] Exclúo porque non aclaran nada estas dúas relacións do demo coa *xesta*: *A leña de xesta ten o demo na testa*. *A vide e a xesta co demo en testa (xesta* e *vide* fan moito fume ó arderen) e, tendo en conta que por metonimia *xesta* é sinónimo de *escoba*, estoutra: *Cando o demo non ten que facer, colle a escoba e ponse a varrer*. Aínda que se podía pensar que, ó ir encerrado nunha hucha, non ten que facer e por iso pregunta pola pudia, tampouco aclara nada.

1.13.6. O demo ameaza con paus que queiman

A última actividade diabólica, segundo tradición da Terra Cha, é persegui-lo interlocutor de quen fala para queimarlle os fuciños: *Cando chove e fai sol / corre o diaño pra Ferrol, / cargadiño de cotiños / pra queimar os teus fuciños* (Rielo 1980: 471). ¿Qué son os tales *cotiños*? Novamente o *Diccionario de dicionarios* de Antón Santamarina infórmanos de que Elixio Rivas recolleu precisamente en Arcos de Pol, que é de onde procede precisamente o refrán-cantiga, a acepción de "Parte de ramita seca, leña menuda"; pero para explicar que *queime os fuciños* coido que hai que contar con outras acepcións que nos fornece o devandito multidicionario. Vexamos. Sarmiento explícao cando define *cadabullo:* "Lo que queda de un tizón (por otro nombre *coto*) y en general significa un garabullo, un zoquete, un cabo de palo, y creo, del que sirve para alumbrar y quemar". É dicir, é algo duro e que queima. Valladares defíneo tamén como "Pedazo de cigarro, o pitillo". Carré como "cabo de vela". Franco Grande engádelle a acepción de "colilla de puro". Polo tanto, a arma utilizada aquí non son os alfinetes que espichan, nin o bastón que manca senón os cotos que queiman. Tamén varía o perseguido, que aquí non se especifica que sexan mulleres nin homes, senón o interlocutor de quen fala.

1.14. Santa María

Cando chove e dá o sol, en catalán aparece santa María: *Plou i fa sol, Nostra Senyora està en Borriol* (Maria Conca); como se ve, tamén aquí rima *Borriol* con *sol*.

Xa vimos en 1.1. unha *filastrocca* italiana. Vexamos agora outras dúas nas que santa María escolma flores para llas dar ó seu fillo: *Piove e c'è il sole / la Madonna coglie un fiore, / e ne coglie uno di più / per donarlo al suo Gesù; / e ne coglie uno di meno / perché poi venga il sereno; / e ne coglie una paniera / per lasciarli a primavera; / e ne coglie un panierino / per il suo Gesù Bambino*. A cita está na Rede [26]que tamén ofrece esta: *Piove e c'è il sole / la signora coglie un fiore; / e ne raccoglie un cestino / per donarlo al suo bambino. / Ma ne coglie uno di meno / perché poi venga il sereno; / e ne coglie una paniera / per lasciarli a primavera; / e ne coglie un panierino / per il suo dolce caro piccino*.

1.15. Observacións económicas

En Moscoso, Ventín Durán (2007:1025) recolleu esta observación case fiscal: *Cando chove e fai sol, é tempo de paga-las débedas* e anota a explicación de que "algúns refíreno a marzo". A tradición de pagar no rural de Galicia parece que era a mediados de agosto (*Quen pola Virxen de agosto non paga, pagará na de setembre, se paga*). En español de México dise que *van a pagar los tramposos* (Rosa Garcia) (Bert Vaux). Hoxe en España as débedas páganse a fin de mes e as fiscais a fin de trimestre (para a maioría en xuño) pero na cultura tradicional había outras datas e eran maiormente estas dúas: a pascua, para regula-las contas coa igrexa, e o final do verán e da colleita, para os outros pagos.

[26] http://www.filastrocche.it/nostalgici/filastro/piove.htm [25/09/2007]

2. Análise na procura da motivación

2.1. Unha observación lingüística previa: o papel da rima

Antes de entrar na análise das motivacións latentes en todo este conxunto internacional de fraseoloxismos resulta indispensable preguntarse ¿pode a rima condiciona-lo emparellamento de realidades ata o punto de lle tirar toda significación a ese emparellamento? É dicir, se, cando o galego di *Cando chove e fai sol, anda o demo (metido) no fol* ou o catalán di *Plou i fa sol, la lluna de juliol,* os referentes *fol* e *juliol* estiveren aí por esixencias da rima, podería ser que todo este corpus fraseolóxico carecese de significación e fose un simple xogo da inventiva popular. Se a resposta correcta for esa, este artigo debería rematar aquí; sería escusado buscar motivación ningunha máis aló do simple xogo de palabras. Por iso debemos analizar cal é o papel da rima nestes fraseoloxismos. ¿É a rima o elemento esencial e causante do fraseoloxismo ou é só coadxuvante á elaboración da mensaxe? ¿Teñen rima tódolos fraseoloxismos analizados?

Non estou en condicións de responder a esta pregunta de xeito exhaustivo, porque, como o lector puido comprobar, case tódolos fraseoloxismos son bimembres ("cando chove e dá o sol" + "está a acontecer algo") pero dunha boa presa deles, maiormente os que tomo do elenco de Bert Vaux, descoñezo cal é o primeiro elemento e iso impídeme saber se hai ou non hai rima.

Se me limito ás paremias que coñezo íntegras, vexo que a rima está presente en diversas linguas. Así, en galego vexo estas rimas: <u>sol</u> ~ *fol, Ferrol, Friol, bastón, requeixón, emperador;* <u>abril</u> ~ *saír;* <u>puta</u> ~ *enxuta*. En portugués vexo <u>sol</u> ~ *espanhol, mol, farol, lençol* e *chuva ~ viuva*. En castelán: <u>sol</u> ~ *caracol, Señor, pastor, requesón*. En catalán: <u>sol</u> ~ *juliol, dol, Burriol*. En italiano: <u>sole</u> ~ *fiore, pastore, amore*. En grego: <u>βροχή</u> ~ *ευχή, φτωχοί*; <u>έβρεχε</u> ~ *παντρεύεται;* <u>χιόνι</u> ~ *αρχόντοι*; <u>φεγγάρι</u> ~ *γαϊδάροι* que riman na pronuncia do grego moderno. En polaco: <u>pada</u> ~ *sklada*.

Pero tamén vexo nesas mesmas linguas fraseoloxismos sen rima. Así en galego <u>sol</u> ~ *raposo, raposa, zorra, leite, manteiga, bruxas, débedas.* En portugués: <u>sol</u> ~ *pentear-se*. En castelán <u>sol</u> ~ *vieja;* <u>lluvia</u> ~ *casa*. En catalán: <u>sol</u> ~ *dona*. En italiano: <u>sole</u> ~ *volpi, streghe*. En francés: <u>soleil</u> ~ *fille*. En inglés: <u>shines</u> ~ *codfish*. Probablemente esta lista poida ampliarse.

O feito de que existan tamén fraseoloxismos sen rima significa que a rima non é un elemento necesario e desencadeante destes fraseoloxismos. Que exista en numerosos casos débese á habilidade do creador anónimo para redondea-la paremia pero a causa da paremia está na súa mensase. E a isto témoslle que engadi-lo feito de que os propios elementos que integran a rima son heteroxéneos, é dicir, que nuns casos vehiculan mensaxes alegres e, noutros, tristes: o *portan dol* do catalán é antitético do *alegre está el pastor* do castelán; e no galego tamén son antitéticos o *anda o demo cun bastón* e *casa a filla do emperador*. É dicir, non estamos ante frases carentes de contido, ante rimas puramente lúdicas: hai mensaxe(s) e, polo tanto, debemos explorar cal é esa mensaxe, cal é a motivación ou motivacións que hai detrás disto.

Deamos, logo, ese paso.

A existencia de fraseoloxismos vencellados a esta situación atmosférica en tantas linguas do mundo fainos ver que aquí hai algo que, aínda que non sexa universal, polo menos é internacional: esa fugaz simultaneidade de contrarios é tan chamativa que non pasa desapercibida: lémbrese a cantiga *A un tempo non pode ser /o ter e máis o gastar, /nin que luza o sol na eira /e que chova no nabal*. (Cabanillas 195:617); e a visión desa antítese provoca en moitas linguas afirmacións que están fixadas e que expresan esa realidade en clave metafórica ou mítica. Varían, en cada lingua, os referentes concretos (e por iso me parece un poliedro) pero todas elas cadran en dicir que ese fenómeno atmosférico sucede cando ou porque está sucedendo ó mesmo tempo algo menos visible; coma se a choiva con sol fose a parte visible dalgo tan real coma iso pero invisible para os ollos humanos.

Neste sentido, podiamos dicir que estes fraseoloxismos son un universal poliédrico.

Ignoro se existe algún estudo etimolóxico destes fraseoloxismos. Ata onde eu cheguei, as referencias máis antigas son recentes [27], coma se fose un fraseoloxismo moderno; pero a extensión internacional e a propia poliedria impiden pensar en semellante cousa. Probablemente estamos ante algo que vén da noite dos tempos, aínda que non existan anotacións tan antigas coma as que existen doutros fraseoloxismos. E, coma en moitos outros casos, á fraseoloxía resúltalle imposible explicar por que naceron, por que se fixaron, por que se institucionalizaron.

E, se non é posible explica-la fixación, non vai ser máis doado explica-la motivación. Mesmo así, a sede de saber non se nos apaga. Así que non hai outro camiño que formular hipóteses por se algunha resultar atinada. Coido que podemos pensar en dúas algo verosímiles: unha biolóxica (a que fai referencia a algúns animais ou plantas que son máis visibles na época en que a choiva con sol é máis frecuente) e outra mítica (aquelas nas que interveñen animais totémicos, ou seres míticos coma o demo, as meigas, os santos, Deus).

2.2. Primeiro nivel de interpretación: motivación biolóxica

2.2.1. Choiva do raposo, choiva dos cogomelos, choiva do caracol

O falante repara en que esa presenza de contrarios ten uns efectos naturais (a herba medra, aparecen cogomelos, vense caracois facendo o seu camiño); ou ben esa coaparición adoita cadrar con outras aparicións (empézase a ve-lo raposo).

Os zoólogos din que os raposos en liberdade viven entre 5 e 7 anos (excepcionalmente un máximo de doce) e que a época de celo é entre decembro e febreiro, aínda que en latitudes máis baixas pode vir antes. Contra marzo ou abril a raposa pare no seu tobo de 1 a 8 raposiños. O refrán galego pon na boca do raposo o seguinte *curriculum vitae*: *En marzo, eu nazo; en abril, estou no cubil; en maio, saio; en San Xoán, xa puxo ó can; en*

[27] O testemuño galego escrito máis antigo posiblemente sexa a cantiga *Cando chove e fai sol* / *anda o demo por Ferrol / con un saco de alfileres / para pica-las mulleres*, recollida en 1864 (Blanco 1992:307) pero debemos lembrar que en castelán xa hai dúas anotacións do século XVII feitas por G. Correas e que vimos en 1.5.

Santa Mariña, xa pillo a galiña; e en agosto xa son raposo. E outros refráns matizan: *En abril sal o raposo do cubil.* Para o mes de maio din o seguinte: *Día da Santa Cruz de Maio, o lobo i-o corvo nado, i-o raposo medio criado. Pola santa Cruz de maio, o lobo i-o corvo nado e o raposo ben empolado. En xaneiro sete lobos ó carreiro; e en maio o raposo criado. En maio o raposo sal ó gaio.* E no mes de xuño dise que *En san Xoán o raposo agarra o carneiro pola lan.* Naturalmente, a partir de aí, o raposo ten que buscar comida tódolos días da súa vida, polo que outros refráns que xa falan dos animais adolescentes ou adultos din que *No mes de xaneiro, métete na casa que anda o lobo e o raposo polo carreiro.* E, como o raposo madruga, din os refráns: *Cando o galo fai quiquiriquí, empeza o raposo par'aí, par'aí. O crego e mailo raposo, se perden a mañá, perden o día todo.*

Na vida do raposo, polo tanto, os meses de marzo e abril sinalan o principio da súa autonomía e da actividade predatoria que o caracterizará durante toda a súa vida.

¿Que pasa na meteoroloxía nese tempo? Pois pasa que é cando alternan con máis rapidez as horas de sol e as de choiva. O profano di que nesa época *o día fai moitas caras,* porque agora chove e, ó pouco, dá o sol e no instante volve chover. Posiblemente isto explique o enigmático refrán *De vello, en marzo, non tóme-lo sol sentado, que é mellor morrer de reuma que afogado* [28] e tamén o epíteto *marzo sollarzo* ("que seca ó sol as cousas molladas"). Os meteorólogos falan de chuvascos intermitentes e esa intermitencia é tan rápida, que chega a simultanearse o estar ó sol e estarse mollando, porque nin a luz nin a auga descenden perpendicularmente.

En consecuencia, o feito de que a época de maior frecuencia da choiva con sol cadre cos primeiros pasos do raposo podería se-la razón de que diferentes linguas lle chamen *choiva do raposo* a este fenómeno atmosférico.

¿E por que *choiva de cogomelos?* En Valdeorras, case a única terra non micófoba de Galicia, recolleu Ruíz Leivas un refrán que nos pode axudar: *Sol e auga de abril, pantorra e caracol hanche saír*. A pantorra é a *Morchela deliciosa,* un cogomelo que sae na primavera ó pe dos freixos, olmos e maceiras en zonas húmidas e que é comestible despois de cocción prolongada ou de deshidratación previa. Isto axúdanos a entender que á choiva soleada desta época se lle chame en ruso e ucraíno *choiva de cogomelos ~ choiva cogomelesca* e, se ben se repara na segunda parte do refrán, que tamén se lle chame *choiva do caracol.*

A maior parte dos cogomelos nacen no outono. E nesa época tamén alternan as horas de sol e as primeiras choivas, aínda que con menos rapidez na intermitencia. Polo que tamén é posible que a esta época se refiran as denominacións rusa e ucraína *choiva de cogomelos ~ choiva cogomelesca.*

Pero ó lector non lle pasa desapercibido o feito de que estas observacións zoolóxicas e botánicas non se refiren á simultaneidade do sol e da choiva senón á súa rápida alternancia, propias da primavera e do outono. Esa alternancia é a que provoca a alegría do pastor (1.5.) e é a que os gregos denominan *sol con dentes* (1.3.). En lei dereita, polo

[28] Aínda que outro refrán caracteriza mellor para iso o mes de febreiro: *Xaneiro, xeadeiro, febreiro, unha raza de sol e outra de bulleiro, marzo, igualarzo, abril, augas mil*.

tanto, unha parte destes fraseoloxismos son diferentes dos que si expresan explicitamente a simultaneidade. Esta heteroxeneidade é visible e non se pode agachar.

2.2.2. ¿Primavera, verán ou outono?

Precisemos un pouco máis, porque outros datos permítennos ver que falamos de chuvascos que alternan con sol en diferentes épocas do ano.

No que queda dito percíbese que algúns fraseoloxismos parece que sitúan este fenómeno meteorolóxico como típico da primavera: os que falan do caracol e do ovo (como vimos en 1.10.), o que fala de que é *tempo de paga-las débedas* (1.15.) refírese directamente a marzo; e Correas (como vimos en 1.5.) refíreos a marzo e abril.

Con todo, en ucraíno dise que estas expresións designan a choiva que cae cando o ceo non está cuberto de nubes, que pode comezar sen tronos nin lóstregos, o cal adoita acontecer en medio do verán (Valerii Mokienko).

Tamén nos levan ó verán os refráns que falan do requeixón (*Cando chove e vai sol é tempo de requeixón. Cando chove e quenta o sol é tempo de requeixón. Cuando llueve y hace sol hace la vieja el requesón*). É sabido que o requeixón se obtén callando o leite en moldes recubertos internamente de gasa para que escoe ben e deite o soro sobrante, sen presión, e deixándoo nun lugar quente: por todo isto, o requeixón, na cultura tradicional, faise maiormente no verán e outono aproveitando a calor para callar mellor o leite.

Outras catro razóns lévannos a pensar nunha choiva de verán. O refrán galego *Chuvia con sol, lágrima de puta, cai no chan, queda enxuta*; as locucións eslavas de que cando chove e dá o sol *Os cadáveres resécanse ~ están a secar*; a locución catalá que fala *lluna de juliol* e a maior frecuencia dos cogomelos (*choiva de cogomelos*) no outono.

A choiva de cogomelos e o anda-lo demo na ferraña lévannos, en cambio, ó outono.

En calquera caso, esta é unha choiva que xa non molla moito, o que parece excluír, polo menos, o inverno.

2.3. Segundo nivel de interpretación: motivacións míticas

2.3.1. Casamento cósmico ou sobrenatural

Este concepto, en cambio, paréceme que o expresan unha boa presa dos fraseoloxismos que, si, falan da simultaneidade da choiva e do brillo do sol.

Coido que pode ter algunha importancia o feito de que o sintagma inicial máis frecuente parece ser *cando chove e dá o sol, cuando llueve y hace sol, pluie et soleil, piove e c'è il sole,* é dicir, cando está a chover e aparece parcialmente o sol; non cando está a brilla-lo sol e de repente caen unhas pingas. Non se trataría da chegada da choiva senón da chegada do sol. Nunha situación estable aparece algo que desestabiliza A propia aparición do sol é xa unha vitoria sobre a choiva e quizais iso axuda a que se vexa o fenómeno como unha derrota da choiva e maila humidade a mans do luminoso e do seco. Se o sol é o axente e a choiva é o paciente, podiamos ter unha clave para entender, polo menos, aqueles fraseoloxismos nos que hai un axente e un paciente.

Só en grego, polaco e portugués, ata onde eu sei, aparece o sol como primeiro e nos dous casos as necesidades da rima parecen ser determinantes: *Ήλιος και βροχή του θεού ευχή* ("Sol e choiva, bendición de Deus"); *Ήλιος και φεγγάρι, παντρεύοντ' οι γαδάροι / γαϊδάροι* ("casan os burros cando dá sol e hai lúa"); *Όξω ήλιος κ' έβρεχε κάποια γριά παντρεύεται* ("Fóra sol e chovía, algunha vella casa"); *Ήλιος και βροχή 'που παντρεύοντ' οι φτωχοί* ("Sol, sol e choiva, (que) casan os pobres"). En polaco *Slonce swieci, deszczyk pada, Baba Jaga maslo sklada; Deszczyk pada, slonce swieci, Baba Jaga maslo kleci* ("Cando vai sol e chove, a meiga está a face-la manteiga"). En portugués e italiano a distribución varía alternativamente en función desa mesma rima: *Chuva e sol casamento de espanhol. Sol e chuva casamento de viuva*. En galego só temos un caso por efecto da rima: *Sol e auga de abril, pantorra e caracol hanche saír*.

De tódalas imaxes vistas polo mundo adiante, a imaxe predominante parece se-la marital, máis ou menos veladamente sexual. Un ser enganador ou predador acosa, conquista, casa ou aparéase. ¿El serán, respectivamente, o sol e a choiva?

O repaso desta escolma de material fraseolóxico internacional permite ventar que tralos diferentes casamentos (1.7.) probablemente se alude cun certo eufemismo ó apareamento. Mesmo no caso da violencia sobre a muller do demo (1.13.1-2) e o acoso demoníaco ás mulleres (1.13.3.) poderíase estar expresando unha escena de apareamento en clave certamente primitiva e hoxe politicamente inadmisible.

	SOL	CHOIVA
xénero	masculino	feminino
características	luminoso, seco, cálido	escura, húmida, fría
simbolizado por	demo, animal	Muller
acción	agrede, somete, triúnfa	dominado

¿Símbolo de unión de diferentes e complementarios (choiva e sol) que, en calquera caso, son necesarios para a vida? ¿Simple símbolo sexual dunha natureza que revive? ¿Símbolo desa cousa tan difícil que é unir dúas persoas tan diferentes e producir de maneira case máxica algo tan lindo?

En calquera caso sorprende que a reprodución aludida sexa animal ou humanoide, en ningún caso vexetal: aparecen animais, meigas e o demo pero non aparecen plantas (só nas *filastrocche* italianas a Virxe colle flores). Os animais son predominantemente animais silvestres, non domésticos. E só en dous casos se aparean dous animais heteroxéneos: en Galicia (na Mezquita) *estanse casando o lobo coa raposa* e no afrikaans de Sudáfrica casa o chacal coa loba.

2.3.2. Fenómeno máxico

¿Que teñen en común a meiga, o demo e mailo raposo? Os tres son arteiros, máxicos, sorprendentes. A choiva con sol sorprende; é algo que, por contraditorio, marabilla e produce a mesma sensación cá maxia. Nesta simultaneidade de contrarios parece que hai un elemento masculino (o sol) en loita cun elemento feminino (a choiva). ¿Por que unha das imaxes recorrentes é a dun combate no que un elemento masculino agrede (dunha maneira máis ou menos afectiva) un elemento feminino? ¿Por que en galego a imaxe dominante é a de que as mulleres se ven acosadas por un ser mítico coma o demo, que na mentalidade tradicional galega é ambiguo (*Deus é bo e o demo non é malo*)? ¿Por que ese acoso se percibe como violencia física, na liña da violencia física do demo inglés, pero cun acoso centrado nunha parte do corpo feminino que parece suxerir unha violencia sexual? Son preguntas para as que a fraseoloxía non parece ter resposta, porque nos nosos tesouros fraseolóxicos non encontrámo-los antecedentes. Esa falta de fontes fai que parezan creacións recentes, pero a súa extensión por todo o planeta fai evidente que isto vén de mitos moi antigos creados para interpretar algo insólito. Posiblemente a resposta teña que vir da antropoloxía.

Pero a maxia está na cohabitación de antitéticos, coma cando a explosión de sentimentos antitéticos nos produce o fenómeno de chorarmos e rirmos ó mesmo tempo: a risa acaba vencendo as bágoas do mesmo xeito que o sol parece vence-la choiva, polo menos, momentaneamente.

2.3.3. Fenómeno negativo

Aínda que nalgúns casos a choiva con sol se asocia a realidades positivas (casamento da filla do emperador, dos señores, dos paxaros, das lebres, do veado, do coello ou da cerva, a alegría do pastor, o sorriso, a benzón ou o arco do Señor), o conxunto das metáforas parece que nos levan, como xa dixemos, a connotacións negativas. Se recapitulámo-los referentes que interveñen na connotación desta choiva son todos ou negativos ou inimigos ou perigosos ou inútiles ou socialmente mal vistos, tanto se falamos de seres míticos (demo, ninfas mariñas), coma se falamos de seres humanos (xitanos –para os serbios-, india –para ingleses-, español –para portugueses; meigas, vello ~vella, viúva, pobre, afogado), ou se falamos de animais (raposo, lobo, mono, ratas, tigre, leopardo, león, chacal, hiena, ra, sapo, caracol) ou de plantas (cogomelos). Tódolos referentes son negativos ou case negativos. Repárese en que o único referente vexetal (fóra das flores das rimas italianas) sexa precisamente o cogomelo, unha planta rodeada de tabús por requirir no colector coñecementos específicos para que non sexa un veleno mortal.

Cando se fala de casamento, casa en primeiro lugar o demo e a propia fraseoloxía atribúe un certo carácter violento a ese matrimonio (*the devil is fighting with his wife, the devil's beating his wife behind the back door, the devil's beating his wife with a codfish*). O casamento da viúva dos portugueses e brasileiros tampouco é moi feliz tal e como repetidamente canta o cantigueiro popular [29] e mesmo existen no mundo rural

[29] No cantigueiro galego, moi afín ó portugués (BOUZA 1946; PIRES 1947), a *viúva* é persoa respectada e o aprecio envolve os seus fillos *(A señora desta casa /ié bonit'e baila benhe /é filla dunha viúda /mira que*

ritos de repulsa social (as cornetadas). O *casamento de espanhol* en Portugal é ademais un antimodelo: un dos refráns portugueses máis coñecidos é precisamente *De Espanha, nem bom vento nem bom casamento.*

E cando se di que anda o demo no fol, na hucha (1.13.4), na ferraña (1.13.5) ou que ameaza con cousas que queiman (1.13.6), estase dicindo que, como mínimo, estamos ante un perigo latente. A simultaneidade de contrarios percíbese como perigosa e negativa.

Quedan abertas outras preguntas. ¿Que animais son estes? Cando se di que pare un lobo ¿é un lobo xenérico ou é un lobo totémico? ¿Teñen algo en común eses animais co demo, coa viúva ou cos pobres que casan? ¿Qué relación hai entre ese fenómeno atmosférico e estes actos? ¿Teñen algunha significación simbólica as viaxes do demo, da meiga, da ra, do sapo e do caracol?

2.4. Refráns cantados

A fronteira entre refráns e cantigas é menos impermeable do que a súa estrutura parece indicar e diso xa falaron recentemente Domingo Blanco e Germán Conde (Blanco 1999; Conde 1999); e os fraseoloxismos que aquí comentamos poden ser outra proba: eu lembro que o de *anda-lo demo por Ferrol* cantabámolo os nenos; pero que só o cantabámo-los pequenos e pequenas, porque os adultos dicíano falando e cun certo aire de estaren facendo algo lúdico, no que, por suposto, non crían.



Cando chove e fai sol and'o demo por Ferrol con un saco d'alfileres para pica-las mulleres.

Con esa ou con outra música débense cantar outras variantes, dado que figuran recollidas en cantigueiros. Son as seguintes: *Cando chove e fai sol / anda o demo por Ferrol / con un saco de alfileres / para pica-las mulleres.* (Blanco 1992: 307). *Cando chove e fai sol / corre o diaño pra Ferrol, / cargadiño de cotiños / pra queimar os teus fuciños* (Rielo 1980: 471). *Cando chove e fai sol, / anda o demo por Ferrol, / con un ramo de alfileres, / pinchando o cu das mulleres.* (recollida en Folgoso, Sarreaus). *Cando chove e quenta o sol / vai o demo para Ferrol, / metediño nunha hucha / preguntando pola pudia*. (Rielo 1989:079). *Cando chove e quenta o sol / vai o demo pro Ferrol / cun carro de culleres / en busca de mulleres, / i outro de tenedores / en busca dos señores.* (Rielo 1980: 1195).

---

donairo tenhe). Pero vese mal que a *viúva* volva casar; e nisto o modelo a seguir é a rula *(*A rula desque é viúda, /nunca pensa en ser casada, /nen pousar en ramo verde, /nen beber en agua crara*)*. O casamento da viúva non convén *(Eu queríame casar/pero non teño con quen,/e casar cunha viúda/iso si que non convén);* é un casamento que ten chata *(Non quero muller casada, /nin quero muller viúda, /quero muller solteiriña /e sin aquela ningunha. //As solteiras son de ouro, /as casadas son de prata, /as viúvas son de cobre /e as vellas son de lata);* é un casamento de pouca utilidade *(O que casa cun viúdo/ganas ten de se casar,/a fariña peneirada/pouco relón pode dar)*; é un mal menor *(Heime de casar este ano /anque sea cun viúdo; /heille de botar no caldo /unha pulga por adubo).*

Das variantes que non mentan Ferrol ignoro se hai algunha con música pero a da ferraña tamén debe ter música na Terra Cha, xa que figura nun cantigueiro: *Cando chove / e o sol regaña / anda o demo / pola ferraña.* (Rielo 1989:170).

Falando coa xente teño comprobado que hai refráns cantados e cantigas faladas. Cuestión difícil é establecer se a interacción entre refráns e cantigas se produce no sentido da implicitación ou da explicitación. O P. Sarmiento parece que tiña unha opinión clara e quizais mereza que algún día a recordemos e analicemos.

2.5. Unha observación sociolingüística

Algunhas concordancias internacionais teñen que ver con pasados movementos migratorios ou de conquista. Isto explica as semellanzas entre os fraseoloxismos galegos e portugueses e entre os de Portugal e do Brasil; igualmente algunhas que se dan entre o español de España e o de Uruguay, entre o inglés británico e o norteamericano.

Pero nalgúns casos as coincidencias parecen moverse en dirección contraria, coma se o substrato indíxena influenciase a lingua colonial. No español de México e de Costa Rica aparecen fraseoloxismos que deben de responder a substratos indíxenas (*la venada está dando crío ~ está teniendo un bebé ~ está pariendo; las conejas están pariendo*). O mesmo acontece no inglés (xa vimos en 1.7.1. que o *monkey's wedding* parece se-la tradución do zulú *umshado wezinkawu*) e no holandés europeo: só a incorporación destes fraseoloxismos á lingua metropolitana por parte dos colonizadores explicaría a presenza dos monos no inglés do Reino Unido ou no holandés de Holanda.

Pero pode haber outras conexións subterráneas que expliquen coincidencias entre linguas distantes sen que as haxa coas linguas xeograficamente intermedias. Poñamos algunhas desas conexións. ¿Con quen contacta o galego fóra da Península Ibérica? Cando di que *a meiga bate o leite*, di o que din os polacos. Cando di que *o sol lava a cara*, di o que din os xeorxianos. Cando di que *casan o lobo* ou *os paxaros*¸ di o que din os armenios. Cando di que *casa o raposo*, di o que di medio mundo, dende os xaponeses ós fineses e dende os zaza turcos ós córnicos celtas. Témo-la idea de que fóra das invasións non houbo outros contactos entre pobos distantes, porque antes a xente non viaxaba. A realidade é que, coma tal entre galegos e polacos, ademais do Camiño de Santiago (que sempre foi de ida e volta), houbo contacto directo nas minas de ferro das Montañas Rochosas dos Estados Unidos. É só un exemplo.

2.6. A complexidade do mundo imáxico universal

A organización que fixen do material reunido por min ou por Bert Vaux pode da-la impresión de que todo se subsume nalgúns conceptos universais. Daríame por satisfeito se eu atinase con algún deles. Pero debo confesar que son, de momento, moi pouco optimista verbo da capacidade europea de entendermos correctamente a mentalidade africana ou asiática. Somos vítimas dun eurocentrismo espontáneo que nos impulsa a ver todo en clave europea e a tratar igual o diferente; e é posible (se non probable) que cousas alleas, que parecen as mesmas cousas nosas, nazan, vivan e teñan significado unicamente en visións do mundo que pouco ou nada teñen que ver coa nosa.

Repetirei un exemplo que xa utilicei noutra ocasión e que é do antropólogo galego Marcial Gondar: unha imaxe de santo Antonio é algo moi diferente se a encontramos nun museo, nunha igrexa con velas diante ardendo e xente rezándolle ou nun pazo como obxecto decorativo. Son os contextos os que dan sentido ós textos.

A linguaxe hai que entendela sempre dende a pragmática, como unha ferramenta que usamos para podermos entende-lo mundo, ordenalo e vivir nel. Unha árbore dá froito pero tamén dá sombra e podémonos subir a ela. O importante, logo, é o sentido que as cousas teñen para nós.

Para nós, europeos, un tigre e un león son simplemente animais exóticos e perigosos e o único bo que lles encontramos é a pel; pero é moi probable que para un asiático ou un africano teñan connotacións que en nada se parecen ás nosas. Dende a nosa cultura europea na que eses animais só se coñecen polo cine, as gaiolas dun parque zoolóxico ou, como moito, as dun circo, é posible que esteamos malinterpretando todo. Por esa razón só especialistas na fraseoloxía e antropoloxía dos espazos naturais deses animais poderán comentar seriamente as connotacións dos fraseoloxismos *Cando chove e dá o sol, casa o león* ou explicarnos por que esa choiva é a *choiva do tigre*.

Para entendérmonos: sospeito que en todo este material pode haber algunhas identidades universais pero temo que sexan máis as que podiamos chamar homofonías semánticas.

Poñerei un exemplo máis próximo. Na propia Europa (polo menos neste recanto occidental de Europa) existe unha diferenza radical no concepto de fantasía e de realidade entre o mundo rural e o mundo urbano. Neste, a realidade é o que se pode tocar, medir e pesar. No rural, en cambio, a Santa Compaña é tan real coma o carro das vacas. O extraordinario (ou sobrenatural) está aí e o home utiliza estratexias para entendelo e gobernarse utilizando os seus efectos positivos e evitando os negativos. O mundo do extraordinario estira moito, é moi flexible. Esa flexibilidade afecta a toda a realidade, mesmo á maneira de concibi-las profesións. E os expertos din que a mercadotecnia máis avanzada empeza a copiar esta visión non aristotélica da realidade, o que implica usar unha linguaxe menos sígnica e fragmentadora da realidade e máis metafórica e simbólica, na que non hai fracturas.

Nese terreo a fraseoloxía ten no seu corpus un tesouro. Pero, se cadra, xa é tarde para que os europeos urbanitas encontrémo-las claves míticas que explican o nacemento destes fraseoloxismos en tantos países diferentes. Dende logo, sei ben que eu non dei con elas e que só conseguín formular preguntas. Posiblemente esa resposta teña que vir da colaboración de fraseólogos con antropólogos. Por iso queda o tema aberto.

3. Bibliografía

ÁLVAREZ GIMÉNEZ, Emilio (1904): *Refranero agrícola y meteorológico gallego. Traducido y anotado por Emilio Álvarez Giménez. Premiado en el Concurso Pedagógico que se celebró en Orense el día 19 de junio de 1903.* Antonio del Río y Micó, Pontevedra.

BABARRO GONZÁLEZ, Xoán (2003): *Galego de Asturias: delimitación, caracterización e situación sociolingüística* . Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.

BLANCO, Domingo (1992): *A poesía popular en Galicia 1745-1885. Recopilación, estudio e edición crítica.* Xerais, Vigo; 2 vols.

(1999): "Do refrán á cantiga" en ÁLVAREZ, R. e VILAVEDRA, D. (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero II.* Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela; 203-233.

BOUZA-BREY, Fermín (1946): "Analogías gallego-portuguesas en el cancioneiro popular" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* II,1946, 69-97. Reed. en BOUZA-BREY, F. (1982): *Etnografía y folklore de Galicia (2).* Edicións Xerais de Galicia, Vigo; 253-282.

CABANILLAS, Ramón (1951): *Antífona da Cantiga. Comentos filolóxicos de Isidoro Millán González-Pardo.* Galaxia,Vigo.

CARVALHO COSTA, Alexandre de (1983): *Gente de Portugal. Sua linguagem - seus costumes.* Edição da Assembleia Distrital de Portalegre. I(1,2,3),1982; II,1983;III,1984;IV, 1985.

(CASTRELO): EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO COLEXIO PÚBLICO DE CASTRELO (1996): *A medicina popular.* Colexio Público de Castrelo, Cambados.

CASTRO LÓPEZ, Ramón (1929): *Reseña histórico descriptiva de la parroquia de Vilar de Ortelle y su comarca y de los monumentos protohistóricos del partido de Monforte de Lemos. Con una relación de los principales santuarios, leyendas, supersticiones y otras curiosidades antiguas del país. Por D. Ramón Castro López, párroco de Vilar de Ortelle. Con licencia del Ordinario.* Imp. F. Rodríguez, Monforte. Edición Facsímil do Servicio de Publica ciones Diputación Provincial, Lugo.

CONDE TARRÍO, Germán (1999): "El refranero gallego y la lírica tradicional" en *Paremia* 8, 1999, 143-148.

CORREAS, Maestro Gonzalo (1924[2]): *Vocabulario de refranes y frases proverbiales y otras fórmulas comunes de la lengua castellana en que van todos los impresos antes y otra gran copia.* Tip. de la Rev. de Archivos, Bibliotecas y Museos, Madrid.

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (2000): *Anacos da nosa cultura. Refráns, adiviñas, lendas... Celebracións e oficios... Aparellos...* C.E.I.P. Veleiro do Campo (Castro Ribeiras do Lea). Curso 95/96-96/9. Citania Publicacións, Lugo.

FERNÁNDEZ REI, Francisco (coord.) (2003): *Atlas Lingüístico Galego. Volume IV. Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.

GROS, Jules (1989): *Le trésor du breton parlé (Éléments de Stylistique Trégorroise). Deuxième Partie. Dictionnaire breton-français des expressions figurées.* Emgleo Breiz –Brud Nevez, Quintin.

PIRES DE LIMA, Fernando de Castro (1947) "Nova contribuição para o estudo das 'afinidades galaico-portuguesas do cancioneiro popular'" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* III,1947, 323-370.

RIELO CARBALLO, Isaac (1980) *Cancioneiro da Terra Cha (Pol).* Ediciós do Castro, Sada.

(1989): *Cancións galegas (Literatura Popular). Recolleita, ordenación, limiar e notas por* ... Servicio de Publicaciones. Diputación Provincial, Lugo.

SACO Y ARCE, Juan Antonio (1881-1987): *Literatura Popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos recogidos por .... Edición e estudio preliminar de Juan Luís Saco Cid.* Servicio de Publicacións, Diputación Provincial de Ourense, Vigo.

SANTAMARINA, Antón (ed. e dir.) (2003): *Diccionario de diccionarios. Versión 3.0* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. Xunta de Galicia. CD-ROM + 1 vol.

VAUX, Bert (1998): http://linguistlist.org/issues/9/9-1795.html#1. [30-07-2007 14:45].

VENTÍN DURÁN, José Augusto (2007): *Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral.* Cadernos de Fraseoloxía Galega. Anexo 1. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Real Academia Galega.

VVAA: http://answers.google.com/answers/threadview?id=584329 [30-07-2007 14:01].

Garda o teu saio para maio. Consellos de abrigo no calendario romance de refráns[1]

José Enrique Gargallo Gil[2]

Universitat de Barcelona

Este artigo reúne refráns románicos que aconsellan cómo abrigarse nas diferentes estacións do ano. Distribuídos por meses (e corentenas), datas (fixas e móbiles) e outros espazos de tempo, constitúen unha mostra da cultura popular compartida no conxunto da Romania europea. Coma noutros tipos de paremias, cabe destaca-lo papel da rima e a atracción recíproca de certos tipos léxicos (coma saio e maio).

Palabras clave: fraseoloxía, refrán, calendario, linguas romances, rima.

This paper gathers Romance proverbs recommending how to get wrapped up through the seasons and are classified into months (quarantines), dates (fix and movable dates) and other periods of time. These proverbs are a sign of the shared folk culture in the European romance-language countries. As in other kinds of proverbs, the rhyme and the mutual attraction among some lexical types play an outstanding role.

Key words: phraseology, proverb, calendar, romance languages, rhyme.

1. Introdución

Calendario romance de refranes. Tal é o título do libro de Correas/Gargallo (2003), que recolle refráns románicos de diversa índole en relación co calendario (meses, datas fixas e movibles, períodos movibles). A correspondente colleita paremiolóxica evidencia nesta faceta da cultura popular unha romanicidade esencial compartida, un significativo pouso común na percepción do entorno, dos signos meteorolóxicos, do ciclo do ano, así como en crenzas varias, entre os pobos europeos de fala romance. Desta especie de "Romania continua" deixamos á parte o ámbito romanés, que non incluímos no devandito libro.

---

[1] Este artigo enmárcase no proxecto HUM2005-01330/FILO (*Base de datos sobre refranes del calendario y meteorológicos en la Romania*), do que son o investigador principal. Agradezo a Joan Fontana e a Toni Torres a lectura do texto e as súas proveitosas suxestións.

[2] Tradución de Alba Vidal Fernández.

Coa mesma orientación que a seguida nese *Calendario* ideei unha base de datos (véxase a nota 1) que permita almacenar e caracterizar refráns meteorolóxicos, tanto do calendario como alleos ó ciclo anual, nas diversas variedades lingüísticas que conforman a Romania. Para esta nova andaina, polo contrario, conto co romanés, cuxa aportación verificará con datos palpables o carácter apartadizo desa lingua, e, máis concretamente, da cultura popular que este tipo de refráns transmite, no conxunto da Romania europea. No proxecto, que avanza satisfactoriamente, participan investigadores de diversas universidades (a de Barcelona, a Autónoma de Barcelona, a Complutense de Madrid e a de Santiago de Compostela). O obxectivo que se persegue é que a base de datos, así que estea dispoñible nunha páxina web (agora mesmo en construción), permita a consulta de refráns meteorolóxicos (do calendario ou non) que foron tirados de fontes escritas publicadas no último século e medio. Esas fontes aparecen explícitas sistematicamente, do mesmo xeito que a lingua ou variedade románica á que pertencen, desde linguas de implantación estatal (castelán, portugués, francés, italiano, romanés) ata modalidades de alcance rexional ou local (piemontés, valón, aranés). Ademais, os refráns preséntanse vinculados a diversas asignacións, atribucións ou categorías, agrupadas en tres grandes bloques (*Cronología*, *Meteorología* e *Ámbito temático general*) e contan todas elas con subcategorías combinables entre si. Como a que aquí me ocupa, que responde á etiqueta de *consejos de abrigo*, dentro do *Ámbito temático general*. Así, da combinación das etiquetas *gallego* [*Lenguas (variedades)*] + *mayo* [*Cronología*] + *consejos de abrigo* [*Ámbito temático general*] + *sayo* [esta dentro da categoría de *elementos de la vida cotidiana*, que á súa vez forma parte do *Ámbito temático general*] deberase obte-la ficha do refrán que encabeza o título deste artigo, así como as de posibles refráns homólogos na mesma lingua. Desa mesma combinación, sen especifica-lo campo correspondente a *Lenguas (variedades)*, terán que resultar refráns romances en xeral que aconsellan abrigarse co saio no mes de maio, como os que se relacionan no punto 2.9.1.

Aínda que non son explicitamente meteorolóxicos, os refráns con "consellos de abrigo" ó longo do ano teñen cabida na nosa base de datos, debido a que son indicadores da temperatura esperable en diferentes fitos ou espazos de tempo. É o tipo de refráns que destino ó presente artigo, no cal, en cambio, non inclúo os que aconsellan abrigo por circunstancias meteorolóxicas non vinculadas ó calendario, como os seguintes: asturiano (*Cuando Cotovellosu pon la capa, pon la tuya y escapa*; Castañón 1962a: 70) e aragonés (*Cuando Guara sople*[,] *tonto ye o que no s'arrope*; Arnal 1997 [1953]: 33).

Permítome ocasionalmente na transcrición de refráns, como no último citado, dar algún retoque de puntuación ou tipográfico, así como adaptar a texto seguido os refráns que algunhas fontes consignan en forma de versos. Agrupo a mostra en relación con lapsos cronolóxicos (meses, datas fixas e movibles, outros espazos de tempo). Formo subgrupos por afinidades temáticas (pezas de roupa, consellos varios) e estruturais. Ordeno cada grupo pola adscrición de refráns a linguas e variedades romances, aproximadamente de oeste a leste e de norte a sur (véxase no anexo final a lista de abreviaturas coas súas correspondencias). Aquí e acolá, cando o estimo oportuno, aclaro elementos clave dalgún refrán ou anoto glosas e traducións das respectivas fontes. Tras cada refrán engado, entre parénteses, a fonte de procedencia.

2. Meses (e corentenas)

Ademais dos doce meses, inclúense lapsos de corenta días, que acompañan ás correspondentes ocorrencias do corenta de marzo (2.3), abril (2.8), maio e ata xuño (2.10). Tales corentenas invitan a calcula-lo número de días do mes real (31 de marzo, 30 de abril, 31 de maio, 30 de xuño) máis os engadidos (respectivamente, 9, 10, 9 y 10), e son unha de tantas manifestacións concretas do número "corenta" no calendario, como a Coresma ou numerosas predicións meteorolóxicas. Do simbolismo desta cifra, na vida (media vida) e na historia da humanidade, ocupouse Brandes (1995).

2.1. Xaneiro e febreiro

2.1.1. Sete capas (ou casacas) e un sombreiro

gal. *En Xaneiro* [,] *sete capelas e un sombreiro* (Carré Aldao 1926: 13).

port. *Em Janeiro, sete casacos e um sombreiro* (Reis 1995: 260).

cast. *Febrero, siete capas y un sombrero* (Martínez Kleiser 1945: 186).

En febrero, siete capillas y un sombrero (*ibidem*). Glosa o autor: "*Hay que considerarle como mes frío* [...]; *pero también como mes caluroso*"; de aí as *capas* ou *capillas* e o *sombrero*, respectivamente.

cat. *Pel febreret, set capes i un barret* (Sanchis 1951: 31).

2.1.2. Tabardos

vén. *De genàro e de febràro, métete el tabàro* (Rama 1994: 101).

De febràro, calche mato va sènsa tabàro (op. cit., p. 105).

friul. *Di genâr si dopre il tabâr* (Del Fabro 2000: 131).

2.2. Marzo

occ. *Au mes de mars, quau noun a de soulié* ['zapatos'], *vague descaus, e quau n'a, se li sache counserva* (Mistral 1979 [1878-1886]: s. v. *mars*).

Mars[,] *quites pas un parac* ["un anaco de roupa, un farrapo"] (*ibidem*).

2.3. Corenta de marzo

lomb. *Fin ai quaranta dè mars nó lasà zó i stras* (Fappani/Turelli 1984: 179). Traduce a fonte: "*Fino ai quaranta di marzo non toglierti i vestiti*".

2.4. Abril

2.4.1. Capelo, ruín

gal. *En abril pon o capelo*[,] *ruín* (Conde 2001: 110).

cast. *Ponte el capillo, ruin, que viene abril* (*ibidem*). Anota o autor (n. 98): "O *capillo* era unha capucha que usaban os labradores de Tierra de Campos,

comarca que se estende polas provincias de León, Palencia, Valladolid e Zamora".

En abril ponte la capilla, ruin (Rodríguez Marín 1896: 81).

2.4.2. Coa manta ó ombreiro

ast. *Abril, abril, sal a trabayar co'la manta al costín* ['ombreiro'] (Castañón 1962b: 401). É un recurso ben común entre os refráns romances do calendario a invocación duplicada dun nome de mes (Gargallo, no prelo).

2.4.3. Nin un fío

cat. *No te'n toquis ni un fil, pel mes d'abril* (Sanchis 1951: 68).

En abril[,] *no et lleves fil* (ibidem). En Valencia.

oc. *En abriéu*[,] *quites pas un fiéu* (Mistral 1979 [1878-1886]: s. v. *fiéu*).

oc. gasc. *Avant la fin deu mes d'abriu*[,] *cambias pas la lan dambe lo hiu* (Armanac Gascon 1985: 68).

oc. aran. *En abriu, no dèishes lan tà préner hiu* (CNLVA 1992: 35).

francoprov. *Tan k'u mè d'avri, ne kite pa on fi* ["*Jusqu'au mois d'avril, ne quitte pas un fil*"]. *Avan la fin avri, i n fo på pozå on fi* ["*Avant la fin avril, il ne faut pas enlever un fil*"]. *Ne rôt pe ïn pte flê tin k'evri n'â p pésê* ["*N'enlève pas un petit fil tant qu'avril n'est pas passé*"] (Rebetez/Barras 1993: 251). Entre corchetes, as traducións literais das autoras.

piem. *Avrì manca 'n fi* (Schwamenthal/Straniero 1993[2]: 44).

2.4.4. Non quita-la roupa

francoprov. *E n se fa p dévétr, di tan k'èvri n'â p outr* ["*Il ne faut pas se dévêtir avant qu'avril ne soit passé*"]. *Fo pâ che dèpolyie devant ke le mè d'avri chè pacho* ["*Il ne faut pas se déshabiller avant que le mois d'avril soit passé*"] (Rebetez/Barras 1993: 252). Traducións ó francés, no orixinal.

2.4.5. Non se descubrir

tosc. *Aprile, nun ti scoprile* (Schwamenthal/Straniero 1993: 44). Posible deturpación do infinitivo *scoprire* en beneficio da rima (cfr. 5).

camp. *Aprile aprì, nun te scuprì* (*ibidem*). Outra invocación duplicada do nome dun mes (cfr. 2.4.2).

cal. *Ad aprila non ti scoprira* (Schwamenthal/Straniero 1993: 44).

2.4.6. Medias

friul. *In avrîl si bute la cjalze pal curtîl* (Ostermann 1995: 33).

2.4.7. Calzado

francoprov. *O mé d'Avri*[,] *qui a pà de tsouché, a da mouri* (Cassano 1988 [1914]: 27). "*Au mois d'Avril, qui n'a pas de chaussure, est forcé de mourir – de froid*" (tradución e glosa do autor).

2.5. Abril e maio

oc. gasc. *Au mes d'abriu*[,] *ne't descapères pas d'un hiu; au mes de mai, bota't coma te plai* (Armanac Gascon 1985: 68).

francoprov. *In-n avri, n'outa pa on fi, ao mai dé mé, te fari koumè te voudrè* (variante: *Få s k'i t plé*) (Rebetez/Barras 1993: 252). Tradución das autoras: "*En avril, n'ôte pas un fil, au mois de mai, tu feras comme tu voudras* (variante; *fais ce qu'il te plaît*)".

2.6. Abril, maio e xuño

fr. *Au mois d'Avril ne quitte pas un fil*[.] *Au mois de Mai va comme te plaît* (Cassano 1988 [1914]: 48). No Val de Aosta (Italia).

lomb. Suí. *Apríl nanca un fil, magg adagg adagg, giügn slarga ul pügn* (Giovannoli 1994: 26).

friul. *Avrîl no stâ distaponâti; mai va planc; jugn viars il pugn* (Del Fabro 2000: 128).

In avrîl no stâ scuvièrgiti, in mai no stâ fidati, in jugn fâs ce che ti pâr (*ibidem*).

2.7. Abril, maio, xuño e ata xullo

cat. *Pel mes d'abril no et toquis un fil; pel maig vés com vas; pel juny no prenguis consell de ningú; i pel juliol, qui es tapa és un mussol* ["moucho"] (Sanchis 1951: 68).

2.8. Corenta de abril

cat. *Fins a coranta d'es bril, no et llevis un fil* (Sanchis 1951: 68). Localizado polo autor en Mallorca, presenta o artigo "salat" *es* (do latín ĬPSE), característico do catalán balear. Tamén, aférese en *(a)bril* e monotongación na sílaba pretónica de *coranta* (< *quaranta*).

2.9. Maio

2.9.1. Saios

gal. *Garda o teu saio para maio* (Conde 2001: 111).

En maio non quites o saio (ibidem).

port. *Guarda o melhor saio para Maio* (Carrusca 1976: 226).

ast. *Nel mes de Mayo non salgas sin el sayo* (Castañón 1962a: 212).

Aunque veas el sol de Mayo, non quites el sayo (Castañón 1962a: 37).

En ficias del mes de Mayo, nun deixes el sayo (Castañón 1962a: 148). En ficias, "en confianza".

cast. *Para mayo, guarda el sayo* (Conde 2001: 111).

En mayo, no dejes el sayo, por si en vez de derechero viene de soslayo (Martínez Kleiser 1945: 240).

2.9.2. Outras pezas de roupa

cat. *Pel maig no deixis ton gipó* ['xibón'] *per si ve el fred de trascantó* (Amades 1951: 977).

Pel maig, ni per fred ni per calor, no et treguis ton cotilló (Sanchis 1951: 85).

it. *Né di maggio né di maggione non ti levare il pelliccione* (Antoni/Lapucci 1993: 145). Máis casos de duplicación do nome dun mes: *maggio/maggione* (neste refrán); *Magio, magión* (no seguinte). Cfr. así mesmo 2.4.2 e o refrán da Campania no punto 2.4.5.

vén. *Magio, magión, a ti la rosa, a mi el pelizzón* (Rama 1994: 110). Tempo en que aínda pode haber contrastes: mes florido, pero tamén de fríos serodios (cfr. 6).

2.9.3. Consellos varios

fr. *Pendant le joli mois de mai, couvre-toi plus que jamais* (Montreynaud/Pierron/Suzzoni 1994: 233).

Celui qui s'allège avant le mois de mai, certainement ne sait pas ce qu'il fait (*ibidem*). Pola contra, doutro xeito aconsellan os dous refráns seguintes.

oc. *Au mes de mai, vai coume te plais* (Mistral 1979 [1878-1886]: s. v. *mai*).

Mai, quito ço que te plais (ibidem).

2.10. Corenta de maio (e de xuño) e máis saios

gal. *Ata o corenta de maio, non quites o saio* (Conde 2001: 111).

Ata o corenta de maio, non quites o saio[,] *e, se volve a chover, vólveo poñer* (ibidem).

ast. *Hasta'l cuarenta de Mayu non te quites el sayu* (Castañón 1962a: 170).

cast. *Hasta el cuarenta de mayo no te quites el sayo* (*ibidem*).

Hasta el cuarenta de Mayo no te quites el sayo; y si vuelve á llover, vuélvetelo á poner. Ou con estoutra segunda parte: *Y si el tiempo es importuno, hasta el cuarenta de Junio* (Rodríguez Marín 1896: 108).

lomb. Suí. *Al quaranta da masg sa pò molá i strasc* (Giovannoli 1994: 32). "*Al quaranta di maggio si possono mollare (abbandonare) i vestiti*" [tradución do autor].

2.11. Xuño

oc. *En Jun, de tres abit l'un* (Mistral 1979 [1878-1886]: s. v. *jun*). Glosa a fonte: "*en juin, de trois habits n'en garde qu'un*"; é dicir, "en xuño, de tres traxes non gardes máis ca un".

Au mes de jun counsultes degun (*ibidem*).

2.12. Setembro

friul. *Bregons di tele e melons, in setembar no son plui boins* (Del Fabro 2000: 167).

2.13. Outubro

cast. *Del pellejo de octubre, de ese te cubre* (Martínez Kleiser 1945: 289). Con alteración da orde normal do imperativo (*cúbrete*), en beneficio da rima.

cat. *Per l'octubre, qui ha perdut sa capa, que la recobri* (Sanchis 1951: 130). A ausencia de rima invita a pensar nun posible calco a partir do castelán.

oc. *Au mes d'óutobre, qu a perdu soun mantèu, que lou recobre* (Mistral 1979 [1878-1886]: s. v. *óutobre*).

Au mes d'óutobre, qu noun a raubo, que n'en trobe (*ibidem*).

lomb. Suí.*Otobar*[,] *col tabár* (Giovannoli 1994: 57).

2.14. Novembro

rom. *În noiembrie îşi cumpără şi soarele cojoc* (Botezatu/Hâncu 2003: 18). "En novembro ata o sol compra [un] zamarrón". Suxire non facer menos que o propio sol, isto é, abrigarse.

2.15. Decembro

cast. *Por sol que en diciembre haga, no sueltes la capa* (Martínez Kleiser 1945: 308).

cat. *Ni en desembre assolellat*[,] *no et treguis la capa del costat* (Amades 1951: 1002).

friul. *Il mês di brume ogni pezzot s'ingrume* (Ostermann 1995: 35). *Il freddo fa cercare tutti i vestiti*, glosa o autor. Decembro, "o mes das brumas".

3. Datas (fixas e movibles)

3.1. Fixas

3.1.1. Entre San Xurxo e a Aparición de San Miguel

San Xurxo (23 de abril), San Marcos (25 de abril), a Invención da Santa Cruz (a Cruz de Maio, o 3 deste mes), a Aparición de San Miguel (8 de Maio) son datas nas que os nomes populares presentan diminutivos expresamente para procura-la rima con determinadas designacións de pezas de roupa (cfr. 5), que tamén aparecen en forma diminutiva lexicalizada (*xaqueta/jaqueta*) ou non (*manteliño*, *capotillo*). Os correspondentes refráns aconsellan non quita-la roupa nestas datas de finais de abril e principios de maio.

gal. *Astra non pasar Xurxo e Migueliño non tollas o manteliño* (*DNG*, s. v. *Xurxo*).

cast. *Que no pasen Jorgillo y Miguelillo, no te quites el capotillo* (Gomis 1998: 160-161, n. 25). Segundo a fonte, que localiza o refrán en Samper de Calanda (Teruel), *Miguelillo podria ser Miquel Garikoïts, el 13 de maig, o sant Miquel, bisbe i confessor, antigament el 23 de maig*. De todos modos, non me parece descartable que se trate da Aparición de San Miguel, o 8 de maio.

cat. *Entre Marquet i Creveta no t'en llevos la xaqueta* (Griera 1966-1970: s. v. *maig*). Na localidade turolense de Calaceit, ó sur da franxa catalanofalante de Aragón. Presenta trazos (*Creueta* > *Creveta*; o subxuntivo *llevos*) propios da variedade tortosina. Como o refrán que temos a seguir.

Que no passo Sant Marc i Creveta, no et llevos la jaqueta (*ibidem*). Localizado en Rossell (Baix Maestrat), no extremo setentrional do País Valenciano, tamén na área dialectal tortosina, á que pertence así mesmo a variante que lle atribúe Sanchis (1951: 75) a Vinaroz, pero neste caso coas terminacións *-en* e *-es* para os subxuntivos:

Que no passen Peret, Marquet i Creueta, no te lleves la jaqueta.

O diminutivo *Cruceta* para denomina-la Cruz de Maio aparece tamén nun refrán castelán que recollo no Rincón de Ademuz (comarca da Valencia interior), e que recomenda non tosquiar aínda: *Hasta que no pase la Cruceta, no esquiles la burreta* (Gargallo 2007: 32).

En cambio, doutro xeito aconsellan estoutros refráns: tira-las medias no patio (ou curral) o día de San Xurxo.

friul. *A San Ğorğ si bute la čhalce pe cort* (Nazzi 1999: 175).

San Zorz, si bute la cjalze fûr pe cort (Ostermann 1995: 33).

3.1.2. San Xoán (24 de xuño)

Tempo de solsticio, porta do verán, pero aínda así hai refráns que recomendan prudencia á hora de abandona-la roupa de abrigo.

gal. *Astra san Xoán non quíte-lo gabán* (*DNG*, s. v. *Xoán*).

port. *Até ao S. João, sempre de gabão*[,] *e do S. João "em diente" gabão sempre* (Carrusca 1976: 230).

No S. João, semeia de gabão (*ibidem*).

ast. *Per San Xuan non te quites el gabán* (Sánchez/Cañedo 1986: 134).

cast. *Hasta San Juan, no te quites el gabán* (Martínez Kleiser 1945: 259).

Hasta que pase San Juan, no te quites el gabán (op. cit., p. 258). Pero estoutro di o contrario: *Por San Juan, suelta tu gabán* (*ibidem*).

Por bien o por mal, no te quites el sayo hasta San Juan (Martínez Kleiser 1945: 259).

cat. *Per bé o per mal, no et treguis roba fins per Sant Joan* (Amades 1951: 983).

Fins per Sant Joan, no et treguis el saial, si no vols que et vagi mal (*ibidem*).

fr. *Prends tes habits légers le 24 juin et reprends ceux d'hiver le lendemain* (Montreynaud/Pierron/Suzzoni 1994: 245).

3.1.3. Quince de agosto (a Asunción)

friul. *Daspò dai cuindis di Avost, cence tabâr no lâ tal bosc* (Nazzi 1999: 48). "Despois do quince de agosto, sen 'tabardo'/abrigo non vaias ó bosque".

3.1.4. San Miguel (29 de setembro)

vén. *De San Michél se calsa le brute e anca le bèle* (Rama 1994: 120). Glosa o autor que por este día [...] *si mettono le calze* [medias] *sia le ragazze brutte che quelle belle, in quanto comincia a far freddo*.

3.1.5. San Simón

Tempo de media (*cjalze*) e calcetín groso (*scufon*), de manga larga (*mànie*). Quen aínda viste de tea é un parvo (se facemos caso do terceiro refrán).

friul. *A San Simon si tire-sù la cjalze e il scufon* (Ostermann 1995: 34).

San Simon, mànie e scufon (*ibidem*).

A san Simon cui che 'l è vistût di tele 'l è un minchìon (Del Fabro 2000: 171).

3.1.6. Tódolos Santos, día de Defuntos, San Martiño, Santa Catarina e San Andrés

No mes de novembro, camiño do inverno, non son raros os refráns que encadean momentos ligados a un frío crecente. Máis que recomendar, describen o que convén a mozos, a grandes e pequenos: en Tódolos Santos e San Andrés (primeiro e último de mes), no refrán castelán[3]; coa mediación de San Martiño (11 de novembro), no

[3] Abundan na Romania os refráns que invocan o mes de novembro mencionando os días de entrada e saída do mes, e a miúdo chámanlle "*dichoso*/ditoso": *¡Dichoso el mes que entra con Todos los Santos y sale*

lombardo e no primeiro dos do véneto; coa participación tamén do día de Defuntos (2 de novembro), no segundo.

cast. *Al llegar Todos los Santos, sacan la capa los mozos*[,] *y el día de San Andrés se embozan hasta los ojos* (Pejenaute 1999: 305). En Navarra.

lomb. *Per i Sancc sa estés i grancc e per San Martì sa estés grancc e picinì* (Fappani/Turelli 1984: 185). Glosa esta obra: *Per il giorno dei Santi* [...] *i grandi indossano panni più pesanti, per il giorno di S. Martino* [...], *grandi e piccoli si vestono più pesante*.

vén. *Ai Santi se vèste i fanti, a San Martín el grando e 'l pecenín, a Sant'Andrèa, tuta la faméja* [familia] (Rama 1994: 123).

Dai Santi, se vèste i fanti; dai morti, se vèste i fòrchi ['os frientos']*; da San Martín, el grando e anca el pecenín; a Santa Catarína, ogni parigina; a Sant'Andrèa, tuta la faméja* (*ibidem*). Toda "parisina" fai a rima con Catarina. Sobre a rima nos refráns desta mostra, véxase o punto 5.

Tamén hai refráns que aluden só a unha data en concreto: Tódolos Santos, San Martiño, Santa Catarina.

it. *Per Tutti i Santi, son necessari cappelli e guanti* (Schwamenthal/Straniero 1993: 402). Tal vez simple versión italianizada do seguinte.

lomb. *Per tücc i Sanc*[,] *mantèl e guanc* (*ibidem*).

lomb. Suí. *Pai Sant, paltò* ['abrigo'] *e guant* (Giovannoli 1994: 59).

romañ. *Per tút i Sént, fóra la caparéla e i guént* (Schwamenthal/Straniero 1993: 402).

friul. *Pal dì dai sants, la siarpe* ['bufanda'] *e i guants* (Del Fabro 2000: 173).

cast. *Por San Martino, se viste el grande y el mínimo* (Martínez Kleiser 1945: 296).

cat. *Per Sant Martí, s'abriga el ric i el mesquí* (Amades 1989, XV: 168).

it. *A San Martino, si veste il grande ed il piccino* (Schwamenthal/Straniero 1993: 14).

friul. *A san Martin, si vistìs il grant e il picinìn* (Del Fabro 2000: 175).

friul. *A sante Catarine si met sù la tabarine* (Del Fabro 2000: 176).

3.1.7. Santo Tomás

ast. *Por Santu Tomás, camisa comprarás* (Sánchez/Cañedo 1986: 182).

---

con San Andrés! (Rodríguez Marín 1896: 142). *¡Ditoso mes que entra con Santos e acaba con san Andrés!* (*DNG*, s. v. *Santos*). Véxanse moitos outros en Correas/Gargallo (2003: 289-290).

3.2. Movibles: a Ascensión, Pascua de Pentecoste, Corpus Christi

Entre maio e xuño, dependendo da mobilidade da Pascua de Resurrección, estas tres festas movibles recomendan non quitar prendas diversas. Predominan os refráns que implican unha soa das datas. Unicamente o último desta serie (3.2.3) reúne as tres festividades, que acompañan o tránsito do abrigarse ó alixeirarse de roupa. Chama a atención a referencia latina "Viri Galilei" da liturxia para designa-la Ascensión nos refráns do italiano e do friulano, arromanzada como "galileos" no refrán castelán (3.2.1). Non menos curiosa resulta a "santificación" do Corpus, ampliada cunha especie de pseudoartigo árabe (*al*-), na formulación *San Alcorpus* do refrán aragonés (3.2.2).

3.2.1. A Ascensión

cast. *Desde Todos los Santos a la Ascensión, no te quites el ropón o el faldón; y después*[,] *quita y pon* (Pejenaute 1999: 310). En Navarra.

Hasta el día de la Ascensión no guardes tu capa ni tu capuchón (Martínez Kleiser (1989 [1953]: 48).

No dejes los pellejos hasta que vengan los galileos (Rodríguez Marín 1896: 25). Remite o autor ó Comendador (Hernán Núñez), que xa recollía o refrán en 1555 (*No dexes los pellejos, hasta que vengan los Galileos*), coa seguinte glosa: *Quiere dezir: el día de la Ascensión, en el qual se haze en la missa mención de los Galileos* (Núñez 2001 [1555], I: 167). Mención que recollen así mesmo Antoni/Lapucci (1993: 146) a propósito do correspondente refrán italiano (*vid. infra*).

arag. *Pa' l'Ascensión cierra en l'arca o ropón* (Arnal 1997 [1953]: 239).

cat. *Per l'Ascensió els hòmens es lleven la capa i les dones el gipó* (Sanchis 1951: 91). Na poboación valenciana de Albaida.

it. *Fino all'Ascensione non lasciare il tuo giubbone* (Antoni/Lapucci 1993: 146).

Fino a Viri Galilei, vo' vestire i panni miei (ibidem). Explican os autores: *«Viri Galilei» è il giorno dell'Ascensione così chiamato perché in tal giorno l'Introito della messa comincia con queste parole: «Viri Galilei, quid admiranimi aspicientes in caelum?» «Uomini di Galilea[,] perché state a guardare in cielo?»*.

friul. *A viri Galilei mi spuei i "panni miei"* (Nazzi 1999: 17). As comiñas parecen debedoras dos plurais vocálicos do italiano. Con estoutra variante, en Ostermann (1995: 33): *A «Viri Galile» mi spuei i panos miei*.

3.2.2. Corpus

arag. *Pa' San Alcorpus ves a forro* (Arnal 1997 [1953]: 239). Explica o autor: *Hay viejos que hablan de San Alcorpus con toda seriedad, inocencia y santa ignorancia refiriéndose al día de Corpus Cristi* [sic]. *Para ese tiempo ya se puede ir sin chaqueta, es decir*[,] *ir a forro*.

3.2.3. A Ascensión, Pascua de Pentecoste, Corpus Christi

fr. *À l'Ascension quitte tes cotillons. À la Pentecôte découvre tes côtes. À la Fête-Dieu, quitte tout, si tu veux* (Montreynaud/Pierron/Suzzoni 1994: 239).

4. Outros espazos de tempo

4.1. Inverno

rom. *Iarna să nu te cuprinză, fără pânză (haine), fără brânză* (Teodorescu-Kirileanu 1923: 39). "O inverno que non te apañe, sen tea (vestidos), sen queixo".

4.2. Inverno e verán

port. *Nem no Inverno sem capa nem no Verão sem cabaça* (Carrusca 1976: 200).

Nem de Inverno nem de Verão, deixarás o teu gabão (ibidem).

Usa sempre cobertor, quer seja Inverno quer seja Verão (ibidem).

rom. *Toată vara cu cojoc şi iarna cu c . . . la foc* (Hinţescu 1985: 153). "Todo o verán con zamarrón e [en] o inverno con [o] c[u] a[o] lume".

4.3. Canícula

francoprov. *Da lé kanikulé, pèlérin, si i fâ tchô, pra ton manté* (*Rebetez/Barras 1993: 253*). Tradución e glosa das autoras: *Pendant la canicule, pélerin, s'il fait chaud, prends ton manteau* (*le temps est variable*).

5. Pezas de roupa e rimas

A forza da rima terá convocado, na estrutura bimembre de moitos refráns, o nome dunha referencia cronolóxica e un tipo de léxico designador de tal ou cal prenda de abrigo. Este xogo de atraccións formais, unido á existencia de determinados tipos léxicos ou fonéticos en distintas áreas romances, tería facilitado o forxado de tipos paremiolóxicos (*paremiotipos*, propuxen chamalos en escritos anteriores) que irmandan linguas ou variedades na Romania.

A conxunción dos tipos léxicos *saio/sayo* e *maio/mayo* orixina refráns xemelgos no centro e no oeste iberorromances (galego, portugués, asturiano, castelán: *vid*. 2.9.1 y 2.10). Como tamén o "gabán" que viste a San Xoán (3.1.2), e que por semellante motivo formal forza a coexistencia co "verán" portugués (*Verão/gabão*: 4.2).

A combinación dos tipos léxico-fonéticos *abril/fil*, con perda tanto de *-e* como de *-o* finais a partir de APRILE(M) e *filo* (< FILUM) (a diferenza de romances como o castelán *abril/hilo*, que só perde a primeira vogal; ou o italiano *aprile/filo*, que conserva ámbalas dúas), determina a creación de refráns afíns nun *continuum* territorial que abrangue catalán, occitano, francoprovenzal e variedades galoitálicas (*vid*. 2.4.3, 2.5, 2.6, 2.7, 2.8). Refráns que recomendan en catalán non quitar un *fil* por *abril*; outro tanto en occitano con reflexos como *abriéu/fiéu*; *abriu/hiu* na súa variedade gascona; e as correspondentes formas no Val de Aosta (cun testemuño francés que ben puido ser

tradución literal a partir da fala local, ou ben francés rexional: 2.6), en piemontés, en lombardo.

Similar atracción formal facilita o camiño dos refráns con "luvas" para a data de Tódolos Santos, con rima consoante entre os respectivos plurais en italiano, variedades italorromances setentrionais e friulano (3.1.6).

Gran profusión de "capas" (continuadoras do tipo latino tardío CAPPA) e derivados destas acoden ós nosos refráns: *capelo* e *capillo*, *capelas* e *capillas* (2.1.1, 2.4.1), *cappelli* "sombreiros" en italiano (3.1.6). E algúns deses derivados axústanse tamén á rima: *capotillo* vai con *Jorgillo* e *Miguelillo* (3.1.1); *capuchón*, con *la Ascensión* (3.2.1).

A rima reúne "sombreiros" (*Xaneiro*/*Janeiro* y *sombreiro*; *febreret* y *barret*: 2.1.1), "chaquetas" (3.1.1) e diversas pezas de roupa (*Ascensió/gipó*, *Ascensione/giubbone*; *Ascensión* con *ropón* o *faldón*: 3.2.1). Favorece atraccións formais diversas: *aprile/scoprile* (2.4.5), *Viri Galilei* / *i panni miei* (3.2.1). É distintivo común neste e noutros tipos de paremias.

6. Fríos serodios (a modo de conclusión)

Sen dúbida, non é casual que a maior proporción e concentración de refráns do calendario con "consellos de abrigo" se dea en época de fríos serodios: entrada xa a primavera, desde finais de abril ata xuño ou San Xoán (*vid.* 2.3 a 2.11; 3.1.1 e 3.1.2; 3.2). É notoria, aínda que menor, a cantidade de refráns referidos a datas do mes de novembro, que marcan a volta progresiva ó frío invernal (*vid.* 3.1.6).

6.1. Cabaleiros do frío. Santos de xeo

Tampouco será casual que as datas comprendidas entre abril e maio, e mencionadas nos refráns do punto 3.1.1, coincidan co período en que a crenza popular de áreas como a occitana e a francoprovenzal sitúa ós "cabaleiros do frío".

occ. *Jourget, Marquet, Troupet, Crouset, soun li quatre cavalièi* (Mistral 1979 [1878-1886]: s. v. *cavalié*). Coa seguinte glosa: [...] *li cavalièi, lous cavaliès* [...], *nom qu'on donne en Languedoc et bas Limousin aux patrons de certains jours de l'année qui sont remarquables par une recrudescence de froid, derniers jours d'avril et premiers jours de mai*. San Xurxo, San Marcos, San Eutropio de Saintes (respectivamente, 23, 25 y 30 de abril), a Santa Cruz (3 de mayo).

francoprov. *Dzordzet, Croéset et Marquet son les trei cavalié di fret* (Cassano 1988 [1914]: 79). No Val de Aosta (Italia). Deste mesmo lugar alpino, e da mesma fonte, outro refrán alarga o período ata a segunda quincena de maio: *Marquet, Croeset, Jeantet et Urbanet* [,] *voilà les terriblo tsevalié di fret* (*ibidem*). A San Marcos e á Santa Cruz súmanse agora San Xoán Nepomuceno (16 de maio) e San Urbano, que a fonte dá como o 21 de maio. Penso se se tratará de

San Urbano, papa e mártir, 25 de maio; santo ben secundado no calendario romance de refráns (Correas/Gargallo 2003: 168-170).

Entre o 11 e o 14 de maio sitúan outros refráns (en catalán, valón e francés) os "santos de xeo".

cat. *Sants de gel o gelats: onze, dotze i tretze de maig* (Amades 1951: 977).

val. *Mamère, Pancrace èt Sèrvå sont "lès Saints d' glèce"* (Fontaine 1999: 143).

fr. *Saints Mamert, Pancrace et Servais sont toujurs vrais saints de glace* (Hauser 1981: 230). *Au printemps ramènent l'hiver Pancrace, Servais, Mamert* (op. cit., 231). San Mamerto, San Pancracio, San Servasio (11, 12 e 13 de maio). O segundo refrán altera a orde cronolóxica en beneficio da rima (*hiver*/*Mamert*). O lugar de referencia é Suíza, e a obra ofrece numerosas variantes con idéntica motivación en alemán.

Santi di ghiaccio, en italiano, son *Pancrazio, Servazio e Bonifazio* (12, 13 y 14 de maio), segundo Antoni/Lapucci (1993: 145), ó que corresponde o seguinte refrán:

vén. *Maio per quanto bel*[,] *de giazzo el se salva un granel*[,] *un fià per San Pancrazzo*[,] *un fià per San Servazzo e il resto per San Bonifazzo* (*ibidem*). Os autores traducen ó italiano: *Maggio per quanto bello, salva un granello di ghiaccio, un po' per San Pancrazio, un po' per San Servazio e il resto per San Bonifazio*.

6.2. "Inverno" en primavera, veranciño en outono

As mesmas datas do 12 ó 14 de maio, identifícanse pouco despois como o "inverno dos cabaleiros", en forma de refrán e con explicación á parte:

it. *San Pancrazio, San Servazio, San Bonifazio, inverno dei cavalieri. "Si chiama «inverno dei cavalieri» un'improvvisa recrudescenza del clima a primavera inoltrata. Secondo Pasqualigo si deve intendere come «inverno dei bachi da seta»* [*'vermes da seda'*] *che sono chiamati comunemente in varie regioni «cavalieri»"* (Antoni/Lapucci 1993: 145).

Un inverno en plena primavera, no polo oposto ó veranciño de San Martiño que, alá por novembro, convive con múltiples advertencias de frío (3.1.6). Deste veranciño a aquel "inverno" vai medio ano. Nin máis nin menos que medio ano, se se conta do 11 de novembro (San Martiño) ó 11 de maio (San Mamerto), un dos "santos de xeo":

cat. *De l'estiuet de Sant Martí a l'hivern de Sant Mamet, mig any complet* (Amades 1951: 1000).

6.3. Tradición paremiolóxica e cambio climático

"El refranero meteorológico enloquece". Así titula *La Vanguardia* do 11 de marzo de 2007 (pág. 43) un artigo-entrevista de Antonio Cerrillo a Jordi Cunillera (xefe da área de *Recerca Aplicada i Modelització del Servei Meteorològic de Catalunya*) sobre a cada vez menor adecuación dos refráns meteorolóxicos á realidade climática en

Cataluña. Cousa que sen dúbida se podería estender a outros ámbitos romances. Dos oito refráns –todos eles, do castelán– que este artigo periodístico selecciona entre "los que no se han cumplido" durante os últimos anos, dous inclúen consellos de abrigo: *Febrero, siete capas y un sombrero* (cfr. 2.1.1). E o ben coñecido: *Hasta el cuarenta de mayo no te quites el sayo* (cfr. 2.10). Camiño do tan anunciado cambio climático, sempre nos quedará nos refráns a constancia de como vían e prevían o tempo os nosos devanceiros.

7. Abreviaturas

arag.	aragonés
ast.	asturiano
cal.	calabrés
camp.	campano (variedade da rexión italiana da Campania)
cast.	castelán
cat.	catalán
fr.	francés
francoprov.	francoprovenzal
friul.	friulano
gal.	galego
it.	italiano
lomb.	lombardo
lomb. Suí.	lombardo de Suíza (do Tesino ou *Ticino*)
oc.	occitano
oc. aran.	occitano aranés
oc. gasc.	occitano gascón
piem.	piemontés
port.	portugués
romañ.	romañés (variedade da rexión italiana da Romagna)
rom.	romanés
tosc.	toscano
val.	valón
vén.	véneto

8. Bibliografía

AMADES, Joan (1951): *Folklore de Catalunya. Cançoner. Cançons – refranys – endevinalles*. Editorial Selecta, S. A., Barcelona.

(1989): *Costumari Català*. Cercle de Lectors / Salvat, Estella [16 vols.].

ANTONI, Anna Maria e LAPUCCI, Carlo (1993): *30 dì conta novembre... I proverbi dei mesi*. Garzanti Editore s.p.a., Milano.

ARMANAC GASCON (1985) = Institut Culturau de Gasconha / Société Nouvelle d'Éditions Régionales et de Diffusion (1984): Armanac Gascon 1985. S.N.E.R.P., Pau.

ARNAL CAVERO, Pedro (1997 [1953]): *Refranes, Dichos, Mazadas... en el Somontano y montaña oscense*. Herederos de Pedro Arnal Cavero e Institución Fernando El Católico / Prames, S.A., Zaragoza.

BOTEZATU, Grigore e HÂNCU, Andrei (2003[3]): *Dicționar de proverbe și zicători românești*. Litera internațional, Bucureşti/Chişinău.

BRANDES, Stanley (1995): "¿Qué significa cumplir los cuarenta? Cultura y crisis a la mitad de la vida" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, L,2,1995, 27-51.

CARRÉ ALDAO, Uxío (1926): "Coleición de refrans de almanaque", en *Nós* 36,1926, 13-18.

CARRUSCA, Maria DE SOUSA (coordenadora) (1976): "Vozes da sabedoria" III. Edição da coordenadora, Lisboa [3 vols.].

CASSANO, Joseph (1988 [1914]): *Proverbes et dictons valdôtains*. La Librairie Valdôtaine, Aoste.

CASTAÑÓN, Luciano (1962a): *Refranero asturiano*. Diputación de Oviedo/Instituto de Estudios Asturianos (C.S.I.C.), Oviedo.

(1962b): "Los meses en el refranero asturiano" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XVIII,1962, 395-415.

CNLVA [Centre de Normalisacion Lingüistica dera Val d'Aran] (1992): *Arrepervèris*. Pagès Editors, Lleida.

CONDE TARRÍO, Germán (2001): *Diccionario de refráns. Correspondencias en castelán e francés*. Galaxia, Vigo.

CORREAS MARTÍNEZ, Miguel e GARGALLO GIL, José Enrique (2003): *Calendario romance de refranes*. Edicions de la Universitat de Barcelona, Barcelona.

DEL FABRO, Adriano (2000): *Proverbi e modi di dire del Friuli*. La Libreria di Demetra, Colognola ai Colli.

DNG = FERRO RUIBAL, Xesús (director) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Ir Indo Edicións, Vigo.

FAPPANI, Antonio e TURELLI, Francesco (1984): *Il dialetto bresciano*. Ed. «La Voce del Popolo» e «Madre», Brescia.

FONTAINE, Guy (1999): *Le wallon de poche* (Liège - Namur - Charleroi). Assimil Benelux S.A., Bruxelles.

GARGALLO GIL, José Enrique (2007): "El refranero, espejo de la cultura local" en Ababol 49,2007, *Instituto Cultural y de Estudios del Rincón de Ademuz*, 31-33.

(no prelo): "Octubre vinatero, padre del buen enero. Personificación de los meses en el calendario romance de refranes" en *Actas do Colloque International "Discours et savoirs sur les langues, anciennes et modernes, dans l'aire méditerranéenne" (Université Paul-Valéry – Montpellier III. Centre Du Guesclin à Béziers; 19, 20 et 21 octobre 2006).*

GIOVANNOLI, Renato (1994): "Il tempo nella saggezza popolare. Antologia di detti e proverbi dialettali del Ticino" en *Quaderni di documentazione*, 11,1994, Centro Didattico Cantonale Massagno.

GOMIS I SERDAÑONS, Cels (1998) = Cels GOMIS I MESTRE, *Meteorologia i agricultura populars. Recull d'aforismes, modismes, creences i supersticions referents a la meteorologia i a l'agricultura a l'entorn dels anys 1864 a 1915*. Segona edició notablement augmentada amb gran nombre de confrontacions, a cura de Cels GOMIS I SERDAÑONS. Alta Fulla, Barcelona.

GRIERA, Antoni (1966-1970): *Tresor de la llengua, de les tradicions i de la cultura popular catalana*. Ediciones Polígrafa, Barcelona [14 vols.].

HAUSER, Albert (1981): *Bauernregeln. Eine schweizerische Sammlung mit Erläuterungen von Albert Hauser*. Artemis Verlag, Zürich/München.

HINȚESCU, I. C. (1985): *Proverbele românilor*. Editura Facla, Timişoara.

MARTÍNEZ KLEISER, Luis (1945): *El tiempo y los espacios de tiempo en los refranes*. Librería General de Victoriano Suárez, Madrid.

(1989 [1953]): *Refranero general ideológico español*. Real Academia Española, Madrid.

MISTRAL, Frederic (1979 [1878-1886]): *Lou Tresor dóu Felibrige ou Dictionnaire Provençal-Français.* Édition du centenaire sous la direction de V. Tuby. Slatkine / Édition de l'Unicorne, Genève/Paris.

MONTREYNAUD, Florence; PIERRON, Agnès e SUZZONI, François (1994): *Dictionnaire de proverbes et dictons. La sagesse du monde entier*. Dictionnaires le Robert, Paris.

NAZZI, Gianni (1999): *Dizionari dai provierbs*. Ribis, Udine.

NÚÑEZ, Hernán (2001 [1555]): *Refranes o proverbios en romance. Con sus glosas y numerados según el orden en que fueron escritos en la edición príncipe, con indicación del folio*. Edición crítica de Louis COMBET, Julia SEVILLA MUÑOZ, Germán CONDE TARRÍO e Josep GUIA I MARÍN. Editorial Guillermo Blázquez, Madrid [2 vols.].

OSTERMANN, Valentino (1995): *Proverbi friulani raccolti dalla viva voce del popolo*. Del Bianco Editore, Vago di Lavagno (Verona).

PEJENAUTE GOÑI, Javier María (1999): *Los Refranes del Tiempo de Navarra*. Caja de Ahorros de Navarra, Pamplona.

RAMA, Giuseppe (1994): *Proverbi de Verona. "Pillole di saggezza popolare"*. Edizioni della Libreria di Demetra, Bussolengo.

REBETEZ, Martine e BARRAS, Christine (1993): *Le climat des Romands*. Editions Stratus, Oron-la-Ville.

REIS, José ALVES (1995): *Provérbios e Ditos Populares*. Litexa Editora, Lisboa/Porto.

RODRÍGUEZ MARÍN, Francisco (1896): *Los refranes del almanaque. Recogidos, explicados y concordados con los de varios paises* [sic] *románicos*. Imp. de Francisco de P. Díaz, Sevilla.

SÁNCHEZ VICENTE, Xuan Xosé e CAÑEDO VALLE, Jesús (1986): *Mitoloxía. Refraneru asturianu (ordenáu por temes)*. I. Norte, Gijón.

SANCHIS GUARNER, Manuel (1951): *Calendari de refranys*. Barcino, Barcelona.

SCHWAMENTHAL, Riccardo e STRANIERO Michele L. (1993): *Dizionario dei proverbi italiani*. RCS Rizzoli Libri S.p.A., Milano.

TEODORESCU-KIRILEANU, S. (1923): *Proverbe agricole*. Editura cultura națională, Bucureşti.

La langue dans la langue: O tratamento metalexicográfico das unidades fraseolóxicas seleccionadas nos dicionarios académicos do século XVIII en Francia, Italia e España

Axel Heinemann[1]

Universität Salzburg

O presente artigo analiza o tratamento metalexicográfico dos fraseoloxismos somáticos seleccionados cos lexemas *langue*, *lengua* e *lingua* no *Dictionnaire de l´Académie Françoise* (1740), no *Diccionario de la lengua castellana* (1726-1739) así como no *Vocabolario degli Accademici della Crusca* (1729-1738). A práctica de lematización e definición así coma o diasistema da microestrutura atópanse no centro da análise. Estes aspectos investigáronse tendo en conta os problemas comúns coa colaboración da lexicografía e fraseoloxías antigas.

Palabras clave: unidades fraseolóxicas, dicionarios académicos, lexicografía, fraseoloxía

This paper analyses the metalexicographic processing of the somatic phraseologisms extracted from the lexemes langue*,* lengua *and* lingua *from the* Dictionnaire de l'Académie Françoise *(1740), the* Diccionario de la lengua castellana *(1726-1739) and the* Vocabolario degli Accademici della Crusca *(1729-1738). The bulk of the analysis centers on both the lemmatization and definition praxis and the microstructure diasystem. These aspects have been studied considering the general problems regarding the coaction between ancient lexicography and phraseology.*

Key words: phraseological units, academic dictionaries, lexicography, phraseology.

1. Introdución

> *LANGUE n. f. (Latin lingua). Le mot désigne un organe de la bouche qui, dans la plupart des idiomes, symbolise la parole et le système qui la rend possible (justement dit la langue, en français). On retrouve cette valeur dans la plupart des locutions.* (Rey/Chantreau 1994: 463).

O obxectivo da presente colaboración é a descrición do tratamento metalexicográfico dos fraseoloxismos somáticos seleccionados cos lexemas *langue*, *lengua* e *lingua* nos

[1] Tradución de Isabel Giráldez Arias.

tres dicionarios académicos de varios tomos de Francia, España e Italia da primeira metade do século XVIII. A continuación trátanse detalladamente o *Dictionnaire de l´Académie Françoise*, que saíu en dous tomos en 1740 en París, o *Diccionario de la Lengua Castellana* de seis tomos de 1726-1739, así como o *Vocabolario degli Accademici della Crusca*[2] en seis tomos publicados entre 1729 e 1738. Na descrición da creación, así como nos aspectos históricos das edicións que analizamos dos diferentes dicionarios académicos, amósase a relevancia das respectivas academias e os seus proxectos de dicionario, sempre tendo en conta o contexto específico dos dicionarios de cada país e, a continuación (epígrafe 3), explícanse os problemas máis xerais atopados coa colaboración da lexicografía antiga e da fraseoloxía. Neste contexto analizamo-lo modo de lematizar e de definir destes dicionarios, así como a constitución da microestrutura (diasistema, lexicografía documental, exemplificación (sintagmática e paradigmática) e a estrutura de referencia) (epígrafe 4). A conclusión resume os resultados da investigación e amosa as desiderata.

2. Os dicionarios académicos de Francia, Italia e España

2.1. Francia

> *L'édition de 1740, la troisième édition du Dictionnaire de l'Académie, se place à la fois sous le signe de la continuité et sous celui de l'innovation.* (Baddeley / Biedermann-Pasques 1997: 145).

Malia o arriba expresado, a edición da Académie de 1740, en comparación coas precedentes, non aporta nada novo nin fundamental no campo léxico. Non obstante, diferénciase sensiblemente delas a través da introdución da nova ortografía, asociada inseparablemente ó *abbé* D'Olivet. Así como anteriormente Regnier Desmarais imprimira o seu selo no diccionario de 1718, o *abbé* Pierre Joseph Thoullier D´Olivet marcou o dicionario académico de 1740. Naceu o 1 de abril de 1682 en Salins (Franche-Comté) e morreu o 8 de agosto de 1768 en París. D'Olivet foi alumno de Boileau e foi nomeado membro da *Académie françoise* o 25 de novembro de 1723. Por se-lo académico máis estudoso e, ante todo, o máis eficaz no seu traballo, encomendóuselle rápidamente a "normalización" da ortografía francesa. Pero a D'Olivet non só lle interesaba a reforma da ortografía, senón que máis ben quería crear un dicionario baseándose nos dicionarios estranxeiros máis coñecidos, con moitas citas, como podemos deducir dunha carta ó *abbé* Bignon do 24 de xuño de 1727. D' Olivet escribe:

> *Le Dictionnaire ne vaut rien en l'estat où il est, et quand on y travailleroit cent ans, on ne le rendra jamais meilleur, à moins qu'on n'y travaille d'une manière toute contraire à celle qu'on a suivie jusqu'à présent* […]. *On ne sauroit jamais bien entendre, bien sentir et moins encore faire comprendre aux autres qu'elle est la véritable force d'un mot selon les diverses manières dont on peut l'employer que l'on n'ayt vû comment il est employé dans les bons autheurs qui s'en sont servis. On ne fera donc jamais rien qui vaille pour le Dictionnaire si*

[2] Particularmente detallado nos dicionarios, cf. epígrafe 2.

> *l'on n'y met des citations et des exemples. Nous avons pour cela de bons modèles à suivre. Celui des* ESTIENNE *dans leur Thresor de la langue grecque et de la latine, celui de l'Académie de la Crusca et à notre grande honte celui de l'Académie de Madrid qui n'estant établie que depuis six ou sept ans vient de publier le premier volume de son Dictionnaire avec des citations et des exemples tirés de tous les autheurs espagnols, et que l'on peut regarder comme un modèle parfait de dictionnaire.* (*apud* Beaulieux 1954: 19-20)[3].

Non obstante, D'Olivet sabía da urxencia da realización da reforma ortográfica, como lle escribiu ó seu amigo Bouhier, *Président de l´ Académie*:

> *Il y a six mois que l'on délibère sur l'orthographe. Car la volonté de la compagnie est de renoncer dans la nouvelle édition de son dictionnaire à l'orthographe suivie dans les éditions précedentes. Mais le moyen de parvenir à quelque espèce d'uniformité? Nos déliberations depuis six mois n'ont servi qu'à faire voir qu'il étoit impossible que rien de systématique partît d'une compagnie. Enfin, comme il est temps de se mettre à imprimer, l'Académie se détermina hier à me nommer seul plénipotentiaire à cet égard* […]. *Je n'aime assurément point cette vilaine besogne. Mais il faut bien m'y résoudre. Car sans cela nous aurions vu arriver, non pas les calendes de janvier 1736, mais, je crois, celles de janvier 1836, avant que la compagnie ait pu se trouver d'accord.* (Carta do 1 de xaneiro de 1736, en: *Correspondance littéraire du Président Bouhier* II, 207, *apud* Baddeley / Biedermann-Pasques 1997: 152).

En efecto, D'Olivet interesouse axiña pola tarefa que se lle encomendara, de tal xeito que as entradas do dicionario adaptadas á nova ortografía xa se lle presentaron a finais de febreiro de 1736[4] ó impresor Coignard[5]. Porén, a reforma do *abbé* utilizouse pouco na elaboración do *Dictionnaire*, pois os traballos avanzaron lentamente[6] de seu —igual cós da academia de 1694 e os da academia de 1718. Baddeley/Biedermann-Pasques (1997: 153) relatan que se imprimiu primeiro a metade do primeiro tomo en agosto de 1737 e rematouse coa impresión do segundo tomo en maio de 1738.

Resumindo, dise que o *abbé* D'Olivet imprimiu o dicionario, ante todo, cunha perspectiva prosódica, o que non é sorprendente, se se ten en conta que en 1736 no seu tratado *Traité de la prosodie françoise* destacaba como excelente coñecedor desta[7].

---

[3] Reimpreso en Badeley / Biederman-Pasques 1997:148.

[4] Cf. Baddeley / Biedermann- Pasques (1997: 152).

[5] O reforzo da acentuación coa modernización da ortografía provoucoulles ós impresores dificultades técnicas e materiais.

[6] D'Olivet quéixase desta situación nunha carta a Bouhier (*Correspondance littéraire du Président Bouhier*, II, 291) do 15 de setembro de 1738: […] *ce deuxième volume n'en est qu'à la moitié de l'M, et il pourroit être à R.* Nesta época, D' Olivet padecía unha enfermidade na vista e isto facía imposible a corrección dos manuscritos; así que os traballos tivéronllos que encomendar a Foncemagne, (1694-1779) (cf. Tastet III, 1855: 141-144).

[7] No ámbito da presente análise non podemos entrar, desgraciadamente, *in extenso* nas variacións ortográficas existentes entre o dicionario da *Académie* (Ac) de 1718 e o dicionario de 1740, con respecto ás diferentes posicións de Regnier Desmarais, por unha banda, e D'Olivet, pola outra, no tocante ás

Porén, non é sistemático na sinalización da pronuncia e dos sinónimos; o dicionario académico de 1740 amosa, con todo, claramente os esforzos dos autores do dicionario nas discusións ó respecto que se consideraron adecuadas naquela época. O *abbé* Gabriel Girard (1677?-1748)[8] exerceu unha forte influencia na elaboración do dicionario a este respecto coa súa obra precursora *Synonymes françois, leurs significations et le choix qu´il en faut faire pour parler avec justesse* (1736[9]). De feito, o *Dictionnaire de l´Académie françoise*, que se lle presentou[10] finalmente ó rei o 8 de setembro de 1740 en Versalles, fai grandes progresos, en efecto, no aspecto ortográfico e non conserva aqueles caracteres [letras] que *le public a tout à fait rejetées* (D'Olivet, 736: 23), pero aínda se trata no tocante ó léxico, na maior parte, dunha *Editio expurgata*, tal e como se advirte explicitamente no prólogo:

> *A l´égard des expressions de la Langue commune qui paroissent affectées à un certain genre de style, on a eu soin de dire auquel elles sont propres; si c´est au style poëtique, au style soûtenu, ou bien au style familier. Comme les honnêtes gens évitent de se servir des termes que dicte l'emportement ou qui blessent la pudeur, on les a exclus du Dictionnaire.*

Os grandes progresos neste campo limítanse á edición pouco purista do dicionario da *Académie* de 1762, segundo Matoré (1968: 106) *assurément la meilleure* [*édition*] *de toutes*, posto que foi *elaborée par des gens éminents*.

2.2 O *Vocabolario degli Accademici della Crusca* (1729-1738)

> *L'edizione* [*sc. del 1729-1738*], *ricca di 43075 lemmi in cui, per la prima volta, una rigida cura testuale presiedeva alla compilazione lessicografica, ancorandola consapevolmente alla tradizione toscana – e perciò smorzando l'indirizzo accennato dalla Crusca del '91 verso la lingua nazionale – conobbe un successo mai prima registrato.* (Parodi 1983: 101).

Este éxito debérase a unha fase de preparación e redacción extremadamente longa, cuxos comezos se remontan ós anos 1696/1697. (cf. Vitale 1971: 675-704) e divídense en tres partes. A primeira parte abrangue os anos 1697-1717 e caracterízase pola alternancia da suspensión e reanudación dos traballos recompilados, que desenvolveron sobre todo Lorenzo Bellini (1643-1704), Lorenzo Magalotti (1637-1712), Francesco Cionacci (1633-1714) e Anton Maria Salvini (1653-1729). Nese período proxectáronse as *Annotazioni sopra il Vocabolario degli Accademici della Crusca* do 1623 redactadas

variantes gráficas e outras semellantes. Por conseguinte, remítese ós traballos pertinentes, que se atopan en Biedermann-Pasques (1992, especialmente nas páxinas 339-359 e outras).

[8] Cf. Verbo da data de nacemento de Girard, Tastet (I, 1855:352-358) que fala de "vers 1697"; e tamén Batteux (2000).

[9] Cf. tamén a obra de Gauger (1973).

[10] Tamén apareceu esa edición en dous tomos na editorial Coignard en París.

polos *accademici* (2ª edición), así como o comentario de Salvini *Sopra la nuova edizione del Vocabolario*, e levouse a cabo ó remate da cuarta edición[11].

A segunda parte exténdese de 1718[12] a 1724 debido á gran produtividade lexicográfica da *Cruscanti*. Averani, Bresciani, Buonaventuri e outros autores, de novo baixo a dirección de Salvini, aumentaron o número de exemplos e citas do dicionario. A última fase do traballo do *Vocabolario* comeza en 1724 e remata coa aparición do sexto e último tomo do dicionario no ano 1738.

Este é o período de traballo máis frutífero na historia da creación do dicionario; proxectouse finalmente a publicación dos tomos individuais e o final da obra: no verán de 1729 saíu o primeiro tomo do *Vocabolario degli Accademici*; en marzo de 1731 o segundo e en maio de 1735 o terceiro. O cuarto tomo en papel publicouse só dous meses despois, en xullo de 1735 e, finalmente, os *volumi* cinco e seis definitivos do dicionario apareceron en 1738. O *vicesegretario* da Crusca, Rosso Antonio Martini, escribe en setembro de 1738 (Parodi 1983: 101):

> *In questo mese furono pubblicati gli ultimi due volumi del Vocabolario, cioè il V e il VI, con che rimase terminata questa quanto comunemente attesa, altrettanto da chi con occhio sano e senza invidia giudica il valor della cose, applaudita edizione. Intorno alle tre lettere T. V. e Z. , che sono comprese nel Volume, si osservò lo stesso metodo che si era tenuto nell'antecedenti. L'Indice delle Giunte e delle Correzioni, che nel medesimo volume si contiene, fu compilato dal Ripurgato, parte sulle postille ch'egli aveva notate nel suo Vocabolario, secondoché il bisogno e l'opportunità l'aveano richiesto, parte sulle osservazioni che vari accademici aveano suggerite, e specialmente l'Inn° Mons. Giovanni Bottari, che in varie lettere scritte di Roma le avea comunicate al medesimo Ripurgato, e parte finalmente da ciò che avea avvertito nel corso dell'impressione lo stampatore Domenico Maria Manni, che alla perizia dell'arte sua e ad altre moltissime erudizioni, grandissima cognizione aggiungeva delle cose della nostra lingua.*
>
> *Al VI volume fu giudicato convenevole premettere un Avviso a' Lettori, nel quale il Vicesegretario, che lo divisò, credé opportuno non solamente di render conto di ciò che era stato fatto in questa compilazione, e che nella Prefazione posta in fronte al primo volume era stato tralasciato di avvertire per le ragioni che nel detto Avviso possono vedersi, ma ancora di scusare e di giustificare varie cose che avrebbero potuto agevolmente incontrare la condanna di chi non fosse stato prevenuto de' motivi per li quali quelle medesime cose erano corse. La Tavola degli Autori fu riordinata, e con miglior metodo delle passate edizioni disposta dal vicesegretario. La Tavola delle Abbreviature, insieme alle note poste in piè di ciascheduna pagina, fu distesa con grandissima fatica dal Ripurgato, il quale,*

[11] Neste comentario titulado *lezione* del *Salvini* dise entre outras cousas: *Il lavoro continuo potrebbe essere la nuova edizione del Vocabolario, aggiungendovi molte voci, e maniere, o dell'uso, o degli autori, e manoscritti non per anco spogliati* (Vitale 1971: 678).

[12] Ano de publicación da segunda edición do *Dictionnaire de l´*Académie Françoise.

> *non contento di sé, l'avea sottoposta alla censura e correzione di vari accademici, e fra gli altri degl'Inn. March. Antonio Niccolini, Dott. Giovanni Lami e Mons. Giovanni Bottari, l'ultimo de' quali molte cose avea sugerite in aumento delle già dette dal Ripurgato. Di questo parimente furono opera gli altri Indici che ne seguono, alla riserva di quelli delle voci e locuzioni e de' proverbi e delle frasi latine, i quali furono estratti per opera del nominato Domenico Maria Manni.*

O grande éxito da cuarta edición do dicionario da *Crusca* mencionado anteriormente pódese observar finalmente nas numerosas reprodución e compendios non oficiais que contribuíron en grande parte á divulgación do *Vocabolario*. No caso da cuarta edición aquí estudiada, hai que citar a exitosa reprodución[13] que tivo lugar en Nápoles nos anos 1746-1748, baixo a influencia da forte corrente filotoscana.

2.3. *O Diccionario de Autoridades* (1726-1739)

> *El principal fin, que tuvo la Real Académia Española para su formación, fué hacer un Diccionario copioso y exacto, en que se viesse la grandeza y poder de la Léngua, la hermosura y fecundidad de sus voces, y que ninguna otra la excede en elegáncia, phrases, y pureza: siendo capáz de expressarse en ella con la mayor energía todo lo que se pudiere hacer con las Lenguas mas principales, en que han florecido las Ciéncias y Artes: pues entre las Lénguas vivas es la Españóla, sin la menor duda, una de las mas compendiosas y expresívas.* (Prólogo, 1).

O obxectivo principal da Real Academia Española xurdida en 1713 na época da Ilustración española era a creación dun dicionario marcado polo lema *limpia, fija y da esplendor*. A idea dominante aquí era o principio da *emulación*: para vergoña dos autores do dicionario xa existían, tanto en Italia co *Vocabolario degli Accademici della Crusca* de 1612 (1623, 1691), como tamén en Francia co *Dictionnaire de l'Académie Françoise* de 1694 (1718), importantes dicionarios académicos. Baixo as ordes de Juan Manuel Fernández Pacheco comezaron en 1713/1714 os traballos de elaboración do devandito dicionario, cuxo primeiro tomo apareceu xa en 1726 e abarcaba as letras A e B; o tomo dous, que inclúe os lemas da letra C, aparece en 1729; o terceiro tomo (D-F), en 1732 e o cuarto remata coas letras G-N no ano 1734; o volume cinco (O-R) e o seis (S-Z) apareceron finalmente en 1737 e 1739.

Desde a perspectiva da concepción e da metodoloxía, os académicos orientaron o traballo de elaboración do dicionario tomando como referencia a terceira edición do *Vocabolario degli Accademici della Crusca* de 1691, xa que consideraban especialmente modélica e exemplar a realización lexicográfica do conxunto de exemplos desta edición. Tamén lle concederon grande importancia ó xa mencionado *Dictionnaire de l´Académie Françoise* de 1694, pero este último difería na elección das citas e dos exemplos dos proxectos dos dicionarios español e italiano: mentres o

[13] Xeralmente impera en Nápoles ata a saída do *Vocabolario del Tramater* (1829-1840) un gran interese editorial polo dicionario da Crusca (Sessa 1991: 25).

Diccionario de la Academia Española se serve dos lemas definidos para a validación e a exemplificación das *autoridades* (igual có *Vocabolario* da *Crusca*), os *académiciens* consideraron suficiente a súa propia competencia lingüística para a definición das entradas do dicionario (cf. tamén a este respecto Haensch 1990: 1743). Finalmente, os autores españois do dicionario tamén tiveron en conta no seu traballo o dicionario francés de François Richelet (*Dictionnaire de la langue françoise*, 1680) e o de Antoine Furetière (*Dictio(n)naire universel*, 1690), así como as edicións de 1704 e 1721 do *Dictionnaire de Trévoux*[14], *dictionnaire universel françois et latin, contenant la signification et la definition tant des mots de l´une et de l´autre langue* [...]. Para o establecemento do léxico descrito foron fundamentais, entre outros, o *Lexicon ex sermone latino in hispaniensem* (1492) e o *Dictionarium ex-hispaniensi in latinum sermonem*[15] (~1495) de Antonio de Nebrija; o *Tesoro de las dos lenguas francesa y española*[16] de César Oudins de 1640, así como a obra de Sebastián de Covarrubias de 1611 coa publicación do *Tesoro de la lengua castellana, o española* a "obra máis importante do Século de Ouro" (Haensch 1990: 1740)[17]. Na construción do dicionario español aparece unha novidade fundamental no que atinxe á microestrutura, xa que presenta a definición do lema seguida dos seus sinónimos, ademais dos exemplos das *autoridades*, da sublematización de *modismos* e da explicación etimolóxica (cf. 4.3). Como libro e edición histórica, resulta interesante mencionar que o *Diccionario de autoridades* de 1770 só tivo unha nova edición que unicamente incluíu as letras A e B, mentres que a letra C, pola contra, elaborouse pero quedou inédita. Aínda que a *Real Academia* o solicitou durante moito tempo e se consideraba tarefa urxente completala[18], a reedición do *Diccionario de Autoridades* quedou no estado que presentaba en 1770, cunha macroestrutura que só abarcaba as dúas primeiras letras do alfabeto.

3. Lexicografía e fraseoloxía antigas

> *Touchant les Dictionnaires, ils sont si mal ordonnez que l'on n'a pas seulement eu le soin de marquer le bon d'avec le mauvais.*

Aínda que esta crítica de Oudin, expresada no seu *Curiositez françoises* de 1640, cen anos antes da data de aparición do dicionario que acabamos de tratar nesta disertación, as súas queixas, en parte con restricións, pódenselles atribuír ós grandes dicionarios académicos nacionais.

---

[14] No caso de *Trévoux* trátase dun topónimo, que serviu para dar nome ó dicionario e designa unha aldeíña ó norte de Lyon.

[15] Esta obra foi dirixida e citada habitualmente como *Vocabulario de romance en latin*. (cf. Haensch 1990: 1739).

[16] Cuxa edición de 1616 se baseou na maior parte no tesouro de COVARRUBIAS.

[17] O autor indica que non se trata só de "un dicionario lingüístico, que aclara as palabras, frases feitas e refráns, [senón] [...] a carón dos topónimos e antropónimos tamén [facilita] moita información obxectiva e [...] co cal [tén] un amplo carácter enciclopédico" (a tradución é nosa).

[18] Así, dise tamén no prólogo da quinta edición do *Diccionario de la Real Academia* [DRAE] de 1917: "[...] lleva trabajado [*sc*. la Academia] hasta la letra P [del *Diccionario de Autoridades*]", pero nunca aparece ese *inmenso caudal de cédulas que posee de voces castellanas, autorizadas por el uso de buenos escritores* (*ibid*). (cf. sobre isto tamén Bajo Pérez 2000: 98).

A conexión entre a lexicografía por unha banda e a fraseoloxía pola outra, relevante para a nosa investigación, describe un problema de dobre natureza: por unha parte, a elaboración do dicionario (malia os avances e os traballos lexicográficos importantes dos vocabularios que estamos analizando) atópase sempre nos comezos e parte de grandes problemas na microestrutura (desaparición, en parte, arriscada da equivalencia latina na definición; aclaracións etimolóxicas, opinións persoais dos autores do dicionario, etc.) e na macroestrutura (separación do vocabulario xeral e do específico, distinción do dicionario lingüístico do enciclopédico, etc.). Existen dous exemplos que poden documentar estes problemas *in rebus lexicographicis*. François Richelet (1626-1698) creou co seu *Dictionnaire françois* o primeiro dicionario monolingüe do francés. O afastamento da lexicografía bilingüe latín-francés, necesario para tal fin, non puido realizarse sen contradicións nin problemas. O elocuente resultado é, por conseguinte, a edición póstuma que apareceu en 1709, cunha exitosa reintegración dos equivalentes latinos. No prefacio do dicionario de 1709 dise a este respecto:

> *Nous avons mis la signification latine de tous les mots en faveur des estrangers qui la plupart n'entendent pas mieux l'explication française qu'on en donne que le mot même que l'on voulait expliquer.*

Un segundo exemplo do problema da elaboración dos conceptos metalexicográficos aparece por primeira vez no *Dictionnaire de l'Académie Françoise* de 1694. As duras críticas do dicionario de 1694[19] impulsaron á *Académie* a elaborar unha nova edición. Consecuentemente, os *académiciens* foron conscientes dos defectos do seu dicionario. Esta nova edición contaba en primeiro lugar cunha constitución dos lemas por familia de palabras que supuña, a dicir verdade, un sistema ideal e innovador baixo criterios filolóxicos e pedagóxicos, pero sobrepasaba moi facilmente as capacidades intelectuais do *honnête homme*. Por outra parte, debido a esta constitución por familias léxicas, o uso do dicionario tamén era traballoso e prolixo e, polo tanto, só estaba limitado competitivamente en relación ó esquema de orde alfabética tradicional dos outros dicionarios. Pasouse, entón, na elaboración do dicionario académico de 1718, na lexicografía, ó esquema alfabético xeral e habitual da macroestrutura, que facilitaba a rápida localización da entrada que se buscase:

> *Il est aisé de se représenter l'impatience d'un lecteur, qui après avoir cherché un mot dont il a besoin, Absoudre par exemple, au commencement du premier Volume, où naturellement il doit estre, y trouve pour toute instruction qu'il faut aller à la fin du second Volume chercher le mot soudre, dont il n'a pas besoin, mais qui est le primitif de celui qu'il cherche.* (Régnier Desmarais[20], préface Ac 1718).

---

[19] As iniciativas positivas viñeron tamén por parte dos membros da *Académie*; a crítica máis coñecida veu de Fénélon, que na súa *Lettre sur les occupations de l'Académie française* de 1714 elaborou 10 puntos, entre outros, con propostas para a constitución do dicionario (I. *Du Dictionnaire*, 3-4), para a gramática (II. *Projet de Grammaire*, 5-6), para a retórica (IV. *Projet de Rhétorique*, 12-34), así como para a poética (V. *Projet de Poétique*, 34-59).

[20] A autoría do *préface* non puido ser aclarada ata hoxe. Non obstante o departamento de investigación nomea a Regnier como *préfacier*, figurou moito tempo tamén Dacier, "qui [avait donné] ses soins pour

Por outra banda, os fraseólogos atópanse con diversos problemas metodolóxicos ó traballaren coa fraseoloxía histórica; así, apréciase a dificultade de facer unha crítica da "fraseoloxicidade" das frases feitas, así como de explica-las posibles modificacións baixo unha perspectiva diacrónica debido á falta de posibilidades empíricas (cf. Burger/Linke 1998: 743). Isto é válido en especial para os aspectos estilísticos e pragmáticos das unidades fraseolóxicas e a falta de dicionarios fraseolóxicos crea problemas para a fraseoloxía histórica.

A fraseoloxía e a paremioloxía téñense que limitar, polo tanto, a extrae-los fraseoloxismos de dicionarios molingües e bilingües comúns e recorrer ós principios da semántica histórica para poder supera-las dificultades metodolóxicas arriba explicadas, no referente ó tratamento metalexicográfico das unidades fraseolóxicas dos niveis da lingua antiga.

4. Análise do tratamento metalexicográfico dos lemas seleccionados

A continuación analizarémo-los métodos fundamentais de descrición das unidades fraseolóxicas nos tres dicionarios académicos de Francia, Italia e España. A nosa investigación abrangue tanto a caracterización tipográfica dos fraseoloxismos, como os datos do *status* e a transferencia semántica, así como a descrición a este respecto da diasistemática empregada.

4.1. *Dictionnaire de l'Académie Françoise (Ac 1740)*

4.1.1. Práctica de marcación.

A sinopse seguinte amosa a práctica de sinalización na terceira edición do *Dictionnaire de l'Académie Françoise* de 1740 con respecto ás unidades fraseolóxicas co elemento *langue*. O diasistema usado polos os autores é verdadeiramente heteroxéneo: por unha banda, traballaron con marcación simple e, pola outra, usaron combinacións de dúas marcas. As marcas simples aparecen antepostas coa indicación diafásica *PROVERBIALEMENT*, que atopamos, por exemplo, nas unidades fraseolóxicas *tirer la langue d'un pied de long* (3), *qui langue a à Rome va* (5), *l'usage est le tyran des langues* (6), ademais do sublema *[être] mince comme la langue d'un chat*, coa típica indicación diastrática *FAMILIÈREMENT*. Tamén cabe mencionar a este respecto que na frase feita *donner du plat de la langue* se lle engade á definición o seguinte comentario diastrático *IL EST BAS* s.v. *plat*.

Ademais, no dicionario académico de 1740 pódense citar como marcacións individuais, indicando a transferencia e o *status* semánticos como modismo: *FIGURÉMENT* (por exemplo, *la langue lui a fourché* [s.v. *langue*], *langue de vipère* [s.v. *vipère*]) e *PAR EXAGÉRATION*, que sinala curiosamente a relación *tirer la langue d'un pied de long* s.v. *pied*, mentres que esta frase feita s.v. *langue* —como xa vimos arriba— amósase como

---

une nouvelle Édition & pour l'impression." (*Discours*, 1712-1714, 51-52, *apud* Roucher 1997: 122) como posible creador do prefacio; diferentemente ó dicionrio académico de 1694 non tomou no dicionario académico de 1718 porén ningunha de ámbalas posturas explicadas para iso.

proverbe. Finalmente, mencionamos como marcación simple o termo *FAÇONS DE PARLER* relacionado co conxunto *avoir une grande volubilité de langue* [s.v. *langue*].

Os *académiciens* efectuaron unha dobre marcación nos seguintes (sub-)lemas: s.v. *tirer* experimenta unha caracterización diafásica e diastrática a través de *PROVERBIALEMENT* e *BASSEMENT* na frase feita, citada xa dúas veces, *tirer la langue d´un pied de long*. A marca dobre *PROVERBIALEMENT* e *FIGURÉMENT* acompaña a unidade fraseolóxica [*avoir*] *un nom, un mot sur le bout de la langue. Avoir la langue bien pendu* ou [*qu'elle*] *a la langue bien longue* pertencen ás indicacións combinadas das entradas ofrecidas, que teñen o status de unidade fraseolóxica a través do termo caracterizador *FAÇONS DE PARLER*, seguido dunha indicación diastrática, que se formula a través de *FAMILIÉREMENT* ou *DU STYLE FAMILIER*.

Finalmente, aparecen tamén sub-lemas que non inclúen marcación diasistemática de ningún tipo no diccionario; así, por exemplo, [*avoir*] *la langue grasse, cela lui a dénoué la langue, prendre langue* etc.

Táboa 1. **Prácticas de marcación no *Dictionnaire de l'Académie Françoise* (1740)**.

Marcación Diasistemática	**Exemplo / unidade fraseolóxica**
PROVERBIALEMENT	*beau parler n'écorche point la langue* [*s.v. langue*] 1.*b. Jamais beau parler n'écorcha la langue* [*s.v. écorcher*] [*un*] *coup de langue est pire qu'un coup de lance* [*s.v. langue*] *Tirer la langue d'un pied de long* [*s.v. langue*] *une langue de serpent* [*s.v. langue*] *qui langue a à Rome va* [*s.v. langue*] *l'usage est le tyran des langues* [*s.v. langue*].
Marcación Diasistemática	**Exemplo / unidade fraseolóxica**
PROVERBIALEMENT E BASSEMENT	*tirer la langue d'un pied de long* [*s.v. tirer*].
PROVERBIALEMENT E FIGURÉMENT	[*qu'on*] *a un nom, un mot sur le* *bout de la langue* [*s.v.bout*]

FAMILIÈREMENT	*elle est mince comme la langue d'un chat*
FAÇONS DE PARLER	*Avoir une grande volubilité de langue* [*s.v. langue*]
FAÇONS DE PARLER E FAMILIÈREMENT / DU STYLE FAMILIER	*Avoir la langue bien pendu* [*s.v. langue*] [*qu'elle*] *a la langue bien longue* [*s.v. langue*] [*qu'elle*] *ne sauroit tenir sa langue* [*s.v. langue*]
FIGURÉMENT E FAMILIÈREMENT / STYLE FAMILIER	[*qu'elle*] *a la langue bien affilé* [*s.v. affiler*] *donner du plat de la langue* [*s.v. langue*]

Marcación Diasistemática	**Exemplo / Unidade fraseolóxica**
FIGURÉMENT	*la langue lui a fourché* [*s.v. langue*] [*c'est*] *une mauvaise, une mechante langue; une langue dangereuse, une langue de serpent* [*s.v. langue*] *langue de vipère* [*s.v. vipère*] *coup de langue* [*s.v. langue e s.v. coup*] *l'usage est le tyran des langues* [*s.v. tyran*]
IL EST BAS	*Donner du plat de la langue* [*s.v. plat*] *la langue lui va toujours* [*s.v. langue*]
PAR EXAGÉRATION	*Tirer la langue d'un pied de long* [*s.v. langue*]

4.1.2. Aspectos de definición e tipográficos na caracterización das unidades fraseolóxicas

O espectro metalingüístico das definicións no diccionario académico de 1740 inclúe as estruturas *on dit, pour dire, forme, être* [*il est, ce sont*], *signifie* e *appeler*, que teñen o seguinte uso:

I. Anteposto: *on dit* +/- sinal diasistemático simple ou dobre *d'un*(*e*) *X que*; (cf. On dit, d'Un homme qui par mégarde, ou autrement, dit un autre mot que celui qu'il voudroit ou devroit dire, & qui n'en différe que de peu de lettres, que *La langue lui a fourché*).

II. Anteposto: *on dit* +/- sinal diasistemático simple ou dobre *que* (cf. On dit, qu'*On a un mot sur le bout de la langue*, Quand après l'avoir cherché dans sa mémoire, on croit être prêt à le trouver, à le dire).

III. Anteposto: *on dit* +/- sinal X diasistemático simple ou dobre *pour dire* (cf. s.v. tirer: On dit proverbialement & bassement, *Faire tirer la langue à quelqu'un d'un pied de long*, pour dire, Le faire languir dans l'attente de quelque assistance dont il a besoin).

IV. Anteposto: *il signifie (encore) X* (cf. s.v. méchant: Il signifie encore, Qui manqué de probité, qui est contraire à la justice […]).

V. Anteposto: *on appelle* +/- sinal X diasistemático simple ou dobre (cf. on appelle fig.[urément] *Coup de langue*, Une médisance ou un mauvais rapport que l'on fait).

VI. Posposto : *Ce mot* [sc. *Langue*] […] ***forme*** (o subliñado e a negriña son nosos) encore plusieurs façons de parler.

VII. Posposto: Definición, *il est/ce sont* +/- sinalización diasistemática simple ou dobre (cf. On dit, […]. *Il est bas*).

Mentres que na representación tipográfica das unidades fraseolóxicas os autores do dicionario partiron dunha única forma e puxeron as exemplificacións en cursiva, na explicación pola contra, en xeral, usaron letra redonda; así, con respecto á realización tipográfica da diasistemática, domina unha grande heteroxeneidade. De feito, os *académiciens* escribíronas a miúdo de diferentes formas e tamén abreviaron con frecuencia.

4.2. *Vocabolario degli Accademici della Crusca* (1729-1738)

4.2.1. Práctica de marcación

Como amosa a seguinte táboa, os autores italianos do dicionario trataron só moi moderadamente os datos de marcación diasistemática do léxico. Isto sorprende aínda máis ó atopar que no §. V. do prólogo do *Vocabolario* se indica que tales entradas levarían explicitamente a súa respectiva identificación:

> *In moltissime Voci appresso il primo significato, che è il proprio, e il più comune, si è collocato sotto varj paragrafi il significato men proprio, o qualche frase, o proverbio particolare appartenente a quel vocabolo, e si è notato parimente quando è presa figuratamente, o per metafora, o per similitudine, avvertendo d'osservare la regola tenuta nell'altra compilazione di questo Vocabolario, di non considerare una Voce come metaforica, ma come usata nel proprio senso, quando la metafora non nella parola, ma in tutto il concetto consiste.*

De feito, nas unidades fraseolóxicas citadas que consideramos vemos que só aparecen as marcas explícitas *PROVERBIO*, *VOLGAR PROVERBIO*, así como a indicación diatópica *a Firenze*. Ó mesmo tempo, é necesario mencionar que as marcacións anteriormente citadas sonlle transmitidas ó usuario indirectamente mediante os exemplos. A gran cantidade de exemplos fixeron o dicionario excelente e digno de ter en conta fronte a cada un dos dicionarios das outras linguas (cf. §. IV. do prefacio, *Quel, che rende più pregevole il nostro Vocabolario sopra tutti quelli dell'altre lingue, si è l'esser ciascuna sua voce accompagnata da una copiosa ricchezza d'esempj* [...]).

Outra característica do dicionario da Crusca é a referencia regular diaintegrativa ós equivalentes latinos e/ou gregos das unidades fraseolóxicas.

Táboa 2: Práctica de marcación no *Vocabolario degli Accademici della Crusca* (1729-1738).

Marcación Diasistemática	**Exemplo / Unidade fraseolóxica**
PROVERBIO	*la lingua non ha osso, e si fa rompere il dosso* *la lingua dà, o batte, o simili, dove il dente duole*
VOLGAR PROVERBIO	[*Esempio: Salvin. Disc. 1. 295.*] *alla natura nostra è difficile ec. Che, come noi in* <u>*volgar proverbio*</u> [o subliñado é noso] *diciamo, dove il dente duole la lingua non batta.*
[DIATÓPICO] A FIRENZE	[*s.v. tabano, Esempio Varch. Ercol. 92.*] *Questi tali maldicenti si chiamano a Firenze male lingue, linguacce, lingue fracide, lingue serpentine, e lingue tabane.*

4.2.2. Aspectos de definición e tipográficos na sinalización das unidades fraseolóxicas

Tamén o *Vocabolario* da academia italiana inclúe varios termos que se empregan na definición das unidades fraseolóxicas. Trátase de *vale, significa, si dice* [*diciamo, dicesi*] e [*che*] *espri-me* [*esprimente*], que se utilizan do seguinte xeito:

I. Unidade fraseolóxica, +/- marcación diasistemática simple ou dobre [+*che*] *vale* (cf. *Definiz.*[*ione*] §. I. *A lingua, come Chiedere a lingua, o simili; vale Quanto dir si possa il più*. Lat. *Iuxta votum*).

II. Unidade fraseolóxica, +/- marcación diasistemática simple ou dobre [+*che*] *significa* (cf. [s.v. *dosso*]: *Defi-niz.*[*ione*]: §. V. *La lingua non ha osso, E fa rompere il dosso; proverb.*[*io*] *che significa, che Sovente per le maldicenze altri incontra pericoli*. Lat. *Mala verba provocant verbera*.[...]).

III. Unidade fraseolóxica, +/- marcación diasistemática simple ou dobre [+*che*] *esprime*/[-*che*] *esprimente* (cf. *De-finiz.*[*ione*] §. III. *La lingua dà, o batte, o simili, dove il dente duole; proverbio, che esprime* [...]; s.v. *dente*: *Definiz.*[*ione*] §. XVII. *La lingua batte, o va dove il dente duole, proverb.*[*io*] *esprimente, che* [...]).

IV. Unidade fraseolóxica, *si dice* +/- marcación diasistemática simple ou dobre (cf. *Definiz.*[*ione*] §. X. *Lasciar la lingua a casa, o al beccaio; si dice di Chi sta senza parlare in compagnia d'altri*).

V. Explicación, *come diciamo* +/- marcación diasistemática simple ou composta + unidade fraseolóxica (cf. *Esempio* [*la lingua dà, o batte* [...]: Salvin. Disc. I. 295. *Alla natura nostra è difficile ec. Che, come noi in volgar proverbio diciamo, dove il dente duole la lingua non batta*]).

VI. *Dicesi* + unidade fraseolóxica + definición e explicación (cf. s.v. *tabano*: *Definiz.*[*ione*] *Dicesi Lingua tabana d'Uomo maligno, e maldicente*. *Esempio*: Varch. Ercol. 92. *Questi tali maldicenti si chiamano a Firenze male lingue, linguacce, lingue fracide, lingue serpentine, e lingue tabane*).

No último exemplo aparece unha lista de sinónimos que están incluídos na microestrutura pero sen referencia ós lemas correspondentes.

Con respecto á constitución tipográfica da microestrutura, no *Vocabolario degli Accademici della Crusca* destaca positivamente a estrita numeración a través da combinación de parágrafos § e cifras romanas (I...). A sucesión regular das definicións e *esempio*, ámbolos dous escritos explicitamente, simplifican a localización da entrada correspondente. Ó igual ca no *Dictionnaire de l'Académie Françoise*, domina tamén no dicionario da academia italiana a heteroxeneidade respecto ó tratamento tipográfico da escasa diasistemática existente, diseminada en parte, pero ás veces compendiada.

4.3. *Diccionario de Autoridades* (1726-1739)

4.3.1. Práctica de marcación

Como nos amosa a sinopse seguinte (táboa 3), os autores da Real Academia traballan cun *status* xeral de frase para as unidades fraseolóxicas, indexado como *PHRASE*, que se pode combinar con *METAPHORICA*, *ADVERBIAL* e *ADVERBIAL PONDERATIVA*. O usuario do dicionario sabe que no caso de s.v. *phrase*, os *académicos* equiparan este termo con *locución*, mediante a indicación da etimoloxía grega:

> *PHRASE s.f. La construcción de algunas palabras, que unidas entre sí, exprimen ù declaran con algun concepto. Viene del Griego Phrasis que significa locución ù dicción. PATON, Eloq. Prolog. La propriedad de una lengua, no solo se conoce en que tiene vocablos proprios, sino en que tiene dialecto y phrases proprias.*[...].

Ademais, menciónanse como marcacións simples no *Diccionario de Autoridades* o adverbio *METAPHORICAMENTE* (cf. [s.v. *Lengua*] *Vaciarse por la léngua. Metaphoricamente vale decir lo que se debía callar, sin reparo, ù no observando el secreto [...]) e REFRAN: "*el dicho agúdo y sentencioso que viene de unos en otros, y sirve para moralizar lo que se dice ò escribe [...]" (como na frase feita "Quien *léngua* ha, à Roma vá. Refr.[an] que dà à entender, que el que duda ò ignóra, debe preguntar para lograr el acierto").

A triple combinación mencionada ó comezo *PHRASE ADVERBIAL PONDERATIVA* designa, en xeral, unha esaxeración (cf. definición s.v. "PONDERATIVO, VA. adj. [...] *Aplicase regularmente al sugeto que tiene el genio de exagerar y ensalzar las cosas, aunque no sean dignas de ello* [...]") e atópase na unidade fraseolóxica "Con la *léngua* de un palmo. Phrase adverbial ponderativa, con que se explica el deseo, ansia ù conato con que se hace alguna cosa, por alusion al perro quando está fatigado. Lat. Anbelo, animo, vel studio".

Táboa 3: **Práctica de marcación no *Diccionario de Autoridades* (1726-1739)**

Marcación Diasistemática	**Exemplo / Unidade fraseolóxica**
PHRASE	*1. tener algo en el pico de la léngua* *2. vaciarse por la léngua*
REFRAN	*Quien léngua ha, à Roma vá*
PHRASE METAPHORICA	[*s.v. MORDER*] *MORDERSE LA LENGUA*
METAPHORICAMENTE	[*s.v. LENGUA*] *Vaciarse porla léngua*
PHRASE ADVERBIAL	[*s.v. GORDO*] *Tener la léngua* gorda
PHRASE ADVERBIAL PONDERATIVA	*[*s.v. LENGUA*] Con la léngua de un palmo*

4.3.2. Aspectos de definición e tipográficos na sinalización das unidades fraseolóxicas

O espectro dos termos metalingüísticos que aparecen nas definicións *no Diccionario de Autoridades* utilizados engloba, a carón de *significar*, *valer* e *decir*, tamén as expresións dar a entender e explicar; úsanse da seguinte maneira:

I. Unidade fraseolóxica, +/- marcación diasistemática simple ou múltiple + *significa* (cf. "*Poner léngua en alguno*. Significa murmurar y hablar mal de el. Lat. *Detractare. Dicacibus verbis aliquem impetere*").

II. Unidade fraseolóxica, +/- marcación diasistemática simple ou múltiple + *vale* (cf. [s.v. *LENGUA*]: "*Tener algo en el pico de la léngua*. Vale tambien querer acordarse de alguna cosa, teniendo especies de ella; pero no puntuales. Lat. *In cuspide lingua habére, vel latére*". [s.v. *VACIARSE*] "*Vaciarse* por la léngua: Metaphoricamente vale decir lo que se debía callar, sin reparo, ù no observando el secreto. [...]").

III. Unidade fraseolóxica, +/- marcación diasistemática simple ou múltiple + *dar a entender* (cf. "*Quien léngua ha, à Roma vá*. Refr.[an] que dà à entender, que el que duda ò ignóra, debe preguntar para lograr al acierto. [...]").

IV. Unidade fraseolóxica, +/- marcación diasistemática simple ou dobre + *decir* (cf. "*Vaciarse por la léngua*. Phrase que se dice del que sin repáro había facilmente quanto tiene en su interiór. [...]").

V. Unidade fraseolóxica, +/- marcación diasiste-mática simple ou dobre + *explicar* (cf. "*Con la léngua de un palmo*. Phrase adverbial ponderativa, con que se explica el deseo, ansia ù conato con que se hace alguna cosa, por alusion al perro quando está fatigado. Lat. Anbelo, animo, vel studio").

A representación das entradas e unidades fraseolóxicas no *Diccionario de Autoridades* é satisfactoria. Os lemas aparecen sempre en maiúscula e o lema correspondente nas frases feitas sublematizadas, en cursiva. Do mesmo xeito, os lexicógrafos recorren para a referencia diaintegrativa ós equivalentes gregos e latinos, que se presentan todos en cursiva. Tamén é uniforme o xeito de abreviación para os autores e fontes na documentación, así como as referencias dentro da microestrutura.

5. Conclusión

Na comparación do tratamento metalexicográfico das unidades fraseolóxicas co compoñente *langue, lingua* e *lengua* nos dicionarios das academias da primeira metade do século XVIII en Francia, Italia e España destaca que, malia os defectos e problemas xa citados dos dicionarios tratados, estes constitúen a base para a metodoloxía (metalexicográfica) dos dicionarios monolingües ou bilingües. Isto é debido principalmente á necesidade, que ten todo metalexicógrafo, *de s'aider de ses devanciers* (Barré 1842, no *préface* do *Complément du Dictionnaire de l'Académie française*), aínda que, excepcionalmente, na presente investigación isto só é aplicable para os dicionarios en menor medida.

A comparación entre vocabularios amosa que o *Dictionnaire de l'Académie françoise* dá a información máis detallada e máis fiable en canto á diasistemática. Os dicionarios das academias italiana e española, pola súa parte, poden compensa-las súas respectivas insuficiencias mediante a abundante exemplificación e a referencia diaintegrativa ós equivalentes latinos e gregos respectivamente.

Unha ampliación e estudo en profundidade doutros fraseolexemas non só somáticos debería axudar a validar esta tendencia.

6. Bibliografía

6.1. Dicionarios

AC (1740): *Dictionnaire de l'Académie Françoise*. 2 vol. Paris.

CRUSCA (1729-1738): *Vocabolario degli Accademici della Crusca*. 6 vol. Firenze.

DICCIONARIO DE AUTORIDADES (1726-1739): *Diccionario de la lengua castellana, en que se explica el verdadero sentido de las voces, su naturaleza y calidad, con las phrases o modos de hablar, los proverbios o refranes, y otras cosas convenientes al uso de la lengua* [...].*Compuesto por la Real Academia Española. Tomo primero. Que contiene las letras A.B. Madrid 1726* [2, C 1929; 3, D-F 1732; 4,G-M, 1934; 5, O-R 1937; 6, S-Z, 1939].

6.2. Outras fontes

BADDELEY, Susan e BIEDERMANN-PASQUES, Liselotte (1997): [*Dictionnaire de l'Académie française*] Troisième Édition 1740: Introduction et Notes, Préface en: QUEMADA, Bernard (éd.): *Les préfaces du Dictionnaire de l'Académie française* 1694-1992. (1994) Paris, 143-176.

BAJO PÉREZ, Elena (2000): *Los diccionarios. introducción a la lexicografía del español*. Gijón.

BATTEUX, Martina (2000): *Die französische Synonymie im Spannungsfeld zwischen Paradigmatik und Syntagmatik*. Frankfurt am Main.

BIEDERMANN-PASQUES, Liselotte (1992): *Les grands courants orthographiques au XVIIe siècle et la formation de l'orthographe moderne: Impacts matériels, interférences phoniques, théories et pratiques (1606-1736)*. Tübingen.

BIERBACH, Mechthild (1991): "Transsexualität und interkulturelle Grammatik: ein Offener Brief an alle sprachlichen GrenzgängerInnen" en SCHLIEBEN-LANGE, Brigitte e SCHÖNBERGER, Axel (eds.): *Polyglotte Romania: homenatge a Tilbert Dídac Stegmann* (2 vols.): *Beiträge zu Sprache, Literatur und Kultur Kataloniens sowie zur Geschichte der deutschsprachigen Katalanistik*, (vol. 1), *Beiträge zu Sprachen, Literaturen und Kulturen der Romania*, (vol. 2), Frankfurt am Main, 975-1001.

BURGER, Harald e LINKE, Angelika (1998): "Historische Phraseologie" en BESCH, Werner et al. (eds.): *Sprachgeschichte. Ein Handbuch zur Geschichte der deutschen Sprache und ihrer Erforschung* (vol. 2), vollständig neu bearbeitete und erweiterte Auflage, Berlin/New York, 743-755.

GAUGER, Hans Martin (1973): *Die Anfänge der Synonymik: Girard (1718) und Roubaud (1785). Ein Beitrag zur Geschichte der lexikalischen Semantik, mit einer Auswahl aus den Synonymiken beider Autoren*. Tübingen.

HAENSCH, Günther (1990): "Spanische Lexikographie" en HAUSMANN, Franz-Josef et al. (eds.): *Wörterbücher. Dictionaries. Dictionnaires. Ein internationales Handbuch zur Lexikographie. An International Encyclopedia of Lexicography. Encyclopédie internationale de lexicographie* (vol. 2), Berlin/New York, 1738-1767.

KÖPCKE, Klaus-Michael e ZUBIN, David A. (1984): "Sechs Prinzipien für die Genuszuweisung im Deutschen: ein Beitrag zur natürlichen Klassifikation" en *Linguistische Berichte* 93, 1984, 26-50.

MATORÉ, Georges (1968): *Histoire des dictionnaires français*. Paris.

MÜHLSCHLEGEL, Ulrike (2000): *Enciclopedia, vocabolario, dictionario: spanische und portugiesische Lexikographie im 17. und 18. Jahrhundert*. Frankfurt am Main.

OLIVET, Pierre-Joseph abbé d´ (1736): *Traité de la prosodie françoise*. Paris.

PARODI, Severina (1983): *Quattro secoli di Crusca, 1583-1983*. Firenze.

REY, Alain e CHANTREAU, Sophie (1993): *Dictionnaire des expressions et locutions*. 2ième édition mise à jour, Paris.

ROUCHER, Eugénia (1997): "Deuxième Édition 1718: introduction et notes, Épître, Préface, Privilège [Dictionnaire de l'Académie française.]" en QUEMADA, Bernard (ed.) (1994): *Les préfaces du Dictionnaire de l'Académie française 1694-1992*. Paris, 105-141.

SESSA, Mirella (1991): *La Crusca e le Crusche. Il Vocabolario e la lessicografia italiana del Sette-Ottocento*. Firenze.

TASTET, Tyrtée (1855): *Histoire des quarante fauteuils de l'Académie française depuis la fondation jusqu'à nos jours, 1635-1855*. 4 tomes, Paris.

VITALE, Maurizio (1971): "La IV edizione del Vocabolario della Crusca" en BONI, Marco *et al*. (ed.) (1971): *Studi di filologia romanza offerti a Silvio Pellegrini*. Padova, 675-704.

7. Apéndice: Lemas seleccionados dos dicionarios académicos investigados

7.1 *Dictionnaire de l'Académie Françoise* (1740)

1. s.v. *langue*: En parlant d'un homme dont on n'a nulle compassion, on dit prov.[erbialement] *On lui verroit tirer la langue d'un pied de long, qu'on ne lui donneroit pas un verre d'eau*.

2. On dit famil.[ièrement] d'une chose mince & déliée, *qu'Elle est mince comme la langue d'un chat*.

3. Ce mot étant considéré dans la seule signification d'organe de la parole, forme encore plusieurs façons de parler.

3a. Ainsi on dit famil.[ièrement] *Avoir la langue bien pendue*, pour dire, Avoir une grande facilité de bien parler.

3b. *Avoir une grande volubilité de langue*, pour dire, Parler avec une grande rapidité.

3c. s.v. affiler: Affilé, ée. part. On dit fig.[urément] d'Une personne qui parle facilement & beaucoup, qui a beaucoup de babil, qu'*Elle a la langue bien affilée, le caquet bien affilé*. Il est du style familier.

4. On dit, d'Un Orateur qui parle facilement & élégamment, *Que c'est une langue dorée*.

5. On dit, d'Une personne qui parle beaucoup, que *La langue lui va toujours.* Il est bas.

6. On dit, qu'*Un homme a la langue grasse*, pour dire, qu'il a la langue épaisse, & qu'il prononce mal certaines consonnes, & principalement les *v.* & les *r.*

7. On dit, qu'*Une personne a bien de la langue*, qu'*Elle a la langue bien longue*, qu'*Elle ne sauroit tenir sa langue*, pour dire, Que c'est une personne, qui décou-vre tout ce qu'elle sait, & qui ne sauroit rien tenir caché. Ces façons de parler sont du style familier.

8. On dit, d'Un homme qui par mégarde, ou autrement, dit un autre mot que celui qu'il voudroit ou devroit dire, & qui n'en diffère que de peu de lettres, que *La langue lui a fourché.*

8a. S.v. fourcher: On dit figur.[ément] d'Une personne qui a dit un mot pour un autre qui en est fort approchant, que *La langue lui a fourché.*

9. On dit, qu'*On a un mot sur le bout de la langue*, Quand après l'avoir cherché dans sa mémoire, on croit être prêt à le trouver, à le dire.

10. On dit prov.[erbialement] *Beau parler n'écorche point la langue*, pour dire, qu'Il est toujours bon de parler honnêtement & civilement.

10a. s.v. écorcher: On dit prov.[erbialement] *Jamais beau parler n'écorcha langue*, pour dire, qu'Il est bon d'user de paroles douces & civiles.

11. On dit fig.[urément] d'Une personne qui aime à médire, & à déchirer la réputation d'autrui, que *C'est une mauvaise langue, une méchante langue, une langue dangereuse, une langue de serpent, une langue de vipére*.

12. On appelle fig.[urément] *Coup de langue*, Une médisance ou un mauvais rapport que l'on fait. Et on dit prov.[erbialement] qu'*Un coup de langue est pire qu'un coup de lance.*

13. On dit fig.[urément] & fam.[ilièrement] *Donner du plat de la langue*, pour dire, Flater & cajoler quelqu'un dans le dessein de le tromper.

13a. s.v. plat: Et l'on dit, *Donner du plat de la langue*, pour dire, Flatter bassement quelqu'un. Il est bas.

14. On dit encore proverb.[ialement] *Qui langue a à Rome va,* pour dire, que Quand on sait un peu parler, un peu s'entremettre, on peut aller par tout.

15. On dit prov.[erbialement] que *L'usage est le tyran des langues,* pour dire, qu'En matiére de Langue, l'usage l'emporte sur les règles.

15a. s.v. tyran: On dit figur.[ément] que *L'usage est le tyran des langues,* pour dire, que Malgré les règles de la Grammaire, l'usage est ce qui décide des expressions d'une langue, & ce qu'il faut suivre.

7.2. *Vocabolario degli Accademici della Crusca* (1729-1738)

1. § I. chiedere a lingua, o simili; vale Quanto dir si possa il più. Lat. *Iuxta votum.*

2. § II. La lingua non ha osso, e si fa rompere il dosso; proverb.[io], che vale: Che per la maladicenza talora s'incorrono de' pericoli. Lat. *Plerosque lingua funditus pessundedit.*

3. *Definiz.* §. III. La lingua dà, o batte, o simili, dove il dente duole; proverbio, che esprime il Ragionar volentieri delle cose, che premono, o dove s'ha interesse. Lat. *ubi quis dolet, ibidem et manum habet*. V. *Flos 257.*

Esempio: Pataff. 5. La lingua va dov'egli duole il dente.

Esempio: Alleg. 36. Là dove il dente duole, Batte la ardita.

Esempio: Salvin. Disc. 1. 295. Alla natura nostra è difficile ec. che, come noi in volgar proverbio diciamo, dove il dente duole la lingua non batta.

4. *Definiz.*[*ione*] §. IV. Aver la lingua lunga, si dice d'Uomo calunniatore, e maldicente.

Esempio: Salvin. Disc. 2. 458. L'uomo, che ha la lingua lunga, come noi in basso volgare diciamo, prosperato non sarà già, nè anderà innanzi sopra la terra.

5. *Definiz.*[*ione*] §. V. Aver una lingua, che taglia, e fora, o che taglia, e fende; si dice d'Uomo maldicente.

Esempio: Lasc. Spri. 5. 2. Non dire, che quell'amico ha una lingua, che taglia, e fende. [...]

6. *Definiz.*[*ione*] §. VI. Mala lingua, o Lingua tabana, si dice d'Uomo maligno, e maldicente.

6b. S.v. tabano: *Definiz.*[*ione*] Dicesi Lingua tabana d'Uomo maligno, e maldicente.

Esempio: Varch. Ercol. 92. Questi tali maldicenti si chiamano a Firenze male lingue, linguacce, lingue fracide, lingue serpentine, e lingue tabane.

7. *Definiz.[ione]* §. VII. Mettere la lingua in molle; vale Cicalare assai.

Esempio: Salv. Granch. 2. 2. Il gaglioffo ha Messa la lingua in molle.

8. *Definiz.[ione]* §. VIII. Non morire a uno la lingua in bocca; vale Esser loquace, Essere efficace nel parlare.

Esempio: Alleg. 184. Non vi muor la lingua in bocca, quando mettete il becco in molle a favor degli amici. [...]

9. *Definiz.[ione]* §. IX. Avere alcuna cosa in sulla punta della lingua; si dice dell'Essere in sul ricordarsene, ma non l'aver così tosto in pronto.

Esempio: Varch. Ercol. 69. Quello, che Plauto disse: *Versatur in primoribus Esempio: Varch. Ercol. 69.* Quello, che Plauto disse: *Versatur in primoribus labiis*; cioè io sto tuttavia per dirlo, e parmene ricordare, poi non lo dico, perchè non me ne ricordo. v. Io l'ho in sulla punta della lingua.

Esempio: Varch. Ercol. 69. Come direste voi quello, che Plauto disse: *versatur in primoribus labiis*, cioè: io sto tuttavia per dirlo, e parmene ricordare; poi non lo dico, perchè non me ne ricordo? V. Io l'ho in sulla punta della lingua.

10. *Definiz.[ione]* §. X. Lasciar la lingua a casa, o al beccaio; si dice di Chi sta senza parlare in compagnia d'altri.

Esempio: Varch. Ercol. 94. Di quelli, che stanno musorni, si dice: egli hanno lasciato la lingua a casa, o al beccaio.

11. *Definiz.[ione]* §. XI. Avere il cervello nella lingua; vale Parlar bene, e operar male.

Esempio: Varch. Stor. Il quale avendo il cervello nella lingua, e più che ricchissimo essendo, ec.

11b. s.v. cervello: §. IV. Avere il cervel nella lingua, vale Discorrere accortamente, e con giudicio. Lat. *prudenter colloqui*. Gr. *φρονίμως συνομιλε ν*.

Esempio: Varch. Stor. 10. Il quale avendo il cervel nella lingua, e più che ricchissimo essendo, ec.

12. *Definiz.[ione]* §. XII. Un paio d'orecchi seccherebbero, o straccherebbero mille lingue. V. ORECCHIO.

12b. s.v. orecchio: *Definiz.[ione]* §. XIX. Un paio d'orecchi straccherebbon mille lingue; proverb.[io] che vale, che Col far vista di non sentire, fare stima di ciò, che si sente, si straccano i maldicenti, o gl'importuni.

7.3. *Diccionario de Autoridades* (1726-1739).

1. poner *léngua* en alguno. Significa murmurar y hablar mal de el. Lat. *Detractare. Dicacibus verbis aliquem impetere.* GUEV. Vid. Del Emper. Bassiano, cap. 9. Y *habian puesto la léngua* en su madre própria, notandola de no mui casta.

2. tener algo en el pico de la *léngua.* Phrase, que significa la prontitud con que estaba para decirse alguna cosa. Lat. *In promptu habére, ut dicat, vel in labris primoribus versari.* CERV. Quix. Tom. I. cap. 21. Despues que se me puso aquel aspero mandamiento del silencio, se me han podrido mas de quatro cosas en el estómago, y una sola que ahora *tengo en el pico de la léngua*, no querria que se malograsse.

2a. Tener algo en el pico de la *léngua.* Vale tambien querer acordarse de alguna cosa, teniendo especies de ella; pero no puntuales. Lat. In cuspide lingua habére, vel latére.

3. Vaciarse por la *léngua.* Phrase que se dice del que sin repáro había facilmente quanto tiene en su interiór. Lat. *Quidquid in buccam venerit obloqui.* QUEV. Mus. 5. letr. Satyr. 10

Yo, que nunca sé callar,

y solo tengo por méngua

no vaciarme por la léngua

y el morirme por hablar.

3a. Metaphoricamente vale decir lo que se debía callar, sin reparo, ù no observando el secreto. Lat. *Verba fundere,* vel *animum.* QUEV. Mus. 5. letr. Satyr. 10.[...]

4. Quien *léngua* ha, à Roma vá. Refr.[an] que dà à entender, que el que duda ò ignóra, debe preguntar para lograr el acierto. Lat. *Tentantes ad Troiam pervenerunt Græci.* ESTEB. Cap. 1. Y sabeis vos en qué galéra me embarco yo? Respondile: Señor, *Quien léngua há, à Roma vá.*

5. morderse la *léngua,* s.v. morder: MORDERSE LA LENGUA. Phrase metaphorica, que vale contenerse en hablar, callando con alguna violencia lo que se quisiera decir. Lat. *Linguam frænare.* CERV. Quix. tom. 2 cap. 13. Pues me bastaba à mi haber entendido, por no sé que barruntos, que vuestra merced es su Caballero, para que *me mordiers la lengua* antes de compararla sino con el mismo Cielo.

6. s.v. LARGO

LARGO DE LENGUA. Desvergonzado y desatento en el hablar inconsiderada è imprudentemente. Lat. *Procax. Loquax.*

7. s.v. GORDO

Tener la léngua *gorda.* Phrase con que se dá a entender, que alguno está borracho. Trahelà Covarr. en su Thesoro. Lat. *Temulenta, vel crassa lingua loqui.*

8. s.v. SACAR

SACAR LA *LENGUA.* Phrase que además del sentido recto, significa notar los defectos públicos y mal vistos, que desdicen à la estimacion de alguna persona: y assi [sic] decimos, No haga V. m. Esto, porque todos le están sacando la lengua. Lat. *Deridere. Deludere.*

9. SACAR LA *LENGUA* A PASSEAR. Vease Passear.

s.v. passear

Sacar la *lengua* à *passear.* Phrase con que se advierte à alguno, que no obligue ò precise à hablar lo que sentirá mucho oir. Lat. *Ad convitia provocare.*

Lengua de estropajo. Vease estropájo

10. s.v. LENGUA

Con la *léngua* de un palmo. Phrase adverbial ponderativa, con que se explica el deseo, ansia ù conato con que se hace alguna cosa, por alusion al perro quando está fatigado. Lat. Anhelo animo, vel studio.

11. De *léngua* en léngua. Phrase adverbial, con que se explica que alguna especie vá corriendo de una persóna en otra. Dicese tambien De boca en boca. Lat. *Per linguas. De lingua in linguam.* PINC. Philos. Respuest. à la Epist. 5. Sucede decir un hombre una nueva, la qual se va mudando y alterando de *léngua en léngua*, que quando toma al primer autór, no la conoce.

12. Irse la *léngua.* Phrase para dar à entender, que alguna persona, llevada del calór de la conversacion, soltó algunas palabras, que despues le peso de ello, por ser contra alguno à quien podían ser sensibles. Lat. *Linguam labi.* [...]

13. Media *léngua.* Apodo que se da al que pronuncia imperfectamente o que habla, por impedimento de la lengua. Lat. *Balbus*

14. s.v. ESTROPAJO

Lengua de estropájo. Apódo que se aplica al que habla y pronuncia mal, y de manera que apenas se entiende lo que dice. Lat. *Lingua balba, blaesa*. Quev. Mus. 6. Rom 88. *Y no has de poder decirme* / *que soy* lengua de estropájo.

A fraseoloxía da música na vida cotiá. Un estudo contrastivo (alemán - español)[1]

Ana Mansilla[2]

Universidade de Murcia

No presente artigo baseámonos na linguaxe musical como medio para escudriñar na psicoloxía humana a través da linguaxe fraseolóxica. Noutras palabras, examinamos determinados aspectos coma o carácter, as relacións e as emocións humanas tomando a música como base metafórica.

Neste artigo confróntanse, dende esta perspectiva, as linguas alemá e española e desentráñanse as diferenzas e as similitudes entrámbolos dous sistemas lingüísticos.

Palabras clave: fraseoloxía, música, alemán, español.

In this paper we will focus on musical language as a means for scrutinizing human psychology through phraseology. In other words, we will examine certain aspects such as human character, relations and emotions taking music as a metaphorical basis.

We will compare the German and Spanish languages from this viewpoint in order to unravel the differences and similarities between both language systems.

Key words: phraseology, music, German, Spanish.

0. Introdución

A música confórmase como un código de comunicación que difire sensiblemente da linguaxe natural en canto que é capaz de transmitir unha información con significado propio dentro do seu sistema. A música está sustentada por determinados parámetros coma o ton, a voz, o ritmo, a harmonía ou polos instrumentos. Non cabe dúbida de que estes parámetros son perfectamente extrapolables ó ser humano. De feito, aínda que resulte contraditorio que a música, como moitos musicólogos afirman, traspasa as

---

[1]Este traballo xurdiu no marco do proxecto de investigación do Ministerio de Educación e Ciencia (código HUM2007-62198/FÍO), dirixido pola profesora Carmen Mellado Blanco e subvencionado con fondos FEDER, que versa sobre fraseoloxía contrastiva do alemán e o español.

[2] Tradución de Beatriz Vizcaíno Pena e Isabel Giráldez Arias.

fronteiras do expresable, aquela tórnase na linguaxe cotiá asible e adquire personalidade.

Expresións tales como *dar el cante*, *darse bombo*, *a bombo y platillo* ou *tocar el piano* non son máis que unha mostraxe minúscula do que pode dar de si o enigmático á vez que máxico mundo da música. A través dela podemos coñecer máis de preto os recantos do ser humano. A música como fenómeno universal forma parte da cultura de tódolos pobos, ademais de constituírse como parte integrante da linguaxe humana.

1. Relacións humanas

A fala está intimamente ligada á natureza da voz (como instrumento humano), así coma ó ton. Este feito inflúe considerablemente no xeito de falar. O ton[3] de voz di moito do estado de ánimo, da forma de ser, ou da educación das persoas. Así pois, expresións tales como: *der Ton macht die Musik* (o importante non é o que se di, senón como se di), *der gute Ton*, ou *das gehört zum guten Ton* evidencian bos modais.

A mala educación, en cambio, reflíctese na unidade fraseolóxica (UF)[4:] *in scharfem Ton sprechen*, é dicir, 'falar cun ton severo ou fusco'. Se a mala educación raia a grosaría, é frecuente oí-la frase *einen fürchtbaren oder ähnlichen Ton am Leibe haben*[5], 'saírse de ton'. Así mesmo, existe unha forma de expresa-lo malestar ante o ton empregado polo interlocutor: *den Ton verbitte ich mir* ('non consinto que se me fale neste ton').

Cando a voz humana ou un instrumento (e en especial de corda) se desvían ó emitir un son do punto da perfecta entoación, causan desagrado ó oído. Esta idea trasládase en sentido figurado ó ámbito das relacións humanas. Así por exemplo:

Also dass ich mich im Ton vergriffen habe, das glaube ich nicht, das ist nicht meine Art. Das war eine ruhige Rede von mir, sie war sachlich...[6] *(*'Que non empreguei o ton axeitado, non o creo, non é o meu estilo. Foi un comentario meu suave, foi obxectivo...')

A forma de endereita-las malas formas pasa por empregar un ton de voz diferente. Así, por exemplo: *anderen Ton anschlagen*, *andere Töne anschlagen* e *in dieser Tonart geht es weiter*. En español existen UFs similares como: *dar con el tono acertado, hablar en este tono (y no en otro).*

O carácter inflúe no volume de ton que emite unha persoa, ata tal punto de que quen se dá aires de grandeza adopta un ton moi particular: *cf.* al. *grösse Töne spucken/dicke-*

---

[3] O ton de voz está determinado pola lonxitude e masa das cordas vocais. O ton vese alterado ó varia-la presión do aire exhalado e a tensión sobre as cordas vocais. Dependendo da frecuencia á que vibran as cordas vocais o ton será máis grave ou máis agudo.

[4] Empregaremos as abreviaturas UF/UFs para unidade fraseolóxica (singular e plural respectivamente).

[5] As UFs equivalentes en español son: *ser de mal tono* o *estar fuera de tono.* Por exemplo: "Aunque estemos en familia, me parece de muy mal tono eso de soltar eructos durante la comida". (Varela 1996: 273).

[6] http://www.dradio.de/dlf/sendungen/kulturheute/536219/

grösse Töne reden/sprechen[7], esp. *darse una persona tono*. En ámbolos dous idiomas, alardear non vai asociado unicamente ó ton adoptado, senón tamén ó son que emiten, por unha parte, o bombo: *darse bombo* e, por outra parte, a trompa (instrumento metal de vento): *kräftig/mächtig ins Horn stossen* (trad. lit. 'soplar na trompa fortemente/enerxicamente').

O verbo castelán *desentonar* refírese nun sentido translaticio ós modais. Observámolo no seguinte exemplo: *sus aires de superioridad desentonaban en la fiesta*. O sentido figurado de *desentonar* emprégase igualmente para unha elevación indebida do ton de voz que provoca un malestar no ambiente: *no desentones de este modo*. E, por último, unha persoa desentoa cando perde vigor ou a súa saúde empeora. As diferenzas que se crean entre dúas persoas poden derivar nunha ruptura da amizade ou dunha relación de compañeirismo. O *Mißton* (ton falso, disonancia) ilústranos esta situación concreta: *unser freundschaftliches Verhältnis wurde durch einen Mißton gestört*, ('a nosa amizade perdeuse por un malentendido'.)

O ton de loanza que se exemplifica a través da UF *etwas/jemanden in den höchsten Tönen anpreisen/loben*[8] (trad. lit. "loar algo/alguén no ton máis alto") carece de equivalente en español, para o cal existen, non obstante, outras UFs similares: *poner a alguien en un pedestal*, *poner a alguien por las nubes*.

2. As emocións

A **tristura** está encarnada en alemán polo *Brummbass sein* (trad. lit. 'ser un contrabaixo') e fai referencia a unha persoa triste que rosma constantemente. O *Brummbass* é a forma coloquial de contrabaixo e, por extensión, unha persoa que adopta un ton de voz moi grave recibe o apelativo de *Brummbass*. O composto está á súa vez formado polo verbo *brummen* que é a onomatopea característica dos osos (gruñir) e dos bóvidos (bruar). Nun sentido figurado a persoa que brúa, dá alaridos de dor, e a que gruñe ou brada emite berros que revelan cólera ou dor violentísima.

Síntomas propios da tristura son a diminución da enerxía e do entusiasmo polas actividades vitais. Aquela produce un impacto no equilibrio mental e o organismo séntese fortemente desestabilizado. O impacto producido reflíctese notablemente na voz, que se debilita (québrase) e perde vigor. Esta é profunda e salaiante, sen enerxía. En alemán emprégase para tal efecto a UF *keinen Ton (mehr) hervorbringen* que equivalería en español a *no salirle la voz a alguien*. Expresións similares en español

---

[7] *Cf.* "Aproximación a la fraseología metalingüística del alemán. Las locuciones verbales con *reden*, *sagen* y *sprechen*" de Ferran Robles i Sabater, Universitat de València (España) en: http://www.uv.es/anglogermanica/2005/Robles.htm
Ich hab mir jetzt mal alles durch gelesen und muss feststellen das die meisten Leute hier offensichtlich nur grosse Töne reden aber nicht wirklich Ahnung haben von dem was Sie sagen. [Xa lin todo e teño que advertir que aquí a maioría da xente dáse moitos aires pero realmente non teñen nin idea do que din].

[8] *Also, ich kann dieses Rezept auch nur in höchsten Tönen loben!!* [Eu só podo loar esa receita]. http://www.chefkoch.de/rezepte/76891029335253/Fenchel-Tomaten-Spagetti.html

que representan a imaxe de tristura son: *con un hilo de voz* e *con la voz quebrada*[9]. Esta última UF transpórtanos a unha situación verdadeiramente arrepiante: a perda dun ser querido, a ruptura afectivo-sentimental con alguén, circunstancias laborais extremas, etc. O efecto fisiolóxico recae na perda da capacidade de fala, a voz deixa practicamente de existir polo efecto de conmoción causado polas circunstancias adversas. Geck (2003: 236) sinala a metáfora seguinte: "tener una emoción negativa es tocar un instrumento", unha metáfora que non se axusta a ningunha das demais metáforas xerais. Cita como exemplos: *Trübsal blasen, Trauer blasen*,('estar triste') entre outros.

A **alegría** vén acompañada dun ton máis alegre e, xa que logo, máis agudo. Así pois, *ponerse a tono*, quere dicir animarse ou estar animado. Tanto as castañolas como as ferreñas[10] son representativas para expresar un estado de ánimo xovial e alegre: *estar como unas castañuelas*, *estar como unas sonajas*. Por cuestións histórico-culturais non se produce unha similitude de significado connotativo nun contexto xermano[11].

Atopamos expresións metafóricas en alemán que utilizan instrumentos de diversa natureza coma o violín, o timbal ou a trompeta como representacións simbólicas da alegría ou da felicidade: *Jdm. hängt der Himmel voller Geigen*[12], *mit Pauken und Trompeten feiern*.[13]

O primeiro exemplo, *jdm. hängt der Himmel voller Geigen*, está estreitamente relacionado co estado de namoramento: "todo é cor de rosa" (*cf.* Geck 2003: 244). En alemán a simboloxía da cor trasládase á imaxe dos violíns (nalgúns dicionarios menciónanse os contrabaixos) que colgan do ceo. O segundo exemplo *mit Pauken und Trompeten feiern* ('celebrar con timbais e trompetas') é unha alusión a un acontecemento celebrado ó grande, como se diría en galego. Os timbais sempre se utilizaron dende as civilizacións antigas para propósitos cerimoniais e militares, así como para festividades relacionadas coa relixión e eran tan defendidos coma os estandartes ou as bandeiras. Con frecuencia, os timbais acompañaban os trompetistas de corte e mesmo ámbolos dous pertencían ó mesmo gremio. Na época dos músicos de

---

[9] *Con la voz quebrada, aseguró que a Veracruz no pudo darle todo, porque él quería darle el campeonato, a lo que hizo una pausa de unos minutos para recuperar el aliento y dejar salir unas lágrimas*. http://www.eluniversal.com.mx/notas/407092.html

[10] Par ou pares de chapas de metal que, atravesadas por un arame, colócanse nalgúns xoguetes e instrumentos rústicos para facelas soar axitándoas.

[11] As castañolas son un instrumento de percusión de orixe fenicia que se expandiu maioritariamente polos países do Mediterráneo. España converteunas nun instrumento nacional como tamén a guitarra ou a música flamenca.

[12] *Wonnemonat Mai! Die Natur blüht auf, die Hormone spielen verrückt, der Himmel hängt voller Geigen! Nichts ist leichter als sich im Mai zu verlieben und sich zu trauen, „Ja" zu sagen.* [¡Que marabilloso é o mes de maio! A natureza florece, as hormonas altéranse, a vida é de cor de rosa. Non hai nada máis fácil ca namorarse en maio e atreverse a da-lo 'si']. http://www.berlinonline.de/liebe-und-dating/liebeswissen/liebesmonat-mai/index.php

[13] *Der Aufstieg in die A-Klasse, mit Pauken und Trompeten gefeiert, bot dafür die notwendige Motivation.* [O ascenso a 1ª división, festexado por todo o alto, deu a motivación necesaria.] http://www.sv-gommersheim.de/r_08_historie.htm

palacio este gremio gozaba de gran prestixio. De aí que a expresión *mit Pauken und Trompeten* traia consigo a creación dunha atmosfera, dun ambiente agradable e festivo acorde cun estado de ánimo alegre e xovial.

A corda dos instrumentos de corda, tales como a guitarra, a arpa, o piano e a familia do violín é unha fonte de vibracións. Estas cordas están feitas dun material flexible que se mantén tenso para que se consiga unha vibración máis libre. Antigamente usábase a tripa de touro e de ovella para face-las cordas da familia do violín debido ó seu cálido timbre e ós seus harmónicos característicos. Hoxe en día recórrese a outros materiais, posto que as cordas de tripa tenden a desafinar e a romper facilmente.

De feito, a expresión *zartbesaitet sein* ('ser sensible') (*cf.* Schemann 1989:54) fai referencia a unha persoa moi **sensible**, fráxil e delicada, semellante ás cordas da familia do violín. Dado o seu estado emocional tan fráxil, estas persoas teñen que ser tratadas dun modo moi especial, coma cordas dun violín. En español correspóndese cos seguintes fraseoloxismos: *dar en la fibra sensible de alguien, tocar la cuerda sensible*[14].

A **boa sorte** ou fortuna en alemán vai especificada en forma de invocación a través da expresión: *Gott sei´s getrommelt und gepfiffen!*[15] Willberg (1963: 213) sinala ademais outra acepción no logro dunha acción como: "Eine gelungene Sache begrüßt man: *Gott sei 's getrommelt und gepfiffen*!".('Cando unha cousa sae ben dise: ¡Loado sexa Deus!')

A expresión de **sorpresa** acompáñase en alemán polo golpe de timbal: *wie ein Paukenschlag wirken/dröhnen/einschlagen.* ('impactar/resoar/golpear coma un golpe de timbal') En cambio, en español visualízase aquela a través do efecto da auga fría: *ducha de agua fría*. Así mesmo, o ton pode provocar unha sensación de sorpresa maioritariamente agradable en *das sind ja ganz neue Töne*[16] ('¡Que novidade!')

O **medo** en alemán relaciónase coa seguinte UF: *eine Pfeife sein* ('ser un silbato'). En cambio, non se atopa a devandita asociación cos instrumentos de corda e vento respectivamente para expresa-lo mesmo sentimento en español.

A opereta é un tipo de xénero musical animado e satírico cunha trama argumental inverosímil e disparatada. Consiste nun espectáculo escénico intercalado por bailes

---

[14] *En este mi primer libro, he tratado de suscitar emoción estética, de suscitar goce anímico e incluso visceral: por eso se habla tanto de comida y de embriaguez. Lo que me interesa como autor es tocar la cuerda sensible en determinados lectores....*
http://www.andes.missouri.edu/andes/Cronicas/MR_Cantantes.html

[15] *Nun sind alle Teile in Bearbeitung, auch die Motoren und der Stromabnehmer. Die Motoren sind in hervorragendem Zustand und müssen nicht - Gott sei´s getrommelt und gepfiffen - neu gewickelt werden...* . [Agora estanse elaborando tódalas pezas, os motores e a toma de corrente tamén. Os motores son excelentes e, grazas a Deus, non hai que volvelos bobinar].
http://www.tramforum-basel.ch/tools/wbb2/thread.php?threadid=1518&page=4&sid=39cbe285bc386fed4f2b0a170afbda23 (22.05.07).

[16] *Oha, jetzt wird der Bairischlehrer verteidigt. Das sind ja ganz neue Töne....* [Carai, agora estase defendendo ó profesor de Baviera.! Que novidade!]
http://burnster.de/un-dunking-moi-alto/feed

coma o rigodón ou o cancán e cancións. Partindo desta breve definición, podemos transportar esta idea á linguaxe cotiá, chea de situacións disparatadas por considerarse que están fóra de lugar.

O termo *operettenhaft* ('opereta') atribúese a un feito **ridículo** que, carente de toda a seriedade que merece, desata un estado emocional de irritación. O termo *opereta* ten unha gran cabida no contexto político: *una opereta política*, *un concejal de opereta*, *la opereta del Gobierno*, *espectáculo de opereta*, *golpe de Estado de opereta*, *caída de opereta*, *derecha de opereta*, *nacionalistas de opereta*, etc.

A sensación de **enfado** está vinculada metaforicamente en español co bemol[17]: *el asunto/ la cosa tiene bemoles.*

3. O carácter

O timbre dalgúns instrumentos ten a propiedade de causar un efecto de sorpresa. A trompa pode emitir sons tanto suaves coma ásperos e duros. Orixinariamente usábanse as trompas nas cazarías e no Barroco estaban representadas pola nobreza, a realeza ou a divindade. É frecuente relaciona-lo fraseoloxismo *ins Horn stoßen* cunha actitude de **presunción** e arrogancia. O bombo na expresión *darse bombo* sería o referente metafórico en español.

Tómase como imaxe a orde de disposición dunha orquestra sinfónica para facer referencia ó carácter de **protagonismo**. O equipo instrumental dunha orquestra consta fundamentalmente de instrumentos de corda, de vento e de percusión. Nos instrumentos de corda os violíns divídense á súa vez en primeiro[18] e segundo violín. Aqueles son os protagonistas indiscutibles da orquestra. Efectivamente, o fraseoloxismo *die erste Geige spielen* ('tocar o primeiro violín') dános conta deste feito, que ten como equivalente en español *llevar la voz cantante*. Do mesmo xeito, o que manda e ten autoridade nun asunto *lleva la batuta*. Pola contra, os segundos violíns quedan relegados a un segundo plano: *die zweite Geige spielen* ('tocar o segundo violín')

Cando hai que tomar **medidas estritas** ou severas, estas teñen o seu reflexo no ton ou nas cordas dun instrumento: *einen anderen Ton anschlagen*, *andere Saiten aufspielen/ aufziehen* ('mudar de ton/ empregar outro ton/ empregar outro ton máis severo') Pola contra, se se adoptan **medidas** máis **flexibles** e polo tanto menos estritas, as cordas que se empregan soportan unha presión menor: *mildere/gelindere Saiten aufziehen/aufspannen* ('empregar un ton máis suave, menos severo'). En español cabe mencionar: *no se debe apretar hasta que salte la cuerda*.

---

[17] O bemol é un signo musical que serve para modifica-lo son. A alteración escríbese antes da nota e esta baixa un semitón cromático.

[18] Denomínase concertino o primeiro violín da sección de violíns primeiros dentro dunha orquestra. O concertino ten unha responsabilidade moi grande: se se equivoca fai fallar a toda a orquestra. Como violín principal, despois de que o primeiro óboe dá a nota *la*, el é o encargado de afina-los demais músicos.

Atribuírlle a unha persoa o cualificativo de *pfiffig*[19] é considerala **astuta** e hábil, é dicir, alguén que logra artificiosamente calquera fin. Descoñécese a orixe verdadeira do termo, pero talvez teña que ver co sinal que facían os pícaros e a xente pícara co asubío ou frautín como contrasinal para cometer algunha estafa ou realizar algún acto ilícito. En español, non aparecen documentadas expresións musicais que fagan referencia á astucia. Existe a UF *ser buena guitarra* (Cf. Rodríguez Vida 2004: 34), aínda que é máis corrente empregar outros fraseoloxismos como *saber mucho latín*, *ser un zorro* ou *no tener un pelo de tonto* en relación co carácter astuto e renarte. Encravado dentro do mundo dos frautíns, unha persoa é un frautín, é dicir, *eine Pfeife sein*, cando é considerada incompetente no seu traballo. Este fraseoloxismo esténdese a unha persoa **parva** ou babeca e limitada nas súas capacidades: *ser un ceporro*, *faltarle un hervor a alguien*.

A persoa **indiscreta** caracterízase, entre outros trazos, por revelar máis do que debe, divulgar un segredo ou unha determinada información sen pensalo dúas veces e gustar de osmar en casas alleas. En alemán o trombón actúa de imaxe para connotar a divulgación indebida dunha información: *eine Wahrheit, eine Neuigkeit ausposaunen, die große Posaune blasen* (trad. lit. 'publicar unha noticia, unha novidade, toca-lo trombón grande.)

4. Conclusións

No presente artigo centrámonos no eido da psicoloxía humana para extraer de aí o carácter, as sensacións e emocións así como as relacións humanas que están involucradas no mundo metafórico da música. A influencia do universo musical na linguaxe é palpable e o ser humano fai uso deste de modo inconsciente. A análise contrastiva achega luz sobre as diversas diverxencias existentes en ámbalas dúas culturas á hora de tomar como base metafórica a linguaxe musical. Constatamos que no que atinxe ós bos modais, o piar fundamental descansa na voz humana a través do ton, do cal derivan a maioría das expresións metafóricas: *der Ton macht die Musik, der gute Ton, sich im Ton vergreifen*. *Todo depende del tono*, *buen tono*, *equivocarse en el tono*, etc. No que concirne ás emocións chamóuno-la atención un uso maior en alemán de instrumentos de vento e de percusión que connotan alegría (*Pauke* e *Trompete*, "timbal e trompeta") tristura (*Bass*, baixo), sorpresa (*Paukenschlag*, golpe de timbal). En contraste, empréganse na nosa cultura as castañolas e as ferreñas para a alegría fronte ó bemol que connota enfado. No que respecta ó carácter humano, a presunción alemá está ligada ó son da trompa, fronte ó bombo en español. As medidas adoptadas para resolver un asunto enlazan coas cordas nos instrumentos de corda en ámbolos dous idiomas fronte ó afán de protagonismo que amosa a súa motivación metafórica unicamente en alemán a través do violín: *die erste Geige spielen* fronte a *llevar la voz cantante*.

---

[19] *Wenn einer seine Ziele zu erreichen versteht, hat er den Pfiff raus. So bedeutet pfiffig „schlau, verschlagen, gerissen*. Willberg (1963: 210). (Se un comprende os fins que ten que acadar, entón xa deu co truco. De xeito que *pfiffig* significa astuto, listo, vivo.)

Aínda arriscándonos a afirmar que a lingua alemá é máis proclive a un uso metafórico da música na vida cotiá, debería procederse a un estudo baseado nun corpus máis extenso que constatase a devandita afirmación.

Referencias bibliográficas

GECK, Sabine (2003): *Actividad intelectual y emociones: dos modelos cognitivos metafóricos en alemán y español*. Secretariado de Publicaciones e Intercambio Editorial, Valladolid.

RODRÍGUEZ VIDA, Susana (2004): *Diccionario temático de frases hechas*. Editorial Columbus , Santiago de Compostela.

SCHEMANN, Hans (1989): *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten*. Straelener Manuskripte Verlag , Straelen.

VARELA, Fernando e KUBARTH, Hugo (1996): *Diccionario fraseológico del español moderno*. Gredos , Madrid.

WILLBERG, Max (1963): "Die Musik im Sprachgebrauch" en Walter HENSEN (eds.): *Muttersprache. Zeitschrift zur Pflege und Erforschung der deutschen Sprache*, Gesellschaft für Deutsche Sprache, Lüneburg, 201-221.

Referencias electrónicas

DEUTSCHLANDFUNK
http://www.dradio.de/dlf/sendungen/kulturheute/536219/ (Consulta: 18.05.07)

ROBLES I SABATER, Ferrán (2005): Aproximación a la fraseología metalingüística del alemán. Las locuciones verbales con *reden*, *sagen* y *sprechen* en *Revista Anglogermánica*, 2005.
http://www.uv.es/anglogermanica/2005/Robles.htm (Consulta: 18.05.07)

CHEFKOCH-Rezepte
http://www.chefkoch.de/rezepte/76891029335253/Fenchel-Tomaten-Spagetti.html
http://www.berlinonline.de/liebe-und-dating/liebeswissen/liebesmonat-mai/index.php (Consulta: 20.05.07)
http://www.sv-gommersheim.de/r_08_historie.htm (Consulta: 20.05.07)

TRAMFORUM BASEL
http://www.tramforum-basel.ch/tools/wbb2/thread.php?threadid=1518&page=4&sid=39cbe285bc386fed4f2b0a170afbda23 (Consulta: 22.05.07).
http://www.andes.missouri.edu/andes/Cronicas/MR_Cantantes.html (Consulta: 22.05.07)
http://www.eluniversal.com.mx/notas/407092.html (Consulta: 23.05.07).
http://burnster.de/un-dunking-moi-alto/feed/ (Consulta: 23.05.07)
http://www.blogigo.de/Lapared/Allein/20/ (Consulta: 23.05.07)

¿Como enfadarse en lituano? Comparacións fixas para expresar enfado, carraxe e ruindade na fraseoloxía lituana

Virginija Masiulionytė e Diana Šileikaitė[1]

Universiteto Vilnius

O presente artigo pretende facer unha presentación das unidades fraseolóxicas comparativas (UFs) lituanas que expresan enfado, carraxe e ruindade. O corpus analizado inclúe 716 exemplos (163 UFs extraídas de fontes lexicográficas e electrónicas, así como 57 unidades recollidas unicamente nos corpora de textos e nas fontes electrónicas mencionadas). Os obxectivos da presente investigación son: analiza-lo concepto de UFs na fraseoloxía lituana; estuda-las fontes lexicográficas dispoñibles; clasificalas e describilas segundo campos temáticos; e analiza-la súa frecuencia. Na conclusión destácase a influencia do cristianismo e das rutinas diarias e da vida rural.

Palabras clave: fraseoloxía, unidades fraseolóxicas comparativas, enfado, carraxe, ruindade, lituano.

This research paper aims to present Lithuanian comparative phraseological units (CPU) expressing anger, rage and evilness. The corpus analysed includes 716 examples (163 CPU from lexicographic sources and other electronic sources, as well as 57 units registered only in the text corpora and electronic sources mentioned). The objectives of the research are: to investigate the concept of CPU in Lithuanian phraseology; to research the available lexicographic sources; to classify and describe the comparatums according to thematic groups; and to research the frequency of occurrence. To conclude with, the most important results about the Lithuanian CPU analysed are: influence of Christianism as well as daily routines and observations of the countryside life.

Key words: phraseology, comparative phraseological units, anger, rage, evilness, Lithuanian.

[1] Tradución de Isabel Giráldez Arias.

Fixación do obxectivo e tema da investigación

O presente artigo expón unha idea sobre as comparacións fixas que serven para expresar enfado, carraxe e ruindade na fraseoloxía lituana. Neste caso o inventario xeral dos fraseoloxismos do lituano que pertencen ós campos semánticos especificados anteriormente é bastante extenso, polo que os resultados da investigación no campo deste artigo serían moi amplos e de aí que a investigación se ocupe só das *comparacións fixas*. As *comparacións fixas* (tamén chamadas *comparacións fraseolóxicas* ou *fraseoloxismos comparativos*) constitúen un tema de investigación moi interesante, pois baséanse en realidades empíricas e mitolóxicas nas que se atopa unha clara reflexión sobre o coñecemento do falante. Trátase, probablemente, da referencia a unha entidade real na que o membro dunha comunidade se submerxe no seu propio ámbito cultural (Sukalenko 1999: 69). A unidade da comparación como compoñente da comparación establece unha relación coa a realidade extralingüística; a súa investigación pode aclarar a este respecto cales son as analoxías nunha comunidade lingüística coñecida, ou como se manifestan lingüisticamente. Para o segmento fixo como representación da realidade recoñécese unha determinada característica, un determinado atributo como especialmente típico e dominante, de xeito que as comparacións fixas tamén poden ser especialmente reveladoras no estudo da cultura, ó tempo que deixan ver determinados campos simbólicos e dimensións dunha cultura concreta (cf. Burger, Buhofer, Sialm 1982: 36). No caso das comparacións fixas trátase de expresións máis ou menos eufemísticas a través das cales o falante equipara a súa experiencia individual cunha realidade experimentada ou da propia experiencia desproporcionada elativamente a través dunha comparación humorística (Balzer 2001: 166).

Do obxectivo da investigación formulado anteriormente dedúcense os seguintes temas de investigación:

presenta-la interpretación dunha serie de comparacións fixas na investigación da fraseoloxía lituana;

determina-lo inventario das unidades de comparación no lituano para exemplificar, mediante as fontes lexicográficas, a totalidade de fraseoloxismos que serven para expresar enfado, carraxe e ruindade;

clasifica-los rexistros atopados das unidades de comparación por campos temáticos e describilos, así como aclarar, onde sexa posible e conveniente, determinados paralelismos entre as unidades e os conceptos culturais xerais lituanos ou europeos.

localizar que fraseoloxismos lexicográficos pertencen realmente ó uso actual da lingua mediante diferentes corpora electrónicos e outras fontes electrónicas, proceder a unha análise de frecuencia e, no caso de que sexa necesario, localizar outras unidades de comparación.

O termo *comparación fixa* na investigación da fraseoloxía lituana

A este respecto habería que aclarar unha cuestión relacionada co concepto de *comparación fixa* na investigación da fraseoloxía lituana. A maioría dos investigadores da fraseoloxía do alemán baséanse en que as comparacións fraseolóxicas presentan unha

estrutura bimembre: o obxecto da comparación ou *tertium comparationis* + partícula comparativa + unidade da comparación ou *comparatum* (cf. por exemplo Burger 1998: 44; Eismann, Grzybek 1994: 105; Hessky 1989: 195). Na investigación de fraseoloxía lituana téndese a atribuírlle unha estrutura unimembre ás comparacións fixas: partícula comparativa + *comparatum* (cf. por exemplo Kalinauskas 1974: 120 e seguintes; Vosylyté 1972: 99 e seguintes); a causa podería se-lo considerable número de verbos e adxectivos metafóricos sinónimos que se utilizan como *tertium comparationis* con *comparatum* idénticos, sen cambiar por iso o contido semántico das comparacións fixas. A maioría das veces funciona en lituano como partícula comparativa *kaip* (como); tamén cumpren esta función *it* (como, así como) e *lyg* (así como). Kudirkiené (1998) considera as comparacións fixas con estrutura bimembre xa como construcións do núcleo paremiolóxico (*priežodžiai*[2]).

Como consecuencia disto, as comparacións fraseolóxicas "acurtadas" aparecen tamén nos dicionarios e o propio significado da comparación só é recoñecible nos exemplos nos que se usan e nas aclaracións do significado. Nalgúns casos Eismann e Grzybek (1994: 107) sinalan que só o *comparatum* pode leva-la carga semántica comparativa; non obstante, non en tódolos casos é así: cando a unidade da comparación se emprega con diferentes obxectos de comparación, algunhas comparacións resultan pouco claras. Isto ocorre por exemplo co fraseoloxismo *kaip iš po žemės* (como + de + debaixo + da + terra f. sg. xen.) que pode designar tanto voz silenciosa e baixa, como mal aspecto, enfermo.

No presente estudo preséntanse as comparacións fixas de acordo coa tradición lexicográfica lituana indicando os resultados na forma acurtada; finalmente, o obxecto da comparación —enfado, carraxe, ruindade— está claramente determinado desde o comezo e trátase meramente de diferentes unidades de comparación. Aínda que a análise dos datos nos corpora textuais electrónicos e outras fontes *on-line* amosan que os obxectos de comparación tamén poden variar no uso actual das comparacións fixas para expresar a ruindade e a carraxe.

Característica dos corpora e das fontes de datos

Estudáronse 163 comparacións fixas de fontes lexicográficas (*LKPŽ*) e outras 57 que non estaban rexistradas en fontes lexicográficas. Estas últimas recolléronse, con motivo da investigación, nos corpora de textos lituanos (Donelaitis) e outras fontes electrónicas. As fontes electrónicas comprenden foros de discusión e portais de noticias en lituano (*vid.* lista de fontes) e recorreuse a elas co obxecto de revisa-la frecuencia de uso dos fraseoloxismos analizados co obxectivo de documenta-lo uso actual da lingua, que reflicte as tendencias máis recentes na actualidade.

Entre os 57 exemplos atópanse tamén os chamados ocasionalismos, que segundo Fleischer (2001: 121) se atopan con relativa frecuencia especialmente en textos literarios e xornalísticos, pero non hai ningún fraseoloxismo. Non obstante non podemos prescindir das comparacións ocasionais, posto que, como di Balzer (2001: 165) os

[2] Cf. ruso *pogovorki*.

individuos crean, ante todo, comparacións fraseolóxicas lúdicas e creativas que se reflicten máis tarde tanto na lingua falada como na literatura; eses neoloxismos inicial e puramente subxectivos afástanse de ámbalas dúas connotacións para mudar co tempo a unha connotación xeral perceptible.

No estudo da frecuencia de uso de tódalas comparacións no que respecta á súa frecuencia de uso nas fontes citadas, xurdiu un corpus de 716 rexistros, que serviu como base da investigación. Por motivos de espazo non se poden comentar detalladamente todos estes rexistros, xa que se centrou a atención na maior frecuencia de uso, o que en determinados casos dá lugar a interesantes explicacións.

Análise semántica de tipos de comparacións por campos

Na investigación obsérvase que os rexistros, que se rexen pola unidade da comparación, clasifícanse en 15 campos temáticos (*vid.* gráfico 1)

Gráfico 1. Distribución das unidades de comparación por campos



Con moita frecuencia (en 53 dos 220 casos estudados) a unidade da comparación é un animal, paxaro ou insecto; en segundo lugar atópase comida e bebida (con 22 fraseoloxismos), seguido dos campos estado e seres míticos. Do gráfico 1 despréndese que, con frecuencia, tamén forma parte da comparación unha persoa ou unha planta. Os elementos da natureza, especialmente o lume, gozan dunha clara popularidade. As comparacións con enfermidades ou con días do calendario son pouco frecuentes.

Algúns destes exemplos analízanse detalladamente en cada campo.

O campo con representación máis forte, como xa se dixo, é o dos **animais** (incluídos paxaros e insectos). Corenta rexistros lexicográficos máis outros trece fraseoloxismos con diferentes compoñentes atopados nas fontes de Internet demostran que os animais son unha importante referencia cando se fala da ruindade humana e carraxe.

A comparación *kaip širšė* (como + avespón [f. sg. [3]]) ou *širšis*, *širšinas*, *širšuolas*, *širšūnas*, *čirkšlys* (avespón [m. sg.]) foi a que apareceu un maior número de veces (127 exemplos) nas fontes electrónicas. A maioría das veces, o obxecto da comparación é *piktas* (encolerizado [adx. m. sg.])/*pikta* (encolerizado [adx. f. sg.]); son esporádicos tamén *kandi* (arisco [adx. f. sg.]), *irzlus* (irritado [adx. m. sg.]), o verbo *pasiusti* (encolerizarse [v. i.], enfurecerse) e o participio derivado dese verbo *įsiutusi* (enfurecerse [part. pret. f. sg.]). Tamén é frecuente a forma acurtada *kaip širšė*.

Širšė (avespón [f. sg.]), na concepción do mundo que ofrece a lingua lituana, é considerado un insecto especialmente colérico; nesta unidade comparativa a motivación podería atoparse quizais en que os avespóns poden producir picaduras moi dolorosas, por ese motivo considéranse perigoso para as persoas e os animais domésticos. Esta hipótese aplícaselles tamén por norma a outros insectos picadores que se atopan como exemplo de carraxe e ruindade nas fontes lexicográficas: *vapsva* (avespa [f. sg.]), *gylys* (tabán [m. sg.]) *musė* (mosca [f. sg.]), aínda que as unidades comparativas con estes compoñentes xa se consideran en desuso debido á falta de exemplos na lingua viva.

Neste campo, o can ocupa o segundo en frecuencia de uso. As unidades comparativas *kaip šuva*/*šuo* (como + can [m. sg.]) rexístranse 35 veces nas fontes electrónicas (xunto con imaxes ocasionais). Se se contan tódolos exemplos, incluídas as variantes cos grupos de compoñentes *pasiutęs šuo* (rabioso [part. pres., m. sg.] + can [m. sg.], 4 exemplos) co compoñente *kalė* (cadela [f. sg.], 2 exemplos), ou nos que *šuo* se atopa xunto con *katė* (gato [f. sg.], 22 exemplos), resulta unha cifra bastante impresionante. A maioría das veces preséntase como obxecto da comparación o adxectivo *piktas* (encolerizado [adx. m. sg.]); aparece tamén illado *kandus* (arisco [adx. m. sg.]), *įsiutęs* (encolerizarse [part. pret. m. sg.]) ou *susiraukęs* (enemistarse [part. pret. m. sg. refle x.]).

A elección do can como elemento de ruindade e carraxe pódese deber, entre outras cousas, a que a imaxe deste animal na tradición cristiá é bastante negativa: xa no Antigo Testamento é a imaxe empregada para o vulgar e o despectivo (cf. Lurker 1969: 199).

Tamén o grupo de compoñentes *can* e *gato* aparecen en varias linguas como símbolo de controversia (cf. Dobrovol´skij, Piirainen 1996: 203), e o lituano tampouco é unha excepción nese sentido. Non obstante, hai que mencionar que é usual unha variante desa unidade comparativa diferente do rexistrado lexicograficamente: *kaip katė su šunimi (šuniu)* (como + gato [f. sg.] + con + can [m. sg. caso instrumental]).

[3] Se nos comentarios gramaticais, os substantivos, os adxectivos e os participios aparecen sen indicación de caso, sobreenténdese que están en nominativo. Posto que a forma habitual de enuncialos é en nominativo, omítense esas indicacións por falta de espazo. No caso do participio trátase exclusivamente do participio activo e por iso tamén se suprimen as indicacións de que é activo.

Por outra parte, tamén pode aparecer *gato* só como compoñente relacionado coa ruindade e a carraxe. Nas fontes electrónicas atopáronse 15 unidades comparativas con este elemento: *kaip katė* (como + gato [f. sg.]). Cabe sinalar que os obxectos comparativos nestas unidades varían bastante; os verbos *purkštauti* (bufar [v. i.]), *draskytis* (rabuñar [reflex.]), *šnypšti* (asubiar [v. i.]), *šiauštis* (alporizarse [reflex.]) son só algúns exemplos. Tamén ocorre o mesmo cos exemplos anotados nas LKPŽ; neste caso, trátase dunha unidade comparativa con amplas posibilidades de variación léxica.

Esta comparación baséase en observacións antigas e débese ó comportamento dos gatos, que poden anoxarse, bufar, alporizarse e volverse agresivos. Por outra banda, é perfectamente posible que se escollese o gato como símbolo da ruindade e da carraxe na visión do mundo propia da lingua lituana debido á influencia do cristianismo, xa que desde antigo se concibiu como compañeiro do demo e das bruxas e, como consecuencia, mensaxeiro de inminentes desgrazas (cf. Röhrich 2000: entrada *Katze* (gato)). Desde os tempos pagáns, nas crenzas do pobo lituano era frecuente a imaxe de que *Velnias* (demo [nome propio m. sg.]) se podía transformar nun gato ou nun gato negro, ás veces con ollos vermellos (cf. excrementos en Mify Narodov Mira). Isto provocou que se asociase este animal coas forzas negativas e con Satanás.

Outro animal que na concepción do mundo do lituano aparece como elemento para expresar carraxe con bastante frecuencia (28 rexistros) é *šeškas* (furón [m. sg.]): *kaip šeškas* (como + furón [m. sg.]). Como obxecto de comparación aparece en case tódolos rexistros o adxectivo *piktas* (encolerizado [adx. m. sg.]), o que testemuña unha presenza máis ou menos lexicalizada e fixada. Ademais diso, ó lado de carraxe, a connotación asociada a este animal na concepción do mundo do lituano comprende[3] moitos outros significados connotativos, característica única do lituano. Deste xeito, a comparación fixa co compoñente *šeškas* considérase específica desta cultura.

Na seguinte posición aparece *gyvatė* (serpe [f. sg.]) con 15 rexistros: *kaip gyvatė* (como + serpe [f. sg.]). Aquí tamén existe unha gran variación no abano léxico no que respecta á posición do obxecto comparativo: do adxectivo *pikta(s)* (encolerizado [adx. f. (m.) sg.]) ata os verbos *šnypšti* (asubiar [v. i.]), *įtūžti* (enfurecerse [v. i.]), *įkąsti* (picar [v. i./t.]), etc. Do mesmo xeito ca no caso do can e do gato, o significado semántico da serpe neste contexto pódese deber á influencia do cristianismo: na mitoloxía cristiá a serpe representa o inimigo de Deus, o demo, e simboliza o poder do mal por antonomasia. (cf. Cooper 2004: 238-239). Esta hipótese dálle credibilidade á análise da teoría lituana: no mundo precristián a serpe representaba un espírito poderoso e branco, co que impuña un especial respecto; posteriormente, coa influencia do cristianismo, a súa imaxe transformouse na representación do mal (cf. Zavjalova 2000: 199, 202).

Entre os animais que simbolizan a ruindade e a carraxe na concepción do mundo lituano tamén se citan *vilkas* (lobo [m. sg.], 12 rexistros) e *ežys* (ourizo [m. sg.], 13 rexistros). As formas *kaip vilkas* (como + lobo [m. sg.]) e *kaip ežys* (como + ourizo [m. sg.]) aínda se usan na actualidade.

---

[3] Por exemplo, os lituanos tamén asocian a este animal a covardía, a imprudencia, a indecisión, o mal olor, etc.

O feito de atoparse o lobo neste grupo é completamente comprensible e está estreitamente relacionado co imaxinario cultural do pobo europeo: na simboloxía cristiá aparece o lobo simplemente como o malo e na Biblia os inimigos dos devotos compáranse con lobos (cf. Lurker 1990: 418). No caso do ourizo, o motivo da comparación probablemente estea relacionado con temas comúns e universalmente coñecidos: a súa habilidade para alporiza-los pinchos[4]. En canto ó verbo tamén se confirma que en tódolos rexistros aparece, sen excepción, como unidade da comparación: *pasišiaušti* (ourizarse [reflex.]).

Ademais dos mencionados, nas fontes lexicográficas figuran como unidades de comparación para expresar ruindade e carraxe outros animais: *žvėris* (animal [m. sg.]), *šernas* (xabarín [m. sg.]), *kiaulė* (porca [f. sg.]), *rupšė* (sapo [f. sg.]), *ežgė* (cágado [f. sg.]), *busilas* (cegoña [eslav. m. sg.]), *kukutis* (bubela [m. sg.]) e *avis* (ovella [f. sg.]); de todos modos, non son habituais as comparacións fixas con estes nomes de animais formados por estes compoñentes. Esporadicamente aparecen no uso actual da lingua comparacións cos compoñentes *angis* (víbora [f. sg.], 2 rexistros), *vanagas* (azor [m. sg.], 1 rexistro), *ešerys* (perca [m. sg.], 1 rexistro), *kalakutas* (pavo [m. sg.], 2 rexistros).

As comparacións (na súa maior parte ocasionalmente) cos seguintes animais aparecen exclusivamente nas fontes electrónicas: *bulius / jautis* (touro [m. sg.]/becerro [m. sg.], 7 rexistros), *vėžys* (cangrexo [m. sg.], 1 rexistro), *kirminas* (verme [m. sg.], 1 rexistro), *žiurkė* (rata [f. sg.], 1 rexistro), *žvirblis* (pardal [m. sg.], 3 rexistros), *kėkštas* (gaio [m. sg.], 1 rexistro), *zebras* (cebra [m. sg.], 1 rexistro), *leopardas* (leopardo [m. sg.], 1 rexistro), *liūtas* (león [m. sg.], 1 rexistro), *skorpionas* (escorpión [m. sg.], 1 rexistro).

No campo comentado distínguense, a pesar da gran cantidade de animais diferentes, algunhas normas; os animais que se asocian á ruindade e á carraxe son os que poden facer dano á xente: picar (avespón, avespa, tabán, mosca, ourizo), morder (lobo, can, serpe) ou rabuñar (gato). Ademais, algúns destes animais están relacionados habitualmente con símbolos cristiáns negativos, o que tamén ten certos efectos na creación de imaxes e conceptos idiomáticos.

O segundo campo máis extenso é **comida e bebida**. A posición das unidades de comparación repártese entre diferentes pratos, comidas e bebidas, comprende realidades rurais e por ese motivo xa están anticuadas: por exemplo, *kaip batviniai be mėsos* (sopa de nabos [m. plurale tantum] + sen + carne [m. sg. xen.]), *kaip buiza* (como + alimento de animais [f. sg.] – potaxe con fariña para animais–), *kaip dranka* (como + alimento de porcos [f. sg.]), *kaip šunies lakalas* (como + can [m. sg. xen.] + comida [m. sg.]), *kaip sūrio drūčgalis/pentis* (como + queixo [m. sg. xen.] + sobras [m. sg.]), *kaip degtienė (užupečyje)* (como + augardente [m. sg.] + sitio detrás da cociña [m. sg. locat.]), *kaip mielių (ropynės) puodelis* (como + lévedo [f. plurale tantum xen.] (sopa de nabos f. sg. xen.) + cunca f. sg.), *kaip tešla duonkubilyje* (como + masa f. sg. + en + artesa da masa [m. sg. locat.]), *kaip raugas* (como + masa léveda [m. sg.]), *it žiaužė* (como + pan de fariña grosa con raspas [f. sg.]), etc. Tamén se utilizan hoxe outros fraseoloxismos que,

[4] *Cf.* en alemán, *Igel* (ourizo) ten o significado "cepillo de rañar; persoa que se illa"; en ruso *ezhit'sia* "estar na inseguridade, dubidar,"; en polaco *jeżyć się* "ser desconfiado".

pola contra, se atopan moi esporadicamente e a miúdo se presentan modificados por esa razón; nas LKPŽ temos a forma *kaip žydo barščiai* (como + xudeo [m. sg. xen.] + sopa de remolacha vermella [m. plurale tantum]), mentres que no único rexistro en que aparece nas fontes electrónicas presenta a seguinte modificación: *it penktadienio barščiai* (como + venres [m. sg. xen.] + sopa de remolacha [m. plurale tantum sg.). Nas LKPŽ atópase a comparación fixa *kaip kisielius* (como + *Kissel* [m. sg.], bebida espesa con almidón de pataca), pero hoxe en día empréganse, no canto desa, bebidas máis actuais: *kaip vakarykštis/pernykštis pienas* (como + de onte [adx. m. sg.]/do ano pasado [adx. m. sg.] + leite [f. sg.]), *kaip kefyras* (como + quefir [m. sg.]). Nas tres últimas unidades comparativas, na posición da unidade da comparación aparece o participio *surūgęs* (acedar [part. pret. m. sg.]) que, igual có adxectivo análogo alemán, neste caso ten dúas interpretacións: expresa tanto "cortarse durante a fermentación" como tamén "desgusto, mal humor".

En resumo, pódese constatar que neste campo predominan comidas e bebidas cuxo proceso de creación está relacionado coa fermentación ou con estragos durante a fermentación; o resto fórmao comida "sen valor" que a maioría das veces está destinada ós animais domésticos.

A continuación segue o grupo **estado**, no que se fai referencia ós estados psíquicos na posición da unidade da comparación. Aínda que este campo presenta unha gran variedade, a súa semántica pode explicarse brevemente: unha parte dos elementos de comparación dos fraseoloxismos que se mencionan nas LKPŽ refírense ó enfado, onde os compoñentes correspondentes, que indican que un está enfadado, e que designan sempre xente anoxada, xa pertencen ó léxico anticuado. Un exemplo son os substantivos comúns *rauketa*, *rukna*, *žagaras*, *raukas*, *kniuras*, e os femininos *sketė*, *šatrija*, etc.; a outra parte, refírese semanticamente a perturbacións mentais, a estar tolo, e algúns dos fraseoloxismos úsanse na actualidade, por exemplo: *kaip pamišęs* (como + tolear [part. pret. m. sg.], 2 rexistros), *kaip iš proto išėjęs* (como + de + sentido [m. sg. xen.] + saír [part. pret. m. sg.], non estar no seu xuízo, 2 rexistros).

O cuarto campo ó que se recorre na fraseoloxía lituana para expresa-la ruindade e a carraxe son os **seres míticos**. Nas LKPŽ cítanse 5 rexistros co compoñente *ragana* (bruxa [f. sg.]), do que só se atopa unha forma no uso da lingua na actualidade (28 rexistros): *kaip ragana/žiežula* (como + bruxa [f. sg.]).

A bruxa simboliza a ruindade e a carraxe non só na concepción do mundo da lingua lituana senón tamén en todo o seu ámbito cultural: no folclore lituano, nas crenzas populares e nos costumes estivo ata agora e está aínda viva a idea de que as bruxas lle causan danos e enfermidades á xente, ós animais e ás plantas, de que son malas e teñen relacións permanentes (tamén íntimas) co demo, etc. (cf. Vélius 1977: 219, 223, 231). Non obstante, Vélius (1977: 218) destaca expresamente que, en comparación con outros seres míticos, a imaxe da bruxa no folclore lituano e nas crenzas populares é a menos limitada nacionalmente e pódese considerar máis ben internacional, xa que moitos pobos teñen imaxes semellantes xurdidas baixo a influencia do cristianismo.

Neste grupo hai que mencionar tamén outro ser mítico: o demo. Nas LKPŽ cítanse 5 comparacións fixas co compoñente *velnias* (demo [m. sg.]) ou *raguotasis* (cornudo [adx.

det. m. sg.]), polo que cornudo é un dos pseudónimos do demo no folclore lituano (cf. Vélius 1987: 34). Hoxe só é frecuente un deles (60 rexistros): *kaip velnias* (como + demo [m. sg.]). Na lingua viva domina a forma completa *piktas kaip velnias* (encolerizado [adx. m. sg.] + como + demo [m. sg.]), aínda que aparecen, se ben é raro, o verbo *užputoti* (encolerizarse [v. i.]) como obxecto da comparación e o participio *įsiutęs* (enfurecerse [part. pret. m. sg.]).

Ademais, non é sorprendente atopar na lingua dun país católico o demo como elemento para expresar ruindade e carraxe; é interesante destacar que o antigo demo pagán lituano, tomou o nome na implantación do cristianismo en Lituania para denomina-lo espírito maligno, non ten demasiado en común co cristián: é unha divindade ctónica; máis ca inimigo, é axudante e irmán da divindade solar Dievas; é o deus dos animais, dos mortos e da fertilidade. A visión do mundo da lingua lituana do demo como símbolo da ruindade e da carraxe débese claramente á tradición cristiá. Evidéncianse, polo demais, tamén rexistros máis recentes que non están recollidos en ningún dicionario da lingua viva: *kaip biesas* (como + demo [eslav. m. sg.], 2 rexistros) e *kaip Liuciferis* (como + Lucifer [m. sg.], 1 rexistro). *Biesas* (demo) é un préstamo do bielorruso. No eslavo os demos son denominados espíritos malignos e na mitoloxía cristiá, servos e axudantes do diaño. *Liuciferis* é a grafia lituana para Lucifer, a denominación latina do demo.

É interesante o fraseoloxismo *kaip velnias iš Čenstakavo* (como + demo + de + Čenstakavas, grafía lituana de Częstochowa), que contén referencias á cultura polaca debido ó pasado histórico común de Lituania e Polonia. Częstochowa, onde se atopa o mosteiro de Jasna Góra, coa coñecida imaxe milagrosa da nai de Deus, da Madona Negra (Czarna Madonna). Trátase dun lugar de culto relixioso cristián moi frecuentado por miles de peregrinos, por iso se enfada enormemente o demo que, como inimigo de Deus, non ten acceso. Neste caso, é necesario o atributo para intensificar. Non obstante, este fraseoloxismo non está rexistrado no uso da lingua viva.

Esporadicamente, representados só por 1 rexistro, tamén aparecen na lingua lituana viva algúns compoñentes como *giltinė* (morte [f. sg.]), *likimas* (destino [m. sg.]), *požemiuos nupuolę angelai* (imperio subterráneo [m. pl. locat.] + caer [part. pret. m. pl.] + os anxos [m. pl.]), *Dzeusas* (Zeus [m. sg.]), *Marsas* (Marte [m. sg.]), *gnomas* (gnomo [m. sg.]) e *trolis* (troll [m. sg.]) como elementos comparativos para expresar ruindade e carraxe. Ante todo, consideraríanse ocasionalismos interesantes que xurdiron baixo a influencia de culturas alleas, pero por motivos de espazo non se tratarán neste artigo.

En resumo, podemos concluír que existe unha clara cuñación cristiá nas unidades comparativas que aínda hoxe son usuais, familiares e frecuentes no campo **seres míticos**, tanto no que respecta ás entradas lexicográficas como en relación ós ocasionalismos.

A **xente** constitúe o seguinte campo. A primeira vista, nas entradas lexicográficas deste campo chama a atención que ata catro fraseoloxismos conteñan compoñentes tales como *anyta* (sogra [f. sg.], nai dos esposos) e *marti* (nora [f. sg.]) e a relación entre elas, por exemplo: *kaip anyta ant marčios* (como + sogra [f. sg.] + con + nora [f. sg. xen.]), *kaip anyta su marčia* (como sogra [f. sg.] + con + nora [f. sg. caso instrumental]), etc. Hoxe estas expresións xa non son usuais aínda que se atopan rexistros antigos, presentes nas LKPŽ; non obstante, son interesantes e están relacionadas coa vida familiar tradicional

lituana: sogras e noras tamén se consideran no folclore como xente que discute, especialmente nas cancións populares lituanas, e aparecen como punto central na antiga literatura lituana. O feito de que a ruindade da sogra fose proverbial, pon de manifesto probablemente que en moitas familias existían importantes tensións entre estas mulleres. Queda no aire a pregunta de se a falta de rexistros no uso actual da lingua supón certa mellora nese sentido.

Do uso actual da lingua pódese mencionar unha comparación fixa, que aparece catro veces, e onde a posición da unidade da comparación está ocupada polo compoñente *lietuvis* (lituano [m. sg.]): *kaip (tikras) lietuvis / (tikri lietuviai)* (como + (verdadeiro [adx. m. sg.]) lituano [m. sg.]/(verdadeiro [adx. m. pl.]) + lituano [m. sg./pl.]). Tales rexistros denotan pouco valor propio e son típicos da imaxe que teñen os lituanos de si mesmos: é frecuente que se nos atribúa non só envexa e odio ó próximo, senón tamén ruindade e carraxe, e isto tamén se reflicte na lingua con este resultado.

No seguinte campo dominan, na posición da unidade da comparación, as **plantas** que ou son velenosas, por exemplo: *kaip musmirių apsiėdęs* (como + rebentabois [f. sg. xen. partitivo pl.] + fartarse [part. pret. m. sg. reflex.]), *kaip čemerys/čemeryčia* (como + herba do demo [m./f. sg.]); ou son malas herbas, por exemplo: *kaip dagis su usnimi* (como + cardo [m. sg.] + con + cardo asneiro [f. sg. caso instrumental]), *kaip piktdagis* (como + cardo vermello [m. sg.]); ou teñen espiñas, por exemplo: *kaip erškėtis* (como + escambrón [m. sg.]), *kaip kadagys* (como + cimbro [m. sg.]). Algúns destes fraseoloxismos só se atopan no uso actual da lingua; a maioría xa están anticuados a causa dos cambios que se produciron na vida no campo.

No campo **elementos da natureza** predomina o lume como elemento de comparación para expresa-la carraxe e o enfado, o cal é lóxico e baséase na simboloxía universal do lume. Por este motivo, atópanse nesta posición distintos tipos de lume *kibirkštis* (chispa [f. sg.]), *pirkšnis* (chispa pequena [f. sg.]), *ugnis* (lume [f. sg.]), *žarija* (brasas [f. sg.]), *degtukas* (misto [m. sg.]), *liepsna* (chama [f. sg.]) e tamén *čiršką* (rama de abeto seca [f. sg.]).

Polo que respecta ó uso actual, destaca o fraseoloxismo *kaip degtukas* (como + misto [m. sg.]) con 82 rexistros, que presenta como obxecto da comparación diferentes verbos co significado de aviva-lo lume, como por exemplo: *užsiliepsnoti* (acenderse [reflex.]), *užsidegti* (prender lume [reflex.]), *plykstelėti* (aviva-lo lume [v.i.]), *įsiplieksti* (inflamarse [reflex.]); tamén é bastante usual a forma acurtada. Igualmente, hai seis rexistros coa unidade comparativa *kaip ugnis* (como + lume [m. sg.]) e o ocasionalismo *kaip ugnikalnis* (como + volcán [m. sg.]). Con este fraseoloxismo claramente metafórico exprésase a ira. No uso actual da lingua atópanse tamén dous rexistros co fraseoloxismo *kaip vanduo* (como + auga [m. sg.]), que denota a propia ira; o conseguinte adxectivo *ūmus* (colérico [adx. m. sg.]) ocupa a posición do obxecto da comparación.

O campo **perdas** está constituído por un grupo de comparacións bastante amplo. Neste campo, os fraseoloxismos responden habitualmente ás seguintes estruturas: [alguén está furioso de rabia] + coma se perdese [algo]. Na posición do obxecto de valor aparecen diferentes bens e artigos, considerados especialmente valiosos desde tempos máis ou menos antigos no ámbito cultural e que constitúen o obxecto da perda: *pasogas* (dote

[eslav. m. sg.]), *radybos* (devolución de algo atopado [f. plurale tantum]), *radinys*, (cousa atopada [m. sg.]), *pinigai pagirioms* (diñeiro [m. sg.] + sufrimento [f. plurale tantum dativo de finalidade]), *arklys* (cabalo [m. sg.]), *žemė* (propiedade [f. sg.]). Os fraseoloxismos que presentan este tipo de compoñentes serían reveladores para o estudo da mentalidade e dos sistemas de valores pero, posto que non é esa a finalidade da presente investigación, non se tratará con máis detalle.

O campo **outros** integra once fraseoloxismos non rexistrados lexicograficamente que proceden das fontes electrónicas. A maioría imprimen a intensidade do enfado ou da carraxe coa axuda dun adverbio, por exemplo: *kaip niekada* (como + nunca [adv.], 6 rexistros); dun adxectivo no que o lituano especifica a forma do xénero neutro, por exemplo: *kaip reta* (como + raro [adx. neutro], 2 rexistros), ou do participio adverbial do verbo *reikėti* "precisar", por exemplo: *kaip reikiant* (como + precisar [part. adverbial pres. non conxugado 2 rexistros). O grao de carraxe pode ser tan alto que ós falantes lles pode resultar difícil expresalo, por exemplo: *kaip nežinau kas / kažin kas* (neg. saber [1ª pers. sg.] quen/alguén/calquera persoa); no corpus de rexistros hai seis exemplos. Nos outros casos, destaca a comparación *kaip karas/į karą* (como + guerra [m. sg.]/na guerra [m. sg. ac.]), no que se recorre á guerra como elemento de unidade da comparación.

O campo **obxectos** contén trece fraseoloxismos (dos que oito están recolleitos nas LKPŽ e cinco atopáronse nas fontes electrónicas). Neste caso, a posición do obxecto da comparación fórmase exclusivamente co participio de pretérito *susiraukęs* (estar de morros [part. pret. m. sg. reflex.] –sempre anoxado–), ou co correspondente verbo *susiraukti* (andar de morros [reflex.]), e na posición da unidade da comparación atópanse diferentes obxectos. Son completamente inusuais as expresións nas que se compara unha persoa enfadada, malhumorada, con *tabakinė bliozė* (tabaco [adx. f. sg.] petaca [xerm., f. sg.]), *botagas* (látego [m. sg.]), *šepetys* (cepillo [m. sg.]) ou *čempė* (zapato tecido [f. sg.]). Pola contra, outro tipo arcaico de calzado goza asombrosamente dunha gran popularidade: atopáronse 9 rexistros co fraseoloxismo *kaip naginė* (como + zapatos de atar [m. sg.]). É sorprendente que este calzado, malia estar en desuso desde hai máis de 50 anos, aínda aparece na lingua viva. A comparación baséase na relación de semellanza entre as engurras da cara das persoas enfadadas e o proceso de fabricación dese calzado: un anaco de coiro apertado, de xeito que se forman engurras, que se ata con cordóns ós pés.

Neste contexto, ademais dos zapatos de atar, cítase tamén outro tipo de calzado: nas fontes electrónicas había tres exemplos co fraseoloxismo *kaip vyža* (como + alpargata [f. sg.]). Aínda que aquí existía unha pequena variación na colocación da posición do obxecto da comparación: aparecía dúas veces o verbo *susiraukti* (enfadarse [reflex.], tamén: facer pregues), é dicir, derivado do participio de pretérito *susiraukęs* (enfadar [part. de pret. m. sg. reflex.]) e unha vez *surūgęs* (alterarse [part. pret. m. sg.]). A semántica desa comparación pode deberse igualmente ás relacións de analoxía.

O fraseoloxismo *kaip tapkė* (como + pantufla [f. sg. barb.], 2 rexistros) representa unha modificación moderna do fraseoloxismo *kaip čempė* (como + pantufla [f. sg.]): o compoñente *tapkė* é un estranxeirismo, lexema prestado do ruso, que pertence á linguaxe

familiar e non se atopa en ningún dicionario do lituano normalizado. Malia isto, este fraseoloxismo constitúe un exemplo de modificación fraseolóxica interesante.

Pódese comparar unha persoa malvada con *rakštis* (pitelo [f. sg.], 2 rexistros) e *puodas* (pota [m. sg.], 1 rexistro). Non se rexistran no dicionario as comparacións coas unidades comparativas *pjūklas* (serra [m. sg.], 2 rexistros), *peilis* (coitelo [m. sg.], 1 rexistro) e *devynios geldos* (nove [f. pl.] + maseiras [f. sg./pl.]). Con *pjūklas* (serra) e *peilis* (coitelo) aparece na posición de obxecto da comparación o adxectivo *piktas* (encolerizado [adx. m. sg.]) e con *devynios geldos* (nove [f. pl.] + maseiras [f. sg./pl.]), o participio *susiraukęs* (andar de morros [part. pret. m. sg. reflex.]).

Desde unha perspectiva xeral pódese observar que os lituanos asocian unha persoa de morros e malhumorada a obxectos engurrados (petaca, zapato de punto, zapato de atar, alpargata) e a obxectos con punta que poden causar dano (cepillo, látego, estela, serra, coitelo).

No que se refire ó campo **obscenidades**, antes de nada, débese mencionar que os resultados da análise da familiaridade e uso das comparacións obscenas son bastante relativos: na maioría dos foros e comentarios de Internet existe unha censura que non permite o uso de palabras malsoantes. Por este motivo, non podemos estar certos que as fontes electrónicas reflictan o uso real das obscenidades. Mais, a pesar diso, tamén se poden tirar algunhas conclusións cos rexistros presentes.

As entradas lexicográficas que aparecen neste grupo distínguense xa polo léxico anticuado: os lexemas *raukinalė* (pousadeiras [f. sg.]), *rakasa* (traseiro [f. sg.] dunha egua), *raukšmetė* (cu [f. sg.]), *mašna* (escroto [f. sg.]), *raukai* (esfínter anal [m. pl.]), *spira* (anaco de merda[5] [f. sg.]) non son usuais ou só aparecen moi raramente[6] –aplícase o mesmo para fraseoloxismos con compoñentes semellantes. Constitúe unha excepción neste campo *šikna* (cu [f. sg.]), que figura en 22 rexistros con tódalas variantes incluídas. Nas variantes trátase tanto de sinónimos groseiros, por exemplo *rūra* (cu [f. sg.]) e *šikynė* (cu [f. sg.]), como de lexemas da lingua estándar, como *užpakalis* (nádegas [m. sg.]) e *subinė* (traseiro [f. sg.]). Na posición do obxecto da comparación atópase sen excepción o participio *susiraukęs* (estar de morros [part. pret. m. sg. reflex.]), ou ben o verbo análogo *susiraukti* (estar de morros [reflex.]).

O seguinte campo, **tempo**, comprende os fenómenos meteorolóxicos que os lituanos asocian coa carraxe, a ruindade e o enfado. E non sorprende que aquí a maioría das veces o tema sexa o mal tempo: *lyg dargana* (como + temporal [f. sg.]), *kaip prieš dargą* (como + ante + tempo de choiva [f. sg.]), *kaip perkūnas*[7] (como + trono [m. sg.]), *kaip griausmas* (como + trono [m. sg.]), *kaip bangas po karščių* (como + tormenta [m. sg.] + despois + calor [m. pl. xen.]). Estes fraseoloxismos son realmente inusuais, coa excepción dunha variante do último citado: atopáronse dous rexistros coa comparación *kaip audra po karščių* (como + tormenta [f. sg.] + despois + calor [m. pl. xen.]) e

[5] Xeralmente de animais domésticos pequenos como coellos.
[6] O lexema *raukai* utilízase en contextos médicos.
[7] O compoñente *perkūnas* é ambiguo: pódese tratar do deus lituano do trono e do raio ou dun fenómeno meteorolóxico.

aparece, no lugar do lexema típico rexional *bangas*, o da lingua estándar *audra*. Mentres que a semántica desta comparación é completamente clara, o fraseoloxismo *kaip ryto rasa* (como mañá [m. sg. xen.] + orballo [f. sg.]) é pouco transparente e inusual.

Pola contra, no uso actual da lingua é bastante frecuente outra comparación deste campo (atopáronse 12 rexistros): *Kaip (audros/juodas) debesis* (como + (tormenta [m. sg. xen.]/negro [adx. m. sg.]) + nube [m. sg.]). A posición da unidade da comparación ocúpana numerosos e diferentes verbos, adxectivos e participios, o que xustifica a tendencia dos investigadores da fraseoloxía lituana a atribuírlles estruturas integradas ás comparacións. Trátase particularmente de *aptemti* (escurecer [v. i.]), *apsiniaukti* (nubrarse [reflex.]), *pratrūkti*[8] (alterarse [v. i.] – perde-los nervios), *tamsus* (escuro [m. sg.]), *niūrus* (lóbrego [m. sg.]), *juodas* (negro [m. sg.]), *susiraukęs* (estar de morros [part. pret. m. sg. reflex.]).

No campo **traballo** aparecen efectivamente traballos, actividades e ocupacións, polas que na concepción lituana se sente pouco interese. Só merece especial atención o fraseoloxismo: *lyg ne ta koja išlipęs iš lovos* (como se neg. + perna (boa) [f. sg. caso instrumental] + de + cama [f. sg. xen.] + saír [part. pret. m. sg.]), que se refire, a maioría das veces, ó comezo dunha xornada laboral. Dos 73 exemplos utilizados é a comparación máis usual empregada para expresa-la carraxe; aínda que hai que destacar que este fraseoloxismo non é sempre comparativo. Para explica-la motivación deste fraseoloxismo, probablemente universal, hai que remontarse á simboloxía da dereita e da esquerda xa que estes conceptos bipolares resultan do bo e do malo, da luz e da escuridade (cf. Lurker 1990: 608) e no caso da perna mala pódese pensar claramente na perna esquerda. Aínda que realmente só se trata dunha hipótese.

Outros fraseoloxismos que se rexistran nas LKPŽ xa son arcaicos: é completamente opaco *lygu tūkstantį pamatęs* (como se + mil [m. sg. ac.] + ver [part. pret. m. sg.]) e *kaip alų traukęs* (como + cervexa [m. sg. ac.] + beber [part. pret. m. sg.]), pola contra, baséase nunha metáfora bastante clara: a cervexa non é a bebida máis doce do mundo.

Baixo imaxes ocasionais que se poden engadir a este grupo faise referencia ós traballos rurais que actualmente espertan, evidentemente, pouco interese: *kaip kiaulių lovį kuopdamas* (porco [f. pl. xen.] + comedeiro [m. sg. ac.] + limpar [part. medio], 1 rexistro) e *svetimas kiaules iš daržo išvarius* (alleo [f. pl. ac.] + porco [f. pl. ac.] + de + xardín [m. sg. xen.] + botar [part. pret. f. sg.], 1 rexistro).

No campo **calendario** trátanse tanto épocas do calendario como días da semana ou estacións. Salta á vista que os lituanos asocian o venres coa carraxe e o enfado: *kaip devynios pėtnyčios*[9] (como + nove [f. pl.] + venres [eslav. f. pl.], 9 rexistros) e *kaip pėtnyčia* (como + venres [eslav. f. sg.], 3 rexistros). Pola contra é inusual o fraseoloxismo *kaip advento diena* (como + advento [m. sg. xen.] + día [f. sg.]). Nestes fraseoloxismos poderíanse buscar analoxías cos costumes cristiáns: os venres está

[8] O verbo lituano *pratrūkti* tamén pode significar que algo comeza de repente, por exemplo, unha choiva.

[9] O lexema *pėtnyčia* é un préstamo do bielorruso, que na lingua estándar significa *penktadienis* (venres [m. sg.]). Curiosamente tamén se conserva este lexema obsoleto no uso actual da lingua como compoñente fraseolóxico.

prohibido comer carne e no tempo de advento prescríbense os xaxúns e prohíbese calquera tipo de celebración. Para os lituanos (que teñen unha cociña moi rica en calorías) este é un motivo suficiente para estar enfadado, hipótese que confirma sobre todo a imaxe ocasional: *kaip gavėnia* (como + coresma [f. sg.]).

Finalmente, habería que comentar aínda o campo **enfermidades**, no que aparecen soamente dous fraseoloxismos: *kaip votis* (como + úlcera [f. sg.]), *kaip dygulį gavęs* (como + punzada [m. sg. ac.] + recibir [part. pret. m. sg.]) e un ocasionalismo *lyg maustų dantį* (como se + dor [conxuntivo 3] + moa [m. sg. ac.]). Nestas comparacións trátase de relacións analóxicas: a unha persoa pódelle saír unha úlcera e pode perde-los nervios, co cal en lituano un mesmo verbo pode ter dous significados (*pratrūkti*). No caso da punzada trátase dunha semellanza, como as xa mencionadas, con algo que pica (*vid.* avespón, serpe, ourizo, escorpión, escambrón, cepillo, etc.) e unha dor de moas non precisa de ningunha outra aclaración.

Resumo dos resultados da análise de frecuencia

Coa análise de frecuencia preténdese determinar o número total de rexistros dos fraseoloxismos estudados mediante os corpora textuais e as fontes electrónicas. O gráfico 2 ofréce unha panorámica do conxunto de rexistros dos fraseoloxismos estudados. Obsérvase que, segundo a frecuencia de aparición, figura en primeira posición con 127 rexistros o fraseoloxismo *pikta kaip širšė* (encolerizado [adx. f. sg.] + como + avespón [f. sg.]); ségueno os fraseoloxismos *kaip degtukas* (como + misto [m. sg.]) e *lyg ne ta koja iš lovos išlipęs* (como se + neg. a + perna (boa) [fem. sing. caso instrumental])+ de + cama [f. sg. xen.] + saír [part. pret. m. sg.]), o cal non funciona só como unha comparación fixa. O cuarto lugar ocúpao o fraseoloxismo *kaip velnias* (como + demo [m. sg.]). As presentes comparacións tamén aparecen noutras linguas *kaip šuo* (como + can [m. sg.], confróntese co inglés: *as angry as a dog*; alemán: *böse wie ein Hund*; ruso: *zloj kak sobaka*; polaco: *zły jak pies*) e *kaip ragana* (como + bruxa [f. sg.], confróntese co inglés: *as evil as a witch*; alemán: *böse wie eine Hexe*; ruso: *zlaja kak ved'ma*). Polo tanto, non son específicas dunha cultura, senón que son imaxes determinadas da mitoloxía cristiá, pensamentos universais da xente, unidades comparativas referidas ó imaxinario común e a experiencias xerais.

Gráfico 2. Comparacións con maior número de rexistros



Pola contra, como comparación específica da lingua e da cultura, como xa se mencionou, atópase o fraseoloxismo lituano *kaip šeškas* (como + furón [m. sg.]), que aínda está en uso e que presenta 28 rexistros. Outras comparacións específicas, que só se atopan na cultura e na lingua lituana, son: *kaip devynios pėtnyčios* (como + nove [f. pl.] + venres [eslav. f. pl.]), *kaip (sena) naginė* (como + (vello [adx. f. sg.]) zapato de atar [f. sg.]), aínda que hoxe, como se aprecia no gráfico 2, son algo menos frecuentes (están representados por 9 rexistros cada un). Isto pódese deber a que o progreso da civilización cambiou a vida cotiá da xente e, ó mesmo tempo, as tradicións, usos e costumes, polo que, coa globalización, as antigas tradicións caeron no esquecemento. Así temos, por exemplo, zapatos de atar de coiro que no pasado eran unha peza importante do calzado dos campesiños e que para a xente de hoxe en día xa non teñen tal importancia; iso mesmo ocorre co venres, que xa non conserva o sentido relacionado coas convencións relixiosas de día de xaxún e día triste.

Algúns resultados da investigación en Internet: modificacións e ocasionalismos

Durante a investigación atopáronse en Internet comparacións da lingua actual que nas fontes lexicográficas (polo de agora) non se identificaron (como xa se mencionou ó comezo, 57 en total, véxase táboa 1). A este respecto o grupo máis numeroso represéntao o de animais, no que se observan 13 novas unidades de comparación e ó que lle seguen os grupos seres míticos (9 entradas) e xente (7 entradas).

Táboa 1. Novos resultados da busca en Internet

Campos	**Nº. de rexistros**	**Compoñentes das comparacións (co conxunto de rexistros)**
Animais	13	*katė su šunimi/šuniu* (gato [f. sg.] + con + can, 18), *bulius / jautis* (touro [m. sg.] / becerro [m. sg.], 7), *žvirblis* (pardal [m. sg], 3), *kirminas* (verme [m. sg], 2), *žydo bitės* (xudeu [m. sg. xen] + abellas [f. pl.], 1), *vėžys* (cangrexo [m. sg.], 1), *žiurkė* (rata [f. sg.], 1), *kėkštas* (gaio [m. sg.], 1), *laukys* (galeirón [m. sg], 1), *zebras* (cebra [m. sg], 1), *leopardas* (leopardo [m.sg.], 1), *liūtas* (león [m.sg], 1), *skorpionas* (escorpión [m.sg.], 1).
Seres míticos	9	*Liuciferis* (Lucifer [m. sg], 1), *giltinė* (morte [f. sg.], 1), *likimas* (destino [m. sg.], 1), *požemiuos nupuolę angelai* (imperio subterráneo [m. pl. locat.] + caer [part. pret. m. pl] + anxo [m. pl], 1), *Dzeusas* (Zeus [m. sg.], 1), *Marsas* (Marte [m. sg.], 1), *gnomas* (gnomo [m. sg.], 1), *trolis* (troll [m. sg.], 1).
Outros	7	*niekada* (nunca [adv.], 6), *nežinau kas/kažin ka*s (neg. saber [1ª pers. sg.] quen/alguén) (6), *reikiant* (necesitar [part. pres. adverbial non conxugado, 2), *reta* (raro [adx. neutro], 2), *karas/į karą* (guerra [m. sg.]/na guerra [m. sg. ac.], 2), *girta daina* (bébedo [adx. fem. sg.] + canción [fem. sg.], 1), *vakarykštis dumblas* (de onte [adx. m. sg.] + lama [m. sg.], 1).
Xente	7	*tikras lietuvis/tikri lietuviai* (verdadeiro [adx. m. sg.] + lituano [m. sg.]/verdadeiro [adx. m. pl.] + lituano [m. pl.], 4), *senis nevalgęs* (home vello [m. sg.] + neg. comer [part. pret. m. sg.], 1), *priešas* (inimigo [m. sg.], 1), *senbezda* (peido vello [s. com. sg.], 1), *Rusijos mafija* (Rusia [f. sg. xen.] + mafia [f. sg.], 1), *gyvenimu nepatenkinta paauglė* (vivir [m. sg. caso instrumental] + descontento [adx. f. sg.] + adolescente [f. sg.], 1), *buožė* (terratenente [s. com. sg.], 1)
Comer e beber	4	*vakarykštis pienas* (de onte [adx. m. sg.] + leite [m. sg.], 3), *suvalgęs rūgščių vynuogių* (comer [part. pret. m. sg.] + agrias [adx. pl. xen.] + uvas [f. pl. xen. partitivo], 1), *padžiuvęs runkelis* (seco [part. pret. m. sg.] + nabo [m. sg.], 1), *miežių alus* (cebada [m. pl. xen] + cervexa [m. sg.], 1).

Obxectos	4	*pjūklas* (serra [m. sg.], 2), *tapkė* (pantufla [f. sg. barb.], 2), *peilis (*coitelo [m. sg.], 1), *devynios geldos* (nove [f. pl.] + amasadeira [f. pl.], 1).
Elementos da natureza	3	*vanduo* (auga [m. sg.], 2), *ugnikalnis* (volcán [m. sg.], 1), *žemė* (terra [f. sg.], 1).
Plantas	3	*Kempinė/pintis* (fungo das árbores [f. sg.], 4), *piktžolė* (malas herbas [f. sg.], 1), *oduvančikas* (dente de león [barb. m. sg.], 1).
Traballo	2	*kiaulių lovį kuopdamas* (porco [f. pl. xen.] + maseira [m. sg. ac.] + limpar [participio medio m. sg.], 1), *svetimas kiaules iš daržo išvarius* (estraño [f. pl. ac.] + porco [f. pl. ac.] + de + xardín [m. sg. xen.] + botar fóra [part. perf. f. sg.], 1).
Estado	2	*gyvenimas būtų visais kočėlais išplakęs* (vida [m. sg.] + ser [3 conxuntivo.] + todo [m. pl. caso instrumental] +rodete de pasta[10] [m. pl. caso instrumental] + bater [part. pret. m. sg.], 1), *veltiniu gavęs per nasrus* (zapato de feltro [m. sg. caso instrumental] + recibir [part. pret. m. sg.] + sobre + fuciños [m. plurale tantum. ac.], 1).
Enfermidades	1	*maustų dantį* (doer [3 conxuntivo] + moa [m. sg. ac.], 1).
Calendario	1	*gavėnia* (tempo de xaxún [f. sg.], 1)
Tempo	1	*griausmas* (trono [m. sg.], 1)
Total	57	107

Na maioría dos casos trátase, como se aprecia na táboa 1, non de fraseoloxismos senón de imaxes únicas de carácter ocasional. Baséanse habitualmente nunha forte intención comunicativa por parte do emisor. Podería considerarse un anzol que debe chamar a atención do receptor (Balzer 2001: 165). Algunhas comparacións tomáronse doutras culturas (por exemplo, leopardo ou león como animais feros). Algúns rexistros son modificacións das comparacións fixadas lexicograficamente, por ex. *kaip Liuciferis* (como + Lucifer [m. sg.]) ou *kaip biesas* (como + demo [eslav. m. sg.], *cf.* eslav. *espírito bo*, *malo*, *demo*) no canto de *kaip velnias* (como + demo [m. sg.]) no que o lexema *velnias* é substituído polo nome propio do demo ou por un eslavismo máis lituanizado (co cal a palabra estranxeira pasa por un eufemismo, cf. Jasiūnaitė 2005: 113-114). Outro exemplo son as modificacións citadas anteriormente: *kaip tapkė* (como + pantufla [barb. f. sg.]). Algúns rexistros teñen bastante representación e, por este motivo, o seu conxunto pode comportarse como signo do establecemento de novas comparacións fixas,

[10] Aparello de cociña de madeira ou plástico que serve para estira-la masa.

por exemplo: *kaip katė su šunimi/šuniu* (como + gato [f. sg.] + con + can [m. sg. caso instrumental]) ou *kaip bulius/jautis* (como + touro/becerro [m. sg.]).

Conclusións e perspectivas

Segundo os resultados da investigación levada a cabo, pódese concluír que a maioría das comparacións fixas e motivadas metaforicamente que en lituano serven para expresa-lo enfado, a carraxe e a ruindade son, no fondo, metáforas conceptuais en certo modo.

Nos campos animais, plantas, obxectos e enfermidades pódese afirmar que "a carraxe é dolorosa" xa que como unidades comparativas aparecen animais, plantas, obxectos ou enfermidades que provocan dor nas persoas e poden ferilas.

No campo comida e bebida aparecen as metáforas conceptuais "a carraxe é fermentación" ou "a carraxe non ten valor". A maioría das comidas e bebidas asociadas coa carraxe teñen que ver co proceso da fermentación ou trátase simplemente de comida de ínfima calidade apropiada só para animais.

O campo elementos da natureza trata a metáfora "o mal xenio é lume": a carraxe pode acenderse como lume.

O campo tempo fai posible emprega-la metáfora "a carraxe é tempestade".

Cando na posición do elemento da comparación se atopa o calzado, imponse a metáfora "estar de morros é estar engurrado". Isto aplícase tamén á maioría dos fraseoloxismos do campo "obscenidades", só que nese campo sería tamén posible a metáfora "estar de morros é desprezable".

Na maioría dos fraseoloxismos dos campos seres míticos, calendario e traballo, pola contra, existe unha forte influencia do cristianismo, pero ás veces tamén son perceptibles as supersticións. Pode haber tamén unha motivación simbólica, isto é, na elaboración deses fraseoloxismos atópase subxacente un determinado saber cultural como, por exemplo, o coñecemento dos símbolos do demo e a bruxa, da dereita e a esquerda, das festas cristiás, das tradicións, usos e costumes, e outros.

En resumo, pódese considerar que a análise dos fraseoloxismos aporta explicacións útiles que os sitúan nun contexto cultural. Sácase bastante proveito non só da análise semántica dos rexistros, senón tamén do desenvolvemento dos fenómenos culturais da mentalidade e dos valores do pobo; así, por exemplo, a causa de moitos fraseoloxismos é transparente se os entendemos nunha dimensión cultural (por exemplo, as comparacións fixas con demo, bruxa, gata...). Por outra banda, as unidades lingüísticas fixas ofrecen moita información sobre o modo de vida e pensar do pobo. No caso dos fraseoloxismos estudados, poderían ser tamén de interese para antropólogos, historiadores e sociólogos as rutinas diarias e as observacións do modo de vida rural, a imaxe única do lituano como pobo malicioso en varias comparacións, e as relacións temáticas da sogra e a nora.

Bibliografía

BALZER, B. (2001): "Phraseologische Vergleiche, polyglott" en *Revista de Filología Alemana*, 9, 2001,165-181

BURGER, H. (1998): *Phraseologie. Eine Einführung am Beispiel des Deutschen*, Erich Schmidt Verlag, Berlin.

BURGER, H.; BUHOFER, A. e SIALM, A. (1982): *Handbuch der Phraseologie*. De Gruyter, Berlin.

COOPER, J. C. (2004): *Das große Lexikon traditioneller Symbole*. Goldmann, München.

DOBROVOL´SKIJ, D. e PIIRAINEN, E. (1996): *Symbole in Sprache und Kultur. Studien zur Phraseologie aus kultursemiotischer Perspektive*, col. Studien zur Phraseologie und Parömiologie, tomo 8. Brockmeyer, Bochum.

EISMANN, W. e GRZYBEK, P. (1994): "Sprichwort, sprichwörtliche Redensart, Phraseologismus: Vom Mythos der Nicht-Trennbarkeit" en CHLOSTA, CH.; GRZYBEK, P. e PIIRAINEN, E. (eds.): *Sprachbilder zwischen Theorie und Praxis*. Brockmeyer, Bochum, 89-132.

FLEISCHER, W. et al. (eds.) (2001): *Kleine Enzyklopädie – deutsche Sprache*, Peter Lang, Frankfurt am Main a. u.

HESSKY, R. (1989): "Sprach- und kulturspezifische Züge phraseologischer Vergleiche" en *Europhras*, 88, 1989, Université des Sciences Humaines, Strasbourg, 195-203.

JASIŪNAITĖ, B. (2005): "Eufemizmai tarmėse bei tautosakoje: problemos ir perspektyvos" in *Baltistica* VI priedas, 2005, 101-117.

KALINAUSKAS, B. (1974): Lietuvių šnekamosios kalbos frazeologizmai. Kapsuko universiteto leidykla, Vilniaus V , Vilnius.

KUDIRKIENĖ L. (1998): "Frazeologizmas ar priežodis?" en *Tautosakos darbai VIII* (XV), 137-148.

LURKER, M. (1990): *Wörterbuch biblischer Bilder und Symbole*, Kösel, München.

MIFY NARODOV MIRA. URL: http://www.edic.ru/myth [Stand: 20.05.2007]

RÖHRICH, L. (2000): Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten. Digitale Bibliothek, vol. 42, Berlin (CD-ROM).

SUKALENKO, N. I. (1999): "O različnoj stepeni sokrytija smyslov kul'turnych taksonov" en TELIJA, V. N. (eds.): *Frazeologija v kontekste kul'tury*, Jazyki russkoj kul'tury, Moskva, 69-73.

VĖLIUS, N. (1977): *Mitinės lietuvių sakmių būtybės*. Vaga, Vilnius.

(1987): *Chtoniškasis lietuvių mitologijos pasaulis*. Vaga, Vilnius.

VOSYLYTĖ K. (1972): "Lietuvių kalbos lyginamųjų frazeologizmų santykis su aplinka" en *Lietuvių kalbotyros klausimai XIII*. Leksikos tyrinėjimai, 99-108.

ZAVJALOVA M. V. (2000): "Model' mira v litovskih i russkih zagovorah „ot zmeji" en *Balto-slavianskije issledovanija*, 1998-1999, Moskva, 197-238

Fontes

Fontes lexicográficas:

LKPŽ = Lietuvių kalbos palyginimų žodynas (1985): Compilados por K. B. Vosylytė. Mokslas, Vilnius.

Corpora textuais:

DONELAITIS = Dabartinės lietuvių kalbos tekstynas. © 1998–2007 Kompiuterinės lingvistikos centras. URL: http://donelaitis.vdu.lt/

Klasikinė lietuvių literatūros antologija. URL: http://anthology.lms.lt/lindex.html

Foros de discusión e portais de noticias:

www.supermama.lt
www.tavovaikas.lt
www.laisvaslaikrastis.lt
www.lnk.lt/diskusijos/
www.takas.lt/forum/
www.dialogas.com
www.pazintys.lt
www.delfi.lt
www.culture.lt
www.diskutuok.lt
www.lrytas.lt
www.tindirindi.lt
www.panevezys.lt
www.ve.lt
www.zvaigzde.lt
www.lietuvauzsienyje.com
www.moteris.lt
www.darnemama.lt
www.point.lt
www.ekuryba.lt
www.skaitiniai.lt
www.dpasaulis.biz
www.aistra.lt
www.draugas.lt
www.rasyk.lt
www.uzdarbis.lt
www.skrastas.lt
www.tax.lt
www.patogupirkti.lt
www.blogas.lt
www.dangus.net
www.zebra.lt
www.klase.lt
www.emigrantas.com
www.skundai.lt
www.vlkk.lt
www.blevyzgos.lt
www.sp.lt
www.keliones.lt
www.ekuryba.com
www.laisvai.com
www.kompiuterija.lt

Abreviaturas empregadas:

ac.: acusativo
adv.: adverbio
adx. det.: adxectivo determinado
adx.: adxectivo
barb.: barbarismo
eslav.: eslavismo
f.: feminino
locat.: locativo
m.: masculino
neg.: negación
part. pres.: participio de presente
part. pret. : participio de pretérito
pl.: plural
reflex.: reflexivo
s.: substantivo
sg.: singular
v.i.: verbo intransitivo
xen.: xenitivo

Fraseoloxía comparada — hendíade en inglés e portugués

António Nogueira Santos[1]

San Pedro de Moel

O presente artigo ocúpase do estudo comparativo das hendíades (*hendíadis*/*hendíade*, en portugués e *hendiadys*, en inglés) na lingua portuguesa e na lingua inglesa a través de exemplos. Para iso, seleccionáronse unhas decenas de locucións deste tipo organizadas en tres grupos: no primeiro grupo, as locucións portuguesas que non presentan un correspondente en inglés; no segundo grupo, as locucións portuguesas cos seus correspondentes ingleses e no terceiro grupo, as locucións inglesas que non teñen un correspondente en portugués. Así mesmo, achéganse algunhas reflexións sobre este tipo de locucións.

Palabras clave: fraseoloxía comparada inglés-portugués, hendíade, *hendíadis*/*hendíade*, *hendiadys*.

This paper presents a comparative study of English and Portuguese hendiadys (hendíadis/hendíade in Portuguese) throughout examples of this kind of idiom. For that purpose, some idioms from each language were selected and grouped in three categories: the first one comprises Portuguese idioms without English equivalents; the second one, Portuguese idioms with their English equivalents and finally, the third one includes the English idioms without Portuguese equivalents. Some considerations about this kind of construction are offered as well.

Key words: English-Portuguese comparative phraseology, hendíadis/hendíade*, hendiadys*

1. A locución grega *hén dià dyoin* (unha cousa por medio de dúas) deu orixe ó substantivo *hendíadis/hendíade*, en portugués, e *hendiadys*, en inglés. É unha figura de estilo que recorre a dúas palabras unidas pola conxunción copulativa 'e' para expresar unha idea complexa. Por exemplo: a) en portugués: *varandas engaladas de cores e colchas (de colchas coloridas)*; *procurando a paz na solidão da noite e no silêncio (na solidão da noite silenciosa)*; b) en inglés: *nice and cool* por *nicely cool*; *to drink from bowls and gold* (*from golden bowls*).

[1] Tradución de Alba Vidal Fernández.

O artificio tamén se emprega na lingua corrente, con gran frecuencia e con admirable liberdade creativa, dando orixe a aquilo que, coa súa grande aversión a termos cultos, os ingleses chaman sinxelamente *doublets* (dobretes).

Na lingua corrente, *doublet* é: a) un xibón; b) un xogo de palabras; c) un alótropo (unha de dúas ou máis palabras derivadas da mesma raíz pero con sentido diverxente: *mácula/mancha/mágoa*; *frade/freire*; *faction/ fashion*; *cloack/clock*).

Pero, neste caso e para a nosa finalidade, empregamos *doublet* (dobrete) coa acepción de: par de vocábulos, xeralmente unidos por *and* (en inglés) ou *e* (en portugués) e por aliteración ou rima, que forman unha locución estereotipada como, por exemplo, en portugués: *de alma e coração*; *a torto e a direito*; *com unhas e dentes*. O inglés e mailo portugués son ricos en exemplos destas locucións de orixe bíblica, popular, literaria. A súa función predominante é, debido á repetición ou contraste, reforzar, dar relevo, énfase.

Este tipo de locución tan curioso é moi frecuente no inglés e no portugués e, certamente, tamén noutras linguas. O seu estudo comparativo paréceme bastante interesante e merecedor da atención dos estudosos da fraseoloxía nas diversas linguas. Tentar espertar esa atención é o obxectivo principal deste artigo.

2. Para o que se pretende con este exercicio comparativo, fíxose unha selección dunhas decenas de locucións, segundo criterios que procuran identifica-las características máis destacadas nas dúas linguas. Os exemplos escollidos están organizados en tres grupos.

No primeiro grupo enuméranse, por orde alfabética do primeiro termo, as locucións portuguesas que non contan cun correspondente en inglés: a) *sem apelação/apelo nem agravo*: sen recurso; definitivo; irrevogable; b) *berliques e berloques*: artimañas; medios misteriosos, sospeitosos; c) *bom e barato*: de boa calidade e a baixo prezo; d) *o bom e o bonito*: o auxe dunha crise, conflito; o punto máis grave; a dificultade máis grande; e) *do bom e do melhor*: perfecto, excelente, requintado; f) *capa a batina*: o traxe tradicional do estudante universitario, especialmente de Coimbra; g) *cair o Carmo e a Trindade*: desencadearse un altercado violento; h) *carne sem osso*: o que é óptimo, perfecto; sen defecto ou inconveniente; i) *em carne e osso*: persoalmente; fisicamente presente; j) *ser de carne e osso*: ser humanamente igual ós outros; k) *correr Ceca e Meca* (*e olivais de Santarém*): viaxar por moitas terras; ir a moitos lugares, l) *aos coices e pontapés*: con modos groseiros, de malas maneiras; m) *comes e bebes*: comida e bebida; n) *estar bem com deus e com o diabo*: manter boas relacións con dous adversarios; estar de acordo con opinións antagónicas; tentar agradar a quen está en campos contrarios; o) *escrever direito por linhas tortas*: defende-la xustiza, a moralidade ou a razón de maneira ou con termos indirectos, vagos; p) *com todos os efes e erres*: con toda a exactitude e perfección; q) *a ferro e fogo*: recorrendo a medios violentos, sen compaixón; r) *ao fim e ao* cabo: finalmente; en conclusión; s) *de fio a pavio*: de comezo a fin; sen excluír nada; con tódolos pormenores; t) *forte e feio/feio e forte*: dise do que é sólido, aínda que non bonito; abundante e violento; u) *com/contra gregos e troianos*: con/contra todo o mundo, tódalas faccións, tódolos partidos; v) *mão por baixo, mão por cima*: con moita cautela, para non ofender, afrontar, inxuriar; w) *nem tanto ao mar, nem tanto à terra*: moderadamente; sen esaxeración; sen

extremismos; x) *ou oito, ou oitenta*: ou todo, ou nada; ou de menos, ou de máis; esaxerando para menos ou para máis; y) *a pão e laranjas*: en situación financeira difícil; en mal estado físico; z) *em pele e osso*: nu, espido; aa) *do pé para a mão*: repentinamente; inesperadamente; ab) *com pés e cabeça*: que ten sentido, lóxica; ac) *com peso e medida*: de forma xusta, equilibrada; de maneira comedida; ad) *com todos os pontos e vírgulas*: moi minuciosamente; ae) *sem rei nem roque/lei*: de forma anárquica; sen orientación, disciplina; af) *a torto e a direito*: de modo indiscriminado; sen criterio; ag) *para a vida e para a morte*: para sempre e en tódalas circunstancias.

3. A continuación temos unha selección de locucións portuguesas coas correspondentes inglesas: a) *aguentar e cara alegre*: *grin and bear it*; b) *o alfa e o omega*: *be-all and end-all*; c) *alma e coração*: *heart and soul*; d) *alto e bom som*: *loud and clear*; e) *altos e baixos*: *peaks and throughs*; f) *com armas e bagagens*: *bag and baggage*; *lock, stock and barrel*; g) *entre a bigorna e o martelo/entre a cruz e a água-benta/entre a cruz e a caldeirinha/ entre a espada e a parede/entre Cila e Caríbdis*: *between hell and high water/ between the devil and the deep blue sea/between Scylla and Charybdis*; h) *a bolsa ou a vida!*: *stand and deliver!* i) *borla e capelo*: *cap and gown*; j) *da cabeça aos pés/dos pés à cabeça*: *from top to bottom*; *from top to toe*; k) *como o cão e o gato*: *like cats and dogs*; l) *capa e espada*: *cloack and dagger/sword*; m) *custar couro e cabelo/os olhos da cara*: *to cost an arm and a leg*; n) *caras ou zaras?*: *heads or tails?*; o) *nem carne nem peixe*: *neither fish nor fowl*; p) *chova ou faça sol*: *come rain or shine*; q) *corpo e alma*: *body and soul*; r) *devagar e passo certo*: *slow and steady*; s) *estudantes e futricas*: *town and gown*; t) *por faz e/ou por nefas/a bem ou mal*: *by hook or by crook/fair means or foul*; u) *ter mais olhos que barriga*: *one's eyes are bigger than one's belly/stomach*; v) *pão e circo*: *bread and circuses*; w) *sem pés nem cabeça*: *no sense or rhyme*; x) *ser só pele e osso*: *skin and bones*; y) *polícias e ladrões*: *cops and robbers*: z) *pompa e circunstância*: *pomp and circumstance*; aa) *de ponta a ponta*: *from pillar to post*; ab) *raios e coriscos*: *thunder and lightning*; ac) *para trás e para a frente*: *backwards and forwards*; ad) *unha com carne*: *hand in glove*; ae) *com unhas e dentes*: *tooth and claw/nail*; af) *ou vai ou racha*: *make-or break/- mar*.

4. Finalmente, mostramos exemplos de locucións inglesas que non teñen correspondente do mesmo tipo en portugués:

alarums/alarms and excursions: alboroto, balbordo, barafunda, barullo, xeralmente nun ton xocoso; b) *not all beer and skittles*: non é todo diversión, alegría, pracer; c) *best bib and tucker*: a mellor roupa; roupa de domingo; d) *to bill and coo*: darse bicos, facerse caricias, aloumiños e intercambiar palabras amorosa, a semellanza das pombas; e) *birds and bees*: referencia eufemística á vida sexual e ó proceso reprodutivo; sinónimo de *facts of life*; f) *brain and brawn*: o poder intelectual e o físico, que se podería traducir como *miolos e músculos*, conservando a aliteración; g) *bright-eyed and bushy-tailed*: cualifica a unha persoa alegre, viva, enérxica, resolta; comparable a un esquío, h) *cakes and ale*: os praceres da vida bohemia; comida e bebida (Somerset Maugham usou esta expresión como título dunha novela publicada en 1930); i) *the carrot and the stick*: a cenoria nunha man e a vara noutra é a imaxe usada para ilustra-la alternancia de promesas e ameazas, de recompensas e castigos (expresión utilizada frecuentemente para defini-la política exterior dos EE.UU., en especial a empregada cos países

latinoamericanos); j) *cock-and-bull story*: historia inverosímil; lerias; contos da feira, do arco da vella; k) *dribs and drabs*: ós poucos; moi pouco a pouco, a contagotas; l) *fair field and no favour*: en condicións de perfecta imparcialidade, xustiza, equidade, sen favorecer a ninguén; m) *fair and square*: xusto e honesto; decente; legal; n) *fancy-free and foot-loose*: completamente libre, sen preocupacións ou limitacións ningunhas (*fancyfree*, sen preocupacións de tipo sentimental; *footloose*, sen impedimentos de tipo material, sen ataduras); o) *without fear or favour*: locución adverbial que cualifica o que se fai sen coacción ou favoritismo, polo tanto con completa imparcialidade e xustiza; p) *all fingers and thumbs*: dise dunha persoa torpe, zoupona, sen xeito, pouco hábil coas mans; q) *fire and brimstone*: segundo a Biblia, a xustiza divina recorrería ó fogo e ó xofre para castigar ós pecadores; é unha expresión que se usa para simbolizar un castigo severo; r) *by/in fits and starts*: a arrancadas, a empuxóns, a golpes; irregularmente; esporadicamente; s) *flotsam and jetsam*: vagabundos; mendigos; xente *sem leira nem beira*, xente pobre, na miseria, que non ten máis que o día e a noite; t) *freaks and fancies*: as creacións fantásticas da imaxinación; u) *fur and feather*: o pelo e a pluma simbolizan, nesta expresión, os animais e aves de caza; v) *gall and wormwood*: aversión, antipatía, noxo, repugnancia (cf. *wormwood and gall*); w) *hale and harty*: con perfecta saúde e boa disposición (dise principalmente de persoas de idade); x) *hatches, matches and dispatches*: expresión xocosa para designar os anuncios de, respectivamente, nacementos, casamentos e divorcios publicados na prensa; y) *neither hide nor hair (of a person)*: nin o menor vestixio dunha persoa; z) *high, wide and handsome*: que se caracteriza pola espontaneidade, exuberancia, elegancia; aa) *hook, line and sinker*: absolutamente, completamente (expresión da pesca con liña); ab) *to blow hot and cold*: mudar frecuentemente de actitude, opinión; ac) *huff and puff*: esbarafustar, discutir berrando, e protestar; ad) *the whole kit and caboodle*: a totalidade; todas, todos; todo; tódalas cousas, a trangallada; toda a xente, toda a tropa (*caboodle* só se encontra nesta locución, máis corrente nos EUA); ae) *kith and kin*: parentes e amigos; af) *all legs and wings*: persoa nova alta e desaxeitada, de pernas e brazos desproporcionados (do poema *Ode*, do inglés Arthur O'Shaughnessy (1844–81)); ag) *nuts and bolts*: o que é esencial, básico, elemental, especialmente dunha profesión, oficio, actividade; ah) *penny-wise and pound-foolish*: aforrar en patacóns e dilapidar millóns; ai) *all piss and vinegar* (vulgar): cheo de vigor, de enerxía, afouteza; aj) *all piss and wind*: dise do que é só aparato exterior; só fogo de artificio, é todo fume; ak) *from rags to riches*: pasar da pobreza á riqueza; al) *sackcloth and ashes*: tea de saco/burel e cinzas, simbólicos de arrepentimento, penitencia (da Biblia, S. Mateo 11/21); am) *at sixes and sevens*: atordado, atrapallado, desorientado, confuso, desnortado; en oposición, en desacordo, desavindo, pelexado, en conflito; an) *slings and arrows*: tirafondas e frechas, metáfora dos infortunios do destino (a popularidade deste *doublet* débese de certo a Shakespeare (1564-1616) que, no famoso monólogo de Hamlet, no terceiro acto da traxedia, pon na boca do príncipe estas palabras: '*...to suffer/The slings and arrows of outrageous fortune*'); ao) *the straight and narrow*: a decencia e a rectitude (forma abreviada de '*strait is the gate and narrow is the way*', "estreita é a porta e apretado o camiño", do Evanxeo de S. Mateo 7/14); ap) *stuff and nonsense!*: parvadas e necidades!; aq) *tea and sympathy*: acollida cariñosa a quen se encontra en dificultades; ar) *waifs and strays*: nenos sen fogar, abandonados,

desamparados; obxectos dispares, soltos (*waif*', artigos roubados que o ladrón abandona; *strays*, animais domésticos perdidos ou abandonados); as) *to wax and wane*: pasar por fases alternadas de dilatación e contracción, de aumento e diminución (*the moon waxes and wanes*); at) *wormwood and gall*: absintio/asente e bile/fel, metáfora para os castigos que esperan os transgresores (Xeremías 9/15).

5. En inglés, este tipo de locución é tamén frecuente: a) no chamado '*rhyming slang*' (*bees and honey = money; Kate and Sydney = steak and kydney* (pie); *sugar and honey = money*).); b) nos nomes de cervexarías ('*Hare and Hounds*'; '*Bull and Bush*'; '*Horse and Carriage*'; '*Rat and Parrot*'; '*Rose and Crown*').

Unha manifestación diferente desta mesma tendencia, continuando no ámbito do inglés, é a repetición do comparativo dos adxectivos, ou dunha proposición, para expresa-la idea dunha evolución progresiva (cada vez máis): '*the rich are getting richer and richer*'; '*the poor are getting poorer and poorer*'; '*to run faster and faster*'; '*to speak louder and louder*'; '*prices are going down and down/up and up*'; *for ever and ever/a day'*.

Locucións espalladas por Europa e máis alá

Elisabeth Piirainen[1]

Steintfurt (Alemaña)

O proxecto de investigación "Locucións espalladas por Europa e máis alá" ten como obxectivo investiga-la difusión de locucións nas linguas europeas e máis alá (véxase a páxina web www.piirainen.homepage.t-online.de). Un dos resultados desta investigación é o descubrimento de que as locucións espalladas efectivamente existen. É posible que haxa 50 ou máis linguas que posúan a mesma locución.

As primeiras conclusións do estudo extraémolas a partir da proxección dos datos en mapas xeográficos, xa que deste xeito podemos observa-la difusión das locucións nas linguas europeas. É necesario levar a cabo análises filolóxicas para resolve-las cuestións relacionadas coas formas de difusión das locucións polas linguas de Europa e máis alá.

Palabras clave: lingüística areal; eurolingüística; europeísmo; familias de linguas; linguas minorizadas e minoritarias; locucións espalladas.

The research project "Widespread Idioms in Europe and Beyond" is aimed at systematically investigating the spreading of idioms across European languages and beyond (see www.piirainen.homepage.t-online.de). One of the results is the discovery that widespread idioms do indeed exist: There may be 50 or more languages revealing the very same idiom.

A projection of the data onto the geographical map of Europe enables us to draw first conclusions, since the diffusion of the idioms through European languages becomes visible. Careful philological analyses are needed to solve questions concerning the ways of diffusion of idioms across many languages of Europe and beyond.

Keywords: areal linguistics; Eurolinguistics; Europeanism; language families; minor and minority languages; widespread idioms.

[1] Tradución de Emma Salgueiro Veiga.

1. Eurolingüística e fraseoloxía

O tema central deste artigo é o proxecto "Locucións espalladas por Europa e máis alá"; é dicir, o artigo trata de contribuír á eurolingüística dende un subsistema lingüístico que ata agora recibira pouca atención nos estudos eurolingüísticos: a fraseoloxía, definida como a totalidade de grupos de palabras convencionais dunha lingua. Hai varios conceptos interlingüísticos e niveis dos sistemas lingüísticos que se consideran pertencentes ó *ámbito de investigación da eurolingüística*, tales como a "transferencia, integración e tradución de estruturas europeas comúns, así como fonemas, morfemas, palabras, frases, patróns de formación de palabras, fraseoloxismos, patróns sintácticos, etc." (Ureland 2003: 11). Non obstante, a eurolingüística aínda non se ten ocupado dos "fraseoloxismos". Isto é paralelo á falta dunha "visión europea" dentro da *investigación fraseolóxica*, xa que esta disciplina ten unha rica tradición de estudos translingüísticos (maioritariamente bilingües), pero nunca mirou cara á situación lingüística de Europa no seu conxunto. Porén, os campos da investigación fraseolóxica e da eurolingüística poderían complementarse e enriquecerse mutuamente, mesmo se ata agora ámbolos dous foron incapaces de decatarse un da presenza do outro.

Existe unha grande variedade terminolóxica neste eido, no cal algúns dos termos máis frecuentes son *fraseoloxía* ou *linguaxe formulaica* e os seus elementos denomínanse *frasemas, unidades léxicas fraseolóxicas, expresión fixadas* ou *unidades léxicas pluriverbais*. Aínda así hai certo consenso na investigación fraseolóxica europea en considerar que os frasemas son expresións pluriverbais convencionais. Existe unha longa tradición na lingüística europea de clasifica-los frasemas en *locucións*, *proverbios*, *colocacións restrinxidas* ou *fórmulas rutineiras*. O consenso neste caso radica en que o grupo central de frasemas é o das *locucións* (cf. Burger *et al*. 2007). Unha característica esencial das locucións é a súa irregularidade semántica (ou idiomaticidade). A continuación, limitareime a trata-la categoría fraseolóxica das locucións.

Na investigación fraseolóxica é sabido, dende hai moito tempo, que as locucións poden te-la mesma estrutura léxica e semántica en diferentes linguas. Non obstante, tense detectado que as locucións son "similares" só en dúas, tres ou catro linguas. Un bo exemplo é a locución (1). Segundo estudos translingüísticos previos, como por exemplo a monografía de Rajxštejn sobre a fraseoloxía do alemán e do ruso (Rajxštejn 1980: 14f.), sábese que esta locución existe en alemán, (cf. 1a), así como tamén en ruso, (cf. 1b). Independentemente deste feito, esta locución foi obxecto de estudo doutras investigacións contrastivas bilingües como, por exemplo, dun estudo comparativo dos frasemas letóns, alemáns e suecos (Rúķe-Draviņa 1987: 170, cf. locucións (1c), (1a) e (1d)). Recentemente "descubriuse" nun estudo sobre aspectos culturais concretos das locucións españolas e alemás (sen considera-los estudos mencionados anteriormente) que esta locución existe en español e alemán cunha forma e significado similar (Balzer *et al*. 2004: 269, cf. (1a) e (1e)).

(1a) Alemán *den Stier bei den Hörnern packen*	"asi-lo touro polos cornos"
(1b) Ruso *взять быка за рога*	"colle-lo touro polos cornos"
(1c) Letón *ķerties vérsim pie ragiem*	"asi-lo touro polos cornos"

(1d) Sueco *ta tjuren vid hornen* “colle-lo touro polos cornos”

(1e) Español *coger el toro por los cuernos* “colle-lo touro polos cornos”

Todas elas significan ‘tratar de resolver un problema; afrontar un problema de maneira proactiva’.

Estes descubrimentos, porén, baséanse unicamente en observacións casuais. Poderíase demostrar, mediante unha investigación precisa e a grande escala, que esta locución existe en áreas moito máis extensas que aquelas cubertas por só unhas poucas linguas (ver mapa 1).



Mapa 1: Presenza da locución “colle-lo touro polos cornos” nas linguas europeas

Esta locución foi adoptada en máis de 50 linguas europeas; existe naquelas linguas cuxas abreviaturas aparecen sobre un fondo gris (ver 4.1. para máis detalles). A afiliación lingüística non ten importancia neste caso, xa que esta locución aparece en linguas indoeuropeas (cf. os exemplos aparecidos en (1)) e linguas finoúgricas, cf. (2), pero tamén en linguas túrcicas (3), así como en maltés (lingua semítica) (4) e tamén en vasco, unha lingua illada (5). Pola contra, non aparece en xeorxiano nin noutras linguas de Europa máis pequenas ou en decadencia (abreviaturas sobre fondo branco).
Observemos algúns exemplos:

(2a) Húngaro *szarvánál ragadja meg a bikát*	"colle-lo touro polos cornos"
(2b) Finés *ottaa härkää sarvista kiini*	"agarra-lo touro polos cornos"
(2c) Estoniano *härjal sarvist haarama*	"asi-lo touro polos cornos"
(3a) Turco *öküzü boynuzundan yakalamak*	"colle-lo touro castrado polo corno"
(3b) Tátaro *угезне могезеннэн алу*	"colle-lo touro polos cornos"
(4) Maltés *qabad il-barri mill-qrun*	"colle-lo touro polos cornos"
(5) Vasco *zezenari adarretatik heldu*	"colle-lo touro polos cornos"

Nos estudos translingüísticos considérase normalmente a tauromaquia como o concepto orixe da locución (ver tamén 4.1. máis abaixo). No entanto, unha ollada a máis de dúas ou tres linguas europeas revelaría que tamén o ámbito da agricultura e da gandeiría poderían ter sido a orixe desta locución (ou unha reinterpretación desta fonte). Isto é evidente naquelas linguas nas que "touro" é intercambiable con "vaca", como é o caso do galego[2] e do neerlandés, cf. (6) - (7), onde existen dúas variantes, ou nos casos onde "vaca" é o único elemento posible, coma no frisio occidental (8).

(6a) Galego *coller/pilla-lo touro polos cornos*	
(6b) Galego *coller/pilla-la vaca polos cornos*	
(7a) Neerlandés *de stier bij de horens grijpen/vatten*	"coller/pilla-lo touro polos cornos"
(7b) Neerlandés *de koe bij de horens grijpen/vatten*	"coller/pilla-la vaca polos cornos"
(8) Frisio occidental *de ko by de hoarnen pakke*	"colle-la vaca polos cornos"

Estes son algúns dos resultados ós que se chegou no marco do proxecto "Locucións espalladas por Europa e máis alá", do que se fará un resumo neste artigo (ver apartado 3). Os exemplos amosan que as disciplinas da eurolingüística e da fraseoloxía non só se solapan con respecto ó seu obxecto de estudo, senón que tamén se poden complementar unha á outra no que a métodos empregados e resultados obtidos se refire.

2. Investigación fraseolóxica e as linguas de Europa

Como xa se mencionou anteriormente, as similitudes léxico-semánticas e translingüísticas das locucións nalgunhas linguas teñen estado esporadicamente no punto de mira dos investigadores da fraseoloxía, pero nunca se estudaron de xeito sistemático. Existen varias listas de "locucións similares" normalmente baseadas en tres ou catro linguas, o que tamén se denomina "internacionalismo" ou "europeísmo".

[2] É ben sabido que o concepto orixe "tauromaquia", moi habitual na fraseoloxía española, non ten influencia na galega, e, aínda máis, o concepto "vaca" aportou moito á fraseoloxía galega (cf. Benavente Jareño e Ferro Ruibal 1995).

As listas de Mokienko nas que se mostran locucións similares en alemán, inglés, francés e ruso (cf. Mokienko 1998) poderían ser un exemplo disto. As maiores debilidades destas listas son o reducido número de linguas analizadas e tamén a ausencia dunha base teórica. É necesario un proxecto a grande escala dirixido a investigar de xeito sistemático as similitudes entre os fraseoloxismos do maior número posible de linguas.

O primeiro paso deste proxecto de investigación sería aclara-la situación lingüística de Europa. Dado que é imposible deslindar Europa doutras áreas lingüísticas e culturais por medio de trazos distintivos,[3] débese entender Europa como os seus límites xeográficos, dende o Atlántico ata a cordilleira dos montes Urais. O número de linguas que se calcula que existen en Europa varía e depende, en parte, de onde se trace a liña entre "linguas" e "variedades dialectais". Segundo Stolz (2001) ou Haarmann (2002) en Europa fálanse máis de 150 linguas. Como é ben sabido, o mapa lingüístico de Europa está composto por, polo menos, cinco troncos completamente inconexos: o indoeuropeo, as familias de linguas urálicas e altaicas, as linguas caucásicas, as semíticas (entre elas hai que menciona-lo maltés no caso de Europa) e o vasco, a única lingua europea que está completamente illada. Todas estas linguas deberían terse en conta ó falar de "investigación fraseolóxica europea".

É preciso mencionar aquí dous amplos proxectos de investigación de ámbito europeo, que empregan as súas fronteiras xeográficas como punto de partida. En primeiro lugar, está o Atlas Linguarum Europae (ALE). Este gran proxecto de investigación xeolingüística ten como obxectivo interpreta-los datos recollidos en máis de 2.600 localidades de Europa e representalos en mapas de símbolos, co fin de poder comprender mellor os primitivos estratos histórico-culturais do léxico europeo (cf. Viereck 2000). En segundo lugar, existe a "Tipoloxía das linguas de Europa", o proxecto EUROTYP (cf., por exemplo, Haspelmath 2001). O propósito deste proxecto é atopar trazos estruturais que sexan comúns a moitas linguas europeas e que non se deban á súa afiliación xenética. É dicir, trátase de verifica-la hipótese de Europa como unha "Sprachbund" ("unión de linguas") e tamén de estudar estes fenómenos no maior número posible de linguas, mesmo en comparación coas linguas non europeas.

En contraste con estes importantes proxectos, a investigación das locucións sae bastante mal parada. Na literatura fraseolóxica aparecen representadas unicamente dúas familias de linguas (dun total de seis): as linguas indoeuropeas e as urálicas. Unicamente se ten estudiado a fraseoloxía de menos do 20% das linguas de Europa e só existen datos fraseolóxicos fiables para menos do 10% delas. Á parte das 25 linguas máis accesibles, na maioría das linguas europeas nunca se investigaron as locucións e en moitas non existen dicionarios de locucións. Esta é unha das razóns polas que recoller datos fiables para un proxecto de investigación a grande escala sobre as locucións espalladas é unha tarefa difícil.

[3] A cultura europea occidental ten as súas raíces en Oriente Medio, así como tamén en África do Norte. A situación lingüística é bastante similar. As maiores familias de linguas faladas en Europa, denominadas indoeuropeas, teñen moitas máis representantes en Asia que en Europa.

3. O proxecto "Locucións espalladas por Europa e máis alá": un breve resumo

O punto de partida para elaborar un proxecto de investigación das locucións que se supón que están espalladas[4] foi a idea de que na actualidade, nunha Europa en proceso de unión, se debería poder atopar colaboración competente por parte de moitos grupos lingüísticos e institutos de Europa sen formalidades burocráticas. A situación é dende logo máis favorable a día de hoxe do que, por exemplo, hai dúas décadas (antes da caída do Pano de Aceiro). Tense demostrado mediante estudos levados a cabo no marco dos proxectos ALE e EUROTYP como se poden compara-los trazos lingüísticos dun gran número de linguas faladas en Europa, entre as que se inclúen as linguas minorizadas e minoritarias.

Por unha parte, démonos conta de que o termo *europeísmo* (así como tamén o de *internacionalismo*) non era apropiado para referirse ó proxecto, xa que non está libre de connotacións "eurocéntricas". Pola outra, tamén nos decatamos de que varias locucións analizadas aquí esténdense máis alá de Europa (cf. o exemplo dado no apéndice, que tamén é moi coñecido en varias linguas de Asia). Por este motivo, suxeriuse o termo *locución espallada* (*LE* para abreviar) para referirnos ás locucións que supostamente se espallan por moitas linguas europeas e máis alá. Defendeuse a seguinte definición: LEs son as locucións que existen en varias linguas (entre elas inclúense as distantes xeograficamente e sen ningunha relación xenética), que teñen unha estrutura léxica igual (ou similar) e o mesmo significado figurado.

Os obxectivos do proxecto "Locucións espalladas por Europa e máis alá" son, en primeiro lugar, realizar unha investigación sistemática deste fenómeno co fin de crearmos un inventario extenso de locucións espalladas por varias linguas para responder a preguntas como ata que punto participa a fraseoloxía na uniformidade de linguas de Europa; todo isto tomando como base datos empíricos fiables e non observacións puramente casuais.

O primeiro criterio que deben cumpli-los candidatos a LE é que a locución exista non só nas linguas centroeuropeas máis importantes (é dicir, nas indoeuropeas), senón tamén en linguas sen ningunha relación xenética (como por exemplo no húngaro e no finés) e en linguas xeograficamente máis distantes (por exemplo no islandés, no español ou no grego). O seguinte paso, polo tanto, sería realizar uns tests preliminares sobre a extensión de locucións individuais que xa se observara que existían noutras linguas. O finés, o húngaro e o grego serviron como primeiras linguas nas que se realizaron estes tests, ás que se lles engadiron posteriormente o ruso, búlgaro, romanés e español, (cf. o exemplo 9).

(9a) Inglés *to pour oil on troubled waters*	"verter aceite en augas revoltas"
(9b) Alemán *Öl auf die Wogen gießen*	"verter aceite nas ondas"

[4] Ver Piirainen 2005, 2006a, b para máis detalles.

(9c) Sueco *gjuta olja på vågorna* "verter aceite nas ondas"

(9d) Noruegués *gyte/helle olje på bølgene* "verter aceite nas ondas"

(9e) Finés *valaa öljyä laineille* "verter aceite nas ondas"

Todas elas significan 'resolver unha disputa con tacto e diplomacia'

A locución (9), ben coñecida dende a antigüidade (Plinio xa a mencionara), foi considerada nun primeiro momento como unha LE, xa que existe non só en idiomas moi relacionados entre si coma o inglés, o alemán, o sueco e o noruegués, senón tamén en finés, unha lingua distante xenética e xeograficamente. Porén, non cumpre os criterios dunha LE, como mostran eses tests previos. Esta locución non existe nin no húngaro, nin no ruso, nin no búlgaro, nin no romanés, nin no grego nin no español (así como tampouco noutras das linguas que se compararon, como por exemplo o polaco e o estoniano).

A partir dos tests preliminares obtivéronse aproximadamente 200 "candidatos a locucións espalladas". O seguinte paso foi levar a cabo enquisas entre expertos do maior número posible de linguas, mediante cuestionarios deseñados para a investigación. Dado que había diferentes grupos obxectivo, eses cuestionarios e cartas de presentación foron deseñados individualmente en diferentes linguas e versións. Enviáronse cuestionarios cun total de 200 "candidatos a locucións espalladas" a expertos de moitas linguas, pedíndolles que responderan as cuestións baseándose tanto na súa propia competencia no tocante a locucións, como en discusións no seu círculo de colegas; os próximos cuestionarios están listos para seren enviados.

O proxecto foi apoiado por unha serie de institucións e colegas competentes. Ata o día de hoxe, recibín datos coa información de máis de 70 linguas, das que 60 son europeas e 10 non europeas (que funcionan como grupo de contraste)[5]. O grupo indoeuropeo está representado case de xeito exhaustivo con 54 das linguas accesibles para a investigación. O mesmo ocorre no caso do maltés e do vasco. Lamentablemente, os resultados no caso das linguas urálicas e altaicas non son tan completos, e aínda precisan un considerable impulso[6]. Actualmente, non se pode acceder á información sobre as locucións dun gran número de linguas do leste e sueste de Europa. Das linguas caucásicas, só forma parte do proxecto o xeorxiano. Tamén temos datos do esperanto e de dialectos individuais.

[5] Actualmente dispoñemos de datos para as seguintes linguas non europeas: persa, mongol, khanti, coreano, xaponés, chinés, e en parte tamén para o hindi, telugo, tailandés e vietnamita.

[6] Á parte do húngaro, do finés, do careliano, do estoniano e do udmurto, por unha banda, e do turco e do tátaro pola outra, non hai representantes destes bloques. Os últimos intentos fixéronse no 7º Simposio Internacional sobre eurolingüística levado a cabo na Universidade Humboldt de Berlín, o 6 e 7 de outubro de 2006 e organizado polo Nordeuropa-Institut de Berlín, onde se entregaron cuestionarios ós expertos destas linguas. Porén, aínda temos pendente recibir tódalas respostas.

4. Primeiros resultados

Un dos resultados importantes é o descubrimento de que efectivamente existen as locucións espalladas, feito que ata este momento non se podía afirmar tan claramente no que á investigación das locucións se refire[7]. A maior parte das LEs examinadas ata agora revelan un patrón similar ó do exemplo "colle-lo o touro polos cornos" (mapa 1). En investigacións anteriores, considerábase "rechamante" o feito de que unha locución aparecera en tres, catro ou cinco linguas. Á vista dos resultados da investigación sobre as LEs, é posible que haxa 30, 40, 50 ou máis linguas nas que apareza a mesma locución. Por este motivo, o que se debería considerar máis rechamante é a inexistencia dunha locución nunha lingua determinada, e deberíanse descubri-las razóns de por qué unha lingua non ten unha locución concreta.

4.1. Lingüística areal

O proxecto LEs está relacionado en parte coa lingüística areal, como a define Goosens (1973: 454). O seu enfoque principal é a interpretación mediante representacións cartográficas de fenómenos lingüísticos diferenciados espacialmente. Por este motivo, é necesaria a proxección dos datos en mapas xeográficos para extraer posibles conclusións a partir deles[8].

O mapa 1 fíxose trazando os datos das enquisas das LEs no mapa de Europa. Nel aparecen as 60 linguas europeas incluídas no proxecto ata o día de hoxe, e as 50 linguas que teñen un equivalente de "colle-lo touro polos cornos". Debido á superposición xeográfica de moitas linguas, é necesario que os mapas sexan esquemáticos. Non representan a distribución de linguas como tal, senón a súa aparición. As linguas menos empregadas (linguas minorizadas e minoritarias coma o feroés, córnico, ladino, caxubo, alto sorábico, sardo, etc.) aparecen representadas mediante un rectángulo máis pequeno có das linguas estandarizadas máis faladas. Débese ter en mente, non obstante, que na realidade existen moitas máis linguas faladas en Europa cás que forman parte do proxecto. Aínda así, pódese observa-la difusión da locución a través das linguas europeas. Vexámo-la locución (10a) e o mapa 2.

(10a) Inglés *(to be) a red rag to a bull* "(ser) un pano vermello para un touro"/

to be like a red rag to sb "ser coma un pano vermello para alguén"

'facer ou dicir algo que sen dúbida vai enfadar ou amolar a alguén'

A expansión desta locución presenta unha imaxe bastante diferente do exemplo anterior. Ó proxecta-los datos nun mapa xeográfico, podemos observar unha lagoa ininterrompida nas linguas do oeste, suroeste e sueste, a modo de brecha entre as zonas de distribución setentrionais e centrais e as zonas máis meridionais. Aínda así, pódese considera-la locución

[7] No que respecta ó estudo dos proverbios, as cousas son diferentes, xa que estes estudos se levaron a cabo nunha escala plurilingüe máis exhaustiva dende o principio, e existen "proverbios espallados" moi coñecidos en Europa e máis alá (cf. Paczolay 1997).

[8] Para máis información sobre a relación entre a fraseoloxía e a lingüística areal, cf. Piirainen (2006c, 2007).

como espallada, xa que aparece en máis de 30 linguas europeas, das cales o islandés e o inglés pertencen ás zonas máis occidentais, e o maltés e o grego ás máis meridionais.



Mapa 2: Presenza da locución “ser un pano vermello para un touro” nas linguas europeas

Esta locución foi o tema dun estudo bilingüe que compara a fraseoloxía española e a alemá. No caso do español, é ben coñecida a linguaxe figurada pola súa interconexión con elementos do concepto orixe da tauromaquia, a “festa nacional”. Tal e como probaron Luque Durán e Manjón Pozas (1999), a “fraseoloxía taurina”, que é exclusiva do español, aportou aproximadamente 500 expresións idiomáticas a esta lingua. Balzer *et al.* (2004: 271) amosáronse sorprendidos ó descubrir que en alemán hai tamén unha locución a partir do concepto orixe de tauromaquia, a locución (10b):

(10b) Alemán *ein rotes Tuch für jmdn. sein* “ser un pano vermello para alguén”,

co mesmo significado ca (10a).

Os autores déronse de conta, para a súa sorpresa, de que non existe un *equivalente español* para esta locución. Chegaría con botar unha ollada a algunha das linguas romances circundantes para mostrar que a locución non se emprega en ningunha delas. Este exemplo ilustra como un enfoque bilingüe pode obscurece-la visión do contexto real. En contraposición a unha perspectiva “translingüística” (bilingüe), o que tería sido unha grande sorpresa sería que a locución existise en español, no medio dunha enorme área de linguas circundantes onde esta locución non existe. O enfoque da lingüística areal, é dicir, a proxección dos datos das LE no mapa de Europa, revela a situación lingüística real.

4.2. Ámbitos culturais: interaccións sociais e cultura material

Ó igual cás locucións en si, o proxecto LEs tamén está relacionado con fenómenos culturais. Unha das preguntas que probablemente se poderá responder cando se dispoña de datos máis completos é a cuestión de asignar dominios culturais ás locucións espalladas. Os cuestionarios das LEs conteñen unicamente locucións con etimoloxías que se poden considerar claras, é dicir, casos onde non existe practicamente ningunha dúbida sobre o coñecemento cultural que implican. Moitas LEs sinaladas ata o momento baséanse no coñecemento de varios aspectos culturais (como por exemplo aspectos da cultura social, material ou mental) e, polo tanto, pódense agrupar segundo a súa base cultural[9].

Hai varias LEs nas cales o coñecemento cultural subxacente se asocia ó coñecemento das *interaccións sociais*. Un subgrupo está formado por xestos semiotizados, é dicir, o comportamento non verbal como concepto orixe. Non importa se o xesto en cuestión se realizou realmente ou non (cf. *to roll up one´s sleeves* ("Arremangarse") 'estar preparado para facer un traballo duro; prepararse para unha tarefa difícil', que se rexistrou en 52 linguas europeas e nalgunhas outras linguas).

A LE *to tear one´s hair out* ("tirar polos pelos") 'estar moi frustrado ou preocupado por algo; amosar desesperación extrema' reflicte a semiotización dun xesto de dó, de lamento polo morto, ben coñecido dende a antigüidade. Porén, está demostrado que esta locución existe non só en 48 linguas europeas, senón tamén en case todas as non europeas consideradas na investigación. Xestos similares de pranto e desesperación (que provocan a propia dor e, efectivamente, fan que un se tire polos pelos) espállanse moito máis alá da esfera de influencia grega/helenística. É posible que as locucións correspondentes se desenvolveran de xeito independente nas diferentes linguas.

[9] Cf. a tipoloxía de base cultural das locucións proposta por Dobrovol'skij e Piirainen (2005: 205 e ss.).



Mapa 3: Presenza da locución “quita-lo sombreiro ante alguén/algo” nas linguas europeas

Pola contra, a locución (11) parece que está restrinxida á maioría das linguas europeas[10] analizadas ata o momento, entre as que se atopan as linguas finoúgricas, o maltés e o xeorxiano.

(11a) Inglés *to take off one’s hat to sb./sth.*	“quita-lo sombreiro ante alguén/algo.”
(11b) Galego *tira-lo sombreiro/chapeu ante alguén/algo*	
(11c) Húngaro *leveszi/megemeli a kalapját valaki előtt*	“levantar/quita-lo sombreiro ante alguén.”
(11d) Finés *nostaa hattua jklle/jllek*	“levanta -lo sombreiro ante alguén/algo.”
(11e) Maltés *inneħħilu l-kappell*	“quita-lo sombreiro ante alguén.”
(11f) Xeorxiano *vinmis tsinashe kudis mokhda*	“quita-lo sombreiro ante alguén.”

[10] No caso do chinés existe o equivalente: *tuō. mào zhì yì* “quita-lo sombreiro” ‘mostrar respecto’.

Todas elas significan ‘amosar admiración por alguén/algo’.

Non obstante, é necesario explicar por que esta locución non aparece en tódalas linguas. A cuestión radica en comprobar se a ausencia da locución nas linguas túrcicas se debe ó xesto en si, culturalmente moi marcado, de mostra-la admiración cara alguén quitando (de xeito figurado) o sombreiro (cf. mapa 3).

A vivenda, a alimentación e a roupa son aspectos dominantes da *cultura material*. Velaquí unha lista dalgunhas das LEs pertencentes a este grupo (a maioría delas existen en 40 ou máis linguas europeas): *to tighten one´s belt* (“aperta-lo cinto”) ‘aforrar, comer menos cando hai escaseza de comida ou de cartos’ (a locución baséase na idea de que existe unha relación entre reduci-lo gasto e a delgadeza); *to let sb. stew in his/her own juice* (“deixar que un se coza no seu propio prebe”) ‘deixar que alguén se preocupe por algo que fixo mal, sen facer nada para axudalo’; *to fall between two stools* (“caer entre dous tallos”) ‘fracasar ó intentar facer ou ser dúas cousas distintas á vez’.

Outras LEs deste grupo reflicten logros técnicos do pasado (*the fifth wheel on the coach* (“a quinta roda do carro”) ‘alguén que está cun grupo de xente, mesmo se ese grupo non quere ou non se sente a gusto con el/ela’, *at full steam* (“a todo vapor”) ‘a toda velocidade’, *in black and white* (“en branco e negro”) ‘reducido á escritura; oficial, escrito ou impreso’) ou elementos da cultura material urbana e moderna, como por exemplo, *to give sb. the green light* (“darlle a alguén luz verde”) ‘animar ou permitir que alguén faga algo, darlle permiso para facer algo que estaba planificando’ ou *to be on the same wavelenght as sb.* (“estar na mesma onda ca alguén”) ‘ter ideas e opinións similares (a outra persoa), entenderse mutuamente moi ben’.

4.3. Textos identificables como fontes de locucións espalladas

A maioría das LEs está formada por locucións pertencentes ó dominio cultural de “dependencia textual”, é dicir, locucións orixinadas a partir dunha fonte textual identificable. Un gran número de LEs teñen a súa orixe en versos da Biblia; moitas delas son discretas e non teñen especiais contidos “bíblicos”, como por exemplo: *to swim against the stream/tide* (“nadar contra a corrente/marea”), *to be groping in the dark* (“avanzar na escuridade”), *to be built on sand* (“estar construído sobre area”), *to fish on troubled waters* (“pescar en augas revoltas”), *to take sb. under one´s wing* (“acoller alguén debaixo da á”), *to sort the wheat from the chaff* (“separa-lo trigo da palla”), *to cast pearls before swine* (“botarlles perlas ós porcos”), *to hide one´s light under a bushel* (“agacha-la luz debaixo dun canastro”), *the scales fall from sb.’s eyes* (“caerlle as escamas dos ollos”), *by the sweat of one´s brow* (“coa suor da súa testa”), *the/a black sheep (in the family)* (“a/unha ovella negra (da/na familia)”), *a wolf in sheep´s clothing* (“un lobo con pel de año”), *to cast/throw the first stone (at sb.)* (“lanzar/tira-la primeira pedra (a alguén)”), por citar algúns. Tamén nas linguas asiáticas hai varias locucións de orixe bíblica rexistradas. A relixión ou as tradicións bíblico-eclesiásticas dos falantes desas linguas non son factores decisivos para a expansión destas locucións, tal como se deduce claramente a partir do estudo das LEs, senón que se poñen en práctica outros mecanismos efectivos que aínda están por descubrir.

Outras LEs poden te-la súa orixe en tradicións de lendas e fábulas como, por exemplo, *to pull the chestnuts out of the fire (for sb.)* "saca-las castañas do lume (a alguén)", *to strut in borrowed plumes* "pavonearse con plumas emprestadas/alleas", *to nourish/warm a snake in one´s bosom* "alimentar/quentar unha serpe no seo" ou a locución tan expandida (*to shed/weep) crocodile tears* "(verter/derramar bágoas de crocodilo)". A maioría delas pertencen á linguaxe culta. A cousa é ben diferente no caso da poesía, obras de literatura universal, como fontes de LEs. Entre o gran número de locucións testadas previamente, só se puideron identificar como tal unhas poucas (por exemplo *to tilt at windmills* "arremeter contra muíños de vento", alusión á novela de Cervantes *Don Quijote* (1605)). Tamén se comprobou que a locución *much ado for nothing* "moito ruído e poucas noces" (cf. a comedia de Shakespeare co mesmo nome, ca. 1598) é unha locución espallada.

Deberíase considerar como un novo descubrimento o feito de que existen fontes textuais efectivas na creación de LEs que son moi diferentes das denominadas "Patrimonio cultural europeo de orixe clásica e cristiá". Antes descoñecíase que o modo de vida dos indíxenas americanos, que foi transmitido ós europeos a través de historias e películas, constitúe un dominio textual importante, moito máis significativo cás obras de literatura clásica. Moitas das locucións espalladas foron, probablemente, adoptadas dos *Leatherstocking Tales* de James F. Cooper e mantivéronse vivas debido á produción de películas (LEs como *start fighting the hatchet* "levanta-lo machado de guerra", *to bury the hatchet* "enterra-lo machado de guerra", *to go to the happy hunting grounds* "ir cara ós bos cazadoiros", *the last of the Mohicans* "o último mohicano", *to be on the warpath* "estar en pé de guerra", *to smoke the pipe of peace pice with sb.* "fuma-la pipa da paz con alguén"). Estas locucións son produtos de dependencia textual (libros e películas), non da "experiencia diaria", como se pode observar dada a aparición destas locucións en moitas linguas cuxos falantes non estiveron nunca en contacto cos indios americanos.

A produción de películas parece ser unha das fontes textuais "modernas" que promoven a difusión de novas locucións nun amplo abano de linguas, fonte comparable ós textos narrativos mencionados anteriormente. Botemos unha ollada á locución (12), que, con case total seguridade, é un exemplo desta moderna dependencia textual. Existen equivalentes desta locución en 39 das 60 linguas europeas que se consideraron para o estudo, así como tamén en xaponés, coreano e chinés. Hai que destacar que a versión francesa *la partie cachée/ invisible/immergée de l'iceberg* é diferente de moitas das locucións doutras linguas canto ó léxico, pero pode ser identificada en letón (12d) e turco (12j). A continuación inclúense algúns exemplos:

(12a) Feroés *toppurin á ísfjallinum*	"a punta do iceberg"
(12b) Galés *crib y rhewfryn*	"cresta do iceberg"
(12c) Galego *a punta do iceberg*	
(12d) Letón *aisberga redzamā daļa*	"a parte visible do iceberg"
(12e) Bosníaco *vrh ledenog brijega*	"o cumio do iceberg"
(12f) Albanés *maja e eisbergut*	"a punta do iceberg"

(12g) Grego *η κορυφή του παγόβουνου*	"o cumio do iceberg"
(12h) Húngaro *a jéghegy csúcsa*	"o cumio do iceberg"
(12i) Estoniano *jäämäe tipp*	"a punta do iceberg"
(12j) Turco *buz dağının suüstü kalan kısmı*	"montaña de xeo sobre a parte que permanece na auga"
(13k) Maltés *il-ponta ta' l-ajsberg*	"a punta do iceberg"

Todas elas significan 'proba de que existe moito máis pero permanece agachado'

Pódese excluí-la suposición dunha "metaforización espontánea" en varias linguas, xa que ningún dos seus falantes ten "experiencias" con icebergs. Pode resultar sorprendente o feito de que no islandés non haxa esta locución. A súa difusión débese máis ben ó coñecemento de textos comúns, é dicir da fonte textual "moderna" de produción de películas (filme do afundimento do Titanic).

4.4. Formas de préstamo e difusión

Durante o desenvolvemento do proxecto LEs entenderemos mellor as causas da expansión das locucións en moitas linguas de Europa e máis alá. É preciso levar a cabo coidadosas análises nos estudos filolóxicos de cada unha das linguas para resolve-las cuestións relacionadas coas formas de expansión de cada locución concreta. Non obstante, cos datos obtidos ata agora, podemos matizar algúns dos intentos de explica-las similitudes translingüísticas das locucións, entre eles a suposición de que a afiliación xenética das linguas ás que pertence unha LE podería desempeñar unha función importante. Tamén, en moitos casos, se pode descarta-la idea de que a metaforización, predominantemente baseada na experiencia humana ou percepcións do mundo, aparecese de xeito independente en varias linguas. Mesmo o denominado "patrimonio cultural europeo de orixe clásica e cristiá" non é tan importante como se supoñía á hora de producir LEs.

Finalmente, existe a suposición de que a influencia crecente do inglés sobre outros idiomas é a causa de expansión de locucións por moitas linguas, visión que tamén pode ser matizada ata certo punto. Aínda que existen un gran número de estudos sobre "anglicismos" (léxicos, sintácticos, etc.) en varios idiomas, a influencia da fraseoloxía inglesa noutras linguas case non ten sido obxecto de investigacións sistemáticas[11]. Porén, afírmase que os fraseoloxismos "similares" en varias linguas normalmente son préstamos do inglés (cf. por exemplo Mokienko 1998). Unha vez máis, esta afirmación só se pode confirmar mediante meticulosos estudos histórico-lingüísticos.

[11] Como excepción, cf. o importante estudo de Fiedler (2006) sobre a influencia da fraseoloxía inglesa no alemán.



Mapa 4: Presenza da locución “botarlle combustible ás lapas” nas linguas europeas

Botemos unha ollada a un exemplo que é representativo de moitos outros, o inglés *to add fuel to the flame(s)* (“botarlle combustible ás lapas”). Para obter datos máis completos, compara-lo apéndice e o mapa 4. Tal e como mostrou a enquisa de LEs, a locución existe en polo menos 56 linguas europeas e varias asiáticas. A locución inglesa tamén pode ter variantes coma *to add fuel to the fire* (“botarlle combustible ó lume”), *to fuel the flames* (“botarlle combustible ás lapas”), *to fuel the fire* (“botarlle combustible ó lume”) ou *to add fuel* (“botar combustible”), todas elas cunha particularidade léxica: só a versión inglesa ten *fuel* (“combustible”) na súa estrutura léxica. Tódalas outras linguas teñen elementos que indican “aceite/petróleo” (como é o caso das linguas bálticas, eslavas e outras linguas de Europa do Leste, que seguen a versión latina *oleum addere camino*) ou otro tipo de carburante que poida ser típico desa rexión concreta (por exemplo “brea” en frisio occidental, “turba” en galés, “palla” ou “leña” en determinadas linguas romances, etc.). De xeito similar, o constituente inglés *flame(s)* (“lapa(s)”) aparece illado no medio dunha serie de locucións que conteñen unha palabra para *fire* (“lume”). Esta diferencia léxica indica claramente que o inglés non se pode tomar como a lingua base. Esta locución non é un caso específico. Como se comprobou con outras LEs, o inglés dista moito de ser sempre a lingua doadora máis importante. A miúdo tense sobrevalorado a función que desempeña o inglés na uniformidade da fraseoloxía europea.

5. Perspectivas

O obxectivo deste artigo é mostrar que as disciplinas dos estudos lingüísticos europeos (eurolingüística) e a fraseoloxía poderían enriquecerse mutuamente con respecto ás análises e ós métodos empregados. Ata hai pouco, unha boa parte da investigación fraseolóxica preocupábase de comparar só dúas ou tres linguas estándar (en xeral relacionadas culturalmente), mentres se ignoraba a visión de Europa como conxunto. Se a fraseoloxía adopta unha perspectiva eurolingüística e, ó mesmo tempo, a eurolingüística inclúe a fraseoloxía no seu ámbito de investigación, poderíanse responder con máis precisión cuestións relativas á situación lingüística en Europa, ó "patrimonio cultural europeo común" ou á crecente influencia do inglés sobre outras linguas.

Bibliografía

BALZER, Berit *et al.* (2004): "Kulturelle Besonderheiten in der Kontrastiven Phraseologie" en BRDAR-SZABÓ, R. e KNIPF-KOMLÓSI, E. (eds.): *Lexikalische Semantik, Phraseologie und Lexikographie. Abgründe und Brücken. Festgabe für Regina Hessky.* Peter Lang, Frankfurt/M. [etc.], 253-272.

BENAVENTE JAREÑO, P. e FERRO RUIBAL, Xesús(1995): *Refraneiro galego da vaca.* Vigo: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.

BURGER, Harald; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; KÜHN, Peter e NORRICK, Neal R. (2007): "Phraseology: Subject matter, terminology and areas of research", en

BURGER *et al*. (eds.): *Phraseology. An International Handbook of Contemporary Research.* Walter de Gruyter, Berlin & New York. [No prelo]

DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij O. e PIIRAINEN, Elisabeth (2005) *Figurative Language: Cross-cultural and Cross-linguistic Perspectives.* Elsevier, Amsterdam [etc.].

FIEDLER, Sabine (2006): "Willkommen zurück! – Der Einfluss des Englischen auf die Phraseologie der deutschen Gegenwartssprache" en: Häcki Buhofer/Burger (eds.), 451-465.

GOOSSENS, Jan (1973): "Areallinguistik" en ALTHAUS, H. P. *et al*. (eds.): *Lexikon der Germanistischen Linguistik.* Max Niemeyer, Tübingen, 445-453.

HAARMANN, Harald (1993): *Die Sprachenwelt Europas. Geschichte und Zukunft der Sprachnationen zwischen Atlantik und Ural*. Campus-Verlag, Frankfurt [etc.].

HÄCKI BUHOFER, Annelies e BURGER, Harald (eds.) (2004): *Phraseology in Motion I. Methoden und Kritik. Akten der Internationalen Tagung zur Phraseologie (Basel).* Schneider Verlag, Baltmannsweiler.

HASPELMATH, Martin *et al.* (eds.) (2001): *Language Typology and Language Universals. An International Handbook*, Vol. 2., Walter de Gruyter, Berlin/New York.

LUQUE DURÁN, J. de Dios e MANJÓN POZAS, F. J. (1999): "Phraseology and Lexical Productivity: Bullfighting as a Metaphoric Referent in the Spanish Language" en *Acta linguistica No 3. Ekonomická fakulta Univerzity Mateja Bela v Banskej Bystrici*, 33-46.

MOKIENKO, Valerij M. (1998): "Phraseologisierung von Europäismen oder Europäisierung von Phraseologismen? Divergente und konvergente Prozesse in phraseologischen Systemen europäischer Sprachen", en EISMANN, W. (ed.): *Europhas 95. Europäische Phraseologie im Vergleich: Gemeinsames Erbe und kulturelle Vielfalt.* Brockmeyer, Bochum, 539–555.

PACZOLAY, Gyula (1997): *European Proverbs in 55 Languages with Equivalents in Arabic, Persian, Sanskrit, Chinese and Japanese*. Veszprémi nyomda rt., Veszprém.

PIIRAINEN, Elisabeth (2005): "Europeanism, internationalism or something else? Proposal for a cross-linguistic and cross-cultural research project on widespread idioms in Europe and beyond" en *Hermes. Journal of Linguistics* 35, 2005, 45-75.

(2006a): "Widespread Idioms: Cross-linguistic and Cross-cultural Approaches" en Häcki Buhofer/Burger (eds.), 155-173.

(2006b): "Cultural Foundation of Phraseology. A Comparison of Standard Languages and Dialect" en KÜRSCHNER ,W. e RAPP, R. (eds.): *Linguistik International. Festschrift für Heinrich Weber*. Pabst Science Publishers, Lengerich [etc.], 321-336.

(2006c): "Phraseologie und Areallinguistik" en HALLSTEINSDÓTTIR, E. e FARØ, K. (eds.): *Linguistik Online 27 2/06: Neue theoretische und methodische Ansätze in der Phraseologieforschung. New Theoretical and Methodological Approaches to Phraseology*. www.linguistik-online.de.

(2007): "Phraseology from an areal linguistic perspective" en MELLADO, C. *et al.* (eds.) *Proceedings of the International Conference on Praseology and Paremiology Santiago de Compostela / Lugo 19-22 September, 2006*. [No prelo].

RAJXŠTEJN, Aleksander D. (1980): *Sopostavitel'nyj analiz nemeckoj i russkoj frazeologii*. Vysšaja škola, Moskva.

RÚĶE-DRAVIŅA, Velta (1987): "Die lettische Phraseologie im Vergleich mit zwei germanischen Sprachen – dem Deutschen und Schwedischen" en BURGER, H. e ZETT, R. (Eds.): *Aktuelle Probleme der Phraseologie. Symposium 27.-29.9.1984 in Zürich.* Peter Lang, Bern [etc.], 169-186.

STOLZ, Thomas (ed.) (2001): *Minor Languages of Europe. A Series of Lectures at the University of Bremen, April-July 2000*. Brockmeyer, Bochum.

URELAND, P. Sture (2003): "Introduction" en URELAND, P. S. (ed.): *Convergence and Divergence of European Languages. Studies in Eurolinguistics*, Vol. 1. Logos Verlag, Berlin, 1-24.

VIERECK, Wolfgang (2000): "The *Atlas Linguarum Europae* and its Insights into the Cultural History of Europe" en GOTTLIEB, H. *et al.* (eds.): *Symposium on Lexicography X. Proceedings of the Tenth International Symposium on Lexicography May 4–6, 2000 at the University of Copenhagen.* Max Niemeyer, Tübingen, 19-29.

Apéndice: Exemplo BOTARLLE LEÑA Ó LUME
‘poñer a alguén máis furioso, enfadar máis a alguén’

A. Linguas de Europa:

I. LINGUAS INDOEUROPEAS EN EUROPA

1. Xermánicas

Islandés	***að hella olíu á eldinn***	“botarlle aceite ó lume”
Feroés	***stoyta bensin á bálið***	“botarlle gasolina á fogueira”
Noruegués	***helle bensin på bålet***	“botarlle gasolina á fogueira”
Ninorsk	***slå olje på elden***	“botarlle aceite ó lume”
Sueco	***gjuta olja på elden***	“botarlle aceite ó lume”
Danés	***hælde/komme benzin på bålet***	“botarlle gasolina á fogueira”
Inglés	***to add fuel to the flames***	“botarlles combustible ás lapas”
Escocés	***tae pit ile on the fire***	“botarlle aceite ó lume”
Neerlandés	***olie op/in het vuur gooien***	“botarlle aceite ó lume”
Frisio setentrional	***ööle ääw’t ülj gütje***	“botarlle aceite ó lume”
Frisio occidental	***dat is oalje/pik yn it fjoer***	“isto é aceite/brea no lume”
Alemán	***Öl ins Feuer gießen***	“botarlle aceite ó lume”
Luxemburgués	***Ueleg an d’Feier schëdden***	“botarlle aceite ó lume”

Dialectos alemáns individuais:

Baixo alemán (Schlesw. Holstein)	***Öl int/in dat Füür geten***	“botarlle aceite ó lume”
Franco de Moselle (Lorena)	***Ueleg op (d’) Feier schëdden***	“botarlle aceite ó lume”
Alemánico (Alsacia)	***Oel uffs Fier warfe***	“botarlle aceite ó lume”
Alemán suízo	***Öl is Füür giesse***	“botarlle aceite ó lume”

2. Celtas

Irlandés	(-)	
Galés	***rhoi mawn ar y tân***	“poñer turba no lume”
Córnico	(-)	
Bretón	***taoler eoul war an tan***	“botarlle aceite ó lume”

Non dispoñemos de datos do gaélico escocés.

3. Romances

Francés	***jeter/mettre de l'huile sur le feu***	"botarlle aceite ó lume"
Provenzal	(-)	
Occitano	(Pragelato/Torino)(-)	
Ladino	(-)	
Retorrománico	***metter strom en il fieu***	"botarlle palla ó lume"
Francoprovenzal	***chincà dè gas sou foûec***	"poñer gas/gasolina no lume"
Italiano	***gettare olio/benzina sul fuoco***	"botarlle aceite/gasolina ó lume"
Sardo	***gettai ollu a su fogu***	"botarlle aceite ó lume"
Español	***echar (más)/echarle leña al fuego***	"botar (máis)/botarlle leña ó lume"
Catalán	***tirar/afegir llenya al foc***	"botarlle leña ó lume"
	llençar/tirar més llenya al foc	"lanzar/botarlle máis leña ó lume"
Galego	***botarlle (máis) leña/aceite ó lume***	
Mallorquino	***tirar llenya al foc***	"botarlle leña ó lume"
Portugués	***pôr mais achas na fogueira***	"poñer máis achas na fogueira"
Romanés	***a pune paie pe foc***	"botarlle palla ó lume"
Arromanés	***arucã bizir pi foc***	"botarlle palla ó lume"

Non dispoñemos de datos do friulano, corso nin doutras variedades romances.

4. Bálticas

Letón	***liet eļļu ugunī***	"botarlle aceite ó lume"
Lituano	***žibalą pilti į ugnį***	"botarlle aceite ó lume"

5. Eslavas

Ruso	***подлить масла в огонь***	"botarlle aceite ó lume"
Bielorruso	***падлиць масла у вагонь***	"botarlle aceite ó lume"
Ucraíno	***підливати масла у вогонь***	"botarlle aceite ó lume"
Eslovaco	***prilievať olej do ohňa***	"botarlle aceite ó lume"
Checo	***přilévat oleje do ohně***	"botarlle aceite ó lume"
Polaco	***dolewać/dolać oliwy do ognia***	"botarlle aceite ó lume"

Caxubo	***dokładac drewk do ògnia***	"botarlle (un pouco máis de) leña ó lume"
Alto sorábico	***wolij do wohnja leć/přiliwać***	"botarlle aceite ó lume"
Esloveno	***prilivati/dolivati olje/olja na ogenj***	"botarlle aceite ó lume"
Croata	***dolijevati/liti ulje na vatru***	"botarlle aceite ó lume"
Bosníaco	***dolijevati ulje na vatruv***	"botarlle aceite ó lume"
Serbio	***sipati/dolivati ulje na vatru***	"botarlle aceite ó lume"
Macedonio	***dotura maslo vo ogan***	"botarlle aceite ó lume"
Búlgaro	***наливам масло в огъня***	"botarlle aceite ó lume"
6. Albanés	***i hedh benzine zjarrit***	"botarlle gasolina ó lume"
(Geg)	***hedh barut ne zjarr***	"botarlle pólvora ó lume"
(Tosk)	***t'i hedhësh benzinë zjarrit***	"botarlle gasolina ó lume"
7. Grego	***ρίχνω λάδι στη φωτιά***	"botarlle aceite ó lume"

Non dispoñemos de datos doutras linguas indoeuropeas de Europa (como por exemplo do armenio ou osético).

II. LINGUAS URÁLICAS DE EUROPA

1. Linguas úgricas

Húngaro	***olajat önt a tűzre***	"botarlle aceite ó lume"

Non dispoñemos de datos do mansi.

2. Linguas fínicas setentrionais

Finés	***kaataa/valaa öljyä tuleen***	"botarlle aceite ó lume"
Estoniano	***õli tulle valama***	"botarlle aceite ó lume"
Careliano	(-)	

Non dispoñemos de datos para o veps nin outras linguas fínicas setentrionais.

3. Linguas pérmicas

Udmurto	***тыл по:лы во:й кисьтыны***	"botarlle aceite ó lume"

Non dispoñemos de datos do komi nin doutras linguas pérmicas.

Tampouco dispoñemos de datos das linguas do grupo urálico (morvandiano, mari) nin outras linguas urálicas de Europa (saami, Nenets da Tundra).

III. LINGUAS ALTAICAS DE EUROPA

Linguas túrcicas

Turco (-)

Tátaro	***утка/май керэчин сибу***	"botarlle/engadirlle aceite ó lume"

Non dispoñemos de datos do tátaro de Crimea, do karaim, do gagauz, nin doutras linguas túrcicas de Europa.

Tampouco dispoñemos dos datos doutras linguas altaicas de Europa (cálmico).

IV. LINGUAS CAUCÁSICAS (AUTÓCTONAS)

Xeorxiano	***ceckhlze navtis daskhma***	"botarlle queroseno/gasolina ó lume"

Non dispoñemos de datos doutras linguas caucásicas meridionais, nin tampouco doutras linguas caucásicas (abjaz-adygh nin Nakh-Daghestanian).

V. LINGUAS SEMÍTICAS DE EUROPA

Maltés (-)

Non dispoñemos de datos doutras linguas semíticas de Europa (árabe chipriota, novo asirio).

VI. VASCO	***norbaiti sua eman***	"botarlle aceite ó lume"

B. Outras linguas non europeas (tamén incluídas no estudo):

Persa	***roghan be atash rikhatan***	"botarlle aceite ó lume"
Xaponés	***hi ni abura wo sosogu***	"no lume – aceite – botar"
Coreano	***gireum-eul but-da***	"botar aceite"
Mongol	***гал дээр тос нэмэх***	"botarlle aceite ó lume"
Chinés	***huǒ shàng jiāo yóu***	"lume– no – botar – aceite"
Telugo	***agniki a:djyam po:sinatlu***	"lume ó aceite verter como"
C. Esperanto	***vershi oleon sur fajron***	"botarlle aceite ó lume"

Factores modelo xeométricos descritibles e non descritibles para a constitución semántica de expresións idiomáticas e perspectivas de elaboración dun dicionario idiomático monolingüe e bilingüe galego[1]

Hans Schemann[2]

Universidade do Minho (Braga)

Este estudo analiza a característica xeométrica das estruturas semánticas (en 2.1 e 1) e os sinónimos constituídos por diferentes factores, mediante sinónimos idiomáticos e os equivalentes idénticos que se obteñen noutra lingua. Na parte final deste traballo sácanse algunhas conclusións de grande utilidade para a elaboracion de dicionarios idiomáticos galegos monolingües e bilingües.

Palabras clave: factores xeométricos, expresións idiomáticas, equivalentes idiomáticos, dicionarios idiomáticos.

This study analyses the geometrical characteristics of semantic structures (in section 2.1 and 1) and the synonyms made up of several elements by means of idiomatic synonyms and their identical equivalents in another language. At the end of this paper we reach some useful conclusions for the making of Galician monolingual and bilingual idiomatic dictionaries.

Key words: geometrical factors, idioms, idiomatic equivalents, idiomatic dictionaries.

A parte central deste traballo (2) ocúpase, mediante sinónimos idiomáticos cos seus equivalentes respectivos tomados doutra lingua, de dúas cuestións principais:

da característica xeométrica das estruturas semánticas (2.1 e 1);

dos sinónimos con diferentes factores, só nun contexto específico constituído dado (2.2) mediante sinónimos idiomáticos e os equivalentes idénticos que se obteñen noutra lingua.

---

[1] Este traballo xurdiu no marco do proxecto de investigación do Ministerio de Educación e Ciencia (código HUM2007-62198/FÍO), dirixido pola profesora Carmen Mellado Blanco e subvencionado con fondos FEDER, que versa sobre fraseoloxía contrastiva do alemán e o español.

[2] Tradución de Isabel Giráldez Arias.

A parte inicial (1) introduce nun dos puntos centrais de (2.1), mediante relacións de oposición entre lexemas non idiomáticos: a idea de que nós pensamos partindo de límites e, máis exactamente, de límites "ideais", estes límites funcionan como punto de partida e (incluso) como constitución do significado. En 2.1 desenvólvese esta idea mediante as devanditas expresións idiomáticas, nas que un límite pertence á base da imaxe. Partindo deste fundamento abstracto-ilustrativo, preguntámonos especialmente qué factores constituíntes de significado e diferenciadores de significado non se poden concibir de xeito xeométrico-ilustrativo, isto é, en que nivel se atopan. En 2.2 trátanse estes factores consecuentemente.

A parte final (3) sistematiza a metodoloxía predominante (3.1) e saca do traballo no seu conxunto algunhas conclusións para a elaboración de dicionarios idiomáticos galegos monolingües e bilingües (3.2), un traballo que, segundo a miña opinión, na situación actual sería dun extraordinario interese lingüístico e xeral.

Gsell (1979:33), no seu libro sobre as *Gegensatzrelationen im Wortschatz romanischer Sprachen* ofrece o seguinte cadro:

aiguë – (*note*) – *grave* – (*maladie*) – *bénigne* = (*tumeur*) = *maligne*

(*douleur*) (*ton*) (*insinuation*)

sourde *léger* – (*vent*) – *fort* – (*dame*) – *mince* *innocente*

(*consonne*) (*poids*) (*constitution*) (*planche*) (*femme*)

sonore *lourd* *faible* *épais* *coupable*

(*plancher*) (*plaisanterie*) (*roi*) (*esprit*)

insonorisé *spirituel* *énergique* *fin* – (*fil*) - *gros*

As oposicións están ordenadas pola "dimensión" que establecen, é dicir polo respectivo "eixe", con respecto á súa constitución, ou mellor, en torno a qué están constituídas.

Este eixe ten que ter algo en común coas oposicións, ou ten que atribuírselle algo en común porque unha oposición que non se fundamenta nunha base común de un par de oposicións, queda en certo modo no aire.

¿Que teñen en común *douleur aiguë* e *douleur sourde*? Ante todo, naturalmente, a dor como tal, o eixe en si. Pero iso sería simplemente un dato claro e formal, cando non formalizado. Pero a pregunta semántica é: ¿que elemento perceptible ten o "atributo" referido á dor nun sentido (saído do "punto cero" do eixe) *aiguë* e no outro *sourde*? A oposición como tal crea ou implica, como deixa ver ante todo a "imaxe" dun vector oposto, que vai dun límite suposto ou pensado nas direccións opostas e permite[3] así a configuración de esquemas.

Tanto *aiguë* como tamén *sourd* proceden do ámbito da audición, do mundo dos tons (ou sons). Entón, a dor concíbese dentro da imaxe da calidade de son ou de ton; atribúese ó tipo de escala de vibracións. Nesa escala pódese aceptar un nivel normal, o asignado ou acordado punto cero; neste caso a persoa non sente nada, ou mellor ten a conciencia normal do corpo. Pode recibir encol do punto cero "graos de vibración" máis ou menos amplos situados sobre ese punto; neste caso, seméllase a un cambio forte, ata un ton máis alto: "agudo". E, finalmente, tamén pode situarse máis ou menos baixo o (acordado) punto cero, "ser mudo" como alguén que non pode falar ou realmente non fala, o chamado "sentido básico" co que se corresponde *sourd*, como unha vibración que se baixase, detivese, apagase.

En alemán, oponse "dor punzante" fronte a "xorda". Pínchase (entre outras cousas) cunha agulla. Pínchase a alguén "no corpo", sente nese lugar "no corpo" "o pinchazo", é dicir, a dor, da que se trata aquí. O termo vén dun exemplo concreto, un "caso" de dor; é dicir, a información conceptual baséase nunha sinécdoque dinámica –probablemente a figura máis importante e fértil das imaxes[4] conceptuais. En alemán non temos relacións de sentido figurado, que serían comparables coas do francés. Non obstante, aquí témo-lo "eixe" como punto cero e a elevación ou vibración do volume. Isto resulta aínda máis claro no reparto lexicalizado do outro polo: a dor aquí é "xorda". ¿Pertence "xordo" "orixinalmente" ó mundo dos tons (audición) ou ó das sensacións –sentido do tacto (?)? Sincronicamente, a pregunta non parece de fácil solución. De tódolos xeitos, sexa presuposta ou fixa é, en ámbolos casos, unha escala que, *de facto* ou nunha imaxe, ten impulso, oscilacións e vibracións.

Entón a semántica oscila, como amosa o exemplo, loxicamente entre un eixe ("dimensión") imaxinado, figurado, entre graos e vibracións, que ou son máis plausibles nun sentido ou ás veces noutro, pero que no fondo tódolos campos dos sentidos se "ordenan" (na medida en que as accións, os procesos, os acontecementos etc., que se refiren ós sentidos permiten vectores e unha gradación). A afinidade da que estamos a tratar aquí atópase pois "debaixo" ou "detrás" dos sentidos; e, a dicir verdade, de tódolos sentidos, pois así como "pasamos" aquí do sentido do oído ó sentido do tacto ou dos sentimentos (cf. a sinestesia), así poderiamos pasar, mediante outros exemplos, (ó) sentido da vista (por exemplo, con *fort – faible*, *fort – mince*) ou poderiamos transmiti-lo sentido das intencións (*maligne – innocente*: dimensión / eixe: insinuación - con ou sen "contido malicioso").

---

[3] Cf. Tamén o significado da *simetría* para a recollida e descrición das oposicións.

[4] Para as figuras con respecto á idiomaticidade cf. Schemann (1981), cap. 1.2. e a interpretación en particular; Schemann (2000), páx. 93 e seguintes, Schemann (2003), especialmente páx. 107 e seguintes.

Pero isto quere dicir que os esquemas básicos (aquí: eixo-sentido- oscilación / impulso) son, con respecto ós sentidos e outros campos para os que valen, máis abstractos, máis xerais e polo tanto trátase dunha natureza máis conceptual ou máis ideal.

Se alguén sente a dor realmente "aguda" ou "xorda", é unha pregunta empírica que se formula arbitrariamente *a posteriori* con respecto ós esquemas aplicados *a priori*, porque un caso difire dos outros sen norma perceptible. Pero numerosas semellanzas baséanse no invento ou "utilización" dos devanditos esquemas que estruturan e clasifican o léxico. Este invento e a súa utilización son completamente espontáneos, instintivos e inmediatos. O descubrimento analítico dos esquemas ten lugar *post festum*, segundo a orde que a lingua xa estipula. O invento é en numerosos casos loxicamente pouco claro. No noso exemplo a palabra "xorda" representa esa ausencia de univocidade; o discurso dos "impulsos da dor" é, con respecto ó esquema abstracto, unha lingua metafórica que intenta basear "aquilo de que se trata" nun fundamento lóxico.

A base inmediata da oposición ten lugar aquí no descubrimento dos esquemas "ideais"; estes constrúen o armazón, organizando e ordenando os fenómenos concretos para unha estrutura e fundando a base da semellanza directa, cuxa aplicación leva a cabo mediante os "exemplos" do grao, do impulso neste caso cara a semellanza indirecta respectivamente comprobable. O esquema que se adoptou é igual; os graos ou "impulsos"[5] son diferentes.

Os vectores implican entón fronteiras reais ou imaxinarias (puntos, liñas, planos), supóñense como ou punto de partida, de paso ou final dun motivo imaxinado ou real (ficticio no espazo e no tempo); a constitución do significado ten lugar mediante un esquema abstracto pero, non obstante, ilustrativo dado, constituído polo movemento desde, a través de e cara a límites. No caso da oposición, o movemento parte dunha "fronteira" imaxinada – ou tamén real- en diferentes direccións ("simetría").

2. Seleccionamos agora un grupo de expresións idiomáticas "sinónimas", é dicir, (en gran parte) de significado igual ou significado semellante, especialmente aquelas que amosen directamente estes "límites" na base da súa imaxe (esta base ilustrativa preséntana xustamente as expresións[6] idiomáticas), e tentamos localizar ó mesmo tempo qué factores independentes dunha imaxe, non "esquemáticos" e que por tanto que non se deixan ilustrar, establecen a súa diferenza entre elas, é dicir, qué factores reducen a igualdade de significado á semellanza semántica.

2.1. Como corpus de base recorro ó *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten*, ó *Idiomatik deutsch-portugiesisch* e ó tomo inverso deste, o *Idiomatik portugiesisch-deutsch*.

No dicionario de sinónimos atopamos para o significado de "übertreiben" (levar ó extremo), (Id. 2, páx. 239) entre outras as seguintes expresións idiomáticas alemás:

[5] Para a semellanza directa e indirecta ver Schemann (2005), páx. 12 e seguintes.
[6] Aínda que a imaxe non é o único ou exclusivo criterio de definición pero é o que determina.

1.	*es / die Dinge / … (nicht) bis zum Äußersten kommen lassen –*	*(não) deixar chegar qc / as coisas ao extremo.*
2.	*es / die Dinge / … (nicht) bis zum Schlimmsten kommen lassen –*	*(não) deixar chegar qc / as coisas ao extremo.*
3.	*bis zur äußersten Genze gehen –*	*chegar ao(s) extremo(s), ir até aos extremos.*
4.	*es / die Dinge / eine Diskussion/ … auf die Spitze treiben –*	*ir longe de mais, ir muito longe (com qc), levar qc. / as coisas às últimas consequências / ao exagero, exagerar, abusar, passar das marcas, exceder os limites.*
5.	*es / die Dinge / eine Auseinandersetzung / … bis zum Äußersten treiben –*	*ir longe de mais, ir muito longe (com qc), levar qc. / as coisas às últimas consequências / ao exagero, exagerar, abusar, passar das marcas, exceder os limites.*
6.	*zum Äußersten greifen -*	*recorrer aos meios mais extremos.*
7.	*zu den äußersten / letzten Mitteln greifen*	*recorrer aos meios mais extremos.*

O "límite" aparece en diversos lexemas:

directo: "*límite*";

exemplar: "*Spitze*" - *ponta*; tamén: *pico, cume, vanguarda, boquilha*, etc.;

"*marca*";

a través das medidas, das cotas (ata onde se vai, ata onde se exceden os límites): "extremo", "último"; estes lexemas indican o límite indirecto considerando a dimensión (o eixe) reservada e só dita, relativa ó "último elemento" nesta dimensión (non denominada);

tamén a través de longe; "*longe*" non implica ningún límite; ó contrario, ten unha extensión moi ampla. Pero cando na expresión se engade demais (en alemán "zu": *ir longe demais* = (literalmente) "*zu weit gehen*"; literalmente, "ir moi lonxe") sinálase un límite imaxinario, ata onde se vai realmente/se debe ir/pode ir, pero que aquí se sobrepasa. *Ir* ***muito*** *longe* é un eufemismo (en portugués nestes casos gusta moito). Dise: *ir* ***muito*** *longe* a carón de *ir longe* ***de mais***; así como se di de alguén que chega a unha conferencia media hora tarde: *Ele veio* ***muito*** *tarde* e raramente: *Ele veio tarde* ***de mais.*** Isto faise así aquí como un xogo de límites (a hora á que comeza a conferencia non ten ningún papel ou aplícase arbitrariamente):

chegar ***tarde***, *chegar* ***muito tarde***, *chegar* ***muitíssimo tarde***, *chegar* ***tardíssimo***; pero non: *chegar tarde* ***de mais***[7].

O verbo "ir", como o alemán "gehen" (en *zu weit gehen*), expresa o movemento dunha maneira "moi xeral"; queda pendente quen é o portador do movemento (unha persoa, un animal, unha cousa, algo ficticio).

Segundo isto, tódalas expresións baséanse entón, directa, metafórica ou indirectamente, no seguinte esquema reducido:

Punto de partida (do movemento) límite / fin

–non especificado-

(--------){----------|

ou (--------){----------|----------

sobrepasado

O alemán *Spitze* e o portugués *marca* son pois **exemplos** para os "límites"; trátase aquí nestes lexemas dunha sinécdoque dinámica: " modelo / exemplo / caso para".

2.1.1. Observamos agora algo máis de preto –a única– expresión do grupo inicial que se basea nunha imaxe: "... *auf die Spitze treiben*". ¿Que se pensa realmente dunha punta? Segundo Röhrich (II, páx. 979 e seguinte) imaxinamos unha espada ou unha lanza. A punta da lanza simboliza perigo. Quen levaba as cousas moi lonxe de xeito que precisaba a lanza coa súa punta, arriscábase a que o ferisen, cando non a morrer. Esta información é historicamente plausible, pero non aclara o núcleo da imaxe que estamos a tratar aquí, dise : "*auf…*" [*"(até) acima/ para cima de…*"]. Parafraseando literalmente, a imaxe di: "a cousa (da que se trata) érguese ata o punto extremo, precisamente a punta". Isto implica ou suxire polo menos dúas consecuencias: a) se alguén vai máis alá, a lanza perde o equilibrio/cae/rompe ou derrúbase a constelación; b) pero o subido ou empurrado cara arriba é cravado (pola punta)/ ferido ou morto. Temos aquí unha imaxe ficticia xa que o movemento "enriba dunha lanza" (*auf die Spitze*) como tal non existe "no noso mundo". Tamén se trata no caso das consecuencias (no esquema das figuras constitúe unha das formas da metonimia) dunha ficción. En numerosas expresión idiomáticas a constitución do significado supón un misterio que é imposible de resolver de xeito lóxico; a base do significado (das palabras) resólvese a través da ficción, é dicir, a través das hipóteses imaxinarias. Así como as matemáticas se calculan[8] con cifras imaxinarias e chegamos a unha solución real verificable; así como a xeometría opera con dimensións imaxinarias (puntos, liñas rectas, circunferencias, etc., cousas que non existen neste mundo) e con iso sempre se chega a resultados realmente verificables; a lingua opera do mesmo xeito en numerosos casos con imaxes ficticias, con cuxa axuda nos entendemos e nas que basea os significados.

---

[7] Sería unha tarefa tentadora, seguir por este camiño detalladamente en portugués.
[8] Para sorprenderse con isto cf. o mozo Törleβ co conto de R. Musil *As tribulacións do estudante Törleβ*.

Dos factores mencionados no noso esquema de arriba, non hai casos reais de "movemento" ("*ir*" "*gehen*"), tampouco de "punto de partida" ou de "punto de chegada" (é dicir, "límites") nin "límites que sobrepasar"; todos son factores abstracto-ilustrativos.

Xeralmente un é moi pouco consciente da base abstracto-ilustrativa do noso (tamén) entendemento lingüístico.

Prescindindo da horizontalidade, o esquema da expresión idiomática *etw auf die Spitze treiben* é idéntico ó das demais expresións.

Agora vaiamos ó significado exacto da expresión mediante os exemplos contextualizados do *Idiomatik deutsch-portugiesisch*:

... Jetzt hört ihr auf mit dem Unsinn! - Sie treiben es einmal wieder auf die Spitze. Ehe du kein Machtwort sprichst oder sogar zu Strafen greifst, werden sie wohl keine Ruhe geben.	¡Agora escóitalle as súas parvadas! – Estase pasando da raia. Como non fagas valer a túa autoridade ou non recorras ó castigo, non teremos paz.
... Der Kurt treibt die Diskussion mit dem Abteilungsleiter wieder einmal auf die Spitze. Er ist offenbar nicht zufrieden, wenn sich die Argumente in normalem Rahmen bewegen. – Und wenn der Abteilungsleiter dann schließlich platzt und ihn einen Querkopf nennt, fühlt er sich obendrein noch beleidigt.	–Kurt leva a discusión co encargado de sección moi lonxe. Parece que non está contento se se discute con normalidade. – E se o encargado da sección ó final rebenta e lle chama testalán, por riba aínda se sente insultado.

O núcleo do significado segundo estes exemplos é: "levar as cousas moi lonxe, tan lonxe/ rebentar"; máis xeralmente: "ata pasarse do marco do permitido, pola maneira de reaccionar dos outros". É dicir, o actante, sexa un rapaz ou un animal, proba as reaccións, sempre vai máis lonxe, ata estoupar, ata provocar o "estalido dos fogos".

Este aumento da "provocación" (de outros) ata chegar á reacción (de outros), ata pasa-la raia, non está dentro da imaxe, a menos que un conciba o discutido "auf" coa consecuencia: "todo se envorca, cae"; máis xeralmente: "sucede algo perigoso cando se salta unha advertencia". Tamén está incluído o campo no que se adoita empregar a expresión segundo o seu significado na imaxe: úsase para describir situacións psicolóxicas (ou tamén situacións críticas[9]), se ben está en correlación coas consecuencias "normais": "outra persoa rebenta". Ademais non contén a actitude do falante: a actitude do falante con respecto ó axente que "auf die Spitze treibt" é (cando menos dentro da norma) "crítica", (máis ben) "negativa", "non o debe facer". A alternativa: "algo debe/ non debe ser/ suceder/..." –ou a indiferenza fronte a esa alternativa ("imparcial", "obxectiva") –é o eixo en torno ó cal acostuma a xirar a dimensión pragmática.

[9] "Situación crítica" é unha situación importante para imaxes con significado na lingua.

2.1.2. Vexamos agora no tomo inverso *Idiomatik portugiesisch-deutsch* o equivalente "*ir longe de mais*" dado inicialmente para *etw. auf die Spitze treiben*, co fin de verificar en que outras expresións de partida funciona tamén este equivalente; así, atopamos:

ir longe demais: (8) *den Bogen überspannen.*

(9) *seine Grenzen überschreiten* (*mit etw.*)

(10) *das Kind mit dem Bade ausschütten.*

(11) *die Schraube überdrehen.*

(12) *es zu arg /* (*schlimm*) *treiben.*

(13) *es zu bunt /* (*toll*) *treiben.*

(14) *es schlimm /* (…) *treiben.*

(15) *es zu wild treiben.*

(16) *zu weit /… vorpreschen.*

ir longe de mais (com qc): (17) *seine Rolle überziehen* (*mit etw.*)

(18) *übers Ziel hinausschießen* (*mit etw.*)

(19) *seine Karte überreizen* (*mit etw.*)

ir (um passo) longe de mais: (20) *einen Schritt zu weit gehen.*

Baixo den Bogen überspannen, a carón do equivalente xa citado de *etw. auf die Spitze treiben*, atopamos ademais:

(21) *passar dos limites / das marcas.*

E no tomo inverso, a carón de *den Bogen überspannen*, atopamos tamén:

(22) *über die Stränge schlagen /* (*hauen*).

pegar/ (golpear) sobre as cordas

Limitarémonos agora, na seguinte análise, ás *imaxes unitarias*, isto é, ás expresións que crean no sentido rigoroso da palabra unha unidade idiomática, porque a imaxe constrúe un todo unitario (polo menos en gran medida) no que se basea o significado. Pola contra, os **conxuntos idiomáticos** nos que se diferencian dúas ou máis "partes", co seu significado primitivo "normal" (é dicir, non idiomático) constrúen[10] o **significado completo da expresión** (idiomatizado en parte ou idiomático) **a través da composición**. Así, no noso grupo de sinónimos aparecen as locucións (12-15): 1*) es/die Dinge* + *2*) (*zu*) + *3*)

[10] Desde sempre diferénciase na investigación idiomática entre as unidades idiomáticas e os conxuntos idiomáticos; pero non tódalas investigacións se basean nesa oposición.

arg/schlimm/wild/[1) algo/a cousa + 2) (demasiado) + 3) malvado/malo/salvaxe]; aquí tódolos constituíntes manteñen o seu significado "normal" e no caso de *bunt* (punteado) trátase dunha metáfora clara: o verbo 4) *treiben* (empurrar) cambia só lixeiramente o seu significado "normal".

2.1.3. A expresión (9) *seine Grenzen überschreiten* coincide no esquema da imaxe coas unidades xa mencionadas. O constituínte *Grenze* modifica lixeiramente a función normal dos demais termos da expresión no contexto (é dicir, como parte do significado total): trátase dos límites impostos polas normas ás persoas profesional e socialmente. Este significado atópase no dicionario nos contextos dos exemplos dados e constátase noutros contextos.

As devanditas pequenas variacións de significado aparecen tamén independentemente da expresión idiomática (en sentido rigoroso[11]) en diferentes contextos. Normalmente, sen que se percaten diso o falante ou o oínte, a variación ten lugar no contexto no que o falante ou o receptor adoitan moverse, consciente ou inconscientemente, orientado ó que el quere dicir; a reflexión consciente á que se fai referencia na "forma de dicir" é un enfoque cultural, científico, neste caso lingüístico, que transforma[12] a actitude dentro da lingua. Así como os ollos perciben un obxecto na paisaxe, ou perciben só unha pequena diferenza, se o punto de visión cambia só un pouco sen percatarse de que este obxecto modificou a súa "forma", así ocorre coas palabras na lingua se o cambio do contexto non é demasiado grande. Debido a que as devanditas variacións están situadas baixo o lintel da atención, non hai para estes fenómenos ningún termo técnico, mentres que pola contra a lingüística (ou xa antes tamén a filosofia), especialmente a retórica, creaban para case todo un termo específico. Esta expresión (9) é moi "obxectiva", ou o que é máis: é (máis ben) formal.

2.1.4. (8) *den Bogen überspannen* ("esticar/tender o arco –a corda do arco– demais") vén unicamente da milicia ou do tiro con arco na actualidade. A estrutura lóxica é: (a) **se** nós tensamos as cordas/o arco moi forte/intensamente, (b) **entón** a frecha/a seta/... vai demasiado lonxe (máis alá do obxectivo), ou rompe a corda. O "ir moi lonxe" percíbese obxectivamente (máis ben) como imaxe, pois non implica nada "malo", o desgarro é máis ben crítico, pois o arco aquí "estrágase". A expresión creada é máis ben unha "alteración obxectiva". Lóxicamente realízase entón na relación establecida mediante "se... entón...", unha das moitas formas da metonimia.

Comparemos agora *den Bogen überspannen con etw. auf die Spitze treiben* e *seine Grenzen überschreiten* respecto ó seu posible uso no contexto, así como a aplicación desta expresión (en caso de necesidade) nos contextos dos exemplos das outras; non obstante, así pérdense os matices ou a especificidade do significado, de xeito que os exemplos non serían nada convincentes.

---

[11] Isto é relativo ás expresións idiomáticas, "idiomático" significa tamén (xeralmente) "propio, característico dunha lingua".

[12] Isto pertence a un capítulo central da historia intelectual moderna – en Alemaña baixo a escisión "suxeito-obxecto" discútese desde hai case un século acaloradamente; Heidegger fixo destas reflexións o punto de partida de toda a súa filosofía.

Seine Grenzen überschreiten non se pode aplicar nos contextos dos exemplos de *den Bogen überspannen*, porque os campos son demasiado diferentes.

Etw. auf die Spitze treiben pola contra si que se aplica ós contextos dos exemplos de *den Bogen überspannen* porque ámbolos exemplos desa expresión presentan unha advertencia: "iso... non se debe"; é dicir, a expresión *den Bogen überspannen* modifica pragmaticamente (é dicir, con respecto á actitude do falante) o sentido de *etw. auf die Spitze treiben* e non hai ningún conflito no campo de aplicación ou noutros factores. *Etw. auf die Spitze treiben* é non obstante máis intensa, o que polo demais xa se percibe tamén na sintaxe da expresión: algo/a cousa (acusativo) é unha cualidade necesaria da expresión, mentres que *den Bogen*, como acusativo-obxecto de *überspannen*, é un obxecto interno da expresión que, sen obxecto externo, é dicir, sendo univalente, funciona moi ben (e incluso por regra xeral funciona así). Deste xeito, *die Dinge* (a cousa –da que se está a tratar), é dicir, *es* (do que se trata), é neste caso un complemento facultativo (valencia!): *Man soll den Bogen <u>bei diese/solchen/… Dingen</u> auch nicht überspannen*; así, adquire "a importancia" do complemento.

2.1.5. (11) *die Schraube überdrehen* (*virar/dar voltas… demais... o/ao parafuso*) ten imaxes-consecuencias moi semellantes (metonimia) a *den Bogen überspannen*: (1) o obxecto que se parafusa ou se aperta, apertase demais (talvez "contra" outro obxecto); (2) o parafuso estrágase. (1) é amplamente máis plausible. O que a imaxe expresa: "forte presión/impresión" chega a indicar unha gran presión ou coacción (*chantagem*). A imaxe desenvólvese aquí tanto no significado base "levar ó extremo", como tamén no matiz: "a través da presión, impresión → chantaxe"; por esa razón é máis intensa ca *den Bogen überspannen*.

Pero non só iso: se se tenta aplica-la expresión *die Schraube überdrehen* no contexto do exemplo de *den Bogen überspannen*, compróbase que non funciona, porque *die Schraube überdrehen* implica: (1) "poder" e tamén (2) "a intención, exercer ese poder" –unha característica do significado quizais non necesaria, pero usual, que esta expresión contén claramente. Características que, en cambio, non están incluídas na imaxe *den Bogen überspannen*.

2.2.1. Con (19) *seine Karte überreizen (mit etw.*) chegamos ó mundo do xogo; un eido que, igual ó da guerra e ó das competicións, constitúe un xerador de imaxes altamente produtivo para "expresar" actitudes moi diferentes. Un alemán relaciona esa expresión case inevitablemente co *Skatspiel* (un xogo de cartas alemán). Quen ten unha determinada "folla" (é dicir, determinada carta) que a "sorte" (representada pola figura de quen dá as cartas) lle atribuíu, pode con iso "provocar" ata un "determinado límite", é dicir, desafia-los adversarios e así intentar controla-lo xogo. No *Skatspiel* o que máis provocou ó final ensina as cartas (que teñen máis valor se son da mesma cor), é o triunfo (quizais hai aínda máis modalidades do xogo). Xógase contra outros xogadores (xógase de tres) e quen "toma o control do xogo", "apodérase" del, isto é, busca domina-los outros, sen que as súas cartas llo permitan necesariamente. Resultado: pode perder. Dito de maneira máis xeral: consiste en que quen actúa desa maneira calcula o seu "campo de xogo", a súa influencia, o seu poder total e xoga coas posibilidades falsas, se cadra "demasiado altas". Así, esaxera "a súa figura", as súas posibilidades, a potencialidade que lle ofrece a realidade. Aquí xa non hai

máis esquemas subxacentes xeométricos, ou que poidan ser xeométricos, senón que se constitúe o contido do significado dun mundo limitado –aparentemente!– ou as actitudes específicas, os procedementos, os costumes neste mundo limitado correspóndense cun contido do significado correspondente/relativo ó noso "mundo social xeral". Quen non está acostumado ó mundo dese xogo, quen non sabe o que "significa" "provocar" –ata o punto de xogar cun poker de triunfos que un realmente non ten–, quen non coñece o "estímulo" que supón domina-los outros e "enganalos", quen carece tamén no mundo social xeral das condutas citadas, carece das actitudes e tamén dos entendementos mencionados e non pode utilizar as devanditas expresións adecuadamente. O mundo da imaxe e o mundo do significado son aquí directamente correlativos. O que o xogo significa e significou para as culturas individuais, desde moi antigo ata os nosos días, pódese consultar nas brillantes explicacións de Huizinga (*Homo Ludens* e outros traballos fundamentais que aí se mencionan); así mesmo, pódense atopar aí as palabras ou lexemas que teñen as grandes linguas da cultura para "xogar", e a idea de que un ten que comprender *a priori* o fenómeno do "xogo" como concepto se quere comprender o significado desas palabras correctamente nunha lingua específica e póla en relación con outra adecuadamente. Entender ben unha imaxe quere dicir pois entender un mundo; e entender un mundo non é só cuestión de ter unha experiencia máis ou menos suficiente ou de ter uns coñecementos máis ou menos amplos, senón que é tamén, e moi probablemente nesta liña, unha cuestión de capacidade de imaxinación.

2.2.2. Da expresión *seine Karte überreizen* está moi próxima (17) *seine Rolle überziehen (mit etw.)*. Todos nós "xogamos" igualmente neste mundo "un papel" (determinado), ben formal, ben irónico; unhas veces máis real, outras veces ficticio... Como "un xogo". Finalmente ese papel determínanos de tal maneira que nos ofrece un escenario e dásenos –como as "cartas"– dentro do "ámbito do xogo". É un papel que se ten que cumprir, que se trata de respectar. A locución case equivalente é *seine Funktion ausüben* (*desempenhar a sua função*, que non está idiomatizada; *Funktion* e *ausüben* só están relacionadas lexematicamente unha coa outra; véxase "contexto fixado" fronte a "contexto[13] libre") expresa iso dunha forma máis actual no noso mundo de funcións cada vez máis regulamentado.

Pero o significado de "*seine Rolle überziehen*" non ten de seu, tal como amosan as indicacións (aínda que a expresión veña do mundo do teatro, onde alguén recibe, ten, interpreta un "papel" determinado), o xenuíno elemento do xogo que presenta *seine Karte überreizen*: aquela actitude tímida ou atrevida, medrosa ou preparada para o risco que ofrece[14] posibilidades partindo da realidade dun xeito real, ideal e ilusorio. Por iso non se utiliza *seine Karte überreizen* no primeiro exemplo do contexto de *seine Rolle überziehen* (páx.794): aquí non se "xoga" "por máis", "por máis alto", senón que o portador da acción equivócase moi facilmente porque non sabe como actuar, porque non controla o mundo determinado pola súa profesión e o seu papel neste.

[13] Sobre iso ver Schemann (2003), cap. B.I.
[14] Cf. con respecto ás numerosas reflexións sobre o fenómeno do poder (Nietzsche *A vontade do poder*).

2.2.3 No caso de (18) *übers Ziel hinausschießen (mit etwas*) contamos outra vez cun esquema moi claro como base; partindo deste esquema poderíase supor que a expresión significa simplemente: "ir moi lonxe (en calquera materia)". Non obstante, nesta imaxe temos unha **presuposición** sorprendente: quen "vai lonxe de mais" fai iso porque no fondo quere actuar correctamente, no fondo ten a actitude adecuada e a idea correcta daquelo de que se trata; polo tanto esaxera o ben. Non o estraga; estraga o obxecto que é xustificado; estraga a finalidade que lle dá sentido, estraga todo iso, ou esaxerando con todo tipo de detalles (ver exemplo (2)) ou porque *daneben greift* (abusa; ver exemplo (1)). A expresión caracteriza a unha persoa que perde de vista os "camiños correctos", ou non os coñece en absoluto, por culpa "dos bos obxectivos". Esta presuposición ("boa actitude" para un "mundo bo") e a relación que se xenera (entre obxectivo completo/grande/xustificado e "camiño" específico) diferencia esta expresión das outras que tratamos ata o de agora.

2.2.4. Relacionado co fraseoloxismo anterior está (10) *das Kind mit dem Bade ausschütten*. A expresión vén de antigo de cando as nais –ou as amas de cría, criadas etc.– bañaban os bebés nunha "bañeira grande", nun "recipiente". Cando o neno estaba lavado, quedaban sucias a auga e a bañeira, a continuación había que limpala e baleira-la auga; este acto remataba o propio baño: o traballo estaba feito, a bañeira baleira era outra vez lixeira.

A persoa da que se trata fai o "ben" e ó mesmo tempo loita contra certas dificultades. Vertendo agora ó mesmo tempo o neno coa auga, "sobrepásase", pero non a través da esaxeración, de falsas estimacións sobre os camiños deparados ou a causa da esaxeración de determinados medios ou detalles, senón debido ó celo, a demasiado "impulso", por culpa "da falta de visión" para actuar adecuadamente nunha situación concreta. Co malo rexéitase á vez o ben, o que equivale a "*in Bausch und Bogen*", é dicir, sen discernimento no relativo ás dimensións da actuación. *Das Kind mit dem Bade ausschütten* preséntanos unha persoa "que está completamente metida" na súa acción e que "reacciona esaxeradamente" no afán de amañar algo, rectificar, toma-lo camiño da vehemencia, por celo excesivo, en caso extremo case mal intencionado.

Isto encaixa ben en contextos nos que poden funcionar tanto *das Kind mit dem Bade ausschütten* como tamén *übers Ziel hinausschießen* expresións nas que se dan a travesura, o ímpeto, os celos, a esaxeración nos métodos, cos que se consegue alcanzar o obxectivo:

Ein Lehrer, der über einen Schüler, der an sich sehr gut ist, deswegen erbost ist, weil er einen bestimmten Stoff partout nicht lernen will - zu einem Kollegen:

Wenn mir dieser verdammte Ulli die Ursachen der Reformation bis zur nächsten Stunde nicht tipp topp darstellt - tipp topp, sage ich, vollständig und überzeugend gegliedert -, dann würge ich dem mal anständig einen rein. Dann schreibe ich seinem Vater einen Brief und drohe mit Schulverweis.

(Un profesor, que está enfadado cun alumno que é bo, pero que pola contra non quere estudar un determinado tema, dille a un colega:)

– Como o maldito Uli non me prepare as causas da Reforma antes da seguinte hora perfectamente, perfectamente, digo, completas!, e mas diga dunha maneira convincente, voulle dar un escarmento. Escríbolle unha carta a seu pai e ameázoo coa expulsión.

- *Aber Erich, du willst mal wieder das Kind mit dem Bade ausschütten / du bist mal wieder drauf und dran, übers Ziel hinauszuschießen. Bloß weil den Jungen die Gründe für die Reformation nicht interessieren, soll er von der Schule fliegen? Gib ihm eine saftige Strafarbeit wegen Ungehorsam, wenn er das nächste Mal wieder nicht vorbereitet ist, und damit hat sich`s.*

–Pero, Erich, vas moi lonxe/estaste pasando, só porque ó rapaz non lle interesen as causas da reforma, ten que ser expulsado? Ponlle un traballo de castigo por desobediente se a próxima vez non as sabe e con iso xa é suficiente.

2.2.5. Unha forma de esaxeración deste tipo denótaa (*gern/halt/mal/...*) *über die Stränge schlagen/*(*hauen*). Xa os complementos adverbiais –que (aínda) pertencen ó fraseoloxismo, deixan claro que a acción da que se está a tratar representa unha "excepción" e que o falante ten coñecemento diso. ¿A que accións nos estamos a referir? Ós delitos, ás depravacións, ás discusións –pero que non se toman en serio porque "pertencen á vida" e (no fondo) só demostran que a persoa "ten a dose que se quere de forza". ¿E quen son as persoas? A mocidade que "reborda vitalidade", xente que non soporta camiñar "correctamente" sempre polos vieiros das convencións. Quen nunca "bebe máis da conta", quen nunca lle discute, ó profesor, ó mestre, quen non se deixa levar pola sedución de Eros, ¿é unha persoa (nova), como a imaxina o querido deus?

A imaxe, que sinala/marca esta "actitude" é para a maioría dos falantes escura. As "cordas" son "as cordas dos arneses". Se se adestra un cabalo –polo xeral, un novo–, oponse ás ataduras dos arneses. Dá couces. Especialmente cara atrás, vai/pega coa pezuña por riba dos arneses –por riba das cordas. A vitalidade do animal novo non se "quere" deixar someter; quere ser libre.

A quen coñece a orixe da expresión, non lle custa captar o seu significado completo. É diferente para os que a imaxe resulta opaca: representa o desexo natural da vida, que quere expresarse e facerse patente, pero dificilmente a poden coñecer –a non ser que o contexto, no que aparece o fraseoloxismo, sexa especialmente ilustrativo.

3. Botemos un vistazo atrás para darlle claridade ó noso procedemento.

3.1.1. Na primeira parte, tentamos levar a cabo a nosa reflexión mediante os parámetros máis xerais descritibles espacialmente. Saímos dun movemento que vai ou (a) sen dirección ou (b) en varias direccións ou ben (c) nunha determinada dirección. No noso contexto, contaba (b) para as relacións de oposición e (c) para as expresións co significado de "esaxerar". Un movemento pode ser permanente ou non. A lingüística adoita falar do aspecto continuativo; ás veces tamén se atopa "cursivo" neste sentido. Ámbolos termos son pouco claros e realmente crean[15] máis desconcerto que aclaran os fenómenos lingüísticos dados.

O movemento aparece ou "en si" (desígnase, tamén, como "cursivo") ou a súa orixe toma o seu impulso doutra cousa. No primeiro caso é "intransitivo" e no segundo caso

[15] Cf. para estes exemplos por exemplo Coseriu (1976), Heger (1967), Keniston, Schwall (1991), David/Martin (editado en 1980) e Barroso (2006).

"transitivo"[16]. A terminoloxía na lingüística neste aspecto tampouco é uniforme, cando non confusa. Uns refírense a un plano lóxico, os outros a un nivel gramatical dunha lingua determinada. Moitos sinalan un verbo como "transitivo" cando rexe acusativo ("obxecto directo"), e tódolos outros verbos "intransitivos"; outros recollen "obxectos directos" e "indirectos" baixo o concepto "transitivo". Para os primeiros o portugués *ajudar* é transitivo e o seu equivalente alemán *helfen* intransitivo, baixo un punto de vista lóxico non ten sentido.

O punto de partida do movemento pódese supor desde un extremo concreto, espacialmente descrito como un punto, un grao, un plano ou outra cousa; e pode ser descrito "desde un espazo que non é limitable". O correspondente serve para indicar o obxectivo do movemento: pode rematar neste obxectivo como límite ou como un espazo aberto ou ben disiparse. Os lexemas dunha lingua poden estar marcados con respecto a esta oposición (+*ab –fahren/düsen/*…+saír - correndo*; +los –rennen/laufen/*… comezar a –correr/fuxir*; –ent –kommen/schwinden/* escapar …)...; ou non estar marcado (*anfangen, enden*: comezar, rematar). No primeiro caso o movemento está pechado dun xeito ou doutro na saída, no obxectivo ou en ámbolos dous:

|→→→ →→→| |→→→|

No segundo caso o movemento non está limitado:

→→{→→→ →→→}→→ →→{→→→}→→

Ademais as fronteiras poden suporse como reais, conceptualmente plausibles ou imaxinario-ficticias. O movemento pode "ter inherente" a súa dirección cara ó obxectivo ("teleolóxico") ou recibilo "de fóra". Naturalmente, tampouco é preciso que esta oposición estea contida no significado dun verbo dado.

Prescindimos dos factores restantes, así o movemento pode "tomar a dirección" do obxectivo aberto ou pechado, é dicir, correr na súa dirección: pode "lograr" o obxectivo e pode "traspasa-lo" obxectivo (no noso caso, o da "esaxeración", sobrepásao).

A dirección pódese definir partindo da propia "cousa" en movemento (sentido direccional), desde o observador ou desde unha terceira "cousa" (ou eventualmente desde outras "cousas"/observadores).

Deste xeito, tódolos factores supostos están nun plano abstracto-ilustrativo non reducible.

3.1.2. ¿Que quere dicir "abstracto"? O termo vén, como é sabido, do latín *abstrahere*, é dicir, "abstraer" "de contidos/temas concretos..., as características comúns e xeralizar". Así, de "cadeira", "taburete", "sofá" etc. eu podo extraer a particularidade común "para sentarse" e como concepto xeral "tipo de asento" (termo obxectivo que non existe como tal, polo tanto eu non podo dicir: *Agora séntome neste tipo de asento.). Tamén de "armario" e "espello", entre outros, extraio a característica xeral común "que están nunha habitación/nunha casa" e chego a "mobles" como termo xenérico dos lexemas tanxibles. **Se**

[16] Cf. A expresión de Heidegger "*sich existieren*" ("existirse") marca a transitividade: o desexo do home é o que "imaxina a súa (propia) existencia"; o "*es existiert nicht einfach*" ("non é fácil existir") marca o carácter "intransitivo".

prescindo de tódolos contidos, chego ó "concepto" na súa forma máis xeral. Se supoño que o ser humano ten a capacidade de crear conceptos, "ten entendemento", é dicir, pode pensar dunha maneira (máis ou menos) abstracta. Se considero a dimensión dun concepto dado ("extensión") como "esfera" e os contidos ("intensión") como datos perceptibles, é dicir, ligados ós sentidos, independentemente do xeito en que son percibidos, podo formular: **o concepto, como capacidade ou facultade abstracta non ilustrativa ou non visualizable- que une os "contidos" ligados ós "sentidos" –nunha determinada esfera.**

Na nosa análise (en 2.1) fíxemos a restrición abstracta pero ilustrativa ou visualizable. No caso dos nosos factores trátase polo tanto dunha xeometría euclidiana, en tanto que conforman unha estrutura determinada dun modelo xeométrico.

Como modelo xeométrico esta estrutura ilustrativa non está fixada lóxicamente a unha determinada lingua senón que afecta a tódalas linguas. En tódolos factores que tratamos (movemento, partida, obxectivo, límites, punto, liña recta, planos, dirección (unívoca), constancia etc.) estamos a falar da "circunferencia" do "cuadrado" e doutros, de "ideas" que non aparecen como tales no noso mundo, pero que segundo a nosa terminoloxía son ilustrativos e precisamente por esta razón poden levar a través dun modelo a novos coñecementos. Esta hipótese, tan fértil para a investigación fraseolóxica, espero que en breve se poida aplicar ós fraseoloxismos con comezo, fin, círculo, punto etc. O noso estudo cun pequeno grupo de sinónimos con límite, marca, punta etc. é un "prefacio" para esta investigación.

3.1.3. A inmensa maioría dos lexemas dunha lingua e as conexións entre eles relaciónanse non só co seu significado nun campo ilustrativo-abstracto, senón con datos concreto-sensoriais. É dicir: son máis concretos. No caso de que nunha lingua haxa diferentes lexemas que poderían ocupar a mesma posición nun modelo coma este, os factores presentan termos determinados de tipo ilustrativo-intuitivo respecto a "caracteres comúns" (máis) concretos; as estruturas máis concretas, representadas polos caracteres máis xerais mediante a súa referencia común ó modelo, entres elas son isomorfas.

Un exemplo sinxelo ilustra esta relación. O verbo *geben* é, segundo a gramática de valencias, trivalente e tense que reproducir como:

A	C	B
Hum.	Concr.	Hum.
Der Vater	*gibt das Buch*	*seinem Jungen.*
O pai	*dá o livro*	*ao seu filho.*

Este esquema de valencias di: en primeira e segunda posición poden aparecer tódolos lexemas que significan unha "cousa" coa marca de categoría |humano|; en terceiro lugar, tódolos que significan unha "cousa" coa marca de categoría |concreto|. Dentro das devanditas clases –e tamén dentro de campos ou ámbitos que se poden delimitar por conceptos ou nocións, pero que non conforman unha clase -o intercambio dos lexemas é libre:

O pai/o tío Albert/ela/... dá a Elfriede/ó neno/a el/... un agasallo/un libro/unha pota/...

Entón, cada frase formada *de facto* realiza a estrutura de valencias explicada e neste sentido é concreta. Se non houbese categorías (nin campos) nin tódalas estruturas constituídas por elas –é dicir, se non nos puidesemos abstraer dos lexemas como denominacións dos obxectos ata chegarmos a un campo ou (incluso) ata unha categoría– non poderiamos construír ningunha estrutura isomorfa, non podería haber ningunha lingua (no sentido de "lingua natural"), pois cada lexema estaría vinculado dunha maneira fixa a unha cousa específica e a estruturas específicas. Así, cada novo obxecto requiriría respectivamente dun novo lexema para a súa denominación; e tamén cada variación dun obxecto.

3.1.4. Non obstante, agora atopamos en portugués, e en tódalas outras linguas europeas investigadas respectivamente, oracións como:

O pai	*dá*	*uma descompostura*	*ao filho*
Hum.		Abstr.	Hum.
O frio	*dá*	*um estímulo*	*aos trabalhadores*
Abstr.		Abstr.	Hum.
O sol	*dá*	*luz*	*ao quarto*
Concr.		Concr.(?)	Concr. etc.

É dicir o esquema xeométrico-ilustrativo é moito máis básico cá estrutura de valencias desenvolta:

A	dá	C	a B
↓		↓	↓
X		Y	Z

realizado como:

Concr.	Concr.	Hum.
Concr.	Hum.	Hum.
Abstr.	Concr.	Concr.
Abstr.	Abstr.	Concr.
Abstr.	Abstr.	Hum.
		etc.

En principio pódense colocar, en tódalas posicións de valencias, lexemas que designan obxectos de tódalas clases, e incluso obxectos para os cales é difícil senón imposible dicir a qué clase pertencen. E aínda hai unha variedade incalculable de campos ou ámbitos. Como amosa este razoamento, a gramática de valencias non só non é o único modelo que nos explica o funcionamento da lingua; tampouco é o último ou máis profundo punto de referencia para a nosa comprensión das operacións lingüísticas. Parece evidente: non só extraemos, paso a paso, das cousas e dos lexemas que as designan, conceptos e estruturas baseadas nestas

clases; en certo xeito tamén "ollamos" a través destas clases "vendo" así os factores básicos para a percepción do mundo; "vemos" a través das estruturas formadas polas clases, "vendo" deste xeito modelos, a partir dos cales as estruturas (formadas polas clases) non son máis ca estruturas (parciais) isomorfas.

3.1.5. Véndoas desde a perspectiva das estruturas clasemáticas constátase o seguinte: tódalas estruturas que se poden representar xeometricamente (pero que están nun plano máis profundo), xa non son regulares; porque "regular" quere dicir xustamente: libremente variable, intercambiable libremente dentro da esfera dun concepto dado, dunha noción dada. Pódese dicir:

O pai deu uma descompostura ao filho, pero non:

* ---------- *graça* ----------,

ainda que *graça* é tan abstracto como *descompostura*;

O sol dá muita luz ao quarto, pero non:

*----------*escuridão* ------,

aínda que entre *luz* e *escuridão* non hai ningunha diferenza de clases ;

A vaca dá muito leite, pero non:

*----------*muita manteiga*.

Brevemente: as realizacións específicas da nosa estrutura abstracto-ilustrativa están suxeitas a condicións moi específicas. Algunhas desas condicións percíbense rapidamente. Así, non podemos dicir que o sol nos dá escuridade, xa que non fai iso precisamente como sabemos grazas ó noso coñecemento do mundo. Pero, ¿"dá" sombra a árbore? En alemán non "dá", en portugués, pola contra, é correcto. O coñecemento do mundo non é suficiente para aclara-lo problema.

Se se considera só o salto dunha clase a outra nunha posición específica da valencia, fálase dunha metáfora (de clases). Se temos un salto en dúas posicións (nun verbo trivalente) debiamos falar dunha combinación de metáforas ou algo parecido; en cambio, se damos tal salto en tódolos lugares dos actantes –como en *O sol dá luz ao quarto*–, trataríase dunha constelación de metáforas ou algo semellante (ningún dos dous termos é usual). Estes fenómenos moi frecuentes na lingua aínda se complican máis posto que os devanditos saltos non se producen só dunha clase a outra, senón tamén entre determinados campos dentro dunha clase, ou máis alá do límite de clases, posto que non son só saltos de metáforas, senón transposicións que se dan do tipo da metonimia, da sinécdoque e outras figuras, que poden estar unidas unhas a outras, etc.

Pero non é iso do que estamos a tratar aquí. Trátase máis ben da seguinte constatación: unha reflexión sobre os saltos e desprazamentos nun, en varios ou en tódolos lugares das valencias non satisfai a nosa comprensión, dado que: (a) non se atende a cuestións relacionadas coas condicións da posibilidade de entendermo-los devanditos saltos específicos combinatorios, as constelacións e translacións... e tampouco (b) se atende ós motivos das restricións de tales operacións.

Dar uma descompostura a alg. significa (máis ou menos[18]) "descompor alg"; créase, entón, unha composición irregular, é dicir, idiomática. O termo lingüístico para estas construcións ou polo menos para unha parte delas é "verbo-soporte". Case toda a carga semántica importante trasládase do verbo "dar" ó substantivo "descompostura", de xeito que o verbo *dar* aquí toma as funcións propias de *descompor*: isto é, da adquisición da categoría verbal. Incluso nos casos nos que reciba aínda unha función da imaxe (máis ou menos directa) –vinculada coa transferencia do verbo libre nun contexto fixado, o verbo é semanticamente ("intensional") máis pobre ca na súa función como verbo pleno. Por todos eses motivos, os verbos que pertencen a ese conxunto clasifícanse como verbos soporte.

Dar leite: a vaca dá leite –e non outra cousa. O problema redúcese entón a: ¿por que *dar* e non outro verbo? En gran parte, sen dúbida porque a estrutura abstracto-ilustrativa do verbo *dar* convén:

X →→ Y (ó Z)

A →→ C (ó B)

Non obstante, o verbo *dar* non é obrigatorio en ningún caso. Aquí rexe a lei da probabilidade. Paréceme unha tarefa importantísima da lingüística estudar a lei da probabilidade que reina na transición do nivel abstracto-ilustrativo –o nivel da intuición e da fantasía– ó nivel das nocións ou dos conceptos o nivel da lóxica "regular" (ou aparentemente regular). Pois é precisamente este tema o que preocupa –desde a aparición da física cuántica– cada vez máis a moitas das chamadas ciencias naturais. E non só ás ciencias naturais. Con respecto á lingüística, temos que esclarecer o que significa para a lingua respecto á nosa comprensión da lingua, a transición da chamada "lóxica clásica", a lóxica de Aristóteles, cara á chamada "loxística" –a "lóxica moderna", e, como consecuencia diso, a transición da base da comprensión (científica) lóxico-intuitiva, polo tanto "plausible", para os cálculos de orde instrumentalista cálculos que se tornan tanto máis exactos canto máis datos se teñen para polos en relación uns con outros; transición, polo tanto, da ciencia tradicional para a "ciencia e técnica" no sentido moderno e relacionado con todo iso: a misión da ciencia, isto é, de todas as disciplinas da ciencia que, en última análise é unha misión tanto das ciencias naturais como das ciencias humanas, de facer todo o posible para facer, na medida do razoable, a ciencia e técnica moderna plausible, comprensible, accesible á nosa razón e intuición. Pois no caso contrario, estamos á mercede da ciencia, unha especie de segunda natureza, como os nosos antepasados estaban á mercede da "primeira natureza".

A análise dos factores que "orixinan" as expresións idiomáticas, ou das condicións da probabilidade e do grao de probabilidade, que dan lugar á súa creación a través duns ou doutros lexemas, conforma unha parte fundamental da investigación idiomática, que se ocupa do "conxunto" dos constituíntes; a análise que procura comprender a transparencia "espiritual" destes conxuntos como un todo –como unha unidade (no sentido estrito)– conforma a outra parte. Polo demais, ámbalas ramas da investigación están separadas aquí

[18] Máis exactamente: *descompor* denota o proceso na súa "verbalidade" común; *dar uma descompostura* cuantifica o proceso e concretízao.

artificialmente; pois no fondo pertencen ó mesmo problema, é dicir, non se levan a cabo independentemente unha da outra.

A investigación das expresións idiomáticas, así tratada, busca levar luz a tan importante e tan común separación que se fai entre os contextos lingüísticos libres e fixados; pois esa separación é frutífera como axioma de explicación pero continúa sendo escura na súa axiomática.

O estudo das expresións idiomáticas analiza o problema de ata qué punto os vínculos ("bounds forms") irregulares ou fixos, por definición ou de por sí non explicables con conceptos, poderían, non obstante, ser explicados dalgún xeito. Este estudo sitúase nun nivel de transición desde a prelóxica ó campo da lóxica da lingua.

3.2.1. Na segunda parte do noso capítulo analítico ocupámonos das imaxes que forman unha unidade. Todo un conxunto desas imaxes baséase, como vimos, nunha estrutura xeométrica, pero, en contraposición ós conxuntos idiomáticos onde esta estrutura por norma está presente[19] só ó comezo ou témola que deducir do noso coñecemento do significado dos constituíntes, nas imaxes que forman unha unidade está máis ou menos patente. Outra parte das imaxes que forman unha unidade, en cambio, non se pode organizar segundo tal estrutura xeométrica, así como tamén numerosas unidades non idiomáticas nas que non se desenvolve tal estrutura. Recoñécese nisto que a descrición xeométrica dos fenómenos lingüísticos, en realidade a posibilidade de representalos a través destes modelos, ten os seus límites. A lingua é máis ca xeometría, matemáticas ou calquera outra ciencia; é unha das condicións que a fan posible.

As imaxes lingüísticas ante todo implican que se di A e se pensa B. Cada signo, así como cada signo lingüístico, reférese a outra cousa (referencia). O significado non se atopa no signo –como se le a miúdo erroneamente: o significado indícase a través do signo (lingüístico) entre aquilo que se di (co signo) e aquilo que se pensa que é indicado polo signo, que quere dicir o signo; hai un salto e isto fixa xustamente a (ou mellor, un momento da intencionalidade da lingua), que non é outra cousa cá forma lingüística ou trasladada pola lingua da intencionalidade do pensamento. De aí que cada expresión, cada xesto, cada cadro, cada escultura, cada peza musical "reflicta" a intencionalidade –segundo a forma específica da expresión do pensamento. Pois a intencionalidade é sempre idéntica pero exprésase dun xeito diferente nas distintas "modalidades de expresión" só expresándoo dun xeito é posible traducir o que se quere dicir cunha forma, por exemplo unha peza musical, cara a outra forma, por exemplo unha pintura ou un texto escrito, o que quere dicir a lingua articulada. O home como ser dotado de pensamento, fala de distintas maneiras referíndose ó mesmo. Por este motivo é posible traducir dunha lingua articulada a outra lingua. "Expresión" e "intencionalidade" son os fenómenos fundamentais últimos na terminoloxía de Goethe: fenómenos primarios ("*Urphänomene*") As imaxes ilustran este salto de maneira explícita: falar "con imaxes" torna a intencionalidade do espírito manifesta –imaxe entendida aquí no seu sentido máis xeral, isto é, non está limitada ó sentido da vista, está ligada a calquera figura de transposición (tropos). Por iso, a idiomática –entendida como a

[19] Naturalmente poden estar unidos uniformemente nos conxuntos idiomáticos partes ou "grupos" de constituíntes (a través da transmisión).

totalidade das imaxes creadas por unha determinada lingua, unha totalidade de imaxes, polo tanto cristalizada, lexicalizada nesta lingua (e a análise desta totalidade) é en última análise: unha determinada lingua vista como órgano, instrumento, forma de se expresar do espírito na lingua. Ou dito doutra maneira: a lingua mostra, a través da idiomática, a súa natureza intencional; a idiomática é o símbolo da linguaxe, que é a facultade do home (como ser dotado de raciocinio) de falar (do xeito máis variado), isto é, de realizar a súa intención de se expresar, ó nivel dunha determinada lingua. Ei-lo verdadeiro motivo polo que, en tódolos tempos e en tódolos pobos, houbo tantas persoas que amosaron interese polas imaxes realizadas na lingua e polo tanto pola idiomática.

Temos aquí tamén a razón da íntima unión entre a idiomática e a arte: a imaxe é un fenómeno eminentemente estético; aínda antes de ser posible comprender e analizar unha lingua –calquera lingua, non só a lingua articulada– con lóxica é estética: o nivel estético situase "detrás de" ou debaixo do nivel lóxico.

Toda lingua é, esencialmente, metafórica[20] ou "expresión en imaxes".

3.2.2. Posto que a imaxe explica a esencia da lingua, vólvese tamén máis explícito có signo lingüístico non idiomático, o feito de que falar só ten sentido nun contexto. **As imaxes veñen dun contexto determinado e remiten a outro contexto determinado.**

Falar, como un fenómeno ligado a un contexto implica (polo menos) os seguintes factores: o falante, o oínte (que pode chegar a ser a "mesma" persoa có falante –no caso do monólogo), a "cousa" (da que ou sobre a[21] que se fala); a actitude que o falante ten ante a cousa e ante o oínte ("actitude do falante", posiblemente tamén a actitude do oínte e ás veces tamén a actitude do suxeito da oración ou doutras "figuras" mencionadas ou comentadas no texto; normas, que guían ó falante, á cousa –e ó oínte); a situación na que se fala; o transfondo desa situación –cada situación ten a súa condición ("antecedente"); por último, o que pretende o falante (en todo e a través de todo é –a "organización" de todo) e finalmente o "motivo" e a "finalidade" de falar neste contexto e por causa deste contexto. E con isto voltamos á intencionalidade: un único movemento que vén dun fondo, isto é, ten a súa razón e ten unha finalidade, realizado nun contexto estruturado en que "encontran" a idealidade de espírito e a realidade das persoas concretas no seu mundo concreto, na súa situación específica. Falar –a fala que ten sentido– é ó mesmo tempo de natureza ideal e real, abstracta e concreta –a xeometría do motivo da finalidade e dos outros factores mostrounos (na nosa análise só a parte "abstracta").

Todo isto ilustra (tamén) a imaxe das expresións idiomáticas –no plano da lingua cristalizada. Moi a miúdo hai un exemplo determinado para algo (sinécdoque); reflicte como xa vimos, un determinado sector da vida ou da cultura e isto implica unha determinada actitude ("actitude do falante"; "expectación do oínte") e unhas normas determinadas ("debería ser"/" non debería ser"; "neutral nesta oposición"); ademais, existen

[20] "Metafórico" tomado no seu significado xenérico, fundamental, no que se pensa en tódalas figuras de transposición.

[21] A principal diferencia entre "falar de" e "falar sobre" non se pode tratar aquí. O pensamento central da filosofía de Scheler, Heidegger e outros baséase nisto.

determinadas condicións (presuposicións) e determinadas consecuencias (como figura: metonimia) e axudan a recoñecer no contexto a razón e a finalidade que guían ó falante.

Posto que todo isto está aquí moito máis explícito ca nos signos non idiomáticos, a expresión idiomática e o contexto "teñen que" concordar correctamente –se o texto é coherente (se non o é, pode haber intencións determinadas: "variación" das imaxes, dos fraseoloxismos, ironía, etc.). O contexto axeitado para unha expresión idiomática xorde en certo modo desa expresión, do mesmo xeito que cada texto nace dunha idea.

A imaxe presenta unha acción, unha actividade no seu contorno, na que encaixan as "cousas" e as características dese contorno, que poden ser diversas accións ou características, diversos campos co seu contorno, así como diversas cousas; pero en cada caso son accións, sectores, cousas que no momento en que se creou a expresión (ou aínda estaba viva) estaban vivas, pois só "a vida, que vive" se manifesta en imaxes vivas ("imaxe" entendida outra vez no seu significado xenérico), que permanecen vivas e que se manteñen na comunidade lingüística en moitos casos durante séculos.

Ó mesmo tempo non teñen que coincidir, como xa vimos, a vida (primitiva) do tempo de formación da expresión e a vida –ou frecuencia– do uso máis tarde ou na actualidade: *über die Stränge schlagen* (pasarse da raia) úsase moito hoxe en alemán e, en cambio, o mundo dos tempos da orixe desta imaxe desapareceu en grande parte e é pouco coñecida hoxe; pola contra, o parafuso ten unha presenza constante no noso mundo técnico e malia a iso a expresión *die Schraube überdrehen* (pasarse de rosca) é rara.

3.2.3. As imaxes idiomáticas non só nos falan de actividades, cousas, costumes, etc. vivas, senón tamén de fenómenos absolutamente fundamentais: as continxencias e limitacións da vida e ó contrario, as perspectivas e posibilidades relativas a tódolos seres e acontecementos. E nós temos que lle dar un sentido se queremos entender "correctamente" as expresións, que aquí tamén son simbólicas: todo entendemento ten o seu grao e a súa dimensión; e quen quere entender "correctamente" o que alguén "manifesta" ten que ter a disposición e a vontade para iso.

Finalmente, o simbolismo do idiomático –como vimos en *übers Ziel hinausschießen*, *seine Rolle überziehen* e especialmente en *seine Karte übereizen*, é de natureza antropolóxica, reflicte a filosofía da vida. Poder, competición, xogo, funcións... O home é presentado como o que sempre foi e o que sempre será e, a pesar de todo, aquilo que só se comprende verdadeiramente se un ten unha "idea" sobre as "orixes" e as "fontes" das que nacen tódalas actividades e as condutas. Nos refráns, as máximas, as reflexións, as sentenzas e os ditos, as frases feitas e moitos outros, amósase detalladamente, na idiomática, inxustamente, moito menos: todas esas unidades son unha "escola da vida". Non sen motivo infinidade de expresións idiomáticas son refráns, máximas, sentenzas, ditos "acurtados" e, ó revés, infinidade de refráns, máximas, sentenzas, ditos son expresións idiomáticas[22] "alongadas".

3.2.4. Pasamos agora desde o noso pequeno grupo de sinónimos ós dicionarios idiomáticos. Aquí partíramos do *Synonymik der deutschen Redensarten* (Dicionario de sinónimos de

[22] Para isto consúltese por exemplo Sontheim (1972).

expresións alemás), do *Idiomatik deutsch-portugiesisch* (Dicionario Idiomático alemán-portugués) e do seu volume inverso.

Fagamos primeiro unha pequena observación metodolóxica: se as relacións de significado se correspondesen nunha relación de un a un, atopariamos ó pasar na nosa busca de equivalentes da lingua (A) para a lingua (B); outra vez as mesmas expresións. Pero non é iso o que acontece, como xa se amosou. Mentres cada expresión é ó mesmo tempo de orde ideal e real, ó mesmo tempo ten un significado "xeral" baseado no mundo das ideas e está relacionado cun mundo concreto específico, transcende constantemente a súa ligazón a un contexto específico, para pasar a outros contextos – e aí ó "lembrarse" da súa orixe, quere voltar para atrás. Por exemplo, a tradución das expresións idiomáticas (tanto a tradución interlingual, dunha lingua noutra, como a intralingual) a substitución dunha expresión ou dun texto, máis ou menos longo, por outro que quere dici-lo mesmo; ó mesmo tempo, a posibilidade ou imposibilidade de tódalas traducións, así como o *traduttore=traditore* ("o tradutor é un traidor") e a *tradución=interpretación* (traducir quere dicir interpretar) pois cada comprensión correcta exprésase sempre con palabras propias, é dicir, sempre con outras palabras. Falar de modo sempre idéntico (o "eterno retorno da semellanza"[23]) sería a morte do espírito a través da morte da súa "forma de expresión" na "linguaxe", é dicir, en tódalas linguas posibles –lingua articulada e outras; pois a vida é cambio, transformación.

Pero iso aquí non é o que máis nos interesa. Aquí do que se trata é dos dicionarios idiomáticos**:** non presentan só sectores específicos, non só particularidades seleccionadas; na medida en que tentan ser completos, reproducen o mundo completo da comunidade lingüística no espello das imaxes lexicalizadas**:** persoas de tódolos extractos, traballos e posicións, en tódalas súas condutas, con tódolos seus costumes, crenzas relixiosas, ilusións, normas, preferencias e aversións, xunto cos seus animais, plantas e as demais cousas que pertencen ó seu mundo[24].

O mundo das imaxes, como xa vimos, vén do pasado, reflicte a tradición; o seu uso hoxe reflicte as necesidades e demandas do noso mundo actual. Un dicionario idiomático ó mesmo tempo é, por isto, o espello dunha cultura, como un espello da historia desa cultura; cultura e historia cultural interligadas e isto todo na súa dialéctica. Indiquei[25] noutro lugar que sería moi instrutivo se nun dicionario idiomático se explicase o significado de cada expresión con dous exemplos: un exemplo que nace case do significado da expresión, como se amosou arriba; e outro exemplo no que o falante ve as ideas completamente diferentes de xeito que posiblemente modifique incluso a expresión no seu significado (e quizais tamén na súa forma). A relación de ámbolos exemplos con outros conduciría á realidade e á potencialidade, é dicir, a esfera do significado e a súa transcendencia constante a (novas) formulacións**.** É lamentable que a extensión dos dicionarios non permita, habitualmente, seguir este método. Non obstante, hoxe temos unha certa compensación para esta falta: un usuario interesado no dicionario consegue encontrar, relativamente rápido coa axuda dos novos medios técnicos, especialmente do ordenador, referencias para unha expresión dada.

---

[23] En referencia a Nietzsche.
[24] Na introdución do *Diccionario Idiomático* procurei facer un pequeño resumo sobre o tratado aquí arriba.
[25] No prólogo do diccionario idiomático bilingüe.

Se ten no dicionario un contexto que exemplifica ben o significado da expresión é pouco probable que se deixe desorientar por referencias que "xogan" coa expresión, dándolle significados novos, ou ata as usan de xeito incorrecto.

3.2.5. Vexamos agora a situación do galego e o traballo de tantos anos para a documentación viva do estado actual da lingua e a súa historia. Supoñamos que partimos de expresións non galegas, por exemplo, de expresións alemás e para esas expresións temos tanto un contexto creado que exemplifica o seu significado e ó mesmo tempo outros documentos; temos tamén os seus equivalentes portugueses, casteláns, franceses e ingleses; non faltan, entón, suxestións para obter unha equivalencia óptima en galego, suxestións nas que ó mesmo tempo aparecen reflectidos o noso mundo moderno, a través do significado de todas estas expresións, e o mundo da tradición, a través de imaxes moi diferentes, que expresan o mesmo. O falante galego que queira dicir ou teña que dicir na súa lingua o que expresa a expresión de partida alemá e os seus equivalentes noutras linguas vai transpor ese contexto para o seu "mundo de hoxe", atopando así en galego unha expresión correcta e adecuada.

Pero o falante galego que coñece a documentación sobre a súa lingua e sabe utilizala, vai procurar expresións convenientes xa documentadas cunha perspectiva ó mesmo tempo histórica e actual. Consultamos agora o *Synonymik (Dicionario de sinónimos)*. Este ofrece para cada expresión de partida alemá outras expresións con significado igual ou semellante ("sinonimia!") e para todos eses sinónimos (en sentido estrito ou amplo) temos as correspondencias noutras linguas: tanto a tradución "espontánea" en galego como tamén a investigación na documentación hanse beneficiar ó máximo da coordinación das expresións sinónimas coas expresións encontradas na documentación.

O resultado de tal traballo sería que o galego tería conseguido superar o seu primeiro bautismo de fogo idiomático ante a modernidade.

O segundo –e "importante"– bautismo de fogo idiomático e lingüístico conséguese cando se consegue construír para tódalas expresións galegas exemplos contextuais actuais e convincentes tanto para os equivalentes que se crearon como para as expresións atopadas na documentación. Constituiría iso unha base sólida para a fraseoloxía galega. Poderíase seguir tamén unha perspectiva actual e unha histórica. Seguindo este camiño, poderíase crear un dicionario idiomático alemán-galego co seu inverso galego-alemán. Lingua e historia da lingua, cultura e historia da cultura, reflectidas ó mesmo tempo noutra lingua.

Ademais, o galego na súa fraseoloxía sería directamente comparable co castelán, co portugués e con tódalas outras linguas paralelas preparadas. Deste xeito, atoparía da maneira máis natural, unha saída a certos inconvenientes relacionados coa súa xeografía e a súa historia. Lingüísticamente sería por unha vez do máis grande interese: as análises idiomáticas partindo dos principios máis diferentes poderíanse levar a cabo cun obxectivo fixado: atopar a lingua como un todo. Así, a nosa investigación presentada na primeira parte deste artigo podería fornecer tamén un novo principio metodoloxico para analizar a "base xeométrica" da idiomática galega.

Pero por outro lado, tal proxecto sería con seguridade ó mesmo tempo histórica, cultural e politicamente "*eine Karte, die sticht*" (un triunfo seguro).

Non se debe "*die Karte überreizen*" (ir lonxe demais), isto xa o discutimos con todo detalle, pero tamén se debe un gardar de "*seine Karte nicht auszureizen*" (deixar pasa-la súa oportunidade).

Bibliografía

ATHAIDE, Maria Francisca e QUEIROZ-PINTO DE, M. (2000): *A Estrutura semântica das Construções com Verbo-suporte Preposicionadas do Português e do Alemão*. Dissertação de Doutoramento. Universidade de Coimbra, Coimbra.

(2001): *Construções com Verbo-suporte* (*Funktionsverbgefüge*) *do Português e do Alemão*, cadernos do Cieg, nº 1, Coimbra.

(2005): *Nomes Predicativos em Português e em Alemão. - Os Nomes Predicativos em Construções com Verbo-suporte Preposicionadas do Português e do Alemão*, Cadernos do CIEG nº 15, 2005, Coimbra.

BARROSO, H. (1994): *O Aspecto verbal perifrástico em Português Contemporâneo. Visão funcional- sincrónica*. Porto Editora, Porto.

(2006) *Para uma Gramática do Aspecto no Verbo Português*. U.M., Braga.

COSERIU, E. (1976): *Das romanische Verbalsystem*. Niemeyer, Tübingen.

GABEL, M. (1991): *Intentionalität des Geistes*. St. Benno-Verlag, Erfurt.

GSELL, O. (1979): *Gegensatzrelationen im Wortschatz romanischer Sprachen. Untersuchungen zur lexikalischen Struktur des Französischen, Italienischen, Rumänischen und Spanischen*. Niemeyer, Tübingen.

HATTRUP, D. (2004): *Carl Friedrich von Weizsäcker. Physiker und Philosoph*. Wissenschaftliche Buchgesellschaft, Darmstadt.

HEGER, Kl. (1967): "Temporale Deixis und Vorgangsqualität (Aspekt und Aktionsart)" en *Zeitschrift für Romanische Philologie* 83, 1967, 512 e pp. ss.

HELBIG, G. (1979): "Probleme der Beschreibung von FvG im Deutschen" en *Deutsch als Fremdsprache*, caderno nº 5, 1979, 273 e pp.ss. Leipzig .

HUIZINGA, J. (1956): *Homo Ludens. Vom Ursprung der Kultur im Spiel*. Reinbek bei Hamburg.

KENISTON, H. (1926): "Verbal aspect in Spanish" en *Hispania* 19, 1926, 163 e pp.ss.

DAVID, J. e MARTIN, R. (1980) *La Notion d`Aspect*, Recherches Linguistiques V, Paris.

KOLLER, E. (2005): "Zur adjektivischen Graduierung und Komparation (am Beispiel des Deutschen und Portugiesischen)" en *Sprachwissenschaft*, vol. 30, caderno 3, 2005.

POLENZ, P.V. (1963): *Funktionsverben im heutigen Deutsch. Sprache der rationalisierten Welt*. Pädagogischer Verlag Schwann, Düsseldorf.

ROHRICH, L. (1973): *Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten*. 2 volumes, Herder, Freiburg – Basel – Wien.

SAPIR, E. (1976): "Grading, A study in semantics" en *Philosophy of Science* XI, 1994. (SAPIR, E. (1976) : « La gradation » en *Linguistique*, 1976, Ed. de Minuit, Paris).

SCHEMANN, H. (1981) : *Das idiomatische Sprachzeichen. Untersuchung der Idiomatizitätsfaktoren anhand der Analyse portugiesischer Idioms und*

ihrer deutschen Entsprechungen (O signo linguístico idiomático. Investigação dos factores da idiomaticidade com base na análise de expressões idiomáticas portuguesas e as suas equivalências alemás). Tese de "Livre-Docência" ("Habilitation"), Niemeyer, Tübingen.

SCHEMANN, H. e SCHEMANN-DIAS, L. (1979): *Dicionário Idiomático Português-Alemão. As expressões idiomáticas portuguesas, o seu uso no Brasil e os seus equivalentes alemães* (Portugiesisch-deutsche Idiomatik. Die portugiesischen Idioms, ihr Gebrauch in Brasilien und ihre deutschen Entsprechungen). Livraria Cruz e Niemeyer, Braga e Tübingen.

(1982) *Die portugiesischen Verbalperiphrasen. Corpus und Analyse* (As perífrases verbais portuguesas. Corpus e análise). Niemeyer, Tübingen.

SCHEMANN, H. (1993): *Deutsche Idiomatik. Die deutschen Redewendungen im Kontext* (A Idiomática alemã. As expressões idiomáticas alemãs no seu contexto). Klett, Stuttgart e Dresden.

SCHEMANN, H., SCHEMANN-DIAS, L., AMORIM-BRAUM, L., HUNDERMARK-MARTINS, T. e COSTA, H. (2003): *IDIOMATIK deutsch-portugiesisch* (Dicionário Idiomático Alemão-Português). Klett, Stuttgart e Dresden.

SCHEMANN, H. (1991): *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten* (Dicionário dos sinónimos das expressões idiomáticas alemãs). Klett, Stuttgart e Dresden.

SCHEMANN, H. e DIAS, I. (2005): *IDIOMATIK portugiesisch-deutsch. – Umkehrband zur „IDIOMATIK Deutsch-Portugiesisch"* (Dicionário Idiomático Português-alemão. - Inversão do "Dicionário Idiomático Alemão-Português"). U.M., Braga.

SCHEMANN, H. (2002): *Idiomatik und Anthropologie. „Bild" und „Bedeutung" in linguistischer, sprachgenetischer und philosophischer Perspektive* (Idiomática e antropologia. "Imagem" e "significação" numa perspectiva linguística, filosófica e antropológica). Olms, Hildesheim-Zürich-New York.

(2003) *"Kontext" – „Bild" – Idiomatische Synonymie"* ("Contexto" – "imagem" – "sinonímia idiomática"). Olms, Hildesheim-Zürich-New York.

(2005) *„Bild" – „Sprachbild" – „Weltbild" – „Phantasiebild" ...- Zur Natur des Bildes und seiner Beziehung zu Wort, Idee und Begriff* ("Imagem" – "imagem na língua" – "imagem/concepção do mundo" – "a imagem/o fantástico" ... – A imagem e a sua relação com a palavra, a ideia e a noção). Olms e U. M., Hildesheim-Zürich-New York e Braga.

SCHWALL, U. (1991): *Aspektualität. Eine semantisch-funktionelle Kategorie*. Gunter Narr Verlag, Tübingen.

SONTHEIM, K. (1972): *Sprichwort, sprichwörtliche und metaphorische Redewendung. Sychronische und diachronische Studien zu semantisch-idiomatischen Konstruktionen im Englischen*. Friedrich-Alexander-Universität, Erlangen-Nürnberg (Als Manuskript gedruckt.).

Do *verbo antigo* en Johan Garcia de Guilhade

María Rosario Soto Arias e Luis González García

IES Eusebio da Guarda e Universidade da Coruña

O presente traballo estuda tres paremias, ou posibles paremias, que aparecen nas cantigas de escarnio do trobador galego-portugués medieval Johan Garcia de Guilhade (*Castanhas eixidas, e velhas per souto, Cada casa, favas lavan!* e *Ess' é que foi con os lobos arar*). Primeiro procédese á revisión de lecturas anteriores propostas pola crítica especializada e logo ofrécense novas alternativas. Así mesmo, faise unha breve referencia á cuestión da pervivencia no plano sincrónico das tres paremias obxecto de estudo.

Palabras clave: fraseoloxía, paremia, cantiga de escarnio, lírica medieval, pervivencia.

In the present paper we analyze three proverbs, or possible proverbs, that appear in cantigas de escarnio *by the medieval Galician-Portuguese troubadour Johan Garcia de Guilhade (*Castanhas eixidas, e velhas per souto, Cada casa, favas lavan! *and* Ess' é que foi con os lobos arar*). In the first place, we proceed to a review of previous readings proposed by the specialized critics and, afterwards, new alternatives are offered. A brief reference is also made to the question of the three saying survival to the present time.*

Key words: phraseology, proverb, cantiga de escarnio, medieval poetry, survival.

1. Introdución

É a nosa intención revisar e ofrecer novas lecturas de tres paremias ou posibles paremias que aparecen nas cantigas escarniñas do trobador galaico-portugués Johan Garcia de Guilhade. Citarémolas seguindo a orde de edición de Rodrigues Lapa (1995). Son estas: *Castanhas eixidas, e velhas per souto* (nº 216 na edición citada; CBN. 1502 = CB. 375), coa variante nas cobras 2ª e 3ª *Castanhas saídas, e velhas per souto*; en segundo lugar aparece: *Cada casa, favas lavan!* (nº 217; CBN. 1503 = CB. 376); en terceiro lugar: *ess' é que foi con os lobos arar* (nº 218; CBN. 1493; CV. 1104).

2. *Castanhas eixidas, e velhas per souto*

A primeira delas funciona como refrán ou estribillo da cantiga, sempre ao final de cada unha das tres cobras ou estrofas. Foi xa detectada e incluída na súa listaxe por Filgueira Valverde (1976: 360-361), pero sen que o ilustre pontevedrés achegase datos da súa

interpretación semántica. A súa significación preséntase, nun principio, algo escura, suxeita a distintas hipóteses; en concreto, e sempre nun plano teórico, caben dous feixes de interpretacións:

a) aquelas que parten da análise da palabra *velhas* como substantivo referido a mulleres de idade,

b) aquelas que parten da análise de *velhas* como adxectivo referido ás castañas, nunha coordinación paralelística que oporía *eixidas* como sinónimo de *novas, recentemente caídas, deste ano* a *velhas*, *doutros anos* (*castanhas* [*eixidas e velhas*] *per souto*).

Que nós saibamos, estas posibles lecturas, as que etiquetamos tipo b), non foron estudadas aínda. Por elas é que imos empezar.

Cómpre, porén, situarse no contexto do poema e do xénero ao que pertence. Don Foán, dinos o narrador, cuxa voz podemos identificar coa do poeta, ofrécelle a este un bo día partillar, compartir con el do seu, do que ten, e este, o narrador, que o coñece ben, di así, sen dúbida con certa retranca: *Castanhas saídas e velhas per souto*; é dicir, postos na perspectiva b), "pouco es ti de fiar, sabendo como sei que che anda todo ciscado, abandonado, que nin tan sequera es quen de recoller o froito da terra ou de ordenar minimamente a túa facenda". A crítica que lle faría a don Foán, se esta lectura fose a acertada, sería a de subliñar defectos tales como a desidia, a preguiza, o abandono e, emporiso, o incumprimento das súas obrigas e das súas promesas.

Se quixeramos fiar máis fino, e manténdonos aínda no plano b), cabería unha segunda interpretación metafórica: as castañas serían as cousas boas, o bo prometido, en última instancia, as boas palabriñas, e así teriamos: "si, si, vaiche boa, xa sei eu onde fican as túas novas promesas, no mesmo sitio onde van as vellas…"; é dicir, segundo esta nova lectura, o narrador dá a entender que xa non é a primeira vez que escoita promesas que logo leva o vento, que van caer no mesmo souto que caeron as vellas promesas, para podrecer alí.

A crítica especializada, como dabamos antes a entender, ten analizado *velhas* como substantivo. No refraneiro ibérico en xeral e no galego en particular hai moitos refráns onde as vellas aparecen como metonimia para os seres humanos con certa idade ou con certa experiencia e sabedoría popular. Podemos relembrar algúns galegos e portugueses: *A vella de escarmentada, pasa o rego remangada* (Ferro 1987: 266); *Está a vella morrendo e está aprendendo* (Ferro 1987: 102); *En maio inda a vella queima o tallo* (Ferro 1987: 365); *De vella, gaiteira* (Soto 2003: 75); *Bago a bago unha vella fixo un mollo de viño* (da oralidade, zona do Ribeiro de Avia); *Unha vella, de frebas, xuntou cen meas i-outra, de bagos, xuntou un canado* (Vázquez Saco 2003: 200); *A vella dos anos mil gardaba pan para maio e leña para abril* (Ferro 1987: 65); *Cuyta faz velha choutar* (Hernán Núñez 1992 [1555]: 34); *A necessidade mete a velha a caminho* (Moreira dos Santos 2000: 33); *De bago em bago, enche a velha o saco* (Moreira 2000: 99); *Em Abril sai a velha do covil, dá uma volta e torna a vir* (Moreira 2000: 123); *Em Maio, come a velha as cereijas ao borralho* (Moreira 2000: 126); *Por São Francisco semeia o trigo, a velha dizia; e já semeado o trazia* (Moreira 2000: 267); *Velha experimentada por água vai arregaçada* (Moreira 2000: 345) etc.

Así, analizando *velhas* como substantivo, temos o caso do profesor Rodrigues Lapa (1995: 147): lembra que Nobiling achega o significado deste refrán mais non o esclarece. Cita así mesmo a João Ribeiro, pouco convincente coa súa explicación (segundo a cal, tras saír as castañas dos ourizos, andan as vellas polo souto para evitaren roubos) e ofrece, el mesmo, unha lectura plausible e verosímil: a imaxe das vellas rebuscando polo souto as poucas castañas que quedan tras seren previamente varexadas ou recollidas vén sendo a imaxe das finanzas de don Foán; nada pode realmente dar ou compartir porque nada ou moi pouca cousa ten. Esta esexese é seguida por Agostinho Domingues (1992). Igualmente, Elixio Rivas ve nesa imaxe das pobres vellas á pilla das primeiras castañas un trasunto do fidalgo arruinado, obrigado a xaxuar ao traspaso (Rivas 1997: 64).

A pesar de considerala unha lectura enxeñosa e moi verosímil, hai un par de datos que deberemos ter en conta á hora de invalidar ou simplemente avaliar outras posibles lecturas: en primeiro lugar, supoñendo que as castañas apañadas polas vellas sexan as da rebusca, non está nada claro que nesas rebuscas se atopase tan pouca cantidade; de feito, historicamente documentamos desde antigo leis —escritas ou consuetudinarias— que regulamentan a rebusca, de onde nos parece lícito deducir que a cantidade de froitos da terra recollida non debía ser nimia nin desprezable[1]. Poderase contraargumentar que esas leis están pensadas para grandes superficies de terra dedicada ao gran e que non serve o razonamento aplicado aos castiñeiros. Porén, as extensións dos soutos na Idade Media no noroeste da península ibérica nada teñen que ver coas actuais. Fixémonos en que, aínda no século XX, nos Ancares recordan cando para varexar os castiñeiros tiñan que acudir aos galegos vidos de fóra do val, en número de corenta ou cincuenta (Fernández González 1978: 152)[2].

Entón, se non é a cantidade, se por un momento negásemos que o defecto escarnecido polo trobador sexa a pobreza material, podiamos pensar que se trata da miseria moral. O trobador criticaríalle daquela que fose un rañas, un tacaño avarento: “si, si, xa sei eu o que me vas dar ti, coñecéndote, sei que darás do que che sobre, do que menos vale (as castañas da rebusca serían aquí as de segunda categoría), do que xa non che fai falta”.

En segundo lugar, hai outra posible obxección á lectura de Rodrigues Lapa que vén dada da existencia de variantes nos refraneiros portugueses modernos; en conreto documentamos as seguintes variantes do refrán que nos ocupa: *Sôntáije*/*Sôutáije acabada*, *velhas ao sóuto* (J. Leite de Vasconcelos, en nota que engade nun artigo de Carolina Michaëlis de Vasconcelos (Michaëlis de Vasconcelos 1887-89: 72)); *Sentage*

---

[1] Na Biblia hai leis específicas tocantes á rebusca: cómpre deixar eses froitos que fican na terra para os pobres, os forasteiros, os orfos e as viúvas: *Levítico*, 19, 9-10; *Levítico*, 23, 22; *Deuteronomio*, 24, 19-22, onde se alude ás oliveiras e as viñas: *cando segues a túa anada, cando varexes as túas oliveiras, cando vendimes a túa viña non farás rebusco*; Rut, 2, 2. Entre nós tamén existe esa lei, consuetudinaria, non escrita polo que sabemos; tamén en Aragón, un noso colega de Alcañiz confírmanolo; Eladio Rodríguez, s.v. *rabusco*, fala tamén deste costume arraigado en todo o país e que se aplica a todo tipo de gran e froito.

[2] Doutra banda, o libro citado de Elixio Rivas (1997) ofrece abundantes datos da inconmensurable e hoxe en día inimaxinable riqueza de soutos no noroeste hispánico noutrora.

acabada, velhas ao souto (Theophilo Braga 1914: 227); *Castanhas caídas, velhas ao souto* (Machado 1996: 134); *Castanhas enchidas, velhas ao souto* (Marques da Costa 1999: 110)[3]. Se estas variantes son fiables, e non temos motivos para pensar outra cousa, e son herdeiras directas como parece da paremia medieval, as conclusións ás que chegamos son dúas: primeira, parece quedar invalidada a lectura de *vellas* como adxectivo; segunda, a semántica que nos facilita a supresión da conxunción copulativa e o cambio de preposición (*a* non canto de *por*) é outra: a nova preposición dá idea de movemento, de acción inmediata; quer dicir, a nova lectura que salta ás nosas mentes é esta: *en canto están as castañas en sazón, van correndo as vellas para pillalas* ou algo polo estilo (en asturiano hai un refrán que nos parece oportuno relembrar aquí e agora: *Nel tiempu les castañas, el que la paña la paña*[4]). A semántica nova é de *oportunidade* ou *aproveitamento* e incluso, se se quere, algo de *pillería*, de darse boa maña, na mesma onda do refrán *Quien no sabe mañas, no come castañas* (Rodríguez Marín 1926: 418)[5].

Complicando aínda a cuestión, todo radica, se damos por aceptable esta hipótese, en saber por parte de quen se dá ese aproveitar a oportunidade: ¿por parte do trobador? Entón o refrán equivalería, grosso modo, a ese tan coñecido que di: *Cando che dan a ovella, colle a corda e vai por ela*; ou se cadra equivalería a aqueloutro: *Hoxe é día de bote aquí, miña tía*. ¿O aproveitado é o propio don Foán? Pois a paremia conmutaría por outra do tipo *Regalo de monxa, cunca de leite por cunca de aceite* (Ferro 1987: 503), é dicir, "se este me ofrece algo, é porque algo quere tamén de min a cambio, porque eu xa sei que este é un aproveitado".

3. *Cada casa, favas lavan!*

---

[3] Noutras coleccións paremiolóxicas, tanto en portugués como en galego ou en castelán por nós revisadas, non figura este refrán que estudamos nin variantes afíns. Tampouco logramos documentalo na fala viva de distintas zonas ricas en castiñeiros do país.

Con respecto ás dúas variantes recollidas por Leite de Vasconcelos e Theophilo Braga na rexión miñota portuguesa, presentan problemas na lectura e no significado da primeira palabra. Tras unha demorada e infructuosa procura nos dicionarios e repertorios lexicográficos ao noso alcance e ao alcance de amables colegas —desde aquí o noso agradecemento ao profesor Iriarte Sanromán da Universidade do Minho—, concluímos que tal vez nos achemos diante dunha mala lectura e que en realidade se trate de **soutage*, un hipotético derivado deverbal do verbo *soutar*, 'apañar castañas caídas no souto', verbo que se documenta tanto no galego actual como no portugués provincial (Rivas 1997: 134-135). Outros deverbais semellantes, como, por exemplo, *souteira* ou *soutexo*, aparecen así mesmo en galego (Rivas 1997: 112-116). O significado que lle corresponde a estes deverbais refírese tanto ao tempo de plena madurez do froito, a sazón, como á recollida, ao acto de apañar as castañas.

[4] Información dispoñible na rede: www. xuliocs.com/castanrefran.htm

[5] Formas paralelas en galego e en portugués: O que non sabe maña queda ás veces sen probar castaña (Ferro 1987: 372); As castañas, a todas as mañas (Vázquez Saco 2003: 55); Sin maña non se come castaña (Vázquez Saco 2003: 819); O que non sabe maña, non come castaña e, pra a comer, hai que a saber; O que sabe mañas, asa castañas; i-o que non sabe ningunhas, nin asadas nin crudas; O que ten maña, apaña; O que ten maña, sempre apaña (Vázquez Saco 2003: 480); A castanha tem manha: vai para quem a apanha (Moreira dos Santos 2000: 23); A castanha tem uma manha: quem a vê apanha-a (Santos Júnior 1949: 11).

A segunda paremia que revisaremos é a que di: *Cada casa, favas lavan!*, nun contexto no que o narrador-trobador é testemuña de como uns infanzóns e un ricohome critican a un terceiro por mesquiño, escaso, lixoso e outros defectos do xénero. Entón el, que os está oíndo, pronuncia a sentenza citada.

Déronse varias interpretacións: Rodrigues Lapa (1995: 147) menta a de Carolina Michaëlis, *Cá e lá más fadas há*, onde hai que entender "más fadas" como desgrazas ou mala sorte[6]. O profesor Rodrigues Lapa achega dúas posibles lecturas, citámolas literalmente: *Em casa, por penuria se comen ás vezes favas*, e *Sabe Deus o que também vai lá por casa* (1995: 147). José Mattoso interpreta ao ler ese proverbio que as normas dependen do lugar onde se aplican (Mattoso 1987: 26), ou ben podería significar que en cada casa se resolven os problemas á súa maneira (Mattoso 1987: 40). Pola súa banda, Agostinho Domingues (1992: 76) explica que cada un só coñece ben as *mazelas* da propia casa e, engade o estudoso da obra do noso trobador, que non deixa de ser curiosa esta actitude, digna da máis loable caridade cristiá, tan infrecuente en Garcia de Guilhade.

Nós, como nacidos e criados nun país onde o refrán *En todas as casas/partes cocen fabas* é moeda de uso corrente, non vemos ningún problema en asimilar este refrán tan vivo e tan usado ao medieval. Evidentemente, para nós, a hipótese preferible é esa: *Cada casa, favas lavan* é sinónimo total do refrán galego e castelán actual *En todas partes cocen fabas*/*En todas partes cuecen habas*, co significado inequívoco de "en todas partes hai defectos, en todas partes hai moito que criticar" ou, como variante secundaria próxima, "en todas partes hai problemas".

¿Por que non se conservou no portugués estándar actual?[7] Pola deriva histórica, caprichos da historia das linguas. Recordemos que para os neogramáticos do XIX cada palabra é un mundo. Se as linguas eran para eles, seguindo unha metáfora organicista, seres vivos que nacen, se desenvolven ou multiplican e morren, así tamén as unidades que as compoñen, entre elas as paremias, nacen, crean variantes, pero poden desaparecer, morrer. En Portugal, ese refrán parece que desapareceu e por iso non o coñecen os ilustres críticos nacidos e educados no país irmán do século XX. De feito, vista a vitalidade e variantes da paremia no territorio peninsular ocupado polos dominios lingüísticos occidental e central, podemos supoñer que a orixe dela debe estar na vella Gallaecia, de tal modo que, cando se produce o desprazamento do eixe politíco-cultural do reino luso cara ao sur, a paremia, como tantos outros modismos e formas arcaicas, non é asumida pola nova e moderna lingua imperial.

---

[6] Aínda na fraseoloxía do galego actual subsisten as frases feitas *Boa fada* e *mala fada* para significar boa e mala sorte; dise así mesmo *Poucas son as malas fadas* cando o peor dun asunto xa pasou; en Curros (1977 [1880]: 23) aparece *Botáronche a fada?*, como sinónimo de *Caéuche unha praga, unha maldición?*

[7] Non figura en ningunha das colecciónes paremiolóxicas en portugués que consultamos. Interrogamos o noso amigo, o grande coñecedor de fraseoloxía portuguesa, o señor António Nogueira Santos e díxonos que en toda a súa vida o oíra. Porén, a nivel local localizamos en Vázquez Saco unha variante co verbo *comer* de Chaves, na raia con Ourense, o cal nos fai pensar na posible orixe norteña do refrán: *Em cada casa comem favas e na nossa ás caldeiradas* (Vázquez Saco 2003: 419, nº 10632).

O concepto expresado polo refrán hispánico, ben vivo hoxe en día, acáelle ao contexto da cantiga medieval como embude á boca de xerro; o trobador viría dicir algo así: "estades bos para criticardes a ninguén, cando todos sabemos que en todas as casas cocen/lavan fabas"; sabemos, con outras palabras, que todos temos moito que rascar, todos temos os nosos propios defectos; e se facemos caso á variante hispánica completa, variante longa, *e na miña casa a caldeiradas*, aínda poderiamos engadir: "e na casa propia aínda máis, así que postos a criticar, mira mellor para a túa casa onde seguramente hai máis defectos que nas casas alleas".

Con respecto á documentación destas paremias, a forma completa máis antiga co verbo *cocer* aparece, que nós saibamos, en Hernán Núñez (2001 [1549]) e presenta o sintagma *cada casa* (*En cada casa cuezen havas y en la nuestra a calderadas*), igual que na paremia do trobador medieval. E así aparece tamén en Correas, no primeiro terzo do XVII (Correas 1967 [1627]), alternando xa con outras posibilidades, do tipo *en tu casa*; *en mi casa... , i en las otras...*

A variante *en otras casas cuecen habas, y en la mía, a calderadas* aparece na segunda parte do *Quijote*, cap. XIII, en boca de Sancho (Cervantes 1962: 670). O sintagma *otras casas* concorre de novo no mesmo refrán nunha novela pouco coñecida do XVIII, concretamente de 1799 (Gutiérrez 1994), e non o volvemos documentar máis en castelán. Chama a atención que nese idioma, canto máis atrás imos no tempo, máis documentamos a variante paremiolóxica co substantivo *casa*, afín á variante medieval obxecto de estudo, mentres que no uso actual do castelán predomina indiscutiblemente o substantivo *partes*.

En galego, abunda a forma paremiolóxica con *casa*: Ferro (1987: 217) só recolle dúas paremias e nas dúas figura ese grupo nominal, *en cada casa*; Eladio Rodríguez (1958-61) só recolle esa variante (Santamarina 2003, s.v. *cocer*); Vázquez Saco (2003) presenta un alto número de variantes: *En todo lugar hai fabas que tostar* (nº. 1482), *En todas as casas ruxen as cuncas, menos na miña que creban* (nº. 5410), *En todas partes hai fabas que mondar* (nº. 7380; esta variante intégraa no concepto *Dificultades*), *En tódalas casas se cocen fabas e na nosa caldeiradas* (nº. 10562), *Na casa da miña veciña cocen fabas; e na miña, a caldeiradas* (nº. 10632; aquí fai a seguinte digresión o ilustre sacerdote: *en sentido moral, enseña que las flaquezas humanas no son exclusivas de ningún lugar*, Vázquez Saco 2003: 419), *En todas partes cocen fabas, e en algunhas a caldeiradas* (nº. 17822). Se as consideramos todas variantes válidas para o caso que nos ocupa, concluímos que a frecuencia de aparición do substantivo *casa* na paremioloxía do galego actual é do cincuenta por cento.

4. *Ess' é que foi con os lobos arar*

Para rematarmos, ocuparémonos agora da frase proverbial *arar con lobos*. Os autores que estudaron ese verso de Garcia de Guilhade captan con bastante acerto a súa significación pero non logran dar co nobelo, co fío que os conduza á orixe da frase.

Relembremos o contexto: trátase dunha tenzón, unha regueifa diriamos en galego moderno, entre o trobador Joan e o xograr Lourenço; o primeiro critícalle ao segundo con certo espírito lúdico o mal que o está facendo por meterse en mesteres que non lle

corresponden, por exemplo o de trobar, mais tamén por executar música e por cantar. O xograr deféndese e dille que non é quen para xulgalo porque non é el, João Garcia, tan experto, tan sabido nesas artes... É daquela cando retruca o trobador Garcia de Guilhade: "así que te atreves incluso a dicirme que eu non sei do que falo, que me falta mestría... Non, eu non quero pelexar contigo, pero si que coñezo e sei moi ben como son os teus mesteres, os teus traballos, e vouche dicir unha verdade sobre eles: *ess' é que foi con os lobos arar!*". O que para nós, logo xustificarémolo, equivale a dicir: "a ti pásache como a aquel que foi arar cos lobos: que perdeu o tempo, que fixo algo inútil, que traballou en balde" ou mellor aínda, "dígoche deles como dixo o que arou cos lobos: dou ao demo todos; postos a escoller entre eles ningún vale un farrapo de gaita".

Arar cos lobos entra na mesma clase semántica daqueloutras frases proverbiais (chamámolas así porque aparecen ás veces asociadas a auténticas paremias ou proverbios, sen que nos sexa posible polo momento determinar cal se xera primeiro, se a frase, se a paremia; para o que hoxe nos ocupa tampouco é decisiva a cuestión) do tipo *arar co demo*, *arar con nenos*, *arar no mar*.

A primeira atopámola nun refrán do padre Sobreira: *Quen co o Demo ara o Boy se lle esmouca* (Santamarina 2003, s.v. *demo*), e parece ter continuación nunha variante máis moderna recollida por Eladio Rodríguez: *Ó que co demo traballa, os bois se lle desmandan* (Santamarina 2003, s.v. *demo*)[8], de semántica paralela ao verso rosaliano *O que o diancre traballa din que acaba tarde ou nunca* (Rosalía de Castro 1982 [1863]: 53); a segunda frase, *arar con nenos*, tamén aparece nun par de refráns: *Ara con nenos e comerás cañotos* (Vázquez Saco 2003: nº 16135); *Ara con niños y recogerás cardillos* (Díez Barrio 1994: 48); Finalmente, *arar no mar* é frase feita para significar algo que se fai en balde (López Taboada e Soto Arias 1995: 159). As tres frases teñen ese valor semántico en común: equivalen a traballar para obter pouco ou nulo resultado.

Polo que respecta a *arar con lobos*, atopámola con posterioridade á época trobadoresca, formando parte tanto dun refrán como dunha frase proverbial; nós, a título de mera conxectura, supoñemos que o refrán é a creación orixinal e de aí, por implicitación, se desglosa a parte que vimos denominando a frase proverbial; presumiblemente o refrán sería tan familiar para aqueles interlocutores, nosos ancestros, que só con oír unha das partes, ficaba implícita na mente de todos a outra que se omite. Un fenómeno semellante dáse na lingua de hoxe en día con frases como *a palabras necias..., o que con nenos se deita...* ou *...díxolle a sartén ao cazo*[9].

O refrán ao que nos referimos é este: *Dou ó demo todos, dixo o que araba cos lobos* (Eladio Rodríguez, *apud* Santamarina 2003, s.v. *demo*), variante moderna dunha forma máis antiga, que figura en galego na listaxe do comendador Hernán Núñez, *Do demo a*

---

[8] Na mesma serie semántica de desgustos recollidos como pago por traballar co demo temos: Quen co demo anda, co demo acaba; Quen co demo cava a viña, co demo a vindima; Fariña que trai o demo, logo se volve farelo (Santamarina 2003, s.v. demo).

[9] Con todo, e sen abandonar o terreo das conxecturas, ben é verdade que a única forma posible de interpretar o uso da frase *responda el que araba con los lobos*, que aparece máis adiante na nota nº 12 , é co coñecemento implícito da forma do refrán completo *Dou ó demo todos, dixo o que araba cos lobos*. Véxase máis adiante a explicación que propoñemos.

todos, dixo o que araua con os lobos (López Navia 1992: 36), e vémola tamén en Correas case cen anos despois, "*Do al diablo a todos", dixo el ke araba kon lobos* (Conde Tarrío 2004: 43).

En galego a frase *dar ao demo algo/alguén* é relativamente común e significa igual que mandar a mala parte, rexeitar ou desprezar[10]. O significado do refrán parécenos evidente[11]: os lobos non valen para arar, é inútil pretender facer con eles ese labor, máis aínda, resulta tan desesperante que un acaba por mandalos á merda/ao demo (con perdón), por inútiles ou inservibles. Fixémonos na necesidade explícita no noso propio discurso de pedir desculpas pola malsonancia: o demo é tabú. Xustificaríase así o eufemismo extremo, a desaparición desa parte do refrán, e iso é, insistimos, o que nós pensamos que debeu ocorrer tanto no caso da linguaxe literaria en vigor na Idade Media no ámbito galego-portugués como no ámbito occidental hispánico en xeral. A frase proverbial documentámola cedo, antes do comendador Hernán Núñez, concretamente nun diálogo en castelán do ano 1545 (Hermosilla 2003 [1545], 35). E di así: *¿Cuál es la mexor? –A eso responda el que araba con los lobos*[12]. Como vemos (hai máis contexto en nota ao pé de páxina) o texto é un tanto críptico e para interpretar a pasaxe en cuestión é necesario xogar coa elipse, e restituír aquilo que para o interlocutor da época se sobreentendía, a saber, "postos a escoller entre [a executoria de nobreza de] confesos e mouriscos, responda o que araba cos lobos", é dicir, ao demo con todos, tanto se me dá,

---

[10] Aparece en máis refráns, por exemplo: Dade ó demo a chave que tódalas portas abre, Dade ó demo o amigo que vos deixa a palla e vos leva o trigo (Eladio Rodríguez, apud Santamarina 2003, s.v. demo).

[11] Outra cousa distinta é tentar explicar o nacemento desta imaxe, a dun home arando con lobos. É posible que na xénese do refrán estea un conto popular ou un motivo folclórico que lamentablemente ignoramos. Na contística europea non é infrecuente o caso do labrego que fai pauto ou sociedade co demo para obter beneficios das colleitas e para evitar que o demo saia gañando na asociación, a muller do labrego logra enganalo; paralelamente, tal vez existise un relato en que a sociedade é con lobos, pero sen obter resultados satisfactorios. Porén, quizais non sexa impresicindible presupoñer un relato folclórico máis explícito; pode que chegue, para explicar a xénese desta frase que nos ocupa, con circunscribirnos a aquelas sociedades arcaicas onde arar era un labor común, básico, frecuente, e incluso un labor mítico, ritual cando se trataba de delimitar o 'pomerio', o perímetro sagrado no nacemento das urbes etruscas e romanas. Había que arar, relembremos, cun touro e unha tenreira brancos. Precisamente en latín documentamos un par de refráns cos verbos *arar* ou *xunguir* que nos relembran moito ao que estamos estudando no vello romance occidental. Por exemplo, *Arare bove et asino* (Cantera 2005: 27), *Iungere vulpes* (Cantera 2005: 116). Este último, *xunguir raposos*, cun significado aproximado de 'facer cousas absurdas ou imposibles' en Virxilio (*Qui Bavium non odit, amet tua carmina, Maeui,/ atque idem iungat uulpes et mulgeat hircos*: Virxilio, *Bucolicae, III*, 90-91); volvemos atopalo, *Iungere vulpes ad aratrum*, na Roma do XVI, na obra *Epitome adagiorum ex graecis latinisque scriptoribus*, de Iosephus Albertatius. Debemos estas fermosas referencias ao noso colega e amigo o prof. Emilio Insua.

[12] "GODOY. Pláçeme. Por mejor hidalgo se tiene, en opinión de todos, el de la propiedad quel de la sola posesión, y el del solar conosçido, quel que no le tiene y que, cuando viene a sacar su executoria, ha menester inventar armas que poner en ella; y el que [lo] es de todos cuatro costados, el cual propiamente se llama noble, que el que cojea del uno, aunque sea labrador, que más vale pieça toda de fino oro y plata mezclado, y mexor el que la tiene de labrador, que el que la tiene de confeso o morisco.

LORCA. Y desas dos, ¿cuál es la mejor?

GODOY. A eso responda el que araba con los lobos. Aunque entiendo que los moriscos serán más favoresçidos, cada uno defienda su partido. Peor es el que tiene la mitad que el que tiene parte, y más si es de tan lexos que con su bondad lo encubra; pero si se llega de padre y madre, tanto más mal, porque de lo malo mientras más peor" (Hermosilla 2003 [1545]: 38).

entre uns e outros, porque son todos tan malos, que pouco hai que escoller (nun sentido paralelo ao que establece esoutra serie paremiolóxica familiar ao galego que di *entre a rapa e a rebola ¡veña o demo e escolla!* (Ferro 1987: 4171), dito doutra forma, *entre ruín gando, pouco terás que escoller* (Ferro 1987: 9627)). Citemos, para rematar, outros dous casos de reutilización da paremia no castelán do XVI: *Del mejor reniego / como del que araua con lobos*, en 1549 (Vallés 2003 [1549]: refrán 1008). A outra é máis explícita e clara na interpretación da ruín escolla: *Reniego del mejor de vosotros, como dixo el que arava con los lobos*, en 1553 (Torquemada 1994 [1553]: 291)[13].

* * *

Na lingua actual, emporiso, non puidemos documentar nin o refrán nin a frase vivos. O saldo preséntasenos, ao final, negativo: de tres posibles paremias medievais, só unha pervive con saúde e vitalidade incontestables na nosa contorna. É inevitable lembrar, de paso, que as castañas tampouco teñen a importancia económica que outrora, antes da chegada da pataca de América, tiveran. Os castiñeiros, aínda así, árbores de grande beleza e avoengo, merecerían unha longa pervivencia, libres de pestes.

Referencias bibliográficas

BRAGA. T. (1914): "Adagiário portugués" en *Revista Lusitana* XVIII, 225-274.

CANTERA ORTIZ DE URBINA, J. (2005): *Diccionario Akal del Refranero Latino*. Akal, Madrid.

CASTRO, R. de (1982 [1863]): *Poesías*. Ed. do Patronato, Vigo.

CERVANTES, M. DE (1962): *Obras Completas* I. Ed. de Martín de Riquer. Planeta, Barcelona.

CONDE TARRÍO, G. (2004): "Hernán Núñez (1555) e Gonzalo de Correas (1627): os primeiros refraneiros galegos" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6, 27-56.

CORREAS, G. (1967 [1627]): *Vocabulario de refranes y frases proverbiales.* Ed. de Louis Combet, Institut d'Études Ibériques et Ibéro-Américaines, Burdeos. (consultado en REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Corpus diacrónico del español* (CORDE) <http://www.rae.es>).

CURROS ENRÍQUEZ, M. (1977 [1880]): *Aires da miña terra e outros poemas*. Castrelos, Vigo.

DÍEZ BARRIO, G. (1994): *Los refranes en la sabiduría popular*. Castilla ed., Valladolid.

DOMINGUES, A. (1992): *Cantigas de João Garcia de Guilhade. Subsídios para o seu estudo lingüístico e literário*. Ed. da Câmara Municipal de Barcelos, Barcelos.

FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, J. R. (1978): "Etnografía del Valle de Ancares" en *Verba*, Anejo 10.

FERRO RUIBAL, X. (1987): *Refraneiro Galego Básico*. Galaxia, Vigo.

FILGUEIRA VALVERDE, X. (1976): "A inserción do "verbo antigo" na literatura medieval" en *Boletín Auriense*, ano VI, t. VI, 357-361.

---

[13] "Pero, ¿quién ay que haga esto?
Licenciado Lerma: Algunos avrá, si Vuessa Merced manda no llevarlos a todos por un rasero.
Pimentel: Si los ay, yo no los veo, y reniego del mejor de vosotros, como dixo el que arava con los lobos".

GUTIÉRREZ, Luis (1994 [1799]): *Cornelia Bororquia. Historia verídica de la Judith española*. Ed. de Juan Ignacio Ferreras, Ediciones Vosa, Madrid (consultado en REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Corpus diacrónico del español* (CORDE) <http://www.rae.es>).

HERMOSILLA, D. (2003 [1545]): *Diálogo de los pajes*. Ed. de J. M. Franco Rodríguez, Universidad de Almería.

LÓPEZ NAVIA, S. A. (1992): *O repertoiro galego dos "refranes o proverbios" en romance do comendador Hernán Núñez (1555)*. Consello da Cultura Galega.

LÓPEZ TABOADA, C., SOTO ARIAS, Mª R. (1995): *Así falan os galegos*. Galinova, A Coruña.

MACHADO, J. P. (1996): *O Grande Livro dos Provérbios*. Notícias, Lisboa.

MARQUES DA COSTA, J.R. (1999): *O Livro dos Provérbios Portugueses*. Presença, Lisboa.

MATTOSO, J. (1987): *O essencial sobre os provérbios medievais portugueses*. Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa.

MICAËLIS DE VASCONCELOS, C. (1887-89): "Materiaes para uma edição critica do refraneiro português" en *Revista Lusitana* 1, 69-72.

MOREIRA DOS SANTOS, Mª A. (2000): *Dicionário de provérbios, adágios, ditados, máximas, aforismos e frases feitas*. Porto editora, Porto.

NÚÑEZ, H. (2001 [1549]): *Refranes o proverbios en romance*. CORDE, Madrid (consultado en REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Corpus diacrónico del español* (CORDE) <http://www.rae.es>).

RIVAS QUINTAS, E. (1997): *O castiñeiro e as castañas*. Grafo Dos, Ourense.

RODRIGUES LAPA, M. (1995): *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*. Ir Indo, Vigo-Ed. João Sá da Costa, Lisboa (1ª ed. Galaxia, Vigo, 1965).

RODRÍGUEZ MARÍN, F. (1926): *Más de 21.000 refranes castellanos no contenidos en la copiosa colección del Maestro Gonzalo Correas*. Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos, Madrid.

RODRÍGUEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Galaxia, Vigo.

SANTAMARINA, A. (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. Fundación Pedro Barrié de la Maza-Xunta de Galicia.

SANTOS JÚNIOR, J. R. DOS (1949): *Paremiologia Jurídica Galaico-Portuguesa*. Imprensa Portuguesa, Porto.

SOTO ARIAS, Mª R. (2003): "Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán, castelán-galego" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 3.

TORQUEMADA, A. de (1994 [1553]): *Coloquios satíricos*. Ed. de Lina Rodríguez Cacho, Turner, Madrid.

VALLÉS, P. (2003 [1549]): *Libro de refranes*. Ed. de CANTERA ORTIZ DE URBINA, J. e SEVILLA MUÑOZ, J. Guillermo Blázquez, Madrid (consultado en REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Corpus diacrónico del español* (CORDE) <http://www.rae.es>).

VÁZQUEZ SACO, F. (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

Recadádivas

108 fórmulas galegas

Ramón Anxo Martíns Seixo

Escola Oficial de Idiomas. Vigo

Nesta recadádiva recóllense e explícanse 108 fórmulas (sen contar variantes) que se empregan na actualidade en moi variados puntos do país galego. Inclúense tamén exemplos de uso e dáse conta da procedencia de cada unidade fraseolóxica e doutras informacións. Palabras clave: fraseoloxía, fórmulas, galego.

This compilation contains and explains 108 formulaic expressions (without considering their variants) used in these days all over Galicia. Examples of use are also given and, at the end of the paper, the origin of each phraseological unit and some other data are reported. Key words: phraseology, formulae, Galician.

O presente traballo é unha pequena mostra de fórmulas ouvidas ou recollidas en diferentes lugares de Galicia por min ou polas persoas que figuran nas notas do final. Algunhas destas unidades fraseolóxicas son xa coñecidas e a razón de que aparezan aquí está case sempre no desexo de que fique constancia dunha nova variante ou do seu uso, o que axudará a saber cal é a súa extensión xeográfica.

Seguindo a María Álvarez de la Granja (2003) podemos clasificar as unidades fraseolóxicas en *locucións* e *enunciados fraseolóxicos*. Estes últimos son "fronte ás locucións [...], actos de fala, unidades comunicativas fixadas. Son, precisamente enunciados e [...] teñen contorno melódico propio (unha entoación xa dada), sentido completo e autonomía sintáctica, e sempre con independencia do esquema sintagmático a través do que se realizan (frase, oración...)". Distinguimos dous tipos de enunciados fraseolóxicos: refráns e fórmulas. "Os refráns son enunciados fraseolóxicos que encerran un valor de verdade xeral, isto é, unha verdade (unha idea presentada como verdade) válida en calquera tempo": *contra o ás non arrastrarás, senón perderás*; *o que non forra leña non forra cousa que teña*; *vale máis pan duro que pedras moles*. As *fórmulas* son "enunciados fraseolóxicos con significado pragmático e situacional, pero carentes dun significado descritivo con valor de verdade xeral e, en boa parte dos casos, carentes de calquera significado descritivo": *meu dito, meu feito*; *morra o conto*; *vaiche boa!*; *estámosche bos!*; *outra vaca no millo!*; *até mañá!*; *de acordo*; etc.

Aínda que algunhas das UFs que presento aquí están moi próximas aos refráns, inclínome por consideralas fórmulas. Na parte final pódese consultar a procedencia de cada expresión e a forma exacta como foi ouvida nos casos en que non coincida a forma coa que presento na primeira parte.

Quixera aproveitar para lles agradecer aos meus colaboradores a súa inestimábel axuda, en especial ás persoas que figuran citadas nas notas do final.

Abreviaturas e símbolos:

CD: complemento directo
COL.: coloquial
ex.: exemplo
HUM.: humorístico
inf.: información
IRÓN.: irónico
UF: unidade fraseolóxica
VUL.: vulgar

A. Fórmulas

1. **A ningún marrán se lle quitan as cartas da man** COL., HUM. [Dino, nalgúns xogos de cartas, os outros xogadores se, cando se bota a sortes para ver quen dá, lle toca dar ao que está a repartir]. // Cuntis; inf.: Ánxela Mª Domínguez Martínez.

2. **A ver se cho/volo vai comer o gurgullo** COL. [Úsase para responder a quen (nos xogos de cartas) usa a expresión "ter millo vello (no canastro/hórreo)", que significa 'ter moitos puntos ou levar unha boa vantaxe']. *–Non me importa que vaias facendo algún tanto, teño millo vello no hórreo...! –A ver se cho vai comer o gurgullo*. // Cuntis; inf. e ex. de Ánxela Mª Domínguez Martínez.

3. **A vergonza era verde e comeuna un burro** COL. [Úsase para criticar, con humor, a falta de pudor de alguén para facer algo pouco aceptábel]. *-Olla que putada lle fixo. –A vergonza era verde e comeuna un burro*. // Verea; inf. e ex. de Miguel Rubinos Conde. Outra variante é a que recolle Maite Veiga en Castro de Rei: "a vergonza era verde e comeuna unha vaca". [VEIGA DÍAZ (1996)].

4. **Adeus, que che vaia ben** COL. [Expresa a perda, o fin, ou, ás veces, a indiferenza ou desinterese por algo ou alguén]. *Si, el prometíalle moito, mais despois todo aquilo: adeus, que che vaia ben. | Entraron na igrexa, arrepañaron o que puideron e adeus que che vaia ben. Ninguén soubo máis nada*. // *Adiós, que che vaia ben* (A Caniza).

5. **Agora xa foi (, Marica non chores)** COL. [Expresa que algo xa non ten remedio]. *Moito traballei na miña vida, meu Deus, ai que pena!, pero vaia, agora xa foi, agora facía falta que me tocase unha lotaría para revivir un pouquiño*. // *Aora xa foi* (Meá, Mugardos; inf. e ex.: María Prados Rei); *agora xa foi Marica non chores* (Lalín, inf.: Antón Granxa González; Meira, inf.: Anxos Trabada Crende; Rinlo, Ribadeo, inf.: Xosé Manuel Vázquez González).

6. **Aí vai (todo) o ben que a vella ten** COL. [Dise para expresar que algo que é pouco é todo canto hai e non hai máis].

–Só me recolliches cinco refráns ¿e o resto? –Pois, amiguiño, aí che vai o ben que a vella ten. // *Aí vai o ben que a vella ten* (Meira; inf.: Anxos Trabada Crende); *aí vai todo o que a vella ten* (Lalín; inf.: Antón Granxa González); *aí vai todo canto a vella ten* (A Vitoria, Mercurín, Ordes; inf.: Mª Luísa Calvo Germales).

7. **Aínda está o capador enriba da cocha** COL. [Dise para expresar que un asunto aínda non está acabado ou concluído]. *–Iso está mal, non se fai así. –Tranquilo que inda está o capador enriba da cocha*. // Concello de Pol; inf. e ex. de Carme Murado Rodríguez.

8. **Aínda non asamos e xa pingamos** COL. [Aplícase a cando algo se fai sen lóxica, como cando se queren resultados antes do tempo razoábel ou cando se pretende facer algo para o que non se está preparado]. *Contrataron un novo adestrador e xa queren bos resultados, nin tempo lle dan para que organice ben o equipo. Se é o que eu digo: aínda non asamos e xa pingamos*. // Muxía; inf.: Pilar Lema Alvarellos.

9. **Anda a tormenta baixa / debe andar a tormenta baixa** COL**.** [Dise para delatar a alguén que botou un peido]. *Debe andar a tormenta baixa que por aquí cheira mal*. // Ordes; inf. e ex. de Carlos Calvo Varela.

10. **Aparta, mundo, que te afundo!** COL., IRÓN. [Dise a quen vai moi finchado e decidido, como se fose "comer o mundo". Tamén se pode dicir a unha persoa que pasa por outra sen moita consideración, case atropelándoa]. *Aparta, mundo, que te afundo! Ti viches que modos? Por quen se terá ese merdeiro? // Aparta, mundo, que te fundo!* (Candeán, Vigo; inf.: Xoán Colazo Pazó).

11. **Aperta, rucho, o cu contra o casucho!** COL. [Dise para facer que alguén se dea présa]. *–Aperta, rucho, o cu contra o casucho! Vamos...!* // *Apreta, rucho, o cu contra o casucho* (Vilaza, Gondomar; inf.: Xoán Colazo Pazó).

12. **Así tamén xoga a miña cadela / así tamén xoga o meu can** COL. [Dise a quen gaña unha partida por ter tido boas cartas]. *Saíronvos todos os trunfos, así tamén xoga a miña cadela*. // Concello de Pol; inf. e ex. de Anxos Trabada Crende.

13. **Bota/botade de aí! / bota/botade para alá!** COL. **1**. [Úsase para rexeitar alguén ou reprobalo]. *O peiteador quería raparme e díxenlle eu: 'bota de aí!'*. **2**. [Úsase para expresar incredulidade]. *–Din que sae cunha rapaza impresionante. –Bota pra alá!, co tímido que é ese...!, a ti enganáronte*. // *Bota/botai de aí / bota/botai pra alá* (A Caniza; inf.: Mª Lourdes Blanco Rodríguez).

14. **Bótalle/botádelle unha area de sal!** COL. [Expresa que xa non se pode facer nada respecto de algo que aconteceu]. *Non o fixeches antes que inda podías e agora qué, agora bótalle unha area de sal!* // O Barqueiro, Mañón e Comarca de Ortegal; inf: Anxo Rosende Fernández.

15. **(Cago n)o berce que te/o... abanou!** VUL. [Expresa desgusto, reproche, recriminación, rexeitamento ou desacordo]. *O berce que te abanou! É que non hai maneira contigo!* // *Cago no berce que che abanou* (Ribeira; inf.: Ánxeles Martínez Villa).

16. **Cando falo/fala... canta un carro** COL. [Úsase para reforzar a veracidade do que se di ou do que outra persoa di]. *Se o dixo el, eu faríalle caso, cando fala canta un carro*. // *Cando fala canta un carro* (Caldeliñas, Verín; inf: Marcos Lago Álvarez). Esta UF foi recollida tamén recentemente no Morrazo coa forma "cando eu falo canta un carro". [CASTRO OTERO (2005)].

17. **Chipirrichí, María Manuela!** / **chucurruchú, María vas vella! / tipirritó, María fai festa!** / **tramparrantrán, Marica prá feira!** COL. [Dise para mostrar contrariedade, incredulidade ou menosprezo ante algo que se considera carente de credibilidade ou unha trapallada]. *–Chipirrichí, María Manuela! Xa che dixen que cales! | –Dixéronme que o rapaz mercou un coche porque lle tocou a lotaría. –Chucurruchú, María vas vella. | –Díxome que hoxe viña seguro. –Tramparrantrán, Marica prá feira, a ese non se lle pode facer caso.* // *Tipirriti/teperreté/chipirrichí María Manuela/María fai festa* (Candeán, Vigo; inf.: Xoán Colazo Pazó); *tramparrantrán, Marica prá Feira!* (Ordes; inf.: Olga Romasanta Iglesias); *chucurruchú, María vas vella; chucurruchú, María gaiteira; chucurruchú, María faldreta; chucurruchú* (Pontevedra; inf. e 2º ex. de Josefa Beloso Gómez).

18. **Como dicía/dixo o outro** COL. [Úsase cando se vai citar un dito ou proverbio ou para acompañar algo que se dá por consabido]. *Tanto ten, como dixo o outro: máis vale pan duro que pedras moles. | Como dicía o outro, a xente por algo ten que rebentar.* // Como dixo o outro (Vigo); como dicía o outro (A Caniza).

19. **Como quen di** [Úsase para introducir unha aclaración ou modificar ou dar como aproximado o que se di]. *O empregado despois daquilo ficou, como quen di, na rúa.* // É unha UF corrente.

20. **Con que xente me metín ao mar!** COL. [Dise para comentar a pouca valía ou as malas calidades das persoas]. *Miña nai! Con que xente me metín ao mar! E iso que me avisaron.* // Redondela; inf.: Miguel Rubinos Conde.

21. **Cona que te/o... botou/pariu!** VUL. [Expresa desgusto, reproche, recriminación, rexeitamento, desacordo ou admiración]. *Cona que os pariu! Non me volveron facer outra vez o mesmo?* // *(A) cona que te/o... botou/pariu!* É unha UF corrente en Vigo.

22. **Dálle co bolo que é miolo!** COL. [Dise para criticar a insistencia ou a teimosía de alguén]. *Dálle co bolo que é miolo! Non che dixen xa o motivo polo que estás castigado?* // Beluso, Bueu; inf.: Coral Rivas Martínez.

23. **Dálle que aínda bole!** COL. [Dise para criticar a insistencia ou a teimosía de alguén]. *Dálle que aínda bole!, que teimoso es, ¿non che digo que iso non é así?* // A Xironda, Cualedro; inf.: Celia Iturralde de la Fuente.

24. **De acordo 1**. [Úsase para expresar conformidade]. *–Queredes vir á tarde ver esa película? –De acordo, esperádenos na porta dos minicines.* **2**. [Úsase, en forma interrogativa, para pedir aprobación]. *En canto eu lavo os demais ingredientes ti vas comprar as latas de atún ¿de acordo?* // Trátase dunha fórmula moi corrente.

25. **Dese lado durmo ben** COL. [Expresa despreocupación sobre un asunto determinado]. *–Xa ouviches o que dixo. –Ai, eu dese lado durmo ben, non me fai diferenza ningunha.* // Parada das Achas, A Caniza; inf.: Mª Lourdes Blanco Rodríguez.

26. **Deus dea cortes que cochos hai abondo** COL. [Dise cando alguén fai algún acto groseiro ou indecente ou que demostra pouca educación]. *–Fou! Anda a tormenta baixa! –Deus dea cortes que cochos hai abondo.* // *Dios dea cortes que cochos hai abondo* (Ordes; inf. e ex. de Carlos Calvo Varela).

27. **Deus o faga/fixera (polo) mellor** COL. [Expresa desexo de que algo mencionado (polo que fala ou por

outro) non suceda]. *Que ma tiren aos sesenta e cinco anos de ir á marea...! Así que ¿que vou facer eu despois? Terei que ir roubar. Deus o faga polo mellor, pero vaia.* // *Diolo fixera mellor* (As Neves; inf.: Dolores Barbeito Lorenzo; Parada das Achas, A Caniza); *Dios o faga mellor* (Forcarei; inf.: Margarita López Barreiro); *Diolo faga polo mellor* (Meá, Mugardos; inf. e ex.: María Prados Rei); *Diolo queira mellor* (Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán).

28. **Deus que te/o... fixo!** COL. [Expresa desgusto, reproche, recriminación, rexeitamento ou desacordo]. *Deus que vos fixo! Seguide así que xa veredes!* // *Dios que te fixo!* (Candeán, Vigo; inf.: Xoán Colazo Pazó).

29. **Diso nada** / **nada diso** COL. **1**. [Dise para manifestar que o que di o interlocutor non é certo ou totalmente certo]. *Nada diso, as cousas non ocorreron así!* **2**. [Dise para rexeitar de maneira clara algo ou para indicar que non se concede unha petición ou un desexo]. *–A festa ímola facer o próximo día na aula. –Diso nada, non podemos perder o tempo en festas.* // É unha UF moi corrente.

30. **Do demo ao pai pouco vai / do demo para a nai pouca diferenza hai** COL. [Expresa que hai pouca diferenza entre dúas cousas ou persoas]. *El maltratouna, mais ela é igual ca el: do demo prá nai pouca diferenza hai.* // *Do demo ao pai pouco vai* (inf.: Mª Amparo Grajal Vidal); *do demo para nai pouca diferencia hai* (inf. e ex. de Miguel Rubinos Conde).

31. **Dunha vez era un rei** COL. [Aplícase a cando alguén se gaba por facer algo que normalmente non fai]. *-Non te queixes, que hoxe cheguei cedo! –Si, ho! Dunha vez era un rei!* // Caldeliñas, Verín; inf. e ex. de Marcos Lago Álvarez.

32. **É bo carallo** VUL. [Expresa sorpresa e contrariedade]. *–Seica se lle estragou de novo o motor. –Outra vez? Éche bo carallo!* // Inf. e ex. de Carmen Malvido López.

33. **Éra(che) boa!** COL. [Expresa rexeitamento ou negación ante algo que se considera inadmisíbel]. *Aquí os que decidimos somos nós que por algo somos os donos da empresa! Érache boa! Veñen os do monte correr cos da casa!* // Trátase dunha UF moi corrente.

34. **Está ben** [Úsase para manifestar acordo ou para asentir]. *–Vémonos á tarde? –Está ben.* // Trátase dunha UF moi corrente.

35. **Fai/facede lume nun ollo** COL., HUM. [Dise a quen di que non ve ben]. *-Xa non vexo as letras pequenas do xornal. –Pois fai lume nun ollo.* // Matamá, Vigo; inf. e ex. de Anxos Hermida Alonso.

36. **Fainas Deus e págaas Cristo** COL. [Aplícase a cando levan a culpa os inocentes e non os culpábeis]. *–Por que estragaches o espertador? –Eu non fun, aquí fainas Deus e págaas Cristo.* // *Fainas Dios e págaas Cristo* (Matamá, Vigo; inf. e ex. de Anxos Hermida Alonso).

37. **Fala Mateu que é tan bo como eu** COL. [Dise de alguén que se considera que non é o máis adecuado para facer un determinado comentario ou crítica]. *–Anda a dicir que todos son lacazáns menos ela! –Si, ho, fala Mateu que é tan bo como eu!* // Concello de Lugo; inf. e ex. de Marcos Lago Álvarez.

38. **Fala Tomasa do que lle pasa** COL. [Dise de alguén que se considera que non é o máis adecuado para facer un determinado comentario ou crítica]. A: *–Non entendo a eses que engolen todo o lixo que botan na tele e despois andan a criticar eses programas.* B: *–Pois ti debes velos todos porque adoitas falar neles.* C: *–Fala Tomasa do que lle pasa.* // Concello de Lugo; inf:

Marcos Lago Álvarez. Esta UF recolleuna tamén Maite Veiga Díaz (1996) e definiuna así: "utilízase cando unha persoa critica ou fala dunha situación poñéndoa en terceira persoa e distanciándose do asunto, e outro interlocutor considera que o que di pode aplicarse ao que fala".

39. **Fíate/fiádevos (de Deus) e non corras/corrades** COL. [Expresa que non se debe un fiar pasivamente, que é preciso o propio esforzo para atinxir un obxectivo]. *–Dixo que non me preocupase, que xa mo fai el. –Si, ti fíate e non corras.* // *Fíate de Dios e non corras* (Matamá, Vigo; inf.: Anxos Hermida Alonso); *fiate e non corras* (Vigo).

40. **Galiña será, pero chéirame a can** COL. [Dío quen presente un engano, quen desconfía]. *–Estiven con Rexina e díxome que ten o título de economista ¿el será certo? –Galiña será, pero chéirame a can.* // Panxón, Nigrán; inf. e ex. de Anxos Hermida Alonso.

41. **Louvada sexa a cotra** COL. [Dise para criticar a quen presume de ser máis do que é]. *–Que teso vai ese, parece un ministro, e nin saúda. –Ai, louvada sexa a cotra!".* // *Ai, alabada seña a cotra* (Rinlo, Ribadeo; inf.: Xosé Manuel Vázquez González.

42. **Mal raio me parta** COL. [Dise para expresar sorpresa ou enfado ou para reforzar unha afirmación]. *Non me digas que ti es fillo de Maruxa do Alto! Mal raio me parta, ho, que estás ben guapo! | Mal raio me parta, que che digo que era el.* // Esgos; inf. e 1º ex. de Olga Romasanta Iglesias.

43. **Mala morte leve** + CD**!** COL. [Dise para lle desexar mal a alguén]. *Mala morte leve a quen me pisou o millo así.* // Esgos; inf. e ex.: Olga Romasanta Iglesias.

44. **Mala nacida leve** + CD **/ véxate/véxao... unha nacida** COL. [Úsase para lle desexar mal a alguén ou como expresión ofensiva contra alguén]. *Véxate unha nacida!, Hai que ver como me envolviches!* // *Mala nacida te leve / véxate unha nacida* (Baralla; inf. e ex. de Mariví González Sangregorio).

45. **Manda chover (na Habana)!** COL. [Úsase para expresar admiración, sorpresa ou asombro]. *Manda chover na Habana!, Olla que meter un reloxo tan caro na auga...* // Vilalba; inf. e ex. de María Jesús Guizán Durán.

46. **María matouse!** COL. [Dise cando alguén cae ou cando non se pode facer o que se pensaba. En xeral expresa contrariedade]. *–Non podemos ir ao concerto que meu pai castigou a miña irmá e aínda somos pequenas para irmos soas. –María matouse!, sempre nos ten que pasar algo!* // Matamá, Vigo; inf. e ex. de Anxos Hermida Alonso.

47. **Métella/metédella a san Roque que ten o cu de pau** VUL. [Dise a quen conta unha mentira]. *–Vou facer unha viaxe a Australia. –Xa, métella a san Roque que ten o cu de pau.* // *Mítella* (?) *a san Roque que ten o cu de pau* (Sobrado, Poulo, Gomesende; inf. e ex. de Alexia López Rodríguez).

48. **Mi ma! / miña madre querida! / miña madriña querida / miña nai (querida)! / miña naiciña (querida)!** COL. [Úsase para expresar admiración ou sorpresa]. *–Mi ma!, aínda tes o traballo pola metade e iso que parecía do máis simple! –Si, home, si, ti pensas que todo o mar é peixe. | Miña mai querida!, como deixaron todo estes furafollas!* // Son variantes dunha expresión moi corrente. Ex.: Carmen Malvido López.

49. **Na miña vida (, na miña alma)!** [Expresa incredulidade ou asombro]. *Seica o deixou sen cartos e aínda quería que lle deixase a casa do seu pai! Que pouca vergoña! Na miña*

vida, na miña alma! // Vigo; inf. e ex. de Marcos Lago Álvarez.

50. **Naceulle un dente á cocha** COL. [Dío, nalgúns xogos de cartas, unha persoa cando a sorte comeza a favorecelo]. *Vaia, até agora non tiña un can e desta man naceulle un dente á cocha*. // Meira; inf. e ex. de Anxos Trabada Crende.

51. **Non é (certo)? / non é (verdade)?** [Úsase para preguntar se cabe a posibilidade de non ser así algo que se formula afirmativa ou negativamente]. *Estiveches alá poucos días, ¿non é? | Onte non chegaches a tempo, ¿non é verdade?* // Son UF moi correntes.

52. **Non si?** [Úsase para preguntar se cabe a posibilidade de non ser así algo que se formula afirmativamente ou negativamente]. *Estiveches alá poucos días, ¿non si? | Onte non chegaches a tempo, ¿non si?* // Parada das Achas, A Caniza. É unha UF bastante corrente.

53. **Non somos iguais, paxariños que pardais** COL. [Dise para marcar diferenzas con alguén]. *Neno, non me marees, xa sabes que non somos iguais, paxariños que pardais*. // *Non somos iguales pajaritos que pardales* (Matamá, Vigo; inf. e ex. de Anxos Hermida Alonso). Esta UF foi recollida tamén, recentemente, no Morrazo coa forma "non todos somos iguales, paxuriños e pardales". [CASTRO OTERO, Salvador *et alia* (2005)].

54. **Non tal** [Dise para reforzar a negación]. *–O que afirmou iso foi o Chicho. –Non tal, eu estaba alí e foi o Xesús*. // É unha UF bastante corrente.

55. **Non tiña máis o demo con que rir** COL. [Expresa desacordo ou negación ante algo que parece disparatado]. *–Mamá, dásme cartos? –Si, home, si. Non che tiña máis o demo con que rir!* // *Non tiña máilo demo con que rir* (Cuntis; inf. e ex. de Ánxela Mª Domínguez Martínez).

56. **Non vaia ser o demo (que** + oración**)** COL. [Expresa precaución ou temor de que algo suceda]. *Garda iso, non vaia ser o demo que te manques e non teña remedio*. // É unha UF moi corrente, cando menos en Vigo.

57. **O carallo! / polo carallo!** VUL. [Expresa disconformidade, oposición a algo ou negación con desprezo]. *–Vamos, apróntate que saímos. –Polo carallo! Xa che dixen que eu de aquí non me movo!* // É unha UF moi corrente.

58. **O cu polas pallas** COL., HUM. [Dise cando no xogo un compañeiro lle pide a outro que arrastre e este non ten cartas con que o facer]. *–Arrastra! –Si, ho, o cu polas pallas*. // Concello de Pol; inf. e ex. de Anxos Trabada Crende.

59. **O demo non desfai cruces** COL. [Dise cando, ao iren xogar ás cartas catro persoas e quereren facer parellas botando a reis, os dous primeiros reis que saen pertencen aos xogadores que están un en fronte do outro]. // Cuntis; inf.: Ánxela Mª Domínguez Martínez.

60. **O meu can pillou unha mosca (e se a pillou comeuna)** COL. [Dise cando ocorre algo que non adoita ocorrer ou cando alguén acerta en algo por casualidade, frecuentemente como crítica. A segunda parte pódea dicir outra persoa]. *Que vos convidou ese no bar? Vaia, o noso can colleu unha mosca*. // *O meu can pillou unha mosca (e se a pillou comeuna)* (Vedra; inf.: Henrique Neira Pereira). Outras variantes que recollemos desta UF son: *o meu can colleu unha mosca* (Cea; inf.: Rosa Mª Rodríguez Muñoz); *o meu can papou unha mosca* (Redondela; inf.: Xosé Couñago Ribeira); *colleu o noso can unha mosca* (Santa Cristina de Cobres, Vilaboa; inf., ex.: Palmira Calvar Rosendo); *o meu can pillou unha mosca* (Arbo; inf.: Mercedes Carmueja Groba; O Carballiño; inf.: Eva Pazó González; Lalín; inf.: Xosé Antón Granxa González).

61. **O noso gato colleu un rato** COL. [Dise, a miúdo como crítica, cando sucede algo que non acostuma suceder ou cando alguén acerta en algo por casualidade]. *–Agora si, vaia pase lle deu Catanha a Gustavo! –O noso gato colleu un rato –dicía a miña avoa.* // UF ouvida en Vigo. O exemplo é real.

62. **O que dá o rei, dá o que ten** COL. [Cando un xogador contrario arrastra e se lle dá o rei é porque non queda outro trunfo]. // Concello de Pol; inf.: Anxos Trabada Crende.

63. **O que hai que oír por non ser xordos (e o que hai que ver por non ser cegos)** COL. [Dise cando se ouve unha esaxeración ou unha mentira]. *–Onte estudeiche toda a tarde como un condenado, así que xa me pode aprobar... –Si, home, si, toda a tarde... o que hai que oír por non ser xordos e o que hai que ver por non ser cegos.* // *O que hai que oír por non ser xordos e o que hai que ver por non ser cegos!* (Monforte; inf. e ex. de Sandra Ubeira Rodríguez. O ex. é real); o que hai que oír! (Vigo).

64. **Os collóns contra un canastro** VUL., HUM. [Dise como resposta cando, nos xogos de cartas, alguén di "arrastro!"]. *–Arrastro! –Os collóns contra un canastro.* // Melón; inf.: Mª Paz Moreiras Rodríguez.

65. **Ou sexa** [Indica que o que vén despois é unha aclaración do que se dixo antes]. *Uns son beretes, ou sexa, de Chapela; os outros son bogóns, ou sexa, de Teis.* // É unha UF moi corrente.

66. **Outra vaca (máis/vai) no millo!** COL. [Expresa desgusto ou rexeitamento. Utilízase cando alguén fai ou di algo do que non gustamos, co que non estamos de acordo ou que coidamos non ser certo]. *–Dígoche que iso non se fai así. –Outra vaca vai no millo! que saberás ti disto?* // *Outra vaca no millo!* (Bueu, inf.: Carmen Malvido López; Cea, inf.: Rosa Mª Rodríguez Muñoz; Gomesende, inf.: Xulia Mª Sierra Vaquero; Meira, inf.: Anxos Trabada Crende; Santiago, inf.: Mª Xosé Alonso Rodríguez); *outra vaca máis no millo!* (O Cachafeiro, Forcarei, inf.: Margarita López Barreiro; Pantón, inf. e ex. de Mª Montserrat González Fernández; Vigo, inf.: Montse Martí Gayoso); *outra vaca vai no millo!* (A Caniza, inf.: Mª Luz González Domínguez e Mª Lourdes Blanco Rodríguez; Fornelos de Montes, inf.: Mª Belén González Amoedo; Ponteareas, inf.: Begoña Davila Davila; Vigo, inf.: Anxos Hermida Alonso e Rosa Pérez Pérez).

67. **Outro que vai de camiño!** COL. [Expresa desgusto ou rexeitamento. Utilízase cando alguén fai ou di algo do que non gustamos, co que non estamos de acordo ou que coidamos non ser certo]. *Outro que vai de camiño! Cala que non sabes de que estamos a falar.* // Vigo; inf. e ex. de Eva Pazó González.

68. **Peitéanse as bruxas** COL. [Dise cando chove e sae o sol ao mesmo tempo]. // *Péinanse as bruxas* (A Caniza; inf.: Ánxela Mª Domínguez Martínez).

69. **Pensas/pensades que o berimbao é gaita? (non, é un ferriño que toca)** COL. [Úsase para recriminar a alguén, para lle dicir que algo que fixo está mal feito ou que está equivocado en algo]. *Neno, non me volvas desatar o mandil que son a túa avoa. Pensas que o berimbao é gaita?* // *Pensas que o birimbau é gaita?* (Arbo; inf.: Pilar Leal Varela); *pensas que o guiringau é festa?* (Matamá, Vigo; inf. e ex. de Anxos Hermida Alonso); *que pensas, que o birimbao é gaita? Non, é un ferriño que toca* (Marín; inf.: Margarita López Barreiro); *pensas que o birimbao é gaita pero é un ferriño que toca* (Cotobade; inf.: Mª Xosé Villar Poceiro).

70. **Perdón polo gato ladrón/lambón (que entrou pola xanela e saíu polo balcón)** COL., HUM. [Dise para desculparse. Tamén o pode dicir a persoa á que se lle piden desculpas para lle tirar importancia aos feitos]. *–Perdón, Xoán. –Perdón polo gato lambón.* // *Perdón polo gato ladrón* (Lalín; inf.: Xosé Antón Granxa González);

perdón polo gato lambón (Fornelos de Montes; inf.: Mª Belén González Amoedo); *perdón polo gato lambón, que entrou pola ventana e saliu polo balcón* (Matamá, Vigo; inf.: Anxos Hermida Alonso).

71. **Pobre de quen!** [Dise cando se comenta algo triste, lutuoso ou negativo, mostrando o desexo de non ter a mesma sorte]. *–Ardeulle a casa e agora quedou sen nada, e nin fillos ten que lle acudan. –Ai, pobre de quen...!* // Candeán, Vigo; inf. e ex. de Xoán Colazo Pazó.

72. **Pois claro!** [Úsase para asentir]. *–Van eles tamén? –Pois claro!* // É unha UF moi corrente.

73. **Por un puñado de fariña que non queden as papas moles!** COL. [Dise cando por moi pouco se pode malograr algunha cousa]. *Non me importa pagar máis un pouco polo ar acondicionado dun coche tan bo como ese, por un puñado de fariña que non queden as papas moles.* // *Por un puñado de fariña que non queden as papas moles* (As Neves; inf.: Ánxela Mª Domínguez Martínez); *por un puñado de fariña que non vaian quedar as papas blandas* (Cangas do Morrazo; inf.: Ruth Noemí Lodeiro Rodríguez).

74. **Poucas son as malas fadas** [Dise para lle tirar importancia a algo negativo]. *Deixaches unha? Poucas son as malas fadas! Non te preocupes que xa aprobarás esa disciplina o próximo curso.* // Cualedro; inf.: Celia Iturralde de la Fuente.

75. **Que che/vos dean bertorella!** COL. [Exclamación de rexeitamento coa que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar]. *Sempre estás coa mesma leria. Que che dean bertorella, que teño moito traballo!* // Betanzos; inf. e ex. de Mª Isabel Ramilo Rivero.

76. **(Que che/lle... faga) bo proveito 1**. [Úsase para lle desexar a alguén que lle preste a comida]. *–Bo proveito, señores! –Graciñas.* **2**. IRÓN. [Expresa un desexo negativo para alguén ou indiferenza polo que outra persoa faga ou lle ocorra. Con este sentido úsase a expresión completa]. *–Sabes que lle tocou un milagre de millóns ao cabrón ese do Filipe? –Pois que lle faga bo proveito, a ver se toupa con eles de vez.* // É unha UF corrente.

77. **(Que) Deus o/os... desprenda** [Dise para se referir a unha persoa moi enferma, desexándolle unha morte rápida e plácida para que deixe de sufrir]. *Pois se tan mal está, que Deus o desprenda axiña.* // *(Que) Dios o/a desprenda* (Presqueiras, Forcarei; inf. e ex. de Manuel Blanco Rivas).

78. **(Que) en gloria estea(n)** [Dise despois de mencionar unha ou varias persoas mortas]. *Estaba o señor Cacholo, o padre do señor alcald,e en gloria estea, do que é hoxe dos socialistas.* // É unha UF corrente. Ex.: María Prados Rei.

79. **Que pare a burra!** COL. [Expresa aborrecemento e a necesidade de acabar con algo excesivo. Equivale a "¡basta xa!"]. *Este home non nos sae da casa nunca, e aínda quere que lle sirva máis! Que pare a burra!* // Caldeliñas, Verín; inf: e ex. de Marcos Lago Álvarez.

80. **Quen che/vos... dera bica quente posta ao sol!** COL. [Úsase para criticar a quen di non querer algo cando, en realidade, o está desexando]. *–Agárrao, home, non sexas parvo. –Dígoche que non o quero! –Si, quen che dera bica quente posta ao sol!.* // Lalín; inf.: Ánxeles Martín Peón.

81. **Quen fixo o mundo que teña man del** COL. [Dise para se desentender de algo]. *–Manuel, acaba a sobremesa que vai vir a chuvia e temos que facer as medas da palla. –Estou canso. Quen*

fixo o mundo que teña man del. // Matamá, Vigo; inf.: Anxos Hermida Alonso.

82. **Quen non te/o... coñeza que te/o... compre** COL. [Úsase para expresar que xa se coñecen as malas calidades ou feitos da persoa a quen se alude]. *Convosco non quero saber nada deses asuntos. Xa me chegou a experiencia. Quen non vos coñeza que vos compre!* // *Quen non te conoza que te compre!* (Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán).

83. **Ricardiño, dá volta que levas cartos de menos** COL., HUM. [Dise cando hai varias persoas reunidas e unha incomódase e vaise]. // Amoedo, Pazos de Borbén; inf.: María Belén Míguez Míguez.

84. **Santo Antonio do ceo!** [Expresa admiración ou incredulidade]. *Non o podo crer! Coa boa parella que facían e logo vanse deixar! Santo Antonio do ceo, como está o mundo!* // *San Antonio do ceio!* (Concello de Oímbra; inf. e ex. de Marcos Lago Álvarez).

85. **Si tal** [Dise para reforzar a afirmación]. *–Non destes conta do recado. –Si tal, e ademais sobrounos tempo.* // É unha UF bastante corrente.

86. **Sobe/subiu o demo á cruz!** COL. [Dise para expresar asombro, sorpresa ou admiración ante tolarías ou acontecementos pouco comúns]. *Pegoulle ao pai, hai que ver, sobe o demo á cruz.* // *Súbese/subiu o demo á crus* (Ordes; inf. e ex. de Carlos Calvo Varela).

87. **Son tres, Manuel, son tres, que unha está no rego e ti non a ves** COL., HUM. [Dise, en xeral, cando alguén traballa pouco ou se esforza pouco e, en particular, cando alguén vai para a veiga e non fai case nada. É máis usado polos mozos]. // Amoedo, Pazos de Borbén; inf.: María Belén Míguez Míguez.

88. **Sóprame neste ollo (que teño un lixo)** COL. [Dío alguén cando cre que outra persoa o quere enganar]. *-Quíxente chamar por se viñas mais non funcionou o teléfono. -Si, home, si, sóprame neste ollo.* // *Sóplame neste ollo, que teño un lixo* (Muxía; inf.: Pilar Lema Alvarellos); *sóprame neste ollo* [Vigo; inf.: Mª Begoña Alonso González e Margarita López Barreiro (ex.)].

89. **Tamén os pratos berregan no alzadeiro** COL. [Úsase para lle tirar importancia aos desacordos entre as persoas, ás disputas ou discusións]. *–Mamá, os do segundo están a discutir outra vez. –Sonche cousas normais. Tamén os pratos berregan no alzadeiro, que non ha facer a xente!* // A Estrada; inf. e ex. de Consuelo Davila Lorenzo.

90. **Tantarantán casou coa neta, cando lle apunta sempre lle acerta** COL. [Dise cando se ouve unha parvada ou algo absurdo ou incríbel]. *–Avoíña, cando sexas moi velliña non teñas mágoa que eu terei conta de ti. -Tantarantán casou coa neta, cando lle apunta sempre lle acerta.* // Matamá, Vigo; inf. e ex. de Anxos Hermida Alonso.

91. **Tócalle as cunchas!** COL. [Expresa admiración, sorpresa ou desgusto]. *Aínda quería que lle fose limpar a casa! Tócalle as cunchas!* // Caldeliñas, Verín; inf: e ex. de Marcos Lago Álvarez.

92. **Un carrabolás coas pernas para atrás** COL., HUM. [Dise, xeralmente aos nenos, como resposta á pregunta "que me tras?"]. *–Que nos tras? –Un carrabolás coas pernas pra atrás.* // *Un carrabolás coas pernas pra tras* (Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán); *un corrobelás cun peido detrás* (Nogueira de Ramuín; inf.: Iolanda Alonso Regueiro).

93. **Un home é un home, aínda que a muller lle pegue** COL., IRÓN. [Expresión que se di referíndose a quen aínda que non teña autoridade

aparenta que si a ten]. // *Un home é un home, anque a muller lle pegue* (Vedra; inf.: Henrique Neira Pereira).

94. **Un home que tiña pixo** VUL. [Emprégase para responder a quen pregunta "quen cho dixo?"]. *–Quen che dixo que eu falara mal de ti, eh?, quen cho dixo? –Un home que tiña pixo.* // Vilarreme, Escairón; inf.: Mª Paz Moreiras Rodríguez.

95. **Vai/ide á casa da veciña ver se estás/estades ti/vós / vai/ide á casa de** NOME PROPIO **ver se estás/estades ti/vós** COL., HUM. [Exclamación de rexeitamento coa que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar. Úsase sobre todo cos nenos]. *–Mamá, abúrrome. Que fago? Que fago? Que fago? –Vai á casa da Milia a ver se estás ti.* // *Vai á casa da veciña/*nome *a ver se tas ti* (Ordes; inf. e ex. de Carlos Calvo Varela).

96. **Vai/ide á merda** VUL. [Exclamación de rexeitamento coa que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar]. *Ide á merda e deixádeme en paz dun carallo dunha vez.* // É unha UF moi corrente.

97. **Vai/ide ao carallo! / vai/ide para o carallo!** VUL. [Exclamación de rexeitamento coa que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar]. *Boh, ide pró carallo!* // UF moi corrente.

98. **Vai/ide buscar a pedra de afiar agullas** COL. [Exclamación de rexeitamento coa que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar]. // *Vaite busca-la pedra de afiar agullas* (Vedra; inf.: Henrique Neira Pereira).

99. **Vai/ide cheirar o cu ás carrizas!** VUL. [Exclamación de rexeitamento coa que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar]. // O Carballiño; inf.: Amparo Alba Puerta.

100. **Vai/ide chorar a Cangas!** COL. [Dise para se desentender de quen non para de pedir, pide de máis ou se queixa de algo]. *Que che teño que subir a nota do exame? Mira, neno, vai chorar a Cangas.* // É unha UF corrente en Vigo.

101. **Vai/ide rañala (contra un pau)!** VUL. [Exclamación de rexeitamento coa que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar]. // *Vai rañala* (Inf.: Ánxeles Martín Peón); *vai rañala contra un pau* (Maceda; inf.: Victoria Pérez Rodríguez); *vai raña-la cona!* (As Neves; inf.: Mª Dolores Barbeito Lorenzo); *vai rascar a cona* (Vigo).

102. **Vai/ide rascar os pés!** VUL. [Exclamación de rexeitamento coa que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar]. *Xa estou farto de roupa vella, vai rascar os pés.* // Cangas do Morrazo; inf. e ex. de Beatriz Dacosta Molanes. Tamén é corrente en Vigo.

103. **Vai/ide ver se chove** COL. [Exclamación de rexeitamento coa que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar]. *Sabes o que che digo? Vai ver se chove!* // *Vai mirar se chove* (Vigo; inf. e ex. de Anxos Hermida Alonso).

104. **Volta a burra ao millo!** COL. [Dise cando alguén teima nunha cousa]. *Volta a burra ao millo! Que non, que che digo que non é así!* // Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán.

105. **Xa comín era gaiteiro (, xa bebín tamborileiro)** COL., HUM. [Dise como resposta cando alguén rexeita o convite feito para comer e di "xa comín". A segunda parte pódea dicir calquera das dúas persoas]. *–Quedas a comer? –Non, xa comín. –Xa comín era gaiteiro, xa bebín tamborileiro.* // *Xa comín era gaiteiro, xa bebín tamborileiro* (Gondomar, inf. e ex. de Xoán Colazo Pazó; Porto do Son, inf.: Dolores Calo García); *xa comín era gaiteiro* (Parada das Achas, A Caniza).

106. **Xa morreu por quen tocaron** COL. [Dise para lle lembrar a alguén que cómpre esquecer un determinado asunto]. *Xa morreu por quen tocaron, deixade dunha vez esa discusión que xa non hai que lle facer*. // Vilamelle, Pantón; inf.: Clara de la Torre Buxán).

107. **Xa vou vello para fadas** COL. [Aplícase a cousas que non se cren, a cousas inverosímiles]. *Si, ho, si, e que máis..., déixate de lerias que xa vou vella pra fadas*. // Bueu; inf.: Xosé Manuel Xuncal do Río.

108. **Xan da Estrada está como estaba** COL. [Aplícase a situacións nas que se queda como se estaba]. *O que gañou pola mañá perdeuno pola tarde. Xan da Estrada está como estaba*. // Vedra; inf. e ex. de Henrique Neira Pereira.

Bibliografía

- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2003): *As locucións verbais galegas. Verba*, Anexo 52. Universidade de Santiago: Santiago de Compostela.
- CASTRO OTERO, Salvador *et alia* (2005): *Unha maré de palabras. Contribución ao léxico do Morrazo*. Xunta de Galicia, Museo Massó.
- VEIGA DÍAZ, Maite (1996): “Pequena contribución á fraseoloxía galega”, *Cadernos de lingua* 14, pp. 85-100.

Aínda novos manuscritos paremiolóxicos de Vázquez Saco

Mª Carmen Paz Roca

E.O.I. de Vilagarcía

Terceira entrega do material fraseolóxico galego inédito reunido por Francisco Vázquez Saco.

Palabras clave: paremioloxía, fraseoloxía.

Third release of the unpublished Galician phraseological material gathered by Francisco Vázquez Saco.

Key words: paremiology, phraseology.

1. Os manuscritos

1.1. Descrición

Cando xa parecía esgotado o caudal fraseolóxico reunido por Francisco Vázquez Saco, porque lle dedicamos íntegro o voluminoso número 5, 2003 de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* (SACO 1) e aínda un novo espazo no número 6, 2004 (SACO 2), a familia nunha nova rebusca encontrou novo material que nos entregou para ordenación e edición.

Cómpre lembrar que Francisco Vázquez Saco morreu dunha hora para outra, deixando *in fieri* varios traballos de historia, arte e xornalismo da provincia e catedral de Lugo e tamén material fraseolóxico. De todo ese conxunto pódese dicilo mesmo: estaba rematada a fase de recolleita do material, estaba iniciada a de organización e faltaba a redacción. Esta nova remesa de carpetas e papeis que recibimos do seu sobriño Dr. Vázquez Gallego, e que unimos á documentación anterior co mesmo sistema de cita, consta de seis bloques diferenciados:

Un caderno alfabetizado (en adiante **ms24**) coma o de ms4 no que aparecen refráns doutras colecciónes xunto con algúns recollidos polo propio Vázquez Saco. A organización e mais a procedencia dos refráns son a mesma do ms3 e ms4 (SACO 1: XL). Tamén a letra é igual, aínda que hai algunha anotación posterior coa letra de Vázquez Saco.

Un caderno cosido con aramio (en adiante **ms25**), que contén refráns numerados e organizados por temas. Parece que a maioría son copiados do *Diccionario* de Eladio Rodríguez. Os temas están por orde alfabética e, dentro de cada tema, tamén se organizan alfabeticamente os refráns. Polo medio destes refráns tamén hai outros que pertencen a seminaristas porque teñen indicacións entre parénteses como "Mellid" ou "Noya", etc. e coinciden en moitos casos con paremias xa publicadas na primeira colección. Estes aparecen case sempre sen tema nin orde alfabética.

Un caderno sen pasta e co número de serie 5213 (en adiante **ms26**), no que a maioría das anotacións son de vocabulario. Hai tamén algunha cantiga, unha lista de enunciados fraseolóxicos encabezada por *Frases*, e mais algún refrán.

Un caderno sen pasta, igual ó anterior pero coa indicación *Franco, 24, 2º*, que parece un enderezo (en adiante **ms27**). A maior parte do material deste caderno son anotacións sobre igrexas, pagos de dezmos e similares impostos eclesiásticos. Nas últimas páxinas aparecen tamén algúns refráns, na maioría dos casos coa indicación do lugar onde foron recollidos, polo que poderían ser de seminaristas. Algúns outros teñen indicación de estar copiados doutros autores como Carré Aldao, Luís Otero Pimentel, Pedro de Merille, etc. No medio deste caderno aparece tamén unha cuartilla dobrada con dous refráns e mais unha nota de vocabulario.

Unha carpeta de cor castaña (en adiante **ms28**), na que aparece un listado de bibliografía fraseolóxica ó principio, xunto con 79 folios e medios folios con refráns. Parte deles están ordenados por temas segundo a ordenación do ms16, e outras por simple orde alfabética, de xeito parecido ó manuscrito que no seu día denominamos **mc** (SACO 1:XXXVIII). Os medios folios parecen parte do que, no lugar citado, denominamos **ms;** e o resto son refráns copiados de distintas obras xa publicadas. En canto á grafía, neste bloque hai follas mecanografadas, outras coa grafía de Vázquez Saco, algunhas coa mesma letra có caderno descrito e incluso algunha folla con grafía diferente, que poderían ser dalgún seminarista. Tamén dentro desta carpeta hai algún papel pequeno con anotacións léxicas.

Unha carpeta azul de tamaño folio que contén en total 314 folios e cuartillas. Hai dous grandes bloques dentro desta carpeta: Aproximadamente a metade parecen refráns de seminaristas de Santiago ou de Lugo recollidos a mediados do século XX porque cada folla ten un nome e unha grafía distinta. Hai tamén varios mecanografados. A outra metade son refráns organizados por temas segundo a clasificación do ms16 (SACO 1:XLII). Dentro destes, hai tamén 31 follas tamaño folio que parece que nalgún momento estiveron grampadas xuntas. Estas 31 follas están mecanografadas e ordenadas só alfabéticamente. Ademais destes dous grandes bloques, hai medias cuartillas coma as do **ms1** (SACO 1:XXXIX), algunhas con vocabulario, algunha cantiga, adiviñanzas, chistes e listas de refráns noutras linguas.

1.2. Escolma do material

Dado que este material inicialmente formou un todo co xa publicado por nós no 2003 (SACO 1) ou no 2004 (SACO 2) e dado que, na maior parte dos casos, constituía fonte do ms16, o noso traballo de edición consistiu primeiramente en comprobar, unidade por unidade, se o que agora se nos entregaba xa estaba editado. Rematada a entrecolla,

ofrecemos agora o que ou é material novo ou representa algún tipo de variante sobre o anterior: neste caso dicimos *véxase CFG5* (que quere dicir *CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA* 5,2003) e indicámo-lo número da paremia naquela edición. Non aparecendo no futuro novas carpetas, estaría editado todo o arquivo fraseolóxico de Vázquez Saco.

1.3. Contido e procedencia

Esta terceira entrega comprende 1.102 paremias, 9 wellerismos, 17 dialoxismos, 15 enunciados ou frases proverbiais, 60 fórmulas e 57 locucións e 1 slógan. Permítasenos destaca-la inclusión de 17 refráns que Vázquez Saco di que toma duns *Apuntes inéditos de D. Manuel Murguía*. Trátase dunha folla manuscrita de Vázquez Saco presumiblemente copiada dos tales *apuntes* no arquivo da Real Academia Galega. Destacámolos por ser quen foi o colector e por andar seguramente nisto tamén a man de Rosalía de Castro. Tres deses 17 refráns, aínda que con lixeiras variantes, xa se publicaran (VIDAL 2003:127-128) pero os outros catorce son novos: isto quere dicir que estamos a falar tamén dun novo manuscrito paremiolóxico de Murguía. A estes hai que engadir outros tres máis, localizados en Beade, que lle facilita D. Juan Naya. Uns e outros (20 en total) debeunos recoller no arquivo da Real Academia Galega, da que el era membro numerario.

Coma no anteriormente editado, a maior parte do material procede da diocese de Lugo. Pero tamén aquí volven aparecer algúns novos manuscritos procedentes da diocese de Santiago, recollidos nos anos cincuenta por seminaristas que llos entregaron ó profesor Manuel García García que llos debeu de remitir a Vázquez Saco. Entre eles están os recollidos por Eusebio Calvelo Sánchez en Carballo; José Cascallar Baltar en Saiar (Caldas de Reis); Campos Rodríguez en Forcarei; Luís A. Conde Asorey en Santiago, Cuntis e Teo; Francisco Dopazo Rial en Arzúa e Santiago; Jaime José Iglesias Lugrís na Coruña; Manuel Lede Abal en Meis; Ramón Lema García en Serantes de Laxe (Baio); Jesús López Míguez en Outes; Antonio López Suárez en Coristanco; Manuel Márquez Gómez en Cobas, Cachafeiro (Forcarei); Jesús Moldes Monroy en Cangas; Manuel Constantino Nogareda Bértoa en Bértoa (Carballo); Enrique Porto Rey en Señoráns, Cereixo (A Estrada); Juan Sanmartín en Betanzos, Miño e Pontedeume; Antonio Trigo García en Carballo; Antonio Vieiro de la Fuente en Guísamo pero tamén Silvestre Castiñeira R., Fernando Lobato García, Jesús López Fernández, Luís Martínez Fernández, Manuel Martínez Lois, A. Neira Estévez, Santiago del Pino Fernández, M. Portela Balayo, Diego Ríos Noya, José Santiago Pérez e Jesús Tubío Lampón.

1.4. Criterios de edición

Como criterios de edición textual seguímo-los expostos en 2003 (SACO 1:LXIII-LXXVIII). Obviamente a lematización que presentan os manuscritos non é, en moitos casos, a que hoxe se practica pero considerámonos obrigados a ser fieis ós manuscritos que editamos. Verbo da organización ideolóxica, temos que dicir que, por veces, vén establecida nos manuscritos e que, nestes casos, oscila entre a ordenación por unha palabra que V. Saco considerou principal e a ordenación polo substantivo ou verbo que condensa a mensaxe; aínda máis, cando a ordenación é ideolóxica, tamén oscila entre conceptos abstractos e xerais ou conceptos máis concretos. A pesar da imperfección do sistema, nesta edición seguimos, con algunha simplificación, os criterios que Vázquez Saco deixara anotados (SACO 1: 1055-1067). Finalmente, nalgún caso engadimos algunha explicación nosa que se distingue do contido dos manuscritos por que vai delimitada por corchetes coa indicación [*Nota de edición*] e porque está redactada en galego, xa que Vázquez Saco fai tódolos seus comentarios en castelán.

2. Edición dos manuscritos

2.1. Refráns

ABUNDANCIA

1. **O que abunda non fai mal.** (ms29,23r: Jaime José Iglesias Lugrís. Coruña 17-II-54).
2. **Pelos e pecados sempre chegan ben.** (ms29,75r).
3. **Piorno cheo, mantenza e creto.** (ms29,106v: Manuel Martínez Lois).

ACOSTARSE

4. **Ás nove déitate, home; e ás dez déitate, muller.** (ms29,63r: Rías Altas de Galicia. Lugo. 18-2-56).

AFABILIDAD

5. **Tal cousa nos din, tal corazón nos poñen.** (ms25,3v). Var.: *Tal palabra din, tal corazón che poñen.*

AGRÍCOLAS

Agrícolas. Abono

6. **A merda é boa p´as leiras.** (ms29,34v: Trasmil, Palas de Rey).
7. **Esterco de toxo verde, é bon pró fruto e millor prá terra.** (ms29,197: Silvarrey).
8. **O Dios das leiras entra polas portaleiras.** (ms29,85v).
9. **O esterco fai o derrego.** (ms29,197: Silvarrey).

Agrícolas. animales

10. **A besta i-a porca, pola máis descomposta.** (ms29,209r: Sober).
11. **A besta i-o señor, todo dun color.** (ms29,209r: Sober).
12. **Á besta vella nunca lle faltan esparavás.** (ms29,209r: Donalbay, Begonte).
13. **A burra do noso xués non ten máis ca cinco pés.** (ms29,43r: Manuel Constantino Nogareda Bértoa: Carballo, Bértoa.) [N. de edición: Quizais axuden a entender este enigmático refrán algún destes outros: *Catro pes ten o gato e cinco ten co rabo;* ou ben *Ó cura i-ó xues hai que pagarlles cos pés*", é dicir, indo á casa deles].
14. **A cabalo regalado non se lle levanta o rabo.** (ms29,56r: Francisco Dopazo Rial (Santiago, 12-4-53): Arzúa).
15. **A cada porquiño chégalle o seu camiño.** (ms29,50r: J. Santiago Pérez).
16. **A fariña saca os ranchos do inverno.** (ms29,61r: M. Márquez Gómez: Cobas, Cachafeiro, Forcarey, Pontevedra).
17. **A galiña onde o galo, en calquer lado.** (ms28,43v: Palas).
18. **A galiña, donde ten os ovos, ten os ollos.** (ms26,22r).

19. **A gata roña, como fai, soña.** (ms29,41r: Estrada - Puente Ulla).
20. **A vaca regalada, non se lle miran os dentes.** (ms29,97r: Enrique Porto Rey: Señoráns, Cereijo, La Estrada).
21. **A vaca, que sea longha e a éghua que sea corta.** (ms29,76r: Antonio Trigo García: Carballo, Coruña).
22. **Aos anos mil, volve a lebre ó cubil.** (ms29,78r: Fernando Lobato García).
23. **As ovellas de Pedro Rodríguez, tarde salides e cedo vides.** (ms29,118r).
24. **As veces manca máis a patada dun burro que dunha besta grande.** (Véxase CFG5:257)**.** (ms26, 19r, 40).
25. **Ave de rico a naide pon rico.** (ms24,10r: Layosa). *Ave de rico [sic]*...
26. **Berr'a galiña cando ve a ave de rapiña.** (ms24,15v: Buciños).
27. **Besta vella non muda de paso.** (ms26,25r).
28. **Bicho pequeno, fol de veneno.** (ms29,61r: M. Márquez Gómez: Cobas, Cachafeiro, Forcarey, Pontevedra).
29. **Boi vello, suco dreito.** (ms29,23r: Jaime José Iglesias Lugrís. Coruña 17-II-54).
30. **Boi xunguido, boi mantido.** (ms29,64v: Rías Altas de Galicia. Lugo. 18-2-56).
31. **Cando a galiña canta com'o capón, venta a morte.** (ms29,61r: M. Márquez Gómez: Cobas, Cachafeiro, Forcarey, Pontevedra).
32. **Cando as galiñas van pra o puleiro, xa tarde vai anoitecendo.** (ms29,44v: Luís A. Conde Asorey. Santiago de Compostela).
33. **Cocho bon, comer carbón.** (ms28,35r: Villamane, Cervantes).
34. **Dá ferraña ao *caballo para o agarrar no tallo.** (ms29,86v).
35. **Desde que vén o cuco e a ave, vén a temporada da fame.** (ms24,42r: F.V.S. Tuiriz).
36. **Dicen os paxaros: das cereixas ós nabos mui ben o pasamos; e dos nabos as cereixas, damos as queixas.** (Véxase CFG5:481)**.** (ms26, 20r, 74).
37. **Do demo a besta que non gana a cebada.** (ms24,40v: M.L).
38. **É millor morrer dunha bala ca da patada dun burro.** (ms28,3r). Var.: *É millor morrer dunha bala ca dun noxo.*
39. **Gatos e ratos non van xuntos de merenda.** (ms29,193r).
40. **Lobos e cas, todos eran irmás.** (ms28,36r: Miraz).
41. **Malia do rato que ten un *solo burato.** (Véxase CFG5:620)**.** (ms26, 30r, 354).
42. **Nin piques tanto que fuxa, nin tan pouco que se deite.** (ms29,59r: Silvestre Castiñeira Rodríguez).
43. **No tempo dos grilos, nin viño nin millo.** (ms29,64r: Rías Altas de Galicia. Lugo. 18-2-56).
44. **Non hai quen arree a burra como seu dono.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).
45. **Nun monte grande muitas ovellas se xuntan.** (ms28,37r: Sober).
46. **Ó boi turrión nunca lle faltou unha cornada.** (ms28,31r: Villamane, Cervantes).
    Var: *Ó boi pelexón nunca lle faltou unha cornada.*
47. **O burro deb'ir detrás.** (ms29,72r: Jesús Tubío Sanjuán).
48. **O burro do sardiñeiro reventou cunha sardiña.** (ms28,3r).
49. **O carro non é grande s'as vacas son valentes.** (ms28,3v). O caso é traelo, na casa... Vai ben, non é moito ¡nunca é grande!
50. **O marrau, onde come, alí deixa a maseira.** (ms27, 60r: Verín. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). Se aplica al desordenado que no deja las cosas en su sitio después de usarlas.
51. **O que cabirtos vende e cabras non ten, ou rouba ou dalgún sitio lle vén.** (5ms26, 22r, 141).
52. **O que non anda en burro anda en besta.** (ms29,33v: Trasmil, Palas de Rey).
53. **O toupo, para toupear, ó prado sin regar.** (ms29,214r: Sober). Var.: *Todo prado regar, o toupo escapar. (Sober) Toupo* = topo. Falta en nuestros diccionarios. Carré trae *tiopa* y *toupería*. Falta también el verbo *toupear* = hacer toperas = galerías subterráneas que abre el

mamífero aludido para vivir en ellas. En Saviñao alterna la voz *toupo* con *topia*. En Becerreá se le llama *toube* y en Pol *teipe*. En Lugrís vimos *toupa*. El Diccionario de Irmandades da Fala trae *teupa*. Así en Lalín.

54. **Os que queiran que as galiñas lle poñan, que lle den pimento picante.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).
55. **Ovella melenta, o demo a tenta.** (ms29,73v: Jesús Tubío Sanjuán).
56. **Ovella vella i-enxame probe, en marzo alea i-en marzo morre.** (ms29,100r: Manuel Martínez Lois).
57. **Pedinlle leite á vaca i-a vaca pediume herba; pedinlle herba ó prado i-o prado pediume rega.** (ms24,42r: F.V.S. Buciños).
58. **Pito serodio, tarde ou mal chega ó puleiro.** (ms29,114v: Villamane, Cervantes).
59. **Poltro, de poldra; e macho, de besta vella.** (ms29,115v: Villamane, Cervantes).
60. **Por San Antón, a boa galiña pón; e pola Candelaria, a boa e a mala.** (ms29,28v: Antonio Vieiro de la Fuente: Guísamo, Bergondo).
61. **Pra destetar a burra nova non hai como matar a vella.** (ms29,211r: Lugo).
62. **Se se quer destetar o burro, mata-la nai.** (ms29,211r: Sober).
63. **Sete pitas i-un galo comen a ración de un cabalo.** (ms26, 28r, 309: Pidre).
64. **Si queres ter bon leite trai a vaca pola corda.** (ms29,30v: Ángel: Barrela).
65. **A gata lamboira, según as fai así as coida.** (Véxase CFG5:184)**.** (ms26, 28r, 302: Taboada). Véase *A miña cadela lapoira, tal as fai tal as coida*.
66. **A vaca que non come cando os bois, é que come antes ou despois.** (Véxase CFG5:218)**.** (ms26, 30r, 348).

AGRÍCOLAS. AÑO

67. **Ano cerroteiro, nin boa meda nin bon palleiro.** (ms29,200r: Sober). *Cerrotas* ó *Zarrotes*: setas, cuya abundancia se debe a lluvias copiosas que son perjudiciales para la cosecha.
68. **Ano de cerrollas, ano de mollas.** (ms28,1r: Villalba).
69. **Ano de herba, ano de miseria.** (ms24,6r: V.R. Y A.R).
70. **Ano de landras, ano de rebandas.** (ms29,45v: Juan Sanmartín: Miño). Var.: *Anos de landras, anos de roandras. (ms29,50r: J. Santiago Pérez.)*
71. **Ano de landre, pan de tarde.** (ms29,204r: Nantín, Becerreá).
72. **Ano de moras, ano de vodas.** (ms29,204r:Óutara, Puebla de Brollón). ¿Porque supone cosecha abundante? No parece probable porque *Ano de amoras, ano de choras*.
73. **Ano de noces, ano de viño.** (ms29,204r: Belante, Sarria).
74. **Ano de *bellota, ano de larota.** (ms29, 92r, 3: Chantada).
75. **Ano *bisiesto, tanto dá canto come.** (ms29,198r: Castro de Amarante).
76. **Chuvia n'Ascensión, ano sin feixón.** (ms29,22r: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).
77. **Moita chuvia en decembre, bon ano.** (ms28,7r: Ferrol).
78. **No ano de abundancia tamén se estima un ferrado de pan.** (ms29,203r: Sober).
79. **Pra ser un ano bon, sete toradas e un toradón.** (ms29,203r: Buciños).
80. **Un ano peras, i-outro sin elas.** (ms29,204r).
81. **Ano de herba, ano de merda.** (Véxase CFG5:1073)**.** (ms26, 22r, 131). Véase *cando a herba anda a carros, o pan a brazados*.

Agrícolas. Generales

82. **A viña, en seco; a horta, con rego.** (ms27,63r: Pedro de Merille (Salvador Golpe). *La Defensa*. Betanzos).
83. **As mazás de tres en ramo veñen co liño.** (ms29,15v: Zona de Asma, Sta. Eugenia). Se pueden comer.
84. **As vacas e os carros non queren ser [empezados] nin acabados.** (ms28,1r: Villalba).
85. **Bo outono, ledicia do dono.** (ms29,106v: Manuel Martínez Lois).
86. **Cando a cachopeira soa, sabe ben a broa; cando a cachopeira canta, sabe ben a manta.** (ms28,16r).

87. **Cando chove debaixo da pena, raia o sol, talla a leña.** (ms29,38r).
88. **Cando chove e o aire zoa é cando mellor sabe a broa.** (ms29,65r: Estrada - Puente Ulla).
89. **Carro que non leve rodas non-o verás andar.** (ms28,35r: Villamane, Cervantes).
90. **Debaixo da pedra, torto; e debaixo do terrón, morto.** (ms29,24r: Luis Martínez Fernández). Se refiere a un grano que, quedando debajo de una piedra, nace la planta torcida;y debajo de un torrón, muere.
91. **Decota o carballo pra aforra-lo tallo.** (ms29,99r: Manuel Martínez Lois).
92. **Desque entorna o carro non lle faltan carreiras.** (ms24,45r: F.V.S.)..
93. **Donde hai cepos fanse achas.** (Véxase CFG5:1832)**.** (ms26, 27r, 276: Pidre). Achas: astillas.
94. **Donde hai cepos fanse estelas.** (ms26,19r).
95. **Entre louro e louro, patacas novas.** (ms24,52r: Diario de Avisos. R. Caruncho).
96. **Entre millón e millón, o salto de un castrón.** (Véxase CFG5:1491) (ms26, 30r, 346). Se refiere también al maiz: hay que sembrarlo ralo para que sea bueno: *millón* = millo por razón de asonancia.
97. **Estando a corte ben estrada, anque se baile, non se lamuza.** (ms25,3r: Lence Santar - Mondoñedo).
98. **Esterca na cima, que no fondo non fai falta.** (ms28,3v).
99. **Fol mollado, máis fariña leva.** (ms29,38r).
100. **Grada pola seca e ara pola fresca.** (ms28,34r: Otero de Rey).
101. **Hai quen quer que quente o sol antes de nacer.** (ms29,57r: Silvestre Castiñeira Rodríguez).
102. **Nadie *sembre máis do que poda cavar.** (ms28,65r).
103. **Naide semente máis millo do que poida sachar.** (ms26, 27r, 280: Pidre).
104. **Non sempre está o alcacén pra gaitas.** (Véxase CFG5:1694)**.** (ms26, 27r, 275: Pidre). *(es) No siempre está el horno para bollos.*
105. **Nunca faltou carne prá matanza nin viño prá trasfega.** (ms28,37r: Sober).
106. **O castiñeiro, na man ao burato; e o carballo, no carro.** (ms27,63r: Pedro de Merille (Salvador Golpe). *La Defensa*. Betanzos).
107. **O millo raro enche o horrio e carga o carro.** (ms29,76r: Antonio Trigo García: Carballo, Coruña).
108. **O que abona con fieito, dálle a palla polo peito; o que abona con folla, dálle a palla pola trolla; e o que abona con palla, esa non ten talla.** (ms29,54r: Francisco Dopazo Rial (Santiago, 12-4-53): Arzúa).
109. **O que antes acaba, acadulla.** (Véxase CFG5:1769)**.** (ms26, 28r, 293: Mellid). *Acadullar* 1, en Páramo y Sarria es labrar o arar las cabeceras de las fincas, lo que hay que hacer en sentido contrario a lo arado anteriormente por no caber la yunta y el arado. *Acadullar* en Mellid y Carballedo, es deshacer los terrones (*cadullos*). El sentido como se ve es semejante.
110. **O que non cai na cata, cai na recata.** (Véxase CFG5:1784)**.** (ms26, 28r, 289: Biville).
111. **O que non vai na maza, vai na espadela.** (Véxase CFG5:1783)**.** (ms26, 28r, 290). Semejante a *O que non cai na cata, cai na recata*.
112. **O que rega o millo sin pendón, come un cagallón.** (ms29,15r: Zona de Asma, Sta. Eugenia).
113. **Ourizo que regaña, caill'a castaña.** (ms24,21r: Buciños).
114. **Prá viña, paso de galiña; pró eido, salto de carneiro.** (ms28,12r). Se refiere a los jornaleros.
115. **Prados, na cima; e leiras, no fondo.** (ms28,3v). Var: *Esterca na cima, que no fondo non fai falta.*
116. **Quel pola arada, quel pola sin arar, levar hala levar.** (ms29,114r: Villamane, Cervantes).
117. **Quen sementa en boa terra, sempre ten boa colleita.** (ms27,63r: Pedro de Merille (Salvador Golpe). *La Defensa*. Betanzos).
118. **Se queres figos na figueira, non deixes d´andar ca tiseira.** (ms29,85v).

119. **Se queres qu'a camisa che blanquee com'a plata, déixaa cocer com'a vaca.** (ms28,37r: Sober).
120. **Se queres qu'aguillada aguante, córtaa no minguante.** (ms24,117r: Buciños).
121. **Se ten avea, que o axirxile.** (ms28,3r).
122. **Seitor sin atadeira, non hai quen o queira.** (Véxase CFG5:1943)**.** (ms26, 27r, 269: Pidre). Var.: *Seitor sin atadeira é como bolsillo sin faltriqueira*.(ms26. 27r, 270: Pidre). *Seitor*: segador.
123. **Traballos de sementeira, cántigas na colleita.** (ms29,106v: Manuel Martínez Lois).
124. **Vale máis o qu'a seca deixou, qu'o que a auga criou.** (Véxase CFG5:2053)**.** (ms26, 21r, 86: San Martín de Torre, Páramo).

Agrícolas. Leña

125. **Leña seca boa é, troncos verdes son millores.** (ms29,122r: Manuel Portela Balayo. 4º curso).

Agrícolas. Meses

Enero

126. **A cada mes, o seu.** (ms29,39r: *Gaiteiro de Lugo*. 1955).
127. **No xaneiro, súbete ó outeiro; si ves verdegar, ponte a chorar, e si ves terrexar, ponte a cantar.** (Véxase CFG5:2178)**.** (ms26, 18r, 11). *Si ves verdegar*... Coincide con el anterior. *Terrexar*: que solo se ve tierra, sin verde.
128. **Auga de xaneiro, cada pinga un centeeiro.** (ms28,26r: *O Gaiteiro de Lugo*).
129. **Cando as ranas cantan en xaneiro, señal de fame en todo o eido.** [N. de edición. En 1890 n´*A Monteira* Marcial Valladares escribe *ramas* (62,1890,76) e así o copia Vázquez Saco pero parécenos unha errata d´*A Monteira*, xa que tódolos outros paremiólogos anotan *rans* ou *ras*, así que este *ramas* debe estar por **ranas*] (ms24,28r: M.V).
130. **Cando as ras cantan en xaneiro, nin boa meda nin bon palleiro.** (ms29,266r: Barcia, Navia de Suarna). Insiste en la idea de que el tiempo cálido en enero es desfavorable a las cosechas de cereales.
131. **Con *nieve [en] *enero, no[n] hai ano fulero.** (ms29,69v: Vilanova. O darradeiro de maio de 1951).
132. **En xaneiro o frío éche parleiro.** (ms29,49v: J. Santiago Pérez).
133. **En xaneiro pranta o teu alleiro.** (Véxase CFG5:2170)**.** (5ms26, 22r, 143).
134. **En xaneiro, mellor carballo que castiñeiro.** (ms29,110r: Manuel Martínez Lois).
135. **Galiña en xaneiro val un carneiro.** (ms28,26r: *O Gaiteiro de Lugo*).
136. **No mes de capricornio, o Dios do galego é o forno.** (ms29,65r: Estrada - Puente Ulla).
137. **No mes de xaneiro deixa a fonte e vaite ó regueiro.** (ms28,2r).
138. **No mes de xaneiro non poñas o pé de diante do compañeiro.** (Véxase CFG5:2223)**.** (ms26, 22r, 123).
139. **Non hai luar máis *craro qu'o do mes de xaneiro; nin amor máis firme qu'o primeiro.** (Véxase CFG5:2243)**.** (ms26, 26r, 255).
140. **Pouca auga en xaneiro, boa anada no celeiro.** (ms28,33r: *O Gaiteiro de Lugo*, 1952).
141. **Se xaneiro mata un carneiro, frebeiro mata o rabaño enteiro.** (ms29,119r).
142. **Xaneiro fai pan, outros llo quitarán.** (ms28,1r: Villalba).
143. **Xaneiro malo, febreiro bo; xaneiro bo, febreiro malo.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).
144. **Xaneiro malo, frebeiro trastornado.** (ms29,122r: Manuel Portela Balayo. 4º curso).
145. **Xaneiro mollado, frebeiro rexiado.** (ms29,122r: Manuel Portela Balayo. 4º curso).
146. **Xaneiro xeadeiro, frebeiro berceiro; marzo ventoso, abril chuviñoso, maio pardo, san *Juan claro, valen máis qu'as mulas i-o carro.** (Véxase CFG5:2361)**.** (ms26, 21r, 85: San Martín de Torre, Páramo).
147. **Xaneiro, craro e xiadeiro.** (ms28,26r: *O Gaiteiro de Lugo*. 1951). *Craro*: aluden otros

refranes al claror de la luna. *Xiadeiro*, en muchas otras paremias.

148. **Xaneiro, greleiro.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).
149. **Xaneiro, neveiro.** (ms28,2r).
150. **Xaneiro, poñedeiro.** (ms28,33r: Carballino).
151. **Xeneiro por un lado e polo outro marzo, deixan a febreiriño descalzo.** (ms29,62r: Bertino Caamaño Vilar).
152. ***Hasta día de San Simón non sabes *si hai nabos ou non.** (ms28,68r: Begonte).

Agrícolas.Meses Febrero

153. **Cada pinga de auga de febreiro val diñeiro.** (ms25,10v: *O Gaiteiro de Lugo*. 1959).
154. **De febreiro a San Xoán tes a conta na man.** (ms29,91r: Severo).
155. **En febreiro, cada chanto en seu rigueiro.** (ms29,115v: Villamane, Cervantes).
156. **Febreiriño corzo, cos teus días vinteoito; si duraras máis catro, non deixabas can nin gato, nin cornasó carneiro,nin ovellas ó pegureiro.**(Véxase CFG5:2441)**.** (ms26, 18r, 12). *Pegureiro*: pastor. En otros sitios dicen *Febreiriño corto*, y *Febreiriño louco*.
157. **No frebeiro, frebas; en *octubre, medas.** (ms29,59r: Silvestre Castiñeira Rodríguez).
158. **No mes de febreiro cada fonte, seu rego e cada rego, seu regueiro.** (ms28,27r: Refranes tomados de apuntes inéditos de D. Manuel Murguía).
159. **Nubes de frebeiro, súbete ó outeiro.** (ms29,122r: Manuel Portela Balayo. 4º curso).
160. **O día da Candeloria, que chores, que deixes de chorar, a *mitá do inverno está por pasar.** (Véxase CFG5:4094)**.** (ms26, 19r, 28).
161. **O sol de febreiro non pon meda nin palleiro, pero quenta a barriga ó lagarteiro.** (ms29,292r: Donalbai, Begonte).
162. **Si febreiro era toliño, marzal non é pouquiño.** (ms25,10v: *O Gaiteiro de Lugo*. 1959).

Agrícolas. Meses Marzo

163. **Debes labrar e podar *sin esceución ó rededor d'Encarnación.** (ms29,1r).
164. **En marzo hai que cuidar d'atender o colmear.** (ms28,4v).
165. **En marzo, xa durmo encima do brazo; en abril, déixame dormir.** (ms29,63r: Rías Altas de Galicia. Lugo. 18-2-56).
166. **Gracias a Dios que chegou o vintecinco de marzo: unha comidiña máis i-a hora de descanso.** (ms29,289r: Mato, Taboada).
167. **Marzo berceiro, nin boa meda nin bo palleiro.** (ms29,39r: Chantada).
168. **Marzo é malo cando o gato molla o rabo.** (ms29,84r).
169. **Marzo enxoito, pan e viño moito.** (ms28,2r).
170. **Marzo marzal, déixame o viño trasegar.** (ms29,100r: Manuel Martínez Lois).
171. **Marzo marzán, pola mañán, bo barrigán e pola tarde, cara de can.** (ms24,83r: Leite de Vasconcelos).
172. **Marzo venteiro e abril chuvasqueiro, enchen en maio de flores os eidos.** (ms29,99v: Manuel Martínez Lois).
173. **Marzo, espigarzo.** (Véxase CFG5:2579)**.** (ms26, 18r, 15). Tiempo en que debe espigar el pan para la buena cosecha.
174. **Marzo, marzal, veña o bo e marche o mal.** (ms29,51v: Félix Rodríguez Vieites).
175. **Marzo, marzán, pola mañá cara de ánxel e pola tarde cara de can.** (ms28,32r: Pili Roca).
176. **Marzo, rodriga feita.** (ms29,100r: Manuel Martínez Lois).
177. **O que en Marzo esfende, compra máis pan que vende.** (ms29,54r: Francisco Dopazo Rial (Santiago, 12-4-53): Arzúa).

178. **Polo que nace en marzo enche o regazo.** (ms29,121v: Manuel Portela Balayo. 4º curso).
179. **Se vén boa a lúa nova de marzo, fai o labrador honrado.** (ms29,96r: Eusebio Calvelo Sánchez: Carballo).

Agrícolas. Meses Abril

180. **A abril cos seus lameiros, sigue maio con froreiros.** (ms25,10v: *O Gaiteiro de Lugo*. 1959).
181. **A xiada d'abril mata o porco no cubil.** (ms29,61r: M. Márquez Gómez: Cobas, Cachafeiro, Forcarey, Pontevedra).
182. **Abril chorón, de cada cento, un bon.** (ms28,24r: *Vida Gallega*).
183. **Abril e maio compoñen todo o ano.** (ms25,10v: *O Gaiteiro de Lugo*. 1959).
184. **Abril friíño, moito pan e pouco viño.** (ms29,20v: Santiago del Pino Fernández. 4º curso).
185. **Abril, cada herba bota mil.** (ms28,24r: *Vida Gallega*).
186. **Augas d'abril enchen o carro i-o carril.** (Véxase CFG5:2862)**.** (ms26, 18r, 20).
187. **Augas, augas, e todas en abril.** (ms28,33r: Lugo).
188. **Cando en abril chove, as pedras move.** (ms29,79r: Ramón Lema García: Serantes de Lage).
189. **En abril abre a porta ó gado e déixao ir.** (Véxase CFG5:2899)**.** (ms26, 26r, 249).
190. **En Abril o que non planta non come.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).
191. **En abril, aguas mil.** (Véxase CFG5:2848)**.** (ms26, 18r, 18: Carballedo).
192. **En abril, donde ela queira vir.** (ms29,62r: Bertino Caamaño Vilar).
193. **En abril, ventos e augas mil: vai onde quixeres e durme no teu cubil.** (ms28,7v: Riveira).
194. **Folla de abril, abre a man e déixaa ir.** (ms29,101r: Manuel Martínez Lois).
195. **Folla de abril, déixame durmir.** (ms29,101r: Manuel Martínez Lois).
196. **Garda pan pra maio e palla pr'abril, que che ha de cumplir.** (Véxase CFG5:3105)**.** (ms26, 18r, 23).
197. **Inda que chova todo abril, labrador, ¿que che dá a ti?** (ms29,21v: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).
198. **Polo que nace en abril enche o mandil.** (ms29,121v: Manuel Portela Balayo. 4º curso).
199. **S'en abril hai lodo, non se perderá todo.** (ms28,3r).
200. **Xa veu o mes d'abril i-eu blanqueei as miñas mil.** (ms29,60v).

Agrícolas. Meses Mayo

201. **A vaca do veciño no mes de maio bota o millo, inda qu´a auga corra tras do arado.** (ms29,76v: Antonio Trigo García: Carballo, Coruña).
202. **Auga de maio, pan de todo o ano; pola Santa Marta terémola ben farta.** (ms29,20v: Santiago del Pino Fernánd ez. 4º curso).
203. **En Maio aínda a vella queima o tallo, e en San Xuan, o vello o arado.** (ms29,19v).
204. **En maio come a vella cereixas ao lume.** (ms28,26r: *O Gaiteiro de Lugo*).
205. **En maio inda o boi bebe no prado, mais, si ben non-o empeza, inda ben non-o acaba.** (ms29,65r: Estrada - Puente Ulla).
206. **En maio quérome levantar e caio.** (ms29,21v: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).
207. **Fraco é o maio que non rompe a coroza.** (ms28,26r: *O Gaiteiro de Lugo*).
208. **Lembra que maio sequizo, vran enguizo.** (ms28,24r: *Vida Gallega*).
209. **Maio bo, maio malo, quince días despois do ano.** (ms29,23r: Jaime José Iglesias Lugrís. Coruña 17-II-54).
210. **O sol do tres de maio queima como borrallo.** (ms28,1r: Villalba).
211. **O *daño en maio faino o raio.** (ms29,76v: Antonio Trigo García: Carballo, Coruña).

212. **Pola Santa Cruz de maio, o corvo i-o lobo nado; i-o rapaz, criado.** (ms29,114r: Villamane, Cervantes).

213. **Que bon maio que malo maio, quince días os bois ó prado; vale máis no principio que non no cabo.** (Véxase CFG5:3202)**.** (ms26, 18r, 22). Es mejor que llueva al principio de mayo, que al fin.

214. **Quen en maio esfende, compra máis que vende.** (ms28,31r: Villamane, Cervantes).

215. **S'o maio recacha, ind'a vella queim'a maza.** (ms28,3r).

216. **Suba de maio, baixa de agosto.** (ms29,102r: Manuel Martínez Lois).

217. **Val máis a i-auga entre maio e xuño que os bois e o xugo.** (ms25,10v: *O Gaiteiro de Lugo*. 1959).

Agrícolas. Meses. Junio

218. **A mera de san *Juan leva o viño e non deixa o pan.** (ms26, 19r, 24). Mera: orballada.

219. **Auga de San Xoán quita viño e non fai pan; hastra d'agosto, quita magosto.** (ms28,1r: Villalba).

220. **De san *Juan a san Pedro apreta, mancebo.** (Véxase CFG5:4131)**.** (ms26, 19r, 25). Debe apretar el calor.

221. **En San Xoán, tanto viño coma pan.** (ms24,48v: E.C).

222. **En San Xuan aínda a vella veste o ghabán.** (ms29,97r: Enrique Porto Rey: Señoráns, Cereijo, La Estrada).

223. **En San Xuan, si moita breva, pouco pan.** (ms29,97r: Enrique Porto Rey: Señoráns, Cereijo, La Estrada).

224. **Entre San Xoán e San Pedro recolleita o centeio.** (ms29,103r: Manuel Martínez Lois).

225. **Por San Xoan cómese o queixo sin pan.** (ms29,123v: S. Fernández: Navia).

226. **Por San Xoan gana a zorra ó milán.** (ms29,123v: S. Fernández: Navia). En la casa de las gallinas.

227. **Por san *Juan, as nove co día dan.** (Véxase CFG5:4434)**.** (ms26, 19r, 35).

228. **Si queres patacas pa San Xuan plántaas polo San Xulián.** (ms29,54v: Francisco Dopazo Rial (Santiago, 12-4-53): Arzúa).

229. ***Hasta San *Juan non quites o gabán.** (ms29,115v: Villamane, Cervantes).

Agrícolas. Meses. Julio

230. **Pola Santa Mariña bota a túa pitiña.** (ms28,49r: Santa Eugenia de Asma).

231. **Pola Santa Mariña vai ollar a túa viña; según a traballares, a encontrares.** (ms29,104r: Manuel Martínez Lois).

232. **Polo *Carmen sempre vén o trobón, ou antes ou despois.** (ms29,116v: Arcos, Pol).

233. **Por Santa Mariña colle a machada e tira a fouciña.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).

234. **Xullo, xuliño, colleita de trigo.** (ms29,104r: Manuel Martínez Lois).

Agrícolas. Meses. Agosto

235. **Agosto e setembre, poucos os entenden.** (ms25,10v: *O Gaiteiro de Lugo*. 1959).

236. **Agosto, agosteiro.** (ms29,105r: Manuel Martínez Lois).

237. **Agua de agosto, nin bo mosto, nin bo entrecosto, nin bo magosto.** (ms28,27r: Refranes tomados de apuntes inéditos de D. Manuel Murguía).

238. **Chuvia en agosto, non gastes en mosto.** (ms28,33r: *O Gaiteiro de Lugo*, 1952).

239. **En agosto secan os montes i-en *setiembre as fontes.** (Véxase CFG5:3360)**.** (ms26, 31r, 374).

240. **En agosto, frío en rostro.** (Véxase CFG5:3367)**.** (ms26, 19r, 26).

241. **Polo San Lourenzo xa se enche de uvas o lenzo.** (ms28,12r).

242. **Por San Agustín valen as coles pró rebolín.** (ms25,3r: Lence Santar - Mondoñedo).

243. **Por San Roque, sembra os nabos e malla as coles.** (ms25,3r: Lence Santar - Mondoñedo).

244. **Primeiro de agosto, primeiro de inverno.** (ms28,33r: *O Gaiteiro de Lugo*, 1952).

245. **San Lourenzo sempre vén co seu caldeiro penzo.** (Véxase CFG5:4055)**.** (ms26, 20r, 77). Penzo: lleno.
246. **Si chove pola Asinción, fabas si e millo non.** (ms29,51v: Félix Rodríguez Vieites).
247. **Si en septiembre non hai fruta, aghosto ten a culpa.** (ms29,62r: Bertino Caamaño Vilar).

Agrícolas. Meses. Septiembre

248. **Despois do San Miguel vindime quen quixer.** (ms28, 13r: Manuscrito que conserva D. Juan de Naya - Bibliotecario de la R.A.G.: Beade).
249. **Polo san Miguel quítaselle o tarambollo ós cas e pónselle ós oficiás.** (Véxase CFG5:4417)**.** (ms26, 29r, 330: Pidre). Alude a la costumbre de poner un impedimento a los perros para que no hagan daño al maíz; cuando se les quita, se pone a los trabajadores (es decir se les suprime la merienda).
250. **Polo San Miguel, uvas e figos os qu'eu quixer.** (ms28,13r: Manuscrito que conserva D. Juan de Naya - Bibliotecario de la R.A.G.: Beade).
251. **San Miguel das uvas, tarde vés e pouco duras.** (Véxase CFG5:4593)**.** (ms26, 19r, 27).
252. **Sol de setembre, pouco val inda que queime.** (ms28,24r: *Vida Gallega*).
253. **Vran quente, setembre ledo.** (ms29,106r: Manuel Martínez Lois).

Agrícolas. Meses. Octubre

254. **O repolo d'outono, mantén o seu dono.** (Véxase CFG5:3472)**.** (ms26, 19r, 50).

Agrícolas. Meses. Noviembre

255. **Antes ou despois de san Martiño hai un vranciño, anque pequeniño, en canto o can pasa o río.** (ms28,33r: Carballino).
256. **De San Andrés a Nadal, non é mes cabal.** (ms25,10v: *O Gaiteiro de Lugo*. 1959).
257. **De Santos a Nadal, ben chover, ben ventar.** (ms28,7v: Pontevedra).
258. **Eí vén San Martiño co seu cabaliño.** (ms29,41r: Estrada - Puente Ulla).
259. **Polo San Martín mata o teu quin.** (ms28,12r).
260. **Polo San Martiño, pión ó camiño; e pola Pascua; pión á ascua.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).
261. **Polos Santos, gabea de cepas.** (ms29,107r: Manuel Martínez Lois).
262. 11 **Si labras polo San Martiño collerás pan como liño.** (ms29,54r: Francisco Dopazo Rial (Santiago, 12-4-53): Arzúa).
263. ***Dichoso mes, entra con Santos, media con San Leopoldo e termina con San Andrés.** (ms29,84r).

Agrícolas. Meses. Diciembre

264. **Cando en Nadal vexas nadar, medra o palleiro, o graneiro i-o corral.** (ms25,10v: *O Gaiteiro de Lugo*. 1959).
265. **En diciembre, leña e dorme.** (ms29,69r: Vilanova. O darradeiro de maio de 1951).
266. **Fías de Nadal, nen tecedeiras fan.** (ms29,107v: Manuel Martínez Lois).
267. **No mes de Nadal bota o trigo no carballal.** (ms29,122r: Manuel Portela Balayo. 4º curso).
268. **No mes de Nadal saca o esterco a fóra do corral.** (ms29,122v: Manuel Portela Balayo. 4º curso).
269. **Polo Nadal, volta ao casal.** (ms29,107v: Manuel Martínez Lois).

AGRÍCOLAS. METEOROLÓGICOS

270. **Auga na horta, caldo na pota.** (ms29,64v: Rías Altas de Galicia. Lugo. 18-2-56).
271. **Cando a neve está na eira, pensa o vello na pateira.** (ms29,61r: M. Márquez Gómez: Cobas, Cachafeiro, Forcarey, Pontevedra).
272. **Cando estea o arco iris ó frente, vira os bois e vente.** (ms29,122r: Manuel Portela Balayo. 4º curso).
273. **Cando vai a neve prá Gransa, traballa o labrador con ansia.** (ms29,104v: Manuel Martínez Lois).
274. **Chuvia con sol non molla o pastor.** (ms24,37v: *Vida Gallega*).
275. **É mellor que chova sete maios que un xunio.** (ms28,26r: *O Gaiteiro de Lugo*).

276. **Encarnado polo mar, colle as vacas e vai labrar.** (ms29,99v: Manuel Martínez Lois).
277. **Neve na serra, agua na terra.** (ms29,49r: J. Santiago Pérez).
278. **No inverno, búscame nos baixos, que no vrán, eu te buscarei nos altos.** (ms28,37r: Sober). Alude a la niebla.
279. **O gaiteiro de Calde nunca toca de balde.** (Véxase CFG5:3868)**.** (ms26, 18r, 9: Lugo). Refrán de Lugo.
280. **Si chove para nunca escampar, o mundo tense que acabar.** (ms29,50r: J. Santiago Pérez).
281. **Si chove por Santa Bibiana, chove *cuarenta días e unha semana.** (ms29,69r: Vilanova. O darradeiro de maio de 1951).
282. **Sol pra Oseira, vellas á raxeira; sol pra Monforte, vellas de tras do pote.** (Véxase CFG5:3967)**.** (ms26, 18r, 8: Carballedo). [N. de edición: Oseira queda ó solpor e Monforte queda ó nacente do lugar de recollida do refrán (Carballedo)].
283. **O sol madrugadeiro esconde o rabo no silveiro.** (ms24,27v: F.V.S.)..

AGRÍCOLAS. PECES. TRUCHAS

284. **A troita, pra que guste, ha de ter sete efes: fresca, fría, frita, fiada, fragosa, fea e femia.** (ms27, 61r: Vivero. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral,* 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52).

AGRÍCOLAS. PLANTAS.

Lino

285. **O liño nunha casa é unha gran anchura.** (ms24,75r: Biville).

Maíz

286. **Cando a rula fai *ru,ru,* sementar o millo, anque sea no terrón cru.** (ms28,27r: Refranes tomados de apuntes inéditos de D. Manuel Murguía).

Nabo

287. **Nabos de Lugho, pouca nabiza e moito mendrugo.** (ms29,54r: Francisco Dopazo Rial (Santiago, 12-4-53): Arzúa).
288. **Tales cortiñas, tales nabos.** (ms29,33r: Trasmil, Palas de Rey).

AGRÍCOLAS. SANTORAL

289. **Polo *jueves d'Ascensión, vai a agulla p´o leixón.** (ms28,1v: Foz).
290. **Por *jueves d'Ascensión, vai a agulla pó leixón.** (ms29,42r: José Mª Fernández: Foz).

AGRÍCOLAS. VENDIMIA

291. **Non hai ningún cheo d'uvas que non coma dúas.** (ms24,111r: F.V.S.)..
292. **Na setembría fai a túa vendima.** (ms29,314r: Outara, P. de Brollón).
293. **Pola Virxen do Portal, pon a xente a vendimar.** (ms29,106r: Manuel Martínez Lois).
294. **Vendima feita, coartos no peto.** (ms29,106r: Manuel Martínez Lois).

ALDEA

295. **Barriga chea, n'aldea.** (ms29,119v).
296. **O millor sitio da aldea é donde o cura i-o porco se recrea.** (ms28,36r: Sta. Eulalia de Pena).
297. **Quen dixo vila dixo vida; quen dixo aldea dixo rabea.** (ms28,37r: Sober).

ALIMENTOS. MIEL

Ver Hambre y Gastronomía

298. **O que queira ter mel, sáqueo por San Miguel.** (ms29,264r: Buciños).
299. **Ovella vella e colmea probe, chega a maio i-en maio morre.** (ms29,60r).
300. **Ovella vella e colmea probe, en maio cría i-en maio morre.** (ms29,60r).
301. **Por San Miguel non me saques o mel.** (ms29,264r: Fonsagrada).

ALIMENTOS.

Pan

302. **Ben barato estaría o pan si non o comera o folgazán.** (ms29,80r: Jesús Martínez Sanjuán: Ortigueira, La Coruña).
303. **Con pan d'avea non se vai a arca allea.** (ms28,3r).
304. **Dun pan, unha rebanda sola.** (ms29,21v: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).
305. **Pan de cura, pan de Dios: gánano eles e comémolo nós.** (ms29,65r: Estrada -

Puente Ulla). Var.: *Pan de crego, pan de Dios: fano eles, comémolo nós. (ms29,90r)*

Queso

306. **Queixo cerrado e pan *esponjoso.** (ms29, 92r, 2).

AMOR Y AMISTAD.

307. **Amigo de bon tempo, trócase co vento.** (ms29,5r).
308. **Amigos, de lonxe; e contas, de preto.** (ms24,1v: M.V).
309. **Amor *trampero, tantas vexo, tantas quero.** (ms24,7r: F.V.S.)..
310. **Ano de amores, ano de choros.** (ms29,48r).
311. **Coa vida allea calquera fai amigos.** (ms29,33v: Trasmil, Palas de Rey).
312. **É millor traballar pra pillos que pedir a amigos.** (ms24,50v: Buciños).
313. **O home que s'enamora de unha muller do teatro, é com'o que ten fame e lle dan bicarbonato.** (ms24, 17r: F.V.S. Tuiriz).

ANIMALES.

Cuco

314. **O cuco a cucar i-os paxaros a picar.** (ms24,26v: Miraz).

Perdices

315. **A muller i-a perdiz pola *lengua se maldice.** (Véxase CFG5:18398) (ms26, 22r, 118).
316. **A perdiz, anque sea xunto á nariz.** (ms29,30r: Ángel: Barrela).

Gatos

317. **Cada gato esfólase pola súa pata.** (ms29,213r: Sober).
318. **Criado e gato, cada ano.** (ms29,213r: Donalbay, Begonte).
319. **Onde o gato come o pan, algunha miga sempre deixa.** (ms29,213r: Sober).
320. **Os gatos teñen sete vidas.** (ms29,213r: Lugo). *(es) Siete vidas tiene el gato y la mujer, tres o cuatro. (R.Marín)*

Lobos

321. **Non ch'hai touzas onde lobos *haiga.** (ms27, 61r: Vivero. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). No hai robledas donde lobos haya. No tienen donde les salga.
322. **Non ve o lobo todo o que dorme fóra.** (ms24,88r: M.L).
323. **O úneco que non come o lobo é o inverno.** (ms28,2r).

Perros

324. **Can ladrador, mal cazador.** (ms29,21r: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).
325. **Can pola porta, pedrada no rabo.** (ms28,36r: Sta. Eulalia de Pena).
326. **Dó demo o can que non defende o palleiro.** (ms24,133v: F.V.S.)..
327. **En San Xuan ráscalle as pulgas ó can.** (ms29,49v: J. Santiago Pérez).
328. **Non hai can que non coma o millo: si non é crudo é cocido.** (Véxase CFG5:18671)**.** (ms26, 26r, 244).
329. **O can ladrador non é o máis traidor.** (ms29,118r).
330. **Pola festa de San Román, ósos ó can, e pola de San Pedro, ósos ó cadelo.** (ms29,52r: Félix Rodríguez Vieites).
331. **Se queres ter o can en vela, dálle fabas á noite.** (ms28,1v: Ribadeo).
332. **Si o can está ladrando [é] porque alguén anda roubando.** (ms29,90v: Severo).

APARIENCIAS

333. **Á porta de Maruxiña, muita cuitelada, pra todo quedar en nada.** (ms28,27r: Refranes tomados de apuntes inéditos de Don Manuel Murguía).

APRENDER

334. **Quen estuda, moito adeprende.** (ms25,6r).

CANTIDAD

335. **O que importa é a cantidá, non importa a calidá.** (ms24,77r).

CARÁCTER

336. **Mal de herencia non ten cura.** (ms24,83v).

Carácter. Herencia

337. **Do bon *paño collo a *tela.** (ms29,112r).

338. **O que é bo é de nacimento.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).

339. **Pola *muestra conócese o pano.** (ms24,96v: F.V.S.)..

CARIDAD

340. **Por moita vida que teñas e diñeiro que che sobre, si che falta a caridá, xa te podes chamar pobre.** (ms24,100r: Antas).

CASA

341. **Casa chea, casa libre.** (ms29,21v: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).

342. **Coa dispensa chea cualquera ama fai a *cena.** (ms29,33v: Trasmil, Palas de Rey).

343. **É millor ser amo dun burro ca criado dun mulo.** (ms24,51r: Buciños).

344. **Fun á casa da miña veciña i-*avergonceime; volvín á miña e remedieime.** (Véxase CFG5:5417)**.** (ms26, 30r, 336: Pidre).

345. **Nin de risas nin de veras, con teu amo non xogues ás pedras.** (ms24,108r: Pedrosa).

346. **O bon amo fai caseiro, e bon caseiro fai amo.** (ms28,14r).

347. **Ó cabo do ano ten o mozo as uñas do seu amo.** (ms29,43r: Manuel Constantino Nogareda Bértoa: Carballo, Bértoa).

CAUSAS Y EFECTOS

348. **Chamoull'o can a cadela; ten qu'ir a Roma en penitencia.** (ms28,12r).

349. **Ó ir ó muíño hai que se enfariñar.** (ms28,33r: Carballino).

350. **O que con moitas pallas estrebilla vén unha que lle quita os ollos.** (ms29,88r: Mercuín, San Xoan de Anceis, Cambre, A Cruña. Álvarez Giménez, E., *Refranero agrícola gallego*. Pontevedra, 1904. Citado por Luís de Hoyos Sainz en *Manual de Folklore*, páx. 511).

351. **O que vai ó moíño, ten que *salir enfariñado.** (ms24,20v: Buciños).

352. **O que vai ó muíño enfóuzase na fariña.** (ms28,32r: Donalbay, Begonte).

CAUTELA EN EL HABLAR

353. **S'a palabra é prata, o calar é ouro.** (ms24,117r: Buciños).

COJOS

354. **Coxos, poucos, que xa non son iles bos e fan ruís ós outros.** (ms28,24r: *Vida Gallega*).

COMPAÑERISMO

355. **Alá e aquí, sempre con quen te acompañe.** (ms29,23r: Jaime José Iglesias Lugrís. Coruña 17-II-54).

COMPAÑÍAS

356. **Dime con quen andas, que llo direi a teu pai.** (ms29,23r: Jaime José Iglesias Lugrís. Coruña 17-II-54).

357. **Rapaciños e trigales, cada un cos seus *iguales.** (ms29,91r: Severo).

CONFIANZA Y DESCONFIANZA

358. **De pan podre non esperes sacar cousa *sana.** (ms28,35r: Villamane, Cervantes).

359. **Da práutica á teoría hai que coller o tranvía.** (ms24,43r: Buciños).

360. **Os cobertores tapan moitas conversaciós.** (ms24,27r: Lugo).

CONSEJO

361. **Foi pedir a *Dios consello para vivir con alegría. Dios mirou prá terra e dixo: *traballa, sementa e cría*.** (ms24,55v: Buciños).

362. **Pra ti, os consellos e pra min, os coellos.** (ms28,3v).

CONSTANCIA E INCONSTANCIA

363. **A *gran a gran* a galiña enche o bocho.** (ms29,22r: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).

364. **A *uva a uva* énchese unha cuba.** (ms29,22r: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).

365. **Gran e gran non fai palleiro, pero axuda a compoñelo.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).

366. **O que non fai o recado de unha vez, faino en dúas ou en tres.** (ms29, 92r, 4).

CORRESPONDENCIA

367. **A cada cousa hai que lle dar o seu.** (ms24,10v: F.V.S. Vivero).

368. **Non hai cea sin amargura.** (ms28,37r: Sober).

369. **On burro nunca lle falta albarda.** (ms29,73r: Jesús Tubío Sanjuán).

CORTESÍA

370. **A augha corredía non gharda cortesía.** (ms29,76r: Antonio Trigo García: Carballo, Coruña).

371. **Falar ben non ocupa lugar.** (ms29,90v: Severo).

372. **Torta do lar, comer e calar.** (ms29,33v: Trasmil, Palas de Rey).

CRIADOS

373. **Catro cousas quer o amo do criado que o serve: deitarse tarde, erguerse cedo, comer pouco i-andar alegre.** (ms24,32v: F.V.S.)..

374. **O que queira ter criado mandado, que poña a mesa e o mande ó recado.** (Véxase CFG5:5494, 18504 ss.) (ms26, 28r, 308: Pidre).

CUENTOS

375. **Contos non enchen.** (ms24,36v).

376. **De contos está o mundo cheo.** (ms24,42r: F.V.S. Tuiriz).

DADO

377. **O que mira ó dado, sempre anda ó prestado.** (ms29,91r: Severo).

DE MAL DECIR

378. **A maldizón cai en quen a botou.** (ms29,88r: Álvarez Giménez, E. *Refranero agrícola gallego*. Pontevedra, 1904. Citado por Luís de Hoyos Sainz en *Manual de Folklore*, páx. 511). Tradición oral.

DEBILIDAD

379. **A auga corre pró máis baixo.** (ms27,59r: Verín. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). *(es) La cuerda rompe por lo más delgado.*

DECIR

380. **Dime canto tés, que che darei un *sablazo.** (ms29,121v: Manuel Portela Balayo. 4º curso).

381. **O que di o que non sabe, poucas veces adiviña.** (ms29,75r).

DEL MAL, EL MENOS

382. **O que vai buscar unha mula i-atopa un ramal, inda menos mal.** (ms29,161r: Sober).

383. **Vale máis dous na man que catro *virán*.** (ms29,161r: Noya).

384. **Vale máis fraco no mato que gordo no fol do gato.** (ms28,18r).

385. **Vale máis manta lavada da merda do gato, que roída do rato.** (ms29,161r: Buciños).

DELGADEZ

386. **Home fraco, e non de fame, non hai quen o apañe.** (ms28,6r).

DEMO

387. **O demo, cando non ten que facer, senta o cu e ponse a erguer.** (ms29,91r: Severo).

DESCONTENTADIZOS

388. **Si estás descontento polo que tes, todo che *salirá ó revés.** (ms28,38r: Santiago).

DESDÉN Y DESPRECIO

389. **Os bois do sancristán, por donde veñen, van.** (ms29,58r: Silvestre Castiñeira Rodríguez). [N. de edición: O ms29 escribe *Os vois*].

DESENGAÑO

390. **A conta do *paño está o *desengaño.** (ms29,85r).

391. **Cando un vai xa o outro vén de volta e media.** (ms29,40r).

DESGRACIA

392. **Con bágoas todo se acaba.** (ms28,39v: D.R.A.G).

393. **Chove, chove, na aira do probe.** (ms24,37r: A.N).

394. **O que non padece de copas, padece de bastos.** (ms29,84r).

DESLEALTAD

395. **Do mellor amigo, a mellor patada.** (ms26,29r: Pidre).

DESPERDICIO

396. **O que podas ter non-o botes a perder.** (ms29,90v: Severo).

DESPRECIO

397. **A xente nova todo o mundo a aprecia, pro a xente vella todos a desprecian.** (ms29,43r: Manuel Constantino Nogareda Bértoa: Carballo, Bértoa).

DESPREOCUPACIÓN

398. **De Dios dixeron e de min dirán.** (ms25,3r: Lence Santar - Silvarrei).

399. **Dorma a miña veciña e teña o meu fol fariña.** (ms24,44r: *Vida Gallega*).

DESTINO

400. **Do qu'ha de vir non podemos fuxir.** (ms28,3r).

401. **O que ha de ser do rovés, por algo ha de ser.** (ms28,32r: Sober).

DIABLO

402. **Tanto lle cortou o demo ás orellas, que quedou sin elas.** (ms28,12r).

DÍAS

403. **Un día por outro todo o mundo o cambia.** (ms29,91r: Severo).

DÍAS. DÍAS Y FESTIVIDADES

404. **Domingo de Ramos, á sesta nos vamos.** (ms29,289r: Sober).

DICIR

405. **Decir é pra todos e facer, pra poucos.** (ms25,3r: Lence Santar - Silvarrei).

DICHO

406. **Ditos de vellos, ditos certos.** (ms29,122r: Manuel Portela Balayo. 4º curso).

DICHOS TÓPICOS

407. **Vale máis unha valura cunha saia de picote c'unha cuturra con cen reás de dote.** (ms29,116r: Arcos, Pol). *Valura* = mujer de la parte de Castro de Rey y Pol. *Valura* no sé si es del verbo *valer*, si es de *valura de manteiga*; llámase *valura* a un trozo de manteca que las mujeres venden en las ferias. *Picote* = lana con lino. *Cuturra* son las de cerca de Lugo, que son verdaderas *cotorras*.

A Campiña (Bergondo)

408. **Os da Campiña, teñen a tiña.** (ms29,76v). A Campiña: Lubre (Bergondo)

Alquitara

409. **De Alquitara, pouco ou nada.** (ms28,24r: *Vida Gallega).*

Amoeiro

410. **Verde en Amoeiro, verde en tod'o eido.** (ms28,3v).

Armiño (¿Bergondo? ¿Ares?)

411. **Os de Armiño, a ostreira.** (ms29,76v: La Coruña). Armiño: Lubre (¿Bergondo? ¿Ares?).

As Negradas (Guitiriz)

412. **Os das Negradas teñen as pernas tortas de subir e baixar as costas.** (ms28,36r: Miraz). As Negradas (Guitiriz).

Avisalba

413. **Us de Avisalba, fanagueiros.** (ms24,133r: F.V.S.)..

Bergantiños

414. **Na terra de Bergantiños nacen os máis borrachiños porque alí xa se bebe a millor clase de viños.** (ms29,43r: Manuel Constantino Nogareda Bértoa: Carballo, Bértoa).

Borraxeiros

415. **Si van as nubes pra Pradela, colle a mantela; si van pra Vilar, colle o mallo e vai mallar.** (ms28,70r: Vega de Valcarce, Trabadelo). *Pradela* (parr. de Trabadelo). *Vilar* es del ayuntamiento de Barjas.

Cabanas (Palas de Rei)

416. **Pr'aló de Cabanas, sete semanas.** (ms26, 29r, 327: Pidre). Cabanas es anejo de Pidre; quiere decir que está muy lejos. [N. de edición: Supoñemos que é Pidre de Palas de Rei].

Cantiz (Becerreá)

417. **Arrancatoxos, os de Cantiz.** (ms24,68r). Cantiz (Vilachá, Becerreá)

Cea - O Carballiño

418. **Para comer bo pan, Cea; e para beber bo viño, o Carballiño.** (ms28,33r).

Curtis

419. **Chova, non chova, as festas de Curtis teñen xusta sona.** (ms28,8r).

Chantada

420. **Chantadinos, cadelos finos.** (ms24,37v).

421. **Os de Portapena, garduñas.** (ms28,25r: Chantada). Portapena es un lugar de Esmoriz (Chantada). Lo recoge la copla popular en tierras chantadinas: *Para pan, terra de Lugo, e pra viño, Ribadavia; pra garduñas, Portapena e pra rateiros, Viana.*

A Ermita

422. **Cando a Ermita pon a touca, *señal de auga, moita ou pouca.** (ms29,11r).

Fisterra

423. **Non compres cuncas ós que veñen de *Finisterre.** (ms29,186r: Noya).

424. **Non lle compres cunchas ós que veñen de Fisterre.** (ms29,72v: Jesús Tubío Sanjuán).

Furelos

425. **Na fábrica de Furelos hai tantos coiros novos coma vellos.** (ms29,75r). La muerte no escoge.

Galicia

426. **As dádivas dos *gallegos tamén son diñeiro.** (ms29,165r: Sober).

427. **Cando nace un bergantiñán, nace un galán; si porfía un montañés, val por tres; e cando nace un mariñeiro, val diñeiro.** (ms28,27v: Refranes tomados de apuntes inéditos de D. Manuel Murguía).

428. **Cando nace unha muradana, nace unha dama; cando nace unha montañesa, nace unha cesta; cando nace unha mariñana, nace unha besta.** (ms28,27v: Refranes tomados de apuntes inéditos de D. Manuel Murguía).

429. **De besta luguesa, de muller coruñesa e de home pontevedrés, líbrenos *Dios dos tres.** (ms24,44v: Pidre).

430. **Desde Carballo a Bértoa, como de Bértoa a Barreira, non hai millor saca mocos có da casa de Negreira.** (ms29,43r: Manuel Constantino Nogareda Bértoa: Carballo, Bértoa).

431. **Home parleiro, *gallego dereito.** (ms29,49v: J. Santiago Pérez).

432. **Home parleiro, *gallego leiteiro.** (ms29,24r: Luis Martínez Fernández).

433. **O meu amo, *caldeau*, porque terra lle botou.** (ms24,20r: Buciños). Sin lo esencial.

434. **Para *pulpo, Arcos; pra moletes, Padrón; e pra ladrós de romana, os de Dacón.** (ms28,25r).

435. **Santiago reza, Pontevedra dorme, Vigo traballa i-a Coruña devírtese.** (ms28,3v).

436. **Si vas pra Oseira, leva o pan na faltriqueira; si vas pra Comba, lévao na manga; e si vas pra Deza, que non ch'esqueza.** (ms26, 30r, 344: D. Pejerto).

437. **Torrón por torrón, vaite a Pantón, e si che dan a escoller, vaite ó Sober.** (ms26, 30r, 343: D. Pejerto).

Galicia (Curtis - Teixeiro)

438. **Leite, queixos e terneiros, os de Curtis e Teixeiro.** (ms28,8r).

Galicia (Lugo)

439. **Us de Vilasouto mataron u toupo, us de Belesar levárono a enterrar, i-os de Toimil tocaron por il.** (ms24,133r: F.V.S.).

Galicia (Vilamarín, Ourense)

440. **Ratiños, os de Montós; borrallentos, de Marcelle; airentos, de Toldavía; pluma cheirós, de Palacio; corrieiros, de Pereiro; bulleirentos, d'Outraldea; campo rondado, da Irexe; rañadores, os da Raña; berradores da Penela; altas Torres de Lagrade; do Vilar non digo nada, que con mentiras e embrollos revolven mitá do reino d'España**. (ms24,105v: Buciños. Orbán, Ourense. (Vilamarín, Ourense)). Var.:.

Gondrame (O Páramo)

441. **As de Gondrame, as da Porreta** (ms29,167r). Así llaman con gran disgusto de las víctimas, a las mujeres de Gondrame (Páramo), por las muchas cebollas que produce aquella zona.

Granada

442. **O que non foi a Granada non veu nada.** (ms29,48v).

Laboreiro

443. **O que viu o Laboreiro viu o mundo enteiro.** (ms26, 27r, 264: Pidre).

Lemos

444. **Terra de Lemos, terra dos demos.** (ms29,174r: Sober).

Lubre (¿Ares? ¿Bergondo?)

445. **Os de Lubre, toman o leite da ubre.** (ms29,76v). Lubre (¿Bergondo? ¿Ares?).

Lugo - Madrid

446. **O que non viu Madrid, Lugo lle pón medo.** (ms28,32r: Sober).

MILLEIRÓS (CARBALLEDO. LUGO)

447. **Os de Milleirós, trinta veciños e corenta ladrós.** (ms28,20). Milleirós. Anejo de Castro (Carballedo, Lugo).

O Incio

448. **Us do Hospital, garxolos.** (ms24,133r: F.V.S.)..

449. **Vacas de Ferraría e homiños de Río, lobiños, lobos.** (ms25,8r: Valle del Mao, Incio).

O Porriño

450. ***Te rogamos exaudi nos* a Santa de Castro levámola nós: Os de Cela, choran por ela. Os do Porriño, foxen con ela.** (ms25,6r). Se refiere a la imagen de la Virgen de la O, por estar su capilla levantada en la cumbre de este monte de Porriño. [N. de edición: A primeira parte é unha parodia da resposta popular nas ladaíñas dos santos que se cantaban nas Rogacións. A formula latina realmente é *Te rogamus, audi nos*].

Ortigueira

451. **Os de Ortigueira, vilanchos.** (ms25,3r: Lence Santar - Viveiro).

ÓUTARA. (A POBRA DO BROLLÓN)

452. **Us de Óutara, gatos.** (ms24,133r: F.V.S.)..

Outeiro - Lugo

453. **O que nunca veu Lugo, Outeiro lle parece vila.** (ms28,32r: Donalbay, Begonte).

Palas de Rei

454. **Son de Saá e non se me dá.** (ms29,34r: Trasmil, Palas de Rey).

Pedreda (Meilán. Lugo)

455. **Alto carro de Pedreda, muito bulto e pouca leña.** (ms24,69r: Meilán).

Quiroga

456. **Os de Pacios, comen o burro a pedazos; os de San Vitorio, roéronlle o coiro; i-os de San Martín, comen o cabritín.** (ms29,76v: Quiroga). Pacios: Quiroga.

Reádigos (Pol)

457. **Us de Reádigos, do patrimonio do demo.** (ms24,133r: F.V.S.)..

Rodelas, Lagazós (Lalín)

458. **Millo en Rodelas e fabas en Lagazós ¡vaia por Dios!** (ms29,31r). Porque estos dos pueblos no producen bien estos frutos. Rodelas, Lagazós (Lalín)

Samos

459. **Roubamantas, os de Zoca; roubasantos, os de Vigo; campaneiros, os de Renche; mintireiros, os de Lastres; e para bons, os de Lourido.** (ms28,34r: Renche, Samos).

Santiago - Padrón

460. **O que vai a Santiago e non vai a Padrón non sabe si é romeiro ou non.** (ms29,281r: Silvarrei).

Santiago de Compostela

461. **En Santa Susana matan a besta, en Sar cómena fresca, i-en Conxo mandan recado de que lles manden a croca do rabo.** (ms28,27v: Refranes tomados de apuntes inéditos de D. Manuel Murguía).

Serantes

462. **Cando pases por Serantes preguntarás por Tarecos: tales pais, tales fillos, tales avós, tales netos.** (ms29,65r: Estrada - Puente Ulla).

Teixeiro

463. **Festas, queixos e terneiros, os da vila de Teixeiro.** (ms28,8r).

Terra Chá

464. **Se te casas, neniña, cásate na Terra Cha: beberás auga no charco i-oirás cantar a rá.** (ms29,116r: Arcos, Pol).

Viana (Chantada)

465. **Os de Viana, rateiros.** (ms28,25r: Chantada). Viana (Chantada). Viana, San Pedro, lugar de Esmoriz (Chantada). Lo recoge la copla popular en tierras chantadinas: *Para pan, terra de Lugo, e pra viño, Ribadavia; pra garduñas, Portapena e pra rateiros, Viana*.

Viveiro

466. **Frífaros, os de Viveiro.** (ms25,3r: Lence Santar - Ortigueira). [N. de edición: Temos dúbidas da correción da lectura na palabra *frífaros*. En Lence (1938-1941-2000:37) o único que encontramos é que *Os de Mondañedo chámanlles ... ôs de Viveiro, Chicharreiros*].

DIFERENCIAS

467. **Do *blanco ó negro hai tanto com[...]** (ms29,91r: Severo).
468. **O impío, inorante i-animal fai a todo dedo igual.** (ms24,21r: Buciños).

DILAPIDACIÓN

469. **Ben vai o que primeiro come sardiña e dispois galiña.** (ms29,33v: Trasmil, Palas de Rey).

DILIGENCIA

470. **Garda o pan, pero non o traballo.** (ms29,55r: Francisco Dopazo Rial (Santiago, 12-4-53): Arzúa).
471. **O que chega tarde, chorar ou cantar.** (ms28,40r: Cotá).

DINERO

472. **Di a campana do Rendal que o que ten, val.** (ms26, 23r, 165).
473. **O diñeiro fai o pobre cabaleiro.** (ms29,55v: Francisco Dopazo Rial (Santiago, 12-4-53): Arzúa).
474. **O diñeiro mal gachado/gañado entra pola porta e sai por u tellado.** (ms24,27v: F.V.S.)..
475. **O diñeiro mal (ganado) entra pola porta e sai por o tellado.** (ms29, 92r, 1). Este refrán es puro portugués, porque en Vigo y Pontevedra es muy corriente oirlo en gallego. *Ganado* se pronuncia *gachado* [sic]. [N. de edición: Véxase o refrán anterior].

Adulación al dinero

476. **O fume vai pró fumeiro; prós que son bonitos e teñen diñeiro**. (ms28,56r: Paradela).

DIOS

477. **Cando *Dios quere, a todos os aires chove.** (Véxase CFG5:7841)**.** (ms26, 24r, 181).
478. **Fianza, en Dios, que é santo vello.** (ms24,54r: M.V).

DIOS

Ayuda de Dios

479. **Corre máis quen Dios axuda que quen cedo madruga.** (ms28,27r: Refranes tomados de apuntes inéditos de D. Manuel Murguía).
480. **Dios nos faga ben co noso, que o alleo xa non o é.** (ms28,37r: Sober).
481. **Máis se fai ca axuda de Dios que co moito madrugare.** (ms29,56r: Francisco Dopazo Rial (Santiago, 12-4-53): Arzúa).
482. **Poda o burro e Dios dá viño.** (ms29,85v).
483. **Vale máis a quen *Dios axuda que a quen cedo madruga.** (Véxase CFG5:7760)**.** (ms26, 21r, 91).

Bondad de Dios

484. **O que Dios garda, ben gardado está.** (ms29,20v: Santiago del Pino Fernández. 4º curso).
485. **Ond'hai paz está Dios.** (ms28,20: Carballedo).

Justicia de Dios

486. **Dios día pan e touciño a quen ten herba no liño.** (ms28,3r).

Poder de Dios

487. **Dios todo remedia: unhos prá terra, outros prá cadea, i-outros prá cama sin cea.** (ms28,37r: Sober).

DOLORES

488. **A quen lle doi, cuidado tén.** (ms29,94r).
489. **O *dolor, aos malos desespera e aos bos *consuela.** (ms29,95r).
490. ***Dolores sin *calentura, máis parecen travesura.** (ms29,94v).

DOMINIO

491. **Cada un ten o seu souto.** (ms28,72r: Borrageiros). Cada uno lleva la vida como puede o le acomoda; suele usarse en mal sentido.

DONACIONES

492. **Dar e ter, como di o paxariño, seso ha ter.** (ms29,33v: Trasmil, Palas de Rey).

Conveniencia del dar

493. **O que fai ben a quen o entende, non o fai, que o vende.** (ms29,39r).

494. **Para ter a xente tranquila hai que darlle canto pida.** (ms29,52r: Félix Rodríguez Vieites).

DORMIR

495. **O que máis non pode con seu pai dorme.** (ms29,22r: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).

496. **Para dormir fóra non fai falta pedir pousada.** (ms29,75r).

DURACIÓN

497. **Unha sebe, tres anos; un can, tres sebes; un cabalo, tres cas; i-un home, tres cabalos.** (Véxase CFG5:8137)**.** (ms26, 23r, 153).

ECONOMÍA

Ver tamén Vida Comercial, Tener.

Ahorro

498. **Cartos feitos e pan cocido, logo se acaban.** (ms25,1v).

499. **O que garda e garda ben, garda a alma e mais o que ten.** (ms29,33v: Trasmil, Palas de Rey).

500. **O que non vai na manta, vai na amata.** (Véxase CFG5:4741)**.** (ms26, 28r, 295). Muchos por ahorrar, gastan más.

501. **O que queira ver venganza do veciño, véxalle os cartos en rodas ou en pan cocido.** (ms28,20r: Chantada).

502. **Papar e sorber, non pode ser.** (ms28,12r).

Ahorro y tacañería

503. **Na arca do avarento, o demo está dentro.** (ms29,49v: J. Santiago Pérez).

504. **Na arca do *avariento é raro que o home quede dentro.** (ms29,122r: Manuel Portela Balayo. 4º curso).

505. **Se non queres romper os zocos, anda descalzo.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).

Baratura

506. **O barato de balde é caro.** (ms24,89r: M.V).

507. **O barato é caro.** (ms29,23r: Jaime José Iglesias Lugrís. Coruña 17-II-54).

Despilfarro

508. **Despois dun aforrador, vén un disprizuador.** (ms24,43v: Buciños).

Ganancia

509. **Polo ruín día *gánase a vida.** (ms28,37r: Sober).

Ladrón

510. **Aínda do de un, hai que ser ladrón.** (ms29, 88r: Muros, A Cruña. Álvarez Giménez, E. *Refranero agrícola gallego.* Pontevedra, 1904. Citado por Luís de Hoyos Sainz en *Manual de Folklore,* páx. 511).

511. **De ladrós témonos que servir.** (ms29, 88r: Muros. Álvarez Giménez, E. *Refranero agrícola gallego.* Pontevedra, 1904. Citado por Luís de Hoyos Sainz en *Manual de Folklore,* páx. 511).

512. **O que ten pinos rouba pinos, e sempre son do seu.** (ms29, 88r: Peisaco. Álvarez Giménez, E. *Refranero agrícola gallego.* Pontevedra, 1904. Citado por Luís de Hoyos Sainz en *Manual de Folklore,* páx. 511).

513. **Para ser ladrón, por pouco se empeza.** (ms29,90v: Severo).

Mercado

514. **O que compra e vende, a bolsa llo sente.** (ms29,25r).

Pagos

515. **O mal pagador sempre ten a discu[l]pa a seu favor.** (ms29,57v: Silvestre Castiñeira Rodríguez).

516. **O que seguro queira estar, ó rei lle vaia pagar.** (ms28,33r: Carballino).

Préstamos

517. **A mal pagador non se lle empresta diñeiro.** (ms29,90v: Severo).

518. **Non lle emprestes diñeiro a que[n] ca vista no *suelo camiña o día enteiro.** (ms29,91r: Severo).

Propiedad

519. **A ola de moitos é ben comesta e mal cociñada.** (ms29,24r: Luis Martínez Fernández).
520. **Vaca de moitos, mui muxida e mal mantida.** (Véxase CFG5:20217)**.** (ms26, 20r, 51).
521. **Vale máis ser dono dun burro que criado dunha recua.** (Véxase CFG5:16718)**.** (ms26, 21r, 98).

Robo

522. **O que queira roubar, que salia ós camiños.** (ms25,3r: Lence Santar - Lugo).

EDADES

523. **De moza, a servir; e de vella, a pedir.** (ms29,22r: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).
524. **De vello, sete veces neno.** (ms24,45r: F.V.S.)..
525. **No curtidoiro hai máis coiros novos que vellos.** (ms28,37r: Sober).
526. **O que non folea de novo, folea de vello.** (ms24, 17r: F.V.S. Tuiriz).

Ancianidad

527. **A vella que ten fama é porque lle gusta a caña.** (ms29,78r: Fernando Lobato García).
528. **A vellés é rapacés.** (ms29,207r: Santiago).
529. **A vellés é *niñés.** (ms29,207r: Santiago).
530. **Cando o vello vén da cama, x'o fol bate na ventana.** (ms29,76v: Antonio Trigo García: Carballo, Coruña).
531. **No mes de xaneiro, vellos ó carreiro; no mes de marzo, en cada porta, catro; no mes de abril, en cada porta, mil.** (ms28,24r: *Vida Gallega*).
532. **O que ó vello non quer crer, tarde ou nunca ha de aprender.** (ms24,19r: R. Roca).
533. **O vello i-o meniño, onde lles dan cariño.** (ms29,207r: Sober).
534. **O vello que non descansa, pronto se ha de poñer de panza.** (ms29,90v: Severo).
535. **Prá vellez todos son achaques.** (ms24,100r: F.V.S.)..
536. **Vale máis vello untado que mozo regalado.** (ms29,208r: Sober).
537. **Vella cadonga val tanto como un farrapo de gaita.** (ms29,49v: J. Santiago Pérez).
538. **Vello ruzo, vai polo uso.** (ms29,76r: Antonio Trigo García: Carballo, Coruña).
539. **Vellos ó lareiro: un vello é un trasfugueiro.** (ms29,208r: Buciños).
540. **¡Ai que risa! daquela vella, que fixo a cama e non se deita nela.** (ms24,67v).

Niñez y juventud

541. **Cando ó mozo lle apunta o bozo e á muller a teta, castañeta.** (ms28,33r: G.P). Comienzan para ellos las fiestas.
542. **Canto máis novo, máis estreloxo.** (ms24,35r: Chantada).
543. **Os rapaces son o demo, e máis os da mama.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).
544. **Para contentar o rapaz calquer cousa sirve.** (ms29,90v: Severo).
545. **Xente nova, sorte prás silveiras.** (ms28,49r: Santa Eugenia de Asma).

EGOÍSMO.

Ambición. Interés

546. **De balde traballa o can e mais leva pau.** (ms24,44r: *Vida Gallega*).
547. **Nunca te fíes no qu'outro ten.** (ms28,1v: Puentedeume).
548. **O cocho e mais o mono, todos pretenden o trono.** (ms29,78r: Fernando Lobato García).
549. **O que é mal adquerido é mal despendido.** (ms29,34v: Trasmil, Palas de Rey).
550. **O que todo o ten, todo lle sobra.** (ms28,31r: Villamane, Cervantes).
551. **O que un non quere outro non enxeita.** (ms29,33r: Trasmil, Palas de Rey).
552. **Polos santos báixanse as pedras, e polas novas ámanse as vellas.** (ms26,30r: Pidre).
553. **Polas nenas bícanse as vellas.** (Véxase CFG5:8512)**.** (ms26, 28r, 287).

Reprobación del egoísmo

554. **Bocado comido non ten amigo.** (ms26,23r).

555. **Viño bebido, nin ten sustancia nin fai amigo.** (ms27,64r: Pedro de Merille (Salvador Golpe). *La Defensa*. Betanzos).

ELECCIÓN

556. **A maza e a rebola, o demo que as colla.** (ms28,45r).

557. **Do carballo á rebola, veña o demo e escolla.** (ms29,114r: Villamane, Cervantes). *Rebola* = Roble pequeño. En este sentido falta en nuestros diccionarios.

EMBARCACIONES

558. **Barco amarrado non fai nada.** (ms28,7r: Baiona).

559. **Barco de vela axiña se colle.** (ms28,7r: Baiona).

EMIGRACIÓN

560. **Si vés de Francia e Inglaterra, trae cousas de aquela terra.** (ms29,89v: Ramón Franco Vara).

ENGAÑOS

561. **As trampas conócense ba[...]** (ms29,91r: Severo).

ENGORDAR

562. **Enghordar, pa *morir e mal vivir.** (ms29,80r: Jesús Martínez Sanjuán: Ortigueira, La Coruña).

ENJAMBRES

563. **Ano de enxamia, sete de murría.** (ms24,68v: F.V.S.)..

ENVIDIA DE LA PROPIEDAD AJENA

564. **Besta allea, anda que rabea.** (ms28,3r).

ESCARMIENTO

565. **O que ten rabo de palla, sempre pensa que lle arde.** (Véxase CFG5:8961)**.** (ms26, 27r, 273: Pidre).

ESCASEZ

566. **Na terra do pouco, o que non quere un, quéreo outro.** (ms28,37r: Sober).

Escasez de alimentos

567. **Un irmán máis, unha ración menos.** (ms29,91v: Severo).

ESCATOLÓGICOS

568. **A m[erda] é un plato feito pra quen ten peito.** (ms28,20: Carballedo).

569. **O que fía caga mazarocas.** (ms29,24r: Luis Martínez Fernández).

570. **Tras dos p[eidos] vén a m[erda].** (ms24,124v: F.V.S.)..

ESFUERZO

571. **Corpo rogado, non é estimado.** (ms28,37r: Sober).

572. **Non se pescan troitas cas bragas enxoitas.** (Véxase CFG5:9093)**.** (ms26, 21r, 93).

573. **O que algo ten, algo lle costa.** (ms29,115r: Villamane, Cervantes).

Esfuerzo estéril

574. **Non vale correr detrás de quen escapa.** (ms29,84r).

ESTACIONES

575. **Cociña quente, inverno ledo.** (ms29,107v: Manuel Martínez Lois).

576. **En marzo o inverno aínda non acaba, porque falta a cocha de abril.** [N. de edición: A *cocha de abril* debe de ser uns días de chuvia e mal tempo nese mes. É máis coñecida a *porca de maio* que aparece en refráns coma *Porca de maio val mais no principio que no cabo*] (ms29,84r).

577. **Nin no inverno nin no vran deixes a manta na casa de Xan.** (ms29,48r).

578. **No inverno e no verán, sácase e ponse o gabán.** (ms29,90r: Severo).

579. **Para que ferva a ola d'inverno ten que arder a mola de vrao.** (ms29,116r: Arcos, Pol).

ESTUDIANTES

580. **Abogado é carreira dos ricos tontos e dos probes listos.** (ms28,3v).

581. **Dende as San Lucas a Nadal, todos estudian por un igual: pouco e mal.** (ms25,10v: *O Gaiteiro de Lugo*. 1959).

EXCEPCIÓN

582. **Ave sola non fai niño.** (ms28,3r).

583. **Non hai pega branca sin mancha negra.** (ms24,108r: Lamas de Biduedo).

584. **Un pau solo non fai sebe.** (ms24,132r: M.L).

EXIGENCIAS

585. **Na túa casa non tes galiña e na *ajena pides sardiña.** (ms29,87v).

EXPERIENCIA

586. **A experencia é máis larga cá vida.** (ms28,3r). Var.: *Hai máis preitos ca profeitos.*

FAMA

587. **Colle boa fama e bótate a dormir, e cóllea mala e bótate a pedir.** (ms29,115r: Villamane, Cervantes).

588. **Si tes boa fama, bótate na cama.** (ms29,89v: Ramón Franco Vara).

FAMILIA. PARIENTES

589. **A bisnetos chegarás, tastaranetos non verás.** (ms28,3r).

590. **Cada fillo mama en súa mai.** (ms28,32r: Sober).

591. **Cada fillo trague o seu pan.** (ms29,105v: Manuel Martínez Lois).

592. **Como miña nai, ningunha.** (ms29,48v).

593. **Dos fillos que ten un padre, non hai dous da mesma idea.** (ms28,35r: Villamane, Cervantes).

594. **O pai que lle quer ós fillos non esconde o panciño.** (ms29,90v: Severo).

595. **O que dos seus non espera, dos alleos mal lle veña.** (ms24,127v: M.L).

596. **Ou nas orellas ou nos pés has de *salir a quen es.** (ms24,23v: F.V.S.)..

597. **Ou nas uñas ou nos pés, has de tirar a quen es.** (Véxase CFG5: 9465, 9590 ss., 9595)**.** (ms26, 25r, 215).

598. **Pais tamborileiros, fillos tunturuntún.** (ms28,33r: Carballino).

599. **Parentes seamos e de noso teñamos.** (ms28,13r: Manuscrito que conserva D. Juan de Naya - Bibliotecario de la R.A.G.: Beade).

600. **Por cuestión dos parentes non o quites ós dentes.** (ms28,3r).

601. **Prós fillos e prós criados, o pan nunha mao i-o pau na outra.** (ms25,6r).

602. **¿Quen gaba a moza? O que lle pón a nai quérello quitar a sogra.** (ms28,33r: Carballino).

FAVOR

603. **Unhos fan os favores i-outros levan os honores.** (ms28,33r: Carballino).

FIESTAS Y ROMERÍAS

604. **Com'a romería de San Sidrán non se atopa outra no Ullán.** (ms29,282r). Es una romería concurridísima que se celebra en San Cipriano de Monte en la parroquia de San Pedro de Dimo, ayuntamiento de Catoira, p. Judicial de Caldas de Reyes.

605. **Das cachelas de San Pedro e mais das de San Xoan, levei os zapatos novos e trouxen as solas na man.** (ms29,79r: Ramón Lema García: Serantes de Lage). *Cachelas*: fogueira.

606. **Das Candelas a San Blas romerías non hai *más.** (ms29,84r).

607. **No camiño de San Campio tanto anda o coxo com'o manco.** (ms29,57v: Silvestre Castiñeira Rodríguez).

608. **O que vai a Santiago e non á Ascensión, vai á romería ou non.** (ms29,22r: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).

609. **Pola Pastora pasaremos a festa de troula.** (ms29,52r: Félix Rodríguez Vieites).

610. **Polo San Xoquín, de noite saír.** (ms29,105r: Manuel Martínez Lois).

611. **Se vas a San Andrés e corres pouco, vas nun mes e vés no outro.** (ms29,21v: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).

Fiestas. Carnaval

612. **Polo antroido a xente non é de coiro.** (ms29,43r: Manuel Constantino Nogareda Bértoa: Carballo, Bértoa).

Fiestas. Navidad

613. **Nadal sen porco, non veñan moitos.** (ms25,3r: *Galicia Emigrante*. Buenos Aires, noviembre 1954. Año I, nº6).

Fiestas. Pascua

614. **Polas Pascuas, os ovos nas ascuas.** (ms29,59v: Silvestre Castiñeira Rodríguez).

FORTUNA. BUENA O MALA

615. **Cando a semana está de piollos, non vale cambiar a camisa.** (Véxase CFG5:9839)**.** (ms26, 25r, 199).

616. **Indo ben, nunca é tarde.** (ms28,37r: Sober).

617. **O que ten *suerte, hasta o vento lle carreta a folla.** (ms29,112r).

FRÍO

618. **O que se quenta ao lume e vai pró río, ten despois máis frío.** (ms27,63r: Pedro de Merille (Salvador Golpe). *La Defensa*. Betanzos).

FUEGO

619. **Chégase o lume á estopa, vén o diaño e sopla.** (ms24,37v: Pidre).

GOBIERNO

620. **Agora andamos gobernados polos da augardente.** (ms24,11v: F.V.S. Vivero). F. Gª *Penete*, refiriéndose al gobierno municipal, recuerda el buen negocio hecho por algunos de Camba en el trato del aguardiente.

621. **O auntamento é unha gran vaca de leite: o alcalde, cóllea polos cornos; os concexales espántanlle as moscas; e o sagredario múnguia.** (ms25,8r: Valle del Mao, Incio).

622. **O que non teis de memoria, teilo de pernas.** (ms29,114r: Villamane, Cervantes).

623. **O que non ten acordo, que teña folgo.** (ms24,128r: M.L).

624. **O que ten a ovella, que mire por ela.** (ms29,305r: Lugo).

GUERRA Y PAZ

625. **Cando o can berra, hai guerra.** (ms29,49v: J. Santiago Pérez).

626. **Co cura da parroquia e co xuez da terra non teñas guerra.** (ms28,3v).

HABER

627. **Onde haxa agravios, hai celos.** (ms29,49r: J. Santiago Pérez).

HABLAR MUCHO Y HABLAR POCO

628. **O que cala amola a quen fala.** (ms29,24r: Luis Martínez Fernández).

629. **O que cala *gana pouco; i-o que fala *gana menos.** (ms28,42r).

630. **O que moito di, pouco lle queda.** (ms29,91r: Severo).

631. **Tres cousas tes que coidar: ouvir, ver e calar.** (ms25,3v).

HAMBRE. GASTRONOMÍA

632. **A fame do amo descubre a do criado.** (ms29,122r: Manuel Portela Balayo. 4º curso).

633. **A masa, ela sóla se pasa.** (ms29,34r: Trasmil, Palas de Rey).

634. **Ao pan encetado, fácile é de voltar.** (ms29,88r: Sergude, Carral, A Cruña. Álvarez Giménez, E. *Refranero agrícola gallego*. Pontevedra, 1904. Citado por Luís de Hoyos Sainz en *Manual de Folklore*, páx. 511).

635. **As patacas en San Xoán prestan como o pan.** (ms29,88r: Lugo (no mercado). Álvarez Giménez, E. *Refranero agrícola gallego*. Pontevedra, 1904. Citado por Luís de Hoyos Sainz en *Manual de Folklore*, páx. 511). Tradición oral.

636. **Barriga larga, taleiga da area.** (ms29,73v: Jesús Tubío Sanjuán).

637. **Boca, de pisco; e barriga, de amo.** (ms28,12r).

638. **Carne do rato, *plato do gato.** (ms29,49r: J. Santiago Pérez).

639. **Cociña acesa e pan na artesa.** (ms29,67r: Incio).

640. **Cociña acesa e pan na mesa.** (ms28,61r: Incio). Resume el bienestar material del hogar campesino.

641. **Comendo e lambendo vaise a vella enchendo.** (ms28,31r: Villamane, Cervantes).

642. **Con *patatas e sardiñas vívese na nosa terriña.** (ms29,90v: Severo).

643. **De papas e pan, dúas arcas se van.** (ms24,42r: F.V.S. Tuiriz).

644. **Empanada de choco sabe a pouco.** (ms28,7v: Redondela).

645. **En febreiro, o que non come pan, come carneiro.** (ms29,49v: J. Santiago Pérez).

646. **En pan encetado corta quen quere.** (ms24,47r: M.V).

647. **Fritas non fritas, mentira o no.** (ms24,56r).

648. **Home folgado, medio mantido.** (ms28,3v).

649. **Máis comías se che deran, pero como non che dán, arrabeas como un can.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).

650. **Mentras hai avea non se vai á arca allea.** (ms28,37r: Sober).

651. **Nas patacas o pimento é un entretenimento.** (ms29,78v: Fernando Lobato García).
652. **Non deixes de comer o fruto porque che *sepa mal a *corteza.** (ms29,115r: Villamane, Cervantes).
653. **O ollo é bon pró *plato.** (ms28,37r: Sober).
654. **O que come por comer, nunca moi gordo ha de ser.** (ms29,90r: Severo).
655. **O que do alleo come, do seu se mantén.** (ms28,32r: Sober).
656. **O que ten aboa non pasa sin cea.** (ms24,25v: D. de Avisos. R. Caruncho).
657. **O que vén do campo quere caldo.** (ms29,23r: Jaime José Iglesias Lugrís. Coruña 17-II-54).
658. **Pan e viño, sopas de burro cangadiño.** (ms28,24r: *Vida Gallega*).
659. **Papas no pote, *agua na barriga.** (ms29,91r: Severo).
660. **Pouco aceite dan por un carto cando a pescada é moita.** (ms29,19v).
661. **Queixo, cerrado; e pan, esponxoso.** (ms29,92r).
662. **Sopas con pan, dúas casas desfán.** (Véxase CFG5:10895)**.** (ms26, 30r, 342: Basilio).
663. **Todo de pluma e pelo, ó cazolo.** (ms29,34v: Trasmil, Palas de Rey).
664. **Val máis un día de chea que dous de fame.** (ms26,27r: Pidre).
665. **Vale máis estar delgado no souto que gordo na barriga doutro.** (ms29,100v: Manuel Martínez Lois).
666. **Vale máis fraco no aire ca gordo na xaula.** (ms28,3r).

HERENCIA

667. **Estás apañado, si esperas por camisas de difuntos.** (ms27, 59r: Verín. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). Mal te veo si para pasarlo hoy bien cuentas con lo que puedas heredar.
668. **Herda, herda, pra que non se perda.** (ms28,37r: Sober).

HERMOSURA

669. **Nena bonita, cu cagado.** (ms28,37r: Sober).

HIJOS

670. **O que ten fillos non reventa.** (5ms26, 22r, 137).
671. **Os fillos, mala cara e bo corazón.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).
672. **Si queres ver un fillo pillo, méteo monaguillo.** (Véxase CFG5:11041)**.** (ms26, 25r, 217).

HOMBRE

673. **Cando os olmos dean peras e os toxos boten uvas, han de ter boas auciós os homes das barbas rubas.** (ms24,31v: J.A.P).
674. **Cando os ríos corran pr'arriba i-os carballos den uvas, han de ser bos os homes das barbas rubias.** (Véxase CFG5:11105)**.** (ms26, 19r, 39).
675. **Home cativo, home perdido.** (ms29,48v).
676. **Home coxo e can rabelo, todo é veneno.** (ms29,79r: Ramón Lema García: Serantes de Lage).
677. **Home forricha, home de *desdicha.** (ms29,48v).
678. **Home gordo e pobre, galupín dereito.** (ms29,21v: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).
679. **Home grande, polo *general, cobarde.** (ms29,102v: Manuel Martínez Lois).
680. **Home malo e can rabelo, malo como o demo.** (ms29,114v: Villamane, Cervantes).
681. **Home peludo, ou mui cativo ou mui forzudo.** (ms29,102v: Manuel Martínez Lois).
682. **Home pequeno, fol de veleno.** (Véxase CFG5:11250)**.** (ms26, 20r, 59).
683. **Home que ten *guerrera nunca toma *borrachera.** (ms29,78r: Fernando Lobato García).
684. **Home zorro e can rabelo, desconfía del como do demo.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).
685. **O home e o oso, canto máis feo máis chistoso.** (ms29,76r: Antonio Trigo García: Carballo, Coruña).

686. **Se queres ser home de tiña, come de novo galo e de vello sardiña.** (ms29,65r: Estrada - Puente Ulla).

687. **Tres cousas botan o home fóra da casa: fume, pingueira e muller canfurneira.** (ms25,3v). Ouvir, ver e calar.

688. **Un home é un home e un ovo é un ovo.** (ms29,53v).

689. **Vale máis home sin bes que bes sin home.** (ms24,137v: Pidre).

HONRA

690. **Na miña terra, meu haber m'honra; na terra de fóra, a roupa m'abona.** (ms24,85r: M.V).

HUERTA

691. **Non fagas horta en sombrizo nin edifiques ao pé do río.** (ms27,63r: Pedro de Merille (Salvador Golpe). *La Defensa*. Betanzos).

INDEPENDENCIA

692. **Un solo, por donde vai, volve.** (ms29,84r).

INDICIOS

693. **Cando a pota arde, *señal é de aire.** (ms29,77r: Antonio López Suárez: Traba, Coristanco, Carballo).

694. **Mirada mala, idea trastornada.** (ms29,122r: Manuel Portela Balayo. 4º curso).

695. **O que cabritos vende e cabras non ten, ou os rouba ou de algures lle vén.** (ms29,297r: Sober).

696. **Pernil colgado, camiño andado.** (ms29,78r: Fernando Lobato García).

JURÍDICOS Y SIMILARES

Ver tamén RAZÓN e mailos ns.º 13, 942.

697. **A calado agravio, calada venganza.** (ms29,49r: J. Santiago Pérez).

698. **Alcalde novo e a xusticia na silveira.** (ms29,70v: José Manuel Vázquez: Comarca de Ribadeo).

699. **Bon abogado, mal viciño.** (ms24,15v: F.V.S. Buciños).

700. **Debaixo dunha mala capa encérrase unha mala abella.** (ms28,4r).

701. **O que ten a lengua aguda, ten a costela dura.** (Véxase CFG5:11889)**.** (ms26, 28r, 299: Taboada).

702. **Preso, nin por un pelo: a libertá é prenda de gran valía.** (ms24,98r: Buciños).

703. **Quen día días santos non falta.** (ms24,104v: Buciños).

704. **Sempre o inocente carga ca culpa.** (ms29,49r: J. Santiago Pérez).

705. **Val máis perder unha riña que *ganar un pleito.** (ms29,21r: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).

706. **Vale máis cun home honrado papel verbal, ca cun pillo o notarial.** (ms28,3r).

LATÍN

707. **O que ben conxugha e ben decrina, aprendida ten a lenghua latina.** (ms29,76r: Antonio Trigo García: Carballo, Coruña).

LIMOSNA

708. **Canto máis rico, menos limosna.** (ms28,28r).

709. **O que dé máis cartos, máis amigo é do santo.** (ms29, 88r: Peisaco. Álvarez Giménez, E. *Refranero agrícola gallego*. Pontevedra, 1904. Citado por Luís de Hoyos Sainz en *Manual de Folklore*, páx. 511).

MANO

710. **Coa mao allea calquera saca a cobra da silveira.** (ms29,33r: Trasmil, Palas de Rey).

MAÑA

711. **A maña non se perde de un día para outro.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).

712. **Nunca te poñas no baixo para ver mellor.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).

MARINERO

713. **O bo mariñeiro bebe [...] un chanqueiro** (ms29,48v).

714. **O mariñeiro é o primeiro en borracharse.** (ms29,56r: Francisco Dopazo Rial (Santiago, 12-4-53): Arzúa).

715. **Pra mariñeiro, o mar.** (ms29,71v: Jesús Tubío Sanjuán).

MARÍTIMOS

716. **A mellor salsa do peixe é o apetito.** (ms24,68v: F.V.S.)..

717. **Area branda, sinal de mar picada.** (ms28,7r: Sada).

718. **Deica San Martiño, van os curas ó mar; de San Martiño en diante, nin curas nin estudiantes.** (ms28,7v: Grove).
719. **O xeito asenta o peito.** (ms28,7v: Riveira).

Arte de navegar

720. **Co mar i-o vento, dúas cuartas a balrovento.** (ms28,7r: Grove).

Artes de pesca

721. **Aparello fino, pesca fina.** (ms28,7r: Ribadeo).
722. **Rede que colle tódolos peixes, é millor que a deixes.** (ms24,105v: Buciños / ms29,216r: Sta. Eugenia de Riveira).

Astros

723. **Roibeces ao mar, galas a sollar.** (ms27,63r: Pedro de Merille (Salvador Golpe). *La Defensa*. Betanzos).

Astros. Pronóstico de lluvia

724. **Lúa con disco, chuvia e ventisco.** (ms28,7v: Grove).
725. **Lúa nova tronada, nove días mollada.** (ms28,7v).
726. **Lúa ó sueste, punta de auga.** (ms28,7v: Riveira).

Astros. Pronóstico de viento

727. **Porta do sol encarnada, do norte virá a ventada.** (ms28,8r: Pontevedra).

Chuvia, nubes, néboas

728. **Borraxeira ó mar, algo a terra vén buscar.** (ms29,121v: Manuel Portela Balayo. 4º curso).

Mareas

729. **Ca marea alta non sales o porco.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).
730. **Canto máis tarde, peor marea.** (ms29,71v: Jesús Tubío Sanjuán).

Meteorológicos

731. **Barrón de cabo a cabo, norte declarado.** (ms28,7r: Sada).
732. **Cando brúa o mar en Mohías, busca leña para quince días.** (ms28,7r).
733. **Compañeiro novo a bordo, ou tormenta ou mar de fondo.** (ms28,7r: Grove).
734. **Chuvia do sur e vento da ría, cerrazón pra todo o día.** (ms28,7v: Grove).
735. **Chuvia do sur e vento do norte, mal tempo todo o día.** (ms28,7v: Pontevedra).
736. **Mar en regueiros, todo o día chubasqueiro.** (ms28,7v: Ribadeo).
737. **Mar forano, chubascano.** (ms28,8r).
738. **Néboas no San Xoán, tromentas do norte.** (ms28,8r: P. del Caramiñal).
739. **Norte con nubes oscuras, mal tempo encima.** (ms28,8r: Pontevedra).
740. **Mar marucía, vendaval encima.** (ms28,7v: Carreira).

Peces

741. **Brota a figueira, serrano á madrigueira.** (ms28,7r: Bueu). *Serrano*: un pez.
742. **Cando é marelo o cangrexo, está cheo.** (ms28,7r: Pontevedra).
743. **Pasando San Blas, o ollomol vai pra tras.** (ms29,22r: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).
744. **Pola Santa Mariña, sobe a anguía.** (ms28,32r: Gondrame, Páramo). Por este tiempo, en efecto, se le ve subir, en bandadas, río arriba.
745. **Sardiña que leva o gato, ¡fu!** (ms29,45r: Juan Sanmartín: Betanzos).

Peces. Abundancia de pesca

746. **Moita riada, trae pulpos a escabezada.** (ms28,8r: Ribadeo, Gella).

Peces. La pesca como alimento

747. **Sardiña salada, ben cocida ou mal asada.** (ms24,114v: M.L).

Peligros del mar

748. **O millor remedio para non marearse é non embarcarse.** (ms29,91r: Severo).

Pronóstico de tempestad

749. **Vento non hai e mar non xuxa, ¿qué será esto que me repuxa?** (ms28,34r: Otero de Rey).

Pronóstico por aves

750. **Corvos na praia, sinal de vento i-auga.** (ms28,7r: Carreira). Cuervos marinos.

751. **Gaivotas en terra, mariñeiros á casa.** (ms28,7v: Espasante).

752. **Gaivotas en terra, mariñeiros sin pesca.** (ms28,7v: Pontevedra).

753. **Gaivotas á terra, mariñeiro no porto espera.** (ms28,7v: Grove).

Pulpo

754. **Entra o cuco, fóra o pulpo.** (Véxase CFG5:20476)**.** (ms26, 20r, 65).

Satíricos

755. **Mariñeiro con polainas, mal mariñeiro.** (ms28,8r: Pontevedra).

Tierra y mar

756. **O que vai pró mar, prevínas'en terra.** (ms29,71v: Jesús Tubío Sanjuán).

757. **Si tes présa vai por terra, que por mar non é viax[e] certo.** (ms29,72v: Jesús Tubío Sanjuán). No ms. di *vias*.

Vida del marinero

758. **Cando ó mariñeiro lle dan de beber, ou o moleron ou o queren facer.** (ms28,7r: Ribadeo). No es *moler* precisamente el verbo que nosotros usamos por eufemismo.

Vientos y calmas

759. **Calma na ría con día, vento sur deloutro día.** (ms28,7r: Grove).

760. **Calma na ría, nordeste polo día.** (ms28,7r: Riveira).

761. **Calma no vento, calma na mar: preto da terra e saber nadar.** (ms28,7r). He aquí las condiciones para librarse de naufragio.

762. **Cando as gaivotas voan altas, redobra as amarras.** (ms28,7r: Cariño).

763. **Chuvia do mar e vento na ría, haille carauta para todo o día.** (ms24,37v: Muros).

MATRIMONIO

764. **A muller que pega ó home, fai ben xa que pode; i-o home que tal consente merece que o tundan sempre.** (ms29,4r).

765. **Cásate, Xan; que *Dios dará pan.** (Véxase CFG5:13076)**.** (ms26, 27r, 277: Pidre).

766. **Casou María con Pedro, casamento negro.** (ms28,33r: *O Gaiteiro de Lugo*, 1952).

767. **Dous que dormen nun mismo colchón vólvense da misma condición.** (ms24,42r: F.V.S. Tuiriz).

768. **O baño i-o casamento, de repente.** (ms28,3v).

769. **O que ha de ser ben casado ha de saber *gana-lo pan.** (ms24,25v: *D. de Avisos*. R. Caruncho).

770. **O que sin roupa casa, sin ela pasa.** (ms28,43v: Palas).

771. **Quen non está velado, non está casado.** (ms29,3r).

772. **Tres son as crases dos casados: os minguiñas, que mandan elas soliñas; os minguelas, que mandan eles con elas; i-os homes, que mandan eles, elas non.** (ms28,24r: *Vida Gallega*).

773. **¿Casácheste? Enterrácheste.** (ms29,3r).

Matrimonio. Soltero

774. **Non hai millor vida có que solteiro se ten.** (ms29,34r: Trasmil, Palas de Rey).

MEDICINA. HIGIENE

775. **O que é bon pró estómago é malo pró fígado.** (ms26, 38r: Pidre).

776. **Ao louco quitarlle o pau e, si quere arremeter, darlle con el.** (ms29, 92r, 10).

777. **Cada tolo con *su manía e eu ca miña.** (ms29, 92v, 17).

778. **Donde entra o sol non entra o médico.** (ms28,36r: Arcediago).

779. **Fai com'o *loco: ou todo ou nada.** (ms29,27r: Diego Ríos Noya).

780. **Fai máis o tolo na súa casa que o cordo na allea.** (ms29,38r).

781. **Máis vale tolo que necio.** (ms29, 92v, 13). El sentido popular tiene más compasión por los faltos de inteligencia desde su nacimiento que de los locos.

782. **Non hai cura sin amargura.** (ms28,33r: Lugo).
783. **O augardente é bo pra moitas cousas: para quencer, para esquencer e para non tremer.** (ms28,24r: *Vida Gallega*).
784. **O ebrio i-o tolo son dous ausentes.** (ms24,74v: F.V.S.)..
785. **O leite i-o viño fan do vello mociño.** (Véxase CFG5:13655)**.** (ms26, 23r, 155). Véase *Pan de trigo e viño tinto fan do viño mociño*.
786. **O que anda cun coxo, ao ano é coxo.** (ms29, 92r, 9). Por espíritu de imitación.
787. **O que lle doi a cabeza ten que rascala.** (ms29,75r).
788. **Ós ollos, co codo.** (ms28,3r).
789. **Pra desteta-lo bucho non hai como mata-la bucha.** (ms28,31r: Villamane, Cervantes). *Bucho*: cría. *Bucha*: madre.
790. **Salude é pró enfermo a alegre casa do médico.** (ms24,119v: F.V.S.)..
791. **Se che pica unha sabandixa, vas ca caixa para a misa.** (ms29,121r: Manuel Portela Balayo. 4º curso).
792. **Si che morde unha pinta, namais che queda unha vida.** (ms29,65r: Estrada - Puente Ulla).
793. **Si che pica unha sarabandisa, hoxe na cama, mañán na misa.** (ms29,50r: J. Santiago Pérez).
794. **Si te morde unha donicela, fai a camisa na terra.** (Véxase CFG5:13808)**.** (ms26, 21r, 105).
795. **Si ve-lo médico na mula, morte segura.** (ms28,20r: Chantada).
796. **Un tolo no *consiente *tener *sosiego* a la *gente.** (ms29,92v).
797. **Un tolo *jamás deixou a casa en paz.** (ms29, 92v, 21).
798. ***Jesucristo curou a cegos e leprosos, pero non a tolos.** (ms24,66v: F.V.S.)..
799. ***Jesucristo *curó a cegos e leprosos, pero non a tontos.** (ms29,92v).
800. ***Jorobas e manías cúranse con milagros.** (ms29, 92v, 14). Aquí se alude indudablemente a los endemoniados.

MÉDICOS

801. **Non hai mellor zuruxano que o acuitelado.** (ms29,238r: Sober).

MENTIRA

802. **Máis pronto se colle a un mentiroso que a un coxo.** (Véxase CFG5:13970)**.** (ms26, 26r, 235).
803. **O mentir das estrelas é mentir seguro porque nadie ha de ir a velas.** (ms28,27r: Refranes tomados de apuntes inéditos de D. Manuel Murguía).
804. **O que non mente, non é xente.** (ms28,3v).
805. **O que seu nome pon a outro, xa fai abondo.** (ms25,3r: Lence Santar - Silvarrei).
806. **O vello na súa terra i-o novo na allea, mente que rabea.**(Véxase CFG5:14003)**.** (ms26, 25r, 197).

MIEDO

807. **O medo garda a viña i-o dono cómelle as uvas.** (ms28,24r: *Vida Gallega*).
808. **O que escapa, medo leva.** (ms29,48v).
809. **O que ten medo non é bo.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).

MISCELÁNEA

810. **Alegría secreta, candela morta.** (ms28,34r: G.P).
811. **Brincos de homes, patadas de burros.** (ms29,72r: Jesús Tubío Sanjuán).
812. **En cada terra hai seu uso i-en cada roca seu fuso.** (Véxase CFG5:14315)**.** (ms26, 28r, 304: Pidre).
813. **Facelas e pagalas non é valentía.** (ms28,37r: Sober).
814. **Garanexo, se te como non te vexo.** (ms29,190r: Sober).
815. **Hai que s'ir cos que se van.** (ms29,33v: Trasmil, Palas de Rey).
816. **Inda as *tazas do cunqueiro son iguales e inda zoñan unhas coas outras.** (ms29,34v: Trasmil, Palas de Rey).
817. **Mans de ouro e boca de touro.** (ms29,24r: Luis Martínez Fernández).
818. **Non hai mellor cousa que decir que si *cuando un ten gana.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).

819. **Non necesita auga a cuba, desde a nacencia hasta a cuba.** (ms28,13r: Manuscrito que conserva D. Juan de Naya - Bibliotecario de la R.A.G.: Beade).

820. **O fume vai pra detrás do lar: as caras de gato, déixense estar.** (ms28,73r: Paradela).

821. **O qu'un toronxo queira ver, díall'un candil a encender.** (ms28,3v). *Toronxo = praga = pentenexo*.

822. **O que non agrada, sempre sobra.** (ms28,32r: Sober).

823. **O que non é cego, ben ve por un ollo.** (ms24,20r: Buciños).

824. **O que non se quere logo vai.** (ms28,32r: Sober).

825. **O que queira fandango qu'o *traiga no morral.** (ms28,32r: Sober).

826. **O que s'asaña perde máis que *gana, coquéanlle a cabeza e cómenlle a vianda.** (ms28,32r: Sober).

827. **Pedra sin rebo, tira, *gallego.** (ms28,32r: Gondrame, Páramo). *Rebo* lo recogen los diccionarios (Carré) con la significación de *cascajo*: piedra menuda. Significa también una piedra de mayor tamaño que se usa para volcar sobre todo el partido judicial de Chantada y en las tierras limítrofes de Pontevedra.

828. **Pitos e nenos, pronto os temos.** (ms29,38r).

829. **Pola garamalleira vaise ó canizo.** (ms27,64r: Luis Otero Pimentel en *Camiño de Santiago. Comedia sobre costumbres gallegas)*.

830. **Quen ben pousa, mal ergue.** (ms25,3r: Lence Santar - Mondoñedo).

831. **Se non é o día de Santa Lucía, é deloutro día.** (Véxase CFG5:14647)**.** (ms26, 25r, 204).

832. **Si as cousas son caras non poñas narices *raras.** (ms29,78r: Fernando Lobato García).

MOLER

833. **Allos na cuña non valen pra moer centeo.** (ms25,3r: Lence Santar - Mondoñedo).

MUERTE

834. **A can morto non lle teñas medo.** (ms29,256r: Lugo). *(es) A perro muerto no le tengas miedo.* (R. Marín)

835. **A morte é certa i-a hora incerta.** (ms29,249r: Lugo). *(es) Muerte cierta, hora incierta.* (R. Marín)

836. **A morte non avisa.** (ms29,249r: Lugo). *(es) La muerte suele no avisar: cuando menos lo piensas, ahí va.* (R. Marín)

837. **A morte nunca leva a culpa.** (ms29,247r: Sober).

838. **Chora o morto polo vivo.** (ms27, 60r: Verín. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). A veces se llora por una persona que se cree va a morir en seguida: sana ella y llora por los que le lloraban.

839. **Morre *corre corre* e corre *morre morre.*** (ms29,248r: Lugo). Muere el joven que puede correr y vive el viejo que siempre está muriendo.

840. **Mórrete e verás.** (ms29,256r: Lugo). *(es) Muérete y verás.* (M. Kleiser)

841. **Non hai quen engañe a un como a morte.** (ms29,249r: Silvarrey).

842. **O crego morre de frío; o probe, de inchente; e de fame o rico.** (ms29,118v: Pol). Var.: *O probe morre de enchente; o rico, de fame; e o crego, por non estar quente.*

843. **O máis forte teme a morte.** (ms29,251: Lugo). *(es) El más fuerte teme la. (H.)*

844. **O que morre descansa.** (ms29,256r: Lugo). *(es) Quien se muere descansa.* (R. Marín)

845. **Se queres morrer ben, *cena carneiro asado e bótate a dormir.** (ms29,24r: Luis Martínez Fernández).

846. **Xente mala, vida larga.** (ms29,257r: Lugo). *(es) Gente mala, vida larga.* (M. Kleiser)

MUJER

847. **A boa dama mírase á levantada da cama.** (ms28,9r: Taboada).

848. **A muller que come a nata non ten *suerte na manteiga.** (Véxase CFG5:15117) (ms26, 24r, 190). Véase *Santa Marta d'Ortigueira, a muller que come a nata non ten parte na manteiga*.

849. **A muller que se namora da roupa e non do home non ten *vergonza na cara porque a roupa se rompe [...].** (ms29,83r: Antas de Ulla).

850. **A primeira muller, señora; a segunda, escoba; i-a terceira, *reina.** (ms29,4r).

851. **As mulleres son o demo.** (ms29,91r: Severo).

852. **En fiar mais en coser gana a vida a moller.** (ms29,55v: Francisco Dopazo Rial (Santiago, 12-4-53): Arzúa).

853. **Máis ou menos xeitosa, muller por muller, val máis a nosa.** (ms28,33r: Carballino).

854. **Muller composta saca a outra da porta.** (Véxase CFG5:14997)**.** (ms26, 24r, 196).

855. **Muller monteira non poder ser casandeira.** (ms28,49r: Santa Eugenia de Asma).

856. **Muller que asubía, nunca fillo cría.** (ms29, 88r: Mercado de Santa Lucía, A Cruña. Álvarez Giménez, E. *Refranero agrícola gallego*. Pontevedra, 1904. Citado por Luís de Hoyos Sainz en *Manual de Folklore*, páx. 511). Tradición oral.

857. **Muller sin sentido, tempo perdido.** (ms29,88r: Peisaco, San Martín de Lestón, Laracha, Carballo, A Cruña. Álvarez Giménez, E. *Refranero agrícola gallego*. Pontevedra, 1904. Citado por Luís de Hoyos Sainz en *Manual de Folklore*, páx. 511).

858. **O corpo da nena está na tenda.** (ms25,3r: *La Vida Gallega* en Cuba. Enero,1956).

859. **Para vivir mal e non ganar nada, é millor muller honrada.** (ms28,3v).

860. **Si a lonxe chegar queres, non te metas cas mulleres.** (ms29,49r: J. Santiago Pérez).

MURMURACIÓN

861. **Nin de noite tras das sebes nin de día tras das paredes.** (ms28,2r).

MÚSICA. DANZA

862. **Da panza sai a chanza.** (ms24,42r: F.V.S. Tuiriz).

863. **Non sempre está o pandeiro pra festas.** (ms29,22v: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).

864. **O que de novo baila ben, de vello inda lle dá o xeito.** (Véxase CFG5:15617)**.** (ms26, 26r, 243).

865. **O que de novo baila dreito, de vello dálle xeito.** (ms28,35r: Villamane, Cervantes).

NACER

866. **Cada un nace onde o pare a súa nai.** (ms27,64r: Luis Otero Pimentel en *Camiño de Santiago. Comedia sobre costumbres gallegas*).

NECEDAD

867. **O qu'é burro, pida ó demo que o leve.** (ms24,27v: F.V.S.)..

NECEDAD. NÚMERO DE LOS NECIOS

868. **Cando un burro fala, catorce escoitan.** (ms29,72r: Jesús Tubío Sanjuán).

869. **Cando un burro fala, o outro ornea.** (ms29,21r: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).

NIEVE

870. **Día de neve, día alegre.** (ms29,189r: Sober).

871. **Xeada no lodo, auga *hasta o codo.** (Véxase CFG5:15997)**.** (ms26, 30r, 351). Variante del anterior *Xeada na lama, auga n'a cama*.

NOCHE

872. **De noite tódolos gatos son parvos.** (ms29,122r: Manuel Portela Balayo. 4º curso).

OBEDIENCIA

873. **A obedencia é a millor pinitencia.** (ms28,3v).

OCASIÓN

874. **Nos neales do ano pasado, non hai paxaros hogano.** (ms29,114r: Villamane, Cervantes). *Neales* = nidos. Falta en nuestros diccionarios.

875. **O que sin capa casa, sin capa pasa.** (ms28,3r). Hai qu'aprobeitarse das ocasiós.

OCIOSIDAD

876. **O que non ten que facer, compra unha casa e vólvea a vender.** (ms28,34r: Otero de Rey).

Reprobación del ocio

877. **Quen ten mans para o traballo non debe andar de vadallo.** (ms29,91r: Severo).

OFICIOS

878. **Ao aguacil da sala, moita adehala.** (ms28,39v: D.R.A.G).

879. **Arrieiro dunha besta, tendeiro dunha cesta e pescador de *caña, comen máis que *ganan.** (ms24,3r: M.L).

880. **Barro, barreiro, masa para o canteiro.** (ms29,90r: Severo).

881. **Cambiarás de muiñeiro; non cambiarás de ladrón.** (Véxase CFG5:16625)**.** (ms26, 24r, 172).

882. **Cando o crego se levanta i-escoita a *campana, ou leva un calote, ou lle acode a *plata.** (ms28,20r: Chantada).

883. **Cazador e troiteiro, nin meda nin palleiro.** (Véxase CFG5:16651)**.** (ms26, 23r, 156). Véase *Home gaiteiro nin boa meda, nin bo palleiro*.

884. **Con cura non leas e con ferreiro non bebas.** (ms28,30r: Baralla).

885. **Curas e frailes e *ganado lanar, hai que mantelo sin traballar.** (ms29,85r).

886. **Curas i-ameixeiras, Dios mos quite de xunto das leiras.** (ms29,85r).

887. **De xugador a ladrón, non hai *más que un escalón.** (Véxase CFG5:16709)**.** (ms26, 28r, 298: Taboada).

888. **Home cazador e home troiteiro nin ten millo no forno nin palla no palleiro.** (ms29,76r: Antonio Trigo García: Carballo, Coruña).

889. **Labradores novos, pan ás serviadeiras.** (ms28,35r: Villamane, Cervantes). *Serviadeiras* = silveiras. Falta en nuestros diccionarios. (ms29,114r)

890. **Mal xornaleiro, nin meda nin palleiro.** (ms29,38v).

891. **Mariñeiro sin liñas, igual que soldado sin mochila.** (ms28,8r: Pontevedra). *Liñas*: líneas de cinta blanca en el cuello azul del uniforme.

892. **Moitos oficios ten Ton e ningún ll'é bon.** (ms29,84r).

893. **Muller costureira e home troiteiro, nin boa meda, nin bon palleiro.** (Véxase CFG5:16803)**.** (ms26, 26r, 252). Véanse *Home gaiteiro nin boa meda, nin bo palleiro, Cazador e troiteiro nin meda nin palleiro.*

894. **Na casa do rico, que fai mala vida, puntada larga e acabar axiña. Na casa do pobre, que dá do que te ten, puntada corta e asegurar ben.** (ms24,85r: M.V).

895. **O bo material fai o bo oficial.** (ms29,245r: Lugo). *(es) El buen material hace el buen oficial.* (R. Marín)

896. **O crego e mais o *zorro si perden a mañán, perden o pan.** (ms29,48v).

897. **Se queres bo comedor, has de ter un cavador.** (ms29,76v: Antonio Trigo García: Carballo, Coruña).

898. **Se queres ter diñeiro, o teu home ha de ser zarralleiro.** (ms29,76v: Antonio Trigo García: Carballo, Coruña).

899. **Sete oficios ten Antón e ningún bon.** (ms28,2r).

900. **Tapa, masa, en canto o cerralleiro pasa.** (Véxase CFG5:16964)**.** (ms26, 29r, 311: Pidre).

901. **Val máis ser barbeiro que crego larpeiro.** (ms29,53v).

OPORTUNIDAD. APROVECHAR LA OPORTUNIDAD

902. **Cando che den a ovella, cóllea pola orella.** (ms29,54v: Francisco Dopazo Rial (Santiago, 12-4-53): Arzúa).

903. **Mentras o demo vén e non vén, seu dono perde o que ten.** (ms28,32r: Miraz).

Oportunidad tentadora

904. **Ollos que non ven, gabardina que desaparece.** (ms29,23r: Jaime José Iglesias Lugrís. Coruña 17-II-54).

PALABRAS

905. **Palabra por decir non ten bota.** (ms29,90v: Severo).

PARTOS

906. **Os fillos non se pairen cando se fan.** (ms27, 60r: Vivero. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). Las consecuencias no suceden inmediatamente después de las causas.

PASO DEL TIEMPO

907. **O tempo non para con naide.** (ms29,37r: Luís García: Santa María de Bretoña).

908. **Sabe un ó que chegou, e non sabe ó que chegará.** (ms25,6r).

909. **Todo chega e todo pasa, anque un non saia da casa.** (ms25,6r).

PECADO

910. **O pecado vai na malicia.** (ms24,130v: Buciños).

PEDAGÓGICOS

911. **Pra saber, ou ver ou *leer.** (Véxase CFG5:18211)**.** (ms26, 28r, 306: Pidre).

PELIGROS

912. **De ladrón de casa e de louco d'afora, ¡líbrenos *Dios!** (ms29, 92v, 22).

913. **O que anda cas mans na soga, se non é un día é outro, sempre a pisa.** (ms25,6r: Gerdiz, Lugo).

Peligros inesperados

914. **Nadie que salia da súa casa pode dicir que volverá a ela.** (ms28,37r: Sober).

915. **As bágoas alivian as doores.** (ms27,64r: Luis Otero Pimentel en *Camiño de Santiago. Comedia sobre costumbres gallegas*).

916. **As penas son pra os homes e non prás bestas.** (ms29,95r).

917. **Cando o mal é moito amansa os cabalos, e mais son ben bravos.** (ms29,75r).

918. **Cando vexo o mal de outro, o meu paréceme pouco.** (ms29,164r: Silvarrey).

PENSAR

919. **O que non pensa na mocha, pensa na cornuda.** (ms29,115v: Villamane, Cervantes).

PEREZA

920. **De día non vexo, e de noite, espúlgome.** (ms28,14v).

921. **Laboreiro preguicioso, por un paso, vinteoito.** (ms29,114r: Villamane, Cervantes).

922. **O lugar de Mirandela non mantén a Xan Miranda.** (Véxase CFG5:18574)**.** (ms26, 22r, 132).

923. **O que dorme non come.** (ms29,122r: Manuel Portela Balayo. 4º curso).

924. **O señor Eusebio de Portalodoso éche un home mui agudo: de día busca a grade e de noite amansa o burro.** (ms29,116r: Arcos, Pol). Se dice del que es muy holgazán. *Señor Eusebio* = personaje popular inexistente. Portalodoso, de San Juan de Mos.

925. **Riña fouce, ruí segador, *afila que *afila, pasoulle o sol.** (ms28,35r: Villamane, Cervantes). *Ruí* y *Riña*, modismo que significa *ruín* en las terminaciones feminina y masculina.

926. **Vamonos, vamonos e nunca nos imos; este éche o trato dos pereguiceiriños.** (Véxase CFG5:18584)**.** (ms26, 30r, 338: Pidre).

PERROS

927. **Can ladrador non é o máis mordedor.** (Véxase CFG5:18731)**.** (ms26, 23r, 159).

PETICIONES INDISCRETAS

928. **Non pidas a quen pideu nin deas a quen non dou.** (ms29,90v: Severo).

PIEDRA

929. **Tírase a pedra á verde e cai a madura.** (ms29,75r).

POBREZA

930. **Do que che sobre, dá parte ao pobre.** (ms29,80r: Jesús Martínez Sanjuán: Ortigueira, La Coruña).

931. **Érguete, probe, que a cama te come.** (ms29,33r: Trasmil, Palas de Rey).

932. **Ladran os cas i-estoume na cama; non hai mellor vida que non ter nada.** (Véxase CFG5:19443)**.** (ms26, 29r, 324: Pidre).

933. **O que queira empobrecer, que teña criados e non os vaia ver.** (Véxase CFG5:19269)**.** (ms26, 24r, 177).

934. **Os mandamentos dos probes son seis: o primeiro, dormir no chan; o segundo, andar polo mundo; o terceiro, non comer carne nin carneiro; o cuarto, nunca farto; o quinto, nin blanco nin tinto; o sexto, morrerse moi presto. Estos seis mandamentos encérranse en dous: matar piollos e morrer por Dios.** (ms24,18v: Muros). ms28, 29v: Muros. *Da Nosa Terra: Folklorismo e Historia* de Ramón Artaza. Noya. Imprenta Loroño. 1936)

935. **Tres limosnas non fan un xantar.** (ms27, 60r: Verín. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52).

936. **Vaca de probe anda a todas maus.** (Véxase CFG5:19288)**.** (ms26, 22r, 115).

Caminos de la pobreza

937. **O que queira empobrecer, traiga xente de fóra e non-a vaia a ver.** (ms28,20r: Chantada).

Carencias y fatigas del pobre

938. **Con pouco, vívese; e sin nada, mórrese.** (ms29,111r: Oriente).

939. **En *zorro vello todo se volven pulgas.** (ms29,84r).

940. **O que non ten vacas nin bois, ou antes ou despois.** (ms29,38v). Tiene que sembrar antes o después.

Pobreza e ingenio

941. **Discurre máis o apretado có abogado.** (ms28,27r: Refranes tomados de apuntes inéditos de D. Manuel Murguía).

Pobreza y deshonra

942. **O que non ten casa propia non se pode chamar veciño da parroquia.** (ms29, 88r: Sergude. Álvarez Giménez, E. *Refranero agrícola gallego*. Pontevedra, 1904. Citado por Luís de Hoyos Sainz en *Manual de Folklore*, páx. 511).

Ventajas de la pobreza

943. **É mellor estar sin dentes que telos e non poder roer.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).

PODER

944. **O que quere, pode todo.** (ms29,51v: Félix Rodríguez Vieites).

945. **Pra quen pode non hai *pantanos.** (ms29,11v).

POSIBILIDAD

946. **Maus de cobre e boca d'ouro, non pode ser.** (ms28,37r: Sober).

PRECAUCIÓN

947. **Conocendo o *paño, calquera corta.** (ms29,112r).

948. **Mira por onde vas e non mires para tras.** (ms29,43r: Manuel Constantino Nogareda Bértoa: Carballo, Bértoa).

949. **O aprecibido nunca é vivido.** (ms29,116v: Arcos, Pol).

950. **Veis facer a barba ó veciño, pon a túa a remollo.** (ms29,114r: Villamane, Cervantes).

Precaución tardía

951. **Desde que un morre, non necesita os caldos.** (ms29,111r: Oriente).

PRECIPITACIÓN

952. **Non penses na cortella antes de ter a vaca.** (ms29,75r).

953. **O que moito corre pouco alcanza.** (ms29,79r: Ramón Lema García: Serantes de Lage).

PRESUNCIÓN

954. **O que se limpaba a un molido e chega [a] ter toalla, non sabe onde encolgala.** (ms29, 88r: Mercado de Santa Lucía, A Cruña. Álvarez Giménez, E. *Refranero agrícola gallego*. Pontevedra, 1904. Citado por Luís de Hoyos Sainz en *Manual de Folklore*, páx. 511). Tradición oral.

PROMESAS

955. **O que promete e non dá ten o demo na ventá.** (ms29,81v: José López García: Fazouro, Foz).

PRONÓSTICOS ATMOSFÉRICOS

956. **Aire fareau, nin inverno nin vrau.** (ms28,3v).

957. **Aire peroxau: tres días en vau, i-ós tres días chau.** (ms28,3v).

958. **Arco da vella ó anoitecer, bo día ó amaescer.** (ms28,7r: Bueu).

959. **Brétima no aire, chuvia pola tarde.** (ms29,86v).

960. **Cando as pedras están húmedadas, sinten chuvia.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).

961. **Cando o fume baixa, un día de bonanza.** (ms28,7r: Cariño).

962. **Cando o sol está nublado, mañán está mollado.** (ms27,56r: *Sonata Gallega*).

963. **Cando o sol se pón con sombra, pró outro día tromenta redonda.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).

964. **Ceo encarnado ó sur, bo tempo deloutro día para secar.** (ms28,7r: Pontevedra).

965. **Ceo [h]erbellado, ceo mollado.** (ms24,59r: F.V.S.)..

966. **Ceo *anublado, *suelo mollado.** (ms29,61r: M. Márquez Gómez: Cobas, Cachafeiro, Forcarey, Pontevedra).

967. **De día de cara de morcilla, has de ter auga antes da noite.** (ms28,35r: Villamane, Cervantes).

968. **Debaixo da néboa moura, vén un sol que estoula.** (ms28,2r).

969. **Noite *estrellada, mañán destragada.** (ms29,24r: Luis Martínez Fernández).

970. **Norte encima do mollado, chuvia de contado.** (ms29,21v: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).

971. **Outono de treboadas, inverno de nevadas.** (ms28,24r: *Vida Gallega*).

972. **Por san Xoán, tempo de vran.** (ms28,24r: *Vida Gallega*).

973. **Si chove o sáb[ad]o tod'o día i-o domingo antes da misa, é excusado muda-la camisa.** (ms28,12r).

974. **Si en marzo venta, en maio o nordeste entra.** (ms29,91r: Severo).

975. **Si rumba o mar de Rimior, colle a roca e ponte ó sol.** (ms28,33r: Foz).

976. **Vento terral con néboa ao noitecer, son com'a mala muller.** (ms27,64r: Pedro de Merille (Salvador Golpe). *La Defensa*. Betanzos).

Pronósticos atmosféricos por animales

977. **Cando a rula canta, señal é de augha.** (ms29,77r: Antonio López Suárez: Traba, Coristanco, Carballo).

978. **Cando non canta o cuco é porque vai frío.** (ms29,24r: Luis Martínez Fernández).

979. **Cando os corvos *salen, señal que chove.** (ms29,96v: Eusebio Calvelo Sánchez: Carballo).

980. **Canta a cochosa alta, abofé chove.** (ms28,35r: Villamane, Cervantes). *Cochosa*: Mirlo.

981. **Canta o cuco, tempo enxuto.** (ms28,17r).

982. **O sol madrugador esconde o can no palleiro.** (Véxase CFG5:18690, 3629, 3872-5, 3963, 3964, 11427 ss, 21626)**.** (ms26, 30r, 353).

983. **Se grúa a coruxa no avisedo, sol no penedo.** (ms28,31r: Villamane, Cervantes). *Avisedo*: naciente. Falta en nuestros diccionarios. *Gruar*: Voz onomatopéyica. Falta también.

984. **Si [en] *enero a cigüeña pasa, a neve é rara.** (ms29,68r: Vilanova. O darradeiro de maio de 1951).

Pronósticos atmosféricos. Nubes

985. **Cando a montaña pon o sombreiro prepárate pró inverneiro; e si pon o capote, chove de cote.** (Véxase CFG5:16272)**.** (ms26, 19r, 31). *O sombreiro*: niebla en las cimas. *O capote*: cuando llena la falda.

986. **Corren as nubes *hacia Lugo, auga no puño; corren *hacia Ourense, sol que nos quente.** (Véxase CFG5:3789,16339)**.** (ms26, 21r, 83: San Martín de Torre, Páramo). Recogido en San Martin de Torre (Páramo) [N. de edición: O Páramo está situado ó sur de Lugo, polo tanto é vento do sur que trae auga].

PROPENSIÓN

987. **A filla da cabra cabrita é.** (ms26, 25r, 200).

988. **Vai a cabra pola viña, tal é a mai tal é a filla.** (Véxase CFG5:20178)**.** (ms26, 24r, 195).

PROPORCIONALIDAD

989. **O que tales cabreiros manda, tales cabritos come.** (ms28,32r: Sober).

990. **Según é o parroquiano, así se lle corta o saio.** (ms29,63v: Rías Altas de Galicia. Lugo. 18-2-56).

991. **Tal é o carro da Madanela com'os fueiros que leva.** (Véxase CFG5:4662)**.** (ms26, 27r, 272: Pidre). Fueiros: fungueiros.

PRUDENCIA

992. **Non se cai do carballo o que non se sube a el.** (ms28,37r: Sober).

993. **O que non mete non-o derrete.** (ms29,34r: Trasmil, Palas de Rey).

PUERTA

994. **Hai quen ten cancelo pero non ten tarabelo.** (ms29,75r).

RAZÓN

995. **Hai que mirar ben o que se fai, non basta ter razón: cómpre tela, que lla reconozan a un e que lla den.** (ms24,64r: Buciños).

RECIPROCIDAD

996. **Ama e serás amado.** (ms29,270r: Lugo).

997. **Cunha mau sola non se lava a cara.** (ms28,37r: Sober).

998. **O que ben fai, ben merece.** (ms29,269r: Lugo). *(es) Quien bien hace, bien merece.* (R. Marín)

RECOMENDACIÓN, VALIMIENTO, FAVOR

999. **O que ten pan e porco, nunca faltou quen lle cavase o horto.** (ms29,191r: Sober).

1000. **Quen pode, pode.** (ms29,191r: La Coruña).

1001. **Facer ben a un desagradecido é tempo perdido.** (ms28,1r: Villalba).

REFLEXIÓN

1002. **Pensa o que dis e non digas o que pensas.** (ms29,271r: Santiago).

RELIGIOSOS.

Ver *Santo*

1003. **Faina o zorro o sábado i-o domingo xa non vai á misa.** (Véxase CFG5:19651)**.** (ms26, 21r, 113).

Religiosos y morales

1004. **Cousas de Dios meu crego predica, unhas prá bulsa e outras pra Marica.** (ms29,8r).

1005. **Croa me puxestes, crego me fixestes.** (ms29,65v: Estrada - Puente Ulla).

1006. **Dalle Dios *almendras a quen non ten *muelas para roelas.** (ms24,41v: F.V.S.)..

1007. **Dios dá barba ó que non ten cara pr'ela.** (ms29,38r).

1008. **Fai cos demais o que non queres que fagan contigo.** (ms29,43r: Manuel Constantino Nogareda Bértoa: Carballo, Bértoa). [N. de edición: Este refrán está recollido así, aínda que obviamente ou sobra o adverbio *non* ou debe empezar con *Non fagas*].

1009. **Fai cos demais o que non queres que fagan contigo.** (ms29,43r: Manuel Constantino Nogareda Bértoa: Carballo, Bértoa).

1010. **Nadal, nadaliño; morre o ano e nasce o meniño.** (ms28,24r: *Vida Gallega).*

1011. **Nunca a túa groria verás, porque nunca vai de diante, sempre vai detrás.** (ms28,3r).

1012. **O que non reza nin vai á misa, vai pró inferno máis que de prisa.** (ms25,6r: Carballo, Coruña).

1013. **O que non sirva pra crego, que non vaia ó altar.** (ms28,32r: Sober).

1014. **O que pensa dar mal rato ó compañeiro, lév[a]o el primeiro.** (ms28,31r: Villamane, Cervantes).

1015. **O que se confesa polos mandamentos terá eternos contentos.** (ms28,3v).

1016. **Pistola me deches, crego me fixeches.** (ms24,100v: Loureiro de Cotobad). [N. de edición: Supoñemos que *Pistola* é unha errata por *Estola*, ornamento litúrxico de diáconos e presbíteros, pero o ms. di claramente *Pistola*].

1017. **Polas glorias non deixemos as memorias.** (ms29,123v: S. Fernández: Navia). Por mirar a quien trabaja, no dejemos de hacer lo que nos incumbe.

1018. **Polo si ou polo non, ramo de palma, non.** (ms28,12r: Betanzos).

1019. **Por ben facer, mal facer.** (ms29,34r: Trasmil, Palas de Rey).

1020. **Quen se condena, que non se condene.** (ms28,5r). No quieras envilecerte pensando mal.

1021. **Sacabeira matei, cen días de indulgencia ganei.** (ms25,3v: Ramón Bascoy Pérez en *La Comarca del Ortegal en el II milenio antes de Jesucristo)*. *Sacabeira*: salamandra. Ramón Bascoy recoge también el sinónimo *sacarrancha*.

1022. **Santos que comen e demos que rezan, ¡ó inferno con eles!** (ms29,97v: Enrique Porto Rey: Señoráns, Cereijo, La Estrada).

1023. **O tempo da misa gánoo lavando a camisa.** (ms24,22r: Buciños).

RIQUEZA

Riqueza y dinero

1024. **O que fai a un rico é o pico.** (ms29,76v: Antonio Trigo García: Carballo, Coruña).

1025. **O que moito ten, disgustos non lle faltan.** (ms29,279r: Silvarrei).

1026. **O que ten cartos pinta santos.** (ms29,279r: Sober).

1027. **Pobreza e riqueza son nai e filla.** (ms27,64r: Pedro de Merille (Salvador Golpe). *La Defensa*. Betanzos).

1028. **Se queres facerte rico, cando as patacas van caras, tes que pasar o ano con bola e mais con papas.** (ms29,65r: Estrada - Puente Ulla).

Riqueza y poder

1029. **Señores á porta e cabalos na horta, anque non os haxa, pouco importa.** (ms28,5r).

SABER

1030. **Con quen sabe non hai que poñerse.** (ms25,6r).

1031. **Saben cando mato, pro non saben cando acabo.** (ms28,37r: Sober).

SANTO

1032. **A cada santo, seu *cohete.** (ms29,22r: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).

SECRETO

1033. **O que teñas no peito non-o contes a un amigo, que á volta da man, hache servir de *testigo.** (ms28,31r: Villamane, Cervantes).

SUERTE

1034. **Sempre toca: si non é un zapato é unha bota, cando non é unha alpargata rota.** (ms28,1v).

SUFRIR

1035. ***Sufrir mal é mal *sufrir.** (ms24,119v: F.V.S.)..

TENER

1036. **Si queres ter, non poñas os bens a vender.** (ms29,90r: Severo).

TESTIGO

1037. **O que chega cedo ve todo.** (ms28,27v: La Coruña.Refranes tomados de apuntes inéditos de D. Manuel).

TRABAJO

1038. **A qu'os seus filliños cría, boa roquiña fía.** (Véxase CFG5:21964) (ms26, 19r, 45).

1039. **Días de traballo, a todos, menos ó verdugo.** (ms26, 24r, 176).

1040. **Fai por ter, que eu te irei ver.** (ms29,114r: Villamane, Cervantes).

1041. **Non te apures muito a traballar, que non ch'ha de faltar un día pra morrer i-outro para t'enterrar.** (ms29,116r: Arcos, Pol).

1042. **O crego do que canta, xanta.** (ms29,52v: Félix Rodríguez Vieites).

1043. **O labor feito ben parece; e quen o fixo algo merece.** (Véxase CFG5:22055)**.** (ms26, 27r, 279: Pidre).

1044. **O pé andando non cría *musgo.** (ms24,27v: F.V.S.)..

1045. **Os atallos dan traballos.** (ms28,3r).

1046. **Pouco e mal, calquera o fai.** (ms29,101v: Manuel Martínez Lois).

1047. **Quen ten mans e *salude, come pan *hasta o ataúde.** (Véxase CFG5:22161)**.** (ms26, 20r, 81).

1048. **Si queres descansar, que non che dea o sol na cama.** (ms29,86r).

USO

1049. **Cousa que moito se usa, pouco dura.** (ms29,301r: Lugo). *(es) Lo que mucho se usa, poco dura.*

USOS Y COSTUMBRES

1050. **Na terra de lobos non hai *más remedio que arrabear coma todos.** (ms29,24r: Luis Martínez Fernández).

1051. **Na terra onde vivires, deixa o que sabes e fai o que vires.** (ms29,167r: Sober).

VER

1052. **Era bonito ver, se se pudera coller.** (ms24,51r: Buciños).

VERDAD

1053. **Á verdá nin Dios lle tose.** (ms29,303r: Silvarrei).

1054. **A verdá nunca cambia.** (ms29,303r: Silvarrei).

1055. **A verdá sempre reloce.** (ms29,303r: Silvarrei).

1056. **A verdá solta fai camiño.** (ms29,303r: Sesto - *Faro de Vigo)*.

1057. **Coa verdá vaise a todas partes.** (ms29,303r: Lugo). *(es) Con la verdad a todas partes se va.* (R. Marín)

1058. **Coa verdá vou a Roma.** (ms29,303r: Silvarrei).

1059. **Parécelles mal ós frades que lles digan as verdades.** (ms24,96v: F.V.S.: Tuiriz).

VERGÜENZA

1060. **A pouca vergonza é media mantenencia.** (ms24,7v).

VIAJE

1061. **No agosto non pasearás, e no Netal non embarcarás.** (ms28,3v).

1062. **Busca pousada con día, que na miña terra os coxos búscana ó mediodía.** (ms28,32r: Sober).

VICIOS

1063. **As soberbias non collen pró río.** (ms27, 61r: Vivero. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). Las soberbias caen ya en esta vida y no tardan.

1064. **Non é ouro todo o que reloce nin mormo todo o que se tose.** (ms28,27v: Refranes tomados de apuntes inéditos de D. Manuel Murguía).

1065. **O que non fuma nin bebe viño, non ten ningún amigo.** (ms28,34r: Otero de Rey).

VICIOS

Vicios. Beber

1066. **A ninguén gústalle** [sic] **beber, pero todo o mundo ten algo que esquencer.** (ms28,24r: *Vida Gallega*).

1067. **Con un pé sólo non se camiña.** (ms27, 61r: Verín. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). Dicen los bebedores, animándose a tomar más de un vaso o una copa.

1068. **O borracho i-o sapo din o que teñen no saco.** (ms26,20r).

1069. **O que lle gusta o viño non pasa a taberna sin untar o fuciño.** (ms29,78r: Fernando Lobato García).

Vicios. Juego

1070. **A bolsa do xogador non precisa atador.** (ms29,41r: Estrada - Puente Ulla).

1071. **Pau con pau, fóra.** (ms29,48v).

1072. **Se non queres ser xogado, non xogues.** (ms29,24v: Luis Martínez Fernández).

1073. **Xogador que mov'o *culo, xogador nulo.** (ms28,3v).

VIDA

1074. **A vida é un tango e a morte un *pasodoble.** (ms29,90r: Severo).

1075. **Si queres vivir en paz, deixa o mundo correr.** (ms28,31r: Villamane, Cervantes).

1076. **Todos temos direito á vida.** (ms24,123r: Buciños). O que traballa.

VIDA COMERCIAL

1077. **Non hai feira mala; o que un perde outro o gana.** (Véxase CFG5:22753)**.** (ms26, 23r, 158).

1078. **O que s'aluga se vende.** (ms29,34r: Trasmil, Palas de Rey).

VIENTO

1079. **Vento do sur, aire do norte e cen anos de cu p'a porta.** (ms29,34v: Trasmil, Palas de Rey).

VINO

1080. **A bon viño, non fai falta proba.** (ms29,23r: Jaime José Iglesias Lugrís. Coruña 17-II-54).

1081. **Dios dea viñiño, que a auga derrama os camiños, pón tolos os muíños e ¡como deixará os nosos corpiños!** (ms28,33r: Carballino).

1082. **En abril, cávame, anque seña co mandil.** (ms29,307r: Sober).

1083. **Invernía de San Xoan, quita o viño e non dá pan.** (ms29,309r: Friamonde, Taboada).

1084. **Non vaias sin bota ó camiño, e cando vaias, n'a leves sin viño.** (ms29,23r: Jaime José Iglesias Lugrís. Coruña 17-II-54).

1085. **O home guapo cheira ó viño i-ó tabaco.** (ms28,31r: Villamane, Cervantes).

1086. **O viño mosto ha de quedar pinto d'agosto.** (ms28,13r: Manuscrito que conserva D. Juan de Naya - Bibliotecario de la R.A.G.: Beade).

1087. **O viño na *bodega non é diñeiro na carteira.** (ms29,307r: Sober).

1088. **O viño no chan cóllese roubán.** (ms29,307r: Sober).

1089. **O viño non alimenta, pero quencer, quence, maormente o augardente.** (ms28,24r: *Vida Gallega).*

1090. **Pai do viño é o Caíño, e o Brencellau, é irmau.** (ms29,313r: Pontevedra).

1091. **Pipeiros no outono, suba no magosto.** (ms29,106v: Manuel Martínez Lois).

1092. **Se queres engañar o cesteiro compra viño no mes de xaneiro.** (ms29,121v: Manuel Portela Balayo. 4º curso).

1093. **Viño de peras non-o bebas, nin o des a quen ben queiras.** (ms27,64r: Pedro de Merille (Salvador Golpe). *La Defensa*. Betanzos).

1094. **Viño e cousa de liño, canto arrefenta, quenta.** (ms28,24r: *Vida Gallega). Arrefentar* falta en nuestros diccionarios, que traen *arrefecer* = entonar, dar tensión y vigor al organismo.

1095. **Viño haino bo, pero como [o] do Ribeiro, non o hai millor.** (ms29,91v: Severo).

VISITAS

1096. **O *huésped i-a lebre, ós tres días fede.** (ms28,33r: San Clodio).

VIUDEZ

1097. **Non te cases con *viúdo, anque teña moita roupa; cando reña contigo dirá: *Mulleriña érache a outra.*** (ms26,21r).

2.2. Wellerismos

1. ***Ábrete saco: unha maquía me debes e dúas ch'agarro* dixo un muiñeiro.** (ms24,2v: M.V).
2. ***Dios nos día limpeza* dixo o barroso.** (ms28,37r: Sober).
3. **Dixo a besta ó montador: *Pra riba non m'afrontes, pra baixo non me montes e polo chan non me perdones.*** (ms24,39r: M.L).
4. **Díxolle maio a abril: *Mal que te pese, teño que vir.*** (ms25,10v: "O Gaiteiro de Lugo". 1959).
5. **Díxolle marzo a abril: *Si me axudaras... pro non me fío de ti.*** (ms25,10v: *O Gaiteiro de Lugo*. 1959).
6. **Díxolle o burro ás coles: *Pax vobis.*** (ms29,23r: Jaime José Iglesias Lugrís. Coruña 17-II-54).
7. ***Son caíñas, non chas quero* dixo a raposa cando viu a parra vendimada.** (ms28,12r).
8. ***Ten de teu, ten de teu* canta un paxariño.** (ms28,12r).
9. ***Xa ora,* díxolle o fidalgo á nora.** (ms24,138r: M.L).

2.3. Dialoxismos

1. **Araña, ¿quen te rabuñou? -Outra araña como eu.** (ms29,23r: Jaime José Iglesias Lugrís. Coruña 17-II-54).
2. **De quén é a leira? -De quen está á beira.** (ms28,27r: Refranes tomados de apuntes inéditos de Don Manuel Murguía).
3. ***Dios t'axude, labrador. - Non ch'ando con xente d'óso.*** (ms24,43v: Buciños). (es) [N. de edición: A lectura do ms. tamén podería ser *xente d'eso* ou quizais, xente *d'esa*] Puesto en duda que no merece la ayuda de Dios].
4. **Díxolle a herba á auga: *Pr'onde vas, larga?* E respondeulle a auga: *¿Que queres, cotorra?... que se vou por eí, medrarás e, se non, cotorra serás.*** (ms28,31r: Villamane, Cervantes).
5. **Díxolle marzo a abril: *Quédache a vaca morta naquel carril. - ¿Pra que***

mentes, marzo, marzogo, cara de porco? (ms29,119v).

6. **En que pensas? -Penso na vida, que a morte é segura.** (ms29,252r: La Cañiza).
7. **Enfíoo? -Enfíamo polo cu dunha agulla.** (ms28, 13r: Manuscrito que conserva D. Juan de Naya - Bibliotecario de la R.A.G.: Beade). A otro sujeto. *Enfí-o*: pronúnciese *enfió* con *o* abierta, pues es síncopa de *enfía* o mejor dicho de *enfía ao*.
8. **Lucas, ¿por que non cucas? -Porque non podo; e cando podo, non hacho modo.** (ms28,27r: Refranes tomados de apuntes inéditos de D. Manuel Murguía).
9. **Meu carriño, ¿quen te fixo vello? O sol do vrau i-a auga do inverno**. (ms26, 20r, 52).
10. **Os cas de Caraxo dicen: *Fame, fame.* E contestan os galos: *Sempre cha houbo.*** (ms29,116v: Arcos, Pol). En sitio tenido no por muy rico. *Caraxo*, anejo de Suegos.
11. **Por San Andrés dáll'ó porco polos pés. -¿I-o que o non tuver? -Que mate a muller.** (ms28, 13r: Manuscrito que conserva D. Juan de Naya - Bibliotecario de la R.A.G.: Beade).
12. **¿Pr'onde vas, muller ben casada? -Pr'onde non haxa sogra nin cuñada.** (ms28,3r).
13. **Pra quen é a figueira? -Pra quen está á beira.** (ms28,12r).
14. **Quen te pón rico? -Quen che mantén o pico.** (ms28,27r: Refranes tomados de apuntes inéditos de D. Manuel Murguía).
15. ***¿Vas a *la feria? - ¿E a que? ¿a vender a laceira?*** (ms26, 39r: Pidre). No tengo a que ir. *Laceira* = pereza.

2.4. Enunciados ou frases proverbiais

1. **Aquí toda a terra é país.** (ms26, 38r: Pidre). Donde hay confianza da gusto.
2. **Béixote, coiro, porque fuche odre.** (ms29,75r).
3. ***Benvenido, fole; vir vés duro, pero heite mandar mole.** (ms29,39r: Fonsagrada). Lo dice el molinero al saco de grano que llevan al molino. Lo tilda de ladrón.
4. **Eiquí xaz un home rico nesta rica sepultura, escapaba da enfermedá, se non morrera de cura**. (ms24,51v: Buciños).
5. **Eso, nunha porta vella, carabilla nova.** (ms26, 38r: Pidre). Eso no pega.
6. **Eu e ti somos dous; e o can e o gato, catro.** (ms29,119v).
7. **Faite, natiña, se t'has de facer, qu'os frades de Meira non t'han de comer.** (ms29,117r: Arcos, Pol). A Santiago de Arcos se le llama vulgarmente *Arcos de Frades* y en el contorno se le conoce por tal nombre. Se le llamaba así por ser propiedad del monasterio de Meira (Granxa d'Arcos, como dicen los documentos de los fueros. Sus vecinos tenían que pagar, entre otras muchas cosas, cera, manteca... Y cuando fue la desamortización, se decía con mucha frecuencia dicho refrán. Hoy se oye también muchas veces con la significación de "que o traballe quen o ha de comer".
8. **Gorda es, pero non dás con xente que quedes.** (ms24,62r). La repugnancia no es tanta que amilane a uno bien pertrechado.
9. **Os primeiros serán os últimos e os últimos serán os primeiros.** (ms29,43r: Manuel Constantino Nogareda Bértoa: Carballo, Bértoa).
10. **Por unha risada perdín a anada.** (ms26,20r). Lo dice el erizo de castañas, que al abrirse, pierde la cosecha.
11. **Si *sale con barbas é San Antón; si sale sin ela, a Purísima Concepción.** (ms29,23r: Jaime José Iglesias Lugrís. Coruña 17-II-54).
12. **Tantos eran os difuntos, que nin a dous reás tocaban.** (ms24,123v: Buciños).

13. **Unha vez era unha vella e unha canada i-o meu conto encerrouse en nada.** (ms26, 39r: Pidre). Todo se quedó en nada.
14. **Unha vez era unha vella que levaba un cesto i-o meu conto quedouse nesto.** (ms26, 37r: Pidre). Todo quedó en nada; cuanto dijo solo fueron palabras y ningún hecho.
15. **Vai a gosto do dono, como o carro do Oliva.** (ms25,3r). Cóntase de un veciño que formaba na grea dos mozos da parranda nouturna e a quen, sin él o saber, lle levaron o seu carro pra o pendello de outro veciño. Que cando o foron a buscar, íste era o que máis proiectaba pra derramalo, botándoo por unha costa embaixo e deitándoo finalmente no río. Os acompañantes aceptaban todo o que el propuña e decían sempre: *vai a gosto do seu dono.* Ao seguiente día, decatouse de que el mesmo tiña atentado contra a súa propiedade. De entón veu o dito: *Vai a gosto do dono, como o carro do Oliva,* que éste era o nome do chasqueado, contando chasquear. (Bouza Brey). Se refiere a la costumbre aldeana, en la noche de San Juan, de cambiar los nombres de los comercios, cerrar los caminos, arrancar *cancelos*, atrancar puertas, etc.
16. **Xan Fernández, cura de Marei, ¿que fixeches das ovellas que ch'eu entreguei?** (ms24,138v: Buciños).
17. **Zorro das mil mañas, ¿tu ris ou regañas?** (ms24,141r: Buciños). [N. de edición: Frase proverbial procedente do conto tradicional das mil mañas, no que un galo (ou un gato) compiten en habilidade cun raposo; e, cando veñen os cans, galo e gato soben a unha árbore pero o raposo non pode e morre adentado polos cans e os outros, dende o alto das pólas, pregúntanlle entre ironía e compaixón *Zorro das mil mañas, ¿tu ris ou regañas?*].

2.5. Fórmulas

1. **A Dios i-a *suerte.** (ms24,11r: F.V.S. Vivero).
2. **A modiño, que a falda é de liño.** (ms28,27v: Refranes tomados de apuntes inéditos de D. Manuel Murguía).
3. **A outros llo chaman e mais non se asañan.** (ms28,27v: Refranes tomados de apuntes inéditos de D. Manuel Murguía / ms28, 7v: Ribadeo).
4. **¡Ai que demo! Pensei que non o tiña e téñoo.** (ms24,6r: V.R. Y A.R).
5. **Aí vai o rabo tras de seu amo.** (ms26, 38r: Pidre). Cuando andan dos juntos.
6. **Alábate ti, meu can, qu'outros non t'alabarán.** (ms29,76r: Antonio Trigo García: Carballo, Coruña).
7. **¡Atención, que está falando Salamón!** (ms29,76r: Antonio Trigo García: Carballo, Coruña).
8. **Baraxa, marrau: tres dun pau.** (ms27, 61r: Verín. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral,* 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). Juego de brisca.
9. **Canto miras pra min, canto *más me chósca-lo ollo.** (ms29,17v).
10. **Debíalle un día ó demo e funllo pagar hoxe.** (ms27, 60r: Vivero. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). Se dice así cuando a uno le ocurre una desgracia.
11. **Deixa, que inda *Dios non é vello.** (ms26, 39r: Pidre). Ya me llegará a mí el tiempo de reirme, etc.
12. ***Dios cho apregue o corno á camisa i-a carne ós osos.** (ms26, 38r: Pidre). Agradecido en tono de broma.
13. **Embarca, embarca, que eu quédome en terra.** (ms28,7v: Ribadeo). *(es) Capitán Araña, que embarcó la gente y se quedó en tierra.*
14. **¡Esto *sólo o *arregla Pepe Benito de Lugo!** (ms24,52v: F.V.S.). [N. de edición: Pepe Benito foi un importante político lugués, José Benito Pardo Rodríguez (1867-1939).Véxase a semblanza que el escribiu Juan Soto en http://www.aaviladonga.es/croa/croa15_pepe_benito.pdf]
15. **Eu nunca o vin nin máis gordo, nin máis *flaco.** (ms26, 38r: Pidre). No lo conozco de nada.

16. **Gracias a Dios que o *padre morreu.** (ms29,193r).
17. **Grande é o demo e non hai quen o queira.** (Véxase CFG5:7037)**.** (ms26, 27r, 261: Pidre). [N. de edición: Usase como réplica tópica a quen valora excesivamente que unha cousa ou persoa sexa grande].
18. **¡Hache acordar a xunga dos cas!** (ms26, 39r: Pidre). Lo dicen en sentido de amenaza: se te ha de acordar el día de hoy.
19. **Inda o demo non foi á feira dos rapaces.** (ms29,49r: J. Santiago Pérez). [N. de edición: Para entender esta fórmula, que nos parece aludir ó sexo, debemos recorda-la chamada *feira dos novelos* que aparece nestas cantigas populares: *Gracias á Dios qu'hoxe fomos / á feiriña dos novelos: / catro fomos, seis viñemos, / nin ganamos nin perdemos. O carallo vintenove / vai na feira dos nobelos / se mo vedes por alá / dádelle carne con pelos*].
20. **Inda non *salimos doutro e xa nos metimos noutro.** (ms29,75r).
21. **Logo pasa o que sucede.** (ms26, 39r: Pidre). En Pidre: si, si, luego pasan las cosas.
22. **Madia leva; tres cas contra un lobo, cómeno todo.** (ms26, 39r: Pidre). Para decir: no me extraña que tal más fuerte pudiese contra otro más débil.
23. **Máis s'engañou que os que bebeu.** (ms24,78r: M.V).
24. **María, o teu galo canta i-o meu asubía.** (ms28,17r).
25. **Moita manteiga se pode atopar no cocho do can.** (ms28,37r: Sober).
26. **Moitas cascas e poucas noces.** (ms28,31r: Villamane, Cervantes).
27. **Moza fun e vella son e nunca me vin en tamaña procesión.** (ms29,15r: Zona de Asma, Sta. Eugenia).
28. **Moza fun e vella son e nunca vin tal procesión.** (ms28,37r: Sober). Var.: *Mozo fun e neno nacín e nunca en tal estrebillo me vin. Vello son e neno nacín e nunca en tal estribillo me vin.* (ms29,208r: Sober).
29. **Muito che quero, meu cara de demo.** (ms28, 13r: Manuscrito que conserva Don Juan de Naya - Bibliotecario de la R.A.G.: Beade).
30. **Nese mercado nin entro nin saio.** (ms24,87r: A.N).
31. **Non chores, qu'inda non caíches no mar.** (ms27, 60r: Vivero. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral,* 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). No está la partida perdida.
32. **Non está a espiga na mau.** (ms27, 60r: Verín. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral,* 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). No se alcanzó aún lo deseado.
33. **Non te cozas, que estás pra asar.** (ms26,29r: Pidre). No te apures, que es igual.
34. **O mismo me dá leite que caldo de tetas.** (ms24,131r: F.V.S.: Tuiriz).
35. **O que non sabes é ladrar porque non se usa.** (ms26, 38r: Pidre).
36. **O rou-rou, fágase o que o rei mandou.** (ms26, 38r: Pidre). Hay que hacer una cosa sin remedio.
37. **Ora mallas, si che iba.** (ms26, 39r: Pidre). Pidre: si lo sé, no iba.
38. **Ou si ou non, dúas cousas son.** (ms26, 38r: Pidre). Dime una cosa fija.
39. **Pode ser, tropezar e non caer.** (ms26, 39r: Pidre). En Pidre: equivale a: Puede ser, pero será muy extraño.
40. **Polo si, polo non, poñémoslle a extremaunción.** (ms28,12r).
41. **Por aí non ll'ha d'entrar a auga ó barco.** (ms27, 59r: Vivero. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral,* 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). Se dice cuando uno está seguro de que no ha de ocurrir un hecho.
42. **Por algo Dios [non] lle deu cornos ós burros.** (ms27, 60r: Verín. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral,* 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). Se dice de las personas mal intencionadas, pero impotentes. [N. de edición: No ms. falta a palabra *non* no refrán que está no orixinal que cita].
43. **Que che aproveite como a ferraña ós cas.** (ms26, 39r: Pidre). Dicen que la *ferraña* les sirve de purga.
44. **Quen manda é Roque, e Roque sono eu.** (ms28,36r: Barrela).
45. **Ru-ú... faino tú.** (ms28,3r). Expresión de desenfado más tirante que *Xa que meu pai me chama burrico... Eu non pedrico*.
46. **Rite, rite dos cas d'honte.** (ms26, 39r: Pidre). En Pidre: cuando uno ríe sin motivo o sin venir a cuento.
47. **S'as queixas se volveran queixos!** (ms24,117r: Buciños).
48. **Si, aiu, si.** (ms26, 39r: Pidre). Sí, señor, sí.

49. **Si c[ago], c[ago] polo meu.** (ms24,119r: Miraz).
50. **Si queres, queres; si non, polo mundo non faltan mulleres**. (ms28,12r).
51. **Si, home, si: eu e mais ti somos amigos no tempo dos figos.** (ms29,76r: Antonio Trigo García: Carballo, Coruña).
52. **Tanto me miras. [sic]** (ms26, 28r, 305).
53. **Tanto ten nos cotos como nos ravaliños.** (ms28,37r: Lugo).
54. **Tódalas fabas non están na ola.** (ms29, 88r: Vigo - Pontevedra. Álvarez Giménez, E. *Refranero agrícola gallego*. Pontevedra, 1904. Citado por Luís de Hoyos Sainz en *Manual de Folklore*, páx. 511).
55. **Todo é peixe: o que non o queira, que o deixe.** (ms28,1v).
56. **Un para que cales i-outro pra que estales.** (ms28,27v: Refranes tomados de apuntes inéditos de D. Manuel Murguía).
57. **Unha vez capan o can; dúas non o caparán.** (ms26, 39r: Pidre). Una vez me la hicieron; pero no me la harán dos.
58. **Vai buscar a manteiga ó bico do can.** (ms26, 38r: Pidre). Va a buscar una cosa a quien está necesitado.
59. **Vai rezar pola bulda vella, que a nova inda non vén.** (ms26, 38r: Pidre). Vete a paseo.
60. **Vello fun e vello son, nunca ch'oín tal procesión.** (ms24,136r: Buciños).
61. **Xa vendeu e vai na casa.** (ms29,34v: Trasmil, Palas de Rey). Expresión de desenfado más tirante que *Xa que meu pai me chama burrico... Eu non pedrico*.

2.6. Locucións e unidades monolexicais

[N. de edición: como dixemos na introdución, transcribímo-la lematización que presentan os manuscritos, que en xeral corresponde a un dos diversos usos posibles].

1. **Afogouse en pouca auga.** (ms26,25r).
2. **Anduvera amaitegando** (ms26, 38r: Pidre). Estuve haciéndole el cuento.
3. **Anque o busque na casa de Xudas** (ms26, 38r: Pidre). *Esa buscao anque sea n'a casa de Xudas*.
4. **Aplícoche o conto** (ms29,53v).
5. **Aquécelle moito.** (ms26, 38r: Pidre). Le está muy bien.
6. **Arrancada de cabalo e parada de burro.** (ms27, 59r: Vivero. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). Se dice de los que se entusiasman al empezar un asunto y lo abandonan después.
7. **Aventurouse... e comérono os lobos.** (ms24,68r: Nogueiras).
8. **Busca auga en fonte seca.** (ms29,56r: Francisco Dopazo Rial (Santiago, 12-4-53): Arzúa).
9. **Como quen vai dar un bico a un toro.** (ms26, 38r: Pidre). Alude a un viaje o visita rápida.
10. **Darllo e arregazarllo.** (ms28,39v: D.R.A.G).
11. **Deixa a auga que corra.** (ms29,36r).
12. **Discurres máis cos pés que coa cabeza.** (ms24,42r: F.V.S. Tuiriz).
13. **É com'os burros da Limia, qu'apañan viño e beben auga.** (ms27, 59r: Verín. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). Se dice de las personas excesivamente económicas.
14. **É fino como la de gato.** (ms29,50r: J. Santiago Pérez).
15. **É máis ruín que un dolor.** (ms29,93v).
16. **É pillo com'as picotas.** (ms26, 38r: Pidre).
17. **Éche un herdeiro fresco: ten tres vacas i-un besto.** (ms26, 38r: Pidre). Para encarecer la conveniencia de un chico.
18. **Engañar como o pexegueiro: *florear e *florear e despois non dar nada.** (ms29,40r). De un charlatán que promete muchas cosas y después no da nada.
19. **Ese é un danza no cribo.** (ms26, 39r: Pidre). Es muy ligero.
20. **Estáche como pedrada en ollo de boticario/ou como a canga á porca.** (ms24,50r: F.V.S. Tuiriz).

21. **Estar nas campás e na procisión.** (ms27, 59r: Verín. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52).
22. **Fai como o señor cura da Alta Riveira: de día durme e de noite peneira.** (ms26, 39r: Pidre). Para decir que uno es perezoso.
23. **Falando de tellas abaixo** (ms29,55r: Francisco Dopazo Rial (Santiago, 12-4-53): Arzúa).
24. **Forte com'as pernas dun pisco, ten tanta forza coma un pisco.** (ms28,13r: Manuscrito que conserva D. Juan de Naya - Bibliotecario de la R.A.G.: Beade).
25. **Fuche á horta e non topache coles.** (ms29,21r: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).
26. **Fuches de burro e viñeches d'albarda.** (ms29,21v: Jesús Moldes Monroy. Cangas do Morrazo).
27. **Háselle ver o día por tras das orellas.** (ms26, 38r: Pidre). Ya se verá en necesidad.
28. **Inda te has de agarrar ás orellas e non ch'han sangrar.** (ms26, 39r: Pidre). Te ha de pesar.
29. **Ir correndo prá bolsa dos cregos** (ms25,8r: Valle del Mao, Incio). Cando un vai vello dice que vai correndo prá bolsa dos cregos.
30. **Ir máis ó rechao.** (ms26, 39r: Pidre). Llevar camino más llano, más fácil.
31. **Medrado coma a mala herba** (ms24,82v: R. Caruncho).
32. **Meu dito, meu feito.** (ms24,83r: *Diario de Avisos.* R. Caruncho).
33. **Non é esa a mai da aña.** (ms24,87r: A.N). Var.: *Non vai por aí o gato ás filloas.*
34. **Non me deu tino** (ms26, 38r: Pidre). No me hizo caso.
35. **Non me dixo nin agua vai.** (ms26, 39r: Pidre). No me dijo absolutamente nada.
36. **Non poñas o carro antes que os bois** (ms26,25r,207).
37. **Non s'anda polas pólas.** (ms24,110r: D. de Avisos. R. Caruncho).
38. **Non te acabas de apear da burra** (ms24,107v: F.V.S. Tuiriz).
39. **Non vai por ese camiño a auga pró río.** (ms24,110r: *Diario de Avisos.* R. Caruncho).
40. ***Oyes tocar e non sabes onde.** (ms24,131r: F.V.S.: Tuiriz).
41. **Pagar en cartos de sardiñas.** (ms27, 59r: Verín. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). Cuando un individuo zanja una deuda mediante pequeñas entregas.
42. **Parece que non pisa as herbas, e *donde pon o pé, tólleas.** (ms26, 38r: Pidre). Las mata callando.
43. **Parece Xan da Guedella, que cedo madruga e tarde aparella.** (ms26, 39r: Pidre). Para decir que uno es muy pesado.
44. **Pegar do burro pra qu'outro o monte.** (ms27, 59r: Verín. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). Hacer una cosa en provecho de otra: Sujetar el burro para que otro lo monte.
45. **Pelexan os cas pola carniza.** (ms27, 59r: Verín. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). Se aplica a las luchas que sostienen la curia, los políticos y los herederos.
46. **Pódelle botar pan ó caldo, i-o leite bebelo.** (ms26, 38r: Pidre). Ya está bien.
47. **Por non darlle ao rabo deixas que che coman o cu as moscas**. (ms29,95r).
48. **Quedou como o que ceba e non mata.** (ms27, 60r: Verín. José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52).
49. **Rende máis que un día sin pan.** (ms29,55r: Francisco Dopazo Rial (Santiago, 12-4-53): Arzúa).
50. **Sempre anda á quinta pregunta.** (ms29,50r: J. Santiago Pérez).
51. **Son lobos dunha camada, s'algún n'esfola, é que mata.** (ms24,113v: M.L).
52. **Ten as forzas da Cañiza** (ms28, 13r: Manuscrito que conserva D. Juan de Naya - Bibliotecario de la R.A.G.: Beade).
53. **Ti es a porta faxeira: non gardas *secreto.** (ms29,50v: J. Santiago Pérez).
54. **Tíranse ás olas os cachos.** (ms27, 59r: José Mª Pereda Álvarez. *Douro-Litoral*, 5ª serie, VII-VIII, Porto, 1953, págs. 19-52). Los añicos se echan a los cántaros. Se dice cuando la parte débil ataca a la fuerte.
55. **Vai moita patuñeira.** (ms26, 39r: Pidre). Cuando hay llovizna menuda.

56. **Vas com'on cura.** (ms29,37r: Luís García: Santa María de Bretoña). Quen te chora, Fulano, aínda non está católico de todo.

2.7. Slogan

1. **Polvos Pinós prós bos corriños.** (ms29,86v). [N. de edición: Aínda que figura recollido como un refrán máis, era o slogan comercial de *Polvos Pinós,* un penso composto que se anunciaba como complemento alimenticio para os coellos a mediados do século XX n'*O Gaiteiro de Lugo*. A difusión deste almanaque, que nalgúns anos chegou ós 150.000 exemplares, fixo que este slogan chegase a ter unha circulación cuasi-fraseolóxica para aludir á gordura ou apetito dunha persoa. Hoxe só vive na memoria das persoas de máis de sesenta anos].

57. **Vén como unha cotena.** (ms26, 39r: Pidre). Viene borracho.

Bibliografía

LENCE SANTAR, Eduardo (1938-1941-2000): *Etnografía mindoniense*. Ed. de Armando Requeixo. Follas Novas, Santiago de Compostela [1].

SACO 1: VÁZQUEZ SACO (2003): "Refraneiro Galego e outros materiais de tradición oral. Edición de Josefa Beloso Gómez, Patricia Buján Otero, Xesús Ferro Ruibal e Mª Carmen Paz Roca" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5,2003; pp. CXVII + 1067.

SACO2: PAZ ROCA, Mª Carmen e VIDAL CASTIÑEIRA, Ana: (2004): "Novo manuscrito paremiolóxico de Vázquez Saco" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6,2004; 253-264.

VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2003): "Un manuscrito paremiolóxico de Manuel Murguía" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4,2003,117-128.

[1] Esta edición do ano Armando Requeixo do ano 2000 recolle os traballos publicados polo autor no diario santiagués *El Compostelano* entre mediados dos anos 30 e primeiros dos 40.

Recensións

ALONSO RAMOS, Margarita (ed.) (2006): *Diccionarios y Fraseología*. Anexos de *Revista de Lexicografía*, 3. Servizo de Publicacións, Universidade da Coruña. 260 páxinas.

Este volume, publicado como terceiro anexo da *Revista de Lexicografía* e editado por Margarita Alonso Ramos, constitúe unha escolma dos relatorios e comunicacións do *I Congreso Internacional de Lexicografía Hispánica*, celebrado na cidade da Coruña do 14 ao 18 de setembro de 2004. Aínda que os dezaseis relatorios presentados versan, como indica o título do volume, sobre o tratamento que se lles dá na lexicografía ás unidades fraseolóxicas (UF), estes divídense en dúas partes segundo o tipo de unidade fraseolóxica estudada. Na primeira parte abórdanse diversos aspectos do tratamento lexicográfico das colocacións e na segunda reúnense artigos sobre as demais UFs.

Da primeira parte, claramente máis extensa e homoxénea canto ao seu contido, destacan as comunicacións de Igor Mel'čuk e Margarita Alonso Ramos. Mel'čuk, en "Colocaciones en el diccionario", comeza por definir detalladamente as colocacións e o dicionario ideal, o DEC (dicionario explicativo e combinatorio), no marco da teoría lingüística amplamente desenvolvida por el mesmo, a teoría Sentido-Texto. A seguir expón con detalle o concepto e clasificación do medio "necesario e suficiente" para a descrición das colocacións no DEC: as funcións léxicas (FL), funcións no sentido matemático do termo que permiten codificar a relación existente entre a base da colocación e os colocativos que "selecciona". Con todo, Mel'čuk recoñece que un DEC bilingüe que empregue esta fórmula non é unha ferramenta de fácil utilización para o usuario, quen requiriría dunha alta capacidade de análise semántica da súa propia lingua para poder atopar os colocativos apropiados. O artigo de Margarita Alonso Ramos, "Glosas para las colocaciones en el *Diccionario de Colocaciones del Español*", entronca directamente co de Mel'čuk neste punto, dado que propón unha solución a este problema ofrecendo pautas para a descrición semántica das colocacións nos dicionarios. Máis concretamente, esta descrición semántica materializaríase na *glosa*, unha noción xa con certa tradición na lexicografía explicativa e combinatoria, tamén baseada na teoría Sentido-Texto e empregada no seu proxecto *Diccionario de Colocaciones del Español* (*DiCE*), que define por primeira vez como "una fórmula en metalengua natural controlada que permite identificar el sentido de la expresión lingüística modelizada por la FL". Así, por exemplo, a glosa que explicaría en metalingua natural o sentido da FL Magn sería intenso. Margarita Alonso establece polo miúdo os requisitos que debe cumprir unha glosa e os factores que determinan a

súa formulación para describir a achega do colocativo ao sentido da colocación e remata o artigo describindo os resultados dos tests que se están a empregar para validalos. Polo de agora o *DiCE*, accesible na Internet, contén 3.600 relacións colocacionais codificadas por FL, ás que se lles van asignando as glosas correspondentes. Trátase dun proxecto altamente innovador, que entraña grandes dificultades, pero que de desenvolverse con éxito será de grande utilidade para o público en xeral na aprendizaxe e uso das colocacións do castelán.

Josep Alba-Salas, en "Las colocaciones con nombre predicativo: consideraciones prácticas y metodológicas para su tratamiento lexicográfico", e Alberto Busto Plaza, en "Combinaciones atributivas del tipo *poner en movimiento* y diccionario", analizan a taxonomía das colocacións verbais do tipo verbo + (preposición) + substantivo, polo que se deduce aínda controvertida na fraseoloxía. Alba-Salas fala das propiedades combinatorias, léxicas e morfolóxicas das *colocacións con nome predicativo*, aquelas nas que o substantivo actúa como obxecto directo do verbo (CNP, como *hacer una visita* ou *dar miedo*), pero non exclúe que esta tipoloxía poida abranguer as construcións nas que o NP é suxeito ou obxecto de preposición. Destas últimas fala precisamente Bustos Plaza, colocacións do tipo *poner en movimiento*, con verbo atributivo e nas que o conxunto e o sintagma preposicional presentan fixación. Formula unha serie de características e posibles problemas destas construcións apoiándose nun corpus de 446 exemplos e propón, xa no tratamento lexicográfico, que a entrada do verbo colocativo informe sobre o sintagma preposicional e que se recolla o sintagma preposicional na entrada do substantivo, indicando con que verbos se emprega (ex. a entrada ECHAR incluiría o sintagma *en falta* e na entrada do substantivo FALTA constaría o sintagma *en falta* e o feito de que se combina con *echar*).

Nesta primeira parte do volume atopamos tres artigos máis centrados na descrición do tratamento lexicográfico das colocacións nos dicionarios. Dous deles, o de Susana Camiña Salgado e Eva Muñiz Álvarez ("Sobre la necesidad de marcar las colocaciones en los diccionarios de uso") e o de Luis Luque Toro ("El concepto de colocación y su presencia en los diccionarios de uso del español actual"), enmarcan a súa análise nos dicionarios de uso do castelán. Camiña Salgado e Muñiz Álvarez están de acordo cos estudosos canto a "onde" deben incluírse as colocacións nos dicionarios: na entrada da base, pero apuntan á necesidade urxente dunha inclusión sistemática e ordenada, facendo fincapé na ordenación, para que o dicionario sirva realmente ao proceso de codificación e descodificación. A clave desa ordenación reside, segundo as autoras, na correcta marcación das variedades lingüísticas (diastráticas, diafásicas, diatópicas...) das colocacións, da que propoñen unha fórmula sumamente lóxica, útil e económica. Luis Luque Toro, pola súa banda, achega unha clasificación das colocacións, pasando a analizar a súa presenza en dous dicionarios de uso do castelán actual, análise da que se extrae unha asistematicidade xeneralizada. A súa proposta consiste na inclusión da colocación na palabra núcleo, marcando unicamente as colocacións que denomina *nucleares*. Finaliza o artigo facendo notar, mediante exemplos da combinación castelán-italiano, a importancia para o eido da tradución dunha axeitada inclusión das colocacións xa nos dicionarios monolingües. No terceiro artigo descritivo do tratamento lexicográfico das colocacións, "Unidades fraseológicas en los diccionarios

bilingües: un problema de colocación", Benedikt A. Model tenta demostrar que a taxonomía fraseolóxica das colocacións (toma como referencia a de Corpas Pastor) non se aplica e, en ocasións, non se pode aplicar nos dicionarios bilingües. Considera que a solución radica no establecemento dunha tipoloxía meramente lexicográfica das colocacións, para a cal expón posibles criterios que seguir no nivel macroestrutural e microestrutural dos dicionarios bilingües.

De especial interese nesta primeira parte de *Diccionarios y Fraseología* é tamén o artigo de Leo Wanner "¿El Corpus como un Diccionario de Colocaciones?", no que se deixan patentes as limitacións dos dicionarios convencionais en papel para o rexistro colocacional e se defende que un corpus anotado con funcións léxicas –seguindo a Mel'čuk– e cunha interface resulta moito máis vantaxoso pola súa capacidade ilimitada de almacenamento e actualización, pola posibilidade de ilustrar o uso contextualizado de cada colocación ou polo acceso rápido e versátil que lles permite aos usuarios. Wanner afirma que os avances na análise semántica e clasificación das colocacións mediante o emprego de funcións léxicas permitirán a creación dun corpus destas características nun futuro próximo.

As dúas comunicacións restantes desta primeira parte do volume son máis específicas na súa temática. En "Estructuración semántica de la fraseología de las lenguas de especialidad y su aplicación lexicográfica", Verónica Ferrando analiza o tratamento das colocacións na terminografía, concretamente nos dicionarios dedicados ao fenómeno combinatorio nas linguas de especialidade. Tras esta análise, conclúe que as relacións semánticas que se establecen entre os termos dunha colocación terminolóxica deben ser amplamente estudadas, xa que poden variar máis ou menos en función da lingua de especialidade de que se trate, de tal maneira que non está tan clara a adecuación do uso das funcións léxicas, como ocorre na lingua xeral. Para exemplificar o anterior, propón unha clasificación semántica das colocacións da terminoloxía dos seguros do castelán, o seu eido de especialización, que poida ser útil na elaboración dun dicionario combinatorio desta especialidade. Por último, Begoña Sanromán Vilas, en "Observaciones sobre el uso de colocaciones en aprendices finlandeses de español: hacia una aplicación didáctica", describe o fenómeno colocacional desde o punto de vista da didáctica. Na primeira parte do artigo reivindica a importancia da aprendizaxe das colocacións para o dominio produtivo de calquera lingua e extrae a conclusión –a partir dos resultados de tests distribuídos a estudantes finlandeses de castelán de nivel avanzado e composicións redactadas por estes– de que as importantes deficiencias que aínda se evidencian no uso colocacional se deben en parte á escaseza de material didáctico apropiado. Esta constatación leva a Sanromán Vilas a realizar unha interesante proposta didáctica para mellorar a competencia colocacional dos seus estudantes: a elaboración de exercicios prácticos (dos que ofrece varios exemplos representativos) a partir do DiCE (*vid.* Margarita Alonso Ramos) e o uso deste dicionario tanto para a realización dos exercicios como para solucionar as dúbidas que se lles presenten na redacción de textos.

A segunda parte de *Diccionarios y Fraseología*, dedicada, como xa se sinalou anteriormente, ao tratamento lexicográfico dos refráns e doutras unidades fraseolóxicas, consta de seis comunicacións. A primeira e a segunda, da autoría de Jean

Claude Anscombre e Mª Jesús Barsanti Vigo, abordan unha mesma problemática, aínda que desde diversos puntos de vista: o problema da definición e delimitación mesma do obxecto de estudo da paremioloxía. En "Refranes, vulgatas y folclore", Anscombre cuestiona en primeiro termo o valor científico de sete *vulgatas* ou ideas tradicionais acerca da natureza dos refráns (anteriores, claro está, á existencia da paremioloxía como tal), cuestionando así, indirectamente, a definición máis xeneralizada de refrán. O autor saca á luz moitas contradicións inherentes ás ditas vulgatas e ofrece finalmente unha explicación do porqué da súa supervivencia na ciencia paremiolóxica. A confusión que reina tras a lectura desta comunicación require a lectura da seguinte, "Problemática en torno al refrán y otras categorías paremiales: definición y delimitación", onde Barsanti Vigo, nas súas palabras, "arríscase" a dar a súa propia definición de *refrán* logo de analizar as súas características lingüísticas e de contrastalas coas da *frase proverbial*, a categoría paremial da que resulta máis difícil distinguilo.

"Usos fraseológicos en el *Diccionario* de Terreros y Pando", de Mariano Franco Figueroa, é unha breve comunicación que describe o tratamento das UF no dicionario de Terreros y Pando (século XVIII), unha das obras senlleiras da lexicografía non académica.

Os tres últimos artigos son complementarios entre si, posto que estudan, en relación coas UF, cadanseu aspecto da información ofrecida nunha entrada do dicionario: a información gramatical, a definición e os exemplos. En "La definición lexicográfica de las unidades fraseológicas: la aplicación de modelos formales", María Isabel González Aguiar expón os principios e requisitos para construír unha boa definición lexicográfica, describe os modelos de definición empregados no *DRAE* e ofrece numerosos exemplos da súa aplicación coas colocacións, locucións e enunciados, dos que extrae que (i) é a natureza categorial e semántica do *definiendum* o que pode levar a elixir o modelo de definición máis axeitado para unha UF e que (ii) para iso cómpre que o lexicógrafo saiba catalogar perfectamente a UF baseándose nunha taxonomía fraseolóxica clara e precisa. María Eugênia Olímpio de O. Silva, en "Los ejemplos en el tratamiento lexicográfico de las unidades fraseológicas", reflexiona sobre a tendencia a incluír as UF nos dicionarios como exemplos e sobre a práctica en si da inclusión de exemplos nas entradas de UF, chegando á conclusión de que se require unha teoría lexicográfica xeneralizada tanto sobre o tratamento das UF como sobre o uso dos exemplos nas mesmas. Non pon en dúbida, con todo, o feito de que a inclusión de exemplos nos artigos lexicográficos das UF é esencial para dar conta das súas características. Remata o volume coa comunicación de Inmaculada Penadés Martínez, "La información gramatical sobre la clasificación de las locuciones en los diccionarios", na que se abordan os problemas da marcación gramatical das locucións nos dicionarios, destacándose a relevancia desta marcación para a redacción dunha definición adecuada. Penadés Martínez constata, a través da análise de varios dicionarios do castelán actual, a necesidade establecer criterios a este respecto. Estes criterios, na súa opinión, deben fundamentarse no comportamento lingüístico das unidades que se pretenden clasificar e propón como procedemento para observalo a consulta de corpus de locucións do castelán. Co fin de exemplificar o anterior, presenta

os datos obtidos a partir da análise dun grupo de locucións verbais no CREA (*Corpus de Referencia del Español Actual*), consideradas nominais no DEA (*Diccionario del Español Actual*), das que se ofrece unha mostra nunha táboa incluída en apéndice.

Diccionarios y Fraseología é, en resumo, un volume que actualiza vellos debates mantidos polos estudosos da fraseoloxía e a paremioloxía verbo de algo tan elemental como a taxonomía do seu obxecto de estudo; un volume no que se incide reiteradamente na importancia do establecemento dunha clasificación fraseolóxica homoxénea como alicerce para un tratamento lexicográfico tamén homoxéneo e, sobre todo, útil das UFs; é un volume con diversas propostas interesantes por desenvolver sobre distintos aspectos da inclusión das UFs nos dicionarios monolingües e bilingües, xerais e de especialidade e, por suposto, fraseolóxicos.

Cristina Veiga Novoa

Santiago de Compostela

ETTINGER, STEFAN e NUNES, MANUELA (2006): *Portugiesische Redewendungen*. Hamburgo: Buske Verlag, 152 páxinas.

O romanista alemán D. Stefan Ettinger tennos afeitos desde hai máis de quince anos a publicacións fraseolóxicas que destacan pola súa mestría, a súa claridade e a súa sistematicidade. E desta vez non estamos ante ningunha excepción. Os seus recoñecidos traballos en coautoría de fraseodidáctica do francés, do alemán[1], e agora do portugués, contribuíron e contribúen a que se teña en conta o valor fundamental que posúe a fraseoloxía no proceso de ensino e aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

A presenza de fraseoloxismos nos manuais de linguas estranxeiras está relegada por norma xeral a unha serie reducida de exercicios nalgunha(-s) das lecciónes e non adoitan aparecer até o nivel B1 (segundo o "Marco de europeo común de referencia para as linguas"). Considerando este desolador panorama nos métodos de ensino de linguas estranxeiras, resulta altamente satisfactorio que se publiquen obras monográficas en que o tratamento dos fraseoloxismos estea enfocado á súa adquisición e uso activo.

Na obra que aquí nos ocupa, foron introducidas algunhas variantes con respecto ás publicacións anteriores do profesor Ettinger. Se no seu manual de exercicios do alemán partía dun corpus de 1200 fraseoloxismos e no do francés de 1000, agora o corpus utilizado está baseado en 250 unidades fraseolóxicas do portugués. Trátase, polo tanto, dunha obra menos ambiciosa que as anteriores no que respecta ó seu volume pero, por outra parte, non é menos útil para calquera persoa que desexe adquirir unha

[1] *Vid.* respectivamente Bardosi, V. / Ettinger, S. / Stölting, C. (1992 / 1998 / 2003): *Redewendungen Französisch – Deutsch. Thematisches Wörter- und Übungsbuch*. Tübingen: Francke, e Hessky, R. / Ettinger, S. (1997): *Deutsche Redewendungen. Ein Wörter- und Übungsbuch für Fortgeschrittene*. Tübingen: Narr.

competencia fraseolóxica básica no portugués como lingua estranxeira. Os fraseoloxismos que se ofrecen foron seleccionados por seren de coñecemento xeral en Portugal e no Brasil (na oralidade e na escrita) e abrangueren diferentes ámbitos da realidade[2]. Deste xeito, o material recollido permite un primeiro achegamento á fraseoloxía portuguesa máis usual, abranguendo un amplo abano de aspectos semánticos.

Do mesmo xeito, o enfoque do manual obxecto da presente recensión tamén é, na súa parte lexicográfica, diferente do dos anteriores do profesor Ettinger. Mentres que unha das partes constitutivas dos manuais de alemán e francés é un pequeno dicionario temático, ordenado onomasioloxicamente, no manual portugués, os fraseoloxismos son presentados por orde estritamente alfabética. Este modo de proceder é práctico cando o estudante de portugués desexa simplemente consulta-lo significado dunha expresión descoñecida, pero non tanto cando quere asocia-los fraseoloxismos entre eles por campos conceptuais, estratexia á que normalmente se adoita recorrer no proceso de aprendizaxe. De todas maneiras, tamén é certo que o material que se ofrece (250 unidades) é quizais demasiado reducido como para pretender unha clasificación ideográfica, xa que moitos campos quedarían representados só por un ou dous fraseoloxismos.

Nótase a falta, iso si, da separación dos fraseoloxismos en bloques alfabéticos (segundo a inicial do lema de cada un), xa que as 250 expresións son presentadas de maneira continuada, sen ningunha separación, cousa que dificulta ó usuario a busca dun fraseoloxismo concreto.

Desde o punto de vista da microestrutura, o dicionario ofrece os seguintes datos de cada un dos 250 fraseoloxismos:

a) Enunciado do fraseoloxismo, con información de variantes e compoñentes facultativos. Así mesmo, baixo a información [+Geste] ("xesto"), indícase que o fraseoloxismo vai acompañado na fala dun xesto característico, como acontece en *estar / ser de tras de orelha*[3]. Non se ofrece información sobre o nivel de estilo, xa que tódolos fraseoloxismos pertencen ó rexistro coloquial. Por último, á marxe dereita do enunciado aparece o número de exercicio correspondente.

b) Como parte do enunciado pode aparecer información sobre as variantes fraseolóxicas sinónimas do fraseoloxismo (en caso de que as haxa), cousa que me parece moi positiva xa que permite que o estudante de portugués aprenda as distintas variantes dun fraseoloxismo de maneira paralela.

c) Definición do fraseoloxismo en portugués.

---

[2] Os autores comentan na páxina 8 que centraron os seus esforzos en recolle-los fraseoloxismos que designan modos de comportamento humano, naqueles que pertencen ó acervo europeo (pola súa orixe bíblica, por exemplo), nos que describen formas de vida tipicamente portuguesas e nos que están caracterizados por ilustrar anécdotas ou acontecementos do pobo portugués.

[3] Dado que non sempre o xesto que se realiza na fala coincide co significado literal dos fraseoloxismos, como no caso citado, tal vez fose unha información útil para o usuario que aparecese descrito o xesto concreto en cada caso.

d) Definición do fraseoloxismo en alemán.

e) Cando é posible, equivalente fraseolóxico en alemán.

O feito de que se ofrezan as definicións en ámbalas dúas linguas (portugués e alemán) presenta a vantaxe de que poden ser comprendidas mellor por alumnos alemáns cun nivel máis baixo de portugués, para os que só unha definición monolingüe resultaría insuficiente.

A segunda parte do libro de Ettinger e Nunes contén exercicios prácticos do tipo *multiple choice* (escolla múltiple), que permiten ó estudante de portugués probar e comproba-los coñecementos adquiridos. Ofrécese para iso un minicontexto con puntos suspensivos, no que hai que introducir un dos catro fraseoloxismos que se dan como opción. Esta clase de exercicios é moi útil para os estudantes debido ó compoñente pragmático que revelan. De feito, as últimas investigacións de fraseodidáctica fan fincapé na necesidade de ensinar e adquirir desde un principio fraseoloxía contextualizada[4]. Un total de 250 minicontextos posibibilita pór en práctica a información fraseolóxica sobre os 250 fraseoloxismos recollidos na parte lexicográfica. O resultado dos tests aparece a partir da páxina 145, en táboas organizadas segundo un completo sistema de remisións que fan referencia á localización das expresións no dicionario.

Os exemplos contextuais dos exercicios son construídos, práctica que me parece máis adecuada que a de ofrecer textos reais, xa que é ben sabido que, nunha gran porcentaxe de casos (na publicidade pode alcanza-lo 50%), os fraseoloxismos empréganse de maneira modificada na súa forma ou alterada no seu significado usual. Por este motivo, desde un punto de vista didáctico, é mais probable que un bo exemplo construído sexa máis representativo do uso e significado estándar dos fraseoloxismos que un extraído de fontes literarias ou periodísticas. Por outra parte a opción do *multiple choice* permite ó estudante reflexionar de maneira paralela sobre a pertinencia de varias expresións idiomáticas nun contexto, o que contribúe a sedimenta-los coñecementos adquiridos en conxunto.

Ademais do repertorio de expresións e os exercicios que se ofrecen, o manual está dotado dunha completa introdución con explicacións de uso, un capítulo sobre as características xerais dos fraseoloxismos, unha folla de traballo para a aprendizaxe autodidacta de fraseoloxismos, así como tamén dunha selección bibliográfica de dicionarios idiomáticos e obras fraseolóxicas.

Os citados apartados conforman unha completísima introdución, característica pola que destaca tamén o resto das monografías de Ettinger en coautoría. Efectivamente, na introdución da obra que nos ocupa tamén se explica con todo luxo de detalles a macro e microestrutura do repertorio de fraseoloxismos, con clarificantes exemplos que facilitan o uso do dicionario e dos exercicios (apartado "*Wie soll man mit dem Lehrbuch*

[4] Véxase a este respecto o gran traballo de Heinz-Helmut Lüger (2004): "Idiomatische Kompetenz – ein realistisches Lernziel? Thesen zur Phraseodidaktik", *Beiträge zur Fremdsprachenvermittlung*, Sonderheft 7, pp. 212-169.

lernen?"). Segue a esta parte da introdución un capítulo sobre metafraseoloxía ("*Wissenswertes zur Phraseologie*"), co obxectivo de que o lector obteña un primeiro achegamento científico e lingüístico ós trazos definitorios das unidades fraseolóxicas. Este resumo resulta moi útil para un usuario novel de dicionarios e manuais de exercicios sobre fraseoloxía, xa que se expoñen os conceptos básicos que hai que ter en conta para recoñecer un fraseoloxismo e diferencialo dunha cadea libre de palabras. Un balance bibliográfico dalgunhas obras relevantes para a fraseodidáctica constitúe o broche de ouro deste capítulo.

O capítulo da introdución que leva por título "*Wie lernt und verwendet man fremdsprachige Redewendungen?*" dá as pautas necesarias para unha aprendizaxe autodidacta das expresións fixas. O chamado "mínimo fraseolóxico activo" debe ser substituído, segundo a opinión dos autores, por un "óptimo fraseolóxico activo" ou conxunto de fraseoloxismos que o estudante dunha lingua estranxeira coñece e emprega de maneira activa. Este elenco fraseolóxico debe ser confeccionado por cada un dos propios estudantes de acordo co seu nivel de lingua e as súas necesidades comunicativas.

Nas metas de Ettinger e Nunes destaca a importancia que lle conceden ó nivel pragmático da lingua. Isto verifícase na metodoloxía de traballo que propoñen para adquiri-lo "óptimo fraseolóxico", pois os fraseoloxismos deben ser aprendidos sempre no seu contexto, para o cal os exemplos que aparecen no buscador *Google* poden resultar moi ilustrativos. Por último, para completa-la adquisición autodidacta de fraseoloxismos portugueses, os autores do libro ofrecen ó estudante realizar unhas fichas que constan de 10 apartados. Deste xeito, cada unha das expresións que se queiran aprender debe ser introducida na ficha, onde se anotan as restricións gramaticais ou de uso, o nivel estilístico, a etimoloxía ou a intencionalidade do falante, entre outros trazos. Así, o estudante pode dispor dunha información completísima de cada nova expresión do seu "óptimo fraseolóxico", que o capacitará para empregala de maneira activa e non só para comprendela pasivamente no discurso.

A introdución finaliza cun repertorio bibliográfico moi actualizado, con dicionarios fraseolóxicos e obras sobre fraseodidáctica e sobre fraseografía.

En conxunto, o manual de Ettinger e Nunes *Portugiesische Redewendungen* (2006) resulta indispensable para calquera persoa que desexe aprender portugués como lingua estranxeira, representando ó mesmo tempo un punto de referencia no eido da fraseodidáctica no ámbito europeo.

Carmen Mellado Blanco

Universidade de Santiago de Compostela

LURATI, Ottavio (2002): *Per modo di dire. Storia della lingua e antropologia nelle locuzioni italiane ed europee*. Clueb, Bologna, 394 páxinas.

Os estudos fraseolóxicos teñen necesariamente unha primeira xeira de inventario e catalogación. Aínda que nunha lingua viva esta etapa nunca remata de vez, axiña dá paso á segunda, que adoita se-la dos dicionarios fraseolóxicos bilingües, que veñen colma-las ineludibles necesidades da tradución. É característico destas dúas primeiras xeiras a consideración da fraseoloxía como inventario abstracto de unidades discretas e solitarias (198) e teñen aquí traballo indispensable, abundante e delicado os fraseólogos que proceden do campo da gramática, da lexicografía e da tradución.

Pero a experiencia da precursora fraseoloxía eslava amósanos que logo vén unha terceira xeira de estudos máis pragmáticos, máis etimolóxicos, máis antropolóxicos. Porque non é certo que o corpus fraseolóxico dunha lingua sexa un inventario abstracto de unidades que supostamente existen en grao cero, é dicir, fóra de contextos discursivos (225). Por iso, e repetindo o símil do antropólogo galego Marcial Gondar, fronte á fraseoloxía que analiza separadamente os fraseoloxismos coma quen mira os fotogramas dunha película, tamén cómpre ve-la trama da película, ver qué historias hai de fondo ou qué relacións de poder xogan no uso fraseolóxico oral, que é o único auténtico e real na comunicación fraseolóxica.

Pois a esta terceira campaña de estudos corresponde o libro que comento de Ottavio Lurati: un libro que explora diferentes camiños, que ofrece numerosas reflexións etimolóxicas, antropolóxicas e ideolóxicas para poñer á vista a razón oculta que fixo que os fraseoloxismos nacesen, circulen por Europa e funcionen como vehículo de comunicación e de ideoloxía. Non é este un libro de fraseoloxía europea, porque está centrado na fraseoloxía italiana; pero ofrece tantos paralelos das linguas do centro e do occidente europeo e fai tan visible a intensa osmose fraseolóxica europea no pasado e na actualidade, que supera con moito o ámbito italiano.

O libro artéllase en tres partes. Na primeira (*Locuzioni: tessere dell'immaginario condiviso*) comenta os ritos e costumes ancestrais europeos que están tras fraseoloxismos como poñerlle os cornos (*fare le corna, planter les cornes, to horn, Hörner aufsetzen*), levar un chasco (*far fiasco, dare un bidone*) e outros referentes ós animais, á roupa e á relixión. Os europeos partillamos un mesmo imaxinario.

Na segunda (*Aspetti lingüistici*) analiza a tipoloxía das locucións, os contactos entre culturas europeas, a influencia dos dialectos nas linguas de Estado, as intervencións na fixación (ampliacións, actualizacións e irradiación sinonímica) e outros aspectos semánticos e morfosintácticos.

Na terceira (*Locuzioni e ideologemi oggi)* analiza os fraseoloxismos que vehiculan ideoloxía, maiormente sobre a muller, a política e os que están presentes nos medios de comunicación.

A primeira parte resulta hoxe a máis orixinal, porque Ottavio Lurati, afeito a manexar inxente documentación dialectal italiana, manexa tamén con habelencia fraseoloxía latina (clásica e medieval), alemana, francesa, inglesa, catalana e castelá e isto

permítelle descubrir numerosos e sorprendentes paralelos na fraseoloxía da Europa central e occidental, que, se cadra, el é o primeiro en sinalar.

Europa, aínda sendo moi diversa, ten, en xeral, unha común raíz indoeuropea e tivo sempre elementos uniformadores como unha sincronizada evolución técnica e unha relixión que impoñía unha visión do mundo e un calendario idéntico. Isto chega a cousas tan banais coma que a mata tradicional do porco mantén en toda Europa un ritual idéntico e estrito no que se establecen con rigor as funcións do home e da muller (quen mata e quen recolle o sangue, quen abre o animal e quen lava as tripas, quen salga e quen fai os chourizos). O feito de que estes códigos se respecten sen estaren escritos, indica que son algo antigo e estable. Isto quere dicir, que as semellanzas fraseolóxicas europeas, teñen que ter un porqué (73): se a palaba *bigornia* procede e ten forma de cabeza de cabra e se toda Europa fala de *capriccio,* todo iso ten que ter un porqué (89c).

O autor constata que, máis alá da peculiaridade nacional de certas locucións, hai un non desprezable corpus fraseolóxico que comparten boa parte das linguas europeas, polo menos as desta parte de Europa. E, como esa europeidade ten que ter orixe nalgunha realidade tamén europea, dedica a primeira parte do libro a exhumar ritos ou costumes ancestrais comúns a esa Europa, que están tras locucións que teñen que ver cos cornos, cos frascos, coa mona, coa roupa e similares.

Lurati vai dereito ós ritos que os europeos partillamos (hoxe ou onte), porque iso ten que ter unha razón (etimoloxía) e explica que teñamos fraseoloxismos comúns (comparatismo). Así, cita ritos de castigo ou descrédito (pp. 84; 85d; 86b; 90) que a documentación etnográfica ou xurídica documenta que estiveron vivos, socializados e presentes na oralidade e, por esa razón, deron orixe a locucións que sobreviviron a eses propios ritos cando estes desapareceron: o rito morreu e o correspondente fraseoloxismo aínda vive (87b, 93a, + metaforización 87c). A lembranza dos ritos orixinadores fai transparente a motivación remota e perdida. E o feito de que coexistan en diferentes linguas europeas argúe a favor desa motivación.

A osmose fraseolóxica europea explica que, aínda que o autor nunca menta a fraseoloxía galega, tamén para ela ofrece a luz da motivación en diversas páxinas. Refírome a *face-la gata, face-la mica* (e os correspondentes verbos *gatar e micar*), *face-la godalla* (p. 76); ou a que "mal" se diga *como un can polo rabo* (81c) ou que *ter un can* sexa "estar borracho e ter preguiza" (81d). Podo engadir que en galego a borracheira tamén se relaciona coas mulas, as monas, as peixotas, as sardiñas (Guerbek-Mokienko-Vlasáková (2004): "Aplicación da teoría dos modelos semántico-estruturais das locucións á organización dun dicionario plurilingüe de sinónimos fraseolóxicos" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6: 131-139) .

Como dixen, tamén para a fraseoloxía galega ofrece luz este libro. San Lourenzo morreu asado e con iso debe ter que ve-lo feito de que en boa parte da oralidade europea o sol se chama precisamente *Lourenzo* (145-149): lembro a cantiga popular galega *Ó sol chámanlle Lourenzo,/ e á lúa Margarida;/ Margarida anda de noite/ e Lourenzo polo día*. É interesante tamén comprobar que *toccare sacro* (143-144) nace do ritual da inmunidade que a un perseguido lle daba toca-la igrexa e que de aí pasou

ós xogos de nenos que tocan *a casa*; isto faime lembrar que en Santiago de Compostela tamén daba inmunidade toca-lo Hospital dos Reis Católicos ou, xa simplemente, as cadeas que marcan o seu resío. Resulta interesante a vinculación fraseolóxica da palabra *Cristo* co concepto de lonxanía, de xeito que o título *Cristo si é fermato ad Eboli* de Carlo Levi (142, n. 3) ós galegos evocanos a nosa locución adverbial *onde Cristo deu as voces / perdeu os patucos.*

O libro ten en cada páxina unha suxestión de investigación. Así, cando incidentalmente cita o siciliano *tringuli-minguli,* para un galego é imposible non pensar na adiviña galega da romana (*Teño unhos tríngulis míngulis colgados da barriga; teño libras, teño cuartas i en min todos se fían*) que nos lembra a palabra *intríngulis* ("dificultade"). Ou cando se nos pon diante dos ollos a enigmatica relación que debe de haber entre o francés *maintenant* e o galego *á mantenta,* máis aló do que permita ver unha semántica holística, que só analiza as palabras separadas. Ou cando toca o tema da presenza de latinorios litúrxicos e paralitúrxicos (152-156): *Donna Bisodia* < *da nobis hodie*, mecanismo tamén fértil en galego (*requeneterna, Santaciombre* etc.). Ou cando sinala a repetición como mecanismo de elativización (*pian piano, caffé caffé*), proceso que xa existía en latín (212) e que está moi vivo en galego.

Obviamente, se o libro é suxestivo para unha fraseoloxía que non cita (a galega), moito máis o é para a fraseoloxía italiana, francesa, alemana, castelá e ocasionalmente portuguesa, catalá e inglesa.

Pero, se esta primeira parte é a máis brillante, tamén é a máis arriscada para o lector, que deberá evitar toma-las propostas por verdades absolutas.

A etimoloxía fraseolóxica ten os mesmos problemas que ten calquera etimoloxía: non só hai que documenta-la evolución do significante senón tamén a tradicionalmente menos atendida pero non menos transcendente evolución do significado. Verbo da primeira, requírese abundante documentación multilingüe. Poñerei un caso. Ottavio Lurati supón que o pobo italiano debeu de oír repetidas veces durante a ocupacion austríaca a locución alemá *aber Nicht, aber Noch* ('pero non, pero tamén') e que acabaría apropiándoa e deformándoa ó seu xeito nacendo a locución (*fare) berlicche e berlocche* co significado de 'atrapalla-las palabras, terxiversalas'. Pero, se se refire á ocupación de 1821-1823, teríamos que salva-lo feito de que en España estea documentada a expresión indirectamente dende antes (nun poema en latín macarrónico, anterior a 1800, *birliquibirloque per artem*); e, don Birloque en 1757; que en portugués *berliques e berloques* sexan "artimañas; medios misteriosos, sospeitosos", e que en galego *por arte de birliquebirloque ~ birbiriloque* sexa "por arte de maxia". Canto máis plurinacional sexa unha locución, máis complexa é a procura da orixe.

Verbo da segunda hai que ter man do feito de que as mesmas realidades teñen connotacións diferentes duns países a outros e dunhas clases sociais a outras. Poñerei outro caso. Se para un cidadán que vence nunha competición sería mellor premio un pano broslado ca un porco (*premio di scherno,* 74-75), para un labrego o porco nunca sería un premio burlesco. E, se no medio rural galego, *leva-lo burro* significa 'se-lo último en rematar un traballo' (e o recíproco *botarlle o burro a* [alguén] significa 'vencelo'), mentres que *leva-la aña* significa 'vencer en rapidez ós outros malladores',

é difícil pensar que aí (no medio rural) burro e aña fosen algunha vez premios ou castigos reais, porque obxectivamente serían unha gratificación de valor superior ó traballo realizado. Como moito habería que pensar en que ese *levar* sería o castigo de conducilos ata o cortello, dado que aña e porco son respectivamente protótipos de docilidade e indocilidade (*fai máis caso un porco que levas á feira*). E, por parte, aínda sendo evidente que existe un imaxinario común europeo, os mesmos animais non son referentes das mesmas calidades e dos mesmos defectos en tódolos pobos (mesmo nas linguas españolas xa se constata algunha diferenza significativa).

Por outra banda, habería que estudar se algún deses ritos foi en realidade unha simple metáfora creada xenialmente por un individuo. Do mesmo xeito que en Italia se fala do *catenaccio* para significar que un equipo de futbol xoga á defensiva, en España é moi común a locución *poñe-lo autobús*, coma quen que o equipo en cuestión atravesa o seu autobús diante da súa portería para tamponala e facer así imposible que lle metan un gol; ben, pois esta locución non naceu de rito ningún nin é froito dun feito real, nin sequera ocasional: naceu nos anos setenta dunha frase hiperbólica afortunada dun seareiro da Real Sociedad de San Sebastián, equipo que daquela se caracterizaba polo xogo defensivo.

Poida que o avance neste eido esixa a sistemática comparación paneuropea (e máis alá) tal como neste mesmo número expón e propón Elisabeth Piirainen (171-191), porque permite desbotar etimoloxías que parecerían obrigadas e non o son: en español non existe "(ser) un pano vermello para un touro" e en islandés non existe "a punta do iceberg". Mesmo así, sempre nos quedará na sombra a actividade creadora das linguas ágrafas, que non poden documenta-la súa fertilidade fraseolóxica.

Estas pequenas reservas non lle tiran mérito ningún a este capítulo brillante e suxerente. O profesor Ottavio Lurati xoga coa vantaxe dunha inusual erudición multidisciplinar que lle permite relacionar con brillantez locucións de numerosas linguas europeas e sorprendernos con relacións luminosas e con paralelismos paneuropeos insospeitados.

Nalgún lugar do libro, el mesmo recoñece que este traballo é moi difícil pero é apasionante. Eu engado que, ademais, é necesario: a etimoloxía é un camiño aventurado no que o científico vai poñendo en pé certezas provisorias, destinadas a seren enmendadas e substituídas por outras máis sólidas e tamén provisorias; pero haise que aventurar, porque non hai outro camiño e nunca se avanza sen dar pasos. Temos que agradecer ó profesor Lurati a súa erudita e clarificadora meditación.

A segunda parte, aparentemente menos ambiciosa, resulta moito máis sólida, por moito que a tipoloxía que usa (a de Burger) non sexa a habitual entre nós: fraseoloxismos globais (*far fiasco*), nexos fraseolóxicos (*guerra fredda*), formacións modeladas (*dalla testa ai piedi*), parangóns fraseolóxicos (*buono come il pane*), series verbais obrigadas (*impegnar combattimento, subire una sconfitta*), formas xeminadas (*capire fischi per fiaschi, ~ volente nolente*), termos fraseolóxicos (*discesa a stile libero*), frases fixas (*qui sta il busillis*) proverbios e lugares comúns (*moglie e buoi dei paesi tuoi*) e fraseoloxismos conversacionais (*signori e signore buona sera, secondo fonti ben informate*).

Non é do caso comenta-los capítulos todos, pero o lector terá unha idea da osmose europea se le no capítulo 7 os europeísmos, préstamos e calcos que non se reducen a palabras senón que afectan tamén numerosos fraseoloxismos: *luogo commune, ordine del giorno, libero pensatore, presenza di spirito, taglio cesareo, cortina di ferro, socialismo dal volto umano, passare sotto silenzio, subiro uno scacco ~ subir un échec, situazione critica, silenzio glaciale, uomo della strada, ora di punta, colpo si stato, dolce far niente, traduttore traditore, eppur si muove, far fiasco*. Neste capítulo comenta algúns calcos imperfectos (*parole alate* ou *luna di miele*) e fai interesantes observacións sobre o modo en que unha lingua recibe e integra fraseoloxismos doutra lingua.

Persoalmente agrádame moito que o autor partille unha das miñas convicciónns: a de que a fraseoloxía, como fenómeno de raíz oral, medra en boa parte dos dialectos á lingua escrita e das linguas subalternas ás linguas de Estado e non sempre ó revés, como algúns fraseólogos de lingua materna estatal tenden a supoñer. O poder sempre ten o control do estándar académico, pero as linguas fanse fundamentalmente de baixo arriba, da rúa á cátedra.

A insospeitada paneuropeidade de tantos fraseoloxismos constrinxe cada vez máis o terreo das fraseoloxías nacionais. Lurati insiste en que enfatiza-la idiomaticidade como inmutabilidade e como realidade específica de cada idioma leva a interpretacións insostibles (165). Coido, con todo iso, que tódalas linguas deben de ter un corpus de fraseoloxía nacional que non se limita a aqueles que conteñen un elemento xeográfico, unha palabra exclusiva, un recordo da historia patria ou un elemento do folclore peculiar dese pobo. Aínda que sexa por negación, é chamativo que nesta terra de Santiago non haxa nada equivalente ó italiano *far le gambe Giacomo Giacomo a [qualcuno]* 'tremarlle'.

Na terceira parte, Ottavio Lurati realiza algo que vén reclamando durante os capítulos anteriores: que o estudo fraseolóxico supere a consideración dos fraseoloxismos como unidades estancas portadoras dun contido semántico neutro e unívoco á marxe de calquera contexto discursivo, e tamén que os sitúe no contexto sociolóxico, antropolóxico e pragmático en que se usan. Por iso intenta aquí ilumina-las connotacións e as intencións retóricas dos falantes que veñen marcadas polas situacións sociais, políticas e culturais. Aquí, máis aínda ca na segunda parte, o obxecto de atención é case exclusivamente a fala urbana actual (fronte á tradicional atención á fraseoloxía de raíz rural, que ten como referentes as realidades naturais do mar e da montaña, do reino mineral, vexetal e animal).

Quero destaca-los capítulos 12, 13 e 14, dedicados ós ideoloxemas e á plurivocidade da lingua. En tódalas linguas hai fraseoloxismos que, ó significado convencional que rexistran os dicionarios, engádenlle unha carga ideolóxica, unhas connotacións que son elementos dun subcódigo só parcialmente oculto. Cita *lotta per la vita*, lanzado por Zola en 1889, *principe azzurro, angelo del focolare, donna fatale, genio del male, forza del destino, nuovi poveri, nuovi ricchi, nuova rivoluzione, figlio della colpa, figlia del peccato, frutto del pecato, voce dell'amore.* Este capítulo (12) continúa en dous (13 e 14) que seguen dedicados ós estereotipos sobre a muller e que permiten ver como,

dende a revolución mental que 1968 significou para todo o mundo occidental, a nosa linguaxe espiuse deixando ver non só numerosos elementos lingüísticos da submisión feminina (*sesso debole, bel sesso, donna di servizio, donna-oggetto, donna di vita, vendere il propio corpo, fare il mestiere* ou novas paremias coma *donna è bello, donna al volante pericolo constante*) senón tamén a súa lexítima revisión (*discriminazione positiva, io sono mia*). Lurati desvela como Europa asiste á explosión dunha creatividade que quere ve-lo mundo con outros ollos: *casalinghe di tutto il mundo, unitevi* e a sigla *CCC* (*Chiesa, casa, cucina*), parodia do hitleriano *KKK* (*Kirche, Küche, Kinder*). E como de *doppia militanza* (nun partido e no movemento feminista) nace *doppia occupazione* provocando a aparición de *doppia schiavitù, doppio sfruttamento.* Lurati informa de como fronte á paremia moderna *Donna é bello* (recreación do *black is beautiful*) axiña aparecen desconstrucións coma *Donna é bello ma non sempre* ou *Donna é bello, maschio è meglio*, pero tamén de como o sintagma *è bello* se converte nun hemistiquio que combina con *rosso, blu, piccolo, grasso, tifoso* dando orixe a novos *slogans*.

A linguaxe política (capítulo 15) acuña tamén moitos fraseoloxismos que se converten en bandeira de posicionamento e de debate: *allergia al dialogo, smog politico, rivoluzione culturale, politicamente corretto, politicamente scorretto, politica spettacolo, politica di piano, politica congiunturale, politica dei redditi, politica delle cose, politica dello struzzo (ostrich policy, politique de l'autruche), politica del sorriso, politica del bastone e della carota, politica delle mani nette, sacrifici salariali, braccio di ferro, dama di ferro, soccorso nero, soccorso bianco, autunno caldo, coscienza di classe, scendere in piazza.* Lurati rastrea a aparición e difusión de locucións recentes como *terzo mundo, quarto mundo* (pobres e marxinados dos países ricos) ou *nella misura in cui* (que se difunde en italiano a partir da tradución dos escritos de Lenin nos que é frecuente a conxunción rusa *poskol'-ku* que os franceses traduciron *dans la mésure où*).

Finalmente o capítulo 16, dedicado ó uso da fraseoloxía nos medios de comunicación, chama a atención sobre fraseoloxismos de uso paneuropeo como *società dei consumi, società del benessere, società senza padre, suicidio di massa, deliri apocalittici, nuovi poveri, nuova povertà, ghigliotina tributaria, socialismo reale, cortina di ferro, rivoluzioni bianche, compromesso storico, impero del male, sindrome di Stocolma, sindrome di Cernobil, partire in quarta, correre un rischio calcolato, giornata senza tabaco, fumattore passivo, finali da infarto, passare la patata bollente, clefs en main.* Pero analiza como a circulación forzada que producen os medios de comunicación provoca que estes fraseoloxismos vaian aplicándose a novos contextos e orixinando á súa vez neoloxismos. Non esquece o uso publicitario e a posterior influencia da frase publicitaria nas máis diversas situacións comunicativas (maiormente nas políticas) (276). Estuda a creación de fraseoloxismos recentes como *folla solitaria* ("masa solitaria") que designa o feito de que a xente se sente moi soa no medio dunha masa de persoas decoñecidas, de onde naceu en italiano o neoloxismo *follitudine* (xogando con *folla* "masa" + *solitudine* "soidade") e que podiamos traducir ó galego como **masoidade*.

Estamos, polo tanto, ante un libro que, coma un faro, lanza luz en tres direccións: cara ó pasado, buscando a etimoloxía, a motivación e o fondo cultural do que naceron os fraseoloxismos; cara ó presente, desvelando os préstamos interlingüísticos e maila creatividade; cara ó alto, desvelando a carga ideolóxica e as relacións de poder nas que navega a comunicación. É certo que este libro melloraría aducindo, nalgúns casos, unha documentación máis convincente pero acerta ó sinalar que aquí hai unha tarefa pendente e que existen indiscutibles conexións fraseolóxicas paneuropeas. Ten este libro un certo aire de fraseoloxía comparada.

En suma, trátase dun libro suxestivo que pon en evidencia a necesidade de superar unha visión dos fraseoloxismos como unidades soltas e unívocas, independentes dos fenómenos culturais que as fixeron nacer no pasado, independentes dos fraseoloxismos paralelos doutras linguas e independentes do contexto social e político en que se usan. Cando todo isto se esquece nace a desmotivación, esta crea arbitrariedade e a arbitrariedade anticipa a mortalidade fraseolóxica. A antropoloxía cultural está chamada a clarificar moitos aspectos da semántica e da pragmática fraseolóxica, como el mesmo recorda (144).

Per modo di dire... é un libro moi recomendable para tódolos interesados na fraseoloxía. Cos seus acertos e, a pesar dalgunha inevitable limitación, este libro de Ottavio Lurati sinala camiños que cómpre percorrer, se queremos percibi-lo mundo que estes fraseoloxismos teñen dentro, se queremos ve-la película e non só os fotogramas un por un. Gustaríame, sobre todo, que este libro tivese seguidores na exploración da fraseoloxía galega.

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

PAMIES BERTRÁN, Antonio e RODRÍGUEZ SIMÓN, Francisca (2005): *El lenguaje de los enfermos (Metáfora y fraseología en el habla espontánea de los pacientes)*. Frankfurt: Peter Lang, 165 páxinas.

Dende o título desta obra, *El lenguaje de los enfermos*, decatámonos de que estamos afrontando un cambio na perspectiva das relacións entre médicos e pacientes. Xeralmente abundan máis os estudos lingüísticos sobre a linguaxe empregada polos galenos cós traballos sobre os actos verbais dos enfermos. Aínda que fora exclusivamente por ese motivo cómpre concederlle a esta obra unha atención particular. Pero, ademais, este estudo cobra tanta máis credibilidade canto que é o froito dunha estreita colaboración entre un lingüista e unha médica, o cal se presenta de entrada como un requisito obvio para poder tratar este tema con seriedade.

A obra presenta a problemática que a comunicación lingüística da dor establece entre os pacientes e os médicos nas consultas de policlínica nos servizos de urxencias dos hospitais, onde se atopa xente de linguas e culturas diferentes, ou ben xeitos moi persoais de comunicar, incluso dentro dunha mesma lingua ou cultura. Pero a barreira

principal resulta ser o modo ben distinto que tanto o médico como o paciente empregan para referirse á mesma enfermidade. Na praxe médica o problema provén do feito de non se corresponderen os termos empregados por uns, obxectivos no caso médico, e por outros, subxectivos no caso dos enfermos, o cal interfire na transmisión da información entre as dúas partes.

Para poder salvar este escollo, a ciencia médica elaborou desde hai tempo tipoloxías para concertar entre todos os especialistas os tipos de dor que se poden atopar e ferramentas de medición da dor con protocolos de aplicación baixo forma de cuestionarios que os pacientes deben cumprimentar para informar sobre a intensidade da súa dor. Fóra deste sistema orientativo, para poder paliar esta diferenza de termos tómanse en conta tamén as declaracións espontáneas dos pacientes baseadas en sensacións subxectivas coa finalidade de axudar a aclarar os síntomas das súas doenzas e chegar a un diagnóstico. Estas declaracións caracterízanse polo feito de recorrer a descricións sensoriais da dor mediante metáforas. Agora ben, a *pecularidad de estas metáforas reside más bien en los conceptos elegidos como dominio fuente* (p.10), afirman os autores desta obra. Efectivamente, as razóns da elección destas metáforas, de orixe esóxena (debido á presión que sofren os enfermos polo lugar ou polo tempo limitado que teñen para falar), ou ben endóxena (pola intensidade da dor, a percepción metafórica do paciente, os seus mecanismos de creación semántica), indican que se está nunha situación comunicativa extrema.

Para organizar o milleiro de metáforas que empregan os pacientes para referirse á dor, os autores recorren ao marco teórico baseado sobre todo nas teorías cognitivas da métafora (Black 1962, 1979, 1981; Lakoff e Johnson 1980; Lakoff 1987). De feito, a súa formulación dun sistema metafórico a partir da semántica cognitiva xa fora presentada en Iñesta e Pamies (2002). No entanto, a novidade que ofrece, con respecto á nomenclatura usada por Lakoff e Johnson, atinxe a unha nova terminoloxía organizada en tres niveis (modelos icónicos > arquimetáforas > metáforas particulares) e a unha nova estruturación do campo metafórico da fraseoloxía de forma piramidal que o presenta como un campo fortemente organizado.

Deste xeito elaboran un sistema xeráquico que sitúa no cumio *os modelos icónicos* (cun número reducido de dominios fonte: p.e., CORPO + MOVEMENTO), abranguendo estes varias *arquimetáforas* estereotipadas (p.e. <a> A IRA É UN MOVEMENTO CORPORAL CARA A FÓRA, ou ben <b> A IRA É UN MOVEMENTO CORPORAL CARA A DENTRO), que á súa vez incorporan moitas *metáforas particulares* (p.e. dentro de <a> teriamos metáforas como *estar fuera de sí*, *salirse de sus casillas*, e dentro de <b> *entrarle un cabreo a alguien*, *entrar en cólera*, etc.).

Con este sistema, estes especialistas conseguen identificar como fontes de creación de metáforas para a dor un número limitado de campos conceptuais, para logo descubrir os arquetipos metafóricos que explicitan os mecanismos que esas metáforas comparten, ata chegar a illar esquemas recorrentes que desvelen a sistematicidade implícita na estrutura semántica das expresións empregadas polos pacientes, a miúdo dispares e enigmáticas na súa enunciación. Deste xeito, reagrupan as metáforas recollidas en catro grandes grupos ou *dominios fonte* que serven de modelos icónicos, os cales se

proxectan á súa vez sobre A ENFERMIDADE ou ás veces sobre O ENFERMO mediante arquimetáforas: o ámbito cósmico, o ámbito rural, o modelo icónico *agresión* e o modelo icónico *movemento*. Pode ocorrer que o dominio fonte sirva directamente de modelo icónico e dea orixe a unha gama de arquimetáforas que permiten reagrupar as expresións segundo imaxes comúns ou próximas (p.e. dentro do dominio do ámbito cósmico temos cinco arquimetáforas: A ENFERMIDADE É UN RAIO, A ENFERMIDADE É LUME, A ENFERMIDADE É UNHA COR, A ENFERMIDADE É UN SON, Á ENFERMIDADE É UN LÍQUIDO). Noutros casos, o dominio fonte reagrupa modelos icónicos diferentes que dan lugar a arquimetáforas tamén diferentes (p.e. o dominio fonte do ámbito rural ten tres modelos icónicos: animal, vexetal e de labores rurais, contando cada un deles coas súas arquimetáforas propias). As expresións que, en última instancia, ilustran a presentación desta tipoloxía xerárquica veñen expostas dentro das declaracións dos mesmos pacientes. O corpus empregado, que consistiu na resposta que cada paciente deu á primeira das preguntas (*¿que lle pasa?*) que o médico lle fixo persoalmente, permitiu recoller 1.875 mostras de pacientes que autorizaron a transcrición das súas declaracións no servizo de Urxencias do Hospital Ruíz de Alda (Granada), das que quedaron 1.368 ao final, despois de eliminar as que carecían de interese. Todas elas veñen enunciadas en oracións completas, o cal axuda a interpretar mellor as expresións segundo os contextos, relacionando a métafora empregada coa parte doente do corpo.

A fin de contas, o interese desta análise é estudar a *corporeización* da linguaxe, que a semántica cognitiva adoitaba analizar dende as entidades inmateriais das emocións, a través do fenómeno inverso: o estudo da linguaxe sobre o corpo a partir de conceptos non corporais. Grazas a este sistema metafórico, as declaracións espontáneas dos falantes en xeral, e dos pacientes en particular, recuperan un espazo ao que prestarlle atención por posuíren elementos clave na interpretación dun discurso a miúdo considerado *irracional* e *acientífico* (cf. p. 153).

En definitiva, esta obra pretende tender unha ponte entre a linguaxe médica e a dos pacientes, partindo da análise da expresión lingüística da dor. Ao escasear a bibliografía sobre a fala dos enfermos, este estudo cobra, se cabe, aínda máis importancia xa que se basea nunha experiencia que nos resulta a todos moi familiar.

Mª Isabel González Rey

Universidade de Santiago de Compostela

SCHEMANN, H. e SCHEMANN-DIAS, L. (1979): *Dicionario Idiomático Português-Alemão.* Braga: Livraria Cruz, Max Hueber Verlag, 850 páxinas.

SCHEMANN H. (2002): *Idiomatik Deutsch - Portugiesisch*. Stuttgart: Ernst Klett Sprachen, 1228 páxinas.

SCHEMANN, H. e DIAS, I. (2005): *Dicionario Idiomático Português–Alemão*. Braga: Universidade do Minho, Centro de Estudos Humanísticos, 870 páxinas.

A fraseografía alemá segue dando pasos por diante das fraseografías de países máis occidentais. Isto permite que de Alemaña cheguen xa feitos por alemáns dicionarios fraseolóxicos bilingües alemán-portugués. De entrada, recoñecemos nestas obras dous méritos.

Primeiro, a dificultade de elaboración. A fraseoloxía das linguas é moitas veces asimétrica e, en consecuencia, elaborar un dicionario idiomático bilingüe implica atopar, para milleiros de fraseoloxismos, unha frase que transporte o mesmo contido semántico. Ora ben, isto acontece moitas veces en fraseoloxismos que utilizan unha imaxe diferente. Nesta identidade de contido e diferenza de imaxe radica a dificultade tradutolóxica dos fraseoloxismos. E, por parte, o(s) autor(es) destes dicionarios non se limita(n) a dar un único equivalente para cada expresión senón que, en moitos casos, ofrecen máis dunha.

Segundo mérito, a utilidade destes dicionarios. Estes traballos non só cobren o baleiro que había no eido dos dicionarios idiomáticos bilingües entre o portugués e o alemán, senón tamén as carencias dos dicionarios bilingües non idiomáticos, que, como é natural, son incompletos en canto ás expresións idiomáticas. Pero a utilidade non se limita á actividade da tradución e da aprendizaxe de linguas senón que, precisamente pola frecuente asimetría das imaxes e da estrutura dos fraseoloxismos alemáns e portugueses, este dicionario ofrece perspectivas sorprendentes sobre a diferente visión do mundo do pobo portugués e do pobo alemán. Cando un portugués di que algo para el é chinés, é dicir, un enigma, un alemán pode dicir *Ein Buch mit sieben Siegeln sein* (que é un libro con sete columnas): o portugués acode á súa experiencia de Macao (que rematou en 1999 devolvéndollo á China) e os alemáns acoden á experiencia de leren libros a varias columnas; polo tanto, nese fraseoloxismo latexan experiencias peculiares da historia de cada pobo.

É importante precisar que nestes volumes só se recollen expresións do alemán e do portugués actual compiladas a partir de traballos de campo, análises de obras literarias e prensa contemporáneas.

A estrutura das tres obras ten algúns elementos comúns. En ningún caso se definen as expresións, como se adoita facer en dicionarios monolingües, senón que se dan contextos na lingua de partida e equivalentes na lingua de chegada. Cando non foi posible atopar unha expresión idiomática equivalente, ofrécense paráfrases que digan máis ou menos o mesmo na lingua de chegada. Os contextos de uso permiten que o usuario saiba como empregalas. Tamén se remarcan nos tres traballos os niveis da

lingua ou rexistros lingüísticos, ben mediante abreviaturas ou mediante números como se verá máis adiante ó explicar máis polo miúdo cada obra.

A orde do vocabulario idiomático fíxose segundo un sistema rigorosamente alfabético. A organización do material fraseolóxico faise nas tres obras alfabetizando os elementos que en cada fraseoloxismo se consideran relevantes segundo esta orde: substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, pronomes, interxeccións, partículas, etc. Cando a expresión ten dous ou máis elementos da mesma categoría, contan: o primeiro elemento se é unha coordinación, e se é unha relación de subordinación, o núcleo da expresión, é dicir, o elemento de nivel xerárquico superior. Cando varias expresións teñen a mesma palabra de entrada contan os restantes constituíntes da expresión para establecer a orde de entrada, funcionando outra vez o sistema de categorías: verbo, adxectivo, adverbio, etc.

Probablemente o máis rechamante na estrutura destas tres obras sexa o concepto de idiomaticidade, que non correspode ó que, pouco a pouco, se vai asentando en España. Por iso é importante ver como o expresa o fraseógrafo Schemann:

> *Consideram-se idiomáticas todas as expresões que se explicam através de um contexto específico. Por contexto entendemos o assim chamado contexto linguístico, o contexto situacional, o contexto social, o contexto histórico e as estruturas sintácticas constituídas pelas assim chamadas restrições do acto de fala. Este conceito de "idiomático" é a consequência lógica do facto de todos os dicionários (idiomáticos e não idiomáticos) definirem e/ou incluirem as expressões idiomáticas segundo vários contextos, mas não segundo todos eles; por este motivo, o nosso dicionário define o conceito de ´idiomático` baseando-se de forma sistemática nos princípios da Linguística Geral. Por este meio pretendemos tapar o fosso que existe entre a explicação lexicológica e a compilação lexicográfica das expressões idiomáticas, por um lado, e a abordagem linguística dos problemas relacionados com a idiomática, por outro.*

De maneira que se atopan nestas obras colocacións: *seinen Abschied nehmen* ('pedi-la demisión'): *pedir a demissão, demitir-se*; *der nucleare Holocaust* ('o holocausto nuclear'): *o holocausto nuclear*; *schwer hören* ('oír mal'): *ouvir mal*. Locucións: *Etwas mit dem kleinen Finger machen* ('facer algo co dedo maimiño'): *Facer qc. de olhos fechados, com uma perna às costas*; *die Hölle zu Hause haben* ('te-lo inferno na casa'): *viver nun inferno; + alg. faz a vida a alg. um inferno; + alg. mete (a alma de) alg. no inferno: + fazer a vida negra a alg.; ser um suplício lá em casa*. Fórmulas rutineiras: *bis gleich* ('ata logo'): *até já, até logo*; *auf Wiedersehen!* ('¡Adeus!'): *Adeus!*; *gut Holz!* ('¡boa sorte!'): *boa sorte*; *zum Glück* ('por sorte'): *por sorte; felizmente*.

SCHEMANN, H. e SCHEMANN-DIAS, L., (1979): *Dicionario Idiomático Português-Alemão.* Braga: Livraria Cruz, Max Hueber Verlag, 850 páxinas.

Esta primeira obra fíxose de xeito diferente ós dous dicionarios idiomáticos que se comentan despois posto que as expresións que se inclúen neste dicionario foron recollidas e verificadas primeiro en Portugal e despois comprobadas en tres zonas diferentes do Brasil: no sur (Porto Alegre), no centro (São Paulo) e no norte

(Fortaleza). Para que o usuario deste dicionario poida saber onde se emprega a expresión que está consultando, as fórmulas levan debaixo unhas indicacións que determinan a procedencia.

O nivel da lingua das expresións portuguesas ou alemás indícase mediante números, e distingue entre: elevado literario; elevado formal con tendencia ó mal gusto; estilo burocrático; estilo epistolar; termo técnico; linguaxe corrente "normal"; familiar, descontraído, despreocupado; ordinario, groseiro, indecente.

No prefacio tamén se lle dedica un apartado á transposición das expresións idiomáticas: metáfora, sinécdoque e metonimia. Noutro apartado fai unha explicación detallada das distintas formas de contexto das expresións.

Nesta obra non sempre se lles dá ás expresións idiomáticas portuguesas unha expresión equivalente en alemán senón que, debido ás particularidades das linguas alemá e a portuguesa acontece que se atopan:

- Expresións idiomáticas portuguesas que se corresponden con expresións idiomáticas en alemán, por exemplo:
  Ir aos arames: In die Luft gehen. (trad. lit.: ir ó aire)
- Expresións idiomáticas que teñen equivalentes non idiomáticos. Isto débese a que ó non haber un equivalente en alemán o autor viuse na obriga de recorrer a unha perífrase do significado:
  ser de almanaque: unerhört/unglaublich sein (trad. lit.: ser inaudito/incrible)
- Expresións idiomáticas ás que lles corresponde unha soa palabra. A creación de palabras compostas é unha característica da lingua alemá que a distingue das linguas latinas e afecta tamén á fraseoloxía. Deste modo neste volume atópanse equivalentes como:
  ser de bom agoiro: glücksbringend (trad. lit.: que trae sorte)

  preto (negro) como asas de corvo: Kohlrabenschwarz (trad. lit.: máis negro ca un corvo)
- Por último, atópanse expresións non idiomáticas fronte a equivalentes non idiomáticos:
  Salvo erro: wenn ich mich nicht irre (trad. lit.: se non me trabuco)

Para ilustra-la dificultade de construír este dicionario emparellando fraseoloxismos semanticamente idénticos pero estruturalmente asimétricos, amosamos a continuación varios exemplos de expresións (a maioría idiomáticas) e os seus equivalentes (que non sempre o son): no seguinte cadro tamén se aprecia que, na medida do posible, o autor ofrece máis dun equivalente.

portugués	***sub voce***	**significado**	**tradución literal do alemán ó galego**	**alemán**
Acertar em cheio	*acertar*	Acertar plenamente	Atopar a uña na cabeza; dar no negro	*Den Nagel auf den Kopf treffen; ins Schwarze treffen*
Estar como o aço	*aço*	Estar bébedo	Estar (bastante) azul	*(ganz schön) blau sein*
Ser um acusa-Cristos	*acusa-Cristos*	Ser un acusón	Ser un acusón	*Ein Petzer sein*
Dar água pela barba a alg.	*água*	Pór en dificultade a alg.	Darlle a alguén (algo difícil) que facer	*Jdm. (schwer) zu schaffen machen*
Levar (trazer) água no bico	*água*	Ter outra intención	Aí está metido algo detrás	*Da steckt etwas dahinter*
Andar de Anás para Caifás	*Anás*	Andar dun lado para outro sen resolver nada	Correr de Poncio a Pilatos	*Von Pontius nach Pilatus laufen*
Deitar o ano fora	*ano*	Despedi-lo ano	Rematar o ano; festexa-la fin de ano	*Das Jahr abschließen; Sylvester feiern*
Ir aos arames	*arames*	Irritarse	Ir ó aire	*In die Luft gehen*
Ser de almanaque ("essa é ...")	*almanaque*	Ser incrible	Ser inaudito/incrible	*(ja) unerhört/ unglaublich sein*
Mais arroba menos quintal	*arroba*	Máis ou menos	Un pouco máis ou menos, iso (tampouco) non aumenta o asado	*Ein bischen mehr oder weniger, das macht den Braten (auch) nicht fett*
Não ter descoberto a árvore das patacas	*árvore*	Non ter cartos	(Finalmente) non poder imprimir cartos	*(schließlich) kein Geld drucken können*
Estar/andar na berra	*berra*	Estar en voga	Estar de moda	*In Mode sein*
Ser de carregar pela boca	*boca*	Ser doado	Ser un xogo de nenos	*Ein Kinderspiel sein*
Ser para as calendas gregas	*calendas*	Nunca	Ocorrer na semana que non ten venres: ocorrer cando a Pascua e Pentecoste sexan no mesmo día	*Am St. Nimmerleinstag geschehen; geschehen, wenn Ostern und Pfinsten auf einen Tag sein*
Já ter criado (ganhado) calo	*calo*	Estar afeito	Estar xa afeito a algo; ser indiferente ante os seus perigos/inclemencias	*Schon gewöhnt sein an etw. und abgestumpft gegen seine Gefahren/ Unbilden/...*
Andar na casa dos trinta/quarenta/ ...	*casa*	Andar polos trinta/ corenta/...	Estar nos trinta/corenta ...	*In den Dreißingern/ Vierzigern/... sein*

Viver (estar) de casa e pucarinho com alg.	*casa*	Na maior intimidade	Vivir con alguén (e ter todo en común con el)	*Mit jdm. zusammenleben (und mit ihm alles gemeinsam haben)*
Cortar na casaca a alg.	*casaca*	Murmurar	Remendarlle o pano a alguén; caer sobre alguén	*Jdm. etwas ans Zeug flicken; über jdn. herziehen*

SCHEMANN, H. (2002): *Idiomatik Deutsch - Portugiesisch*, Stuttgart: Ernst Klett Sprachen, 1.228 páxinas.

É unha das grandes compilacións fraseolóxicas bilingües publicadas na colección Pons cun corpus de 33.000 expresións que o profesor Schemann reuniu ó longo destes últimos 30 anos.

O material ten como base textos contemporáneos e algúns textos máis antigos; xornais e revistas alemás incluídas revistas literarias; lingua oral; dicionarios actuais (idiomáticos ou xerais); obras científicas e outros traballos sobre idiomática.

Para axuda-lo potencial usuario deste dicionario, as expresións pouco frecuentes teñen unhas indicacións que informan sobre a súa frecuencia proporcional. Tamén distingue entre os distintos rexistros de lingua: *literarisch* (lingua literaria), *gehoben* (lingua elevada), *umgangssprachlich* (normal), *salopp* (lingua descoidada ou indelicada) e *vulgär* (lingua groseira). Por outro lado tamén se matiza como é habitual na lexicografía, se a expresión é *veraltet* (arcaica), *veraltend* (en desuso), *Neologismus* (neoloxismo), *ironisch* (irónica), *scherzhaft* (xocosa), *pathetisch* (enfática), *euphemistisch* (eufemística), *pejorativ* (pexorativa), se forma parte da linguaxe propia dos contos de fadas (*Märchensprache*) ou se é usada sobre todo polos rapaces (*gesagt von Kindern*). Sinala, sobre todo, se se trata dunha expresión normal, con algunha connotación ou non; e, nos casos en que varias características están sobrepostas, ofrece varias indicacións, por exemplo: *ugs-form*.

Con este sistema de indicacións ó mesmo tempo estilísticas, retóricas e pragmáticas o dicionario tenta aproximar, na medida do posible, as indicacións lexicográficas á realidade lingüística concreta, de xeito que o usuario desta obra saiba en que medida unha determinada expresión é conveniente no texto escrito ou oral que tenta crear.

A consulta do dicionario é aínda máis doada polo feito de que tódolos elementos constitutivos dunha determinada expresión están escritos en caracteres negros, destacándose así a primeira vista os constituíntes facultativos do resto do contorno.

O *Idiomatik Deutsch - Portugiesisch* ofrece para cada unha das expresións idiomáticas e para cada un dos seus significados, un exemplo que coloca a expresión no respectivo contexto, exemplifica a actitude do falante, ás veces mediante diálogos e, cando é preciso, parafrasea o núcleo do significado a través de case sinónimos. Cando unha determinada expresión pode ser usada nun exemplo xa ofrecido para outra expresión, é dicir, cando estamos ante un sinónimo contextual, hai unha nota que remite para esoutra expresión e non se ofrece un novo exemplo, de xeito que se establece unha

relación entre as expresións sinónimas e case sinónimas. Se é posible, a nota tamén inclúe unha información que indica se unha determinada expresión é máis frecuente ca outra. Un factor determinante para as notas remisivas é se o significado das expresións é idéntico ou case idéntico.

Esta obra distínguese da anteriormente comentada en que parte de expresións alemás e trata de buscar equivalencias en portugués. Igual ca no caso anterior áchanse:

- Expresións idiomáticas con equivalentes idiomáticos como é o caso de: *Von der anderen Fakultät sein* (trad. lit.: Ser doutra facultade): *Jogar noutro clube; ser de outra cor; ser dos outros.*
- Expresións idiomáticas con equivalentes non idiomáticos: *Den Gang nach Canossa tun/gehen/antreten* (trad. lit.: Facer/andar/emprender o camiño a Canossa): *(ter que) pedir desculpa/perdão.*
- Expresións non idiomáticas con equivalentes non idiomáticos: *soweit wie möglich* (trad. lit.: En canto sexa posible): *tanto quanto possível; na medida do possível.*

Neste caso os exemplos que se ofrecen son a partir de expresións alemás idiomáticas, mesmo se os seus equivalentes non sempre o son:

alemán	***sub voce***	**tradución literal do alemán**	**portugués**
Bei Adam und Eva anfangen	*Adam*	Comezar desde Adán e Eva	*Começar a contar a vida toda / a história toda/... desde pequenino*
Der Apfel fällt nicht weit vom Stamm	*Apfel*	A mazá non cae lonxe do tronco	*Quem sai aos seus não degenera; ter a quem sair; não sair às pedras da rua; tal pai, tal filho; filho de peixe sabe nadar*
Der Apfel fällt nicht weit vom Pferd	*Apfel*	A bosta non cae lonxe do cabalo	*Quem sai aos seus não degenera; ter a quem sair; não sair às pedras da rua; tal pai, tal filho; filho de peixe sabe nadar*
Nur Bahnhof verstehen	*Bahnhof*	Entender só "estación"	*Não perceber nada/patavina/puto (do que alg diz) ; aquilo para mim é chinês*
Auf eigenen Beinen stehen	*Beinen*	Terse polas súas propias pernas	*Fazer a sua vida independente; fazer a sua vida sozinho*
Über den Berg sein	*Berg*	Estar por riba da montaña	*Já estar livre de perigo; o pior já passou/ está passado; já poder respirar; já estar livre de apuros; já estar (mais) desafogado*

Kleine/kleinere Brötchen backen	*Brötchen*	Cocer boliños pequenos/máis pequenos	*(Ter que) apertar o/os cinto/os cordões à bolsa; (ter que) (a)baixar a crista/grimpa/proa*
Ein Buch mit sieben Siegeln für jdn. sein	*Buch*	Ser un libro con sete columnas para alguén	*Ser um enigma para alg.; ser chinês para alg.*
Ein heißes Eisen sein	*Eisen*	Ser un ferro quente	*Ser um assunto delicado*
Eisen im Feuer haben	*Eisen*	Ter ferro no lume	*Estar a duas amarras; comer a dois carrilhos/carrinhos;(ainda) ter duas várias opções/alternativas (em vista)*
Von der anderen Fakultät sein	*Fakultät*	Ser doutra facultade	*Jogar noutro clube; ser de outra cor; ser dos outros.*
Passen wie Faust aufs Auge	*Faust*	Cadrar coma o puño no ollo	*Vem mesmo a calhar; qc. calha mesmo bem*
Etwas ist bei jdm. zum Fenster hinausgeredet	*Fenster*	Algo é para alguén falar pola fiestra	*Isso é perder o seu latim; isso é tempo perdido ;isso é perda de tempo; isso é o mesmo que pregar no deserto/aos peixinhos; isso é o mesmo que falar para o boneco/as paredes*
Feuer unter dem/ unterm Dach haben	*Feuer*	Haber lume baixo o teito	*Ter discussão/polémica em casa; ter fogo na tenda*
Wie Feuer und Wasser sein	*Feuer*	Ser como o lume e a auga	*Ser como o cão e o gato; ter feitios opostos; ser diferentes como a água do vinho*
An jedem Finger eine/zehn haben	*Finger*	Ter unha/dez en cada dedo	*Ter uma para cada dia da semana; ter uma namorada/amiga em cada canto*
Etwas mit dem kleinen Finger machen	*Finger*	Facer algo co dedo maimiño	*Fazer qc. de olhos fechados; com uma perna às costas*
Sich in den (eigenen) Finger schneide	*Finger*	Cortarse nos dedos (dun)	*Estalar a castaña na boca a alg.; sair o tiro pela culatra a alg.; arranjar lenha para se queimar; virou-se o feitiço contra o feiticeiro*
Zu tief in die Flasche geguckt (geschaut/geblickt) haben	*Flasche*	Mirar profundamente dentro da botella	*Ter bebido um copo/copito a mais; estar com um grãozinho na asa; estar alegre.*
Den Gang nach Canossa tun/gehen/antreten	*Gang*	Facer/andar/emprende-lo camiño a Canossa	*(ter que) pedir desculpa/perdão*

Das Gas abdrehen	*Gas*	Pecha-lo gas	*Encostar alg. à parede; cortar as asas/ os braços a alg.; tolher os movimentos a alg.*
Etwas kitzelt jdm. den Gaumen	*kitzelt*	Algo lle fai cóxegas no padal a algún	*Fazer crescer água na boca a alg.*
Die Zehn Gebote ins Gesicht schreiben.	*Gebote*	Escribi-los dez mandamentos na cara	*Dar uma valente bofetada a alg.; deixar os dedos escritos na cara a alg.*
Ein Gedächtnis haben wie ein Sieb	*Gedächtnis*	Ter unha memoria como un coador	*Ter memoria de galo/ alho chocho*
Geld ist Geld und Schnaps ist Schnaps	*Geld*	Os cartos son cartos e a augardente é augardente	*Amigos amigos, negócios à parte*
Ein Gesicht machen wie eine Gans, wenn´s donnert	*Gesicht*	Poñer unha cara coma un ganso cando trona	*Fazer/ficar com cara de parvo*

SCHEMANN, H. e DIAS, I., (2005): *Dicionario Idiomático Português–Alemão*. Braga: Universidade do Minho, Centro de Estudos Humanísticos, 870 páxinas.

Esta terceira obra realizouse a partir do *Dicionario Idiomático Alemão–Português*, de modo que se partiu dos equivalentes portugueses que se lles atribuíran ás expresións idiomáticas alemás no *Idiomatik Deutsch - Portugiesisch*. É, polo tanto, unha inversión do outro volume que, entre outras cousas, ofrece unha visión ampla e variada da fraseoloxía portuguesa.

Os equivalentes poden ser expresións idiomáticas, no sentido rigoroso desta palabra. Pero, cando na outra lingua non existe unha expresión que lle corresponda plenamente, tenta descubrir na lingua de chegada a mellor equivalencia posible: e, nese caso, pode ser unha expresión idiomática "modificada", pode ser só unha palabra ou pode ser unha paráfrase. Nalgún caso non se atopa equivalente ningún. Deste modo, o material idiomático portugués presente neste volume é, en parte, idiomático no sentido rigoroso desta palabra; en parte, completa expresións idiomáticas portuguesas; e, en parte, presenta tamén unidades non idiomáticas.

En canto ó alemán, a palabra subliñada é a palabra de entrada en que están reunidas e clasificadas as expresións idiomáticas alemás no volume de partida. Hai expresións portuguesas seguidas de varias palabras alemás subliñadas. Iso quere dicir que no volume alemán-portugués hai varias expresións alemás das que parte que teñen o mesmo equivalente portugués, é dicir, que son sinónimas.
No caso de equivalentes portugueses pouco usados con respecto á expresión alemá, procurou modificacións de expresións portuguesas existentes.

Nesta obra non se dan exemplos para cada expresión idiomática nin para cada significado (de ter varios), como si se fixo no *Idiomatik Deutsch - Portugiesisch*. Isto ten dúas consecuencias: restrínxese a equivalencia a determinados contextos e ó mesmo tempo atopamos contextos ilustrados polos exemplos, xa que se crearon estas expresións partindo deles.

Para rematar cómpre sinalar a importancia que estes volumes poden ter para a lingua galega tanto no eido fraseolóxico como no tradutolóxico. Estas obras poden resultar de grande utilidade para os tradutores, estudantes e profesores polo feito de que nos achegan unha certa cantidade de expresións en portugués que se asemellan ou son iguais ás galegas e fan que nestes tres dicionarios teñamos un embrión de dicionario fraseolóxico galego – alemán, como se aprecia nestes exemplos:

Portugués	**alemán**	**galego**
perder a cabeça	*den Kopf verlieren*	*perde-la cabeza*
não ter nada na cabeça	*ein Strohkopf sein*	*non ter nada na cabeza*
ser como o gato e o rato	*wie Hund und Katze sein*	*ser como o gato e o rato*

Isabel Giráldez Arias

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Novas

Libros, revistas ou artigos recibidos

AGOZZINO, María Teresa (2007): "Leek and Ye Shall Find: Locating Structure and Poetics in Welsh-Language Proverbs", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 24. Vermont: The University of Vermont, pp. 1-16.

AKÍNYEMÍ, Akíntúndé (2007): "The Use of Yorùba Proverbs in Akin Isola's Historical Drama *Madam Tinubu: Terror in Lagos*", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 24. Vermont: The University of Vermont, pp. 17-38.

ALONSO RAMOS, M. (ed.) (2006): *Diccionarios y fraseología* (Anexos de Revista de Lexicografía,3), A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 260.

ÁLVAREZ DÍAZ, Juan José (2006): "El soldado en el refranero (y II)"en *Paremia* 15, 2006, 41-49.

ÁLVAREZ VILLAR, Noemí (2007): "Expresións do léxico do fútbol", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología.* Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 259-272.

ANDERSON MALMGREN, Daniel (2007): "Gender-Related Proverbs: A Cultural and Cognitive Approach", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 24. Vermont: The University of Vermont, pp. 229-244.

ÁNGELOVA NÉNKOVA, Véselka (2007): "La comparación, la metáfora y la metonimia: recursos principales para la creación de las unidades fraseológicas", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología.* Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 19-28.

BARBADILLO DE LA FUENTE, Mª Teresa (2006): "Presupuestos didácticos para la enseñanza de los refranes a través de El Quijote" en *Paremia* 15,2006, 141-150.

BÁRDOSI, Vilmos (2007): "Les figés du français: héritage classique et renouvellement", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología.* Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 81-96.

BARRADO BELMAR, Mari Carmen (2006): "Estrategias formales en las Paremias italianas" en *Paremia* 15,2006, 163-168.

BARSANTI VIGO, Mª Jesús (2006): "Cinco refranes retóricos de Sancho en El Quijote de Ludwig Tieck"en *Paremia* 15,2006, 179-186.

BARTA, Péter (2006): "Au pays des proverbes, les détournements sont rois. Contribution à l'étude des proverbes détournés du français (et II)" en *Paremia* 15,2006, 57-71.

BRUMME, Jenny (2006): "Planificación lingüística, intervención lingüística y cultivo institucional de la lengua: Península Ibérica / Sprachplanung, Sprachlenkung und institutionalisierte Sprachpflege: Iberische Halbinsel" en ERNST, Gerhard *et al.* (eds.): *Romanische Sprachgeschichte. Ein internationales Handbuch zur Geschichte der romanischen Sprachen / Histoire linguistique de la Romania. Manuel international d'histoire linguistique de la Romania*. Berlin / New York: Walter de Gruyter, pp. 1487-1510.

(2003b): "O campo semántico dos 'verbos de luz' em português, comparado com o francês, espanhol e galego. Análise dos verbos centrais" en VEIGA, Alexandre (ed.): *Gramática e léxico em sincronia e diacronia. Um contributo da Linguística portuguesa*, colección Lucus Lingua, Anexos de *Moenia*, *Revista Lucense de Lingüística e Literatura*, nº. 14. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 71-83.

(2003a): "Las 'áreas laterales': el campo semántico de 'despedir luz' en portugués y en rumano" en MUÑOZ NÚÑEZ, María Dolores *et al.* (eds.): *IV Congreso de Lingüística General, Cádiz, del 3 al 6 de abril de 2000*. Universidade de Cádiz e Universidade de Alcalá, pp. 333-344.

(1994): "Nationalsprache und Regionalsprachen in Spanien. Ein Problemaufriss von heute auch für morgen" en LÜSEBRINK, Hans-Jürgen (ed.): *Nationalismus im Mittelmeerraum*. Passauer Mittelmeerstudien. Passau, Passavia Universitätsverlag, pp. 74-79.

(1988): "Das Galegische unter den romanischen Sprachen bei F. Diez, G. Gröber und W. Meyer-Lübke" en BOCHMANN, K; PERL, M. e WOTJAK, G. (eds.): *Leipziger romanistische Beiträge*. Leipzig, pp. 1-10.

CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2005):*Diccionario Akal del refranero latino*. Madrid: Akal.

(2006): "Dieciséis expresiones y proverbios latinos con el asno como protagonista" en *Paremia* 15,2006, 9-16.

CARBONELL BASSET, Delfín (2007): *Diccionario sohez de uso del español cotidiano*, Barcelona: Ediciones del Serbal.

CIEŚLICKA, Anna (2007): "Hemispheric Differences in Processing Salient and Nonsalient Meanings of L1 and L2 Fixed Expressions", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología.* Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 111-128.

CORTINA, BEATRIZ (2007). Véxase PAMIES, Antonio, LOZANO, Wenceslao C. e CORTINA, Beatriz (2007).

DAWES, Elizabeth (2007): "'Être dans le même bateau' en italien, anglais, français et allemand: Étude contrastive d'une locution polysémique", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 24. Vermont: The University of Vermont, pp. 51-108.

DE CESARIS, Janet e BATTANER, Paz (2006): "Inserciones en el discurso de los enunciados fraseológicos" en *Paremia* 15,2006, 93-103.

DENIZE, Isabela (2007): "The Roma Proverbs: Memento of Social Exclusion and Never Ending Persecution?", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 24. Vermont: The University of Vermont, pp. 109-118.

DOMÍNGUEZ PENA, Mla. Susana (2007): "The evil eye belief", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología*. Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 239-248.

EGGERT DE FIGUEIREDO, Maria (2006): "Proverbes dans les discours spontanés", en *Paremia* 15,2006, 169-178.

ETTINGER, Stefan e NUNES, Manuela (2006): *Portugiesische Redewendungen*. Hamburg: Helmut Buske Verlag.

FERRO RUIBAL, Xesús (2007): "A comparación fraseolóxica galega como radiografía lingüística", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología*. Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 129-190.

FÖLDES, Csaba (2007): "Phraseologismen und Sprichwörter im Kontext von Mehrsprachigkeit und Transkulturalität: Eine empirische Studie", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 24. Vermont: The University of Vermont, pp. 119-152.

GAVARRÓ, Anna e LLEÓ, Conchita (eds.) (2006): *Catalan Journal of Linguistics. Vol. 5: Acquisition of Romance Languages*. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona, pp. 276.

GARCÍA-PAGE, Mario (2007): "Los pragmatemas: algunas consideraciones" en CUARTERO OTAL, J e EMSEL, M. (eds.) *Festschrift für Gerd Wotjak Zum 65. Geburtstag*. Band 1: *Vernetzungen Bedeutung in Wort, Satz und Text*. Frankfurt am Main. Peter Lang, pp. 161-173.

(2007): "La función diacrítica de 'se' en las locuciones verbales", en BARROS GARCÍA, Pedro et *alii* (eds) (2007): *Estudios lingüísticos, literarios e históricos. Homenaje a Juan Martínez Marín*. Granada

(2007): "Los animales verdaderos y falsos de la fraseología", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología*. Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 69-80.

(2006): "La locución oracional en español", en GARCÍA-MEDALL, Joaquín (ed.): *Fraseología e ironía. Descripción y contraste*. Santiago de Compostela: Editorial Axac, pp. 71-83.

(2006): "Las apariencias engañan. Notas sobre el léxico fraseolóxico" en MOYA CORRAL, Juan Antonio, SOSINSKI, Marcin (eds.): *Actas de las XI Jornadas sobre la enseñanza de la lengua española*. Grupo de Investigación 'Estudios de Español Actual'. Granada; 49-64.

(2004): "¿Locuciones verbales o locuciones adverbiales?", en *Studia Romanica Posnaniensia XXXI. Materiały z Międzynarodowego Kongresu Lingwistycznego (Congreso Internacional de Lingüística): "El verbo y su entorno: gramática, léxico, texto", Poznań, 22-24 V 2003*. Poznań: Wydawnictwo Naukowe, pp. 267-276.

(2000c): "El numeral en las expresiones fijas" en CORPAS PASTOR, Gloria (ed.): *Las lenguas de Europa: estudios de fraseología, fraseografía y traducción*. Granada: Comares, pp. 197-210.

(2000b): "Cuantificadores definidos en las unidades fraseológicas: en torno a los llamados números redondos e hiperbólicos" en *Lingüística, 2*. Logroño, pp. 1031-1035.

(2000a): "Empleos fraseológicos del sustantivo y adjetivo como palabras tabú" en WOTJAK, G. (ed.): *En torno al sustantivo y adjetivo en el español actual. Aspectos cognitivos, semánticos, (morfo)sintácticos y lexicogenéticos.* Vervuert iberoamericana, pp. 215-224.

(1999): "Variantes morfológicas y unidades fraseológicas", en *Paremia*, 8. Madrid, pp. 225-230.

GARCÍA YELO, Marina (2006): "La didáctica de las Paremias en las clases de Gramática contrastiva"en *Paremia* 15,2006, 83-92.

GIPSON, Jennifer (2007): "Once a Proverb, Always a Proverb?: The Function of Proverbs in Carmontelle's *Proverbes dramatiques*", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 24. Vermont: The University of Vermont, pp. 153-166.

GONZÁLEZ CALVO, J.M.; TERRÓN GONZÁLEZ, J. e MARTÍN CAMACHO, J.C. (eds.) (2004): *Actas VII Jornadas de Metodología y Didáctica de la Lengua Española: Las Unidades Fraseológicas.* Cáceres: Universidad de Extremadura.

GONZÁLEZ GÓMEZ, Rachel V. (2007): "'Como dice el dicho': Spanish Language Proverb Use and the Politics of Bilingual Speech", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 24. Vermont: The University of Vermont, pp. 167-188.

GONZÁLEZ RUÍZ, Ramón (2007). Véxase OLZA MORENO, Inés e GONZÁLEZ RUIZ, Ramón (2007).

GUNDERSEN, Bente (2006): "Sobre Ivar Aasen y su obra Refranes noruegos" en *Paremia* 15,2006, 125-134.

HASAN-ROKEM, Galit (2007): "Literary Forms of Orality: Proverbs in the Hebrew Translations of *Don Quijote*", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 24. Vermont: The University of Vermont, pp. 189-206.

KALDIEVA-ZAHARIEVA, Stefana (2007): "La connaissance de l'âme selon la phraséologie bulgare et roumaine", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología.* Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 287-302.

KOVAČIĆ, Vinko (2007). Véxase LJUBIČIĆ, Maslina e KOVAČIĆ, Vinko (2007).

LAUHAKANGAS, Outi (2007): "Proverbs in Social Interaction: Questions Aroused by the Multi-Functionality of Proverbial Speech", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 24. Vermont: The University of Vermont, pp. 207-228.

LJUBIČIĆ, Maslina e KOVAČIĆ, Vinko (2007): "Alcuni ittionimi nella fraseologia croata", ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología.* Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 191-208.

LOZANO, Wenceslao, C. (2007). Véxase PAMIES, Antonio, LOZANO, Wenceslao C. e CORTINA, Beatriz (2007).

MARINELLI, Rita (2007): "Idiomatic expressions and metaphors from the maritime domain", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología.* Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 209-220.

MARTÍN CAMACHO, J.C. (ed.) (2004). Véxase GONZÁLEZ CALVO, J.M.; TERRÓN GONZÁLEZ, J. E Martín Camacho, J.C. (eds) (2004).

MCKENNA, Kevin J. (2007): "*Posthlost'*, Hegelian Syllogism, and the Proverb: A Paremiological Approach to Vladimir Nabokov's *Laughter in the Dark*", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 24. Vermont: The University of Vermont, pp. 245-260.

MIEDER, Wolfgang (2007): "'Bis dat, qui cito dat': A Global Distribution of Proverbial 'Care Packages'", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 24. Vermont: The University of Vermont, pp. 261-300.

(2006): "'Tilting at Windmills': History and Meaning of a Proverbial Allusion to Cervantes' *Don Quixote*", en *Supplement Series of Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 21. Vermont: The University of Vermont. 119 páxinas. Versión ampliada de MIEDER, Wolfgang (2006): "From 'Windmills in One's Head' to 'Tilting at Windmills': History and Meaning of a Proverbial Allusion to Cervantes' *Don Quixote*", en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 23. Vermont: The University of Vermont, pp. 343-418.

MIEDER, W. e SOBIESKI, J. (eds.) (2006): "'Gold Nuggets or Fool's Gold?' Magazine and Newspaper Articles on the (Ir)relevance of Proverbs and Proverbial Phrases", *Supplement Series of Probervium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 22. University of Vermont, Vermont, pp. 248.

MORVAY, Karoly (2006): *Els bons usos es perden: petit diccionari fraseològic cerdanià*, Budapest: Nyitott Kv, pp. 207.

NUNES, Manuela (2006). Véxase ETTINGER, S. (2006).

OLZA MORENO, Inés e GONZÁLEZ RUIZ, Ramón (2007): "Fraseología metafórica de contenido metalingüístico en español: aproximación a las unidades basadas en el plano gráfico", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología.* Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 221-238.

OMAZIĆ, Marija e SCHMIDT, Goran (2007): "Polisemy in phraseology", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología.* Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 97-110.

ORIAKU, Remy (2007): "Proverbs and Anecdotes as Clues to Meaning in Chinua Achebe's Novels", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 24. Vermont: The University of Vermont, pp. 301-318.

ORTEGA ROMÁN, Juan José (2006): "Paremiología y fraseología comparadas españolas y rumanas: buscando equivalencias, acercando idiomas"en *Paremia* 15,2006, 73-81.

PAMIES, Antonio, LOZANO, Wenceslao C. e CORTINA, Beatriz (2007): "Las metáforas del alcohol: contraste translingüístico e intercultural", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología*. Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 273-286.

PEDROSA, José Manuel (2006): "Pascuas faustas e infaustas: creencias y Paremias en *Paremia* 15,2006, 151-162.

PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada e DÍAZ HORMIGO, Mª Tadea (2007): "Hacia la noción lingüística de motivación", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología*. Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 51-68.

PÉREZ BOTELLO, Mª Teresa (2006): "Uso de refranes y dichos populares en el pueblo serrano de Tapalpa (México)" en *Paremia* 15,2006, 115-124.

PIIRAINEN, Elisabeth (2007a): "Phrasemes from a cultural semiotic perspective", en BURGER, H., DOBROVOL'SKIJ, D. e KÜHN, P. (eds.): *Phraseologie. Ein internationales Handbuch der zeitgenössischen Forschung / Phraseology: An International Handbook of Contemporary Research*, 1 Halbband / Volume 1. Walter de Gruyter, Berlin / New York, pp. 208-219.

(2007b): "Dialectal phraseology: Linguistic aspects", en BURGER, H., DOBROVOL'SKIJ, D. e KÜHN, P. (eds.): Phraseologie. Ein internationales Handbuch der zeitgenössischen Forschung / Phraseology: An International Handbook of Contemporary Research, 1 Halbband / Volume 1. Walter de Gruyter, Berlin / New York, pp.530-540.

(2006d): "Cultural foundation of Phraseology: a comparison of standard languages and dialect" en RAPP, Reinhard e KÜRSCHNER, Winfried (eds.): *Linguistik International. Festschrift für Heinrich Weber*, Lengerich: Pabst Science Publishers, pp. 321-336.

(2006c): "Phraseologie in arealen Bezügen: ein Problemaufriss" en HALLSTEINSDÓTTIR, Erla; FARØ, Ken (eds.): *Linguistik Online 27 2/06: Neue theoretische und methodische Ansätze in der Phraseologieforschung / New Theoretical and Methodological Approaches to Phraseology*. <www.linguistik-online.de>

(2006b): "Widespread Idioms: Cross-linguistic and Cross-cultural Approaches" en HÄCKI BUHOFER, Annelies (ed.): *Phraseology in Motion I. Methoden und Kritik. Akten der Internationalen Tagung zur Phraseologie (Basel, 2004)*. Baltmannsweiler: Schneider Verlag, pp. 155-173.

(2006a): "*Schwampel, Gelbanlagen* oder *Reich(t's) im Alter?* Zum alltäglichen Spiel mit Buchstaben und Worten", en BREUER, Ulrich e HYVÄRINEN, Irma (eds.): *Wörter – Verbingungen. Festschrift für Jarmo Korhonen zum 60. Geburstag*. Peter Lang, Frankfurt, pp. 113-123.

(2005b): "*Europeanism, Internationalism* or Something else? Proposal for a Cross-Linguistic and Cross-Cultural Research Project on Widespread Idioms in Europe and Beyond", *Hermes. Journal of Linguistics*, 35, pp. 45-75.

(2005a): "*Colorless Green Ideas* oder *Am Anfang war der Prätext*. 'Bildungstrümmer' und Streitkultur in wissenschaftlichen Titeln", en KLEINBERGER GÜNTHER, Ulla; HÄCKI BUHOFER, Annelies e PIIRAINEN, Elisabeth (eds.): "*Krieg und*

Frieden". Auseinandersetzung und Versöhnung in Diskursen. Tübingen: Narr Francke Attempto Verlag, pp. 175-193.

(2004f): "False Friends in Conventional Figurative Units" en FÖLDES, Csaba e WIRRER, Jan (eds.): *Phraseologismen als Gegenstand sprach- und kulturwissenschaftlicher Forschung. Akten der Europäischen Gesellschaft für Phraseologie (EUROPHRAS) und des Westfälischen Arbeitskreises "Phraseologie/Parömiologie" (Loccum 2002)*. Schneider Verlag Hohengehren [= Phraseologie und Parömiologie 15], Baltmannsweiler, pp. 157-167.

(2004e): "Culture in figurative language: 'Standard Average European' vs. Dialects" en BACCOUCHE, Taieb; BURGER, Harald; HAECKI BUHOFER, Annelies e MEJRI, Salah (eds.): *L'espace euro-méditerranéen: Une idiomaticité partagée. Actes du colloque international (Tome 2) (Hammamet, 19, 20 & 21 septembre 2003)*. Cahiers du CERES: Tunis, pp. 339-354.

(2004d): "Geschlechtsspezifisch markierte Idiome im Deutschen, Niederländischen und in einem niederdeutschen Dialekt" en PALM-MEISTER, Christine (ed.): *EUROPHRAS 2000. Internationale Tagung zur Phraseologie vom 15.-18. Juni 2000 in Aske/Schweden*. Stauffenburg Verlag [=Stauffenburg Linguistik 25], Tübingen, pp. 343-352.

(2004c): "Falsche Freunde in der Phraseologie des Slowakischen und anderer Sprachen", PIIRAINEN, Ilpo Tapani e MEIER, Jörg (eds.): *Deutsche Sprache in der Slowakei II. Geschichte, Gegenwart und Didaktik*. Wien: Edition, Wien, pp. 151-162.

(2004b): "Er poliert seinen Heiligenschein. Zu Idiomen des semantischen Feldes 'Frömmigket'" en KIEDROŃ, Stefan e KOWALSKA-SZUBERT, Agata (eds.): *Thesaurus polyglottus et flores quadrilingues. Festschrift für Stanisław Prędota zum 60. Geburtstag*. Wrocław, Wydawnictwo Oświatowe, pp. 329-341.

(2004a): "Cognitive, Cultural and Pragmatic Aspects of Dialectal Phraseology – Exemplified by the Low German Dialect 'Westmünsterländisch'" en *Dialectologia et Geolinguistica* (12), pp. 46-67.

(2003c): "Hij is naar de eeuwige jachtvelden vertrokken. Idiome des semantischen Feldes 'sterben' im Niederländischen" en *Neerlandica Wratislaviensia* (14), pp. 109-134.

(2003b): "Es ist noch nicht im Topf, wo's kocht. Zu Idiomen aus dem Raum der ehemaligen DDR", en *Niederdeutsches Wort. Beiträge zur niederdeutschen Philologie* (43), pp. 203-219.

(2003a): "Areale Aspekte der Phraseologie: Zur Bekanntheit von Idiomen in den regionalen Umgangssprachen" en BURGER, Harald, GRÉCIANO, Gertrud e HÄCKI BUHOFER, Annelies (eds.): *Flut von Texten – Vielfalt der Kulturen. Ascona 2001 zur Methodologie und Kulturspezifik der Phraseologie. Schneider Verlang Hohengehren [=Phraseologie und Parömiologie 14]*, Baltmannsweiler, pp. 117-128.

REITHINGER, Vicky (2007):"'Wenn wir uns wieder in den Haaren liegen": Sprichwörtliche Ambiguitäten in Ulla Hahn's Lyrikband *Herz über Kopf*", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 24. Vermont: The University of Vermont, pp. 319-334.

SÁNCHEZ FERNÁNDEZ, Pedro Alipio (2006): "The Use of Phraseological Units with Didactic Purposes" en *Paremia* 15,2006, 135-140.

SANZ MARTÍN, Blanca Elena e PÉREZ PAREDES, María del Refugio (2007): "Frases hechas con el verbo *tener* y partes del cuerpo", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología.* Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 249-258.

SARDELLI, Maria (2006): "El fondo italiano de la 'Colección paremiológica' (Biblioteca Histórica Municipal de Madrid)"en *Paremia* 15,2006, 29-40.

SCHEMANN, Hans (2007): "Die 'Geburt' eines idiomatischen Ausdrucks: Symbol für die 'Geburt' des Worts?", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología.* Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 29-50.

SCHERBECK, Bastian (2007): "The Proverb World of Thom E. Breitenbach: An Analysis of *Proverbidioms*", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 24. Vermont: The University of Vermont, pp. 335-368.

SCHMIDT, Goran (2007). Véxase OMAZIĆ, Marija e SCHMIDT, Goran (2007).

SEVILLA MUÑOZ, Julia (2006): "El fondo francés de la 'Colección paremiológica' (Biblioteca Histórica Municipal de Madrid)" en *Paremia* 15,2006, 17-28.

SEVILLA, Julia e CANTERA, Jesús (2002): *Pocas palabras bastan. Vida e interculturalidad del refrán*. Perspectivas: Salamanca, pp. 325.

SOBIESKY, J. (ed.) (2006). Véxase MIEDER, W. e SOBIESKI, J. (eds.) (2006).

TENA TENA, Pedro (2006): "Refranes españoles e Internet" en *Paremia* 15,2006, 51-56.

TERRÓN GONZÁLEZ, J. (ed.) (2004): Véxase GONZÁLEZ CALVO, J.M.; TERRÓN GONZÁLEZ, J. e MARTÍN CAMACHO, J.C. (eds.) (2004).

VAN DEN BROEK, Marinus A. (2007): "Holland und die Holländer im sprichwörtlichen Spiegel der deutschen Nachbarn", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 24. Vermont: The University of Vermont, pp. 39-50.

VV.AA. (2006): *Estudos de Literatura Oral. Homenagem a Julio Camarena*. n°s. 11/12 2005/2006. Centro de Esgudos Ataíde Oliveira, Universidade do Algarve: Faro.

VV. AA. (2006): *Mundo Eslavo. Revista de Cultura y Estudios Eslavos.* N° 5. Granada: Universidad de Granada

VV.AA. (2006): *Revista de lexicografía*, vol. XII. A Coruña: Universidade da Coruña.

VV.AA. (2006): *Revista Galego-Portuguesa de Psicoloxía e Educación*. N°s. 11-12 (vol.13). A Coruña: Universidade da Coruña e Universidade do Minho.

VYSHNYA, Natalia e SZTUBA, Anna (2006): "Símbolos culturales y lingüísticos en fraseologismos y Paremias (español, ucraniano y polaco)" en *Paremia* 15,2006, 105-114.

YITAH, Helen A. (2007): "'Throwing Stones in Jest': Kasena Women's 'Proverbial' Revolt", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 24. Vermont: The University of Vermont, pp. 369-392.

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Notas para a presentación de colaboracións

1. O obxectivo dos *Cadernos de Fraseoloxía Galega* é difundir materiais fraseolóxicos galegos inéditos e reflexións teóricas sobre a fraseoloxía así como traballos referidos á súa tradución e didáctica. Terán tamén cabida recensións de publicacións ou teses de doutoramento así como traducións de grandes contribucións fraseolóxicas que tiveron circulación restrinxida por razón da lingua orixinal ou porque nunca se reeditaron.

2. A lingua de publicación é a galega seguindo as normas da Real Academia Galega. A revista ofrecerá un servizo de tradución ó galego para os artigos dos investigadores que non puidesen redactalos directamente nesta lingua.

3. As seccións da revista son as seguintes: estudos, recadádivas, recensións e bibliografía. Os estudos terán un peso cuantitativo maior cás recadádivas e aquí incluiranse todo tipo de traballos teóricos relacionados coa fraseoloxía. Nas recensións presentaranse e comentaranse brevemente as publicacións fraseolóxicas máis recentes, mentres que a bibliografía dará conta de traballos fraseolóxicos igualmente recentes, aínda que inéditos.

4. Os traballos serán inéditos e a extensión máxima desexable é de 15 páxinas mecanografadas en fonte Times New Roman de corpo 12.

5. Os editores poderán efectuar correccións ortográficas, de puntuación ou de estilo sempre que non afecten ó contido. Nese caso solicitarase a autorización do autor ou autora.

6. O autor entregará dúas copias en papel e unha copia electrónica, compatible cos procesadores de texto máis usuais para PC. Os gráficos, de os haber, estarán inseridos no lugar correspondente do texto.

7. No inicio do artigo deberá incluírse un resumo ou *abstract* en galego e inglés dunha extensión máxima de dez liñas, así como unha enumeración de, como máximo, 5 palabras clave.

8. Nos artigos e notas aparecerá en primeiro lugar o título, seguido do nome do autor ou autora e do centro ou institución no que desenvolve o seu traballo. As recensións encabezaranse coa ficha bibliográfica completa do traballo comentado. O nome do autor ou autora poñerase ó final do traballo.

9. Recoméndase que o texto teña, como máximo, tres niveis de encabezamentos, numerados correlativamente 1., 2...; 1.1., 1.2...; 1.1.1., 1.1.2., etc., segundo o seu nivel na xerarquía.

10. As notas a pé de páxina deben evitarse na medida do posible. As citas incluiranse no texto indicando entre parénteses o primeiro apelido do autor ou autora, o ano de publicación da obra e, cando sexa conveniente, as páxinas; p.e.: "... (Corpas 1996) ou (Álvarez 1999:20)...". De seren necesarias, as notas ó pé deben aparecer indicadas cun número superescrito.

11. A partir do próximo número 10, as citas curtas que non superen as tres liñas deben situarse entre comiñas dobres dentro do texto principal, en letra redonda. No caso de citas máis longas, deberán situarse en parágrafos á parte, con sangría pola esquerda, en cursiva. Empregaranse comiñas simples para marcar unha cita dentro doutra cita.

Respecto ó uso de comiñas e cursiva, no próximo número do 2008:

a) En xeral, usaranse preferente as comiñas altas ou inglesas ("..."), e nun segundo nivel as simples ('...').

b) Os fraseoloxismos marcaranse sempre mediante cursiva, mentres que a explicación dos seus significados debe figurar entre comiñas simples.

c) Os estranxeirismos e préstamos marcaranse mediante cursiva.

12. Ó final dos artigos deben aparecer recollidas tódalas referencias bibliográficas por orde alfabética. No caso de referencias de tres ou máis autores, deben figurar todos cando se citen por primeira vez e despois só o primeiro autor seguido de: *et al*.

A partir do próximo número 10, 2008, haberá que axustarse ás seguintes normas para as referencias de texto impreso e as referencias electrónicas):

a) Referencias de texto impreso:

LIBRO: APELIDOS, Nome do autor (ano de publicación): *Título do libro.* Lugar de publicación: Editorial:

FOLE, A. (1997): *Obra galega completa*. Vigo: Galaxia.

ARTIGO: APELIDOS, Nome do autor (ano de publicación): "Título do artigo", en *Título da publicación*. Lugar de publicación: Editorial, páxinas:

ALEIXANDRE, M. (1995): "A verdadeira historia do rato de biblioteca", en *Contos da Travesía*. Pontevedra: Caixa Galicia / Xunta de Galicia / Renfe, 35-57.

b) Referencias electrónicas:

http://www.realacademiagalega.org/volga/ [Data de consulta: 01/10/07].

13. Os orixinais en papel remitiranse para a publicación a:

Cadernos de Fraseoloxía Galega

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Estrada Santiago - Noia, Km. 1 - A Barcia
15896 - Santiago de Compostela
Galicia (España)

A copia electrónica débese remitir por correo electrónico a: paremias@cirp.es

14. O prazo para a recepción de traballos será o 30 de marzo de 2008, e o prazo de aceptación o 15 de xuño de 2008.

15. Os editores reservámo-lo dereito de facermos leves alteracións nos traballos recibidos. O obxectivo destas alteracións será o de corrixir erros mecánicos ou lingüísticos. No caso de que as modificacións necesarias fosen considerables, consultarase co autor ou autores para pedirlle- la súa aprobación.

16. Os autores dos traballos publicados recibirán un exemplar da revista e 20 separatas. Trinta dos máis acreditados fraseólogos do mundo recibirán un exemplar da revista, que manterá intercambio con outras publicacións similares.

17. Os traballos recibidos que se axusten a estas normas técnicas serán avaliados polos especialistas integrados no Comité Científico de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* e, eventualmente, por avaliadores externos. Se estas avaliacións resultaren favorables, será o Comité de Redacción quen decida sobre a súa publicación.

PUBLICACIÓNS DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES 1994-2007

RECURSOS	EN LIÑA www.cirp.es
Lingüística	BILEGA: Bibliografía informatizada da lingua galega. CODOLGA (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae). CORGA (Corpus de Referencia do Galego Actual). ESGA (Tradutor automático español-galego). ARRECADA Servicio de Terminoloxía Galega (TERMIGAL) da Real Academia Galega (RAG) e do Centro Ramón Piñeiro (CIRP). COTOVÍA (Conversor texto-voz). *Cadernos de fraseoloxía galega* 1,2,3,4,5,6,7,8 (formato PDF). *Fraseoloxía Eslava.* *As imaxes da lingua rusa.*
Literatura	MedDB: Base de datos da Lírica profana galego-portuguesa. Diccionario de termos literarios (na rede as letras A-D). Informes de literatura (anos 1995-2001, formato ZIP). *A gaita gallega.* *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire.* *Galicia moderna.* *Tapal.* *Aires d'a miña terra* (Bos Aires, 1908-1909). *Eco de Galicia* (A Habana, 1917-1936). *Tierra Gallega* (Montevideo, 1917-1918).

PUBLICACIÓNS	EN LIBRO e / ou CD	
	Título	Nº publ.
LINGÜÍSTICA	*Repertorio bibliográfico da lingüística galega.* Francisco García Gondar (coord.).	11
	Euromosaïc. Producción e reprodución dos grupos lingüísticos minoritarios da UE (edición en lingua galega). Peter Nelde, Miquel Strubell E Glyn Williams.	22
	Marco Europeo Común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación.	114
	Bibliografía analítica da lingua galega (2004) Francisco García Gondar (coord.).	144
Fraseoloxía	*Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía.*	30
	Refraneiro galego da vaca. Pedro Benavente Jareño e Xesús Ferro Ruibal.	6
	As imaxes da lingua rusa. Ensaios históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía. Valerii Mokienko [trad. de Ekaterina Lossik].	52
	Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas. Valerii Mokienko [trad. de Ekaterina Guerbek]	53
	Cadernos de fraseoloxía galega 1. Fraseoloxía do mar na mariña luguesa. Paco Rivas.	54
	Cadernos de fraseoloxía galega 2. Refraneiro galego. Xesús Taboada Chivite.	55
	Cadernos de fraseoloxía galega 3. Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán, castelán-galego. Mª do Rosario Soto Arias.	84
	Cadernos de fraseoloxía galega 4. Estudos e recadádivas. Varios.	85
	Cadernos de fraseoloxía galega 5. Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral. Francisco Vázquez Saco.	86
	Cadernos de fraseoloxía galega 6.	107

	Cadernos de fraseoloxía galega 7.	118
	Cadernos de fraseoloxía galega 8.	129
	Cadernos de fraseoloxía galega 9.	145
	Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral. Anexo 1,2007 de Cadernos de fraseoloxía galega. José Augusto Ventín Durán.	146
Terminoloxía (TERMIGAL: RAG / CIRP)	*Formulario notarial* (tamén en disquete). Victorino Gutiérrez Aller.	40
	Regulamentos municipais I (tamén en disquete). Xoaquín Monteagudo Romero.	41
	Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos. Fernando Lahuerta Mouriño e Francisco X. Vázquez Álvarez.	63
	Vocabulario multilingüe de acuicultura. Fernando Lahuerta Mouriño, Francisco X. Vázquez Álvarez e Xosé L. Rodríguez Villanueva.	78
	Dicionario galego da televisión. Edith Pazó Fernández.	117
Lexicografía	*Diccionario Italiano-Galego.* Isabel González (coord.).	64
	O libro das palabras (obra xornalística completa). Constantino García. [Teresa Monteagudo Cabaleiro e María Carme García Arias (eds.)].	92
LITERATURA	*Lírica profana galego-portuguesa.* Mercedes Brea.	19
	Cantigas do mar de Vigo. Antonio Fernández Guiadanes, Fernando Magna Abelleira, Ignacio Rodiño Caramés, María Rodríguez Castaño, Xosé Xabier Ron Fernández e María del Carmen Vázquez Pacho.	35
Literatura	*As Cantigas de Loor de Santa María.* Milagros Muíña, Fernando Magna Abelleira e Mª Xesús BotanaVillar (equipo investigador).	106
e fontes	*Livro de Tristán e Livro de Merlin. Estudio, edición, notas e glosario.* Pilar Lorenzo Gradín e José António Souto Cabo (eds.).	72
medievais	*Tratado de Albeitaria.* José Luís Pensado Tomé (ed.).	105
	Orixes da Materia de Bretaña (A Historia regum Britanniae e o pensamento europeo do século XII). Santiago Gutiérrez García.	75
	Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani. Elvira Fidalgo e Pilar Lorenzo Gradín (coord.).	4
	Carolina Michaëlis e o Cancioneiro de Ajuda, hoxe. Mercedes Brea (coord.).	113
	Cantigas de Santa María, proposta de explotación didáctica. Elvira Fidalgo, Milagros Muíña.	116
	Diccionario de termos literarios. A-D. Equipo Glifo.	38
	Diccionario de termos literarios. E-H. Equipo Glifo.	81
	Informe de literatura 1995. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	14
	Informe de literatura 1996. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	25
	Informe de literatura 1997 (tamén en CD-ROM, que contén este e os dous informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	37
	Informe de literatura 1998 (tamén en CD-ROM, que contén este e mailos tres informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	48
	Informe de literatura 1999 (tamén en CD-ROM, que contén este e mailos catro informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	62
	Informe de literatura 1995-2000 (tamén en CD-ROM), Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	73
	Informe de literatura 1995-2001 (tamén en CD-ROM), Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	79
	Informe de literatura 1995-2002 (tamén en CD-ROM), Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	93
	Informe de literatura 2003 (en CD-ROM), Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	109

Informe de literatura 2004 (en CD-ROM), Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) (en proceso de edición). 119
Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa. Luís Alonso Girgado (coord.). 39
Poética da novela de autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico. Mª de los Ángeles Rodríguez Fontela. 18
Terra, mar e lume. Poesía de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia. Úrsula Heinze de Lorenzo (Introducción, selección e traducción). 15
Antoloxía do conto neozelandés. María Fe González Fernández (ed.). [Véxanse tamén os Recursos en liña e mailo Caderno Ramón Piñeiro (VI)]. 58

Facsímiles

A gaita gallega (A Habana 1885-1889). [Luís Alonso Girgado (ed.)] / 2ª ed.: 2006. 51, 122
A saudade nos poetas gallegos. Ramón Cabanillas Enriquez Ee Eladio Rodríguez González. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)]. 65
Aires d'a miña terra (Bos Aires 1908-1909). [Carmen Fariña Miranda (ed.)]. 97
Airiños d'a miña terra (A Habana, 1909). [María Cuquejo (ed.)]. 112
Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía (A Coruña, 1948 - Vigo 1956). [Luís Alonso Girgado (ed.)]. 8
Alma Gallega (Montevideo, 1919-1967). [Luís Alonso Girgado, María Vilariño Suárez (eds.)]. 126
Arazua (Montevideo, 1929-1930) / *Raza Celta* (Montevideo, 1934-1935). [Luís Alonso Girgado, María Vilariño Suárez (eds.)]. 125
Aturuxo. Revista de poesía e crítica (Ferrol 1952-1960). [Luís Alonso Girgado (ed.)]. 2
Aturuxos. Ramón Armada Teixeiro. [Luís Alonso Girgado (ed.)]. 77
Centro gallego (Montevideo, anos 1917-1918, números 1-13). [Luís Alonso Girgado, María Cuquejo (eds.)]. 109
Cristal (Pontevedra 1932-1933). [Luís Alonso Girgado (ed.)]. 29
Cultura Gallega (A Habana 1936-1940). (Edición dos anos 1936-1937). [Luís Alonso Girgado (ed.)]. 45
Doutrina e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal. Vicente Risco. [Afonso Vázquez-Monxardín Fernández (ed.)]. 31
Eco de Galicia. (A Habana 1917-1936). [María Lojo Abeijón (ed.)]. 96
Eufonía (Bos Aires 1958-1959). [Luís Alonso, María Cuquejo, Manuel Quintáns (eds.)]. 111
Galicia (Montevideo, número 151, 1929). [María Cuquejo (ed.)]. 114
Galicia Moderna. Semanario de Intereses Generales (A Habana 1885-1890). [Luís Alonso Girgado (ed.)]. 76
Galicia Nueva (Montevideo, 1918). [Luís Alonso Girgado (ed.)]. 124
Galiza. (Mondoñedo 1930-1933). [Luís Alonso Girgado (ed.)]. 42
Gelmírez. Hojas de otoño a primavera (Santiago de Compostela 1945-1946). [Luís Alonso Girgado (ed.)]. 12
La Alborada (A Habana 1912). [Luís Alonso Girgado (ed.)]. 43
La Noche. Suplemento del Sábado (Santiago de Compostela 1949-1950). [Luís Alonso Girgado (ed.)]. 20
La Primera Luz. Manuel Martínez Murguía. [Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González (eds.)]. 60
La Tierra Gallega (A Habana 1894-1896). [Luís Alonso Girgado (ed.)] 80

	La Tierra Gallega (A Habana 1915). [Luís Alonso Girgado (ed.)]	44
	Mundo gallego. Revista de Galicia en América. Bos Aires 1951-1952[Luís Alonso Girgado (ed.)].	142
	Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña 'El Noroeste'. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.).	69
	Plumas e Letras en 'La Noche' (1946-1949). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	13
	Posío (Ourense 1945-1946). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	9
	Posío, Arte y Letras (Ourense 1951-1954). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	17
	Resol (Galicia 1932-1936). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	28
	Tapal. [Carmen Fariña Miranda (ed.)].	88
	Tierra Gallega: Seminario regional ilustrado (Montevideo, 1917-1918). [Carmen Fariña Miranda (ed.)].	110
	Universitarios. Revista de la F.U.E. (Santiago de Compostela 1932-1933). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	123
	Galicia. Revista semanal ilustrada. A Habana (1902-1930) (con cd) [Luís Alonso Girgado (ed.)].	138
	Prensa galega en Arxentina (1907-1963) (cd) [Luís Alonso Girgado (ed.)].	139
	Suevia. (*Bos Aires 1913. Revista gallega regionalista) (Bos Aires, 1916. Revista gallega*) [Luís Alonso Girgado (ed.)].	140
Narrativa e poesía recuperada	*A cruz de salgueiro*. Xesús Rodríguez López. [Manuel González e María González (eds.)].	23
	A obra narrativa en galego. Manuel Lugrís Freire. [Modesto Hermida García e Xabier Campos Villar (eds.)]. / 2ª edic.: 2006.	57, 121
	Alira de Elfe, A Reina Loba e outros relatos. Manuel Lois Vázquez. [Manuel López Vázquez (ed.)].	26
	As noites no fogar e outros textos. Ángel Vázquez Taboada. [Anxo Tarrío Varela e Alexandra Cabaleiro Carro (eds.)].	70
	Baixo do alpendre e outros relatos. M. P. Amor Meilán. [Mª Teresa Araujo García (ed.)].	27
	Escolma. Manuel Martínez Murguía. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	61
	Escolma. Eladio Rodríguez González. [Constantino García, Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.)].	68
	Folla Bricia. Poesía galega Completa. Xosé Crecente Vega. [Ricardo Polín (ed.)].	82
	Gallegada e outros textos en prosa de Valentín Lamas Carvajal. [Rafael Adán Rodríguez (ed.)].	102
	Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve). [Modesto Hermida (coord.)].	101
	O vento segrel. Augusto Mª Casas. [Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda (ed.)].	83
	Obra galega. Xulio Sigüenza. [Luís Alonso Girgado e Josefa Beloso Gómez (eds.)].	59
	Obra narrativa en galego. Aurelio Ribalta y Copete. [Mª Eulalia Agrelo Costas (ed.)].	56
	Obra narrativa en galego. Heraclio Pérez Placer. [Isabel Soto López (ed.)].	34
	Obra narrativa en galego. Uxío Carré Aldao. [Modesto Hermida García e Mario Romero Triñanes (eds.)].	66
	Paja brava de El Viejo Pancho e outras obras. José A. y Trelles. [Gustavo San Román (ed.)].	32
	Relatos e outras prosas. Roque Pesqueira Crespo. [Mª Teresa Araújo García (ed.)]	71

	Salayos e outros poemas. Manuel Núñez González. [Amelia Rodríguez Esteves (ed.)].	36
	Sulco e vento. Álvaro de las Casas.	95
	Obra galega. Xosé Otero Espasandín. [María Cuquejo Enríquez (ed.)].	128
	Obra narrativa en galego. Amador Montenegro Saavedra .	141
Filosofía e ensaio	*A filosofía krausista en Galicia*. Ramón López Vázquez.	3
	Diálogos na néboa: Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra. Manuel Forcadela (Manuel Fernández Álvarez).	120
	Ética xeral. Ramón del Prado. Ramón López Vázquez.	49
	Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao. Anxo González Fernández.	46
	Castelao humorista. Siro López.	16
	Hamlet e a realidade cunqueirana. Anxo González Fernández.	10
	Historia do pensamento antropolóxico en Galicia. Alfredo Iglesias Diéguez.	50
	O Padre Feixoo, escolástico. Ramón López Vázquez.	7
	O pensamento rexeneracionista de Eloy Luís André. Do europeísmo ó galeguismo, Ramón López Vázquez.	21
	Sobre Humor de Cervantes no Quixote. Siro López.	127
	Suma da lóxica. Guillerme De Ockham. [Xosé Calviño Pueyo (trad.)].	47
	Ramón Piñeiro: sobre a saudade e outros temas. Luís Rey Núñez.	94
	Roberto Nóvoa Santos. (Nova interpretación antropolóxica). Ramón López Vázquez.	99
	Celestino Fernández de la Vega. Pensador do novo galeguismo. Ramón López Vázquez.	143
Cine	*Filmografía galega. Longametraxes de ficción*. Ángel Luís Hueso Montón e José Mª Folgar de la Calle (coords.).	33
	Filmografía galega. Curtametraxes. Ángel Luís Hueso Montón e José Mª Folgar de la Calle (coords.).	74
Ramón Piñeiro e Cadernos Ramón Piñeiro	*Lembranza de Ramón Piñeiro. Catro discursos*. VV. AA.	1
	Ramón Piñeiro (video-libro). Carlos Casares Mouriño.	24
	Conversa con Ramón Piñeiro. Manuel Rico Verea.	87
	Cadernos Ramón Piñeiro (I). Ramón Piñeiro: dúas lecturas. Anxo González Fernández e Ramón López Vázquez.	89
	Cadernos Ramón Piñeiro (II). Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas. Luis Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	90
	Cadernos Ramón Piñeiro (III). Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro: unha contribución. Luis Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	91
	Cadernos Ramón Piñeiro (IV). Ideas sobre a lingua galega na obra de Manuel Murguía. José Ángel García López.	98
	Cadernos Ramón Piñeiro (V). Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero. Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Carmen Fariña Miranda (eds.).	100
	Cadernos Ramón Piñeiro (VI). Idacio Lémico: Chronica (379 – 469). Xoán Bernárdez Villar .	103
	Cadernos Ramón Piñeiro (VII). Antón e Ramón Villar Ponte. Unha irmandade alén do sangue. Emilio Xosé Ínsua López.	104
	Véxase apartado de Filosofía e Ensaio.	
Outros	*Epistolario galego de Miguel de Unamuno*. Alexandre Rodríguez Guerra.	67
	Guía de alimentación. Pedro Benavente Jareño.	5